B BALDOSA CERÁMICA	P PEDRA
F FORMIGÓN	T TERRA
G GRAVA	

CONSTRUCCIÓNS


ag AGRÍCOLA	gm GARAXE MAQ. AGRÍCOLA
ap ALMACÉN DE APEIROS	gn GALIÑEIRO
ba BAMBÁN	ho HÓRREC ORNAMENTAL
bb BARBACOA	hu HÓRREC EN USO
ca CASETO DO CAN	in INVERNADOURO
ce CENADOR	lv LAVADOIRO
ct CORTE	me MESA (E BANCO)
cv CASA VELLA	pa PALLEIRO
dp DEPÓSITO DE AUGA	pi PISCINA
fo FONTE ORNAMENTAL	po POZO
ga GARAXE VEHÍCULOS	te TENDAL




PLANTA SOTO




PLANTA BAIXA



PLANTA BAIXO-CUBERTA



PLANTA CUBERTA



ALZADO PRINCIPAL

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA




LOCALIZACIÓN: VILALBA - SANTIAGO DE GOIRIZ
 CONSTRUCCIÓN: 1981
 PROXECTO: APARELLADOR (COS PLANOS DUNHA CASA FRANCESA)
 CIRCUNSTANCIA MIGRATORIA: FRANCIA

USOS


Ad ADEGA	Ga GARAXE
Ag AGRÍCOLA	Gñ GALINEIRO
Al ALMACÉN	La LAREIRA
Bo BOMBONAS	Lc LOCAL COMERCIAL
Ca CALEFACCIÓN	Le LEÑA
Ce COMEDOR ESPECIAL	Lv LAVADOIRO
Co COMEDOR DIARIO	Pr PRANCHA
Ct CORTE	Ro ROCHO
Cv COCIÑA VELLA	Sc SALÓN COMEDOR
Dd DORMITORIO DOBRE	Sd SALÓN DIARIO
De DESPENSA	Se SALÓN ESPECIAL
Di DORMITORIO INDIVIDUAL	Sn SALÓN NOBRE
Dp DORMITORIO PRINCIPAL	Su SEN USO
Es ESTUDIO	Te TENDAL
Fe FERRAMENTAS	Tr TRASTEIRO
Fo FORNO	

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN
DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA
APROXIMACIÓN GRÁFICA

FICHA 66



AS MIGRACIONES NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA



LOCALIZACIÓN: VILALBA - SANTIAGO DE GOIRIZ
 CONSTRUCCIÓN: 1990
 PROXECTO: APARELLADOR
 CIRCUNSTANCIA MIGRATORIA: BARCELONA

VEGETACIÓN

FROITAL	PALMEIRA
NON FROITAL	PARREIRA
ORNAMENTAL	SETO

SUPERFICIES VEGETAIS

C CÉSPEDE	L LABRADIO
H HORTA	P PRADEIRA
I INCULTO	X XARDÍN


SUPERFICIES NON VEGETAIS

B BALDOSA CERÁMICA	P PEDRA
F FORMIGÓN	T TERRA
G GRAVA	

CONSTRUCCIÓNIS

ag AGRÍCOLA	gm GARAXE MAQ. AGRÍCOLA
ap ALMACÉN DE APEIROS	gn GALINEIRO
ba BAMBÁN	ho HÓRREO ORNAMENTAL
bb BARBACOA	hu HÓRREO EN USO
ca CASETO DO CAN	in INVERNADOIRO
ce CENADOR	lv LAVADOIRO
ct CORTE	me MESA (E BANCO)
cv CASA VELLA	pa PALLEIRO
dp DEPÓSITO DE ALIGA	pi PISCINA
fo FONTE ORNAMENTAL	po POZO
ga GARAXE VEHÍCULOS	te TENDAL


PLANO 66.01



PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA



PLANTA CUBERTA

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓ DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA



LOCALIZACIÓN: VILALBA - SANTIAGO DE GOIRIZ
 CONSTRUCCIÓN: 1990
 PROXECTO: APARELLADOR
 CIRCUNSTANCIA MIGRATORIA: BARCELONA

USOS

Ad ADEGA	Ga GARAXE
Ag AGRÍCOLA	Gñ GALINEIRO
Al ALMACÉN	La LAREIRA
Bo BOMBONAS	Lc LOCAL COMERCIAL
Ca CALEFACCIÓN	Le LEÑA
Ce COMEDOR ESPECIAL	Lv LAVADOIRO
Co COMEDOR DIARIO	Pr PRANCHA
Ct CORTE	Rc ROCHO
Cv COCIÑA VELLA	Sc SALÓN COMEDOR
Dd DORMITORIO DOBRE	Sd SALÓN DIARIO
De DESPENSA	Se SALÓN ESPECIAL
Di DORMITORIO INDIVIDUAL	Sn SALÓN NOBRE
Dp DORMITORIO PRINCIPAL	Su SEN USO
Es ESTUDIO	Te TENDAL
Fe FERRAMENTAS	Tr TRASTEIRO
Fo FORNO	




ALZADO PRINCIPAL


E - 1/250 0 1 5

**AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN
DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA
APROXIMACIÓN GRÁFICA**

FICHA 67



AS MIGRACIONES NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA



LOCALIZACIÓN: VILAMARTÍN - STA. M^ª DE CÓRGOMO
 CONSTRUCCIÓN: 1986
 PROXECTO: ARQUITECTO
 CIRCUNSTANCIA MIGRATORIA: SUIZA

VEGETACIÓN

FROITAL	PALMEIRA
NON FROITAL	PARREIRA
ORNAMENTAL	SETO

SUPERFICIES VEGETAIS


C CÉSPEDE	L LABRADIÓ
H HORTA	P PRADEIRA
I INCULTO	X XARDÍN

SUPERFICIES NON VEGETAIS

B BALDOSA CERÁMICA	P PEDRA
F FORMIGÓN	T TERRA
G GRAVA	

CONSTRUCCIÓNIS

ag AGRÍCOLA	gm GARAXE MAQ AGRÍCOLA
ap ALMACÉN DE APEIROS	gn GALIÑEIRO
ba BAMBÁN	ho HÓRREO ORNAMENTAL
bb BARBARCOA	hu HÓRREO EN USO
ca CASETO DO CAN	in INVERNADROIRO
ce CENADOR	lv LAVADROIRO
ct CORTE	me MESA (E BANCO)
cv CASA VELLA	pa PALLEIRO
dp DEPÓSITO DE AUGA	pi PISCINA
fo FONTE ORNAMENTAL	po POZO
ga GARAXE VEHÍCULOS	te TENDAL



PLANTA BAIXA




PLANTA SEGUNDA




ALZADO PRINCIPAL



PLANTA PRIMEIRA



PLANTA BAIXO-CUBERTA



PLANTA CUBERTA

E - 1/250 0 1 5

AS MIGRACIONES NA CONFORMACION DA CASA LABREGA CONTEMPORANEA




LOCALIZACION: VILAMARTIN - STA. M^a DE CORGOMO
 CONSTRUCCION: 1986
 PROXECTO: ARQUITECTO
 CIRCUNSTANCIA MIGRATORIA: SUIZA

USOS


Ad ADEGA	Ga GARAXE
Ag AGRICOLA	Gñ GALINEIRO
Al ALMACEN	La LAREIRA
Bo BOMBONAS	Lc LOCAL COMERCIAL
Ca CALEFACCION	Le LEÑA
Ce COMEDOR ESPECIAL	Lv LAVADORO
Co COMEDOR DIARIO	Pr PRANCHA
Ct CORTE	Ro ROCHO
Cv COCINA VELLA	Sc SALON COMEDOR
Dd DORMITORIO DOBRE	Sd SALON DIARIO
De DESPENSA	Se SALON ESPECIAL
Di DORMITORIO INDIVIDUAL	Sñ SALON NOBRE
Dp DORMITORIO PRINCIPAL	Su SEN USO
Es ESTUDIO	Te TENDAL
Fe FERRAMENTAS	Tr TRASTEIRO
Fo FORNO	

**AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN
DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA
APROXIMACIÓN GRÁFICA**

FICHA 68



AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA



LOCALIZACIÓN: VIVEIRO - STA. Mª DE MAGAZOS
 CONSTRUCCIÓN: 1978
 PROXECTO: ARQUITECTO
 CIRCUNSTANCIA MIGRATORIA: NON EMIGRADO

VEGETACIÓN

- | | |
|-------------|----------|
| FROITAL | PALMEIRA |
| NON FROITAL | PARREIRA |
| ORNAMENTAL | SETO |

SUPERFICIES VEGETAIS


- | | |
|---------|----------|
| CÉSPEDE | LABRADIÓ |
| HORTA | PRADEIRA |
| INCULTO | XARDÍN |

SUPERFICIES NON VEGETAIS


- | | |
|------------------|-------|
| BALDOSA CERÁMICA | PEDRA |
| FORMIGÓN | TERRA |
| GRAVA | |

CONSTRUCCIÓNS

- | | |
|-----------------------|-------------------------|
| ag AGRÍCOLA | gm GARAXE MAG. AGRÍCOLA |
| ap ALMACÉN DE APEIROS | gn GALÍNEIRO |
| ba BAMBÁN | ho HÓRREO ORNAMENTAL |
| bb BARBACOA | hu HÓRREO EN USO |
| ca CASETO DO CAN | in INVERNADROIRO |
| ce CENADOR | lv LAVADROIRO |
| ct CORTE | me MESA (E BANCO) |
| cv CASA VELLA | pa PALLEIRO |
| dp DEPÓSITO DE AUGA | pi PISCINA |
| fo FONTE ORNAMENTAL | po POZO |
| ga GARAXE VEHÍCULOS | te TENDAL |




PLANTA SOTO




PLANTA SEMISOTO



PLANTA BAIXA



ALZADO PRINCIPAL



PLANTA CUBERTA

E.- 1/250 0 1 5

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA




LOCALIZACIÓN: VIVEIRO - STA. M^a DE MAGAZOS
 CONSTRUCCIÓN: 1978
 PROXECTO: ARQUITECTO
 CIRCUNSTANCIA MIGRATORIA: NON EMIGRADO

USOS


Ad ADEGA	Ga GARAXE
Ag AGRÍCOLA	Gñ GALIÑEIRO
Al ALMACÉN	La LAREIRA
Bo BOMBONAS	Lc LOCAL COMERCIAL
Ca CALEFACCIÓN	Le LEÑA
Ce COMEDOR ESPECIAL	Lv LAVADOIRO
Co COMEDOR DIARIO	Pr PRANCHA
Ct CORTE	Ro ROCHO
Cv COCIÑA VELLA	Sc SALÓN COMEDOR
Dd DORMITORIO DOBRE	Sd SALÓN DIARIO
De DESPENSA	Se SALÓN ESPECIAL
Di DORMITORIO INDIVIDUAL	Sn SALÓN NOBRE
Dp DORMITORIO PRINCIPAL	Su SEN USO
Es ESTUDIO	Te TENDAL
Fe FERRAMENTAS	Tr TRASTEIRO
Fo FORNO	

**AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN
DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA
APROXIMACIÓN GRÁFICA**

FICHA 69



AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA



LOCALIZACIÓN: XOVE - STA. OLALLA DE LAGO
 CONSTRUCCIÓN: 1978
 PROXECTO: PROPIETARIO
 CIRCUNSTANCIA MIGRATORIA: NON EMIGRADO

VEGETACIÓN

FROITAL	PALMEIRA
NON FROITAL	PARRERA
ORNAMENTAL	SETO

SUPERFICIES VEGETAIS


C CÉSPEDE	L LABRADIÓ
H HORTA	P PRADEIRA
I INCULTO	X XARDÍN

SUPERFICIES NON VEGETAIS

B BALDOSA CERÁMICA	P PEDRA
F FORMIGÓN	T TERRA
G GRAVA	

CONSTRUCCIÓNS


ag AGRÍCOLA	gm GARAXE MAQ. AGRÍCOLA
ap ALMACÉN DE APEIROS	gr GALINEIRO
ba BAMBÁN	ho HÓRREO ORNAMENTAL
bb BARBACOA	hu HÓRREO EN USO
ca CASETO DO CAN	in INVERNADOIRO
ce CENADOR	lv LAVADOIRO
ct CORTE	me MESA (E BANCO)
cv CASA VELLA	pa PALLEIRO
dp DEPÓSITO DE ALUGA	pi PISCINA
fo FONTE ORNAMENTAL	po POZO
ga GARAXE VEHÍCULOS	te TENDAL



PLANTA SEMISOTO



PLANTA PRIMEIRA



PLANTA CUBERTA

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA



LOCALIZACIÓN: XOVE - STA. OLALLA DE LAGO
 CONSTRUCCIÓN: 1978
 PROXECTO: PROPIETARIO
 CIRCUNSTANCIA MIGRATORIA: NON EMIGRADO

USOS

Ad ADEGA	Ga GARAXE
Ag AGRÍCOLA	Gñ GALINEIRO
Al ALMACÉN	La LAREIRA
Bo BOMBONAS	Lc LOCAL COMERCIAL
Ca CALEFACCIÓN	Lb LEÑA
Ce COMEDOR ESPECIAL	Lv LAVADOIRO
Co COMEDOR DIARIO	Pr PRANCHA
Ct CORTE	Ro ROCHO
Cv COCIÑA VELLA	Sc SALÓN COMEDOR
Dd DORMITORIO DOBRE	Sd SALÓN DIARIO
De DESPENSA	Se SALÓN ESPECIAL
Di DORMITORIO INDIVIDUAL	Sn SALÓN NOBRE
Dp DORMITORIO PRINCIPAL	Su SEN USO
Es ESTUDIO	Te TENDAL
Fe FERRAMENTAS	Tr TRASTEIRO
Fo FORNO	



ALZADO PRINCIPAL

E - 1/250 0 1 5

A CASA CONTEMPORÁNEA

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA

PERCORRIDO HISTÓRICO

PLÁCIDO LIZANCOS MORA

unha tese de doutoramento
no Departamento de
Representación e Teoría Arquitectónicas
Escola Técnica Superior de Arquitectura
Universidade da Coruña

presentada para a obtención do grao de
Doutor en arquitectura pola Universidade da Coruña

director
Pedro de Llano

A Coruña, 31 de decembro de 2000

Abolengo tan rancio tienen entre nosotros, los hechos migratorios que resulta difícil distinguir los más antiguos de entre ellos de las propias raíces de nuestra Historia.

Pero no fue la marcha de atrevidos navegantes o audaces conquistadores, sino la situación de los humildes y esforzados trabajadores que llevaron y enseñaron las artes de la paz, lo que indujo a los poderes públicos a pensar en la protección de los humildes y en la necesidad de evitar, legislando, el margen que el fenómeno migratorio daba a un tráfico en el que llegaba a límites inconcebibles la explotación del hombre por el hombre.

Do prólogo á *Compilación de Disposiciones dictadas sobre Emigración*. Madrid, 1933, firmado polo Inspector General de Emigración

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DAS ARQUITECTURAS DE GALICIA
PERCORRIDO HISTÓRICO
ÍNDICE

1	Introducción	1
2	As primeiras migracións	4
	As primeiras arquitecturas	
	A primeira vivenda permanente	
	As arquitecturas de Roma na <i>Gallaecia</i>	
	Mouros e cristiáns	
3	As migracións relixiosas	12
	Unha migración chamada <i>Reconquista</i>	
	O románico, primeira linguaxe universal	
	O Camiño de Santiago, camiño de Europa	
	O Camiño na formación do primeiro estilo arquitectónico internacional	
	Arquitecturas galas en Galicia	
	As ordes relixiosas	
4	Un mundo máis grande	19
	Santiago e América	
	O intercambio cultural entendido como ameaza	
	Os froitos da emigración	
	Outras influencias	
	A casa labrega	
	O indiano	
5	Singulares inmigrantes	29
	A definición dunha nova arquitectura institucional	
	Linguaxes galas na arquitectura institucional de Galicia	
	Outros inmigrantes, outras arquitecturas	

	Santos inmigrantes	
	A vaga migratoria que se achega	
6	A vaga migratoria	37
	Galicia e América	
	1898	
	As arquitecturas do indiano	
	As arquitecturas das <i>Sociedades de Emigrantes</i>	
	Novas linguaxes para novas arquitecturas	
	Os emigrantes na construción da cidade moderna	
	A casa do <i>americano</i>	
	A quinta indiana	
	O século dos emigrantes	
7	Un mundo cada vez máis pequeno	53
	As migracións da Guerra Civil	
	As migracións contemporáneas	
	Galicia e Europa	
	A casa do retornado de Europa	
	Os emigrantes na construción da cidade contemporánea	
8	Da migración das persoas á migración das ideas e dos capitais	61
	Un novo concepto de emigrante	
	A emigración dos capitais	
	Galicia, terra de inmigrantes	
	A diáspora hoxe	
	Cara unha nova realidade multicultural	
anexo	Anexo documental	69
	Cadro cronolóxico.	
	A humanidade, a arquitectura e as migracións.	
	Galicia, España e o mundo.	

INTRODUCCIÓN

A casa labrega da Galicia do fin do segundo milenio é un produto arquitectónico afastado formal e funcionalmente da tida tradicionalmente por vernácula. A transformación da histórica tipoloxía é consecuencia do cambio cultural dos seus constructores detrás do que, a maioría das veces, detectamos a existencia dunha experiencia migratoria.

Os camiños que conducen a esta situación nacen no entramado dunha complexa conxuntura na que se mesturan aspectos socioculturais con outros meramente arquitectónicos e tecnolóxicos. O certo é que a transformación tipolóxica ten xerado co andar do tempo un novo tipo, a casa labrega contemporánea, moi estendida pero pouco entendida.

A nada que afondemos na historia da nosa arquitectura vernácula constatamos que momentos como o actual, que podemos considerar de inflexión, de ruptura e de tensión, houbo moitos na nosa historia. Mesmo comprobamos que a evolución das arquitecturas de autor tamén foi consecuencia da iteración de forzas alleas coas locais, cando non da aplicación directa das primeiras. Por outra banda tamén comprobamos que este non é un fenómeno exclusivo de Galicia xa que tamén o podemos recoñecer noutras moitas sociedades.

En palabras de Carrithers¹, a iteración entre as distintas culturas "...es un asunto mayor en la vida humana ya que la historia de la propia humanidad es la del continuo entremezclamiento de individuos de una sociedad a otra, como visitantes, colonos o conversos, deseados o no".

A difusión do aprehendido alén das nosas fronteiras ten no inmigrante un excepcional axente de difusión. Este, unhas veces acadará a forma de soldado, desprazado a Galicia como axente colonizador; noutras ocasións o inmigrante será un funcionario estatal, chegado aquí no exercicio dalgún cargo público. Ocasionalmente recibiremos a exiliados que, perseguidos por un ou outro motivo, buscan refuxio na nosa terra pero as máis das veces o inmigrante é o propio fillo da terra que retorna a esta tras dunha dilatada estancia alén das nosas fronteiras. Nesta orde de cousas non podemos esquecer as extraordinarias novidades que nos chegaron coas peregrinacións xacobeas que mesmo foron causa do florecemento e consolidación do románico, primeiro estilo arquitectónico internacional.

¹ CARRITHERS, M. *¿Por qué los humanos tenemos culturas?*, p. 25.

O detallado estudio da historia das migracións en Galicia e o das súas influencias na conformación das arquitecturas do país antóllasenos imprescindible para comprender os mecanismos de mutación que máis alá de impactos meramente formais supoñen fondas alteracións culturais e sociais. Falamos aquí do que Manuel Diogo¹ define como "vasto conjunto de vectores que constituem a condição da vida humana", motores da transformación da casa vivenda, definida esta polo investigador portugués como "o mais pessoal de todos os traços étnicos" e por tanto o elemento máis valioso para afrontar o estudio histórico e o coñecemento dos pobos.

Nesta orde de cousas, a Galicia de finais do segundo milenio, obxectivo final do noso traballo, aparécesenos como un mundo que xa non é antigo nin intocado, nin primitivo nin illado, senón un escenario moldeado durante milleiros de anos polo intercambio extensivo con sociedades de todo o planeta.

En consecuencia e recoñecendo que a situación actual, de inflexión nos modos e formas da arquitectura popular é un episodio xa coñecido na nosa historia debemos actuar en consecuencia co devir histórico. É dicir redeseñando, con novas ferramentas, as linguaxes, os medios e os modos da nova arquitectura popular, conscientes de que algún día esta renovación será descrita polos que detrás de nos veñan como a necesaria resposta a unha situación acaecida nun fugaz intre da nosa longa historia.

¹ DIOGO, M. *I Congreso Internacional de Arquitectura Popular*, Porto: Universidade Lusíada, 1998. Conferencia inaugural.

AS PRIMEIRAS ARQUITECTURAS

Arranca a historia da arquitectura en Galicia cunha migración. Concretamente coa das bandas que no paleolítico acadaron o recanto nordés da Iberia, no contexto da colonización de Europa polos seres humanos..

Pouco sabemos das arquitecturas, nin sequera dos refuxios que se deron a si mesmos aqueles primeiros “inmigrantes” xa que o carácter funxible das súas edificacións e a acidez do noso subsolo privounos dos seus restos. De aí que os primeiros¹ xacementos e incluso os máis recentes, por exemplo os do Paleolítico Inferior² amosen pouco máis que rudimentarias ferramentas e algunhas cinzas.

As habitacións dos primeiros residentes no recanto noroeste da península Ibérica probablemente gardarían moita semellanza formal e funcional coas documentadas en áreas próximas como Lasonet (Niza, Francia) e mesmo coas que aínda hoxe seguen vivas nas sociedades que por diversas vicisitudes permaneceron ancoradas á marxe da historia, por exemplo as do interior da Amazonia ou as das sabanas de África.

Falamos de construcións de estrutura leñosa e planta sensiblemente circular, definidora dun espazo único. Como material de cubrición empregaríanse coiros de animais e follas e herbas, probablemente recubertas con barro ou estrume. A escasa durabilidade destes refuxios serviría axeitadamente ós seus habitantes, caracterizados por desenvolver un sistema de vida nómade.

Durante milleiros de anos produciranse moi poucas novidades³ na habitación humana se ben asistiremos ó paulatino desenvolvemento das arquitecturas funerarias e rituais. Delas o dolmen e a anta son as máis significativas. En verbas de Otero Pedrayo⁴ “O celta conténtase con lixeiras habitacións de terra e ramallos mais dedica á morte unha construción que é coma un lar e un templo de inmortalidade na terra”.

Esta circunstancia xustifica que para os arqueólogos resulte máis doado explicar como morrían os nosos antepasados que como vivían.

¹ Os máis antigos achados, localizados nas terrazas do Miño próximas a Tui, teñen sido datados 700.000 anos atrás.

² O máis importante e coñecido deles é o das Gándaras do Budiño (O Porriño), datado no 26.000 a. de C.

³ Os cambios devirán da transformación das sociedades depredadoras en productoras. O hábitat adaptarase para responder á necesidades do novo sistema económico. Isto explicaría a introducción de cortes, silos, almacéns, etc.

⁴ OTERO PEDRAYO, R. *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, p. 29.

A PRIMEIRA VIVENDA PERMANENTE

Se a primeira “vivenda humana” levantada nas terras da actual Galicia resposta ás necesidades de poboadores inmigrados de centroeuropa, ha ser outra inmigración, neste caso de pobos indoeuropeos, a responsable da transformación da primitiva vivenda.

Os indoeuropeos, procedentes tamén da fría Europa central, penetran por ondadas na península Ibérica, acadando as terras da actual Galicia na súa derradeira incursión, aló polo 900 a. C.

Eles son os autores do noso máis antigo vestixio de habitación humana permanente. Trátase de habitáculos non afastados formalmente das primitivas cabanas do paleolítico xa que ó igual que estas, presentan unha planta circular ou ovalada, cuberta cónica e un único espacio interior.

Algúns autores non dubidarán á hora de sinalar neste momento o inicio da historia da vivenda. Neste sentido parécenos acertado citar largamente aquí a Ferrín¹

Con la revolución agrícola que hace alborear el neolítico aparece la choza, la casa, con dos caracteres que no habían poseído los abrigos y las grutas de los milenios paleolíticos anteriores: estable, adscrita a un lugar, incluso en un paisaje concreto, situada... y, como segunda nota, levantada, construida (no excavada), obra predilecta del "homo sapiens" que además de sabio es "homo faber".

Los abrigos y cuevas anteriores no eran levantados por el hombre, no eran fabricados por él, no eran producto de su inventiva, de su esfuerzo: unas ramas de un árbol un poco más caídas brindando cobertura, una gruta horadada por las aguas..., simples abrigos que no merecían el nombre ya no de casas, sino ni el de vivienda, ni el de habitación, ni el de residencia, pues todos estos términos tienen en su raíz etimológica la idea de estar en ellos con permanencia."

A transformación rexistrada neste momento histórico limitarase ó aspecto tecnolóxico das edificacións xa que agora a mampostería complementa ó ramallo e ós coiros nos paramentos². A cuberta realízase en palla sobre unha estrutura leñosa.

Na fase evolucionada do castrexo aparece como “equipamento” doméstico un fogar central e incluso algúns bancais de pedra achegados á cara interior dos paramentos do edificio.

Caracterizaranse estas construcións por presentárense agrupadas, conformando auténticas entidades de poba-



Das construcións castrexas aínda hoxe perviven remotos ecos nas pallozas dos Ancares e do Cebreiro. Palloza en Piornedo, Cervantes.

¹ FERRÍN MARTÍNEZ, R. *Relaciones entre vivienda e economía en el litoral de la ría de Vigo*, p. 19

² Nas construcións máis antigas unicamente os zócolos serían de pedra -asi chegaron ós nosos días- sendo o resto do paramento de palabarro ou de ramallos.

ción, de organización espacial complexa, denominadas castros¹. Os máis antigos deles son os de Torroso (Pontevedra) e o de Borneiro (Cabana de Bergantiños), datado este no 753 a. de C.

Non é casualidade que os castros máis antigos xurdan nas proximidades costa. O contacto continuado con navegantes de outros pobos que se avituallaban nas nosas rías tería favorecido o abandono do nomadismo polos nativos, obrigándoos a buscar asentamento estable nas inmediacións dos lugares onde máis frecuentemente recababan os viaxeiros, a fin de favorecer os intercambios comerciais.

Os restos de obras portuarias de factura claramente prerromana existentes en Bares² (Mañón) e Aguiño (Riveira), atribuídas ámbalas dúas ós fenicios, xunto coa presenza de obxectos³ de orixe mediterránea nalgúns castros costeiros confirmannos a presenza, máis ou menos regular de fenicios e cartaxineses nas nosas costas.



Castro de Castromao, Celanova

AS ARQUITECTURAS DE ROMA NA GALLAECIA

Coa conquista de Galicia por Roma entra en Galicia unha sofisticada cultura, que se sobrepón⁴ á indíxena. Este desigual encontro terá como desenlace arquitectónico a aparición de tipoloxías nunca antes vistas nesta terra, por exemplo murallas, peiraos, pontes ou faros e a transformación da habitación humana castrexa.

O romano domina a labra da pedra, estendendo a súa técnica. Traen tamén a tella cerámica, un elemento constructivo descoñecido aquí e que axiña os nativos identificarán como "tella romana", denominación que pervive deica hoxe. Se a tella vai ir paulatinamente substituíndo ó colmo e outras fibras vexetais como material de cubrición,

¹ Os homes do *Seminario de Estudos Galegos* definiron, sesenta anos atrás, o "castro" como "un recinto carente de casoupas" por contraposición ó concepto de "citania", que se referiría a aqueles recintos con vivendas.

O diccionario da Real Academia Galega -na súa edición de 1997- define á citania como "Tipo de castro grande [...] cunha pequena acrópole no seu centro e con edificacións..." Tamén neste diccionario atopamos unha definición científica de "castro": "Aldea da Galicia prehistórica [...] formada por construcións circulares...". En adiante utilizaremos as denominacións académicas destes termos.

² Algúns autores consideran que este porto é medieval.

³ No castro do Neixón (Boiro) foi achado un fragmento de *arybalos* (vaso de vidro) cartaxinés.

⁴ Tódolos autores coinciden en sinalar que a romanización non supón a ruptura drástica dos indíxenas coas súas tradicións culturais. Segundo J. Vázquez Varela no capítulo "Pervivencia de las formas culturales indígenas" do libro "La romanización en Galicia" (1976), algunhas formas culturais indíxenas -lingua, costumes, relixión...- perviven nalgúns casos deica a idade media.

o dominio da estereotomía da pedra convulsionará fondamente a arquitectura do momento. Pedro de Llano¹ acredita a transcendencia desta contribución romana:

A introducción de novos coñecementos na construción de muros pétreos que, como no caso das esquinas, utilizadas para enlazar as paredes unhas con outras, puideron determinar no seu momento o abandono dos cerramentos circulares, ovais ou elípticos, para introducir a utilización arquitectónica da planta cadrada ou rectangular.

o que por tanto nos sitúa diante dun dos fitos históricos na conformación da vivenda popular galega.

A transformación é meramente tecnolóxica. Funcionalmente a vivenda romana non se apartará da habitación castrexa xa que ó igual que esta segue a dispor maioritariamente dunha única dependencia, de uso polivalente.

Advertimos agora certa transformación da morfoloxía dos castros. Así nolo fai saber Felipe Arias² (1992):

...[o castro estrutúrase] a base de barrios ou grupos de casas a xeito de *insulae* de corte indíxena, como sucede en Viladonga, San Cibrán de Lás, Sta. Tegra, Sanfíns ou Briteiros. Así mesmo hai un espallamento da tella de barro, de enlousados, de escadas e soportais, saídas de auga e outros elementos que tradicionalmente se veñen considerando novidosos nos castros, igual que é a construción de baños ou saunas nalgúns grandes poboados romanizados.

A influencia de sistemas e usos constructivos indíxenas transcende tamén ás *villae* e ás mansións urbanas, tipoloxías residenciais xenuinamente romanas. Tanto nas primeiras, localizadas preferentemente nas áreas costeiras³ ou preto das grandes vías e tamén nas segundas, localizadas fundamentalmente nas cidades de Lugo e da Coruña, recoñecemos usos constructivos que claramente emparentan coa tradición indíxena, por exemplo na semellanza dos aparellos dos seus muros. Ora ben estes edificios expresan claramente a súa inequívoca *modernidade* no emprego indisimulado de solucións inequivocamente romanas (cubrición a base de tellados, paramentos de ladrillo cerámico visto, decoración con mosaicos e frescos, etc).

A lentitude do proceso evolutivo da vella cabana castrexa queda patente na presenza durante séculos de vivendas de planta ovalada no interior dos castros romanizados e mesmo no feito, antes referido, da pervivencia deica hoxe de edificios de planta ovalada -as pallozas- nas zonas máis illadas do noso territorio.

A escasa presenza no legado arquitectónico romano en Galicia de construcións non funcionais, como por exemplo templos ou arcos de trunfo, descríbenos ó latino como un *visitante* estrictamente interesado na administración

¹ LLANO, P. de. Arquitectura popular en Galicia, 1981, p. 48.

² ARIAS VILAS, F. A Romanización de Galicia; p. 100

³ Os principais achados rexístranse en Cirro (Sada), Centroña (Pontedeume) e Toralla (Vigo), Doncide (Pol).

e explotación económica da nosa terra.

Aínda así o impacto da romanización produciu unha intensa transculturización das que a lingua latina -que substituíu á lingua indíxena¹- é a expresión primeira. Este período no que, en verbas de Otero Pedrayo²

...un inmenso misterio enche a historia íntima de Galicia desde que foi sometida pola estratexia e pola estrada [...] até o momento en que os últimos vellos proferiron as últimas palabras da lingua céltica.

No ano 409 Suevos, Vándalos e Alanos penetran na península Ibérica co consentimento das autoridades políticas romanas, incapaces de controlar as fronteiras do xa decadente imperio. Á Gallaecia romana vai chegar un continxente suevo. Este grupo, de non máis de 30.000 individuos conseguirá -despois de fundirse cos nativos- segregarse do Imperio Romano para formar un reino de seu. Perderán a independencia no 585 a mans dos visigodos, provenientes do centro da península.

O xermano é un tempo que se caracteriza polas tensións derivadas do dificultoso asentamento do cristianismo en Galicia. Describe, moi acertadamente, Otero Pedrayo³ as etapas sueva e visigoda da nosa historia como “sombría, dolorosa, regada co sangue das loitas relixiosas”. Trátase en definitiva dun período no que a inexistencia de institucións políticas sólidas e a confusa situación relixiosa dificultarán a produción arquitectónica destes inmigrantes, que se limitará a unhas poucas e diminutas igrexas, parcas en recursos expresivos.

Tampouco parece ter transcendencia algunha o episodio colonial protagonizado polos bretóns no século VI en terras da nosa costa cantábrica. Destes viaxeiros, chegados acó por mar, non quedará máis referencia que unha leve pegada na toponimia de certas áreas da actual provincia de Lugo⁴.

¹ A modo de exemplo da pervivencia de elementos do substrato cultural indíxena durante a romanización e incluso máis aló lembramos aquí que no galego común actual consérvanse arredor dun cento de verbas [por exemplo: cabalo, carro, camiño, colmo, billa...] e infinidade de topónimos [por exemplo, os rematados en -bre] da primitiva e desaparecida lingua céltica.

² OTERO PEDRAYO, R. *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, p. 38

³ OTERO PEDRAYO, R. op. cit, p. 71

⁴ O leigado bretón adivíñase hoxe nalgúns dos topónimos, aínda en uso, na área lucense de Bretoña. Cabeza de Quiles en *Os nomes dos lugares*, p. 33, sostén que o topónimo Bretoña refrendaría este feito histórico. Esta vila, capital do concello da Pastoriza, foi cabeza dun antiquísimo bispado, citado nunha parroquial sueva do século VI como “Sede Britonorum” sendo un dos seus bispos Mailoc [cun nome de claras resonancias bretonas].

MOUROS E CRISTIÁNS

A invasión musulmana da Península Ibérica iníciase no 711. A resultas desta o estado visigodo esfarélase e comeza a expansión islámica. Nobres e relixiosos buscarán refuxio nas terras do recanto noroeste da Iberia, as únicas desbotadas polos mouros. O mourisco arrasará¹ as dioceses de Braga, Tui, Ourense, Lugo e Britonia. Esta última trasladaría a súa sé a Mondoñedo. Tan só se libraría da desfeita a cadeira de Iria.

De seguida iníciáanse os traballos de repoboamento, que comezarán por Lugo, quizais porque as súas fortes murallas poderían ofrecer sólido abrigo ós repoboadores. Deste xeito a cidade estará xa repoboada no 747, correndo a súa restauración por conta do Bispo Odoario quen pouco despois repoboa tamén terras de Ourense e do actual Tras os Montes.

A invasión musulmana da península, realizada en a penas tres anos, provocará desprazamentos de poboación. Neste momento un importante continxente de cristiáns, procedentes do centro e do sur da península acadan este recanto da Iberia fuxindo do mourisco. Estas xentes -denominadas mozárabes- estableceranse nun número indeterminado na Galicia meridional, concretamente nas terras situadas ó sur da liña imaxinaria que vai de Pedrafita a Ribadavia.

Estes refuxiados que na súa terra natal conviviran longo tempo coa cultura musulmana, vannos deixar a súa singular pegada nas igrexas e capelas que aquí levantaron antes de integrarse na Galicia románica ou de retornar ás súas terras unha vez reconquistadas.

A máis significativa das obras levantadas polos refuxiados mozárabes na nosa terra é a pequena capela de San Miguel de Celanova, un sobrecolledor edificio no que se leen nidiamente os riscos mudéxares².

¹ A confrontación entre mouros e cristiáns deu pe a innumerables lendas, supersticións e mesmo a actos folclóricos. Un deles tiña lugar nas altas terras de Queixa e consistía na reprodución dunha batalla entre tropas de ambos bandos. Esta batalla, única en Galicia, deixou-se de celebrar en 1985. O investigador Fernando Garea publicou no xornal *O Correo Galego* (1-5-1999) no artigo "Polas terras de Queixa" o texto do derradeiro combate, do que aquí reproducimos, polo seu simbolismo, un extracto:

<Berra o xefe mouro: "Que é o que fas cristián / como ousas falar. / Eiche facer máis anacos / que area ten o mar. / Derribarei as montañas / destruirei os templos / prenderei lume ás casas / e irán as terras a menos".

A isto contesta o xefe dos defensores: "¿Mahoma morreu por vós? / Que trabucados estades / só morreu o noso Cristo / para darnos un rico caudal / que é eterna gloria / e que non queredes lograr." >

² Noutras obras, por exemplo San Salvador de Samos (Samos) e San Martiño de Pazó (Allariz), os riscos mozárabes aplicáronse con moita discreción, limitándose estes a arcos de ferradura e a algún motivo menor. A igrexa do Cebreiro presentaba tamén elementos mozárabes se ben foron ocultados nunha restauración realizada neste século.

No ano 810 ten lugar o *descubrimento*¹ do sepulcro do Apóstolo Santiago. Este feito, en principio escasamente valorado, determinará o nacemento da cidade de Santiago, a construción da súa basílica e o inicio das peregrinacións xacobeas².

O aspecto de Galicia naquel momento é o dun territorio dominado por grandes señores, donos de castelos, terras, catedrais e mosteiros, unidos entre si e coa coroa por un vínculo moi feble.

En torno ó ano 850, desaparecidos xa os ataques mouriscos pola fronteira sur e os dos viquingos e normandos pola costa, a monarquía asturiana recomponse e inicia a súa consolidación política. Entre tanto intensifícase a repoboación e a roturación do selva, labores que se apoiarán no establecemento de cenobios e mosteiros³.

Esta etapa de calma truncarase bruscamente o dez de agosto do 997. Ese día o califa de Córdoba, Almanzor, que entrara sorpresivamente en Galicia por Tui arrasando todo o que topaba ó seu paso, acada Compostela destruindo a cidade e a súa basílica.

Almanzor toma como botín as campás do templo maior compostelán que son levadas a ombreiros de cristiáns apreixados ata Córdoba.

Pero a viaxe destas campás non rematará aquí. Andando o tempo, os sinos catedralicios tornarán novamente a Compostela.

¹ A tradición cristiá da conta do traslado do corpo do apóstolo Santiago, despois de ser decapitado no ano 44 en Xerusalén, deica o fin da terra nunha nave pilotada por anxos. Aquí sería soterrado nun lugar oculto ata que no ano 810 Teodomiro, bispo de Iria Flavia, descubre o sepulcro nun bosque preto do lugar de Solovío, non lonxe de Iria.

Avisado do achado o rei asturiano Afonso II persónase con toda a súa corte no lugar dos feitos converténdose así no primeiro peregrino santiaguista.

² A primeira nova historicamente fiable que nos describe outra peregrinación está datada no ano 950 e refírese á peregrinaxe do bispo de Le Puy de Dome, Gotescaldo.

³ O século X é o da eclosión monástica. Á fundación do de Lérez (916) seguirán Caaveiro (930), Celanova (937) e moitos máis.

O ROMÁNICO, PRIMEIRA LINGUAXE UNIVERSAL

O pasamento de Almanzor no 1002 e o remate das incursións normandas e viquingas abre un tempo de fecunda calma nos reinos cristiáns. A falla do soberano sume ós musulmáns no desgoberno, circunstancia que aproveitan os cristiáns quen provocan subrepticamente o desencadeamento en al-Andalus dunha guerra civil. A guerra remata no 1031 e ten como consecuencia o fraccionamento do poderoso califato de Córdoba en numerosas e febles taifas.

A ausencia de accións bélicas e a coroación no 1063 en Compostela de don García como rei de Galicia avalan a estruturación da vida civil do nacente reino. Nestas circunstancias a reconstrucción da catedral de Santiago aparece como oportunidade para potenciar os reinos cristiáns fronte ó inimigo musulmán. A designación no 1100 da extraordinaria figura de Xelmirez como primeiro arzobispo de Santiago posibilitará, dun modo case que providencial, a concreción destes desexos.

Moi pronto as influencias do prelado compostelán diante do Papa Reimunde darán lugar ó recoñecemento do sepulcro do apóstolo e a outros importantes atributos¹. Todo isto beneficiará a Compostela, que axiña devirá nunha das cidades máis prósperas da península, bulindo en actividade comercial ó amparo do tránsito de peregrinos pola rota xacobeá, agora pacificada e protexida dende os castelos.

A peregrinación a Santiago terá unha importancia socioeconómica e humanística considerable ata o seu devalar aló polo século XV, contribuindo á estruturación e ó goberno dos territorios que atravesaba e actuando como vehículo de primeiro orde no intercambio cultural².

Dende o punta de vista arquitectónico as peregrinacións favoreceron a concreción dunha unidade de estilo entre

¹ As principais divisas acadadas son a elevación á categoría de "Peregrinación maior" das realizadas a Santiago e o establecemento do "Ano xubilár" para conmemorar aqueles anos nos que o aniversario de Santiago certa en domingo. Nese caso acada idéntico rango e prerrogativas que os de Roma e Xerusalén. Posteriormente obtérase do Papa Calixto a concesión da dignidade metropolitana para a catedral santiaguesa, traspasada da de Mérida.

² Só a efectos de exemplificar a potencia deste intercambio, lembramos o enriquecemento que o Camiño suponlle ás letras. Polo Camiño chegaron de Europa *piadosos emigrantes* traendo consigo lendas, relatos e cantares que serán fonte de inspiración para a lírica trovadoresca galaica. Mais non só chegan acó as *sagas* nórdicas. O Camiño tamén posibilita que aló viaxen os *cantares de gesta* casteláns e as *cantigas* galaico portuguesas.

as distintas igrexas da rota tradicional. Xurdiu así unha tipoloxía¹ eclesiástica propia do Camiño, denominada por algúns autores como “igrexas de peregrinación”.

Mais por riba deste, a meirande creación arquitectónica da época será a xénese dunha linguaxe arquitectónica nova, común a tódalas terras atravesadas polo camiño. Falamos do románico², o primeiro estilo que se forxa na Europa occidental trala caída do Imperio Romano.

MOSTEIROS E COLONIZACIÓN CULTURAL E TERRITORIAL

A colonización do territorio reconquistado ós musulmáns favorece a expansión do monacato entre os séculos X e XII, o que da pé á transformación cultural e económica da Galicia rural e ó goberno do territorio.

Particularmente intensa e ampla foi a acción dos beneditinos³ xa que se a construción dos mosteiros se iniciou antes da chegada dos monxes bieitos a Galicia serán eles, unha congregación rigorosamente disciplinada e fortemente expansiva a que lle dea pulo á acción colonizadora. Os mosteiros beneditinos serán focos orientadores do cultivo da terra, centros culturais e núcleos en torno ós que xurdirán entidades de poboación, facendo posible a habitabilidade de rexións despoboadas e o cultivo de terras ermas.

Coñecerán os bieitos dúas escisións. A primeira, no ano 909, cando os monxes da abadía de Cluny⁴, descontentos coa relaxación naquel momento imperante na orde sepáranse do capítulo xeral. A segunda escisión terá lugar

¹ Máis que estilo ou escola algúns autores, ós que nos sumamos, falan dun tipo de edificio que cobre unhas necesidades concretas da época: facer lugar capaces de albergar un alto número de fieis, posibilitar actos procesionais no seu interior e presentar ó crente gran número de altares ante os que rezar a moi diversas advocacións. Neste sentido a catedral compostelana representa o froito das experiencias desenvoltoas previamente nas rotas xacobeas francesas onde se levantan as catedrais de Saint Martin de Tours, Sainte Foy de Conques, Saint Martial de Limoges e Saint Sernin de Tolosa.

² A relación entre a peregrinación a Santiago e o estilo románico é unha cuestión longamente discutida se ben parece estar fóra de dúbida que o románico chega a Galicia polo camiño da peregrinación. V. BONET CORREA, y. *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela y el arte románico*, 1961. p. 128-135.

³ A orde foi fundada por San Bieito de Nursia (480-547). Este monxe será tamén o autor da "Regra benedictina", escrita no 529. Neste documento determínase a forma de vida dos monxes e a organización interna dos mosteiros.

⁴ Os monxes cluniacenses interpretan restrictivamente a regra de San Bieito, concedéndolle a meirande importancia ó culto divino. Desta maneira o acto máis solemne da vida monacal sería a misa, seguido da copia de libros sacros. Para o cultivo da terra valeranse de asariados e de conversos.

na segunda metade do século XII, cando san Bernardo promove a rama do Císter.

Estas novas comunidades axiña van levantar os seus propios edificios. O primeiro establecemento galego dos de Cluny é o mosteiro, xa desaparecido, de San Salvador de Vilafrío (Castroverde), edificado no 1075. Foi un caso illado e pronto desaparecerá. O resto dos priorados cluniacenses foron fundados en torno á segunda metade do século XI, emprazándose na súa meirande parte na Riveira Sacra¹.

A partir do 1250 a decadencia é grande como consecuencia da indisciplina interna, o que provoca que no século XIV grande parte das súas edificacións estean en mans de seculares.

A chegada do Císter a Galicia é moi temperá. En 1142 un grupo de Monxes procedentes da abadía nai en Clarivaux instálase en Sobrado², sendo esta a primeira fundación do Císter na península. Cóntanos José Carlos Valle no seu extraordinario traballo sobre o gótico³ que o propio San Bernardo tería enviado a Sobrado cos primeiros monxes a un converso, de profesión arquitecto, chamado Alberte, quen construíría aquí un edificio⁴ a semellanza do levantado en 1135 en Clarivaux.

No seu conxunto as construcións monacais en Galicia presentan unha grande variedade de solucións. Esta diversidade nace da inexistencia de modelos arquitectónicos ou ordenanzas reguladoras da edificación. Aínda así identificamos nestas arquitecturas certas características comúns, por exemplo a simplicidade das solucións formais empregadas e a sobriedade ornamental, cuestións ambas que semellan nacer do precepto bieito que proscribe o luxo e os excesos.

Dende o punto de vista artístico Cluny, cun goberno centralizado nesta abadía francesa, inflúe en toda Europa, contribuíndo á difusión e expansión do estilo románico, especialmente polo camiño de Santiago. Este estilo, que ninguén pode por menos que calificar como primeiro estilo internacional da Europa, enriquecerase coas solucións constructivas e decorativas tomadas das tradicións locais, ás que se adapta.

¹ San Vicente de Pombeiro (Pantón), Santa María de Ferreira (Pantón), San Pedro de Valverde (Monforte) e San Salvador de Budiño (Porriño).

² Dende Sobrado o Císter esténdese por Galicia a través de novos centros ou da afiliación doutros xa existentes. Os centros cistercienses en Galicia foron: Sobrado (1142), Oseira (1148), Meira (1151), Montederramo (1155), Melón (1158), Armenteira (1162), Ferreira de Pantón (1175), Oia (1185), Xunqueira de Espadañedo (1205), Monforte (1207), Acibeiro (1225), San Clodio (1225), Penamaior (1225) e A Franqueira (1293).

³ VALLE PÉREZ, J.C. Gótico. En *Gran enciclopedia Gallega*.

⁴ Deste edificio nada se pode dicir posto que foi substituído no século XVII pola actual e impresionante edificación.

DOUS SINGULARES PEREGRINOS

Ós comezos do século XIII van visitar Compostela dous peregrinos de excepción. Trátase de san Francisco e de san Domingos, chegados en 1214 e 1219, respectivamente á cidade na que van fundar os primeiros conventos da súa orde no mundo cristián.

As ordes mendicantes, fundadas por estes dous santos, establecerán como precepto fundacional o seu aprecio pola proximidade coas xentes. De aí que tódalas súas construcións se realicen nas cidades e vilas e que a súa implantación teña lugar de acordo cun plan expansivo moi rápido. Desta maneira as arquitecturas das ordes mendicantes valeranse de modelos nos que a repetición dos seus esquemas organizativos e a reiterada utilización de solucións constructivas de doada execución simplificarán a execución da edificación.

Mais as novidades arquitectónicas aportadas polas ordes mendicantes non rematan aquí. Dominicanos e Franciscanos, querendo afastarse das ordes monásticas rexeitarán a linguaxe románica que lles era propia, asumindo o novidoso gótico como linguaxe propia.

Valémonos, unha vez máis das verbas de Otero¹ para sintetizar e valorar o que levamos dito:

Franciscanos e Dominicanos ergueron as súas claras igrexas no solar cidadán, mentres os antigos mosteiros, sabios e ricos, ían caendo nunha inevitable decadencia, perdendo aquel contacto fecundo coa vida dos campos, astra seren baixo os Austrias, simples dependencias dun claustro castelán centralizador.

CAMPÁS DE IDA E VOLTA

En 1211 conságrase, con grande boato a renovada e ampliada catedral de Santiago. Mais a conclusión simbólica do templo terá lugar en 1236. Nesa data chegan dende Córdoba a Compostela, as campás da catedral, retornando tras dunha estancia de 239 anos na Córdoba de Almanzor que agora cae diante do rei católico. E querendo coroar unha xigantesca vinganza, os sinos catedralicios veñen de volta a ombreiros de prisioneiros musulmáns, igual que antes viaxaran cara ó sur a ombreiros de cristiáns.

Será agora cando o enxeño popular diante de tanto metal viaxeiro bautizará o longo camiño que de Andalucía conduce a Galicia como Vía da Prata, denominación coa que hoxe aínda é coñecida esta rota.

¹ OTERO PEDRAYO, R. Ensaio histórico sobre a cultura galega, p. 182

En 1230 morre Afonso IX, derradeiro rei de Galicia. O baleiro político e cultural que segue favorece a difusión entre nós de estilos artísticos foráneos. Coincide esto co grande avance que agora experimenta a reconquista en Andalucía que desequilibrando o territorio castelán cara ó sur provocará a diminución do valor estratéxico do Camiño de Santiago como eixo económico.

Esto na esfera artística tradúcese no devalar dunha Galicia que se encontra eclipsada pola forza da prodixiosa e misteriosa figura do Mestre Mateo¹.

UNHA MIGRACIÓN CHAMADA RECONQUISTA

A reconquista apóiase na expansión demográfica e na fe católica que se consolida, como temos dito, conforme se levantan templos e mosteiros. Desta maneira segundóns da nobreza e mesmo aventureiros de todo tipo, buscan nas cruzadas e na reconquista ibérica a oportunidade para mellorar a súa situación persoal. Así as cousas o botín e a obtención de terras son elementos de interese que se complementan cos beneficios espirituais.

A colonización das terras reconquistadas basearase no asentamento de repoboadores cristiáns dos que Galicia, con frecuencia, será subministradora máis ou menos forzada. Así pois durante a reconquista daranse episódicos desprazamentos de galegos fóra dos límites do vello reino. Uns desprazamentos que van seguir os avatares da movediza liña fronteiriza que separa mouros e cristiáns.

A partir do século XIII prodúcese o primeiro destes asentamentos, tendo por escenario terras de Salamanca, concretamente as da comarca dos Arribes del Duero².

Século e medio máis tarde realízanse outros asentamentos con poboadores galegos. Esta vez terán lugar na área cacereña do Valle del Jálíma e no norte da provincia de Huelva, onde a localidade de Los Marines, situada no concello de Aracena, foi repoboada, como o seu nome indica, con mariñeiros procedentes de Galicia.

En ningún dos casos antes citados nin as arquitecturas nin a morfoloxía dos núcleos de poboación reflexa a súa

¹ Esta figura é tan poderosa como enigmática. Dela descoñécese a súa orixe, data de nacemento e formación profesional. A primeira nova que se ten de Mateo é nas obras da ponte de Pontecesures en 1161, das que pasa á da catedral de Santiago en 1168, onde remata o pri-meiro de abril de 1188 a súa mellor obra, o Pórtico da Gloria.

² Nesta área da provincia de Salamanca a presenza dos repoboadores galaicos queda reflectida nos topónimos das seguintes poboacións: San Felices de los Gallegos, Gallegos de Argañán, Gallegos de Huebra e Navagallegos.

histórica galegitude. Esta límitase a certos trazos lingüísticos locais.

No caso salmantino, froito dunha colonización moi antiga, a presenza galaica redúcese á xa referida toponimia local en tanto que no caso cacereño, xurdido dunha colonización máis recente, a pegada idiomática galaica maniféstase con viveza na "fala"¹, unha forma dialectal do galego que pervive nesa zona.

O derradeiro episodio relacionado coa repoboación de terras "ganadas al morisco" será o desprazamento forzoso dun grupo de 6.000 familias galegas á rexión granadina de Las Alpujarras² para cristianizar a zona tralo levantamento musulmán de 1568.

Unha vez máis as arquitecturas que os galegos expatriados levantan³ alén das nosas fronteiras nada revelan da orixe dos seus autores, quedando como toda pegada daqueles *emigrantes* a presenza aínda hoxe do idioma galego na toponimia local⁴.

¹ No Valle del Jálima ou Val do Xálima (Cáceres) consérvase unha modalidade lingüística galaica, plenamente viva, denominada "a fala". Nesta lingua están rotuladas as rúas e poboacións, redáctanse bandos e documentos oficiais. Fálase, según datos de 1993 polo 95% da poboación dos concellos de Valverdi do Fresnu e San Martín de Trebellu e no pobo de As Ellas, coñecidos en castelán como Valverde del Fresno, San Martín de Trevejo e Eljas, respectivamente.

² J. Luis Pensado recolle en *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*, p. 246 a referencia dun raro manuscrito redactado polo padre Pedro de León, misionero nas Alpujarras no tempo da colonización galega. Neste texto, conservado na Biblioteca da Universidade de Salamanca, descríbese ós repoboadores das Alpujarras coas máis negras tintas. Reproducimos algún parágrafo do citado documento:

"[referíndose ós residentes galegos nas alpujarras] ... háse de advertir que era cada uno de su lugar diferente, y, por el consiguiente, cada cual tenía sus diferentes costumbres, y sobre todo era gente forajida y de mal vivir, gentes que no las habían podido sufrir en sus tierras a donde habían nacido, matadores, facinerosos, y de fieras e incultas costumbres, que ni tenían en sus tierras viñas"

[Noutro lugar do texto éntrase en detalle para explicar a situación en Jibor] "pueblezuelo que sólo tenía siete vecinos gallegos que no creen en Dios"

³ Probablemente outra razón desto é que os repoboadores ocupaban as construcións existentes. Hai moitas referencias á expulsión dos mouriscos das terras reconquistadas, incluíndo a confiscación das súas propiedades.


⁴ Os topónimos de diversas poboacións das Alpujarras tales como Pampaneira ou Capileira ou de accidentes xeográficos como o Barranco de Porqueira, expresan claramente a súa orixe galaica.

AMÉRICA

O primeiro de marzo de 1494 arriba ó porto de Baiona a carabela *La Pinta*¹. Co barco chega a noticia de que un grupo de exploradores, capitaneados por Cristóbal Colón, acaban de descubrir unha nova rota cara ás indias, moito máis rápida que as coñecidas deica aquel momento. As crónicas da época dan fe dos exóticos froitos que os navegantes traen como proba da súa fazaña: patacas, mazurcas, graos de café, un loro, tabaco, tomates, peamentos, cocos, piñas, perlas e un indio (que morrería ós poucos días da chegada).

A magnitude do descubrimento supera incluso ós seus protagonistas. De feito no intre do pasamento de Colón, sucedido catorce anos despois da data do descubrimento, o navegante aínda non sabía que tras daquela praia do Caribe onde desembarcara o 12 de outubro de 1492 agachábase en realidade un novo continente.

As consecuencias² deste feito deixaranse notar deica hoxe chegando a atinxir tódolas ordes da vida. Nos vindeiros séculos a historia será testemuña dunha colosal operación de mestizaxe da que nin a realidade americana nin a ibérica quedarían incólumes.



Arribada da carabela *La Pinta* ó porto de Baiona. Recreación realizada para conmemorar o 500 aniversario do acontecemento.

SANTIAGO E AMÉRICA

O efervescente ambiente derivado da *conquista* do novo continente beneficia entre outras, á cidade de Santiago. Compostela, un dos focos relixiosos dunha España que comeza a dominar o mundo, pronto será engrandecida e equipada. Financiarán esta operación os amplos recursos económicos obtidos nas conquistas de Granada e das Indias.

¹ Faise eco deste feito Gerardo Álvarez Limeses, *Noticia histórica sobre el descubrimiento de América*, 1918; quen escribe "...en primero de Marzo de 1493 entró en la bahía la carabela "Pinta", otra de las que componían la primera flota del Gran Almirante, que separada por una tormenta de las otras dos, arriba a Bayona al mando de Martín Alonso de Pinzón y pilotada por el marino pontevedrés Sarmiento; siendo así Bayona la primera ciudad del Viejo Mundo que tuvo noticias del descubrimiento del Nuevo. Allí fué calafateada y reparada, y así pudo salir a los pocos días para el puerto de Palos, a donde llegó el día 15 del dicho mes".

² Aínda en 1962 algúns autores, como por exemplo Carlos Sanz en *Consecuencias históricas del descubrimiento de América 1492-1962*, p. 31 manifestaban entusiasmados: "... si bien el mundo fue creado por Dios, su descubrimiento se debió en gran parte a los cristianos españoles..."

A primeira grande obra é o Hospital Real, iniciado en 1499. Esta edificación recibe unha dobre influencia foránea xa que tanto o seu financiamento como os seus deseñadores proveñen do exterior. Trátase dos franceses Martín de Blas e Guillén Colás a quen a Coroa lle encomenda a realización da portada do Hospital Real. Os dous profesionais deseñarán unha peza de acordo coas linguaxes renacentistas que xa se empregaban no seu país. Así as cousas a obra, rematada en 1509, será a primeira mostra na Galicia do novidoso estilo.

En 1507 faise cargo da sé compostelá o arzobispo Fonseca¹. Este enérxico home daralle continuidade ás grandes empresas arquitectónicas da cidade engrandecendo a catedral e levantando o pazo² do seu mesmo nome, onde asentará a por el fundada universidade compostelá.


Perseguindo sen dúbida a singularidade das súas obras adscribeas sempre a novidosas linguaxes importadas para o que se vale de arquitectos de Salamanca, cidade na que se formara e á que sempre amará.

Aínda despois da morte do arzobispo Fonseca seguen a traballar arquitectos salmantinos en Compostela. Velaí o caso de Rodrigo Gil de Hontañón, un home que pasou á historia por levantar en 1540 unha das máis temperás e discutidas achegas indianas á arquitectura galega. Trátase da Torre do Tesouro, da Catedral de Santiago. A singularidade da obra radica no seu remate en forma de pirámide graduada. Este reproduce case mimeticamente a forma da pirámide do Templo Mayor de El Tajín (Papantla, México), a máis espectacular construción das da antiga capital totonaca³.

Martín González⁴, un estudioso do proceso proxectual da Torre do Tesouro manifesta con rotundidade que

"...tales remates son algo insólito en la arquitectura española [engadindo que] hay razones para sospechar un origen extrapeninsular ya que la pirámide escalonada constituye un motivo familiar al arte precolombino americano sobre todo las pirámides del grupo de la costa del Golfo de Méjico, pertenecientes a la llamada cultura totonaca".

Completa os seus argumentos o referido autor lembrándonos a boa relación existente entre os españois e os totonacas, xa que ambos loitaron aliados contra os aztecas.



Abaixo: pirámide totonaca de El Tajín, Veracruz (México). Foto tomada de Pijoán; Summa Artis, Vol X: Arte precolombino, p. 171. Arriba: Torre do Tesouro da sé compostelá.



¹ Alonso III de Fonseca nace en 1474 en Santiago. Foi nomeado Arzobispo da cadeira compostelana en 1507, cargo que ocupa deica 1523 en que é designado para ocupar a da se toledana. Morre en 1534 sendo o seu corpo soterrado en Salamanca por desexo persoal.

² O palacio de Fonseca foi proxectado a comezos do século XVI polo arquitecto Juan de Álava. A súa planta rectangular adscribese a un modelo moi frecuente nos edificios universitarios da época. Máis novidoso é a fachada, de marcado espírito renacente, levantada en 1532 por Covarrubias, tomando como modelo a do Colexio dos Irlandeses de Salamanca.

³ Papantla sitúase varias leguas ó interior da costa, non lonxe da actual Veracruz. A cidade quedou abandonada en torno ó ano 1400.

⁴ MARTÍN GONZÁLEZ, J. J. "Los remates escalonados de las torres de la catedral de Santiago. *Boletín del Seminario de Estudios de Arte*, 1963, v. 29, p. 38.

O INTERCAMBIO CULTURAL VISTO COMO AMEAZA

A implantación en 1561 na cidade da Coruña dun tribunal da Inquisición por desdoblamento do de Valladolid co fin de “velar más de cerca, en los puertos del Océano, contra la introducción de libros perniciosos y personas dogmatizantes de las opiniones protestantes” fálanos da magnitude que acadan nunha data tan temperá os tránsitos de mercadorías e ideas a través deste porto Atlántico.

A clausura en 1573 deste e dos restantes portos de Galicia e a centralización no de Sevilla dos intercambios coas Indias semella ter sido provocada pola necesidade de controlar rigorosamente as fronteiras do Estado, receando do labor dos *aduaneiros*¹ da Inquisición e tamén para ofrecer a mellor protección ós convois de transporte fronte ós ataques dos piratas e corsarios.

OS FROITOS DA EMIGRACIÓN

O hermetismo fronteirizo non poderá impedir a difusión e implantación en Galicia, ó igual que no resto de Europa, das plantas e froitos indianos de interese económico. Neste momento inician a súa entrada na nosa terra o tabaco, a pataca, o tomate, o millo e o pemento. A cambio, nun intercambio nunca planificado, América recibe a vide, o trigo², a oliveira, a cana de azucre, oriúnda de Andalucía e o plátano, enviado alá dende as Illas Canarias.

Temos novas dos experimentos de adaptación das plantas indianas a Galicia. A experiencia lévase adiante no Convento de Herbón (Padrón), un centro onde se preparaban os misioneiros antes de acudir ás Indias. Aquí culminase a finais do século XVI o proceso de adaptación³ dalgunhas plantas traídas de México e do Perú.



Convento de Herbón nos primeiros anos do século XX. Advírtese a espectacular palmeira, plantada en 1442, polo palmeiro Xoán Rodríguez de Cámara.

¹ Nun documento [transcrito por Carré Aldao (1919), páx. 566] enuméranse os excesos cometidos polos oficiais da Inquisición nas súas visitas ós navíos ancorados no porto coruñés. Estes preocuparíanse máis de “ver y comprobar las mercancías antes que nadie las viera y a más ventajosos precios” que de velar polo seu oficio. Diante desto o concello da cidade protesta, expoñendo que “por tan notorio agravo los extranjeros se quejan y no quieren volver al puerto y con esto cesa el trato y comercio”.

² López de Gómara na súa *Historia General de las Indias* (1552) dedica un capítulo a tratar “las cosas de España que hay agora en La Española” e cita ó trigo, decindo que “los indios se dan poco a él”.

³ O erudito frei Martín Carbajo en *El Convento de Herbón*, 1985, p. 11 manifesta ter leído na memoria redactada polo Cardeal Del Hoyo trala súa visita á diocese a confirmación de que en Herbón comenzara a cultivarse a pataca “...de las que en la primera cosecha salieron muchas pero bastardas...”

Neste convento acaba de ter lugar por estas datas outro curioso episodio relacionado coa importación de especies vexetais exóticas. Trátase do que ten por protagonista a Xoán Rodríguez de Cámara, un infatigable viaxeiro padronés.

Este home de mundo, que mesmo tivera amores coa raíña Isabel de Castela, veuse retirar ó cenobio de Herbón tras rematar en 1442 a súa derradeira viaxe, esta vez como palmeiro a Xerusalén. No convento, que enriquece e amplía cos seus bens, planta unha palmeira, recreando ó seu xeito a tradición que obrigaba a tódolos palmeiros a facerse cunha folia da devandita árbore oriental trala peregrinaxe.

Así as cousas, a palmeira de Herbón, que Otero Pedrayo definiría como "a máis venerable de Galicia" rubricou ata a súa morte, na década dos vinte do século XX, a vocación cosmopolita de Herbón.

Os éxitos dos experimentos botánicos de adaptación de plantas exóticas nas feraces terras de Herbón sen dúbida sorprenderon ós seus autores, a quen de seguro lle resultaría impensable que só dous séculos despois daqueles ensaios a pataca e o millo, importados respectivamente do Perú e de México, chegarían a reemprazar¹ ó trinomio tradicional -castaña, nabo e centeo- na mesa e na paisaxe agraria de grande parte do país, conseguindo incluso convulsionar a organización da casa labrega.

Non será esta a última vez que a aclimatación a Galicia dunha especie vexetal foránea altere de forma notable a nosa paisaxe agraria ou introduza cambios na casa labrega. Dando un salto no tempo deica 1860 descubrimos as consecuencias da inocente visita que Frei Rosendo Salvado, misionero na Australia, xira á súa familia en Tui. En tal ocasión o frade agasalla a familiares e amigos coa semente do eucalipto, unha especie austral, descoñecida aquí. Século e medio despois daquel feito -e mediando xa outros intereses- a árbore, masivamente plantada chega a ocupar o 10% da superficie do país e a súa madeira mesmo ten substituído ás autóctonas nalgúns das súas aplicacións tradicionais. Salientamos aquí o desprazamento rexistrado no sector da construción, onde o eucalipto ten atinxido carta de naturalidade en estruturas, estadas e solados en tanto o castiñeiro ten sido desprazado á condición de produto raro, propio para labores finos e custosos.



O millo indiano reemprazará á castaña no agro e na mesa.

¹ Refire Lucas Labrada na *Descrición económica del reino de Galicia*, p. 10.

"Antes del año de mil setecientos sesenta y ocho en el cual padeció Galicia los azotes del hambre y de la peste, sólo en esta provincia [a de Mondoñedo] se cultivaban las patatas, y en corta cantidad; pero desde aquella época se han ido extendiendo considerablemente por todas las demás provincias del reino, a términos que ya en el Cebrero las siembran por marzo y abril cuando las nieves van a menos. En todas partes se dan, y es un excelente recurso para suplir la falta de granos, mayormente en Galicia, a donde las lluvias frecuentes son las que por lo regular ponen a riesgo las cosechas por el verano, pues estas mismas lluvias sirven para engordar las patatas".

OUTRAS INFLUENCIAS

As intervencións de arquitectos foráneos en Galicia incrementaranse conforme avanza o século XVI. Se en Santiago traballan profesionais da escola Salmantina, en Ourense e Monforte van facer os da escola Herreriana de Valladolid. Juan de Tolosa, arquitecto desta escola, vai levantar en 1591 na cidade do Cabe para o cosmopolita Rodrigo de Castro¹ o Colexio da Nosa Señora da Antiga, tamén coñecido como Colexio do Cardeal, en alusión ó seu fundador.

O cardeal elixirá como modelo para o seu edificio a máis emblemática das construcións do Estado naquel momento: o mosteiro de El Escorial. O valisoletano Tolosa non decepcionará as grandiosas expectativas do prelado e levantará en Monforte unha réplica do colosal edificio herreriano, aquel estilo con "severidade política" como o definiu Otero Pedrayo².

Co cambio de século esmorece o foco ourensán en tanto no compostelán prosegue a actividade se ben variará a procedencia dos arquitectos que traballan na cidade. Agora serán os andaluces Ginés Martínez e Fernández Lechuga quen coas obras do colexio de San Clemente e as do claustro de San Martiño Pinario respectivamente, enriquecerán a cidade coas linguaxes barrocas que se practicaban en Andalucía e que aquí aínda non se coñecían.

O novo estilo prenderá doadamente en Galicia, acadando formas propias e orixinais, ideadas por artistas nativos³ que se involucran no desenvolvemento deste novo estilo.



Na imaxe superior o Colexio da Nosa Señora da Antiga de Monforte. Na inferior o mosteiro de El Escorial, El Escorial, Madrid.

A CASA LABREGA

A vivenda máis común na Galicia rural do tempo do descubrimento das Indias é a casa terrea. Trátase dun edificio de planta baixa e muros de mampostería, que no seu perímetro rectangular acolle unha única dependencia.

Tipoloxicamente esta construción é a resultante da leve transformación da casa romana. Nisto coincidimos con

¹ O monfortino Rodrigo de Castro ocupa boa parte da súa vida como Cardeal de Sevilla.

² OTERO PEDRAYO, R. Ensaio histórico sobre a cultura galega, p. 214

³ Esto contrasta co sucedido durante os períodos renacentista e neoclásico nos que as linguaxes alleas aquí afincadas son desenvoltas sistematicamente por artistas foráneos.

de Llano¹, recoñecendo que as dificultades vitais da poboación durante o medievo impediron o desenvolvemento da tipoloxía da casa labrega.

Mais o modelo de casa terrea agora tórnase problemático xa que esta tipoloxía resultaba axeitada nunha sociedade que mantiña o seu gando en réxime de libre estabulación pero non na sociedade agraria do millo e da pataca, na que a liberdade do gando resultaba manifestamente incompatible coa conservación dos novos cultivos indios, necesarios para animais e persoas.

Así pois, recoller o gando dentro da casa, un novo requirimento operativo da economía labrega da época, será o detonador da transformación da tipoloxía.

Agora o edificio faise funcionalmente máis complexo zonificándose en dúas áreas diferenciadas: limpa e sucia. Os focos lixosos da casa, determinados pola presenza do gando e do fume, localizaranse na planta terrea en tanto a que a área limpa, destinada á pernocta humana e a almacenaxe das colleitas separaranse do terreo, ubicándose nun nivel superior, que se sobrepón á planta terrea.

Asistimos pois neste momento á primeira transformación funcional da vella vivenda humana que agora se transforma de célula residencial en unidade de produción da empresa familiar galega.

Unha vez máis o proceso evolutivo da tipoloxía vaise realizar con grande lentitude. De feito a vivenda terrea, ó igual que ocorría coa palloza, tamén pervive deica os nosos días, lastrada pola forte inercia que presenta o mundo rural galego diante das novidades.

As novas que da casa labrega lemos entre as liñas dos escritos realizados por algúns viaxeiros estranxeiros ó seu paso pola nosa terra confirmannos a pervivencia da vella casa terrea deica tempos moi recentes. A modo de exemplo traemos aquí o que sobre a vivenda escribiu en 1726 o francés Guillermo Manier, segundo o recolle García Mercadal²:

...la costumbre del país, para hombres y mujeres, es que se acuesten totalmente vestidos [...] Los animales duermen en la misma casa, con la reserva de unos palos que los separan. Los cerdos y otros animales están libres, para andar figando en la noche por todos los rincones de la casa.

A miseria da vida dos nosos labregos dificultará a xeralización do modelo de vivenda de dúas plantas que a introducción do cultivo do millo na nosa terra fixera aparecer e que suporá unha mellora notabilísima nas condicións de habitabilidade respecto de modelos anteriores.

¹ LLANO CABADO, P. de. Arquitectura popular en Galicia, (1981), p. 50

² GARCÍA MERCADAL, F. Viajes de extranjeros por España y Portugal.

De Llano¹, na súa investigación sobre a casa popular galega constata que ata ben entrada a idade moderna eran contadas as vivendas nas que se podería confirmar o avance antes referido. Isto permítelle afirmar que “moi poucas serían as diferencias existentes entre as edificacións dos campesiños de finais do século XVIII e as dos que traballaron as súas terras cinco ou seis séculos antes”.

Avanzando o tempo o modelo nacido a consecuencia da implantación do millo indiano -a vivenda de dous niveis- acabará impoñéndose fronte a solucións pretéritas. Deste xeito no século XX esta, coas súas variantes locais é manifestamente a tipoloxía máis estendida das da casa labrega galega.

O INDIANO

A amplitude que acada a penas cen anos despois do descubrimento a acción conquistadora nas Indias fai aparecer a figura do retornado aínda que nun primeiro momento e dada a dificultade e o alto custe da viaxe tan só retornarán aqueles individuos fortemente enriquecidos. O enxeño popular caracterizará de contado ó individuo que regresa á súa terra cunha crecida fortuna e axiña aplicaralle unha cativadora denominación: indiano².

A causa da estancia do indiano en América é moi diversa. Aquí encontramos a individuos que emigraron obedecendo á disciplina dun continxente, fora este militar ou relixioso pero tamén con personaxes embarcados na aventura americana de xeito individual ben como comerciantes ou simplemente como aventureiros.

Común a todos eles é a equipaxe que traen no seu retorno á terra natal, conformada por un bo capital e unha remesa inmaterial composta por ideas e gustos renovados.

Nesta orde de cousas é frecuente que o indiano, tocado por un desexo benéfico destine parte da súa fortuna ó engrandecemento da súa comunidade ou á axuda dos sectores máis depauperados desta, dos que, nos máis dos casos procedía o propio indiano.

¹ LLANO CABADO, P. de. *Arquitectura popular en Galicia*, (1981), p. 52

² Indica López Morales en *La aventura del español en América*, p. 50 que o termo “indiano” rexístrase por vez primeira nunha carta remitida en 1587 polo Licenciado Miguel Hidalgo dende Cartagena de Indias. A palabra está viva no galego moderno e como tal figura incluída na edición de 1997 do *Diccionario da Real Academia Galega* co significado: “Persoa que marchou como emigrante para América e volve rico.”

A primicia indiana recae en Jorge de Andrade, adañeirado en Perú, a quen encontramos apoiando con parte da súa fortuna a construción polo Concello de Pontevedra dun edificio escolar¹, obra que se inicia en 1644 seguindo un proxecto xesuítico importado de Roma.

As achegas realizadas polos indianos acadarán sona e transcendencia conforme se incrementa o continxente de retornados. Se nos primeiros tempos a pegada destes individuos pode cualificarse de anécdota exótica, case sempre centrada en accións de trasfondo relixioso², andando o tempo, concretamente a finais do século XIX, veremos protagonizando a actividade cultural e política de Galicia.

Outra consecuencia da expansión conquistadora é a aparición dun significativo grupo de individuos -relixiosos, políticos e militares- que van e veñen entre Galicia e as Indias por motivos profesionais.

Quizáis o caso máis significativo deles -pola dignidade do cargo e o temperá da data- é o de Frei Antonio de Monroy. Este fillo de galegos nace en México onde acada o grao de prior dos Dominicos na cidade de Querétaro, cargo que abandona en 1685 ó ser designado Arzobispo de Compostela. Na catedral santiaguesa o prelado indiano levantará unha rechamante construción.

Agachada no tenebroso ábside do templo, lugar frío, escuro e grave, chama a atención o luxo e a claridade dos mármore e xaspes da capela da Virxe do Pilar. Esta capela, distanciada da idea fundamental da basílica foi levantada polo Monroy para albergar o seu sepulcro. O leito, o único en todo o inmenso templo xunto co do apóstolo que se separa do húmido terreo, é o dun home vido do trópico. Un home que, en palabras ben medidas de Otero Pedrayo era "amigo do grande e da cálida luz da súa terra, do brillo azteca do ouro"³ o que segue a manifestarnos, sen disimulo, dende a tranquilidade do seu sepulcro santiagués.

¹ Este edificio aínda existe. Actualmente utilízase como sé do Museo Provincial.

² Jesús Bravo e Patricio Hidalgo en *De indianos y notarios* enuméranos algunhas das accións dos primeiros indianos gallegos. Velaí temos, por exemplo a doación de D. Antonio Freire Somorrostro, radicado en Portobelo (Panamá), quen organizara unha colecta entre "diferentes personas de dicho reino de Galicia para el Santísimo Sacramento de la catedral de la dicha Iglesia de Lugo". Da mesma maneira Tomás de Castro, residente en Manila (Filipinas) envía en 1680 unha importante dádiva ó arzobispo de Santiago para certas obras pías.

³ OTERO PEDRAYO, R. Ensaio histórico sobre a cultura galega, p. 194

Outro distinguido viaxeiro transatlántico é don Francisco de Gil y Lemos, un veciño de Taboada (Lugo) que chegou a ser vicerrei do Perú ós inicios do século XVIII. Traemos aquí a este ilustre indiano para reler as noticias recollidas nunha crónica da época¹ trala súa visita ó lar nai, manifestando nela o seu gozo "por haber conocido cuanto habían mejorado los paisanos de aquellos lugares en su alimento, vestido y habitaciones desde que los había visto en su mocedad".

Xuízos como o arriba citado, saído de tan ilustre pluma, serán nun futuro non remoto obxecto de forte controversia no seo dos grandes colectivos de emigrados que se formarán nas Indias.

¹ Esta narración recóllea CARRÉ ALDAO (1919), p. 393

UN NOVO ESTADO

Se no século XVII o indiano irrompe como axente promotor de arquitecturas, rachando a tradicional tríade conformada pola igrexa, a nobreza e o exército, no século XVIII aparece outro novo actor: o Estado.

A España posterior á guerra de Sucesión reborda riqueza. Independizadas as colonias neerlandófonas en 1648 o Estado ve aliviadas as súas arcas, que medran coas achegas das flotas ultramarinas ateigadas de prata e pedras preciosas arrancadas nas colonias americanas. Mais nesta España falta un aparello administrativo sólido, capaz de xestionar e controlar non xa o vasto imperio se non os seus propios asuntos internos. Ante esta situación os Borbóns, imitando o modelo xa iniciado na Francia ilustrada, acometen un ambicioso plano de racionalización administrativa.

As consecuencias para a actividade arquitectónica de tan colosal proxecto vanse traducir, como adiantabamos anteriormente, na asunción polo estado das competencias na dotación e construción das infraestructuras e dos equipamentos que a sociedade civil necesita para soporte das súas actividades.

A amplitude da reforma afectará incluso á organización administrativa do territorio, que agora se reordena, de acordo con criterios militares. Isto terá unha consecuencia directa nas cidades de Ferrol e A Coruña xa que na primeira delas a Coroa establece a cabeceira da Armada no Cantábrico en tanto a cidade herculina reafirmase como Capitanía Militar.

A DEFINIÇÃO DA NOVA ARQUITECTURA INSTITUCIONAL

A edificación institucional, asumida xa como competencia estatal, verase impelida a manifestarse cunha linguaxe nova, diferente da empregada ata aquel momento polos restantes axentes constructores.

Os primeiros pasos na formación do novo estilo serán a creación dunha academia, ó xeito da Francesa, responsable da súa definición lingüística e do adestramento dun corpo técnico -o dos enxeñeiros militares- que o aplicará.

Será Fernando VI quen en 1752 botará a andar a Academia, chamada de San Fernando na súa honra, encargada de controlar no sucesivo as empresas arquitectónicas do Estado e de definir a linguaxe oficial, coñecida no sucesivo como estilo neoclásico.

O establecemento dun corpo de enxeñeiros militares ha resultar dificultoso xa que escaseando no estado os técnicos axeitadamente formados a Coroa precisará enviar ós seus nacionais a disciplinarse nas reputadas escolas superiores francesas e mesmo verase na obriga de contratar enxeñeiros galos para poder desenvolver o ambicioso plan de construción de infraestructuras que se acomete neste século ilustrado.


Esta, en aparencia trivial decisión, terá unha grande repercusión na evolución das linguaxes artísticas do Estado e de Galicia durante o século entrante.

LINGUAXES GALAS NA ARQUITECTURA INSTITUCIONAL DE GALICIA

Ferriere, Montaigú, Petit de la Croix, Vergel, Sánchez Bort, Sánchez Aguilera, Giannini, Fernando Domínguez e Jorge Juan son os máis destacados dos nomes que forman a nómina do corpo técnico que a Coroa despraza ó foco bicéfalo Coruña - Ferrol.

Este grupo de singulares *inmigrados*, no que destaca a presenza francesa, serán os encargados de deseñar as numerosas obras¹ que Ferrol e A Coruña precisan para adaptarse á súa nova condición militar.

A actividade deste peculiar colectivo non remata aquí. A súa presenza en Galicia posibilitaralle ós técnicos franceses atender outras encomendas á marxe das misións militares que os trouxeron a Galicia. Algunhas delas tan significativas como o deseño da fachada principal da Catedral de Lugo, cun proxecto redactado polo enxeñeiro Bort² en 1769, para o que tomará como modelo a fachada da igrexa romana de San Xoán de Letrán ou a estrada Ferrol - Vilalba na que traballa o enxeñeiro Jean Perronet, responsable entre outras obras, da ponte da vila das



Fragmento do proxecto de estrada Lugo - Coruña, redactado por Lemaur. Imaxe tomada de Nardiz, C. *El territorio y los caminos en Galicia. Planos históricos*. Colexio de Enxeñeiros de Camiños, 1992.

¹ En pouco máis de medio século constrúense en Ferrol: Sala de Armas, hoxe Cuartel de Instrucción (Petit de la Croix, 1751); o Castelo de San Felipe (Montaigú); o Arsenal e a Concatedral (Bort) e o Hospital da Caridade. Desta época é o trazado do Barrio da Magdalena (Jorge Juan, 1762), un ensanche de poboación no que se asentarán os traballadores do Arsenal e ubicaranse os novos edificios públicos da cidade.

Na Coruña constrúense: a Casa do capitán Xeneral e Audiencia Territorial (Vergel, 1748); o Cárcere Real [demolido nos anos trinta deste século]; a Aduana [hoxe Subdelegación do Goberno] (Jorge Domínguez, 1770) e o Real Consulado [situado no edificio que construíra o comerciante coruñés afincado en Cádiz, José Ramos, según modelo propio daquela cidade; edificio hoxe ocupado por dependencias do Museo de Belas Artes] (1785). A este momento corresponden tamén a restauración da Torre de Hércules (Giannini, 1775) e a construción (Fernando de Casas, 1722) da traída de augas dende o monte de Santa Margarida.

² A realización das obras correspondeulle a José Elejalde e Alberto Ricoy, quen modificaron o proxecto inicial omitindo algunhas estruturas importantes como unha capela semiesférica que debía situarse entre as dúas torres, etc.

As torres foron levantadas a finais do XIX dacordo cun proxecto do arquitecto provincial Nemesio Cobreros, diferente ó de Bort.

Pontes.

Pero sen dúbida a máis destacada e ó tempo máis afrancesada de tódalas obras da ilustración en Galicia é o Pazo de Raxoi. Este edificio, emprazado no lateral sur da santiaguesa praza do Obradoiro será promovido polo bispo do mesmo nome como seminario e consistorio da cidade. Tras diversas vicisitudes acomete o seu deseño Charles Lemaur, un enxeñeiro francés ocupado naquel entón na construción da batería de Corcubión e do camiño real Astorga - A Coruña.

O proxecto do palacio compostelán, datado en 1767, resolve tan comprometido encargo tomando case literalmente un modelo que lle aseguraba o éxito. Trátase dun prototipo francés de palacio urbano, non exento de certa *grandeur*, do que naquel momento acaban de levantarse en Francia dous soberbios exemplares: a Casa do Concello de Nancy e o Capitolio de Tolouse.



As casas consistoriais de Nancy, arriba, e Compostela, abaixo.

En 1778 a Coroa habilita o porto da Coruña para o comercio coas Indias o que se xustifica pola existencia dun continuo tránsito de mercadorías e tamén dun certo fluxo de emigrantes. Estes movementos baséanse nos Correos a Cuba, Uruguai, Perú e Inglaterra que parten do porto coruñés e na existencia dunha completa infraestrutura portuaria formada por estaleiros, arsenal e un almacén xeral de víveres.

En 1808 a base dos correos trasládase a Ferrol. Con eles vaise para aquela cidade o almacén xeral de víveres da armada. No edificio que este servicio deixa vacante na Coruña instalábase agora unha fábrica de tabaco¹, destinada a procesar a materia prima importada de Cuba² polo porto coruñés.

A carón do tránsito de mercadorías e de pasaxeiros coas Indias prospera a Casa de Banca de José Pastor, fundada en 1776, expoñente dunha burguesía que se consolida e que axiña demandará espazos urbanos residenciais lonxe das estreitas rúas da cidade medieval. Con esta fin acométese, da man do enxeñeiro militar e Capitán Xeneral don Pedro Martín Cermeño, a realización dun ambicioso proxecto urbanístico baseado na construción de edificios residenciais na fronte portuaria da cidade ó xeito das operacións semellantes que se estaban a desenvolver naquelas datas nos *quais* de Burdeos e Toulon.



As casas de Paredes nun vello gravado.

¹ Esta fábrica aínda está hoxe operativa. O seu edificio situábase orixinalmente beiramar. Sucesivos desprazamentos da liña de costa re-situaron o edificio na coruñesa praza da Palloza. Unha fachada, levantada a principios do século XX, oculta a primitiva fábrica.

² Destacará pola súa calidade o tabaco procedente das grandes fincas do coruñés Farias que mesmo chega a darlle nome a un afamado labor cigarreiro.

Circunstancias adversas provocaron a paralización do proxecto que pretendía unificar as fachadas dos edificios cara ó porto cando a penas estaban en pé dous dos tramos previstos, concretamente os hoxe coñecidos como Casa de Paredes. Perde así a burguesía local para sempre a oportunidade de moldear a paisaxe urbana da cidade galega con criterios urbanísticos francófonos.

OUTROS INMIGRANTES, OUTRAS ARQUITECTURAS

Os enxeñeiros galos non serán os únicos inmigrados que acudan a Galicia no século XVIII. Incentivados pola *Ley de Matrícula del Mar* dictada en 1748 chegan ás nosas costas industriais cataláns interesados no salgado do peixe, que dende aquí exportan a súa terra. O fluxo de cataláns tardará en deterse, de sorte que en 1815 das 400 factorías conserveiras existentes un 80% pertencían a inmigrados desta orixe.

Os *cataláns*, como foron coñecidos popularmente, asentáronse fundamentalmente nas rías de Arousa e Muros. Escolleron para as súas factorías e residencias enclaves localizados á marxe das poboacións existentes, creando ás veces barrios, que aínda nalgúns casos seguen a identificarse como "Barrio dos Cataláns", tal sucede por exemplo na Pobra do Caramiñal.

Nestes enclaves podemos aínda hoxe ver quintas que evidencian detalles e motivos característicos da albanería catalana¹.


Á marxe dos movementos inmigratorios, na vella Compostela a actividade edilicia segue estando protagonizada pola igrexa se ben esta aínda se vale, dunha ou outra maneira, dos cartos de América. Así nolo reflexa a anécdota vivida polo arzobispo Malvar no porto de Cádiz en 1784. Este pontevedrés, bispo de Bos Aires dende 1777, retorna a Galicia por mor do seu ascenso ó arcebispado de Compostela, entrando na península polo porto gaditano. Aquí os aduaneiros da Facenda Real descubren nos buques do ilustre retornado un importante cargamento de ouro de procedencia incerta. Será o monarca en persoa quen resolverá o confuso asunto obrigándolle ó prelado a investir esa fortuna en obras públicas en Galicia.



Vella tampa na tumba dun inmigrado catalán no cemiterio de Abanqueiro, Boiro. Repárese que está redactada en catalán.

¹ Paralelamente á influencia na arquitectura e na urbanística dalgúns vilas costeiras das rías citadas cómpre lembrar aquí a significativa influencia que a lingua catalana tivo no enriquecemento do léxico galego das artes da pesca. Palabras como *bou*, *boliche*, *xábega*, *bergantín*, *vaixel* ou *cantimplora*, vivas no galego actual, asimiláronse do catalán no século XVIII.

Malvar investiu esa fortuna na construción da estrada Santiago - Pontesampaio. Desta vía aínda na actualidade podemos recoñecer algunhas das súas excelentes obras de fábrica entreocultas debaixo dos estratos máis recentes da estrada.



Fragmento do proxecto de estrada Santiago - Pontesampaio. Imaxe tomada de Nárdiz, C. *El territorio y los caminos en Galicia. Planos his-tóricos*. Colexio de Enxeñeiros de Camiños, 1992

SANTOS INMIGRANTES

Finalizando o século XVIII a igrexa abre os vellos cemiterios romanos, onde descansaban moitos dos mártires dos primeiros tempos do cristianismo, permitindo o seu traslado a templos doutros lugares da cristiandade. Con esta decisión preténdese afianzar a penetración do catolicismo no mundo.

A posesión dunha reliquia dun santo ou dun mártir resultou de sempre un atractivo para os templos que as posuían xa que eran fontes de riquezas por esmolas e doazóns. Así as cousas as igrexas nas que se alberga algunha reliquia destacan respecto ás do seu entorno xa por contar cun mellor mobiliario, máis imaxinería ou presentar un magnífico estado de conservación. A modo de exemplo lembramos aquí outra vez o efecto que sobre a basílica compostelá (incluso sobre Galicia enteira) tivo o descubrimento e atesouramento dos restos do apóstolo Santiago e mesmo a aventurada expedición do arzobispo Xelmírez polo norte de Portugal na procura de reliquias para enriquecer e exaltar o templo compostelán¹.

Algunhas igrexas galegas hanse ver beneficiadas pola antes comentada decisión de espallamento das referidas reliquias que dará inicio a unha insólita *inmigración* de corpos santos.

Estes corpos chegarán acó enviados por autoridades relixiosas en Roma que, sendo galegas de orixe, pretendéron beneficiar con isto ás súas parroquias natais. Tal é o caso de San Campio, enviado en 1794 á igrexa de San Ourense de Entíns (Serra de Outes) polo Cardeal Celada, daquela Secretario do Estado Pontificio.

Noutros casos a chegada a Galicia deste *santos inmigrantes* ten lugar de forma indirecta. Tal é o sucedido coas reliquias de santa Plácida, enviadas por Benito Quintáns a Santa María de Rubiáns (Vilagarcía) dende Cádiz, onde estaba emigrado. Aló o vilagarcián tería trabado amizade cun comerciante de orixe italiana radicado na cidade mediterránea quen lle regalaría a reliquia que o Quintáns enviará en 1825 a súa parroquia natal.

Dun modo moi similar chegará en 1848 o corpo de Santa Minia a Brión. A súa reliquia pertencía a un comerciante italiano, tamén radicado en Cádiz, quen lla regalaría ó seu servinte, o brionés Luís Tobío, en agradecemento polos seus servizos. O galego envía a santa a súa parroquia nai onde se instala no santuario que se rebautiza como de Santa Minia. En torno a el moi pronto nacerá todo un mundo mítico e folclórico que aínda hoxe mantense plenamente vigoroso.

¹ Xelmírez realiza no 1102 unha expedición deica Braga co ánimo de tomar na catedral daquela cidade algunhas reliquias. Parece ser que a toma realizouse dunha maneira moi expeditiva polo que algúns autores mesmo califican aquilo como roubo. Entre as reliquias *adquiridas* atópase o corpo enteiro de San Frutuoso e unha parte do de Santa Susana.

UN SÉCULO DE CONTRASTES

O século XVIII, no que segundo Otero Pedrayo¹ “... un Gulf-stream de prata e ouro choca nas costas ibéricas e as súas escumas van erguendo fachadas pomposas e rúas feitas para o paso das procesións e das cabalgadas ...” despídese en Galicia con grandes fames e tamén con algunhas crecidas fortunas. As fames afectan ó groso da poboación, malia a forte expansión que xa acadaron a pataca e o millo nestas datas. No reducido grupo dos afortunados encontramos a algúns indianos.

Ante estas circunstancias o continxente de galegos que abandonan a terra empurrados pola necesidade e atraídos pola fortuna indiana dispárase.

A constitución en Bos Aires en 1790 da *Congregación de Naturales y Originarios del Reino de Galicia*, primeira agrupación deste tipo e as fundacións en 1795 e 1804 de sociedades semellantes en Veracruz (México) e na Habana fálanos da amplitude e da organización da nosa colonia naquelas terras en datas tan temperás e, en certa maneira permítenos adiviñar o torrente migratorio que se achega.

¹ OTERO PEDRAYO, R. Ensaio histórico sobre a cultura galega, p. 197

GALICIA E AMÉRICA

No primeiro tercio do século XIX a degradada condición social e económica do país coincide con tres circunstancias que van favorecer a concreción en Galicia dunha ampla corrente migratoria cara sudamérica. Falamos do levantamento polo estado Español do veto á emigración dos seus nacionais cara ás antigas colonias americanas¹ co que se pretendía castigar ás recen nacidas repúblicas, e da aplicación de maquinaria de vapor na tracción dos buques, avance este que converte en rápidas e seguras as viaxes transatlánticas. A derradeira das circunstancias que van animar a emigración dos galegos neste tempo é a abolición da escravitude nos novos países sudamericanos o que fará necesaria a concorrencia de brazos en infinidade de oficios.

Así pois a necesidade de saír xúntase coa legalización da emigración, coa mellora das condicións da viaxe e coa necesidade de brazos.

O crecemento numérico do colectivo de galegos transterrados en América favorecerá a súa cohesión social. A resultas desta moi pronto na diáspora estará levantado un complexo entramado societario que prestará asistencia, formación e lecer ós nosos compatriotas.

Apoiándose neste sofisticado sistema -que aínda hoxe cumpre parte dos seus cometidos- multiplícanse as actividades políticas e culturais da nosa diáspora. Exemplos desto son a fundación en 1872 na Habana da sociedade coral *Ecos de Galicia*, da revista *El Avisador Galaico* (Cienfuegos, Cuba; 1878) da constitución da asociación galeguista *O Circo das Monteiras* (Montevideo, 1885) e da edición de *A Gaita Gallega* (A Habana, 1885), primeiro xornal en galego editado fóra de Galicia.

As actividades políticas e culturais acadan a súa máxima intensidade nos albores do século XX. Neste momento constitúese na Habana a *Asociación Iniciadora de la Academia Gallega*, que en 1906 funda na Coruña a devandita institución. Nesta mesma data inaugúranse en Bos Aires o *Banco de Galicia y del Río de la Plata*² e na Habana a *Caja de Ahorros y Banco Gallego*. E como querendo demostrar que o crematístico non excluía o emocional ó ano seguinte estrearase na Habana o Himno Galego co gallo da colocación da primeira pedra "en granito de Parga" do soberbio edificio do Centro Galego.



Os centros galegos asistían ó emigrante incluso no intre do seu pasamento. Repárese no expresivo texto desta tampa do cemiterio de San Xiao de Bastavales (Brión).

¹ Deixamos de empregar a denominación "indias" para referirmos ás repúblicas sudamericanas en canto estes países acadan as súas independencia políticas.

² Este banco, no que a pegada galega é hoxe meramente testemuñal é actualmente a principal entidade bancaria da Arxentina.

1898

A liquidación do Imperio Español, consumada en 1898 coa independencia de Cuba, Porto Rico, Guam e as Filipinas, ten escasa incidencia no colectivo dos galegos emigrados. Os nosos paisanos, asentados fundamentalmente en Cuba e, en moita menor medida en Porto Rico gozan de alta estima entre a poboación nativa, que sabe distinguir ó soldado do emigrante.

Quen si sufrirá o impacto das sucesivas independencias será o continxente militar desprazado nesas derradeiras colonias. Na data fatídica de 1898 e nos anos sucesivos, ós portos galegos van chegar milleiros de paisanos quen forzados a participar nunha guerra distante, perdida antes de ser declarada, chegan a súa terra derrotados e, en moitos casos feridos ou enfermos. Estes homes ateigarán os lazaretos, hospitais e cemiterios¹ da Galicia finisecular. Numerosas placas, monolitos e monumentos, levantados acá e alá, en alamedas e camposantos das cidades de Galicia, lémbrennos a súa epopea.

Mellor sorte acompañará ós nosos emigrados. Estes están perfectamente integrados na sociedade nativa. Nela permanecen trala independencia e continúan desenvolvendo con normalidade as súas actividades rutinarias.

A perda de Cuba terá un curioso e pouco estudado impacto nun dos primeiros (e frustrados) intentos de industrialización da Galicia agraria. Trátase da construción de dúas factorías azucreiras, levantadas como resultado dun plano nacional, ideado no 1900, para o fomento de alternativas ós subministros azucreiros cubanos. Neste momento constrúense no estado 82 fábricas de azucre das que dúas levantaránse en Galicia, concretamente en Padrón e Portas (Caldas de Reis). Abasteceranse estas fábricas do froito producido nunhas plantacións que estendían por 250 hectáreas da veiga do Ulla. A experiencia frústrase cando en 1904 un reaxuste no sector provoca o peche das fábricas galegas. Un século despois daquela experiencia, os esqueletos espidos daqueles colosais edificios industriais testemuñan o fracaso de dous soños: o colonial e o industrial.

¹ Dos aproximadamente 100.000 galegos mobilizados polo exército español terían morto uns 50.000 nos enfrontamentos e outros 4.000 durante a viaxe de retorno. Son datos aportados polo historiador Lourenzo Fernández Prieto nunha conferencia organizada pola *Asociación Cultural O Galo* en Santiago o 27 de abril de 1998 dentro do ciclo *O 98 visto dende as nacionalidades históricas*.

AS ARQUITECTURAS DO INDIANO

No efervescente ambiente que vive a colonia galega no período de entreséculos as doazóns de indianos en beneficio da terra natal crécese. Velaí temos o caso de Fernando Blanco. Un home quen tralo seu pasamento, acaecido na Habana en 1875, leiga os recursos necesarios para levantar un xardín de infancia e un centro de ensino medio no seu Cee natal.

Neste centro, dotado con todo tipo de equipamentos -xardíns, biblioteca, laboratorios, etc- ofrecíase, por mandato testamentario, ensino de balde a tódolos estudantes da bisbarra e servicios diversos á comunidade (vacinacións, veladas culturais, festexos, telefonía de uso público...). Pouco despois, en 1884, outro *americano* levanta a daquela inconclusa segunda torre do Santuario da Escravitude (Padrón).

Esta será unha actuación atípica xa que os indianos -e nisto a súa actitude contraponse á dos munílices galegos nunca emigrados- excluirán case sistematicamente¹ dos seus obxectivos a obra relixiosa.

Outro exemplo deste témolo no verinés García Barbón, enriquecido na Habana, quen nesa mesma data inviste a súa fortuna en obras públicas: costea a redacción do proxecto do ferrocarril Zamora - Vigo e constrúe e cede un colexio á vila de Verín. A Vigo, onde residirá tralo retorno, dóalle un asilo e o teatro que hoxe leva os apelidos do munílice, construído postumamente.

Grandes mecenas serán tamén os Irmáns García Naveira, retornados da Arxentina quen, conxunta ou separadamente, levantarán en Betanzos a partir de 1902 varias escolas e asilos, a casa do pobo, un singular lavadoiro e o extraordinario xardín enciclopédico chamado *El Pasatiempo*. Tamén destacan pola súa dadivosidade os Irmáns Álvarez. Naturais de Cortegada de Baños emigrarán a Bos Aires a comezos do século XX. Aló formaranse como arquitectos, levantando, ademais da propia sé do Centro Galego -que un deles chegaría a presidir- outros importantes edificios públicos. Froito da súa xenerosidade con Cortegada son o asilo, o parque, a escola e a propia casa consistorial da vila ourensá.

¹ Segundo datos do "Censo de edificios públicos promovidos por emigrados" por nós realizado, dos 340 edificios levantados en Galicia por emigrados en tódolos períodos históricos, tan só 16 son adscribibles a obras relixiosas.

Apurando o remate da ampla relación de indianos xenerosos coa terra non podemos deixar de mencionar a Manuel Barreiro Cabanelas, autodenominado Conde de Cabanelas, quen investiu parte da fortuna que amasara como propietario do *Jogo do Bicho*¹ en levantar gratuitamente para os seus veciños do Covelo (A Lama) unha nova aldea -*El nuevo Covelo*- totalmente urbanizada e dotada dun grande centro escolar. A operación complétase co desaloxo da antiga aldea que, progresivamente abandonada, cae na ruína.



Arriba, á esquerda a dereita: o vello Covelo, abandonado, en ruínas. Á dereita *avenida Barreiro Cabanelas* en "El nuevo Covelo". Abaixo: a igrexa e o cemiterio, equidistante de ambos núcleos.



¹ O *Jogo do Bicho* é unha lotería moi popular no Brasil.

AS ARQUITECTURAS DAS SOCIEDADES DE EMIGRANTES

As fundacións e doazóns filantrópicas pronto deixarán de ser exclusiva de individuos enriquecidos xa que o ánimo benfeitor acabará espallándose entre o colectivo emigrado. Así en 1903 nace na Habana a *Sociedad Aresana de Instrucción*, primeira das constituídas co fin de recadar fondos na diáspora para construír e soste r centros docentes en Galicia. Seguiralle en 1904 a *Unión Hispanoamericana Valle Miñor*, fundada en Bos Aires. Tras elas virán moitas máis, de feito en 1933 o número de sociedades de idéntica finalidade supera o centenar, só na Habana. Mais a construción escolar non será o único obxectivo dos emigrantes galegos. Así nolo ilustra unha nota editorial publicada na revista *Finisterre en América*¹, voceiro da comunidade fisterrán no Bos Aires dos anos vinte:

No es factible en los pequeños núcleos de población del agro gallego disfrutar de las comodidades de la vida moderna, mas hay un programa mínimo, una aspiración inherente, a la vida misma y ella es que cada uno de sus núcleos se vea siquiera en posesión de una fuente, un lavadero, una escuela de primera enseñanza y un camino carretero.

Recoñecendo a amplitude do déficit de equipamentos existente daquela na Galicia rural, moi frecuentemente a acción dos emigrantes dirixírase tamén, como apunta a revista *fisterrán*, á construción tanto de obras públicas -camiños, pontes e regadíos- como ó levantamento de todo tipo de dotacións.

Érguense con este obxectivo neste primeiro cuarteirón do século XX varios centenares de edificios públicos destinados a albergar usos tan dispares como asilos e sanatorios, centros de ensino de tódolos niveis, mercados, cemiterios, campos da festa, lavadoiros ou fontes, entre outras.

No "Censo de edificios públicos promovidos polos emigrantes en Galicia", por nós realizado² comprobamos que das 340 edificacións nel recollidas, algo máis de duascentas son construcións escolares, o que reflicte a preocupación dos emigrados por elevar o nivel formativo dos seus compatriotas na terra.

A actividade promotora dos indianos, tanto dos individuais como dos colectivos, deterase bruscamente co estalido da Guerra Civil de 1936. O carácter liberal e laico que de común tiñan os emigrados e as súas agrupacións posicionaráos co bando republicano. Consecuente a victoria dos alzados provocará a prohibición das actividades organizadas dos emigrantes e incluso a incautación de boa parte dos edificios que levantarán en Galicia.



Na imaxe superior, cuartel de bombeiros de Matanzas (Cuba). Na inferior, escola unitaria de Roupar (Xermade, Lugo). Repárase nas semellanzas formais existentes entrambos edificios.

¹ *Finisterre en América*, nº 5, dec. 1926

² Realizado, entre os anos 1988 e 1992, coa colaboración dos arquitectos Ana Sogo e Xosé Lois Martínez. Financiado en parte polo Colexio de Arquitectos de Galicia e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. O traballo permanece aínda inédito.

NOVAS LINGUAXES PARA NOVAS ARQUITECTURAS

Característica común a toda esta galaxia de edificios e equipamentos ideados e financiados na diáspora será o seu dobre simbolismo. Estas construcións amosarán a súa orixe indiana e simultaneamente esforzaranse por expoñer o progreso da comunidade. A estes fins dedicaranse todo tipo de recursos sintácticos.

Doutra parte o afán rexeneracionista perseguido polos emigrados vaise apoiar nalgunhas das máis avanzadas propostas da arquitectura europea e americana do momento. Por esta razón proverán ós seus edificios do ambiente axeitado e das máis altas comodidades, sen disimular certa intención exemplarizante.

As linguaxes e as técnicas constructivas utilizadas poñeranse a disposición destes obxectivos. Por esta razón o emigrado recorrerá sistematicamente a estéticas e a tecnoloxías alleas ó mundo rural no que se insiren as novas formas. Así as cousas é habitual que se copien directamente as apreciadas arquitecturas das cidades americanas ou que os proxectos dalgúns dos edificios levantados en Galicia mesmo sexan realizados na diáspora¹.

Paradoxicamente a copia ou imitación das arquitecturas das capitais sudamericanas polos emigrados galegos será a vía pola que os estilos artísticos da europea contemporánea van chegar ó noso mundo rural. Lembramos aquí que a finais do século XIX e no primeiro tercio do século XX as cidades sudamericanas, nas que reside o groso da nosa colonia exterior, están poboándose de arquitecturas eclécticas, modernistas, rexionalistas, etc- tomadas directamente de Europa².

¹ Por exemplo, o proxecto da agrupación escolar de Ares (1908-1925), promovido pola "Alianza Aresana de Instrucción" radicada na Habana (Cuba) e en Florida (USA) foi redactado na capital cubana por Miguel Bendamio Montero, naquel momento secretario da Alianza.

² Trecco, A. et al. *Presencia italiana en la realidad arquitectónica de Córdoba*, p. 71 e ss. relátanos como a burguesía arxentina importa de Europa, principalmente de Italia, Suíza e Alemaña, naquel momento arquitectos, albaneis e mesmo artesáns para dárenlle forma ós seus elegantes soños residenciais.

Jorge Moreno et al. (1993) no seu traballo *L'apporto italiano all'immagine urbana di Montevideo nell'edilizia civile* abundan no tema. Na p. 320 do traballo leemos que a arquitectura civil do Montevideo finisecular débese "alla consistente presenza degli immigranti italiani che all'epoca si stavano insediando su questa sponda del Río de la Plata, apportando alla loro nuova patria tutto un bagaglio culturale che, amalgamandosi con gli elementi preesistenti e con quelli che guingevano in quel periodo per altri vettori, tracciò il profilo culturale peculiare ell'Uruguay...".

Reforzan estes argumentos as cifras presentadas por estes investigadores na táboa 8 do seu traballo. Esta táboa, titulada *Addetti all'a industria edilizia e affini, a Montevideo nel 1908 secondo la nazionalità*, que reproducimos a continuación, evidencia claramente a impor-

De igual maneira a unidade estilística, unha das características que identifican ó conxunto dos edificios públicos promovidos polos nosos emigrantes no período de entreséculos debe entenderse que é tamén un efecto do que estaba a suceder na arquitectura burguesa na Sudamérica da época xa que alí nesas datas estanse aplicando linguaxes arquitectónicas idénticas en teatros tan diferentes como poden ser A Habana ou Montevideo.

ARQUITECTOS E EMIGRANTES

A meirande parte dos equipamentos construídos polas *Sociedades de emigrantes* ou por indianos enriquecidos foron levantados no medio rural, un medio no que o arquitecto estivo ata hai pouco ausente. En consecuencia o deseño e a execución destes edificios será responsabilidade maioritariamente de mestres de obras¹.

Se os edificios levantados sen a intervención de arquitectos se inspiran como dicíamos, nas arquitecturas burguesas das cidades sudamericanas, nos escasos edificios deseñados por profesionais da arquitectura os emigrados vanse someter á bagaxe estética e ideolóxica do profesional de vez.

Nestes casos o autor maniféstase con rotundidade e distanciándose de calquera contaminación ultramarina, emparentará a súa obra coa que poida estar construíndo naquel mesmo momento en calquera lugar de Galicia para outros clientes seus non emigrados.

tancia que a man de obra italiana (e tamén a española) tivo no que facer edilicio do Montevideo de principios de século.

	Legno	Metalli	Edilizia	Pietra	Ceramica e vetro
Uruguayani	2.369	2.984	2.262	149	295
Spagnoli	926	974	451	101	86
Italiani	1.092	1.447	2.014	368	147

¹ Segundo datos do "Censo de edificios públicos promovidos polos emigrantes en Galicia", por nós realizado, só en seis dos 340 edificios rexistrados hai constancia da intervención de arquitectos no proceso de deseño.

Velaí o exemplo de tres edificios institucionais levantados por arquitectos para emigrantes galegos na década dos vinte: a escola de Fontán (Sada), promovida por unha sociedade de sadenses radicada en Nova York; o asilo Dávila¹ en Ortigueira, promovido polo indiano que lle dá nome e finalmente, o Sanatorio Antituberculoso de Cesuras, promovido polo Centro Galego da Habana. Das obras referidas, as dúas primeiras deseñounas Julio Galán na década dos vinte. A outra ideouna en 1927 Rafael González Villar.

Comprobamos que calquera das tres edificacións -cada unha no seu estilo- se incardina sen estridencias no conxunto da obra dos seus autores.

O EMIGRANTE NA CONSTRUCCIÓN DA CIDADE MODERNA

A experiencia migratoria espertará en non poucos emigrados un exacerbado espírito empresarial. Algúns deles continuarán en activo tralo retorno, de xeito que nalgúns casos descubrímoslos como autores de singulares empresas en Galicia. Traemos aquí as actuacións que dunha ou outra maneira tiveron repercusión urbanística ou arquitectónica na nosa terra. Tal é o caso das protagonizadas por García Barbón quen empregará parte da súa fortuna na construción e explotación do Balneario de Cabreiroá (Verín), na apertura da liña de autobuses Verín-Vigo e mesmo na promoción, con ánimo lucrativo, de numerosos edificios de vivendas no ensanche de Vigo.

Outro caso notable é de Manuel Losada Carrara², enriquecido en Cuba. Retornado a Vigo funda na década dos dez deste século a “Compañía General Gallega de Electricidad”, a “Compañía de Tranvías Eléctricos de Vigo” e a “Vidriería Gallega”. Tamén é significativa a experiencia de Eloy Domínguez Veiga, nacido na Garda en 1885 e emigrado en 1920 a Manises (Valencia) onde traballa na afamada fábrica de cerámica da localidade. Retorna xubilado a Catoira e aquí levanta a fábrica de gres cerámico que aínda hoxe está operativa.

Sen dúbida a máis curiosa destas experiencias é a de Manuel Lemos. Este nativo da Ramallosa (Nigrán) unha vez retornado de Bos Aires acomete a construción dunha cidade balnearia na Praia de Lourido (Nigrán) a seme-

¹ Este edificio alberga actualmente a *Escola de Gaitas de Ortigueira*.

² Losada construiu e donou ó seu Gondomar natal unha ampla praza, coidadosamente axardinada, situada fronte ó consistorio da vila.

llanza das existentes no esteiro do Plata na Arxentina. Conseguirá rebautizar a praia pontevedresa co simbólico topónimo de *Playa América*, co que hoxe é amplamente coñecida, pero no momento do seu pasamento, ocorrido en 1946, da cidade balnearia só construírá uns poucos *chalés*, unha capela e a avenida na que hoxe malvive un busto do peculiar urbanista.



As arquitecturas residenciais dos indianos configuraron espazos urbanos singulares en vilas e cidades de Galicia. Arriba, á esquerda, Ribadeo; á dereita, Pontecaldelas. Vilas e cidades agradecidas ás patrias de adopción deixarán constancia do seu agarimo en mil formas, por exemplo bautizando co seu nome algunha importante vía urbana. Na imaxe da dereita, unha artística placa, colocada nos anos vinte nunha rúa da Garda, adicada á República Dominicana.



Sendo Vigo o porto que rexistra o meirande tránsito de emigrantes dos do conxunto do estado, sorprende que aínda estea por estudar a contribución desta circunstancia no desenvolvemento da cidade. Aquí non nos cabe máis que conxectural que o tránsito entre 1887 e 1913 de 502.934 emigrantes (segundo cifras oficiais) polo seu porto debeu supoñer máis dunha oportunidade de negocio. Así o pensan moitos, entre eles Manuel Veiga¹, quen no artigo "Vigo, capital galega da emigración" indica:

Para un sector da burguesía viguesa a emigración foi un negocio, incluso o seu máis importante negocio. Lembremos simbolicamente que os fundadores de Faro de Vigo eran consignatarios e que durante anos o decano da prensa española viviu dos anuncios das compañías de navegación que trasladaban aos emigrantes a América.

máis adiante confirmaranos as súas (e as nosas) sospeitas con outras hipóteses nos seguintes termos:

...loxicamente o negocio da emigración redundou en beneficios para a cidade que viu nacer no ano 1900 o Banco de Vigo e que urbanisticamente lle proporcionaron a parte máis significativa da súa fisonomía actual.

A CASA DO AMERICANO

A acumulación das forzas e tensións que o galego capta en sudamérica terán tamén a súa inevitable incidencia na casa labrega, de sorte que o período de entreséculos vains deparar outro dos momentos históricos que conformaron esta tipoloxía.

Comprobamos, unha vez máis que os recursos económicos e ideolóxicos importados polos nosos emigrados estarán detrás desta mutación.

O noso emigrante, retornado por regra xeral das grandes cidades sudamericanas, traerá consigo conceptos de hi-xiene, de confort e de intimidade diferentes dos da Galicia rural.

Na nova casa que o retornado levanta na súa aldea natal ten lugar unha reestructuración, baseada na aplicación destes novidosos conceptos, co obxectivo de modificar unhas condicións de habitabilidade que agora se consideran obsoletas.

Sufrirán esta reestructuración o gando e o fume. O gando, unha intrusión con trescentos anos de historia e o fume, que tradicionalmente ennegrecía a vivenda labrega agora, controlados², serán definitivamente afastados



A casa do *americano* distánciase en color, forma e composición da vernácula. Arriba, casa en Adelán, Alfoz. Abaixo, outra entremezclada co caserío de Vilachá, Monfero.



¹ VEIGA, M. Vigo, capital galega da emigración. *A Nosa Terra* (22-10-1998).

² Isto será posible coa introducción na casa da cocíña compacta (popularmente chamada *bilbaína*, en razón da súa orixe) e do alumado eléctrico, que reemplazarán á lareira de campá aberta e ó alumado por quinqués.

da vivenda labrega.

Doutra parte, uns renovados sentidos da intimidade¹ e da hixiene, tamén desencadeados pola experiencia americana, provocarán o fraccionamento da área de durmir da vella casa en cuartos independentes, para cada parella ou sexo da familia e a instalación do cuarto de baño ó que se prove de auga encanada, novidades estas que revolucionarán hábitos hixiénicos seculares.

Mais a transformación agora non se limita ós aspectos tecnolóxicos e funcionais da vivenda. Tamén a configuración formal da tipoloxía hase ver fundamente alterada. Será a consecuencia da aplicación de novos criterios compositivos fundados, por vez primeira, no ordenamento xeométrico² dos alzados do edificio e na utilización da cor, cousas ambas insólitas deica aquel tempo na arquitectura popular de Galicia e que nos vinculan directamente cos invariantes estéticos da arquitectura vernácula sudamericana³.

A CASA DO GALEGO EN AMÉRICA

A vivenda individual é un sinal de identidade. A este respecto cómpre lembrar que non poucos pobos emigrados tenderon a reproducir na diáspora as formas das súas vivendas vernáculas, incluso sobrepoñéndose ás dificul-



Na foto, casa da vila de Manatí (Cuba) na que o actual presidente da Xunta don Manuel Fraga viviu a súa experiencia migratoria na década dos vinte.
[Foto: Rigo Senarega, *La Voz de Galicia* (30-8-1998)]

¹ Estes cambios xa se tiñan dado nas arquitecturas populares doutros países de Europa. Carlos Flores en *Arquitectura popular española*, p. 427 indican que "el desarrollo del sentido de la vida privada [...] el retiro voluntario de la vida en común y de los intereses comunes de los propios compañeros. Dormir en privado; comer en privado; ritos religiosos y sociales en privado. Esto, que se produjo conjuntamente con la definición y separación de las funciones, se extendió en la Francia del siglo XVII hasta la cocina".

² Tradicionalmente as aberturas da casa eran proxectadas de dentro para fóra, en función exclusivamente das necesidades, sen preocupación esteticista. Así pois o submetimento a regras xeométricas está demostrando unha "vontade de forma".

³ A este respecto asumimos o que di Chueca Goitia en *Arquitectura del siglo XVIII. Historia Universal del Arte Hispánico*. Madrid, Espasa, 1957, p. 14: "Es muy difícil desarraigar los usos y las costumbres de un país solo por el prurito de imitar lo otro [...]. Así vemos que lo primero que se adopta de una arquitectura extranjera es la decoración, lo externo, lo superficial, lo que queda a flor de piel. Mas variar la estructura, la distribución de los edificios, las prácticas constructivas y tantas cosas más que pertenecen a la tradición es ya mucho más difícil".

tades materiais ou climáticas locais. Velaí os exemplos dos galeses emigrados na Patagonia¹; dos luxemburgueses² e belgas³ afincados nas grandes chairas dos USA ou dos alemáns residentes na colonia Tovar, preto de Caracas. Mencionamos tamén ás innumerables *China Town* que os chineses teñen levantado en tódalas grandes cidades do mundo -dende Melbourne a Londres- onde se asentán. Nas colonias de emigrantes, segregadas do seu entorno, os naturais de cadansúa orixe reproducen as formas das arquitecturas e incluso a morfoloxía do hábitat nativo evidenciando así os mecanismos de autoprotección ante o desarraigo.

Entre os emigrados galegos non coñecemos esta querencia, manifestada eso si na conservación doutros trazos culturais: lingua, costumes, folclore, tradicións, gastronomía, etc.

Entendemos que este fenómeno debe ser obxecto dunha investigación específica, aínda pendente.

A QUINTA INDIANA

As transformacións da casa labrega anteriormente referidas acadarán cotas extremas nun singular produto arquitectónico propio do primeiro tercio do século XX. Trátase da quinta indiana, unha variante da vivenda rural adscrita ós retornados de maior poder adquisitivo.

O carácter suntuario da quinta esplicitarase no seu sobredimensionamento e na utilización de materiais de construción excepcionais tales como madeiras exóticas brasileiras, azulexos portugueses, carpinterías de ferro colado, etc.

Estilisticamente a quinta indiana en Galicia amosa unha ampla gama de respostas, encadradas todas dentro dun amplo eclecticismo no que parecen imperar os delirios individuais dos promotores por riba doutras consideracións. Característica común a todas estas construcións é seren representativas do status alcanzado polo seu



Arriba: igrexa construída en 1880 pola colonia de emigrados luxemburgueses en New Riegel, Ohio, EE. UU. Imaxe baixada de www.igdleo.lu. Foto de Jean Ensch

Abaixo: imaxe da igrexa da vila de Riegel, Luxemburgo; foi baixada de members.aol.com/setfriegel/friegel

¹ Boa parte da Patagonia foi colonizada a mediados do século XIX por inmigrantes galeses, que fundaron tres colonias: Puerto Madryn, Trelew e Rawson, a capital da actual provincia de Chubut

² En Luxemburgo a arquitectura construída polos emigrados alén das fronteiras do país goza de recoñecemento público. A páxina web do Instituto Gran Ducal [www.igd-leo.lu] mostra numerosos exemplos de edificios e aldeas construídas polos naturais deste país nos Estados Unidos de Norteamérica, como por exemplo a vila de san Donatus, no condado de Jackson, Idaho.

³ V. Town Belgium no condado de Ouzankee en Wisconsin.

propietario na súa aventura na diáspora e a resolta superación da paupérrima condición de partida.

O empeño por singularizar o edificio con frecuencia chegará tamén ó seu entorno. Aquí un xardín plantado de especies ornamentais, ás veces de orixe ultramariña, subliña a opulencia dun propietario que non precisa alimentarse do que cultiva.

Este tipo de vivenda non se estende por toda Galicia. A súa localización -aínda por estudar- redúcese a áreas moi concretas: a rasa cantábrica, a península de Ares - Mugardos e as bisbarras de Baiona, A Garda e Pontecaldelas. Detectamos concentracións puntuais de quintas indianas nas vilas de Pontecaldelas, Ribadeo e A Garda, onde configuran singulares sectores urbanos.

A falta dun estudio que explique a súa distribución en Galicia aceptamos, por estimalos certos, os argumentos sostidos por Ramón Villares¹ ó analizar a localización das construcións escolares sufragadas por emigrados e indianos:

Escolas e xornais sufragados por emigrantes sitúanse naquelas comarcas onde non tiña moita relevancia o problema foral, de modo que as máis das remesas chegadas de América puideron ter este destino alternativo. No centro e no sur do territorio de Galicia, as remesas da emigración foron destinadas a cubrir necesidades derivadas dunha peculiar estrutura da propiedade, onde a consecución dun protagonismo histórico por parte dos campesiños tivo que ser pagado coas suores dos seus irmáns emigrados.

A quinta indiana representará por tanto a materialización dos excedentes económicos unha vez satisfeitas as necesidades vitais e a actividade muníفة do seu promotor.

Introducimos aquí unha cita de Eugenio Carré Aldao², que malia a súa extensión, estimamos necesaria para describir o papel que o indiano xogaba no seu medio naquelas datas:

[referíndose ós indianos de San Cosme de Barreiros (Barreiros)] ...son muchos los naturales del país que habiendo emigrado, en muy temprana edad, a las repúblicas americanas, lograron allende los mares, en fuerza de trabajo y de constancia, labrarse una fortuna que les permitiera volver a la tierra nativa a pasar los últimos años de su vida, rodeados por las mismas brisas que les acariciaron en su infancia y cobijados por la misma humilde iglesia en que aprendieron a sentir a Dios. Primero fueron los escasos ahorros, trabajosamente allegados y remitidos a los ancianos padres para comprar o desembargar el pedazo de terreno que les daba sustento; después fue el puñado de pesos para ensanchar la humilde heredad o adquirir nuevas *leiras* o *cortiñas*; más tarde el giro o la letra para remendar la pobre casuca aldeana y adecentarlá para el día en que el ausente viniese a dar *una vuelta* a su país y abrazar a sus progenitores; y, al fin, el retorno definitivo del indiano, que no obstante haber vivido casi exclu-



Villa Borinquen, A Garda.

A singularidade da casa dun retornado do Porto Rico expresada con técnicas case publicitarias.

¹ VILLARES PAZ, R. *Figuras da nación*, p. 240.

² CARRÉ ALDAO, E. En *Geografía General del Reino de Galicia*. t. II, p. 703

sivamente para el trabajo, *ha visto mundo* y sabe como se vive y se disfruta de lo bien ganado y a tanta costa adquirido. Y entonces no se satisface ya con la vieja casa paterna, ni con el terreno mezquino y escaso de otros días. Compra en sitio pintoresco una buena heredad, y alza en ella su *chalet* o su casa de campo, y allí vive, descansando de las pretéritas andanzas, recogiendo a borbotones en sus ojos la luz y en sus pulmones el aire embalsamado del terruño.

Mais a figura e as accións do indiano espertaban sentimentos encontrados. Velaí, a modo de exemplo, o expresado no artigo "O que todo galego ten que saber" que, sen rúbrica, se publica o primeiro de decembro de 1926 en *A Nosa Terra*:

O galego sole terse en pouco [...] d'eiquí a xenofilia en total-as súas formas, dende a súa escesiva estimanza pr'os forasteiros ... ata a adoución do castelán e dos estilos d'América no vestido e na arquitectura das casas.

ARQUITECTOS E INDIANOS

A participación do arquitecto na construción dos edificios públicos cos que os indianos ou as "Sociedades" obsequiaban ás súas comunidades natais foi moi reducida. Na construción das quintas indianas a presenza do arquitecto será igualmente anecdótica, tal como nos refire Covadonga Álvarez Quintana no seu colosal estudio¹.

As máis das veces o proxecto residencial do indiano será deseñado por mestres de obra que mesturando modelos alleos con outros tomados no entorno da obra levantarán as eclécticas arquitecturas das quintas indianas.

Nos contados casos nos que intervén un arquitecto no deseño dalgunha destas mansións descubrimos arquitecturas que buscan o protagonismo recorrendo ó uso de linguaxes vangardistas² ou mesmo empregando as máis avanzadas e novidosas tecnoloxías do momento.

Como exemplo do que levamos dito expoñemos o caso protagonizado polos irmáns Juan e Pedro Moreno Ulloa.



A Torre dos Moreno, levantada en Ribadeo en 1915, contou cun dos primeiros ascensores de Galicia.

¹ Álvarez Quintana, C. en *Indianos y Arquitectura en Asturias: 1870 - 1930*, t. II, p. 405 - 498 manifesta que tan só cento setenta e cinco das máis de mil seiscentas obras de orixe indiana por ela catalogadas en Asturias (excluíndo as obras de clara adscripción enxeñeiril) están vinculadas á autoría dun arquitecto.

² Debemos entender o calificativo "vangardista" aplicado nun ámbito estritamente local. De feito as arquitectura vangardistas de calquera das vilas da Galicia rural de comezos de século non poderían calificarse como tales en relación coas que se estaban a producir noutros puntos de Europa ou mesmo nas cidades costeiras de Galicia.

Estes *indianos* levantan en 1915, no centro de Ribadeo unha fastuosa residencia, aínda hoxe coñecida como Torre dos Moreno¹. Neste edificio a ruptura coas arquitecturas do seu medio non se limita á inserción dunha obra de estilo modernista no casco medieval da vila. A súa rabiosa contemporaneidade maniféstase en toda a súa intensidade no vistoso e innecesario ascensor e na construción, por vez primeira na vila, dunha estrutura de formigón armado.

¹ O proxecto é do arquitecto asturiano Julian García Núñez e do enxeñeiro Ángel Ardem.

AS MIGRACIÓNS DA GUERRA CIVIL

A crise económica mundial de 1929 fai minguar notablemente os movementos de poboación entre Galicia e América que chegarán mesmo a deterse en 1936, por prohibición governativa, como consecuencia da Guerra Civil. Os movementos poboacionais que a contenda provoca en Galicia serán de reducida intensidade, debido á brevidade dos episodios bélicos nesta terra. Aínda así o seu impacto cultural resulta significativo.

Analizamos en primeiro lugar os feitos desenvolto por un curioso colectivo. Trátase do dos soldados de orixe marroquina e relixión musulmana pertencentes ó exército nacionalista.

Unha masa de sesenta mil individuos, parte da cal chega a Galicia para convalecer das feridas da guerra en establecementos situados na retagarda do fronte. Aquí foron concentrados no Hospital militar da Coruña e no Balneario de Guitiriz.

Do seu paso por ambas poboacións queda constancia en sendas construcións, levantadas para o servizo dunha comunidade que loitou mercenariamente ó servizo dun dos bandos nunha guerra que lles era allea. Estas son o cemiterio mouro da Coruña, situado á beira do mar nas inmediacións da praia de San Amaro e dunha pequena mesquita, perdida dentro da mesta fraga do balneario de Guitiriz.

Estas curiosas arquitecturas, hoxe en estado de abandono, caracterízanse polo seu elocuente, case caricaturesco, aspecto mourisco.

Máis dramáticas serán as circunstancias para os vencidos, un colectivo, formado por un nunca cuantificado pero representativo número de galegos que agora debe iniciar o exilio.

Os exiliados instalaranse nos países do cono sur e en México, onde os nosos emigrados acollerán ós recen chegados que reactivan a vida cultural e social da diáspora galaica.

A constitución en 1944 en Montevideo do *Consello da Galiza* revela ben claramente o alto nivel organizativo destas xentes.

AS MIGRACIÓNS CONTEMPORÁNEAS

En 1946 levántase a prohibición da emigración, cun dobre obxectivo. Por unha banda pretenderíase contrarrestar a influencia das xentes do exilio na colectividade galaica e frear a proxección internacional das súas reivindicacións e actividades e por outro aliviar a precaria situación na que a economía estatal queda sumida trala Guerra Civil e da que non consegue saír por mor do bloqueo internacional ó que é sometido o estado franquista.



Un patio da mesquita do balneario de Guitiriz

FRIAS

AXENCIA GALEGA DE TURISMO



Viaxe a Hespaña no barco que desexe pras festas de Santiago

IDA E VOLTA, 10 % DE DESCONTO

CHAMADAS CON DATA FIXA DE EMBARCO

VENEZUELA 1016 — T. E. 37 - 4628 — BUENOS AIRES

A progresiva sofisticación dos medios de transporte tornará segura e económica a viaxe. Deste xeito popularízanse os desprazamentos internacionais o que vai potenciar os intercambios entre as dúas marxes do Atlántico. Aquí reproducimos unha inserción publicitaria -das moitas que se publicarán- aparecida durante 1956 na revista Galicia emigrante, editada en Bos Aires.

O colofón das actividades dos exiliados e dos emigrados na posguerra terá lugar en Bos Aires en 1956. Nesa data ten lugar, a iniciativa do Consello da Galiza o reivindicativo *I Congreso da Emigración*. Terá a súa réplica oficial no *Congreso de la Emigración Española a Ultramar*, organizado polo nacente Instituto Español de Emigración, celebrado en 1959 en Madrid. Neste mesmo ano a apertura en París dun Centro Galego apunta a importancia que acada xa a emigración a un novo destino: a Europa rica.



Os movementos migratorios cara a América e Europa manifestan peculiaridades que os diferencian notablemente. Na imaxe da esquerda, emigrados embarcando cara Cuba no porto de Vigo, na década dos dez. Na foto da dereita un grupo de expatriados en Suíza desembarcan no aeroporto da Coruña para pasar en Galicia as vacacións do Nadal de 1974 [Foto tomada de Os españois tamén fomos emigrantes].



De agora en diante assistiremos ó progresivo devalar da colectividade galaica en Sudamérica. En tanto esto sucede medrará imparabilmente o fluxo migratorio cara a Europa e tamén cara as áreas industriais do Estado Español e mesmo a destinos distantes. Neste sentido a incautación en 1961 polo goberno cubano do histórico Centro Galego da Habana, deixando na rúa ós seus 52.000 asociados pode ser visto como o primeiro signo duns tempos nos que a chegada das emisións de televisión á Coruña e dalí a toda Galicia será o limiar dunha nova etapa. Unha etapa na que ás vías de transculturización tradicionais, vencelladas de sempre cos fluxos migratorios, sumaranse outras, novidosas e extremadamente potentes.

A crise económica mundial de 1973 e o estado de inestabilidade política que se instala en Sudamérica poñen fin á epopea migratoria galega cara ás antigas Indias. A partir deste momento iníciase o retorno para uns e a integración definitiva para o resto. A variación dos destinos migratorios, acaecida na década dos sesenta lése na xeografía que definen as aperturas dos novos Centros Galegos: Londres (1964), Xenebra (1967), Valencia (1964), Ermua (1968) e Montreal (1970). Entre tanto diversos parámetros¹ confirman o esmorecemento imparable da nosa colonia en América do Sur.

O fluxo migratorio cara a Europa caracteriza á década dos sesenta e setenta, acadando o seu máximo en 1977. Nesta data a nosa colonia en Europa está formada xa por 350.000 paisanos².

EUROPA E AMÉRICA. DOUS MUNDO E DÚAS DIÁSPORAS

As circunstancias que os nosos emigrados coñecerán en Europa diferirán radicalmente das que os seus antergos experimentaran en Sudamérica unhas décadas atrás. En consecuencia, as demandas vitais destas xentes, de entre as que é prioritaria a de construción da propia vivenda, manifestaranse de moi diferentes formas segundo a procedencia dos emigrados.

Nestas páxinas temos descrito á emigración galega nas indias como a dun colectivo que preferirá asentarse nas grandes cidades sudamericanas, fuxindo dos inhóspitos interiores de países aínda daquela mal estruturados. Neses países, carentes de sector público, o galego botará a andar as institucións colectivas que o estado non lle facilita, conseguindo formar potentes asociacións que a xeito de estados dentro do estado, articularán e enriquecerán a vida da colectividade na nosa diáspora.



As circunstancias dos nosos emigrados foron moi diferentes en Europa e en América. Na imaxe superior: barracón onde eran aloxados os traballadores españois dunha fábrica en Kassel (Alemaña), 1973. Imaxe inferior: Hospital Benéfico do Centro Galego da Habana (1943). Fotografías tomadas, respectivamente de: Archivo fotográfico de la Emigración Española en Europa da Fundación Primero de Mayo e, de González Tosar, *O moi ilustre Centro Galego da Habana*, en: *Galicia e América*, p.144

¹ En 1974 só o 26% dos 100.000 socios do Centro Galego de Bos Aires nacera en Galicia.

² Naquel momento na cidade de Vigo, a meirande de Galicia, residían 150.000 persoas.

Paradoxicamente na Europa rica a tutela estatal nos sectores formativo, asistencial, laboral, etc., voltearase en contra do emigrante, quen agora non encontra máis motivos para reunirse cos seus que os do mero lecer. Así as cousas a comunidade galaica en Europa, espallada por un continente moi urbanizado, sen institucións propias sólidas será incapaz de afrontar con éxito a integración en países de lingua, relixión e costumes distantes. Deste modo o noso emigrado na Europa rica non chega a adaptarse á nova realidade, derivando esto nunha aguda crise na que, rexeitando a realidade do país de destino e recoñecendo as chatas da súa terra natal, quedará orfo de referentes, a modo de cidadán de ningures.

Diante da fractura antes referida o individuo deféndese coa creación dun mundo propio. Un mundo nacido da amalgama de compoñentes tomadas no país de destino na emigración con outras que persisten do substrato de orixe, ambas recreadas pola inventiva persoal e enriquecidas con imaxes tomadas das máis dispares fontes¹.

A CASA DO RETORNADO DE EUROPA

A casa, obxecto sensible como poucos ós cambios sociolóxicos, acusará unha vez máis as tensións e forzas desencadeadas pola mutación de modos, costumes, crenzas e gustos derivadas da vivencia migratoria na Europa. A vivenda do emigrante retornado de Europa distanciarase da casa labrega tradicional, da casa do americano e tamén das arquitecturas vernáculas dos países de destino na emigración.

A brusca transformación que afecta agora a casa labrega acusarase tanto espacial como funcionalmente.

Formalmente a nova vivenda caracterizarase pola busca da súa condición de obxecto único.

Esta intención basearase principalmente na fragmentación volumétrica do edificio, circunstancia que se reforza a medio da utilización da cor. Igual obxectivo descubrimos detrás dos máis frecuentes invariantes destas novas arquitecturas: partición da cuberta, exteriorización das escaleiras, disposición abondosa de balcóns nas fachadas e incremento deica a temeridade da lonxitude dos corpos voados.

Pero sen dúbida a meirande novidade do momento constitúea a transformación da vivenda en célula residencial, superando a súa tradicional condición de unidade básica da empresa familiar agraria xa que agora nela, malia emprazarse no medio rural, ningún dos seus ocupantes vivirá en exclusiva do cultivo da terra ou da crianza dos animais.



A permeabilidade dos nosos emigrados cara ás arquitecturas dos países que os recibiron demostrase sempre escasa. Na imaxe, fachada da Casa de Galicia en París.

¹ Falamos aquí das aportadas polos medios de comunicación e das novidades que os nosos emigrantes poden recibir na súa convivencia nos seus destinos con emigrantes doutras realidades por exemplo turcos, italianos ou portugueses.

Esto é, a vivenda, entendida como unidade de produción na que toda a familia se implicaba na sacrificada batalla da subsistencia convértese en unidade de aloxamento dun conxunto de persoas pertencentes á mesma familia pero independentes entre si.

OS EMIGRANTES NA CONSTRUCCIÓN DA CIDADE CONTEMPORÁNEA

As maiores saídas de emigrantes cara ó estranxeiro rexístranse na década 1965 - 1975. Paradoxicamente estes movementos, que despoboan a Galicia rural coinciden co máis importante crecemento poboacional rexistrado na historia das cidades e vilas de Galicia que agora coñecen unha manifesta expansión urbanística, traducida no incremento vertixinoso dos seus padróns e parques inmobiliarios.

Este raro fenómeno caracteriza ás migracións contemporáneas de Galicia e como tal merece atención.

Dunha parte o incremento poboacional das máis importantes cidades explícase na querencia dos emigrantes retornados por instalarse en poboacións con equivalente urbano xa que nelas poderá desenvolver algún tipo de actividade laboral tralo asentamento definitivo en Galicia. Noutros casos o retornado preferirá instalarse máis cerca da súa aldea natal, escollendo daquela como lugar de residencia -e por idéntico motivo que ó do emigrante retornado á cidade- a entidade de poboación cabeza da comarca. As manifestas dificultades para retornar¹ definitivamente provocarán que na realidade en moitos casos as vivendas que o emigrante adquire sexan ocupadas de forma esporádica, restrinxíndose o seu uso ós períodos de vacacións do emigrante.

Nas grandes cidades a década anteriormente sinalada caracterízase pola expansión dos barrios. Así na Coruña, Vigo e en Ourense medran novas barriadas en torno a rúas con denominacións tan significativas como Venezuela, Bolívar, Caracas, Barcelona ou mesmo ó longo de estradas que chegaron a converterse en avenidas antes sequera de ter sido bautizadas, tal é o caso do da Travesía de Vigo.

Pero na procura de simbolismos urbanísticos dificilmente podemos encontrar outro máis significativo que o que se deduce, por exemplo, do irmanamento de Santa Comba -pequena vila da Galicia profunda, cun censo de a penas 2.200 habitantes- coa metropolitana e universal Río de Xaneiro.



A presenza dos *venezolanos* palpita, entre outros lugares, nos balcóns e tamén en moitos dos rótulos dos barrios contemporáneos de Vigo. Na imaxe edificio *Maracaibo* e cafetería do seu mesmo nome na Praza de Compostela.

¹ Entre as causas que impiden o retorno dos emigrantes algunhas das máis citadas polos estudiosos son: necesidade de permanecer no exilio económico para producir máis recursos crematísticos, desexo de permanecer na terra onde afincan os fillos, dificultades para o remate do negocio inciado no estranxeiro...

CADRO 1	POBOACIÓN RESIDENTE (DE FEITO) EN DIVERSAS CIRCUNSCRICIÓN GALEGAS					
	1970		1981			
	Valor absoluto	Valor relativo	Valor absoluto	Valor relativo	Valor absoluto	Valor relativo
Galicia (conxunto)	2.583.674	100	2.753.836	107	2.720.445	105
Vigo	197.144	100	258.724	131	276.573	140
Carballiño	9.662	100	10.942	113	10.886	113
Santa Comba	11.492	100	11.385	99	11.206	96

CADRO 2	VIVENDAS OCUPADAS E DESOCUPADAS EN DIVERSAS POBOACIÓN GALEGAS						
	1970		1981		1991		
	Valor absoluto	Valor relativo	Valor absoluto	Valor relativo	Valor absoluto	Valor relativo	
Vigo	existentes	57.350	100	89.252	156	100.806	176
	desocupadas	48.910	100	71.756	147	78.744	161
Carballiño	existentes	3.328	100	5.320	160	6.484	195
	desocupadas	2.925	100	4.349	149	3.582	122
Santa Comba	existentes	2.691	100	3.563	132	4.170	155
	desocupadas	2.558	100	2.545	100	2.653	104



Vistas da vila de Avión. En primeiro lugar vemos o que resta do vello Avión, unha entidade conformada por edificacións illadas, espalladas sen orde aparente pola topografía. Na seguinte imaxe vemos a área de Avión onde se emprazan as vivendas levantadas polos *mexicanos*. Neste caso a imaxe do hábitat desenvólvese de acordo cunha pauta urbanística propia dunha sofisticada cidade xardín.

En Avión, cabeceira do concello ourensán do mesmo nome, protagonizan a imaxe da vila actual un significativo número de suntuosas vivendas unifamiliares, caracterizadas por estar desocupadas grande parte do ano. Destacan estas construcións de entre as do modesto casarío da vella aldea polo súa amplitude, polo exotismo e o luxo dos seus materiais de construción e polo seus coidados xardíns. A razón desta situación, xa estudiada¹, ten un diagnóstico claro, do que aquí traemos as súas conclusións:

La liquidez monetaria comenzó a aumentar como consecuencia de las más o menos afortunadas aventuras económicas americanas, pero Orense no fue nunca considerada un lugar idóneo para invertir, sino, como mucho, para consumir en gastos suntuarios e improductivos. Quizás el factor de emulación de las antiguas clases terratenientes derivó la posible inversión en construcción de señoriales mansiones.

A presenza de sete oficinas bancarias nun núcleo de a penas 661 habitantes (1981) confírmanos o arriba descrito, revelándonos a prosperidade dunha comunidade que aínda vive de a cabalo entre a pequena vila e a xigantesca cidade de México.

Especial atención merecenos tamén a vila de Burela onde o impacto urbanístico das migracións resulta de certo singular.

A singularidade de Burela ven doutra particularidade. Aquí os inmigrantes non son unicamente galegos retornados. A vila cantábrica na que en 1970 vivían 1.800 persoas verá multiplicarse o seu censo deica os 4.200 habitantes en 1981 acusando un espectacular incremento do 230%. Tan excepcional crecemento está provocado pola construción e posta en marcha en San Cibrao (Cervo) dunha planta productora de alumina e aluminio, unha xigantesca industria de enclave que aínda en fase de construción atrae xa a numerosos inmigrantes, entre eles a varios centenaes de cidadáns de Cabo Verde.

Hoxe, transcorridas máis de dúas décadas daquel momento, a comunidade africana -os *morenos*- segundo a denominación local, está totalmente integrada na vila, hoxe xa unha pequena cidade de 8.000 habitantes dos que un 50% deles levan residindo na vila menos de dez anos.

Así naceu unha pequena cidade, na que a súa feble identidade queda patente nas arquitecturas anónimas, de estética uniforme que levantaron os seus moradores.

¹ *La emigración en la provincia de Orense : el retorno y sus perspectivas*, p. 12.

GALICIA E EUROPA

A crise económica de 1973 pon freo á epopea migratoria galega. As medidas de axuste económico instauradas en Europa e a desintegración das economías nacionais de moitos dos tradicionais destinos migratorios en Sudamérica retraerán a entrada de máis inmigrantes e incluso provocarán a expulsión, máis ou menos velada dos xa admitidos.

Nestas circunstancias tan só aqueles emigrados que mantiñan unha situación laboral e familiar estable conseguirán permanecer nos países nos que se asentaran, desencadeándose o retorno¹ daqueles dos nosos homes e mulleres que xa cumpriran os obxectivos que os levaran a marchar.

Andando o tempo diversas circunstancias virán transformar o mapa político europeo, protagonizado pola Comunidade Económica Europea dende a súa constitución en 1959. A este ente adhírese o estado español en 1985. Seis anos máis tarde os membros da Comunidade acordan establecer a libre circulación dos seus traballadores dentro do territorio comunitario e no 1992 estas medidas, nun principio de alcance estritamente económico, acadarán xa relevancia política. Agora a Comunidade Económica Europea a medio do tratado de Maastricht devén en Unión Europea, é dicir nunha organización superestatal dotada de certas características políticas² propias dos estados organizados. A unificación das estruturas militares dos países de Europa, feito que se produce case simultaneamente, vén de amparar o que xa pode ser visto como acto fundacional dunha entidade supranacional e multicultural.

Galicia e a súa diáspora vese directamente implicada neste novidoso marco xa que o país queda integrado de cheo nas novas estruturas territoriais e políticas. A resultas desto os cidadáns galegos, independentemente do lugar de Europa no que circunstancialmente se atopen, estarán afectos por unha única cidadanía, a europea, cos seus dereitos e obrigas.

Na vida cotiá esta circunstancia suporá para os nosos emigrados afincados en Europa a retirada do calificativo "emigrante" que os acompañou sempre. Agora os nosos homes e mulleres acadan a condición de "traballadores desprazados", gozando en calquera dos quince estados da Unión Europea dos mesmos dereitos e deberes que na súa terra nai.

¹ No decenio 1987-1997 teñen retornado a Galicia un total de 62.789 galegos residentes no exterior.

² Ausencia de fronteiras interiores a tódolos efectos; unidade monetaria; tribunal de xustiza, banco central e parlamento único; capitalidade, bandeira e himno propio, etc.

A EMIGRACIÓN DOS CAPITAIS

A Unión Europea protagonizará de agora en diante as achegas diñeirarias foráneas que chegan a Galicia, eclipsando coa súa amplitude e impacto ás remesas que aínda seguen a enviar os emigrados. Estas contribucións económicas van vir canalizadas a través dun instrumento denominado FEDER (acrónimo de Fondo Europeo para o Desenvolvemento Rexional), establecido pola Comunidade Económica Europea en 1975. Nútrese o FEDER dunha partida económica dos orzamentos da Unión Europea destinada especificamente a corrixir os desequilibrios rexionais no interior da Unión, formada por contribucións proporcionais de cada un dos seus membros. A distribución realízase por unha comisión plural que identifica as áreas territoriais que dispoñen dun *poder de compra*¹ inferior á media europea e asígnalle os recursos precisos para a execución de proxectos (xeralmente refírense á creación de infraestructuras e á dotación de equipamentos) motores de desenvolvemento.

Galicia, unha rexión europea que dispón dun *poder de compra* equivalente ó 61% da media europea² beneficiase amplamente da participación económica europea que ten inxectado cada día, dende 1993 a hoxe, no sistema económico deste país unha media de cento cincuenta millóns de pesetas.

Así as cousas Galicia, que iniciara o século dotándose de infraestructuras e equipamentos gracias ós recursos monetarios achegados dende Sudamérica faino, no cabo do século, cos recursos agora achegados da Europa rica.

Entre tanto dende América do Sur o que resta da colonia galega, comesta polas crises políticas e financeiras e acosada pola senectude pasiva de grande parte dos seus efectivos, demanda o auxilio da terra nai³. Diante desta situación o goberno galego inicia en 1992 os envíos de axuda humanitaria. Nun primeiro momento aténdense as demandas da colectividade galaica afincada en Cuba, un colectivo particularmente erosionado pola crise de modo que é incapaz de soste sequera a pequena parte do vello edificio do Centro Galego que acaba de devolverlle⁴ o goberno cubano.

En dezanove expedicións, saídas de Galicia cara a illa antillana entre 1992 e 1995, embárcanse “300 toneladas

¹ *Poder de compra* é un parámetro que pondera factores tales como o PIB, a renda per cápita, a taxa de desemprego, etc.

² Son datos de 1993

³ Unha das últimas peticións deste tipo, da que se fai eco a prensa galega [maio de 1999], é a da Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Cospeito (fundada en 1928) que require urxentemente 70.000 dólares americanos para gastos perentorios.

⁴ Lembramos aquí que o vello edificio do Centro Galego fora incautado polo goberno revolucionario cubano en 1961.

de productos alimenticios enlatados y medicinas, así como outros artículos que pueden ser de utilidad para apoyar a la colectividad gallega, como material escolar, útiles de aseo o ropa...”¹.

Mais os envíos humanitarios non se circunscriben a Cuba. As accións de apoio á colectividade galaica en Sudamérica sucédense de forma que na década dos noventa fanse familiares as imaxes de conselleiros do goberno galego, alcaldes e persoeiros varios viaxando á Galicia da diáspora para entregarlles todo tipo de mercadorías, dende autobuses de terceira man, lapis ou alimentos enlatados a apósitos para equipar quirófanos en calquera sanatorio escanastrado dalgún dos vellos centros galegos americanos.

GALICIA, TERRA DE INMIGRANTES

Galicia, cun 35% da súa poboación² residindo alén das súas fronteiras vén de ser escollida -no devalar do século XX- como patria de adopción para xentes doutras terras.

Falamos dun grupo, reducido pero que medra imparabilmente³ e que se caracteriza pola súa heteroxeneidade tanto racial e cultural como económica⁴.

¹ Noticia publicada no xornal *Galicia en el mundo* o día nove de xaneiro de 1996. Este xornal, subvencionado polo goberno galego distribúese entre a colonia galega espallada polo mundo.

² Según datos censuais oficiais, actualizados para as eleccións municipais do 13 de xuño de 1999, teñen a consideración legal de galego 4.109.288 perosas. Delas residen en Galicia 2.705.688, é dicir, un 65% do total. No resto do estado están empadronados 625.000 (é dicir, un 16%), no resto de Europa residen 219.500 galegos (un 5%); en América viven 554.100 (que equivalen a un 13% do total) e noutros continentes rexístranse uns 5.000 individuos, isto é, o 1% do total.

³ A principios da década dos oitenta a dimensión deste colectivo era insignificante. En 1997, segundo reconto realizado polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales sumaba apenas 17.400 efectivos. Nun só ano increméntase ata os 20.600 segundo as mesmas fontes ou a 40.000 segunda estimación (que inclúe ós ilegais), realizada pola organización non gubernamental galega Ecos do Sur.

⁴ Xeograficamente os inmigrados chegados a Galicia proceden fundamentalmente de Arxentina, Cabo Verde, Portugal, República Dominicana, Marrocos, Senegal e da China. Existe tamén un grupo de individuos chegados dos países do leste de Europa. Profesionalmente a adscrición dos inmigrados tamén é moi diversa. Segundo datos do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales o 73% dos permisos laborais concedidos en Galicia en 1996 a inmigrantes correspondía á venda ambulante, un 8% ó sector hosteleiro e o resto ás máis diversas ocupacións. Naturalmente estas fontes non analizan as ocupacións dos inmigrantes ilegais, significativas nun grupo tan importante como é o das mulleres inmigradas procedentes da República Dominicana que, nun número estimado de 1.000 persoas dedícanse á prostitución e ó servizo doméstico ilegal. Profesionalmente existe unha certa segregación por nacionalidades. Así a venda ambulante está monopolizada practicamente por oriundos de África, a minería da pizarra por portugueses, a pesca de altura por caboverdianos, a restauración por chineses, a docencia de idiomas por británicos e a actividade musical por nativos da Europa do leste. Igualmente detéctase unha certa orde na localización espacial de moitos inmigrados. Así os portugueses localízanse maioritariamente en terras de Valdeorras, os caboverdianos en Burela en tanto que o resto dos grupos afínase maioritariamente en Vigo, A Coruña e Santiago.



Ceremonial do inicio da campaña pesqueira do bonito en Burela. Na imaxe, correspondente á campaña de 1999, vemos á raíña e ás donas de honra do evento. Unha delas é unha burelense de orixe caboverdiana. Foto: Xaime F. Ramallal; *La Voz de Galicia* (7-6-1999)

Ó día de hoxe -finais de 2000- a influencia dos inmigrados na arquitectura ou na urbanística de Galicia é nula xa que aínda ningún dos colectivos forasteiros radicados na nosa terra ten desenvolto actividade arquitectónica algunha nin os seus riscos culturais téñense expresado espacialmente. Así pois a súa pegada a penas transcendeu máis aló da pintoresca e exótica nota que ofrecen os decorados de cartón pedra dos restaurantes chineses nas cidades e vilas de Galicia ou da discreta¹ existencia dunha mesquita nos baixos dun edificio de vivendas en Vigo.

A DIÁSPORA HOXE

O contexto político e económico que levamos descrito ten unha fonda influencia no colectivo dos nosos emigrantes, retornados ou non.

A Galicia finisecular esta sometida a lexislacións multinacionais e ós impactos culturais foráneos chegados aquí por vías máis poderosas que as dos medios de comunicación tradicionais. Falamos dos turistas e peregrinos que en cantidades millonarias nos visitan, ou dos inmensos fluxos de información chegados pola *internet* ou polas antenas parabólicas das televisións á carta.

Neste contexto a actividade dos emigrados na conformación da realidade galega contemporánea queda relegada a un lugar secundario². E a marxinação débese en boa medida á dispersión dos esforzos dos emigrantes e dos retornados contemporáneos, unha colectividade desorganizada, formada por unha masa heteroxénea desprovista de máis ideais. En consecuencia os seus esforzos e ideas dilúense en improproductivas aventuras na súa terra³.

¹ Sorpresa causou en Galicia a visita que en maio de 1998 realizou o *serigne* (máximo líder espiritual da conferencia Mouride da relixión musulmana) a Galicia para reconfortar á comunidade Senegalesa afincada na nosa terra.

² Paradoxicamente isto prodúcese nun momento no que o colectivo emigrante conta coas meirandes atencións e dereitos da súa historia. Citamos a modo de exemplo, que o exercicio do dereito ó voto coloca ós emigrados nunha posición decisoria en 50 concellos de Galicia nos que os residentes ausentes suman máis do 20% do padrón municipal.

³ Van aquí a modo de exemplo algunhas das máis sonadas actuacións públicas dalgúns emigrados da década dos noventa: Fermín López Santos, emigrado en Navarra, propón a creación no seu Xermade natal dun zoolóxico; un grupo de emigrados en Madrid doan dúas campás, fabricadas artesanalmente en Galicia, á Catedral da Alameda; un emigrado en Alemaña regálalle un camión de bombeiros á cidade de Vilagarcía; Manuel Vázquez Rodríguez, veciño de Sarria, emigrado en Grecia, levanta un templo nun monte do concello para facerse anacoreta e un grupo de mexicanos constrúen e doan á súa aldea un heliporto e unha piscina pública no Xarés (A Veiga). As vivencias dos emigrados, tamén actualizadas ó fio dos tempos, abundan no antes referido. Traemos aquí, a modo de exemplo algunhas das experiencias ecoadas na prensa galaica en 1999: José Ramón Rodríguez, veciño de Coristanco, viaxa dende Estrasburgo, onde reside dende 1968, pilotando un ultralixeiro do clube de voo daquela cidade e Alconio Queizán Pol, de Castroverde, é designado "Lucense del Año" por difundir "su amor a Lugo" dende os fogóns do 10 de Downing street, onde traballa como cocifeiro do primeiro ministro británico,

CARA UNHA NOVA REALIDADE MULTICULTURAL

Os feitos políticos, o desenvolvemento tecnolóxico e a construción de infraestruturas insiren a Galicia en diversas redes multinacionais. Lembramos aquí que na década dos noventa prodúcese o enlace das autoestradas e dos gasodutos¹ de Galicia cos europeos e ten lugar a universalización entre nós da telefonía móbil sen fronteiras. Salientamos tamén a ampliación da oferta televisiva tradicional con multitude de canles internacionais que agora chegan doadamente a calquera fogar. Non nos esquecemos tampouco da *internet*², unha potentísima vía de intercambio de información da que, malia a súa imparabile expansión e rápida implantación, esperamos aínda insospeitadas novidades.

Todos eles son síntomas da nova situación. Unha situación na que conceptos tradicionalmente vinculados coa idea de nacionalidade tales como identidade, cultura popular ou emigración deveñen arcaicos ó tempo que xorden outros como diversidade, globalidade, transculturización ou mestizaxe. Conceptos novidosos que esperan a nosa redefinición.

Ó respecto traemos aquí as palabras do venezolano Uslar Pietri³ sobre a mestizaxe:

Si algo caracteriza al mundo actual es la dimensión, potenciada al infinito por los modernos medios de comunicación, de un proceso de mestizaje cultural que, por primera vez en la historia, nos acerca a vislumbrar la realidad de una cultura mundial que no va a ser, finalmente otra cosa que una incorporación de todas las culturas históricas locales a una nueva realidad de alcance global.

nando a morte de 58 viaxeiros.

¹ En 1998 lévase a cabo o enlace dos gasodutos de Galicia cos do norte de África a través da rede portuguesa estando a piques de concluír a unión da rede galega coa centroeuropea ó través de Asturias. No 2000 están operativas as conexións por autoestrada entre A Coruña e Lisboa e tamén a de Vigo con Benavente, enlazando o sistema viario de alta capacidade de Galicia co europeo.

No 1993 acádase a universalización da telefonía fixa en Galicia como consecuencia da instalación dunha rede de microemisores que cubrindo todo o territorio. Apoiándose nesta rede prodúcese tamén a expansión da telefonía móbil, que se universaliza en 1997. Deste xeito faise posible o enlace telefónico de voz e datos dende calquera punto da nosa terra con calquera lugar do planeta en tempo real.

A expansión da rede de reemisores de telefonía móbil polo mundo, un proceso aínda en expansión, posibilita xa a utilización dos teléfonos persoais dos galegos en 140 países do planeta.

² En 1999 na internet aloxan os seus *webs* dez centros galegos do mundo. Este número é crecente. Tamén se localizan xa *sites* e *chats* especificamente concibidos para enlazar entre si ós galegos espallados polo mundo. Estes foros cibernéticos transformarán conceptos tan vencellados á emigración como o de morriña ou sefardade.

³ USLAR PIETRI, A. Elogio del mestizaje. *El País* (12-7-1997)



Selo do *Centro Gallego* de Toronto (Canadá), fundado en 1970.

A convivencia do hórreo galaico coa folla de carballo da confederación canadiana simboliza a nova realidade multicultural que emerge na fin do milenio.

Esta opinión, que facemos nosa, é compartida polos profesores Rowe e Schelling¹, quen abundan no tema nos seguintes termos:

The tendency for products from different cultural environments to mix on a global scale is accelerating as the century draws to an end. It is a process which has both negative and positive aspects. One of its effects is homogenization, whereby differences either between the objects themselves, or between the experiences involved in their making, or between the ways in which we receive them become eroded. At the extreme this destructive process involves cultural death. On the other hand, the vast increase in channels of communication which flow across cultural boundaries has the effect of dismantling old forms of marginalization and domination and making new forms of democratization and cultural multiplicity imaginable².

Neste contexto globalizador a condición de capitalidade cultural europea que a vella Compostela detentou no ano 2000 -xunto con outros sete emblemáticos burgos europeos- sitúa a Galicia ante un panorama multinacional no que as forzas transculturais, unha vez máis, conduciran a cara novos e insospeitados destinos.

¹ ROWE, W. e SCHELLING, V. *Memory and Modernity : popular culture in Latin America*, p. 1.

²

A tendencia pola que os produtos de diferentes entornos culturais se misturan a unha escala global acelérase conforme o século acaba o seu final. Un dos seus efectos é a homoxeneización por medio da que as diferencias tanto entre os obxectos en si ou entre as experiencias involucradas na súa produción, ou entre os camiños polos que recibimos, devesen erosionados. No extremo, este proceso destrutivo implica a morte da cultura. Por outra banda, o vasto incremento de canais de comunicación que flúen a través das fronteiras culturais ten o efecto de dismantelar velhas estruturas de marxinalización e dominación, facendo imaxinables novas formas de democratización e extensión da cultura.

anexo

**CADRO CRONOLÓXICO
A HUMANIDADE, A ARQUITECTURA E AS MIGRACIÓNS
GALICIA, ESPAÑA E O MUNDO**

INTENCIONS

Preténdese con este cadro non é tanto facilitar o seguimento da secuencia histórica dos principais acontecementos relacionados coa diáspora galega como situalos dentro do máis amplo panorama histórico, político e cultural. Na columna da esquerda agrúpanse os feitos significativos de Galicia e os relacionados, directa ou indirectamente coa Galicia da diáspora. Na columna central relaciónanse os acontecementos no Estado Español e finalmente, na da dereita, faise o propio cos sucesos de ámbito planetario.

Hai que advertir que neste cadro amalgámanse os feitos arquitectónicos e os migratorios entre si e ambos á súa vez cos de calquera outro tipo, sempre e cando estes presenten a potencia precisa para ser recoñecidos como fitos na historia da humanidade.

Estimamos que os datos así arroupados ofrecen a súa mellor e máis completa lectura.

ABREVIATURAS

ap.	aproximadamente
BA.	Bos Aires
CEE	Comunidade Económica Europea
CG.	Centro Galego
EE. UU.	Estados Unidos de Norte América
IGM.	Primeira Guerra Mundial
IIGM.	Segunda Guerra Mundial
XG.	Xunta de Galicia
R. D.	Real Decreto
R. O.	Real Orde
PE.	Parlamento Español
SS.	Seguridad Social
GB	Reino Unido
UE.	Unión Europea

A PREHISTORIA

<u>GALICIA</u>	<u>ESPAÑA</u>	<u>MUNDO</u>
-3000000		<i>Australopithecus afarensis</i> . Paleolítico inferior; xacemento de Olduvai (Tanzania). Cantos taiados con golpes sinxelos.
-2000000		Primeiro individuo do xénero homo: <i>Homo habilis</i> . Rudimentos de fala; utensilios elementais.
-1800000		<i>Homo erectus</i> . O primeiro homínido emprende as migracións que o levarán de África cara a Europa e Asia.
-1000000		Machados de man: primeiros útiles bifaciais.
-600000	Indicios de presenza humana.	
	Xacemento de Atapuerca (Burgos).	
-400000		Data probable de aparición da linguaxe falada no home de Neanderthal.
-300000	Poboadores nas Gándaras de Budiño	
	<i>Homo de Atapuerca</i> .	
-100000	Restos de ocras e fragmentos óseos con taiaduras na cova do Morín (cantabria).	<i>Homo sapiens neanderthalensis</i> . Paleolítico medio: primeiros obxectos de adorno persoal; soterramento dos mortos.
-40000		Chegada do <i>homo sapiens sapiens</i> a Europa.
-35000		Paleolítico superior: primeiras manifestacións artísticas
-28000		Europa central: primeiras escultura femininas: Venus de Lespuge e outras.
-25000	Budiño: armas elementais e control do lume.	<i>Homo sapiens sapiens</i> . Estatuíña con cabeza leonina, Hohlenstein (Alemaña).
-24000		Inicio do período glacial: os poboadores europeos desprázanse cara ó sur en busca dun clima benigno.
-20000		Segunda ondata migratoria dende oriente próximo cara a Europa; propágase a cultura gavetiense (das Venus).
-17000	Pinturas das covas de Tito Bustillo (Ribadesella, Asturias) e outras.	Magdaleniense: pinturas das covas de La Madeleine, Lascaux e outras (Francia).
-14000	Pinturas da Cova de Altamira.	Fin do período glacial.
-12000		Egipto: aplicase o moído de sementes silvestres.
-10500	Fin do paleolítico.	Xapón: aparición da cerámica.

-9000	Paleolítico superior. Mámoas no Xistral. Instrumentos de sílex. Relacións coa área cántabra.		Oriente próximo: transformación dunha economía depredadora a outra de produción. Domesticación da ovella.
-8.500			Posible inicio da agricultura no Perú.
-8000	Mesolítico		Posible inicio da agricultura en Palestina.
-7500			Nacemento da cerámica no Sahara.
-7000			Domesticación do cocho na Anatolia. Aparición da agricultura no val do Indo, Nova Guinea e México.
-6500			Primeiros tecidos na Anatolia. Agricultura nos balcáns.
-6200			Agricultura no Mediterráneo. Metalurxia do Cobre na Anatolia.
-6000	Inicio da agricultura e do marisqueo; recipientes cerámicos.	Inicio da agricultura de produción.	Recúan os glaciares, aparecen os bosques, sube o nivel do mar. Europa central: difusión do Neolítico.
-5500			Primeiros regadíos en Mesopotamia.
-5400			Domesticación de camélidos no Perú.
-4500			Uso do arado en Mesopotamia. Primeiras tumbas megalíticas en Europa occidental.
-4400			Domesticación do cabalo nas estepas de Eurasia.
-3500	Manifestacións do megalitismo: dólmenes e túmulos; domesticación de animais; cerámica decorada. Organización social rudimentaria. Enterramento dos mortos de xeito colectivo. Mámoas, medorras, antas.	Megalítico.	Oriente medio: primeiras esculturas e templos; escritura cuneiforme.
-3150 ap.		Introducción da metalurxia.	Unificación de Exipto.
-2900 ap.			Exipto: primeiro goberno organizado; dinastía Tinita, capital en Tinis.
-2649			Exipto: pirámides de Keops, Kefrén e Mikerinos; templo da Grande Esfinxe de Gizeh.
-2500		Difusión da cerámica campaniforme. Xeralización da ourivesería e dos enterramentos individuais.	Portugal: Zambujal (Torres Vedras) primeiro asentamento fortificado. Inglaterra: Stonehenge (Wiltshire), santuario megalítico.
-2200			Civilización minoica (deica o -1450).

-1900	Fin do período megalítico e inicio da Idade do Bronce; primeiros petroglifos. As técnicas metalúrxicas (estaño, cobre, chumbo, ouro) chegan dende o sur.		Creta, primeiros palacios cretenses. Os hititas dominan a tecnoloxía do ferro.
-1793		Período de escaseza de manifestacións artísticas na península ibérica.	Reinado de Hamurabi: forxa o grande imperio mesopotámico, con capital en Babilonia (deica o -1749).
-1600			Civilización micénica (deica o -1200).
-1550			Impero novo en Exipto: convértese en potencia militar e económica [durante 500 anos]; eclosión na construción de templos e tumbas: Val dos Reis, Tebas, Luxor e Karnak.
-1500	Tesouro de Caldas de Reis		Creta, pinturas murais do palacio de Knossos; Exipto conquista Siria, somete ós fenicios, domina Nubia e Chipre.
-1479			Durante o reinado de Tutmés III acádase a máxima expansión do Imperio Exipcio (deica o -1425).
-1350	Eclosión dos petroglifos.		Micenas, Porta dos Leóns.
-1250			Grandes movementos migratorios na cunca do Mediterráneo: eolios, xonios e dorios aséntanse nas illas do Exeo .
-1200			Inicio da cultura Chavín en Perú (deica o -200).
-1150			Micenas: destrucción da cidade
-1150			Idade escura de micenas (deica o -750).
-1150			México: cultura olmeca (deica o -400)
-1000	Fin da idade do Bronce e inicio da do Ferro. Sociedade precomercial, xerarquizada. Certos obxectos (ornamentais, máxicos) acadan valor de troco; comercio con navegantes que arriban ás costas.	Bronce final.	Fenicia: potencia marítima. Os dorios invaden Grecia. México: cultura zapoteca (deica o 900).
-969			Baixo o reinado de Hiram I Fenicia devén en primeira potencia marítima. Salomón rei (-970 a -931) de Israel; á súa morte esgázase a Judá, con capital en Xerusalén.
-814	Tendencia ó establecemento de poboados permanentes.		Fundación de Cartago.
-800			Cultura de Hallstatt (deica o -450).

-776		Fundación de Roses polos gregos.	Institúense os Xogos Olímpicos en honor a Zeus; celébranse dende a data, cada catro anos en Olimpia.
-775			Fundación de Pitecusas en Ischia, primeira colonia grega en occidente.
-753	Niveis antigos do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños), primeiro asentamento permanente coñecido. Cultura castrexa.	Chegada dos primeiros fenicios á badía de Cádiz e ás costas de Málaga.	Fundación da cidade de Roma por Rómulo e Remo. En torno a esta data teríanse publicado a Iliada e a Odissea, de Homero.
-750 ap			Aparición do alfabeto grego.
-700	Cunca de ouro, Leiro (Rianxo).		Atenas: etapa democrática. Xonia: circulan as primeiras moedas.
-669		Datación aproximada da Dama de Baza, Baza (Granada).	O rei Asirio Asurbanipal funda unha biblioteca en Nínive con textos literarios e científicos.
-654		Os fenicios fundan Ebysos (actual Ibiza).	
-630			Nace en Mileto o filósofo Tales (morre no -546).
-610			Nace en Mileto o filósofo e xeógrafo Anaximandro, autor do primeiro mapa do mundo coñecido (morre no -545).
-605	Restos de cerámicas gregas en castros costeiros.	En torno a esta data teríanse fundado as factorías fenicias de <i>Hemeroskopeion</i> (probablemente a actual Denia), <i>Mainake</i> (preto da actual Málaga) e <i>Palaiapolis</i> (preto da actual Empuries).	Baixo o reinado (-605 a -562) de Nabuconodossor II Babilonia devén na principal cidade do mundo. Os fenicios fundan Massalia (actual Marsella). Maias: calendario e escritura ideográfica.
-587		En torno a esta data aparecen os primeiros exemplares de verracos, esculturas de cochos e touros; atópanse no centro da península.	Como consecuencia de continuados litixios entre xudeos e babilonios, Nabuconodossor II de Babilonia destrúe Xerusalén; cae o reino de Xudá e iníciase o cativerio dos xudeus.
-570			Na illa grega de Samos nace Pitágoras (morrera no -490).
-565			Nacemento de Sidharta Gautama, tamén chamado Buda, fundador do Budismo (morre no -486).
-551			Nace o filósofo chinés Confucio (morre no -479).
-535		A costa do sueste peninsular pasa a dominio cartaxinés; as colonias gregas sofren grande deterioro.	
-509			A expulsión dos etruscos de Roma da paso á instauración da república romana.

-508			Primeiro tratado comercial entre Roma e Cartago: Roma e os seus aliados comprométese a non navegar alén das costas de Sicilia.
-507			Clístenes establece a democracia en Atenas.
-500	O comercio cos fenicios trae a tecnoloxía do ferro, coñecido dende o -2000 polos hititas. As rivalidades entre poboados provocan o seu amurallamento.	Data estimada da desaparición de tartesos. Gadir (hoxe Cádiz) é o centro comercial máis activo do mundo occidental.	Xacemento de Hallstatt (Salzburgo), formado por 3.000 tumbas e numerosos artefactos. O escultor grego Glauco de Quíos inventa a arte de soldar o ferro. Os gregos exploran as costas de África e Europa.
-499			Iníciase as guerras Médicas (rematan no -449): Grecia deféndese do expansionismo persa.
-490			Batalla de Maratón: a victoria dos gregos sobre os persas dálle a Atenas a hexemonía en Grecia.
-470			Nacemento de Sócrates (morre no -399).
-464			Nace Hipócrates (morre no -377), fundou a medicina científica.
-460			Mirón: Discóbolo.
-450			Cultura de La Tène en Centroeuropa. Iníciase a construción da Acrópole de Atenas; aquí Fidias levanta o Partenón (levantado entre o -447 e o -438).
-425			Sófocles: Edipo Rei.
-385			Nacemento de Platón (morre no -347) e de Aristóteles (morre no -322).
-356			Nacemento de Alexandre o Magno (morre no -323), durante o seu reinado converterá Macedonia nunha potencia.
-348			Segundo tratado entre Roma e Cartago: prohibese a expansión romana ó sur da península ibérica.
-335			Primeira acción militar importante de Alexandre o Magno: destrución de Tebas; no -333 derrotará ós persas, dominará Exipto e mesmo atacará á India.
-330			Nace Euclides (morre no -275), fundador da xeometría.
-312			Inicio da construción da Vía Apia entre Roma e Capua.

-300	Difusión do tear, o cultivo do liño, os muíños de man, do torno; cocción de pan; cestos de mimbio, barcas de mimbio e coiro, anzois.	Fundación da cidade celtibérica de Numancia.	La Téne (Suíza), asentamento con abundantes artefactos ornamentais, en bronce e ferro, tumbas a rentes do chan.
-300			Cultura maia no Iucatán e Guatemala (deica o 1450).
-280			O filósofo grego Aristarco formula a teoría heliocéntrica. Fin das obras do faro de Alexandría.
-264			O control do estreito de Mesina desata a primeira guerra Púnica entre Roma e Cartago e un período bélico que concluírá no -201 coa derrota definitiva dos cartaxineses.
-241			A flota romana vence á cartaxinesa facéndose co control de Sicilia, que se converte en provincia de Roma.
-237		O cartaxinés Amílcar desembarca en Gadir (hoxe Cádiz) iniciando a conquista da costa meridional da península Ibérica.	Roma apodérase de Córcega e Cerdeña.
-226		Cartago e Roma asinan un pacto fixando no Ebro o límite setentrional do avance cartaxinés na Hispania.	
-231		Amílcar funda Akra LeGB.é (hoxe Alicante). O cartaxinés Asdrúbal vence ós indíxenas; en catro anos fundará Cartago Nova (hoxe Cartaxena), capital dos seus territorios na Iberia.	
-221		Inicio das campañas de Aníbal, fillo de Amílcar na Iberia: acada o val do Duero e toma Sagunto tras longo asedio.	
-218		Aníbal parte de Cartago Nova, cruza os Pirineos e os Alpes e avanza victorioso cara a Roma.	
-212			O Denario romano convértese na principal moeda na área de influencia de Roma. Aníbal chega ás portas de Roma. Pasamento de Arquímedes (nacera no -287)
-209		Escipión o Africano conquista Cartago Nova; en tres anos apodérase de Baecula (hoxe Bailen), Gades e o val do Guadalquivir, liquidando o dominio cartaxinés na Hispania.	Paz entre Roma e Macedonia: Roma domina o Adriático.
-206		Fúndase Itálica (Santiponce, Sevilla) primeiro asentamento romano na Hispania, albergue dos feridos en campaña. Chegan a Roma as primeiras partidas de metais preciosos procedentes dos xacementos da península Ibérica.	

-202			Escipión o Africano derrota definitivamente ós cartaxi- neses que perden tódolos territorios africanos. Des- trucción de Cartago. Roma, primeira potencia do Medi- terráneo.
-200			Cultura de Tihuanaco no lago Titicaca (deica o -600).
-197		Roma conquista a hispania mediterránea que é dividida en dúas provincias: Ulterior (sur) e Citerior (norte). Alzamento xeral dos indíxenas contra Roma.	
-192		Pacificación da Hispania Ulterior (sur). Fundación de Toletum (hoxe Toledo).	O astrónomo Erastótenes determina as dimensións da Terra. Escultura: "Victoria de Samotracia".
-154			Roma inicia a conquista da Lusitania.
-146			Roma destrúe Corinto e anexionase Grecia. Tamén destrúen Cartago, anexionándose as súas terras que converten en provincia romana.
-137	Incursións de Décimo Xunio Bruto dende Lusitania, cruza o río Lethes (actual Limia), límite do mundo da- quela cofecido.		
-134		Un exército romano ó mando de Escipión asedia e de- rrota Numancia, último bastión celtibérico.	
-124			Plan de sinalización do viario romano con <i>miliarios</i> .
-101		Fundación de Colenda (Cuéllar) para asentamento dos celtíberos aliados de Roma.	Nace en Roma Xulio César (morre no -44). Mosaicos da Casa do Fauno, Pompeia.
-100			México central: cultura de Teotihuacán (deica o 750). Costa sur do Perú: cultura Nazca (deica o 800).
-80		Quinto Sertorio, pretor da Hispania Citerior tenta esta- blecer un estado hispano independente de Roma; ini- ciase unha guerra civil que finaliza no -72 co seu asa- sinato.	Pompeia convértese en colonia romana.
-61	Expedición naval de Xulio César, arriba a Brigantium (actual Betanzos).	César é designado pretor da Hispania Ulterior.	Consulado de Xulio César; realizará a conquista das Galias (entre o -58 e o -51) e unha incursión a Britannia no -54.
-49		En torno a esta data xa se explotan intensivamente as canteiras para prover a pavimentación das calzadas e a execución de obras públicas.	César marcha dende as Galias cara a Roma: guerra civil entre os seus partidarios e os de Pompeio, derro- tados no -47.
-45			O senado romano outorga a César o cargo de dictador perpetuo. Calendario Xuliano de 365 días.

-30			Suicidio de Cleopatra, derradeira raíña do Exipto faraónico; este convértese en provincia romana. Virxilio: <i>Eneida</i> .
-29		Roma somete a cántabros e ástures.	
-27	Sublevación contra Roma.	Reorganización política e administrativa: Hispania Ulterior divídese en Bética e Lusitania; a Citerior pasa a denominarse Tarraconense, con capital en Tarraco (hoxe Tarragona). Augusto inicia a pacificación da Península.	O senado romano concede a Octavio o título relixioso de <i>Augusto</i> ; comeza a época imperial romana. Virxilio: <i>Georgías</i> .
-25	César Augusto inicia a conquista militar do noroeste da península Ibérica.		
-24	O exército romano establece nun outeiro, non lonxe do río Miño, o campamento <i>Lucus Augusti</i> que dará orixe á cidade de Lugo.	Fundacións de Emerita Augusta (hoxe Mérida) e Cesar Augusta (hoxe Zaragoza). Muralla e ponte de Mérida (o teatro inaugúrase no -16).	Horacio: <i>Odas</i> . Vitrubio: <i>De architectura</i> . Acueducto do Pont du Gard (Vers, Francia).
-19	A campaña de César Augusto acada a incorporación total ó Imperio Romano. Páctase cos castros (Carbedo, Castromao....) que se negan a ser romanizados.	Agripa chega a Hispania para poñer fin ás revoltas das xentes do norte. Fundación de Iulia Augusta Paterna Faventina Barcino (hoxe Barcelona).	Roma declara a paz universal ou <i>Pax Augusta</i> . Construción das Termas de Agripa, Roma.

IDADE ANTIGA

GALICIA	ESPAÑA	MUNDO
0		Inicio da era Cristiá.
20	Están en construción o teatro de Sagunto, o de Zaragoza, o de Tarragona e o novo foro de Mérida.	
30		Crucifixión de Cristo.
43		Roma conquista a Galia meridional.
44	Explotación mineira sistemática (ferro e ouro). Plinio informa que de Galicia, Asturias e Lusitania parten anualmente máis de 20.000 libras de ouro para Roma.	Herodes degola ó Apóstolo Santiago en Xerusalén. Siria: data aproximada de descubrimento da técnica de soprado do vidro.
64		Roma moi danada por un incendio atribuído ós cristiáns, que serán perseguidos. Evanxeo segundo San Marcos.
69	O territorio da actual Galicia organízase nas tres circunscricións, chamadas <i>conventus iuridici</i> , de Braga, Lugo e Astorga.	
73	Vespasiano concédelle o dereito latino a Hispania. Caius Iulius Lacer: ponte de Alcántara (Cáceres).	Pacificación de Britannia e anexión ó imperio romano. Evanxeo segundo San Lucas. Coliseo de Roma.
78		Expansión do dominio romano na Britannia.
79	A Legio VII afíncase nun campamento (actual cidade de León) preto da Astúrica.	A erupción do Vesubio sepulta Pompeia e Herculano. Evanxeo segundo San Mateo.
90	Circo de Tarragona.	Evanxeo segundo San Xoán.
98	Caius Servio Lupus: Faro de Hércules (A Coruña).	O imperio romano acada a súa máxima extensión territorial.
100	Data aproximada de construción da Ponte do Bibeí (Trives).	Construción do anfiteatro de Nimes. En Roma predomina a inhumación sobre a cremación.
105		O chinés T` sai Lun inventa o papel.
106		Arabia convértese en provincia romana.
114		Gran actividade edilicia en Roma: remátase o Foro de Trajano e trabállase nos Mercados, na columna Trajana e na restauración do Panteón.
118	Anfiteatro de Itálica.	Roma abandona Armenia, Mesopotamia e Asiria.
122		Construción do muro de Adriano ó norte da Britannia.

131		Unificación da lexislación do imperio romano. Mausoleo de Adriano, Roma.
161		Roma pon o ensino superior baixo a tutela do Estado.
166	Peste.	
172	Incursión de guerreiros norteafricanos na Bética; repetíranse no 175 e no 176.	
216	Reorganización administrativa do Imperio romano: creación da provincia <i>Hispania Nova Citerior Antoniniana per Divisionem</i> ; comprende os territorios da Asturicensis e da Gallaecia. Iníciase a construción das murallas de Lugo.	Roma: inauguración das Termas de Caracalla.
217		Calixto I defende o primado do bispo de Roma; orixe do Papado.
248	Ampliación da muralla de Barcelona.	Roma: persecución dos cristiáns. Celébrase o milenario de Roma. Francos e Alamáns invaden a Galia.
249		Roma: primeira persecución xeral dos cristiáns.
251	Gran peste.	Roma: gran persecución dos cristiáns.
260		Galiano: Edicto de tolerancia; permite o culto cristián.
284		Partición de Roma: Diocleciano proclámase emperador de Oriente e Maximiliano de Occidente.
298		Termas de Diocleciano, Roma [A sala central será transformada por Miguel Ángelo en igrexa].
284	Reorganización administrativa da Hispania romana nas provincias: Bética, Lusitania, Cartaxinense, Gallaecia, Tarraconense e Mauritania Tingitana.	
305	Primeiro concilio da igrexa hispana, celébrase en Illiberis (Elvira, Granada); significa a consolidación do cristianismo.	Roma: a capital do imperio de occidente trasládase a Milán. Violenta persecución dos cristiáns (durante 11 anos) baixo as ordes de Diocleciano.
313		Edicto de Milán: concédese a liberdade de culto a todas as relixións do imperio.
318		Arrio comeza a propagar a súa doutrina [nega que Cristo sexa da mesma natureza que o pai].
324		O emperador Constantino o grande restablece a unidade do imperio; a capital trasládase a Bizancio que se rebautiza Constantinopla.

320	Lugo: o apoxeo da cidade plásmase na realización de numerosos mosaicos en diversas vilas.		Roma: suposta data de inicio da construción dunha basílica para tumba de san Pedro [desaparecida].
325			Constantino o grande convoca o primeiro concilio.
354			Nace en Tagaste (Italia) San Agostiño (morre no 430).
357			O teólogo grego san Basilio establece unha regra para a vida monástica que será base do monacato en oriente.
370		Prisciliano, bispo de Ávila, comeza a predicación da súa doutrina.	Lei romana prohibindo o matrimonio entre romanos e bárbaros.
376	Peregrinación de Eteria: inicia a cristianización de Galicia. Data aproximada do ninfeo de santa Baia de Bóveda (Lugo); o autor descoñece os modelos que pinta nos murais, aínda así enmárcaos con motivos de estilo pompeiano.		Roma autoriza o refuxio dos hunos [perseguidos polos ostrogodos] ó sur do Danubio, dentro dos límites do imperio romano; posteriormente estes alzaranse contra os romanos. Traducción da Biblia ó latín.
380		O concilio de Zaragoza condena o priscilianismo.	Edicto de Tesalónica: proclámase o cristianismo relixión oficial do imperio.
385	O galego Prisciliano é executado por subversivo en Tréveris por interpretar liberalmente o cristianismo.	En torno a esta data Exeria, abadesa do Mosteiro do Bierzo, compón Peregrinatio, diario da súa peregrinación á Terra Santa.	Roma: prohibese o culto pagán.
395			Tralo pasamento do emperador Teodosio o imperio romano divídese entre Oriente e Occidente.
398			Alarico é proclamado rei visigodo. Os fenicios inventan a vela de cera para o alumado.
404			A capital do imperio de occidente trasládase a Rávena para eludir as incursións bárbaras. Moita edificación en Rávena: baptisterio da catedral, igrexas...
séc. V	San Xerome indica que o Apóstolo Santiago está soterrado en Hispania.		Xeneralízase o culto ós santos, ós apóstolos e ós evanxelistas; a posesión dunha reliquia estímase favorecedora da intercesión divina.
406			Incursións bárbaras contra o Imperio Romano: vándalos, alanos e suevos invaden a Galia.
409	Reinado de Hermerico (deica 441); Galicia nos testos é denominada <i>Regnum suevorum</i> ou <i>Galliciense regnum</i> .	Entrada dos primeiros pobos bárbaros, federados dos romanos.	
410		Os bárbaros repártense a Península: suevos e vándalos asdingos instálanse na Gallaecia, vándalos silingos na Bética e Alanos na Lusitania e na cartaxinense.	Alarico saquea Roma.

411	Roma recoñece a lexitimidade do Reino Suevo de Galicia, primeiro reino bárbaro da Europa medieval.		Imperio Huno en Europa.
416			Iníciase a invasión da Britannia polos anglos, os saxón e os iutos.
430	A expansión do cristianismo acada xa o mundo rural. Expedicións suevas fora de Galicia.	Vándalos e Alanos expándense ó norte de África.	Os vándalos establécense no norte de África, fundando un reino independente.
440		Os suevo toman Sevilla, estendendo o seu dominio pola Bética e a Cartaxinense.	Coa toma de Sicilia os vándalos dominan o Mediterráneo.
448	Conversión oficial, reinando Requiario, do reino suevo ó catolicismo; dende agora carece de sentido falar de suevos e galaicos pois formarán unha única comunidade.	Os suevos saquean a Tarraconense.	Britannia está xa baixo dominio dos anglos, dos saxóns e dos iutos.
459	Desembarcos piratas nas costas de Lugo; descenden saqueando deica a Bética.		
460		As Baleares caen en poder dos vándalos. As derradeiras tropas romanas retíranse da Península.	Entre o 455 e o 475 prodúcese disgregación Imperio de Occidente que se reduce ó ámbito da península italiana.
465	Retorno ó arrianismo.	Os visigodos expándense ata as fronteiras da Gallacia, ocupan a Cartaxinense, a Lusitania e a Bética.	
476	En torno a esta data sucédense as incursións bretonas. A meirande parte da poboación fala latín.		O emperador de Roma Odoacro declárase rei de Italia: liquida así o Imperio Romano de Occidente.
500		Período de grande afluencia de visigodos a través dos Pirineos.	
529			Bieito de Nursia fixa a regra do monacato occidental
550	Chegada dende Bizancio de San Martiño Dumiense (orixinario de Hungría), quen influirá decisivamente na orientación antivisigoda do Estado suevo.	Os bizantinos ocupan o sur da península ibérica.	
555	Data aproximada de realización do sarcófago da Igrexa de Vilanova de Lourenzá, atribuído ó Taller de Aquitania.	Os visigodos establecen a súa capital en Toledo.	
559	Reinado de Teodomiro (deica o 570): conversión definitiva ó catolicismo.		
561	Primeiro Concilio de Braga; asiste como membro de pleno dereito Maeloc, bispo de Britonia.		
570			Nacemento de Mahomet na Meca (Arabia)
572	Segundo Concilio de Braga, con asistencia de Maeloc; organízase a igrexa do novo Estado.	Andazo de peste na costa mediterránea.	

580	En torno a esta data tribos celtas fuxidas da Britannia instálanse pacificamente no recanto noreste de Galicia; intégranse no reino suevo mantendo a súa identidade ¹ .	Pasamento en Braga de San Martiño Dumiense; en <i>De correctione rusticorum</i> declararíase anatema os vellos cultos ancestrais.	Xermanos irrompen na Britannia desprazando a poboación celta caro ó oeste e ó sur, fundando unha importante colonia na Galia, xerme da Bretaña.
583	Expedición sueva a Andalucía.	Bizancio abandona os seus dominios na Hispania	
585	Invasión visigoda; instauración da monarquía visigoda.	Leovixildo anexionase o reino suevo.	
589		O rei suevo convoca concilio en Toledo; nel proclama o catolicismo relixión oficial do reino visigodo.	
fin do séc. VI	No <i>Breviario dos Apóstolos</i> indícase que o Apóstolo Santiago estaría soterrado nun lugar chamado Arca Marmórica		
596			San Agostiño comeza a cristianización dos anglosaxóns.
609			Reutilización do Panteón de Roma como igrexa cristiá.
617		Sevilla: Torre del Oro, fortificación do porto da cidade. Obrígase ós xudeus a convertérense ó catolicismo.	
622		O territorio bizantino na península redúcese á costa do Algarve.	Mahomet trasládase a Medina cos seus partidarios: inicio da hégira (era musulmana)
628		Saída definitiva dos bizantinos da península.	
632			Pasamento de Mahomet; sucédelle Abubéquer, primeiro califa musulmán. O islam comeza a propagarse alén da Arabia.
638	Inicio da construción da igrexa de Santa Comba de Bande.	Iníciase un período no que se edificarán moitas igrexas no cuadrante noroeste da península.	Grande belicosidade dos musulmáns; toman Xerusalén e axiña conquistan Mesopotamia, Exipto, Chipre e Rodas.
644		Sucédense as leis contra os xudeus.	Publicación do <i>Corán</i> , texto sacro dos musulmáns.
654		Recesvindo promulga o <i>Liber Iudicum</i> (<i>Fuero Juzgo</i>) que compendia a lexislación da Hispania visigótica.	
Séc. VII			Os árabes arráncanlle a prisioneiros chineses a fórmula para a fabricación do papel que agora se difunde en occidente.
700		Desintegración do estado visigodo (o proceso iníciase no 672 e remata no 714).	Califato (do 685 ó 705) de Abd al-Malik: adopción do árabe como lingua oficial.

¹ Forman unha diócese propia, con sé en Britonia (hoxe probablemente Bretoña)

711		Chegada dos musulmáns á Península.	Cerco musulmán de Constantinopla; as accións militares árabes reducen o imperio bizantino a Grecia e Asia Menor.
712		Un exército árabe desembarca en Alxeciras dominando a Península Ibérica rapidamente, dando fin ó reino visigodo. Proclámase a soberanía do califato de Damasco (durará ata o 756)	Máxima expansión musulmana contra a Europa cristián: toma de Narbona e ataque contra Tolosa [Toulouse].
714	Chegada dos musulmáns a Galicia.	Establécese a corte musulmana en Sevilla.	Remata a construción da mesquita dos Omeias en Damasco, levantada sobre unha igrexa, emprazada á súa vez sobre un templo romano.
716		Utilízase por vez primeira o termo al-Andalus; esto é nun dinar con texto en latín "acuñado en Spania" e árabe "acuñado en al-Andalus". Córdoba, capital.	
717		Un grupo de 519 nobres proclaman a Pelayo primeiro rei de Asturias.	
718		Batalla de Covadonga entre visigodos refuxiados en Asturias e musulmáns. Pelayo funda o reino de Astur.	
722			Bonifacio inicia a cristianización da Xermania.
723			O califa Yazid ordena destruír as imaxes cristiáns.
732			Derrota musulmana en Potiers; detense o avance musulmán en Francia.
737		Morte de don Pelayo, rei dos visigodos refuxiados en Asturias; capital en Cangas de Onís.	
747	O bispo Odoario repoboa a cidade de Lugo.		
750	Os musulmáns abandonan Galicia.	Grandes fames e andazo de variola.	Os bizantinos frean o avance musulmán.
756		Abd al-Arramán I proclámase na mesquita de Córdoba emir, independente de Damasco.	Fundación dos Estados Pontificios.
757	O rei asturiano Fruela acomete a repoboación de Galicia.	Primeira igrexa asturiana: a Santa Cruz en Cangas de Onís (consérvase unicamente a lápida fundacional).	A difusión na área mediterránea de produtos agrícolas hindús e iranianos (arroz, cana de azucre, algodón, seda e legumes) modifica os hábitos alimentares da zona
768			Reinado de Carlomagno (deica o 814).
774		A capital do reino de Asturias trasládase, primeiro a Pravia e finalmente a Oviedo. Igrexa de san Juan ou de Santianes (Pravia, Asturias).	Carlomagno goberna na Galia; mantén grande actividade bélica para fixar os límites do seu reino; na batalla de Roncevalles (778) perde o control da fronteira vascona.

784	Iníciase a construción da mesquita de Córdoba (sobre a basílica de san Vicente).	
791	Unha incursión musulmana saquea Oviedo; na retirada son perseguidos e derrotados polos católicos; iníciase así a reconquista. Apoxeo da construción de igrexas en Asturias; eclosión do románico ástur.	
793		Primeiras incursións viquingas alén das súas fronteiras.
800		Carlomagno é coroado emperador polo Papa; nos vindeiros anos expandirá o seu reino conquistando Barcelona, Venecia...

IDADE MEDIA

GALICIA	ESPAÑA	MUNDO	
813	Descubrimiento do sepulcro do Apóstolo Santiago; sobre este sepulcro levántase a primeira basílica compostelá (hoxe desaparecida).	Igrexa de san Julian de los Prados (Asturias).	Fundación en Bagdad da Bayt al-hickma (Casa da Sabiduría) onde se realizan traducións dos clásicos e traballos matemáticos e astronómicos.
816			Plano en planta da Abadía de Sant Gallen, primeira representación científica dun edificio.
820		Fundación do reino de Navarra.	Muhammad ibn Musa desenvolve a numeración árabe.
828		Alzamentos mozárabes en Mérida e Toledo.	
842		Co reinado de Ramiro I iníciase unha etapa de esplendor artístico e político de Asturias que se estende deica o 866. Consagración da igrexa de san Juan de la Peña (Huesca) e inicio das de san Miguel de Lillo (Oviedo) e santa Cristina de Lena (Pola, Asturias).	O xuramento de Estrasburgo, unha alianza entre xermanos e francos, primeiros documentos redactados nas linguas alemá e francesa. Os viquingos atacan Londres.
844	Incursións normandas nas costas de Asturias e Galicia; repetíranse no 858.		Partición do Imperio Franco.
854		Estendese o uso do turbante en Córdoba.	Difusión do compás, de orixe chinesa, no Mediterráneo occidental.
med. séc. IX	Traslado da sé episcopal dende Iria a Santiago. Mozárabes fuxidos de al-Ándalus erguen en Celanova a capela de san Miguel.	Iníciase a repoboación de León e Astorga.	Comeza a utilizarse en Europa o estribo, accesorio para a equitación de probable orixe india (supón a decadencia da infantería e a prevalencia da cabalería).
861	Na segunda metade do século, construción das igrexas de san Xes de Francelos (Ribadavia) e santa Mª do Cebreiro (Pedrafita).		Descubrimiento de Islandia polos normandos; establécense definitivamente na illa no 870. Os viquingos fundan colonias na Galia e moi pronto iniciarán ataques contra Alemaña.
878		Wilfredo el Vellòs unifica e repoboa Cataluña. Alfonso III repoboa o territorio ata o Duero. Trasládase a corte do reino Asturiano de Oviedo a León.	
885		Repoboación de Burgos	O rei alemán Carlos III unifica os reinos galos e xermanos formando o Imperio Carolinxio.
893		Alfonso III ocupa Zamora, Simancas e Toro.	Descubrimiento de Grenlandia polos normandos.
899	Ampliación da basílica de Santiago; asiste á consagración o rei Alfonso III.		
inicios séc. IX	Teodomiro, bispo de Oviedo, descobre nun souto, coa axuda divina, a tumba do Apóstolo. Reforma prerrománica da igrexa visigótica de santa Comba de Bande		

séc. X	Data estimada das igrexas mozárabes de san Martiño de Pazó (Allariz), santa Eufemia de Ambía e santa María de Mixós (Verín).		
910	Ordoño II, entronizado Rei de Galicia; no 914 pasará a ser tamén rei de León, frustrando a consolidación do reino galego.	Rebelión contra Alfonso III el Magno: o reino ástur divídese entre García I, Ordoño II e Fruela II, que obteñen respectivamente León, Galicia e Asturias; trasládase a capitalidade de Oviedo a León.	Fundación da abadía de Cluny.
912		Inicio do reinado de Abd al-Rahmán III (conclúe no ano 961); Córdoba converterase na principal cidade de occidente.	
926	Outro rei galego, Sancho Ordóñez, rei de León.	Al-Andalus: os musulmáns acuñan as primeiras moedas de ouro.	Morre o eminente médico e filósofo Razés, autor da enciclopedia médica coñecida en latín como <i>Continens</i> .
931	O reino de Galicia unificase cos de León e Asturias.	Ramiro II, rei de León, unifica os reinos de Galicia, León e Asturias. O conde Fernán González empeza a unificar baixo a súa autoridade os dominios que conformarán Castela.	
939	Igrexa de san Miguel (Celanova).	Batalla de Simancas entre mouros e cristiáns gañada por estes coa "axuda" do Apóstolo; a victoria posibilita lle ós cristiáns o cruce do Douro.	
950		Data probable de introducción do verme de seda e do papel en al-Andalus.	
960	O caudillo normando Gudraed arriba con 100 naves ás costas galegas; mata en combate ó bispo compostelano.	Al-Andalus: os sabios máis ilustres e unha biblioteca de 400.000 volumes converten ó alcázar de Córdoba en centro cultural de primeiro orde.	Os musulmáns comercian coa India.
962	Os normandos castigan o litoral galego.		Fundación do Sacro Imperio Romano - Xermánico.
med. séc. X	O bispo Gotestalco, de Le Puy, primeiro peregrino estranxeiro a Compostela.	Al-Andalus: introducción do verme de seda e do papel. Igrexa de san Miguel de la Cogolla (Suso, La Rioja).	
968	Sisnando, bispo de Iria, morre loitando contra os Normandos.		Fundación do Cairo, que se converte en centro económico, comercial e cultural do mundo islámico.
980			México: apoxeo tolteca (deica 1160).
982	Rebelión dos condes galegos contra Ramiro III de León, elixen rei a Vermudo II (será rei ata o 999); Galicia reino propio.		Os daneses comezan a conquista de Inglaterra.
985		Os musulmáns saquean Barcelona.	Erik o roxo chega a Grenlandia.
987			Apoxeo maia en México (deica 1187).
988		Os musulmáns saquean León e Zamora.	

997	Primeiras palabras en galego: mesturadas co latín nun texto do mosteiro de Celanova. Santiago: incursión de Almanzor; destrúe a cidade e a basílica declarando: "ninguén decatarase que de véspera estivera ali"; lévase a Córdoba como botín as portas e campás do templo.		En torno a esta data o cristianismo é adoptado como relixión oficial en Dinamarca, Hungría e Suecia.
1000 ap		O árabe é a lingua maioritaria na península ibérica.	Suposta viaxe do viquingo Erik o roxo a Vinkland, actual Terranova. Difúndese no mundo islámico a colección de contos <i>As mil e unha noites</i>
1002		Morte de Almanzor, califa de Córdoba.	
1004 ap			Suposta viaxe do viquingo Kolfefri ó Labrador (Canadá).
1009		Unha guerra Civil alentada polos cristiáns do norte, conduce á desintegración de al-Andalus en 50 reinos de taifas.	
1016	Olaf, rei de Noruega, saquea as costas, arrasa Tui e apreixa ó seu bispo.		
1022		Sancho III de Navarra introduce nos reinos cristiáns o concepto da orixe divina do poder real.	
1025			Concilio de Arrás: recoméndase decorar as igrexas con pinturas murais para instruír ós iletrados.
1031		Fin do Califato de Córdoba.	
1029			Primeiro principado normando en Inglaterra.
1037		Castela anexionase o reino de León.	
1040		O límite sur dos dominios cristiáns sitúase no Douro.	China: desenvolvemento da imprenta e catro anos máis tarde a pólvora.
1050		Evolución tipolóxica dos castelos, pásase da planta oval ó de planta cadrada con torres nos vértices.	Fundación en Xerusalén do Hospital de san Xoán Baptista, orixe da orde militar dos Cabaleiros de san Xoán.
1054			Cisma entre as igrexas de Oriente e Occidente.
1063	Construcción de san Antoliño de Toques.		Iníciase as construcións do Baptisterio de Florencia, de san Marcos de Venecia e da catedral de Pisa.
1065	Fernando I, rei de Castela, divide á súa morte o reino entre os seus fillos; García é proclamado rei (deica 1072) de Galicia, cun territorio que chega ás beiras do Mondego.		Os normandos conquistan toda Inglaterra; consagración da Abadía de Westminster.

1071		Sancho III de Aragón asume o rito romano no canto do mozárabe; en 1078 faino Alfonso VI de Castela quen ademais substitúe a caligrafía mozárabe pola francesa.	
1072	Tralo pasamento do rei García de Galicia esta intégrase no reino de Castela.		
1075	Comeza a construción da catedral de Santiago.		
1085		Os cristiáns toman Toledo.	
1090		Amurallamento de Ávila.	Torre de Londres.
1093	Xelmirez administrador da diocese compostelá.		
1096			Primeira Cruzada.
1098			Fundación da orde do Císter.
séc. XI e séc. XII	Desenvolvemento arredor do Camiño de Santiago das <i>basílicas de peregrinación</i> ¹ .		Esténdese o cultivo de cereais en Europa.
1101	Inicio do bispado de Xelmirez (1070-1140) en Compostela. Palacio arzobispal de Santiago.		Introducción da iarda inglesa como medida de lonxitude. <i>Chanson de Roland</i> , poema épico.
1105	Catedral de Santiago: portada de Praterías.		
1111	Coroación de Afonso VII, rei de Galicia. Catedral de Santiago: derrúbase a igrexa prerrománica.		
1116	Incursión almorábides ás costas galegas.		
1118		Os cristiáns aragoneses reconquistan Zaragoza.	
1119	Fúndase en Xerusalén a Orde militar Cabaleiros Templarios para a protección dos peregrinos xacobeos.		Europa: primeiros estatutos de oficios.
1120	Compostela é declarada Arcebispado e xelmirez primeiro arcebispo. Fundación do Reino de Portugal, segregáanse de Galicia os territorios ó sur do Miño.		Fundación do Reino de Portugal. Europa: iníciase catro anos de grandes fame.
1122	Remate da obra románica da catedral de Santiago. Torres defensivas na ría de Arousa para protección do acceso marítimo a Compostela.		
1125	O papa Calixto concédelle á igrexa de Santiago a dignidade metropolitana, traspasada de Mérida.		

¹ San Martiño de Tours, san Marcial de Limoges, san Semín de Tolosa, santa Fe de Conques e Santiago de Compostela; concibidas unitariamente de acordo cos cánones do *Liber Sancti Jacobi*

1128	Inicio das obras da catedral de Lugo.		
1130	Inicio das obras da catedral de Ourense (rematan en 1248).	Castela: principia as súas actividades a Escola de Tradutores de Toledo, trasládanse obras árabes e gregas ó latín de tódalas ramas do saber. Catedral de Jaca.	
1137		Unificación do condado de Barcelona co reino de Aragón.	
1139	<i>Codex Calixtinus</i> , primeira "guía" do peregrino a compostela.		Portugal: Afonso I vence ós almorábides en Ourique; proclámase rei de Portugal.
1140 ap		Data probable de edición do <i>Cantar del Mio Cid</i> .	
1141	Fundación do mosteiro de Oseira; nace o primeiro poeta coñecido da lírica profana en galego - portugués: Soares de Paiva. Catedral de Santiago: pórtico das Praterías.		
1142	Fundación de Sobrado dos Monxes, primeiro templo cisterciense da península.		
1143	Colexiata de Santa María do Sar, Santiago.	O condado portucalense independízase formalmente.	
1145	Inicio da construción da catedral de Tui (remata en 1175)		
1147			Reconquista de Lisboa. Segunda cruzada.
1150 ap.			Perú: fundación do Estado inca no val de Cusco.
1150	Colexiata de Santa María do Campo, A Coruña. Principian as obras dos mosteiros de Carboeiro (1151) e de Armenteira (1162).	Iniciase a construción da catedral de Salamanca; consagración da igrexa de sant Joan de las Abadeses, Gerona.	O Císter prohíbe as esculturas e pinturas nas igrexas so pretexto de menoscabar a concentración. Universidade de París.
1156	Carta Foral de Santiago. Inicio da catedral de Ourense (remata en 1248). Derradeira incursión normanda.	Separación dos reinos de Castela e León.	
med. séc. XII	Expansión do Císter en Oseira, Monfero, Sobrado, Meira, Acibeiro, etc.		Na Îlle-de-France comezan a difundirse as formas do gótico; no resto de Europa difúndense as cistercienses.
1164	Cartas forais de Padrón e Ribadavia. Igrexas de san Xiao de Astureses e de Xunqueira de Ambía.	Viaxe do xudeu navarro Benjamín de Tudela por Asia occidental (deica 1173).	Europa: muíño para cana de sucre.
1168	Carta foral de Noia; séguelle a de Pontevedra (1169) e as de Tui e Castro Caldelas (1170) e a de Lugo (1177). Catedral de Santiago: o mestre Mateo inicia a construción do Pórtico da Gloria.		Averroes escribe a súa gran obra médica. Éxodo dos aztecas cara ó val de México.
1170	Fundación en Uclés da Orden Militar de Santiago para defender ós peregrinos a Compostela.		Europa: primeiras bóvedas de cruceiría.

1180	Fase gótica na construción da catedral de Tui (remata no 1200).		Notre Dame de París: arcobotantes da nave. Desenvolvemento do muíño de vento en Normandía.
1182	Pinturas murais da igrexa de san Pedro de Rocas.		Nace San Francisco de Asís.
1185	Fundación do Mosteiro de Oia; inicio da construción de santa María de Meira.		México: apoxeo maia (deica 1446).
1188	Catedral de Santiago: o Mestre Mateo coloca os lindeiros do Pórtico da Gloria.		
1189			Terceira cruzada, encabezada por Federico I <i>Barbarroja</i> , conquista Chipre. Alemaña: primeiro muíño de papel.
1196	A cantiga de escarnio <i>Ora faz ost'o o senhor de Navarra</i> primeiro documento literario en galego. Naves de santa María de Cambre.	<i>Cantar de Mio Cid. Homilies de Orgganyà</i> , primeiro texto en catalán.	Grandes famas en Europa. México: fundación do imperio Inca.
1200	Portada da catedral de Ourense.	Castela: anexión de Guipúscoa e Álava; importación de esmaltes de Ilmoges.	Os mariñeiros occidentais utilizan o compás. Difusión da aritmética árabe entre os mercaderes occidentais.
1206			Tedmüyin toma o título de Gengis Kan e faise recoñecer emperador universal por turcos e mongois.
1208	Carta puebla de Afonso IX creando, cerca do Faro, a poboación chamada Crunia (hoxe Coruña).		Francisco de Asís funda a orde dos Franciscanos.
1209	San Domingos peregrina a Compostela fundando aquí o primeiro convento Dominicano da cristiandade.		
1211	Consagración da catedral de Santiago.		
1212		Batalla das Navas de Tolosa: Castela, León, Aragón, Navarra e Portugal vencen ós Almohades que inician o seu declinar.	Santa Clara funda a orde das Clarisas.
1214	San Francisco peregrina a Compostela; funda aquí un dos primeiros conventos da súa orde.		Santo Domingo funda a orde dos Dominicanos.
1218	Catedral de Tui: pórtico occidental; Catedral de Ourense: pórtico do Paraíso.	Fundación do Estudio General de Salamanca, institución precursora da universidade.	San Pedro Nolasco funda a orde dos Mercedarios.
1219	Principia a construción da Catedral de Mondoñedo, baixo influencia Cisterciense e de san Domingos de Bonaval, Santiago.		Apertura da facultade de medicina na universidade de Montpellier. Fundación do reino de Tailandia.
1223			Fundación da orde dos Franciscanos.
1224	Portada da catedral de Tui; o tímpano relaciónase estilisticamente co das catedrais de Sens e Chartres.		Nace Tomás de Aquino, filósofo. Universidade de Nápoles.

1225	Igrexa de san Salvador de Vilar de Donas.		Lisboa capital de Portugal.
1228			Sexta cruzada, dirixida por Federico II, que obtén Xerusalén, Belén e Nazaret.
1230	Pasamento de Alfonso IX, derradeiro rei galego.	Castela e León unificanse definitivamente baixo o reinado de Fernando III <i>el Santo</i> .	
1236	As campás da catedral de Santiago son recuperadas e devoltas á cidade por Fernando III.	Os cristiáns reconquistan Córdoba.	
1243		Fundación formal da Universidade de Salamanca.	
1244		A escola de tradutores de Toledo, lazo de unión entre as culturas hebrea, árabe e latina.	
1245		Viaxe a Mongolia de Francisco Plan Carpio.	
1248	A lingua galego - portuguesa tense expandido ata o Algarve. Remate da Catedral de Ourense.	Reconquista de Sevilla.	Sétima Cruzada, diríxese contra Exipto.
1249			A toma de Faro pon fin á reconquista do territorio portugués.
1252	Expansión das ordes mendicantes (Franciscanos e Dominicos) en cidades e vilas.	Reinado (deica o 1284) de Afonso X <i>el Sabio</i> , promotor da cultura.	
1259		Al-Andalus: Al-Numayri divulga o coñecemento do astrolabio.	Uso habitual do muíño de vento en Europa.
1264			O Papa Urbano V institúe a festa do Corpus
1265			Primeiro parlamento inglés. O árabe Al-Tusi describe o método para a obtención de raíces de números enteiros. Nacemento de Dante.
1266			Nacemento de Giotto.
1270		Alfonso X <i>el Sabio</i> : primeira <i>Crónica General</i> .	Oitava cruzada: Luís IX diríxese contra Tunicia onde morre.
1271			Viaxes do veneciano Marco Polo a Asia (deica 1295).
1279	Alfonso X <i>el Sabio</i> : <i>Cantigas de Santa María</i> .		
1280			Cartógrafos chineses realizan o mapa impreso máis antigo que se conserva.
1282		Anexión de Sicilia á Coroa de Aragón.	
1284			Anexión de Gales por Inglaterra.

1290		Invención das gafas. Universidade de Lisboa.
1292		Arnolfo di Cambio: Palazzo Vecchio, Florencia. Os xenoveses Ugolino e Guido Vivaldi emprenden a rota das Indias polo Atlántico pero naufragan a pouco de iniciada a viaxe.
1290		Suíza: constitución da confederación dos tres Cantóns Forestais. Catedral de York.
1298		Rusticien de Pisa compila o "Libro de Marco Polo", relato das súas viaxes.
1300	Universidade de Lérida.	
1304		Nace Petrarca. Universidade de Roma.
1307		Dante: <i>Divina Comedia</i> . Palacio Ducal de Venecia.
1320		Primeiros canóns en occidente.
1321		Morte de Dante.
1323	Incorporación de Cerdeña á coroa de Aragón.	
1324	Na batalla de Huéscar (Murcia) utilízanse por vez primeira foguetes nunha guerra. Máxima expansión das fronteiras do Reino de Granada.	
1325		Asentamento azteca en Tenochtitlán (hoxe cidade de México).
1338	Primeira letra de cambio, en Barcelona. Al-Andalus: esplendor da arquitectura nazarí na Alhambra.	
1340	A victoria de Alfonso XI na Batalla de Río Salado dálle o control do Estreito de Xibraltar a Castela.	Inicio da guerra dos Cen Anos.
1346	Creación do Consulat del Mar, en Barcelona. Jaume Ferrer do Reino de Aragón explora a costa africana rebasando o cabo Bojador.	
1348	A Peste Negra, chegada posiblemente por mar, provoca unha grave crise demográfica.	Expansión da Peste Negra por Europa; grande mortandade.
1354	Pedro IV de Aragón ordena a tódalas súas naves utilizar cartas mariñas. Fundación do Colegio Español en Bolonia.	
1359	Aragón: creación da Diputació General de Catalunya (chamada "Generalitat") con sé en Cervera.	

1366		Comeza a guerra de Sucesión en Castela (deica 1369)	México: reinado de Acamapichti, primeiro rei azteca coñecido
1378		Anexión de Sicilia ó Reino de Aragón.	A elección simultánea de Papa en Roma e Aviñón provoca o Cisma de Occidente. Primeiras armas de fogo.
1385	Pinturas murais da igrexa de Vilar de Donas.	Batalla da Aljubarrota para deter o alzamento portugués. Creación do "Consejo Real de Castilla".	Catedral de Milán.
1387	Peste. Conclusión da igrexa de san Francisco, Betanzos.		
1402		Os soldados galos La Salle e Gadifer toman a illa de Lanzarote, iníciase así a conquista das Illas Canarias.	Portugal: Henrique o Navegante impulsa a navegación.
1403		Viaxe a Samarcanda do castelán Ruy González.	
1406			Derradeira expedición coñecida entre Islandia e Grenlandia.
1407			Fundación da <i>Casa di San Giorgio</i> , banca pública genovesa, primeira de Europa.
1418			Publícanse en Holanda as primeiras xilografías. Portugal descobre Madeira. Henrique o Navegante inicia a exploración das costas de África occidental.
1420			Os portugueses desenvolven a carabela. Brunelleschi: santa María del Fiore, Florencia.
1425	A falla de pagamento deixa a Galicia sen representantes nas Cortes de Castela. Pinturas murais en Vilar de Donas.	Unión dos reinos de Aragón e Navarra.	Francia anexionase a Bretaña.
1427			Portugal descobre o arquipélago dos Azores.
1431	Primeira guerra irmandiña: Roi Xordo con 10.000 homes álzase contra Nuño Freire que os derrota.		Execución de Xoana de Arco.
1432			Portugal explora o arquipélago dos Azores.
1434			Uso da granada de man en occidente. O navegante portugués Gil Eanes dobra o cabo Bojador.
1438			Reinado de Pachacuti Yupanqui; máxima expansión inca
1440		A Coroa de Aragón anexionase o reino de Nápoles.	Guttenberg inventa a imprenta. México: reinado de Moctezuma I, máxima expansión azteca.
1444			Nacemento de Bramante (morre no 1514).

1445	Santiago cidade de realengo.	Al-Andalus: establecemento de mercaderes xenoveses en Granada. Castela: o intenso comercio leva á apertura en Burgos da <i>Universidad de Mercaderes</i> .	Os portugueses descubren Senegal.
1448			O alemán Guttemberg inventa a imprenta, xa cofecida dos chineses.
1451			Nace en Xénova (Italia) o navegante Cristóbal Colón.
1452			Nace Leonardo da Vinci (morre no 1519). Alberti: <i>De re aedificatoria</i> .
1453	Peste.		Os turcos toman Constantinopla -daquela a cidade máis importante do mundo- que pasa a denominarse Istambul. Fin da guerra dos Cen Anos.
1455			Bula papal concedéndolle a Portugal as terras pagás descubertas ou por descubrir.
1459	Devalar do comercio marítimo e das actividades capitalistas. Juan de Badajoz: cimborrio da Catedral de Ourense.		Apertura da bolsa de Anveres. Os portugueses descubren o arquipélago de Cabo Verde e, ó ano seguinte Guinea.
1466	Peste.		Nace Erasmo de Rotterdam.
1467	Segunda revolución Irmandiña: máis de 150 fortalezas señoriais son tomadas polo irmandiños ¹ .		
1469		Casamento de Isabel de Castilla e Fernando de Aragón.	O portugués Fernão Gomes chega ó golfo de Guinea.
1471			En Nuremberg nace Durero (morre no 1528).
1474		Publicación en Valencia de <i>Trobes en llaors de la Verge Maria</i> , primeiro libro imprentado en España.	Nace Copérnico (morre no 1543).
1475			Nacemento de Miguel Anxo Bounarroti (morre no 1564).
1476	A nobreza galega, agás Pedro Álvarez de Soutomaior constitúe unha liga de apoio á Raíña Isabel.	Creación da <i>Santa Hermandad</i> , milicia civil encargada da orde pública.	
1478		Fundación do Tribunal da Inquisición.	
1479	Enfrontamento de Pardo de Cela cos Reis Católicos.	Unión das coroas de Castela e Aragón. Tratado de Alcaçobas para a repartición de África entre Castela e Portugal.	

¹ A revolta finaliza en 1469 co trunfo militar dos señores; un deles, Pedro Madruga utiliza por vez primeira en Galicia, armas de fogo.

1480	Introducción da Santa Hermandad.		Os portugueses chegan á costa do Congo. João II, rei de Portugal organiza a <i>Junta dos mathematicos</i> para estudar a navegación da Terra.
1481		Comeza a guerra de Granada que culminará en 1492 coa caída deste reino.	
1482			O portugués Diego Cão chega a Angola.
1483	O cabido compostelán encarga 120 exemplares do <i>Breviario compostelán</i> , primeiro libro imprentado en Galicia. Execución do Mariscal Pardo de Cela.		Nacementos de Lutero e de Rafael. Desenvólvese o procedemento para a determinar a latitude partindo da meridiana do sol.
1485			O rei de Portugal rexeita o proxecto aventureiro de Colón; este trasládase a Castela.
1486	Viaxe dos Reis Católicos a Galicia.	Avances contra Granada: caída Córdoba en 1483 agora cae Loja e no ano próximo Málaga.	México: máxima expansión azteca. Primeiras edicións de Vitrubio en Roma e Florencia.
1487			O portugués Bartolomeu Dias dobra o cabo da Boa Esperanza (Sudáfrica). Pedro de Covilha acada, costeando o leste de África a desembocadura do Zambeze.
1489		Derribo das naves islámicas da mesquita de Córdoba e inicio das obras da catedral católica sobreposta.	
1492	Os Reis Católicos fundan o Hospital Real de Santiago para acoller ós peregrinos doentes.	Cristóbal Colón descobre as Illas do Caribe; inicio da conquista de América; conquista do Reino de Granada ¹ . Expulsión dos xudeus. Nebrija: primeira gramática castelán.	Enrique VIII en Inglaterra. João II en Portugal. Carlos VIII en Francia. Maximiliano no Imperio Xermánico. Iván III en Rusia. Lorenzo o Magnánimo en Florencia. Alexandre VI, Papa.

¹ No documento de capitulación establécese o respecto polos costumes e os bens da poboación musulmana.

UN NOVO MUNDO

<u>GALICIA</u>	<u>ESPAÑA</u>	<u>MUNDO</u>
1493	Bula papal delimitando a zona dos descubrimentos portugueses e españois. Segunda viaxe de Colón.	Tratado de Barcelona con Francia: o Rosellón e a Cerdeña son anexionados ós reinos hispánicos.
1494	Creación da Real Audiencia de Galicia.	Tratado de Tordesillas afasta a divisoria entre posesións españolas e portuguesas a 360 leguas ó oeste de Cabo Verde
1496	O Papa concédelle ós reis Isabel e Fernando o título de <i>Católicos</i> . Fundación da cidade de Santo Domingo. Fin da conquista de Canarias.	
1497	Real Cédula declarando libre de impostos o comercio coas Indias. Nesta data tería sucedido xa a suposta primeira expedición de Américo Vespuccio.	Portugal expulsa ós xudeus. O británico Cabot chega e explora Terranova.
1498	Terceira viaxe de Colón (1498 - 1500); descóbrense "terra firme".	O navegante portugués Vasco da Gama arriba á India tras circunnavegar África. Cabot explora a costa leste de Norte América dende Teranova ás bocas do Hudson.
1499	Santiago: iníciáanse as obras do Hospital Real, fundado polos Reis Católicos ¹ .	Establecemento dunha base en Darién para controlar o istmo de Panamá. De la Cosa, Alonso de Ojeda e Américo Vespucci exploran as costas de Surinam e Venezuela. Pinzón explora a costa de Brasil. Paz de Basilea. Suíza escíndese do imperio xermánico.
1500	O navegante Pedro Alonso, que o ano anterior partira cara ás Indias arriba ó porto de Baiona, cargado de ouro e perlas.	Chegan a Andalucía procedentes de México as primeiras plantas de millo. De la Cosa: primeiro mapa de América. España e Francia repártense Nápoles. Sublevación mourisca nas Alpujarras. Data estimada do inicio das obras da Abadía de Westminster. O navegante portugués Pedro Alvares Cabral descubre o Brasil.
1502	Nace na Gudíña Sebastián de Aparicio.	Cuarta e derradeira viaxe de Colón; Ojeda explora Curaçao. Iníciase o traslado masivo de escravos africanos ás Antillas.
1503	Os musulmáns de castela son obrigados a converterse. Créase a Casa de Contratación de Sevilla para o comercio con América. RO. prohibindo a escravitude ² dos nativos.	Bramante: Tempietto de san Pietro in Montorio, Roma.
1504	Pasamento da raíña Isabel a Católica. Enrique de Egas inicia a construción do Hospital da Santa Cruz, Toledo.	Tropas francesas son derrotadas cando tentaban tomar as colonias españolas en Nápoles.

¹ Enrique Egas, arquitecto real. Neste edificio recoñécese por vez primeira en Galicia, unha planta renacentista; foi tomada da do Hospital Maior de Milán de Filarete.

² Obrigaselle ós indios a traballar para os brancos, limitando a escravitude para os individuos de raza negra.

1506	Establecemento en Santiago da Real Audiencia de Galicia.	O 20 de maio morre en Valladolid Cristóbal Colón expresando o desexo de "reposar, si puede ser, en la Isla Española, que Dios me dió milagrosamente".	Bramante: proxecto para a basílica de san Pedro do Vaticano.
1507		Grande actividade arquitectónica en Granada: Enrique de Egas e outros arquitectos levantan igrexas e castellos; destaca a Capela Real.	Na <i>Cosmographie introductio</i> de Martin Waldseemüller descríbense as viaxes do Vespuccio denominando, por vez primeira, ó novo continente como "América".
1508	O galego Sebastián de Ocampo circunnavega Cuba ¹ .	Fernando el Católico encomenda ó piloto mayor, Américo Vespuccio, o exame en rigor dos aspirantes ó oficio de marear. Ponce de León conquista Porto Rico.	Erasmus de Rotterdam: <i>Eloxio da loucura</i> . Miguel Anxo inicia os frescos da capela Sixtina. Os portugueses fracasan na conquista da Arabia.
1509	Alonso III de Fonseca (Santiago 1474 - Alcalá 1534) arcebispo de Santiago; Martín de Blas e Guillén Colás, mestres galos levantan a nova porta do Hospital Real de Santiago, paradigma do primeiro Renacemento. Juan Francés reixas da catedral de Santiago	Diego Colón, fillo do descubridor traslada os restos do seu pai á Cartuja de Sevilla. Velázquez de Cuéllar conquista Cuba e Esquivel, Xamaica. RO ordenando ós españois "protejan, amparen, cristianicen y enseñen a vivir en policía [ós indios]". Conquista de Orán.	Enrique VIII, futuro rei de Inglaterra, casa con Catalina de Aragón. Os portugueses chegan a Sumatra e Java: supremacía no Índico.
1510	Juan de Álava: claustro da catedral de Santiago.	Álvarez Correa arriba accidentalmente ó Brasil. Expansión castelá no norte de Marrocos. Abre en Cádiz unha delegación da Casa de Contratación de Sevilla. Fernando el Católico, rei de Nápoles. Catedral de Santo Domingo, primeira das levantadas nas Indias.	Invención dos mapas en relevo. Os portugueses conquistan Goa (India), emprendendo a conquista das Molucas e de Malaisia.
1511		Creación do Consejo de Indias. Fundación da Audiencia de Santo Domingo, primeira de América.	
1512		Lei ordenando que ós novos poboadores das indias se lles dean terras e solares. López de Gómara: <i>Historia de las Indias y conquista de México</i> .	Os campesiños alemáns reclaman a supresión dos dereitos feudais. Sangallo inicia o Palacio Farnesio, Roma. Os portugueses conquistan Malaca.
1513		Núñez de Balboa cruza o istmo de Panamá e descubre o Pacífico. Ponce descubre a Florida; primeiro europeo que pisa Norte América.	Maquiavelo: <i>O Príncipe</i> . Miguel Anxo: <i>Moisés</i> .
1514		Créase ² o "Oficio de Correo Mayor de las Indias y Tierra Firme del Mar Océano Descubiertas y por Descubrir". Dispónse que os indios e indias "puedan casarse entre si así como con españolas y españoles".	
1516		Morre Fernando el Católico. Nace Santa Teresa. Juan Díaz de Solís chega ó Río da Prata. Frei Tomás de Berlanga leva á Española o plátano de Canarias. Bartolomé de las Casas, protector dos indios.	O alemán Kiefus inventa a chave de rosca para os fusís, dispositivo que fai innecesaria a mecha. Tomás Moro: <i>Utopía</i> . Portugal mantén relacións comerciais coa China.

¹ Demostra a insularidade da illa. Rematada a viaxe carena nun punto da costa onde funda a cidade da Habana.

² O oficial maior encargárase de organizar un sistema de comunicacións permanentes coas indias.

1519	Celebración de Cortes en Santiago e na Coruña. Dende este porto Carlos V parte cara Aquisgrán, onde será coroado emperador.	Cortés invade México. Magallanes descubre o estreito do seu nome e as Filipinas. Elcano: circunnavega a Terra. Fundación da cidade de Panamá. Pineda chega ás bocas do Missisipi. RO incorporando as Indias á Coroa. Fernández de Inciso: primeira xeografía de América. Andazo de varíola na Española: primeira peste de orixe europea en América.	Pasamento de Leonardo. Lutero rompe con Roma. Ingleses, portugueses e holandeses controlan o trasfego de escravos negros entre África e América. Expedicións musulmanas na India.
1521	Juan de Álava: construción do Claustro da catedral de Santiago. Cornelis de Holanda inicia o retablo maior da catedral de Ourense (remátase en 1547).	Ordénase destruír as obras de Lutero en España. Cae Tenochtitlán (hoxe cidade de México): o imperio Azteca en mans de Cortés. Fernández de Oviedo informa que na Española "hay ya tantos negros que la isla parece una efigie e imágen de la misma Ethiópía".	Gran actividade bélica en Italia dos exércitos españois e franceses; en 1527 asolan Roma, apreixando ó Papa.
1522	O arcebispo Fonseca funda o colexio de Santiago Alfeo, xerme da futura universidade. Tamén promover claustro ¹ da catedral, para o que trae de Salamanca a Juan de Álava, arquitecto. Fundación na Coruña da Real Casa de contratación de Especiería.	Introdúcense en México a cana de sucre, a moreira, o trigo e a vide. Iníciase a conquista de Nicaragua e Honduras. Encomendas ² para fomento agrícola nas Indias. Barcelona pide comerciar con América. De las Casas: <i>Brevísima relación sobre la destrucción de las Indias</i> . Catedral de Santiago de Cuba.	
1523	Finalización das obras da portada do Hospital Real de Santiago, iniciadas cinco anos antes polos arquitectos franceses Martín de Blás e Guillén Colás.	Creación do Consejo de Hacienda. Gil González Dávila conquista Nicaragua. Cortés conclúe a conquista de México.	
1524	Fonseca é nomeado arzobispo de Toledo.	Primeira expedición de Pizarro por terras incaicas. Ordenanzas funcionais do Consejo de Indias.	O italiano Verrazanno explora a costa norteamericana dende Florida a Terranova.
1525	Aprobación pontificia da nacente Universidade de Santiago.	Gil de Hontañón: Catedral de Segovia. Edicto limitando a liberdade dos musulmáns en España. Fundación da cidade de san Salvador.	O francés Fernel determina o perímetro da terra. O portugués Esteban Gomes percorre a costa norteamericana ata o Labrador.
1526		Os musulmáns do reino de Aragón obrigados a converterse. Concédese licencia xeral para que tódolos súbditos do Imperio poidan establecerse e contratar nas Indias.	
1526			India: implántase o imperio mogol (deica 1858).
1528	Xuntas do Reino.	Siloé: reformas na Alhambra e na catedral de Granada. Tratado comercial cos Welser, banqueiros alemáns, para financiar empresas imperiais; concédeselles o privilexio da explotación de Venezuela. Iníciase a conquista do lucatán.	Pasamento de Durero.

¹ Esta obra será modelo para Oseira, Oia, Monfero...

³ Figura legal que lle permitía ós españois o dominio dos indios obrigándo á súa instrución e auxilio.

<u>GALICIA</u>	<u>ESPAÑA</u>	<u>MUNDO</u>
1493	Bula papal delimitando a zona dos descubrimentos portugueses e españois. Segunda viaxe de Colón.	Tratado de Barcelona con Francia: o Rosellón e a Cerdeña son anexionados ós reinos hispánicos.
1494	Creación da Real Audiencia de Galicia.	
1496	O Papa concédelle ós reis Isabel e Fernando o título de <i>Católicos</i> . Fundación da cidade de Santo Domingo. Fin da conquista de Canarias.	
1497	Real Cédula declarando libre de impostos o comercio coas Indias. Nesta data tería sucedido xa a suposta primeira expedición de Américo Vespuccio.	Portugal expulsa ós xudeus. O británico Cabot chega e explora Terranova.
1498	Terceira viaxe de Colón (1498 - 1500); descóbrese "terra firme".	O navegante portugués Vasco da Gama arriba á India tras circunnavegar África. Cabot explora a costa leste de Norte América dende Teranova ás bocas do Hudson.
1499	Santiago: iníciáanse as obras do Hospital Real, fundado polos Reis Católicos ¹ .	Establecemento dunha base en Darién para controlar o istmo de Panamá. De la Cosa, Alonso de Ojeda e Américo Vespucci exploran as costas de Surinam e Venezuela. Pinzón explora a costa de Brasil.
1500	O navegante Pedro Alonso, que o ano anterior partira cara ás Indias arriba ó porto de Baiona, cargado de ouro e perlas.	Chegan a Andalucía procedentes de México as primeiras plantas de millo. De la Cosa: primeiro mapa de América. España e Francia repártense Nápoles. Sublevación mourisca nas Alpujarras.
1502	Nace na Gudíña Sebastián de Aparicio.	Data estimada do incio das obras da Abadía de Westminster. O navegante portugués Pedro Alvares Cabral descobre o Brasil.
1503	Cuarta e derradeira viaxe de Colón; Ojeda explora Curaçao. Iníciase o traslado masivo de escravos africanos ás Antillas.	Bramante: Tempietto de san Pietro in Montorio, Roma.
1504	Os musulmáns de castela son obrigados a converterse. Créase a Casa de Contratación de Sevilla para o comercio con América. RO. prohibindo a escravitude ² dos nativos.	Pasamento da raíña Isabel I Católica. Enrique de Egas inicia a construción do Hospital da Santa Cruz, Toledo.
1504		Tropas francesas son derrotadas cando tentaban tomar as colonias españolas en Nápoles.

¹ Enrique Egas, arquitecto real. Neste edificio recoñécese por vez primeira en Galicia, unha planta renacentista; foi tomada da do Hospital Maior de Milán de Filarete.

² Obrígaselle ós indios a traballar para os brancos, limitando a escravitude para os individuos de raza negra.

1506	Establecemento en Santiago da Real Audiencia de Galicia.	O 20 de maio morre en Valladolid Cristóbal Colón expresando o desexo de "reposar, si puede ser, en la Isla Española, que Dios me dió milagrosamente".	Bramante: proxecto para a basílica de san Pedro do Vaticano.
1507		Grande actividade arquitectónica en Granada: Enrique de Egas e outros arquitectos levantan igrexas e castelos; destaca a Capela Real.	Na <i>Cosmographie introductio</i> de Martin Waldseemüller describíense as viaxes do Vespuccio denominando, por vez primeira, ó novo continente como "América".
1508	O galego Sebastián de Ocampo circunnavega Cuba ¹ .	Fernando el Católico encomenda ó piloto mayor, Américo Vespuccio, o exame en rigor dos aspirantes ó oficio de marear. Ponce de León conquista Porto Rico.	Erasmus de Rotterdam: <i>Eloquio da loucura</i> . Miguel Anxo inicia os frescos da capela Sixtina. Os portugueses fracasan na conquista da Arabia.
1509	Alonso III de Fonseca (Santiago 1474 - Alcalá 1534) arcebispo de Santiago; Martín de Blas e Guillén Colás, mestres galos levantan a nova porta do Hospital Real de Santiago, paradigma do primeiro Renacemento. Juan Francés: reixas na catedral de Santiago	Diego Colón, fillo do descubridor traslada os restos do seu pai á Cartuja de Sevilla. Velázquez de Cuéllar conquista Cuba e Esquivel, Xamaica. RO ordenando ós españois "protejan, amparen, cristianicen y enseñen a vivir en policía [ós indios]". Conquista de Orán.	Enrique VIII, futuro rei de Inglaterra, casa con Catalina de Aragón. Os portugueses chegan a Sumatra e Java: supremacía no Índico.
1510	Juan de Álava: claustro da catedral de Santiago.	Álvarez Correa arriba accidentalmente ó Brasil. Expansión castelá no norte de Marrocos. Abre en Cádiz unha delegación da Casa de Contratación de Sevilla. Fernando el Católico, rei de Nápoles. Catedral de Santo Domingo, primeira das levantadas nas Indias.	Invención dos mapas en relevo. Os portugueses conquistan Goa (India), emprendendo a conquista das Molucas e de Malaisia.
1511		Creación do Consejo de Indias. Fundación da Audiencia de Santo Domingo, primeira de América.	
1512		Lei ordenando que ós novos poboadores das Indias se lles dean terras e solares. López de Gómara: <i>Historia de las Indias y conquista de México</i> .	Os campesiños alemáns reclaman a supresión dos dereitos feudais. Sangallo inicia o Palacio Farnesio, Roma. Os portugueses conquistan Malaca.
1513		Núñez de Balboa cruza o istmo de Panamá e descobre o Pacífico. Ponce descubre a Florida; primeiro europeo que pisa Norte América.	Maquiavelo: <i>O Príncipe</i> . Miguel Anxo: <i>Moisés</i> .
1514		Créase ² o "Oficio de Correo Mayor de las Indias y Tierra Firme del Mar Océano Descubiertas y por Descubrir". Dispónse que os indios e indias "puedan casarse entre sí así como con españolas y españoles".	
1516		Morre Fernando el Católico. Nace Santa Teresa. Juan Díaz de Solís chega ó Río da Prata. Frei Tomás de Berlanga leva á Española o plátano de Canarias. Bartolomé de las Casas, protector dos indios.	O alemán Kiefus inventa a chave de rosca para os fusís, dispositivo que fai innecesaria a mecha. Tomás Moro: <i>Utopía</i> . Portugal mantén relacións comerciais coa China.

¹ Demostra a insularidade da illa. Rematada a viaxe carena nun punto da costa onde funda a cidade da Habana.

² O oficial maior encargárase de organizar un sistema de comunicacións permanentes coas indias.

1529	Créase unha Casa de Contratación na Coruña.	Paz de Cambrai: España e Francia cesan as hostilidades pola posesión de Italia; repártense o país e Flandes. A crise económica provoca a venda a Portugal dos dereitos sobre as terras do Pacífico situadas ó leste do meridiano 17.	Segunda Dieta de Spira: a maioría católica suprime a liberdade relixiosa da primeira Dieta malia a protesta alemá; nace a denominación <i>protestante</i> . Enrique VIII divorciase da súa muller malia a oposición Papal.
1530	Baiona e A Coruña son autorizadas a comerciar con América.	Concédese o voto en Cortes á cidade de México. Carlos I, Emperador.	O italiano Fracastoro descubre o polo magnético. De Souza inicia a colonización portuguesa do Brasil.
1531	Nuño de Guzmán funda a cidade de Santiago de Compostela de Galicia en territorios do actual estado mexicano de Nayarit.	Pizarro inicia a conquista do imperio Inca. Vétase a entrada en América dos libros de tema non relixioso cristián. A virxe aparéceselle por vez primeira a un indio; sucede en Tepeyac, solar de Tonantín, divindade azteca; sospeitando un fraude a igrexa católica demorará un século en incluír no santoral á Virxe de Guadalupe.	Fundación da Bolsa de Anveres. Enrique VIII, proclámase cabeza da coroa de Inglaterra.
1532	Unha licencia do Mosteiro de San Clodio derradeiro documento oficial escrito en galego. Creación do Reino de Nueva Galicia (actual estado de Guadalajara, México) con Audiencia e capital en Santiago de Compostela de Galicia.	Código penal de Carlos V, uniforme para todo o imperio.	Unión das coroas francesa e bretona. Introducción do protestantismo en Dinamarca. Expedición do francés Cartier a Canadá. Grynaeus: <i>Novus Orbis</i> , primeira historia xeral dos descubrimentos.
1533	O galego frei Sebastián Aparicio introduce a carreta en México.	Pizarro entra en Cusco, dominando o imperio inca. Fundación de Cartagena de Indias. Creación do Virreinato de Nueva España. Fundación de Lima. Fernández de Oviedo: <i>Historia General y Natural de las Indias</i> .	Lutero traduce a biblia ó alemán. O bispo de Canterbury dissolve o matrimonio de Enrique VIII o que equivale á independencia da igrexa anglicana. Tiziano: <i>Retrato de Carlos V co seu can</i> ; Rabelais: <i>Gargantúa e Pantagruel</i> .
1534	Pasamento do arzobispo Fonseca. Entre 1509 e 1534 rexístrase o paso a Indias de 139 naturais de Galicia.	Pasamento de Garcilaso de la Vega.	Calvino expón as súas teses. O español Ignacio de Loyola funda en París a Compañía de Xesús.
1535	Andrés Hernández e Francisco Araújo, primeiros galegos na Arxentina.	Conquista de Tunicia. Constitúese o Virreinato de Nueva España (hoxe México). Almagro inicia a conquista de Chile. Descúbreanse as Galápagos; Mendoza funda Nuestra Señora del Buen Aire (preto da actual Buenos Aires). Constrúese a igrexa de san Francisco de Quito sobre as ruínas dun palacio inca.	
1536		Real Cédula autorizando a sepultura de Colón na catedral de Santo Domingo; Montijo conquista o imperio maia e Pizarro e Almagro o imperio inca; fundación de Quito e Guayaquil por Sebastián Belalcázar. México: primeira imprenta das Indias. Irala funda Asunción e Jiménez Quesada Bogotá.	Fernão de Oliveira: primeira gramática portuguesa. Introducción da inquisición en Portugal. Serlio inicia a publicación das <i>Regoli generali di architettura sopra le cinque maniere degli edifici</i> .
1538	Conclusión da fachada da igrexa de santa María A Grande, de Pontevedra. Gil de Hontañón traballa na Catedral de Santiago.	Prohíbese a difusión das obras e ideas de Erasmo. Sevilla: Hernando Colón forma a Biblioteca Colombina, axiña acadará os 100.000 volumes. Fundación da Universidade de Santo Domingo, primeira de América. Fundación de Bogotá.	Mapamundi de Mercator. Piccolomini: primeiro mapa celeste.

1540	Catedral de Santiago: o arquitecto Rodrigo Gil inicia a construción da Torre do Tesouro; caracterízase pola súa semellanza formal cunha pirámide da cultura tajin.	Francisco de Orellana descende dende Perú ó Atlántico polos ríos Napo e Amazonas. Concédese o voto en Cortes á cidade de Cusco. Valdivia conquista Chile. Primeiros piratas no Caribe. Rebelión indíxena na Nueva España.	
1541		Orellana explora e navega na súa totalidade, por vez primeira, o ría Amazonas.	
1542	Cornellis de Holanda: fachada da igrexa de santa María, Pontevedra.	Perda de Tunicia e outras colonias no norte de África. O explorador Juan Rodríguez Cabrillo descubre a badía de Los Ángeles, USA. Docampo explora Kansas e Colorado. Fundación de Santiago de Chile. Creación do Virreinato do Perú. Abolición da escravitude dos indios.	O portugués Mendes Pinto chega ó Xapón.
1543	Rodrigo Gil de Hontañón, fachada do tesouro na catedral de Santiago.	Establécese o control aduaneiro do comercio con América. Expedición de Irala entre Asunción e Cuzco (conclúe en 1548).	Vesalo publica en Basilea <i>De humani corporis fabrica</i> , primeiro tratado moderno de anatomía. Nace El Greco en Creta (Grecia), morre no 1614 en Toledo (España).
1544		Exhumación dos restos de Colón e traslado a Santo Domingo onde son soterrados na catedral. Perú: rebelión de Pizarro. Fundación de La Paz.	Copérnico demostra a rotación da terra sobre o seu eixo Stifel: <i>Arithmetica integra</i> , base do álgebra moderno. Uso xeneralizado do ferro fundido en obxectos cotiáns.
1545		Fundación dos primeiros colexios dos Xesuítas (Valladolid, Alcalá, Valencia e Gandía). Hernán Ruíz: <i>Libro de Arquitectura</i> , traducción da <i>Arquitectura</i> de Vitrubio. Descubrimento da mina do Potosí no Alto Perú (hoxe Bolivia). Graves andazos entre os indios.	Concilio de Trento.
1546		México: descubrimento das minas de prata de Zacatecas. Constitución dos arcebispados de Lima, México e Santo Domingo. Fracasada a colonización dos Welser, Venezuela volve ó dominio da coroa.	Comeza en Roma a restauración de esculturas da antigüidade clásica. Miguel Anxo: Piazza do Campidoglio, Roma.
1547		Consulat del Mar en Valencia. Nace Cervantes.	
1550	Abre o Colexio de Fonseca, construído polo arzobispo como sé da nova universidade; a fachada (Juan de Álava e Alonso de Covarrubias, arqs.) Imita á do Colexio dos Irlandeses de Salamanca, tamén fundado por Fonseca.	Máxima expansión da piratería de francesa e inglesa contra os navíos españois para apoderarse dos tesouros indianos. Primeiras misións xesuíticas nas Indias. Lázaro de Velasco traduce os <i>Diez libros de Arquitectura</i> de Vitrubio.	
1551		Fundacións de Santa Teresa. Obra poética de San Juan de la Cruz. Fundación da Universidad de Lima.	
1552		Francisco de Villalpando: traducción de <i>Tutte l'opere d'architettura et prospettiva</i> , de Serlio. López Gomara, <i>Historia General de las Indias</i> ; Casas: <i>Brevísima relación de la destrucción de las indias</i>	

1553		Fundación da universidade de México. Catedral de Oaxaca.	
1554	O príncipe Felipe II embarca na Coruña cara a Inglaterra.	<i>El Lazarillo de Tormes</i> . Introducción en México do procedemento da amalgama para a produción de prata (introdúcese no Perú en 1563).	Palestrina: <i>Misas</i> ; Vignola: igrexa de Sant'Andrea, Roma. Mercator: Mapa de Europa.
1555	Pinturas murais na bóveda da igrexa de Santa Baia de Banga, Ourense.	A Habana cae en poder francés.	Paz de Ausburgo: asenta a escisión relixiosa xermánica. Francia establece unha colonia na badía de Río de Xaneiro.
1556		As Reales Audiencias transfórmanse en instrumentos do poder absoluto do monarca. A Coroa declárase en quebra. Italia, agás Venecia e a Savoia, encóntranse baixo dominio español; Felipe II declárase "rei de Castilla, Aragón, Sicilia y las Indias".	A China concédelle ó Portugal a colonia de Macau.
1559		Prohíbese ós españois estudar en universidades estranxeiras. Cesan os ataques franceses no Caribe. Constitución das audiencias de Charcas e de Quito.	Francia toma Calais, derradeira colonia inglesa no continente.
1560		Menéndez de Avilés funda San Agustín, na Florida, primeira cidade dos USA. Importación da oliveira en Lima.	
1560		Madrid, capital permanente da Monarquía.	
1561	Establecemento da Inquisición.	Nacen Lope de Vega e Góngora. Vandelvira: Plaza Mayor, Valladolid. Rebelión, pronto sufocada, en Venezuela contra a autoridade rexia.	
1563	A Real Audiencia trasládase á Coruña.	Inicio da construción do mosteiro de San Lorenzo del Escorial (Madrid). Primeiros ataques corsarios contra a flota. Descubrimento das minas de mercurio de Huancavélica no Perú. Catedral de México.	Pasamento de Miguel Angelo Bounarroti.
1564			Nace en Pisa Galileo Galilei, morrerá no 1642.
1565	Pasa a Indias, como bispo de Popayán, frei Agustín da Coruña.	Primeira travesía Acapulco - Filipinas.	
1566	Felipe II crea o corpo de infantaría denominado <i>Tercio de Galicia</i> para intervencións no estranxeiro ¹ .	Sublevación nos Países Baixos. Legazpi inicia a conquista das Filipinas.	

¹ Formado por 2.200 homes con destino nos Países Baixos, Alemaña e Francia. En 1713 será absorbido por outros corpos do exército.

1567		Felipe II prohíbe a lingua árabe e os usos e costumes mouriscas no territorio do antigo reino de Granada. Fundación de Santiago León de Caracas.	
1568	Pazo de san Xerome, fundado polo arzobispo Fonseca. 6000 familias saen de Galicia a repoboar o Reino de Granada.	Sublevación mourisca na Alpujarra ¹ . Chegada dos xesuítas a México. Expedición de Mendaña ás Illas Salomón. Iníciase as revoltas independentistas nos Países Baixos.	
1570		Instáurase a Inquisición no Perú. Primeiras "reducciones" (reasantamentos da poboación indíxena) no Perú. Iníciase a conquista das Filipinas.	Palladio: <i>I quattro libri dell'Architettura</i> , Venecia. Tiziano: <i>Pietà</i> .
1571		Dan comezo as viaxes anuais de galeóns a Manila e á China. Legazpi funda Manila.	A Liga Santa, formada por España e a república de Venecia, derrota ós turcos na batalla de Lepanto; estes perden a supremacía naval no Mediterráneo.
1572		Felipe II declara a Sevilla único punto de entrada das mercancías de Indias.	Luis de Camoens: <i>Os Lusíadas</i> .
1573	Os portos de Galicia perden os dereitos de arribada do Comercio con América.	Juan de Austria conquista Tunixia. Sevilla acapara o monopolio comercial con América. Lei de Felipe II regulando a construción de novas cidades nas Indias.	
1574	A Coruña: Tribunal ² da Inquisición segregado do castelán con sé en Valladolid.	López de Velasco: <i>Geografía de las Indias</i> .	Portugal coloniza Angola.
1575	Primeiro auto de fe da Inquisición en Galicia.	El Greco instálase en Toledo.	
1576			Exploracións do británico Frobisher na costa norte do Canadá.
1577		Expedición do pirata Drake polo Pacífico para saquear posesións españolas; o seu éxito válelle o título de Sir.	Nacemento de Rubens. Volta ó mundo do británico Francis Drake (deica 1580).
1580	Nesta data podería terse realizado con éxito o cultivo experimental de patacas na horta do Convento de Herbón segundo consta no documento: <i>Memorias do Arzobispado de Santiago para 1607</i>	Nace Quevedo (morre en 1645). Anexión de Portugal (deica 1640) Ocupación de Ceuta, posesión portuguesa. Segunda e definitiva fundación de Bos Aires.	
1581		A Unión de Utrecht declara a independencia dos Países Baixos.	Declaración de independencia das Provincias Unidas de Holanda.
1583		Catedral en Cuzco.	O inglés Gilbert toma Terranova pero non consegue conquistala. Primeira igrexa en Salvador de Bahía.

¹ Os alzados, uns 80.000 son espallados por Castilla e Andalucía; 270 lugares das Alpujarras son repoboados con 12.542 familias campesiñas de Galicia e León.

² Era misión deste tribunal velar "en los puertos del océano contra la introducción de libros perniciosos y personas dogmatizantes de las opiniones protestantes". Suprimírase en 1808.

1585	Drake apodérase de Baiona.		O inglés Raleigh explora Virxinia, primeira colonia inglesa en América.
1588	A Armada Invencible parte de Lisboa cara Inglaterra; recalca na Coruña para avituallarse. Aquí se inicia a construción do Castelo de San Antón.	Fracaso ¹ da Armada Invencible, destinada á invasión de Inglaterra. Creación do Consejo de Flandes.	Iniciase a hexemonía colonial inglesa.
1589	Drake cerca A Coruña, saquea Vigo e Baiona. Xesta heroica de María Pita na defensa da Coruña. Inicio da construción dos castelos da ría de Ferrol.	Juan de Herrera: catedral de Valladolid. Alonso de Ercilla: <i>La Araucana</i> .	
1591	Galicia ten 629.336 habitantes. O Cardeal Rodrigo de Castro constrúe ² en Monforte o Colexio de Nosa Señora da Antiga, establecendo nel unha fundación benéfica escolar.	Poboación do estado: 8.000.000 de habitantes. Creación de casas de comercio en Lima e México. Aquí descúbrese unha grande mina de prata chamada Potosí para equiparala coas homónimas do Alto Perú.	Holanda: invención do microscopio.
1594		Gran actividade bélica nas colonias europeas. San Francisco: primeira igrexa de Caracas. Mendaña explora as Illas Marquesas.	Napier: logaritmos naturais. O italiano Peri compón <i>Dafne</i> , a primeira ópera. Mercator: <i>Atlas</i> . Portugal impide a GB e Holanda comerciar con Malaisia.
1595	O conde de Monterrei, vicerrei de Nueva España.	Venezuela: Raleigh explora o Orinoco en busca de El Dorado.	Primeiros asentamentos holandeses nas Indias Orientais (Nova Zelandia e outras) tomando posesións lusas.
1596			O británico Sir John Harrington inventa o inodoro.
1599	Remate da portada de san Martiño Pinario, Santiago. Igrexa do Mosteiro de Montederramo.	En Sevilla nace Velázquez (morre no 1660), un ano antes nacera Zurbarán (morre no 1664).	Nace Borromini (morre no 1667).
1600	Mateo López: convento de san Paio de Antealtares, Santiago.	Nace Calderón de la Barca. Fortificación de Cartagena de Indias.	Entre 1600 e 1605 Shakespeare escribe: <i>Othelo</i> , <i>King Lear</i> e <i>Macbeth</i> .
1602	Simón de Monasterio remata o Colexio do Cardeal en Monforte.	Fin dun andazo de peste que dura seis anos e provoca unha crise demográfica. Fortificación da Habana. Vizcaíno explora California e funda Monterrei.	Constitución da Compañía Holandesa das Indias Orientais.
1603	Chega a Santiago o arquitecto xienense Ginés Martínez ³ . O Conde de Lemos ⁴ preside o Consejo de Indias.	Máxima intensidade nas exportacións de prata das Indias.	

¹ O fracaso da Armada Invencible nas costas inglesas quebra o poderío español na mar e a apertura das rotas ultramaríñas a Inglaterra e Holanda.

² Juan de Tolosa, arquitecto da escola herreriana de Valladolid. Dirixiu o arquitecto cántabro Simón de Monasterio quen remata a obra en 1622. A fachada da igrexa, xesuítica, é italianizante.

³ Introdutor de linguaxes andaluzas na arquitectura compostelana, atribúeselle o Colexio de san Clemente e a urbanización da Praza da Quintana.

⁴ Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos, (Monforte, 1576 - Madrid, 1622)

1604	O Conde de Lemos solicita da Universidade de Santiago unha relación de profesores de valía para ser propostos candidatos ás Audiencias das Indias.	Gonzalo Méndez de Cancio, natural de Tapia de Castriego introduce nesta vila o millo, procedente de Indias, de aquí pasará axiña a Mondoñedo.	
1605		Publicación da primeira parte de <i>El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha</i> .	
1606	Martínez de Aranda: escalinata da fachada do Obradoiro da catedral de Santiago.	Fernández de Quirós descobre o arquipélago das Novas Hébridas, no Pacífico.	
1607		Bancarrota da Coroa. Conquista das Illas Molucas, territorio vital para o abastecemento de cravo. Chegada dos Xesuítas ó Paraguai.	Monteverdi: <i>La favola d'Orfeo</i> . Carlo Maderno: fachada de san Pedro do Vaticano, Roma. Fundación de Jamestown (Virxinia), primeira colonia inglesa en América do Norte. O portugués Vaes descubre o estreito do seu nome entre Nova Guinea e Australia.
1608		O Conde de Lemos nomeado Vicerrei de Nápoles, o cargo "mayor y más útil que daba el Rey en Europa"; desempeña deica 1616 dotando á cidade de grandes obras públicas.	O holandés Lippershey patenta o telescopio. Bolsa de Amsterdam, primeira do mundo. Galileo: observación científica da lúa. Kepler: <i>Astronomia nova</i> . Rubens: <i>A adoración dos reis magos</i> . Quebec, primeira colonia francesa en América do Norte.
1609		Expulsión ¹ dos mouriscos. Fundación das primeiras "misiones" no Paraguai. Garcilaso de la Vega: <i>Comentarios reales de los Incas</i> .	Fundación da banca de Amsterdam. Albany, primeira colonia holandesa en América do Norte.
1610	Un inventario da conta do presenza de plantacións de millo no Barbanza, oito anos despois hai referencias del en Cangas.	El Greco: <i>Plano y vista de Toledo</i> . Acórdase a expulsión definitiva dos mouriscos. Iníciase o declive das exportacións de prata americana.	Asentamento dunha delegación da Compañía Inglesa das indias Orientais en Madrás (India). O británico Hudson descobre o golfo canadiano do seu nome.
1612		Góngora: <i>Fábula de Polifemo y Galatea</i> ; Jerónimo de Salas: <i>La hija de la celestina</i> .	
1613		Góngora: <i>Soledades</i> . Cervantes: <i>Novelas ejemplares</i> .	Ensanche planificado da cidade de Amsterdam.
1615		Editase a segunda parte de <i>El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha</i> .	Incursión holandesa no Pacífico Español.
1616		Pasamento de Cervantes.	Os británicos Baffin e Bylot exploran a Terra de Baffin e Grenlandia.
1617	Piratas berberiscos asentados nas Illas Cíes atacan o litoral de Pontevedra; destrúen Cangas.		Galileo enuncia as súas teorías. Prohíbese o catolicismo en Suecia.
1618		Diego Luis de Sanvitores descubre a illa de Guam iniciándose así a conquista das illas Carolinas, Marianas e Palaos.	Comeza guerra dos Trinta Anos.

¹ Esta decisión provoca o desmantelamento económico e social das áreas afectadas: Levante, Murcia e Andalucía.

1619			Virxinia: chega o primeiro escravo negro a América do Norte
1620	Simón de Monasterio: xirola da catedral de Ourense e nave da igrexa do mosteiro de Monfero.	Comezan as exportacións de la a Inglaterra.	Os "Pais Peregrinos", fuxidos de Inglaterra acadan as costas de Massachusetts a bordo do buque "Mayflower" iniciando a colonización de América do Norte.
1621	Os holandeses atacan as costas de Galicia.	O boticario Juan de Castro escribe <i>Historia de las virtudes y propiedades del Tabaco</i> . México: edición da <i>Hoja Volante</i> , primeiro xornal americano, de aparición irregular.	
1622	Ataque berberisco á ría de Arousa. Recuperación do voto en Cortes ¹ . Continuas crises agrarias favorecen a implantación do millo en detrimento do centeo e trigo.	Comeza a elaborarse o tabaco chegado das Indias.	Nacemento de Molière. Holanda convértese na primeira potencia marítima, comercial e bancaria do mundo.
1624		Período de depresión da actividade comercial con América (remata en torno a 1650). Creación do Almirantado de Sevilla para protexer o comercio naval e afastar ós holandeses da costa.	Francia: comeza a construción do Palacio de Versalles. Bernini e Borromini: baldaquino da basílica de San Pedro do Vaticano, Roma. Holanda apodérase, por un ano, de Bahía (Brasil).
1626	Fernández Lechuga, arquitecto granadino, remata as obras ² do cruceiro e da cúpula do mosteiro de San Martiño Pinario, Santiago.	Bancarrota. Quevedo: <i>Vida del buscón llamado don Pablos</i> .	Os holandeses fundan Nova Amsterdam (hoxe Nova York) na desembocadura do Hudson.
1628		Grandes fames. Eclósión edilicia en Madrid. A flota de Nueva España cae, cargada de prata, en mans holandesas na badía de Matanzas (Cuba).	Portugal: fundación da Companhia da India, con sé en Lisboa.
1630		Paz entre Inglaterra e España: os españois poden navegar pola Canle da Mancha cara ós Países Baixos.	Inigo Jones: Covent Garden Square, Londres. Os holandeses ocupan Olinda e Recife no Brasil.
1633	Lechuga inicia a igrexa de San Agostiño e o segundo claustro de San Francisco ³ , ambas en Santiago. Construción dunha escuadra galega para a defensa do Reino.	Ordénase o estanco do tabaco, regulando a súa elaboración e comercio.	A Inquisición obrígalle a Galileo a retractarse. Nace Wren (morre no 1723). Francia: na rexión de Lorena cultívase con éxito a pataca, recen importada do Perú.
1635		Calderón de la Barca: <i>La vida es sueño</i> . Os holandeses ocupan Curaçao.	Fundación da Académie Française.
1637		Colapso do comercio transatlántico.	Descartes: <i>Discurso do Método</i> .

¹ A recuperación conséguese mediando o compromiso de empregar un grande capital na construción dunha escuadra para a defensa das costas galegas.

² Lechuga por 10 anos rexirá a arquitectura de Santiago, introducindo un estilo protobarroco inspirado nas linguaxes empregadas na catedral de Jaen e na Capela Maior de Granada.

³ Esta obra, según Bonet "es de gran vinculación con lo andaluz".

1639	Perda da escuadra galega en Dover.	Continúa a actividade bélica nos Países Baixos con continuos alzamentos independentistas.	Fundación da bolsa de París. Clausura dos portos xaponeses ó comercio exterior (deica 1854). Espanoís e portugueses enfróntanse ós holandeses no Brasil. A Compañía Inglesa das Indias funda Madrás.
1640	Salvaterra do Miño cae en poder dos portugueses.	As guerras secesionistas de Cataluña (deica 1653) e Portugal resólvense coa escisión portuguesa.	João IV rei de Portugal.
1642	O Conde de Salvaterra, vicerrei de México.	É rexeitada unha invasión holandesa en Chile.	O británico Tasman acada Tasmania e Nova Zelandia.
1644	Pontevedra: Jorge de Andrade, adifeirado en Perú constrúe ¹ un edificio escolar que doa á cidade.	Tropas españolas son derrotadas polas portuguesas na batalla de Montijo.	Toricelli inventa o barómetro de mercurio.
1646	Fachadas dos mosteiros de Celanova e de Monfero. Monforte: inaugúrase o Convento de santa Clara ² .	Insurreccións en Nápoles e Sicilia contra o dominio español.	Nace Leibniz.
1648	Galicia aporta 35.000 soldados ás Guerras de Flandes. O Conde de Salvaterra, vicerrei de Perú.	Peste no Levante cunha mortandade do 50%. Paz de Westfalia: España recoñece a independencia dos Países Baixos neerlandófonos.	Paz de Westfalia: fin da Guerra dos Trinta Anos.
1650	Nesta data xa é elevado o número de galegos notables ³ en Indias.	Grande recesión demográfica debida ás pestes e famas.	
1651		Nace en México a poetisa sor Juana Inés de la Cruz.	
1652		A toma de Barcelona pon fin á guerra de secesión de Cataluña.	Colonos holandeses fundan Cidade do Cabo (Sudáfrica).
1655	Fórmase en Santiago o Batallón Literario.	Os ingleses apodéranse de Xamaica.	
1658	Instálase en Santiago o arquitecto cántabro Melchor de Velasco ⁴ .		
1661		Comeza a editarse en Madrid o xornal <i>La Gaceta</i> , primeira publicación periódica no Estado.	Le Notre: xardíns do Palacio de Versailles.
1664	Catedral de Santiago: Peña de Toro remata o cimborrio. Nesta data Pedro de Monteagudo está a construír o mosteiro de Sobrado dos Monxes.		Moliere: <i>Tartufo</i> . O duque de York arrebatálle Nova Amsterdam ós holandeses; pasará a denominarse Nova York.

¹ De estilo barroco italiano, o proxecto redactouse en Roma. O edificio, denominado Sarmiento, é hoxe Museo de Pontevedra.

² Foito de mecenado do VII Conde de Lemos e da súa dona Catalina de la Cerda.

³ Breve relación de galegos destacados en indias: Juan Fernández, Vicerrei suplente de Lima; Gabriel Álvarez, fiscal de Lima; García Sarmiento de Sotomayor, Virrei de México e de Perú; José Sarmiento de Valladares, Virrei de México e Pedro Fernández de Castro, Virrei de Perú; Alonso de la Peña, Bispo de Quito.

⁴ É autor da ampliación do convento de San Paio cara á Vía Sacra, da igrexa do mosteiro de Celanova e da casa solariega do Bispo de Quito en Padrón.

1666	Padrón: construción do Pazo do Bispo de Quito segundo modelo castelán de palacio. Pedro Fernández, X Conde de Lemos, vicerrei do Perú.		Gran lume de Londres. Holanda: xeneralízase o cultivo da pataca.
1668	De Toro: torre das campás da catedral de Santiago.	España recoñece a independencia de Portugal.	
1676	Nace o Pai Feijoo (morre no 1764). Catedral de Santiago: Domingo de Andrade, mestre de obras.		
1680		A escaseza do calado dificulta a navegación das grandes naves (500 tn) deica Sevilla; a cabeza da flota de Indias trasládase a Cádiz.	Italia: nacemento de Vivaldi.
1681		Inaugúrase en Sevilla o Colegio de Mareantes; probarán os primeiros instrumentos astronómicos modernos de España.	William Penn funda Pennsylvania.
1682		Fábrica de Tabaco en Sevilla, primeira e única de todo o reino, sé do estanco central ou "Renta del Tabaco".	Os turcos asedian Viena. O francés La Salle chega ás bocas do Mississippi.
1685	Frei Antonio de Monroy (Querétaro, México, 1634-Santiago, 1715) designado arzobispo de Compostela. Diego Evelino, compostelán, bispo de Santiago de Cuba.	Piratas ingleses en Chile e Perú.	Nace Bach.
1687		Grande terremoto en Lima.	Newton expón a teoría da gravitación universal.
1689	Establécese un correo marítimo, bisemanal, entre A Coruña e Falmouth (operou deica 1815).		
1690	Frei Gabriel de las Casas: fachada do mosteiro de San Martiño Pinario, Santiago.		A Compañía inglesa das Indias Orientais funda Calcuta.
1694		O Estado declara a suspensión total de pagamentos.	Fundación en Londres do Banco de Inglaterra. Nace Voltaire.
1695	Domingo de Andrade: <i>La Excelencia de la Arquitectura</i> e fachada de San Domingos de Bonaval, Santiago. Nacemento de frei Martín Sarmiento (morre no 1772).		Pasamento de La Fontaine.
1696	Construción de San Bartolomé a Nova (Sebastián de Monteagudo, arq.) promovida por un cura retornado de Lima.	O conde de Moctezuma, vicerrei de México.	
1697	A escaseza de pan provoca disturbios en Ourense.	Cesión a Francia da zona occidental da Española, hoxe Haití.	
1700	Poboación de Galicia: 1.000.000 de habitantes.	Pasamento de Carlos II. Guerra de Sucesión á Coroa. Poboación do Estado: 8.000.000 de habitantes.	Poboación de Europa. 125.000.000 de habitantes.

1702

Batalla de Rande entre tropas franco-españolas e anglo-holandesas polo control do tesouro da flota da prata; parte del foi desembarcado, outra parte expoliado e outra afundiou na ría; os vencedores saquean a zona.

Unha flota cargada cun fabuloso tesouro parte da Habana, escoltada por unha escuadra francesa cara Vigo xa que Cádiz está asediado. Ataques ingleses ás Antillas.

O IMPERIO ESPAÑOL

	<u>GALICIA</u>	<u>ESPAÑA</u>	<u>MUNDO</u>
1704		Tropas británicas apoderáanse de Xibraltar.	Leibniz funda a Academia das Ciencias de Berlín.
1705			Os ingleses Savery e Newcomen inventan a primeira máquina de vapor coñecida.
1706			Unión de Escocia e Inglaterra baixo a denominación de Reino Unido de Gran Bretaña. Nacemento de Franklin (morre no 1790).
1707	Remátase o mosteiro de Sobrado dos Monxes.	Carlos III dicta o <i>Decreto de Nueva Planta</i> : as normas xurídicas, administrativas, pesas, medidas, moedas e linguas "de todos mis reynos de España [son levadas] a la uniformidad [...] de las Leyes de Castilla".	
1708	Fachada do mosteiro de Oseira (Cea).		Tropas inglesas conquistan Mahón.
1710	Piombino e Gambino poñen en marcha no Faramello (Rois) o primeiro muíño papeleiro de Galicia.		
1712		Fundación da Real Librería (actual Biblioteca Nacional).	Nace Rousseau. Francia prohíbe ós seus nacionais o comercio con América.
1713		A Deputación de Barcelona decláralle a guerra ó rei de España; tropas reais asedian a cidade. Tratado de Utrecht: fin da guerra de sucesión ¹ .	Inglaterra anexionábase Terranova e Nova Escocia a costa de Francia.
1714		Tropas de Felipe V toman Barcelona. Creación da Real Academia de la Lengua.	Fahrenheit inventa o termómetro de mercurio.
1715	Fernando de Casas: igrexa das Capuchinas, A Coruña. O millo supón só o 4% da produción agrícola na Limia, segundo un inventario agrícola.		
1716		Decreto de Nova Planta para o goberno de Cataluña: suprímese o poder político catalán.	Fundación do Banco do Estado de Francia.
1717	A familia Etcheverry, de orixe francesa, funda en Betanzos o Banco Etcheverría, primeiro de Galicia.	Felipe V traslada a Universitat de Barcelona a Cervera en agradecemento da lealdade da vila. Trasládase a Cádiz a Casa de Contratación. Créase o Virreinato de Nueva Granada ² . Conquista de Cerdeña.	Fúndase en Londres a primeira loxia masónica.

¹ Felipe V é recoñecido rei de España e das Indias pero perde numerosas colonias e dereitos. Perde os Países Baixos francófonos, Nápoles, o Milanesado, Cerdeña, Sicilia, Xibraltar, Terranova, Menorca e os dereitos sobre o tráfico de escravos negros.

² Abarca os territorios das audiencias de Quito, Panamá e Santa Fe de Bogotá.

1718		Para protexer a industria española prohibese a importación de Asia de telas e tecidos de seda. Toma de Sicilia.	Fundación por colonos franceses de Nova Orleans.
1719	Piratas ingleses nas costas galegas. Unha flota inglesa ocupa Vigo e Pontevedra.	Un exército francés ocupa Guipúscoa.	
1720		Apertura da fábrica de vidro do Nuevo Baztán, Madrid. Segunda colonización española de Texas.	Marsella: derradeiro brote de peste en Europa occidental.
1721	O enxeñeiro Montañú proxecta e constrúe o acueducto da Coruña, coñecido como das Pontes.	Fundación da Real Fábrica de Tapices de Santa Bárbara en Madrid. Fúndase a Universidad de Caracas.	
1725	A Contaduría del Consejo de Indias describe a existencia dunha corrente migratoria de galegos cara ás Indias.	Construcción da Fábrica de Tabacos ¹ de Sevilla; ocupaba a 10.000 obreiros.	
1726	Ferrol designada capital do Departamento Marítimo do Cantábrico: creación do Arsenal Militar do Norte. O gobernador de La Plata fracasa na introducción de 25 familias galegas e outras tantas canarias en Montevideo.	Felipe V trae enxeñeiros militares de Francia en busca dunha arquitectura oficial cosmopolita e ilustrada. Publicación do <i>Diccionario de Autoridades</i> da Real Academia Española de la Lengua.	
1728		Fundación da Real Compañía Guipuzcoana de Caracas que monopoliza o comercio con Venezuela.	
1729		Traslado da Corte a Sevilla (deica 1733). Larramendi: <i>Arte de la lengua vascongada</i> . Churriguera: Praza Mayor, Salamanca. <i>Gaceta de Guatemala</i> , primeiro xornal de América.	
1732		Acuden a Roma, pensionados, pintores españois. Iníciase a recruta de soldados polo sistema de levas e quintas.	Juvara: igrexa do Carme, Turín. Nace George Washington (morre no 1799); chegará a ser o primeiro presidente dos EE. UU.
1733		Bort: consistorio de Cuenca. Ventura Rodríguez traballa co enx. galo Marchand no Palacio de Aranjuez. Reconquista de Orán. Fundación da Compañía de Comercio de Filipinas.	O inglés Kay inventa a lanzadeira, mecanismo que incrementa o rendemento dos teares. Salvi: Fontana di Trevi, Roma.
1734	A forte demanda obriga ampliar o muíño papeleiro do Faramello.	O infante don Carlos (despois Carlos III), rei de Nápoles e Sicilia.	
1736	Ferro Caaveiro: Casa do Concello de Lugo. Nun documento datado en Bravos (Ouro) as exóticas patacas son referidas como "una especie de fruta que llaman castañas mariñas o criadillas de la tierra."	O enxeñeiro naval Jorge Juan trasládase a Perú para medir un arco do meridiano. A fábrica de cristal de La Granja de San Ildefonso pasa a ser de protección real.	Voltaire: <i>O mundano</i> . Nacemento de Ledoux (morre no 1806)

¹ O edificio foi proxectado por Sala, enxeñeiro militar. A descarga do tabaco realizábase directamente dende os barcos, evitando o descontrol da mercancía. Actualmente o edificio está ocupado por instalacións universitarias.

1738	Fernando de Casas inicia a fachada do Obradoiro da catedral de Santiago (rematarase en 1750). O indiano López de Lombardía instala en Vilaouriz (Mondoñedo) unha fábrica de holandillas (pecha en 1792).	Fundacións en Madrid da Real Academia de la Medicina e da Real Academia de la Historia. Sachetti: Palacio Real, Madrid.	Principian as escavacións científicas de Herculano (descuberta en 1709). Luis XV funda unha fábrica de porcelana en Vincennes (trasladada a Sevres en 1756).
1739		Bancarrota e suspensión de pagamentos. Nace Juan de Villanueva (morre no 1811). Iníciase nove anos de guerra no Caribe co GB. polo control naval da zona.	Hume: <i>Tratado da natureza humana</i> .
1740	Clemente Fernández: Casa do Deán, Santiago.	Fundación da Compañía de La Habana, para o comercio de azucre e tabaco.	Comeza un período de forte industrialización na GB.
1741	Simón Rodríguez: igrexa de San Francisco, Santiago.	O italiano Olivieri abre unha academia de debuxo e pintura en dependencias do Palacio Real de Madrid.	Celsius desenvolve o termómetro centígrado.
1744		Formación dunha "Junta preparatoria para redactar unos estatutos preliminares para la formación de una Academia de Bellas Artes en Madrid".	
1746		Fuendetodos (Zaragoza): nacemento de Goya (morre en Burdeos no 1828).	
1747			Perronet funda a Ecole des Ponts et Chaussées de París.
1748		Fundación da Real Fábrica de Seda de Talavera de la Reina, Toledo.	Descubrimiento de Pompeia. Hogarth: Ponte Londres, Londres.
1749	Ferrol: comeza a construción dun estaleiro, de 12 bancadas, para a Mariña.	Iniciase un período de crecemento sostido do comercio con América.	Nacemento de Goethe.
1750	Primeiros asentamentos cataláns nas costas para establecer factorías salazoneiras. Algúns galegos ¹ ocupan postos relevantes en indias. O <i>Catastro de Ensenada</i> non menciona o cultivo da pataca salvo en certas áreas de Ourense, onde son denominadas <i>castañas de indias</i> .		
1751	Implántanse os estudos de anatomía e matemáticas na Universidade de Santiago. Mediado o século son xa numerosos os maragatos establecidos en Galicia, dedícanse á arrieiría. Nesta data o cultivo do millo parece xa consolidado ² .		Diderot e d'Alambert comezan a publicación, en 17 volumes, da <i>Enciclopédie ou Dictionnaire raisonné des Sciences, des Arts et des Métiers</i> .

¹ Francisco Gil de Taboada, Virrei do Perú; Florencio Moreiras, Gobernador de BA; Lorenzo Blanco, fiscal da Audiencia de Santiago de Chile; Francisco Mourelle, descubridor de diversas illas do Pacífico.

² A este efecto Sarmiento manifesta: "más útil ha sido a España la primera espiga que se ha traído de América para ser sembrada que todo el cerro del Potosí".

1752	Poboación de Galicia: 1.299.312 habitantes. A Coroa continúa a obrar en Galicia ¹ .	Poboación española: 9.300.000 habitantes. Para consolidar a nova estética Fernando VI funda en Madrid a Academia de Nobles Artes de San Fernando.	Poboación europea: 146.000.000 habitantes. Franklin inventa o pararraios.
1753		Construcción da Barceloneta, primeiro ensanche planificado de Barcelona, segundo proxecto do enxeñeiro militar Pedro Martín Cermeño.	
1754	O enxeñeiro da armada Julian Sánchez Bort é destinado ² ó arsenal de Ferrol.	Alzamento dos guaraní contra españois e portugueses.	John Wood: Royal Crescent, Bath.
1755	O terremoto de Lisboa afecta a Galicia danando a catedral de Tui e o colexio da Compañía de Monforte, danados polo terremoto de Lisboa.	Fundación do Real Jardín Botánico de Madrid.	Lisboa resulta semidestruída por un terremoto.
1756		Establecemento do servizo de carteiros a domicilio en Madrid, primeiro do Estado. Francia ocupa Menorca. Fúndase a Real Compañía de Barcelona "para el comercio con Santo Domingo, Puerto Rico y Margarita".	Voltaire: <i>Ensaio sobre os costumes e o espírito das nacións</i> . Nace en Salzburgo Mozart (morre no 1791).
1757	Ferro Caaveiro: fachada da Azabachería da catedral de Santiago	A Academia de San Fernando prohíbe o modelo vivo para a aprendizaxe.	
1759		A Inquisición prohíbe a lectura da <i>Enciclopedia</i> . Inaugúrase a Real Fábrica de Cerámica del Buen Retiro.	O Papa prohíbe a lectura da <i>Enciclopedia</i> . Tropas británicas ocupan Quebec e posteriormente o resto de Canadá.
1761	Establécese unha Aduana Real na Coruña.	Plan para a construción de camiños dende Madrid a Galicia, Cataluña, Levante e Andalucía.	
1762	Ferrol: o enxeñeiro naval Jorge Juan traza o Barrio da Magdalena, primeiro ensanche proxectado para unha cidade galega. Nacemento de Lucas Labrada ³ .	Fin da Guerra dos Sete Anos; altermase a orde americana: España recupera A Habana e Manila, obtén a Luisiana de Francia, cede Florida ó GB.	Fin da Guerra dos Sete Anos; altermase a orde americana: a GB recibe as posesión españolas en América e na India, converténdose en primeira potencia marítima.
1763	Iníciase a construción da estrada Astorga - Coruña, dirixida polo enxeñeiro real Carlos Lemaur. Sánchez Bort: concatedral de Ferrol.	Establecemento da Diligencia ⁴ General de Coches. España véndelle Florida a Francia. Menorca baixo dominio británico (deica 1782).	Paz de París: Francia cede Canadá e Luisiana oriental á GB e a Luisiana occidental a España. Río de Xaneiro designada capital do Brasil.
1764	Implantación dun correo marítimo entre Bilbao, A Coruña, A Habana e Bos Aires.	Iníciase o proceso de industrialización de Cataluña.	Watt perfecciona a máquina de vapor.

¹ Na Coruña: Palacio de Capitanía Xeral (Juan Vergel, 1748) e en Ferrol o Arsenal Naval (de la Croix, 1751)

² Durante os 17 anos que permanece en Ferrol realiza a Concatedral de Ferrol e a fachada da Catedral de Lugo.

³ Promoverá a *Sociedad de Amigos del País* e a navegación do Miño deica Ribadavia.

⁴ Cubre os deprezamentos dende Madrid a Pamplona, Zaragoza, Valencia, Cartagena, Córdoba, Puerto de Santa María e Lisboa.

1765	O porto da Coruña, habilitado para o comercio coas colonias do Caribe. Comide funda unha Academia de Agricultura na Coruña. Lois de Monteagudo remata a fachada da Azabachería.	Peñaflorida: Sociedad Vascongada de Amigos del País Fundación da Compañía Gaditana de Negros. Autorízase o comercio directo de diversas cidades ¹ españolas coas colonias do Caribe.	Creación da Banca Prusiana. Tropas británicas ocupan as Illas Malvinas.
1766		Motín de Esquilache: revoltas civís contra a política comercial da Coroa e dos seus ministros estranxeiros.	
1767	Chega a Galicia o asturiano Raymundo Ibáñez que fundará Sargadelos. Lemaur: palacio de Raxoi, Santiago. Establecemento dun correo entre Coruña e Montevideo ²	Expulsión dos Xesuítas pola súa relación co motín de Esquilache. Colonización de Sierra Morena, recrútanse colonos alemáns e suízos.	O francés Cavendish logra illar o osíxeno.
1768		Primeiro censo xeral; poboación: 9.307.804. Cédula ³ Real obrigan o ensino e a administración da xustiza <i>en el idioma general de la nación</i> . Hermosilla: salón del Prado e fontes de Neptuno, Cibeles e Apolo, Madrid.	A cidade de Boston oponse a aloxar ás tropas británicas desembarcadas. Cook inicia a súa primeira expedición ó Pacífico. O británico Bruce explora o Nilo.
1769	Unha crise cerealeira provoca grandes fames e favorece a expansión da pataca por todo o interior de Galicia. Sánchez Bort: fachada ⁴ da catedral, Lugo	Grandes fames. Escola de Náutica en Barcelona. Jovellanos: <i>Pelayo</i> . Hermosilla: Hospital General (actual MNACRS), Madrid.	Máquina de vapor de Watt. O británico Arkwright inventa a fiadora hidráulica. Nace Napoleón Bonaparte. James Cook explora Nova Zealanda e Australia.
1770	Ferrol: cifrase en 10.500 o número de obreiros (vascos, galegos, asturianos e montañeses) nas obras militares.	Unha expedición española recupera a Malvina occidental.	Nacen Beethoven, Hegel e Boullée.
1772		Fundación en Barcelona da "Real Compañía de Hilados de Algodón de América".	A GB abole a escravitude.
1773			Portugal abole a escravitude. O parlamento británico concédelle o monopolio da importación do te á Compañía das Indias Orientais ⁵ .
1774		Campomanes: <i>Discurso sobre el fomento de la industria popular</i> .	Goethe: <i>Werther</i> . Ledoux: salinas de Chaux. Reunión en Filadelfia dos delegados dos trece estados da Nova Inglaterra: suspenden o comercio coa GB e forman un exército propio ó mando de Washington.

¹ Autorízouse o comercio con Cuba, Santo Domingo, Porto Rico, Trinidad e Margarita dende Santander, Xixón, A Coruña, Cádiz, Sevilla, Málaga, Cartagena, Alicante e Barcelona.

² O servizo mantense deica 1802

³ Esta Cédula reiterarase en 1780.

⁴ Inspirase en San Xoán de Letrán (Roma), remata a obra Ferro Caaveiro.

⁵ Esta decisión provocará un motín en Boston, que será o primeiro acto antibritánico protagonizado polos colonos norteamericanos. En represalia os británicos pechan o porto da cidade.

1775	Na rexión do Mar del Plata o calificativo <i>gallego</i> aplícase xa a todo oriúndo de España.	Fundación da Escuela Gratuíta de Diseño de la Real Junta de Comercio de Barcelona. Mourelle e Bodega navegan deica Alaska.	Enfrontamentos entre tropas británicas e colonos en Lexington, Massachussets (EE. UU.); inicio da guerra da independencia dos EE. UU.
1776	Fundación na Coruña da Casa de Banca José Pastor, primeira da Coruña; transfórmase en 1925 no Banco Pastor.	Constitución do Virreinato de La Plata.	O Congreso de Filadelfia aproba a declaración de independencia das trece colonias británicas de América do Norte.
1777	O enxeñeiro Feliciano Míguez levanta en Betanzos o edificio do Arquivo Histórico de Galicia; con elementos italianizantes e afrancesados.	Impónselle á igrexa e ós concellos o control previo da Real Academia sobre os proxectos de tódalas obras públicas e relixiosas. Sebastián Malvar é designado Arzobispo de BA (deica 1784); axudará a sufocar a rebelión de Tupac-amaru.	Gran actividade bélica entre o exército dos EE. UU. e tropas británicas. O congreso americano aproba a constitución da confederación de estados que pasa a denominarse Estados Unidos de Norte América.
1778	Pedro Martín Cermeño: proxecto ¹ urbanístico para o ordenamento da fachada portuaria da Coruña. Parte cara á Patagonia a <i>Expedición de las familias</i> , organizada pola Coroa para poboa aqueles territorios.	Liberdade de comercio coas indias; fin do monopolio de Sevilla e Cádiz. Portugal cédelle a España as illas Annobon e Fernando Poo en África e a colonia de Sacramento en América.	Francia alíase cos EE. UU. contra a GB. O ebanista británico Bramah patenta o primeiro retrete con peche hidráulico; en dez anos venderá 6.000 aparatos. O británico James Cook explora as illas Hawai.
1779	O coruñés residente en Cádiz, José Ramos, constrúese na Coruña unha vivenda segundo do modelo tipolóxico das casas burguesas gaditanas ²	Iniciase o sitio de Xibraltar; tras tres anos será levantado sen acadar os seus obxectivos.	
1780	Montevideo: asentan as primeiras familias de galegos.	Alzamento independentista de Tupac-amaru no Perú.	
1781		A Inquisición queima a súa derradeira vítima. Reconquista de Menorca. Primeira Sociedad de Amigos del País nas Indias.	Kant: <i>Crítica da Razón Pura</i> . Nacemento de Schinkel (morre no 1841). Capitulación das tropas británicas nos EE. UU.
1782		Créase o Banco de San Carlos orixe do de España	O francés Montgolfier inventa o globo aerostático.
1783		Introducción da máquina de fiar inglesa en Cataluña. Florida e Menorca de novo baixo dominio español. Fundación da Academia de San Carlos en México. Nace en Caracas Simón Bolívar (morre no 1830).	O físico xenevrino Argand inventa a lámpada de aceite que garante un alumado forte e constante. Paz de Versalles; o GB. recoñece a independencia EE. UU., devolve Florida e Menorca a España e Luisiana e Tobago e Senegal a Francia.
1784	Constitución en Santiago da Sociedad de Amigos del País. Ibáñez promove ³ en Sargadelos "una fábrica de hierro... y otra de ollas al estilo de las que vienen de Burdeos" Malvar -arzobispo de BA- designado bispo de Santiago.	Incidente de Malvar en Cádiz: retorna de BA con dous barcos cargados de ouro ilegal; a Coroa resolve obrigándolle a construír obras públicas en Galicia. Joseph de Castilla, reabre sen éxito as minas do Potosí.	Boullée: proxecto para o cenotafio de Newton.

¹ Como consecuencia deste proxecto levántase o edificio da Aduana Real, (hoxe Subdelegación do Goberno) por Rodríguez y Romay, arq. coa colaboración de Martín Cermeño.

² Neste edificio instalouse en 1786 o Real Consulado Marítimo e máis recentemente o Museo Provincial de Belas Artes. As sucesivas adaptacións alterarán a tipoloxía orixinal.

³ Cosme Álvarez, mestre do Arsenal de Ferrol levanta o edificio e o enxeñeiro suízo Richter levanta o alto forno, 1º de España.

1785	Morre en Madrid o enxeñeiro militar de orixe francesa, Carlos Lemaur, que desenvolvera grande actividade en Galicia. A Coruña: creación do <i>Real Consulado</i> .	A bandeira vermella e gualda convértese en ensina oficial dos navíos españois. Villanueva: proxecto para un Museo de Ciencias en Madrid (posteriormente Museo del Prado).	Comeza publicarse en Londres o xornal "The Times".
1787	Poboación de Galicia: 1.350.000 habitantes.	Poboación do Estado: 10.000.000 de habitantes. O rei crea a Junta de Estado, antecedente do Consejo de Ministros. Prohíbense os enterramentos nas cidades.	Promúlgase a Constitución dos EE. UU., o primeiro documento das súas características no mundo; establece a abolición da escravitude nun prazo de vinte anos.
1789	A finais de século o tomate, froito importado das Indias, xa está incorporado á dieta alimenticia. Estímase en 80.000 o número de galegos establecidos en Lisboa e Porto.	Expedición científica do italiano Malaspina arredor do mundo.	Revolución Francesa: constitúese unha Asemblea Nacional, abólase o réxime feudal e proclámanse os dereitos do home. Lavoisier: <i>Traité de chimie</i> . A GB inicia a colonización de Australia.

A EMIGRACIÓN ORGANIZADA

<u>GALICIA</u>	<u>ESPAÑA</u>	<u>MUNDO</u>
1790	Disolución da Casa de Contratación. Villanueva: Real Observatorio Astronómico, Madrid.	Creación da Confederación de Provincias Belgas Unidas. O Papa Pío VI condena a Declaración dos Dereitos do Home. Prohíbense as asociacións obreiras na GB.
1791	Para evitar a chegada de informacións sobre a revolución francesa decrétase a prohibición da prensa non oficial.	Fuxida frustrada do rei de Francia. Proclamación da Constitución Francesa. Canadá escíndese en Alto Canadá, francés e Baixo Canadá, británico.
1792	Comeza a publicarse o xornal <i>Diario de Barcelona</i> . Implántase en Madrid o alumado público con lámpadas de aceite.	Proclamación da República Francesa. Propagación da revolución francesa por Europa. Quatremere de Quincy: <i>Diccionario de arquitectura</i> .
1793	Aparece no Perú <i>La Gaceta de Lima</i> . Ábrese un período de constante actividade bélica na península [conclúe no 1808].	Luis XVI, rei de Francia, condenado a morte. O austríaco Senefelder inventa a litografía. Empeza a utilizarse nos algodoais dos EE. UU. a desmotadora ² de algodón.
1795	Veracruz (México): o grupo, denominado Congregación de naturais de Galicia celebra a festividade do 25 de xullo. Pasamento do arzobispo Malvar. Novás: reparacións na catedral de Tui [alteran o seu aspecto gótico].	Francia invade a Cerdeña e o Ampurdán, toman Figueras e San Sebastián. Tratado de Basilea: España cede Santo Domingo ³ a Francia a cambio de Guipúscoa e do Ampurdán.
1797	Perda das illas de Trinidad e Tobago. Na Batalla de Trafalgar España perde o control naval do Estreito de Xibraltar e dos portos hispanoamericanos fronte ós británicos. Gual e Picornell inician unha sublevación independentista en Venezuela.	Batalla de Trafalgar fronte ó Cabo San Vicente: incrementase o poderío naval británico. Napoleón marcha contra Austria. O americano Jenner descobre a vacina da varíola. O francés Gaspar Monge crea a xeometría descritiva.
1798	Nace na Coruña Ramón de la Sagra (morre no 1871), naturalista e estudioso do tabaco, será director do Xardín Botánico da Habana. Motín contra Ibáñez; a factoría de Sargadelos é asaltada e arruinada.	Latrobe: capitolio, Washington. Malthus: <i>Primeiro ensaio sobre a poboación</i> . Creación da República Helvética (actual Suíza). revoltas en Irlanda contra os Ingleses.
1799	Apoxeo dos corsarios galegos. O xeógrafo alemán Humboldt inicia na Coruña a súa viaxe de exploración das Canarias e Sudamérica.	Napoleón Bonaparte, cónsul. Expedicións de Napoleón a Exipto e conquista do Reino de Nápoles.

¹ Pretendíase que a contribución de Galicia coa Coroa pasara do 4,2% establecido en 1465 ó 11%.

² Esta máquina, manexada por escravos, renova a importancia económica da escravitude.

³ Antes da cesión española traslada os restos de Colón, daquela soterrados na catedral de Santo Domingo, á catedral da Habana.

1800	En Cuba a poboación de orixe galega está formada xa por obreiros, industriais, funcionarios, homes de negocios e intelectuais. Establécese un correo mensual con mercado-ría e emigrados dende Coruña ás Antillas e México. <i>El Catón Compostelano</i> , primeiro xornal de Galicia. Poboación: 1.400.000 habitantes.	Tratado de San Ildefonso: España devólvelle a Luisiana a Francia. Poboación: 11.000.000 habitantes. A consecuencia da Guerra das Laranxas entre España e Portugal este cede Olivenza a España.	Establecemento en Francia do metro como unidade de lonxitude; Volta: pila eléctrica.
1801			Trevithick: primeira locomotora de vapor. Creación do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda.
1802	O Servicio de Correos Marítimos coas colonias trasládase da Coruña a Ferrol.	Creación da Escuela de Caminos de Madrid. España e GB. asinan a paz de Amiens, España cédelle Trinidad ó GB. e este devolve Menorca.	Francia: nace Victor Hugo.
1803			Francia vende Luisiana ós EE. UU.
1804	Apertura da Fábrica de Tabacos da Coruña. Refundación da factoría de Sargadelos ¹ . Lucas Labrada na <i>Descripción económica del Reino de Galicia</i> estima en 30.000 os galegos que anualmente se desprazan á sega a Castela. Residentes na Habana fundan unha Asociación de Naturales de Galicia denominada Apóstol Santiago.		Independencia de Haití, colonia francesa. Coroación de Napoleón como emperador dos franceses. Francisco II de Austria derradeiro emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico.
1805			Coroación en Milán de Napoleón como rei de Italia; incorpora Venecia ó reino; derrota ós exército austríaco e ruso en Austerlitz.
1806	Constitúese en BA o <i>Tercio de Voluntarios de Galicia</i> ; intervirá en 1807 na defensa da cidade contra os ingleses	José Bonaparte (irmán de Napoleón) rei de España e Nápoles.	Napoleón declárase protector dos estados alemáns ² . Percier e Fontaine: Arco do Trunfo, París.
1807		Co pretexto de ocupar Portugal (que era contrario a Napoleón) o exército francés entra en España.	Napoleón bloquea o GB. Nace Garibaldi (morre no 1882). Instálase en Londres un sistema de alumado de vías por gas (séguelle o de Baltimore en 1816).
1808	Constitución da Junta Suprema de Galicia, encargada de coordinar as accións contra os franceses.	Os invasores franceses suprimen a Inquisición e abolen o réxime señorial. A suposta fuxida do rei a Francia provoca o alzamento popular do 2 de maio: inicio da Guerra de Independencia. As colonias españolas rexeitan a Bonaparte.	Goethe: <i>Fausto</i> . O rei de Portugal escapando do invasor francés refúxíase no Brasil.
1809	O británico Soult invade Galicia. Batalla de Elviña entre as tropas francesas e as inglesas, derrotadas na súa retirada. Motín contra o Marqués de Sargadelos que, acusado de afrancesado, é asasinado.	Ante as peticións das Juntas de Defensa, tropas inglesas acoden en auxilio das españolas. Fundación do Museo Josefino en Madrid, orixe do Museo del Prado. Nace en Madrid, Larra (morre no 1837).	O imperio Napoleónico acada a súa máxima extensión territorial. Nacemento de Darwin (morrerá no 1882).

¹ Agora fabricará louza "a imitación de la de Bristol".

² A renuncia á coroa imperial do alemán Francisco II finiquita o Sacro Imperio Romano Xermánico.

1810		Cortes en Cádiz. Goya: <i>Los desastres de la Guerra</i> . Profusión de movementos independentistas en Sudamérica: Hidalgo sublévase en México e desátanse rebelións en Bogotá, Bos Aires e Santiago de Chile.	Nace Chopin.
1811		Grandes fames en España. Independencia da Gran Colombia e do Paraguai.	Napoleón ataca Rusia. O químico Sir Humphry Davy deseña e instala na cámara do parlamento británico un sistema de ventilación forzada, primeiro do mundo.
1812	Sargadelos inicia ¹ a produción de porcelanas decoradas. De Prado: Colexiata, Vigo. No sitio de Montevideo os revolucionarios cantan <i>Cielitos de los Gallegos</i> en referencia ós españois en xeral.	Constitución de Cádiz: soberanía nacional, monarquía herditaria, voto restrinxido e división de poderes. Cataluña é anexionada por Francia.	Napoleón entra en Moscova, onde permanece cinco semanas. Hegel: <i>Ciencia da lóxica</i> .
1813		As Cortes de Cádiz abolen a Inquisición e os seus bens decláranse nacionais. Bonaparte fuxe definitivamente de España cos seus, coñecidos como <i>os afrancesados</i> . As Cortes volven a Madrid. Ugartemendía: reconstrucción de San Sebastián tralo lume deste ano.	Todos contra Napoleón; na batalla de Borodino, a meirande concentración bélica de tódolos tempos, os aliados derrotan ó emperador francés. Nace Wagner (morrerá no 1883).
1814	Froito da mellora na produción a fábrica de Sargadelos acada gran prestixio, pasando a denominarse Real Fábrica de Loza y Porcelana. A Coruña: pronunciamento de Porlier.	As derradeiras tropas francesas cruzan os Pirineos: fin da ocupación francesa. Regreso de Fernando VII e restauración absolutista; reposición da Inquisición. Primeiro pronunciamento fracasado, de Espoz y Mina, contra o absolutismo.	Abdicación de Napoleón: Francia quede reducida ás súas fronteiras de 1792. Os ingleses controlan o Índico e o Pacífico e someten ó Nepal. O británico Stephenson constrúe a primeira locomotora de vapor.
1815	Preto do 80% das 400 fábricas de salazón do país están en mans de inmigrantes cataláns.	Sucédense os pronunciamentos contra o réxime absolutista.	Batalla de Waterloo. Beethoven: <i>Sonatas</i> . Nash: Pavillón Real, Brighton (GB.).
1816		Independencia do Río de la Plata. Isidro González: Praza de Oriente, Madrid.	
1817		Primeiro barco de vapor; percorre a liña de Cádiz a Sevilla. Creación dunha Escola de Arquitectura na Lonxa de Barcelona. Ugartemendía: Praza Nueva, San Sebastián. López Aguado: Porta de Toledo, Madrid.	Hexemonía británica na India.
1818		Independencia de Chile.	Nace en Treveris (Alemaña), Karl Marx; morre: 1883.
1819		Proclámase a República da Gran Colombia; une a Nueva Granada [hoxe Colombia], Venezuela, Ecuador e Panamá; presídea Simón Bolívar. España vende Florida ós EE. UU. Apertura do Museo del Prado.	Matanza de Peterloo: soldados británicos reprimen violentamente unha manifestación en Manchester na que se esixía o dereito ó voto. Primeiro barco de vapor nunha travesía transatlántica; percorre a liña Nova York - Liverpool.

¹ Para esto resulta imprescindible a aportación do especialista portugués José Correa.

1820	A Coruña: pronunciamento de Acevedo.	Cabezas de San Juan: pronunciamento de Riego. Fernando VII acepta a Constitución de 1812. Fundación do Ateneo de Madrid.	O cazador de focas norteamericano, Nathaniel Palmer, primeiro home que acada a Antártida. Autorízase a escravitude nos estados americanos situados ó sur do paralelo 36.
1821	A Habana: fundación da Sociedad Progreso de Esteiro, por naturais desta parroquia ortigueirasa.	Independencia do Perú e de Nueva España, que pasa a denominarse México. Andazo de febre amarela.	Guerra da independencia de Grecia contra o dominio Turco. O francés Fourneyron inventa a turbina hidráulica.
1822		Marcha o derradeiro gobernador español de California. A entrada dos cen mil fillos de San Luís abren un segundo período absolutista, de dez anos de duración.	Independencia do Brasil; o país envía emisarios a Europa na busca de emigrados para colonizar o valeiro país; as fabulosas condicións ¹ resultan ser un fraude.
1823		Constitución das Provincias Unidas de Centroamérica.	
1824		Sucre expulsa ás tropas españolas do Perú.	GB: instálase na casa de Walter Scott un sistema de alumado doméstico por gas, primeiro do mundo.
1825		Independencia de Bolivia.	Apertura da primeira liña ferroviaria do mundo: un tren mineiro entre Stockton e Darlington, GB. Owen funda a colonia experimental New Armonia en Indiana, EE. UU.
1827	Pérez Villamil: <i>Paisaxe fantástica</i> .	Comeza construción da Casa de Juntas de Guernica, Biscaia.	O alemán Ohm establece as leis básicas da corrente eléctrica. O químico danés Oersted obtén o aluminio.
1828		Independencia do Uruguai.	
1829		Venezuela esgázase da Gran Colombia.	
1830	Capturado e axustizado o pontevedrés Benito Soto Aboal, derradeiro pirata de occidente, terror do Atlántico.	Primeira liña de telégrafo óptico; enlaza Madrid e o Real Sitio de Aranjuez. Alumado por gas da Puerta del Sol, Madrid. Ecuador esgázase da Gran Colombia.	Primeiro tren de pasaxeiros do mundo, enlaza Manchester e Liverpool. Iníciase nos EE. UU. a confinamento dos indios en reservas. Francia conquista Arxelia. Levantamento nacionalista en Bruxelas; conclúe coa independencia de Bélxica.
1831		Apertura da Bolsa de Comercio de Madrid.	
1832	Coa retirada de Correa en 1829 iníciase o devalar de Sargadelos que terminará pechando en 1832.	Créase o Ministerio de Interior. O garrote vil reempraza á forca como instrumento oficial de execución.	Mazzini funda a sociedade Iovene Italia para a unificación do país.
1833	Desaparición funcional do Reino de Galicia.	División de España en provincias; Primeira Guerra Carlista. Andazo de cólera. O GB. ocupa as Malvinas.	GB.: abolición da escravitude nas colonias e do traballo dos menores de nove anos. Balzac: <i>Eugenia Grandet</i> .

¹ Pasaxe, terra e vivenda de balde, exención de impostos e do servizo militar.

1834	Alejo de Andrade: capela do cemiterio, A Coruña.	Abolición definitiva da Inquisición. División das provincias en partidos xudiciais. RO prohibindo a emigración cara ós países recién independizados ¹ de Sudamérica.	Os holandeses aséntanse en Namibia.
1835		Disolución das ordes relixiosas.	Hegel: <i>Leccións de Estética</i> .
1836		Desamortización de Mendizabal. Fin dos gremios.	Andersen: <i>Contos</i>
1837	Nace en Padrón Rosalía de Castro (morre no 1885).	Constitución liberal. Supresión do diezmo. Para superar dificultades financeiras o Estado vende as propiedades relixiosas desamortizadas. Ábrese en Cuba o primeiro ferrocarril <i>español</i> ; une A Habana con Güines.	O americano Samuel Morse inventa o telégrafo e o alfabeto telegráfico.
1838			A clase traballadora inglesa redacta a Carta do pobo, documento fundacional do <i>cartismo</i> , primeiro movemento político obreiro.
1839		Primeira caixa de aforros española. RO reiterando a de 1834 que prohibía a emigración cara ós países de Sudamérica. A República de las Provincias Unidas de Centroamérica esgázase en: Costa Rica, Nicaragua, Honduras, El Salvador e Guatemala.	China prohibe a importación de opio; diante da imposibilidade de comerciar o GB. decláralle a guerra. O francés Daguerre desenvolve o primeiro proceso fotográfico. Stendhal: <i>A Cartuxa de Parma</i> . Iníciase a exploración do interior da Australia.
1840		Steinacher e Bernardet: Ponte de Triana, Sevilla (primeira ponte de ferro construída en España).	GB: franqueo da correspondencia con selos de papel. EE. UU: onda migratoria cara ó oeste na procura de novas terras. Tratado de Waitang: os maorís aceptan a soberanía británica de Nova Zelandia
1841	Nace Heraclio Fariás ²	Fin da actividade do Colegio de Mareantes de Sevilla.	Bélxica: fúndase a <i>Compagny Belge de Colonisation</i> ³ .
1842	Viaxe inaugural entre A Coruña e Burdeos do "Primer Coruñés", primeiro barco de Galicia movido a vapor.		Haití retírase da República Dominicana. Fin da guerra do Opo: China permite asentarse colonias europeas no seu territorio; cédelle Hong Kong ó GB.
1844		Creación da Garda Civil. Fundación da Escola de Arquitectura de Madrid.	Primeira liña de telégrafo eléctrico; enlaza Londres cunha cidade veciña (en 1852 a rede inglesa estendese xa por 6.500 km).

¹ En consecuencia a emigración dirixírase entón cara a Cuba -que aínda é colonia española- e cara ó Brasil, independizado do Portugal.

² Emigrado en Jalisco (México) idea e fabrica na Coruña, co tabaco das súas fincas, os cigarros que levan o seu apelido.

³ Colonizará un territorio de 4000 km², á beira do Caribe adquirido ó goberno gutemalteco. Fundan a cidade de Santo Tomás (en 1844 ten 766 hab.), fracasa pola dureza do clima e a indisciplina.

1845	Terceira etapa de Sargadelos, sen o control dos Ibáñez ¹ ; acada o seu máximo esplendor.		EE. UU. inicia a súa rede telegráfica; alfabeto Morse. EE. UU. anexionase Texas, entra en guerra con México.
1846	Lugo: levantamento de Solís; mártires de Carral.	Segunda guerra Carlista; desenvolta en Cataluña.	Grandes fames en Irlanda provocan emigracións masivas a EE. UU que está en guerra con México; este perde Texas, Nuevo México, Arizona, Nevada, Utah, Alta California e parte de Colorado.
1847	Fundación en Santiago da Casa de Banca Hijos de Olimpio Pérez, transformada en 1964 no Banco de Crédito e Inversiones; primeiro banco fundado en Santiago.	Plano de alumado marítimo das costas españolas. Implántase en Madrid o alumado público con lámpadas de gas.	Primeiro Congreso Comunista, reunido en Londres; encárgaselle a Marx a redacción dun manifesto.
1848	Levántase en Brión o Santuario de santa Minia para acoller as reliquias da mártir, que chegan a Galicia tras do periplo migratorio ² do seu propietario Luís Tobío.	Primeiro ferrocarril de España: Barcelona - Mataró. O ministerio da Facenda adopta o sistema decimal para a moeda.	Onda revolucionaria europea. Manifesto Comunista. Asemblea Nacional en Frankfurt pro unificación alemá. Abolición da escravitude nas colonias francesas.
1849		Adóptase o sistema métrico decimal para os pesos e medidas. Adopción do selo postal para o franqueo da correspondencia.	EE. UU.: descúbrese ouro en California.
1850			O arquitecto inglés Downing deseña o primeiro cuarto de baño no que a bañeira e o inodoro dispóñense xuntos na mesma peza.
1851		Segunda liña de ferrocarril: Madrid - Aranjuez. Concordato co Vaticano: a relixión católica é a oficial do Estado. Nace Gaudí (morre no 1926).	Londres: primeira Exposición Internacional. O francés Foucault demostra a rotación da Terra. Melville: <i>Moby Dyck</i> . Paxton: Crystal Palace, Londres.
1853	Crise agraria. 1.744 expedicionarios de Galicia chegan a Cuba por iniciativa dun deputado galego; enganados, son asignados a traballos infrahumanos.	Establecemento da primeira rede telegráfica eléctrica; enlaza Madrid con Irún. Prohibición das Sociedades Obreiras. RO reguladora da emigración; elimina trabas.	Promúlgase a Constitución da Arxentina. Flaubert: <i>Madame Bovary</i> . Verdi: <i>La Traviata</i> .
1854		Barcelona: protestas obreiras contra a a mecanización da industria téxtil. Cerdá: <i>Plano topográfico de Barcelona y sus alrededores</i> .	Unha flota americana forza a apertura dos portos xaponeses, pechados dende hai centos de anos. Francia conquista o Senegal.
1855	Implántase na Coruña o alumado por gas. O PE intervéñ na defensa dos 1.744 colonos de 1853.	Desamortización de Madoz.	Implantación da xornada laboral de 8 horas en Australia e Nova Zealanda.
1856	Banquete de Conxo. A Coruña: iníciase o derribo das murallas que separan a Cidade Alta e a Pescadería.	Obrigatoriedade do franqueo postal con selos. Apertura ó público das comunicacións telegráficas.	Descubrimento do Home de Neanderthal. Obtención do aceiro.

¹ A esto non é allea a incorporación de ceramistas ingleses. Agora prodúcese louza estampada, china e vaixelas; pecha en 1862.

² Tobío, natural de Brión emigrara a Cádiz. Aquí traballaba de criado para a familia propietaria das reliquias da mártir, asasinada en Roma no ano 362. Estas reliquias fóronlle regaladas ó galego, quen retornou con elas a súa aldea natal.

1857	Fundación en Vigo da Casa de Banca Hijos de Simeón García y Compañía, primeiro banco vigués.	<i>Ley Moyano</i> de educación.	Insurrección da India contra o GB.
1859		Primeira liña telegráfica submarina; enlaza Tarifa e Ceuta.	EE. UU.: primeiro pozo petrolífero do mundo. O xeólogo canadiano Gesner obtén o queroseno, combustible que substitúe ás graxas animais no alumado.
1860		Liña telegráfica submarina ás Baleares. Apróbase o proxecto de Ensanche para Barcelona de Cerdá; Castro: proxecto para o Ensanche de Madrid. Reincorporación (deica 1865) da República Dominicana a España.	Plebiscito nos estados italianos favorable á unificación italiana. A escisión de Carolina do Sur e outros dez estados da Unión desencadea a guerra da Se-cesión Americana; culmina co trunfo das tropas unionistas.
1861	A Coruña: primeiros Xogos Florais de Galicia; promovidos por José López Cortón, retornado de Porto Rico.		Proclamación do reino de Italia. Ante a suspensión de pagamentos de México, Francia tenta impor ó archiduque Maximiliano como xefe dese estado.
1863	Rosalía de Castro: <i>Cantares Gallegos</i> .		EE. UU.: alzamento indio contra os colonizadores (sofocárase no 1886); abolición da escravitude. Tolstoi: <i>Guerra e paz</i> .
1864	Santiago: Congreso Agrícola. Francisco Miras: <i>Compendio de gramática gallega - castellana</i> . Disólvese o <i>Couto Mixto</i> , territorio situado de acabalo entre Galicia e Portugal, autogobernado dende o s. XII.	Tratado de Lisboa para fixación de fronteiras entre España e Portugal. Período de depresión económica (deica 1868). Nace Unamuno (morre no 1936).	Francia legaliza a folga, as asociación de traballadores e as de empresarios. Londres: primeira asemblea da Unión Internacional dos Traballadores, chamada I Internacional. México: Maximiliano, xefe do Estado.
1865			México: asasinato do archiduque Maximiliano. Carroll: <i>Alicia no país das maravillas</i> . Verne: <i>Da terra á lúa</i> . Mendel experimenta a hibridación de plantas.
1866	Instálase ¹ na Coruña un sistema de alumado público por enerxía eléctrica. Nace Valle Inclán (morre no 1936).		Labrouste: sala de lectura da Biblioteca Nacional, París.
1867		Cerdá: <i>Teoría general de la urbanización</i> . Un cable telegráfico submarino dende Florida pon en conexión Cuba coa metrópole. No 90% dos concellos do Estado repártese a correspondencia diariamente polo servicio oficial de correos.	GB: universalización do voto entre os homes. O no-ruagués Nobel inventa a dinamita; o británico Lister, a cirurxía antiséptica e o alemán Siemens, a dínamo. Marx: <i>O Capital</i> . EE. UU. mércalle Alasca a Rusia. Constitución do Canadá e da Confederación de Alemaña do Norte.
1868	Saco y Arce: <i>Gramática Gallega</i> .	Abólese a escravitude no territorio do Estado ² . A peseta unidade monetaria oficial. Iníciase un período revolucionario que conduce á I República. Principia a Guerra da Independencia de Cuba.	Descubrimento do xacemento de Cro-Magnon. Mendeliev establece a táboa periódica dos elementos químicos. O americano Beecher idea o armario empotrado, que reempraza ós aparadores e ás arcas.

¹ Inaugúrase para festexar o trunfo da Armada no Callao

² Nos territorios ultramarínos a abolición producírase coa independencia de cada colonia

1869			Apertura da Canle de Suez. Enlace das costas oriental e occidental dos EE. UU. por vía férrea.
1870	Nestas datas comenza o éxodo masivo de galegos cara a Cuba. Constátase a presenza de <i>ganchos</i> , axentes de emigración oficiosos dos países sudamericanos.	Axitación obreira en Cataluña. Creación do Instituto Geográfico y Estadístico.	Anexión de Roma ó reino de Italia. O Vaticano proclama a infabilidade do Papa.
1871	A Habana: creación da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia.	Madrid: tranvías de tracción animal. Creación da Escuela Provincial de Arquitectura de Barcelona.	Unificacións alemá e italiana. Comuna de París; considérase o primeiro levantamento obreiro contra a burguesía. Darwin: <i>A orixe do home</i> .
1872	Pronunciamento republicano en Ferrol. A Habana: creación da <i>Sociedad Coral Ecos de Galicia</i> .	Escisión do movemento obreiro en anarquistas e socialista. Terceira Guerra Carlista.	
1873	Primeiro ferrocarril en Galicia: Santiago - Carril. A I República aproba a Lei de Redención Foral; debido á forte presión dos fidalgos a lei é derogada ós poucos meses.	Proclamación da I República. Estancia (deica 1875) de Ramón y Cajal en Cuba como médico militar.	EE. UU.: máquina de escribir.
1874	En Ourense editase o xornal bilingüe <i>El Heraldo Gallego</i> . Nace no Porriño o arquitecto Palacios (titulado en 1900).	Descubrimento das pinturas da Cova de Altamira.	París: primeira exposición impresionista.
1875	Coruña e Lugo quedan unidas por ferrocarril. Testamento de Fernando Blanco na Habana dispendo a creación de dous colexios na súa Cee natal.		As Illas Hawai aceptan o protectorado dos EE. UU.
1876	Comeza a editarse en Ourense (deica 1890) <i>O Tío Marcos da Portela</i> , xornal bisemanal en lingua galega,	Giner de los Ríos funda a Institución Libre de Enseñanza.	Bell, un escocés residente nos EE. UU., inventa o teléfono. Tchaikovski: <i>O lago dos cisnes</i> . O alumado dun grande almacén de París con 80 lámpadas eléctricas, primeira instalación deste tipo no mundo. A raíña da GB declárase Emperatriz da India.
1878	Febreiro: aparece en Cienfuegos, Cuba a revista <i>El Avistador Galaico</i> ; en marzo aparece na Habana <i>El Eco de Galicia</i> , (semanario editado deica 1900).	Instalación do primeiro teléfono.	Edison: fonógrafo. Monet: <i>Estación de Saint Lazaire</i> . Bélxica: creación da Asociación Internacional do Congo, destinada a explotar este país.
1879	Exhumados os restos do Apóstolo Santiago, a igrexa confirma a súa autenticidade. Fundación dos centros galegos de Bos Aires, A Habana e Montevideo. Fúndase en Bos Aires o xornal <i>El Gallego</i> .	Pablo Iglesias funda o PSOE. A praga de filoxera mingúa o viñedo.	Ibsen: <i>Casa de Monecas</i> . Dostoevski: <i>Os irmáns Karamazov</i> .
1880	Rosalía de Castro: <i>Follas Novas</i> . Matías López, emigrado no Escorial (Madrid), funda na súa Sarria natal unha escola e un asilo.	Un cable telegráfico submarino entre Filipinas e Hong Kong pon en conexión as colonias españolas do Pacífico coa metrópole.	Rodin: <i>O pensador</i> .
1881	O CG da Habana acada os 700 socios; Montevideo: aparece o semanario <i>La Unión Gallega</i> .	Aprobación do Código Civil. Nace en Málaga Picaso (morre en 1973).	O alemán Koch descobre o bacilo da tuberculose. Exipto protectorado do GB. e Tunicia de Francia. Unión de Vietnam, Laos e Camboia formando a Indochina Francesa.

1882		Liña telegráfica submarina coas Illas Canarias.	Edison pon en marcha en Nova York, no entorno de Wall street, a primeira rede de distribución de enerxía eléctrica do mundo: 200 clientes en 2 km ² .
1883	A conclusión do tramo Oural - Toral de los Vados conecta a rede ferroviaria de Galicia coa do Estado. Sesmero: palacio Provincial, Pontevedra.	Arturo Soria: Proxecto de Ciudad Lineal para Madrid. Gaudí. El Capricho, Comillas (Cantabria). Nace Ortega y Gasset.	Nietzsche: <i>Así falou Zaratusa</i> . Instálase un muiño de café nun comercio de Nova York; é a primeira máquina eléctrica do mundo.
1884	Os talleres de Branc-le-Conte de París tenden a ponte internacional de Tui. Rosalía: <i>En las orillas del Sar</i> . Retorna de Cuba José García-Barbón ¹ .	Isaac Peral idea o submarino. Gaudí: Parc Güell, Barcelona.	Renoir: <i>As bañistas</i> . Conferencia de Berlín: realízase o reparto imperialista de África.
1885	Pondal: <i>Queixumes dos pinos</i> . O donativo dun <i>americano</i> permite levantar a segunda torre do Santuario da Escravitude. Fúndase en Montevideo o Circo das Monteiras, primeira sociedade galeguista nacida fora de Galicia. A Habana: Lugris Freire funda <i>A Gaita Gallega</i> primeiro xornal en galego editado fora de Galicia.	Velasco: proxecto para a Gran Vía, Madrid.	En La Chaux de Fonds (Suíza) nace Le Corbusier. Fundación do Congreso Nacional Indio. Pasteur descobre a vacina da rabia. Van Gogh: <i>Os comedores de patacas</i> .
1886	Apertura da ponte internacional entre Tui e Valença do Minho; enlaza as redes viaria e ferroviaria de Galicia e Portugal.	Velázquez Bosco: Palacio de Cristal do Buen Retiro.	O americano Martin Hall descubre un proceso económico para a obtención do aluminio.
1887		Abolición da escravitude en Cuba.	O GB. anexiónase Birmania.
1886	Pardo Bazán: <i>Los pazos de Ulloa</i> .	Primeira versión española do Manifesto Comunista. Galdós. <i>Fortunata y Jacinta</i> .	O alemán Benz constrúe un automóbil, primeiro do mundo.
1888	A Coruña: o Ministerio de Fomento crea a Granxa Agrícola Experimental. Curros: <i>El divino sainete</i> .	Permítese a creación de asociacións obreiras; fundación en Barcelona da UGT. Exposición universal de Barcelona.	Abolición da escravitude no Brasil, derradeiro estado escravista americano. Zamenhof crea o esperanto, un idioma artificial, con vocación internacional. Eastman inventa a cámara fotográfica portátil e Dunlop o neumático con cámara. Eiffel: Torre Eiffel, París.
1889	Alfredo Brañas: <i>El Regionalismo</i>		II Internacional. Van Gogh: <i>Os xirasoles</i> . Singer: máquina de coser eléctrica.
1890	Querol: Monumento a Méndez Núñez, Vigo.	Establécese o sufraxio universal masculino.	Primeiro 1º de maio. Descóbrese ouro en Sudáfrica e en Australia. Otto Wagner: Ensanche de Viena.
1891	Constitúese a Asociación Regionalista Gallega. Os Xogos Florais de Tui celébranse integramente en galego. Coa translación dos restos de Rosalía dende o cemiterio de Adina a Bonaval iníciase o Panteón de Galegos Ilustres.		Principia a construción do ferrocarril transiberiano. O alemán Llienthal realiza os primeiros voos con planeador. Westinghouse: ventilador eléctrico. Wilde: <i>O retrato de Dorian Gray</i> .
1892	BA: Pepe Cao funda a revista <i>El Eco de Galicia</i> BA: díxose o <i>Centro Gallego</i> .	Asemblea de Manresa: apróbanse as bases para unha construción "rexional" catalana.	Toulouse Lautrec: <i>Moulin Rouge</i> .

¹ Nacido en Verín en 1831 Chegou a ser concelleiro na Habana e propietario dun banco. Financiaría -dende 1880- obras públicas tanto en Verín como en Vigo, onde morre en 1909.

1893	Madrid: primeiras referencias á existencia dun grupo organizado de galegos.	Querol: monumentos a Legazpi e a Urdaneta en Manila (Filipinas).	Munch: <i>O berro</i> .
1894		Sorolla: <i>La vuelta de la Pesca</i> .	Kipling: <i>O libro da selva</i> .
1895		<i>Grito de Baire</i> : Martí incorpórase á loita contra o poder colonial español en Cuba. Sabino Arana funda o Partido Nacionalista Vasco.	Os Lumière exhiben en París a primeira película animada. Freud publica os seus primeiros estudos. Röntgen descobre os raios X. Marconi inventa o telégrafo sen fíos. Guerra en Etiopía contra o poder colonial italiano.
1896			Celébranse en Atenas os primeiros xogos olímpicos da era moderna. Italia recoñece a independencia de Etiopía.
1897	Constitución da Liga Gallega.		Diesel desenvolve o motor de combustión interna. Mackintosh: Escola de Arte de Glasgow (GB.).
1898		A independencia de Cuba, Filipinas e das Illas de Oceanía supón o fin do Imperio Español e a crise do Estado. España retira os restos de Colón da Catedral da Habana trasládaos, co seu monumento, á catedral de Sevilla.	Os franceses Curie illan o radio. Olbrich: Edificio da Sezesión, Viena. Nace Aalto. Os EE. UU. fanse coas excolonias españolas; anexionanse Hawai.

O SÉCULO XX

<u>GALICIA</u>	<u>ESPAÑA</u>	<u>MUNDO</u>
1899 A apertura do tramo Pontevedra-Carril pecha a conexión ferroviaria entre Vigo e Santiago.	11 de abril: Tratado de París; Porto Rico convértese en posesión norteamericana.	Filipinas: guerra entre os tagalos e as tropas norteamericanas (deica 1902). Sudáfrica colonia da GB.
1900 Censo: 1.950.515 habitantes. José María Abalo, un coruñés estudante en Londres, introduce o fútbol na Coruña.	Censo: 18.607.674 habitantes. Ley de accidentes en el trabajo: primeiro seguro obreiro obrigatorio.	Zeppelin: primeiro dirixible. Guimard: marquesiñas das entradas do metropolitano, París.
1901 Primeira obra do arquitecto Julio Galán (Oviedo, 1876 - Oviedo, 1939) na Coruña. Baracaldo (Vizcaya): Centro Gallego de Vizcaya.	Cataluña: fundación da Lliga. Gaudí: Parc Güell, Barcelona.	Marconi: primeira comunicación radiotelegráfica sen fíos (entre o GB. e Terranova). Fundación da Kodak. Aspiradora eléctrica. Freud: <i>Psicopatoloxía da vida cotiá</i> . Nace Louis Kahn.
1902 Betanzos: primeira fundación dos retornados da Arxentina, Juan e Jesús García Naveira ¹ ; por 30 anos construírían na cidade numerosos equipamentos.	Alfonso XIII rei de España. España e Francia repártense Marrocos.	Daniel H. Burnham: Flatiron Building, NY. Cuba independízase dos EE. UU.
1903 A Habana: fundación da Sociedad Aresana de Instrución, primeira das constituídas co fin de recadar fondos na diáspora para construír escolas en Galicia.	RD prohibindo o "uso de las hablas minoritarias en la escuela." Aparece a revista de arquitectura <i>La Construcción Moderna</i> .	Fundación da Ford Motor Company. Berlage: palacio da Bolsa, Amsterdam.
1904 Fundación do Club Deportivo de la Sala Calvet, primeiro club de fútbol da Coruña. García Barbón, retornado da Habana, constrúe o Balneario de Cabreiroá (Verín). BA: fundación da Unión Hispanoamericana Valle Miñor, primeira Sociedade de Instrucción na Arxentina.	Echegaray, Nobel de literatura. Barcelona: fábrica de automóbiles Hispano Suíza. Palacios: primeiro premio no concurso para construír o <i>Palacio de Comunicaciones</i> de Madrid.	Fundación de Lechtworth (GB.); Garnier: <i>La cité industrielle</i> . Acordo colonial entre Francia e Gran Bretaña. Os EE. UU. principian a construción do Canal de Panamá.
1905 A Habana: creación da Asociación Iniciadora de la Academia Gallega ¹ a iniciativa de Fontela Leal. Emigrantes en BA fundan o Banco de Galicia y Buenos Aires.	Gaudí: Casa Batlló, Barcelona. Desembarco alemán en Marrocos.	Einstein: Teoría da Relatividade. Eclósión do fauvismo. Irlanda: fundación do Sinn Fein, organización independentista irlandesa.
1906 A Coruña: inauguración da Academia Gallega, recoñecida oficialmente co título de Real. Abre na Habana a Caja de Ahorros y Banco Gallego.	Ramón y Cajal: Nobel de Medicina. Gaudí: casa Milá, Barcelona; Palacios: Palacio de Comunicaciones, Madrid	Invencción da radio. Wright: Unity Church en Oak Park, EE. UU.
1907 Primeiras federacións agrarias: Unión Campesina, Solidaridad Gallega e Directorio Antiforista de Teis. Refundación do CG de BA; en 2 meses acada 200 socios. A Habana: no teatro Tacón estréase o Himno Galego co gallo da colocación da primeira pedra "en granito de Parga" do edificio do CG.	Bando da alcaldía de Madrid regulando a circulación de automóbiles polas rúas; é o primeiro regulamento do seu xénero no Estado. Antonio Machado: <i>Soledades, galerías y otros poemas</i> .	Encíclica <i>Pascendi</i> contra o modernismo.

¹ Juan (1849 - 1933) e Jesús (1853 - 1912)

1908	Monforte: I Asemblea Agraria [a emigración recibe un tratamento singular]. O CG de BA diríxese ó Goberno español reclamando a abolición dos foros en Galicia.		Eclosión do cubismo.
1909	Coruña: inaugúrase o campo de fútbol de Riazor, primeiro de Galicia. Monforte: II Asemblea Agraria. Eclosión do arquitecto Palacios ¹ . Santiago: Congreso Nacional de la Emigración Española ² .	Campaña militar para a pacificación de Marrocos; o recrutamento é duramente protestado, desembocando na Semana Tráxica de Barcelona.	Primeiro cruce aéreo do Canal da Mancha. Manifesto futurista. Lei de Planeamento da cidade e do agro en Inglaterra (Town and Country Planning Act). Comercialízase nos EE. UU. a lavadora eléctrica. Peary chega ó Polo Norte
1910	A Habana: fundación da Sociedad de instrucción y Beneficencia Vivero y su Comarca (edificou 16 escolas e dotou a moitas outras). Cabanillas publica nesta cidade "No desterro" e "Vento Mareiro".	Constitución da CNT.	Portugal: proclamación da república. Stravinsky: <i>O paxaro de lume</i> . Gropius e Meyer: fábrica Fagus, Alemaña. Geddes: <i>Cidades en evolución</i> .
1911	Monforte: III Asemblea Agraria. Primeiro voo dun avión sobre Galicia; foi pilotado polo francés Laforestier. Julio Galán: Casa Rei, A Coruña.		Matisse: <i>A danza</i> . Kandinsky: <i>Acuarela abstracta</i> . Griffin: Plano de Camberra (Australia). Francia cede parte do Congo a Alemaña.
1911			Revolución Mexicana (conclúe en 1920).
	Grafismos para arquitecturas erráticas	
	Arquitecturas para debuxantes que non saben debuxar	
anexo A2	As dependencias da casa rural contemporánea	95
	Introducción	
	Espacios para a relación	
	Dependencias destinadas á preparación, consumo e almacenaxe dos alimentos	
	Espacios para o descanso	
	Espacios para a hixiene	
	Espacios para as actividades relacionadas coas capacidades productivas do medio	
	Espacios destinados a actividades productivas non agrarias	
	Outros espacios non vivideiros	
	O mobiliario	
	Conclusións	
anexo A3	Equipamentos e características das vivendas familiares. Aproximación estatística ...	128

INTRODUCCIÓN

Iniciamos o estudio da casa rural da Galicia contemporánea coa súa sistematización tipolóxica. Mais antes de empezar debemos facer unha advertencia: Non pretendemos unha mera clasificación e descrición tipolóxica, tan ó uso na meirande parte dos traballos existentes sobre arquitecturas populares.

Tendo como obxectivo da nosa tese a reflexión sobre un feito vivo, buscamos, na lectura directa deste, os fundamentos para a súa comprensión ou, dito con outras palabras, estamos aquí para vincular as solucións espaciais e formais a patróns de vida, a desexos e necesidades humanas.

Aínda así acometemos o traballo baixo a guía dos esquemas clásicos dos estudos tipolóxicos o que nos leva a analizar as compoñentes determinantes da casa -forma, uso e localización- e a súa iteración con toda a galaxia de factores materiais e inmateriais, presentes no cotián.

A clasificación tipolóxica da casa rural contemporánea aparenta escapar a toda racionalidade. Así por exemplo é doado verificar que en áreas territoriais reducidas conviven edificios de moi diferente forma, de contrapostas organizacións funcionais, mesmo por veces levantados con materiais de construción que nada teñen que ver entre si. Todo isto contravén incluso a lóxica que podería terse derivado da paulatina e aínda recente industrialización do sector da construción civil no rural. Por outra parte tampouco parecen expresar a uniformación de usos e costumes que se ten dado no país neste período.

CONSIDERACIÓNS PARA O ESTUDIO TIPOLÓXICO DA CASA RURAL CONTEMPORÁNEA

En primeiro lugar imos analizar a organización tipolóxica do substrato edificado sobre o que os emigrados, retornados ou non, introducen as súas novas vivendas. Comprobaremos que a dispersión tipolóxica das preexistencias é moi ampla.

O arquitecto Pedro de Llano no seu estudio *Arquitectura popular en Galicia*¹ aínda identificando dez tipos² fun-

¹ LLANO CABADO, P. de. *Arquitectura popular en Galicia*, 1981-1983.

² A clasificación tipolóxica establecida por De Llano baséase na sistematización das vivendas segundo o modelo económico que as xenera. Este arquitecto establece tres grandes familias de vivendas: a casa mariñeira, a casa terrea, a casa das agras e a casa das serras, ofrecendo cada unha delas á súa vez diferentes variantes, debidas a particularidades locais.

·	A casa mariñeira	
·	A casa terrea	Do pincho / Con patín / Entre medianeiras
·	A casa das agras	Agras coruñesas / Chairas lucenses / Depresións ourensás
·	A casa das serras	Arquitectura do colmo / Arquitectura do xisto / Arquitectura da tella

damentais de casa vivenda advirtenos das dificultades para a exacta delimitación dos distintos exemplares, alertándonos que "...moitas son as variantes que inciden sobre as súas características, que fan que incluso dentro dunha mesma comarca se poidan apreciar diferencias arquitectónicas."

Na procura das causas que provocan a dispersión tipolóxica detectada, a primeira delas queremos ver na conxuntura vital do promotor da vivenda: o emigrado, retornado ou non.

Estes individuos, quen por unha ou outra razón e en número de centos de milleiros deberon de abandonar a súa terra, traerán con eles unha amplísima diversidade de situacións persoais. Constatamos -e así nolo refiren os nosos informantes- que a expatriación dos nosos homes e mulleres por tódolos recantos do planeta vai nos expor a unha variadísima gama¹ de historias vitais que necesariamente tomarán forma en vivendas de aspecto diverso. Por outra parte temos que ter en conta que as transformacións soportadas polo mundo rural no último tercio de século, quebrando os vínculos que tradicionalmente relacionaban a vivenda co seu medio², provocarán a distorsión da estreita relación que de sempre se establecía entre as tipoloxías arquitectónicas e o emprazamento no que se localizaban. Isto é o que nos manifestan, entre outros Ferrás e Alberti³ ó respecto cando din que "as novas construcións carecen dunha tipoloxía definida e é posible ollar un mesmo tipo de casa na Serra de Queixa, no val do Miño, en Valdeorras ou en Celanova. Hai unha uniformidade que non existía no pasado."

As circunstancias anteriormente enumeradas xunto coa escaseza de estudos previos onde apoiarnos fan dificultosa a clasificación tipolóxica da vivenda promovida polo emigrante retornado na Galicia contemporánea. A este respecto o único estudo publicado sobre a cuestión, do que é autor o arquitecto Manuel Gallego⁴, resúltanos de

¹ Aínda así, esta forza debe ser considerada con reservas xa que, como explicaremos máis adiante, emigrantes retornados da mesma orixe producen arquitecturas desemeillantes.

² Aplicamos aquí á palabra *medio* no seu máis amplo sentido.

³ FERRÁS e PÉREZ ALBERTI; O sistema de asentamentos e a vivenda tradicional na provincia de Ourense.

⁴ GALLEGO, M. O medio rural, *Obradoiro*, n. 1, p. 15.

Advirtenos Gallego que esta arquitectura é múltiple en tipoloxías, circunstancia que atribúe en parte á dobre vertente de influencias que actúan sobre estas arquitecturas "a do arquitecto e a de imaxe urbana, que varía dunha zona de Galicia a outra, e a acomodación ás técnicas mais usuais na zona". Inicia o autor a análise tipolóxica establecendo dous grandes grupos de edificios en función das características de estrutura que os soporta: os que empregan muro de carga, sexa esta pedra ou calquera outro material e a dos edificios de estrutura reticular especificando que a "característica común a ambos os dous é o ser vivenda unifamiliar illada rodeada de horta".

A metodoloxía que Gallego propón para o estudo científico da casa do retornado atinxe os seguintes apartados: 1. Programa; 2. Sistema constructivo; 3. Proceso constructivo; 4. Características formais; 5. Ubicación e 6. Grao de intervención do arquitecto.

pouca axuda xa que por ter sido publicado en 1975 non contempla todo o construído nos vintecinco anos transcorridos dende aquela data deica hoxe e converte en pasado distante moito do que naquel momento era novidade -materiais e procedementos constructivos- e mesmo tamén a situación cultural, económica e política do país. Estudiamos agora os aspectos -tecnolóxicos, de emprazamento e os consecuentes ó feito migratorio- que poden explicar as tipoloxías da vivenda unifamiliar.

Consideracións de orde tecnolóxica

A clasificación tipolóxica da vivenda rural contemporánea dificilmente se pode basear nos aspectos tecnolóxicos da edificación, principalmente na utilización de determinados materiais de construción ou nos efectos das súas aplicacións -solucións constructivas, cores, texturas, etc- xa que, como acabamos de dicir, a relación tradicionalmente existente entre o material de construción empregado nas edificacións e a localización destas edificacións tense desordenado na Galicia contemporánea. Unha das consecuencias desto é a utilización simultánea en arquitecturas veciñas en lugar e tempo de materiais e solucións constructivas dispares.

Nesta orde de cousas debemos facer notar que o que acabamos de dicir é de aplicación, a pequena escala, na propia vivenda. Desta maneira pode chegar a darse incluso a dispersión dos materiais utilizados na construción das distintas fases dun mesmo edificio.

Do aquí dito tírase que a elección do material ou da solución constructiva aplicada é máis unha resposta a conxunturas alleas á propia lóxica arquitectónica que a invariantes tipolóxicas. Entre as causas máis reiteradas descubrimos as modas pasaxeiras, as apreciacións de prestixio ou desprestixio asociadas a determinados materiais e mesmo as consecuencias da política comercial do fornecedor local de materiais¹ de construción.

Só de forma excepcional podemos encontrar algunha relación entre a aplicación de determinados materiais con áreas xeográficas ou períodos temporais concretos. Outra cousa é que a precariedade tecnolóxica das empresas constructoras que actúan no mundo rural -da que se falará no lugar oportuno- termine impregnando ás edificacións de trazos comúns.



Casa en Tuiriz, Ferreira de Pantón. Foi ampliada, con materiais diferentes ós de orixe. Arriba, vista xeral; abaixo, por menor. Comprobamos variacións na cuberta, nas carpinterías e na fábrica.

¹ Só en dúas áreas xeográficas temos detectado a forte impronta dos materiais "locais". Estas son: Valdeorras e as terras do sureste da provincia de Pontevedra. Na primeira destas zonas a presenza da lousa na edificación é extraordinaria, empregándose sistematicamente en cubertas e incluso no revestimento de paramentos e solados. Nas terras pontevedresas é o granito rosa o que acada carta de naturalidade. En ambos casos, excepcionais por demáis, vemos máis o resultado da especialización da man de obra nun único material, que outras razóns.

Consideracións derivadas da localización dos edificios

Unha vez máis vémonos na necesidade de insistir no distanciamento co que a casa rural contemporánea se localiza no territorio. Antes debemos facer notar que este distanciamento prodúcese a tódolos niveis xa que a nova casa rural renuncia incluso á integración no seu entorno cultural. Desta maneira os condicionantes tanto xeográficos como culturais -por exemplo o clima, os costumes, a forma de vida ou as ocupacións das xentes- deixan de plasmarse na casa contemporánea. Esta circunstancia, que xustificaremos oportunamente, é responsable de que nun mesmo ámbito xeográfico ou cultural sexan producidas respostas arquitectónicas desemeillantes ante estímulos domésticos idénticos.



Vivenda en Corzos, A Veiga. Localízase no epicentro da área extractiva de lousa.

Consideracións derivadas das experiencias migratorias

Unha das nosas hipóteses de traballo, en correspondencia cunha crenza popular moi estendida, atribuíalle a dispersión tipolóxica da vivenda contemporánea á diversidade¹ dos destinos migratorios dos seus promotores. Mais a resultas da nosa investigación temos descuberto que o factor "destino de emigrante" demóstrase irrelevante á hora de determinar as características das arquitecturas construídas. A este respecto verificamos que individuos retornados en idéntico momento do mesmo destino migratorio poden xerar arquitecturas domésticas diferentes e, á inversa, arquitecturas semellantes non teñen por que ter sido producidas por individuos coa mesma traxectoria migratoria.



Vista de Gaxate, Pontecaldelas.
Á esquerda, a casa dun *peruano* e á dereita a dun *portugués*.

¹ Certamente esta é unha circunstancia moi interesante dende o punto de vista sociolóxico. Nos núcleos de poboación de Galicia, incluso en minúsculas e illadas aldeas entran en contacto individuos retornados de moi diversos países representando sistemas políticos, relixiosos e culturais variados. O impacto deste forzoso cosmopolitanismo no estreito universo aldeán é considerable. A modo de exemplo traemos aquí un dos casos por nós recoñecidos. Trátase da aldea de Gaxate (Pontecaldelas), onde os retornados das primeiras ondas do século XX proviñan de Perú, Portugal e Cuba.

Nin que dicir ten que as circunstancias persoais dos emigrantes en cada un dos seus destinos poden ser do máis variado o que enriquece aínda máis o panorama descrito. Isto fai posible a aparición de situacións propias de cidades cosmopóliticas en pequenas comunidades. Desta maneira nunha aldea do interior de Galicia poden ser veciños, por exemplo o exbombeiro dunha plataforma petrolífera, casado cunha vexetariana noruega e un taxista de Caracas, que foi secuestrado varias veces e casou coa filla dun exiliado basco.



Alzado fotográfico da travesía de Beariz. Apreciamos a amplitude da dispersión formal e material das súas arquitecturas domésticas. Son significativos tamén os baleiros, representación de soños residenciais sen concreción.

Consideracións funcionais

De acordo con criterios funcionais a casa contemporánea móstrase rica e complexa en tanto que debe responder a unha multiplicidade de factores. Tal é por exemplo, albergar indistintamente esquemas estritamente unifamiliares ou organizacións plurifamiliares. En ambos casos a función residencial pode verse complementada con outras, algunhas de corte tradicional tal son as derivadas das capacidades productivas do medio e outras novidasas, por exemplo a comercial, a industrial, ou a hostaleira.

A ANÁLISE TIPOLÓXICA

As clasificacións tipolóxicas baseadas nas consideracións deica aquí expostas -aínda sendo as comúns nos estudos e análises arquitectónicas- non se adecuán ós requirimentos da vivenda obxecto desta Tese.

Por esto e amparándonos na liberdade que nos da primicia propoñemos unha clasificación¹ específica que, elaborada para describir a nova casa rural, integra os criterios anteriormente enumerados para acadar unha visión ampla e ponderada da complexa realidade deste tipo de arquitecturas que, en moitos casos, reflicten ideais soñados, nunca construídos.



A paisaxe construída enriqueceuse con edificios de aspecto moii variado. Á esquerda, vista de Asorei, Vila de Cruces; á dereita, Liñaio, Negreira.

Non existe unha única vivenda contemporánea. Podemos distinguir ata tres perfís dominantes diferentes que denominaremos arcaico, rupturista e involucionista. Cada un deles corresponde a situacións complexas, ás que se pode adscribir un determinado tipo de casa durante o seu período de vixencia.

¹ A clasificación tipolóxica proposta baséase nunha análise que comprendeu tres fases intermedias. Na primeira, definida como de observación, percorrímos a totalidade do país, identificando a diversidade de edificios residenciais contemporáneos presentes nesta vasta xeografía. Aquí definíronse unhas primeiras tipoloxías xenéricas. Na segunda fase, unha vez determinadas as diferentes áreas de influencia -non serán xeográficas senón temporais- retomouse o traballo de campo, na procura dos exemplares máis significativos. Neles entrevistouse ó seu propietario, facéndolle un breve seguimento da súa historia de vida e realizándose en moitos casos un rigoroso levantamento gráfico da edificación. Na terceira e derradeira etapa ordenouse e analizouse o caudal de información recollida. Nesta fase, facendo abstracción da individualidade, determináronse os arquetipos, illando as distintas variantes e depurando os subtipos. En último termo puéronse en relación os arquetipos co conxunto de parámetros que os determinan.

A máis antiga destas tipoloxías corresponde a un período que imos dar por iniciado en 1959 -data do Plan de Desarrollo Económico¹ do ministro Ullastres- e remata en 1973, cando a crise económica mundial. O segundo ciclo, que agora se abre, conclúe en 1985, data de adhesión do estado español á Comunidade Económica Europea, ocasión na que se abre a terceira etapa, que aínda no momento de redactar este texto (finais de 2000) non podemos dar por concluída. En cada un destes períodos prodúcese unha casa específica.

A casa do período arcaico : 1959 - 1973

Esta vivenda está, como adiviñamos pola denominación que lle damos ó período, fortemente influenciada pola casa vernácula nos seus aspectos funcional e formal. Trátase dun edificio de volumetría simple e rotunda, de dúas plantas, con aproveitamento no baixocuberta. En xeral é parca en concesións decorativas. Nestes edificios teñen grande presenza as dependencias vinculadas ó mundo agrario que, en moitos casos aínda permanecen dentro dos seus límites físicos.



Vivendas de tipoloxía arcaica. De esquerda a dereita, edificios en Mato, Taboada; Rubiás, Viana do Bolo e Bugallido, Ames.

¹ Este Plan supuña de feito o fin da autarquía. Organizaba a apertura económica en tódolos fronts productivos, é dicir, a apertura ó exterior. O Estado ve na emigración unha fonte para a captación das divisas necesarias para o comercio internacional. Así as cousas, o impulso das migracións -estancadas como consecuencia da Guerra Civil- é cousa inmediata: en 1960 apróbase a Ley de bases de la emigración, que a organiza e impulsa.

As habitacións vivideiras sitúanse na planta primeira. A excepción é a cociña que permanece, xunto cos espazos non vivideiros, na planta terrea. Por outra parte o baixocuberta, que aínda se denomina faio ou faiado mantén o seu uso non vivideiro -almacén das froitas e colleitas- de acordo cun esquema funcional claramente arcaico.

A casa do período rupturista : 1973 - 1985

No período rupturista a vivenda sofre unha auténtica convulsión formal e funcional, derivada da súa ansia por distanciarse con decisión das arquitecturas vernáculas.

Tódolos recursos formais e ornamentais parecen encamiñarse agora a este fin. O máis significativo destes recursos é a separación do edificio respecto do terreo. O edificio, case sempre alzado sobre pilares, levita sobre o terreo, transmitindo o desapego casa verbo do mundo agrícola, que se vai acompañar polo extrañamento dos animais en construcións adxectivas destinadas en exclusiva a este fin.

Estes cambios, liberando a planta terrea, posibilitarán a introducción de novos usos, non sendo infrecuente que aquí se asente algún tipo de industria ou establecemento comercial sempre de escala familiar.

Por outra parte as dependencias vivideiras apértanse na planta alta do edificio á que se accede por unha escaleira exterior. Aquí aparece o salón de uso cerimonial e, en ocasións un cuarto destinado a comedor ritual. Entre tanto a vida diurna segue a facerse na cociña posto que malia a chegada do combustible gasoso aínda se conserva a vella cociña calefactora, único foco quente da casa.

Espacialmente a casa do período rupturista pode acadar grande complexidade, efecto que moitas veces é subliñado mediante o uso da cor. Neste empeño destaca a cuberta, que se multiplica en numerosos faldróns, o que impide o aproveitamento do espazo situado baixo a mesma.



Casas de tipoloxía rupturista. De esquerda a a dereita e de arriba a abaixo, edificio en Adina, Sanxenxo; Castelo, Trazo e Corredoiras, Boimorto.

A casa do período involucionista : 1985 -

As edificacións deste período son o resultado da fonda revisión dos recursos lingüísticos empregados nas arquitecturas domésticas que as antecederon. O constructor da vivenda popular pretende agora un acercamento á estética da vivenda vernácula¹ evidenciando unha actitude de rexeitamento das rechamantes propostas do pe-

¹ Comprobaremos -e así será demostrado nesta tese- que este acercamento é meramente epidérmico.

ríodo precedente.

Por outra parte asistiremos agora á expansión volumétrica dos edificios, o que pode ser entendido como consecuencia da crecida capacidade económica duns individuos que levan xa moito tempo emigrados. O crecemento da casa diríxese cara dous ámbitos novos, característicos da casa deste período: o soto e o baixo cuberta. A ampliación superficial da casa repercutirá no programa da vivenda que se torna complexo. Na área vivadeira da casa multiplícanse os recintos estanciais, que agora se especializan en atender ós distintos momentos da vida doméstica: día e noite, a festa e o cotián. A cociña -que perdeu xa o dispositivo calefactor- resístese aínda en moitos casos a perder a súa función estancial.



Casas de tipoloxía involucionista. Á dereita, edificio na Insua, Taoada; á esquerda, outro en Seteventos, O Saviñao.

A planta superior alberga dormitorios, algúns deles con baño propio, para cada un dos membros da familia en tanto o baixo cuberta permanece vacante, á espera do momento idóneo para converterse en segunda vivenda. Novidade de grande transcendencia é a entrada do coche na casa, que se acomoda no soto, nun local xeralmente capaz para varios vehículos que comparten a subterraneidade con dependencias de uso tradicional como a adega, a lareira ou o forno.

OUTRA CLASIFICACIÓN TIPOLÓXICA DA VIVENDA RURAL CONTEMPORÁNEA

Clasificación tipolóxica da casa do retornado segundo criterios funcionais

A edificación residencial que o emigrante retornado promove no medio rural responde a catro tipos funcionalmente diferenciados segundo a edificación albergue, unha única vivenda ou máis dunha. Estas construcións poden albergar ademais outros usos:

Vivenda unifamiliar. Vivenda plurifamiliar. Vivenda unifamiliar, con outros usos. Vivenda plurifamiliar, con outros usos.

A vivenda unifamiliar

Trátase dunha edificación na que tódalas dependencias están destinadas a fins vivideiros. Este tipo de programas axústanse polo xeral en edificios dunha única planta aínda que de forma excepcional rexistramos casos máis complexos nos que as construcións poden acadar meirande altura.

A vivenda plurifamiliar

Esta tipoloxía obedece ó desexo do promotor de compartir a súa edificación con outras persoas coas que está vencellado por lazos de sangue. Este tipo de edificacións responden a un programa complexo no que se albergan dúas ou máis vivendas, xeralmente agrupadas en vertical aínda que rexistramos tamén outras posibilidades de agrupamento, como por exemplo as vivendas pareadas.

Diciamos que este tipo de vivendas reúne a grupos unidos por un vínculo familiar, que se recollen baixo un mesmo teito. Nestes casos o elemento de comunicación vertical é independente, sendo frecuente resolver o acceso ó edificio cun portal, formalmente semellante ó dunha edificación plurifamiliar, de forma que os accesos ás diferentes vivendas sempre resultan independentes.

Non sempre a capacidade económica do retornado posibilita a rápida e completa construción do número de vivendas desexado. Agora a estrutura do edificio dimensiónase para soportar as alturas desexadas para que nun momento posterior poda ser ampliado "cando unha filla case". Nestes casos a cuberta do edificio é moi sinxela, de forma que resulta pouco oneroso desmontala para acrecentar a edificación.

O tipo de actuacións arriba descritas corresponde á casa do segundo período. Nas vivendas do terceiro deles, a ampliación será acollida no espacio baixo cuberta, que agora as bufardas converten en habitable. Así as cousas resulta frecuente que este amplo espacio quede sen distribuír e incluso sen rematar nos seus acabamentos interiores -solados e revocos- pendentes da hipotética ampliación da residencia cando as necesidades familiares así o requiran.

Os edificios nos que se mesturan usos residenciais con outros usos

Con certa frecuencia o edificio que o emigrante constrúe na súa aldea natal alberga outros usos distintos do residencial, estea este unido a unha vivenda unifamiliar ou a unha plurifamiliar.

O tipo de usos ós que poden estar destinadas estas partes das vivendas é tan amplo como é o das actividades que pode desenvolver o home se ben por razóns obvias de implantación da vivenda no medio rural, predominan os relacionados coa actividade agraria. Como tal os locais responderán ás características propias da agricultura na localidade. Así por exemplo en zonas vinícolas estes locais albergan amplas adegas en tanto que en zonas gandeiras acollen completas instalacións de tratamento do leite. Polo común estes usos sitúanse en lugares de doada accesibilidade, polo que en xeral tenderán a aproximarse ós puntos de acceso á edificación.

Con certa frecuencia encontramos locais sen uso definido, infrautilizados como tendais, garaxes para un único vehículo ou trasteiro, aínda que os nosos informantes, para a nosa sorpresa, refírense a eles como "o local comercial". Isto fálanos dun proxecto vital inconcluso ou desviado do inicialmente previsto.

AS TIPOLOXÍAS COMO RESPOSTA A UNHA RACIONALIDADE

Resulta difícil precisar a orixe dos esquemas organizativos anteriormente descritos. Todo o máis adivíñase nalgun dos deles o pouso de temas preexistentes na arquitectura vernácula galega e os aires novidosos doutros, chegados do estranxeiro e do mundo urbano.

A casa contemporánea de tipoloxía arcaica, na que a vivenda se desenvolve na planta superior en tanto as plantas baixa e a do baixocuberta se destinan a actividades agrícolas, correspóndese nidiamente coa *casa das agras*, unha solución tipolóxica tradicional descrita por Pedro de Llano¹: "A planta baixa é utilizada para os traballos suxos da agricultura e para os animais, cando todavía existen, e a planta superior para a vivenda".

Doutra parte, o esquema organizativo máis frecuente entre as vivendas rupturistas -aquele no que os espazos domésticos se distribúen ó longo dun corredor central antóllasen unha solución tan elemental que algúns autores, como por exemplo Lorenzo Fonseca e Alberto Saldarriaga² non dubidan en cualificalo como un "arquetipo arquitectónico de la cultura humana".

Un caso singular é o daqueles edificios nos que o programa residencial se multiplica. A este respecto podemos encontrar dúas posibles casuísticas. Unha propia das áreas costeiras de forte atractivo turístico nas que durante a tempada de verán unha parte da casa, de programa completo, arréndase ós visitantes e outra, máis estendida, na que o edificio de programa múltiple alberga baixo o mesmo teito varios subgrupos da mesma familia.

A resolución deste programa plurifamiliar faise, en ocasións, de acordo con solucións formais semellantes á dos edificios en altura.

Consideracións sobre as tipoloxías residenciais

As múltiples variacións do programa doméstico e máis tamén a ambigüidade que en moitos casos presenta este, son consecuencia da súa complexidade e mesmo da indefinición do corpo social ó que serven como veremos a continuación.

Se no período arcaico o campesiño trala experiencia migratoria seguía vinculado ó sector agrario; o retornado do

¹ LLANO CABADO, P. de. *Arquitectura popular en Galicia*, 1981-1983.

² FONSECA MARTÍNEZ, L. e SILDARRIAGA ROA, A. *La arquitectura de la vivienda rural en Colombia*. *Summarios*, n. 65/66, p. 47

período rupturista consuma o abandono da actividade agraria, de xeito que vai ter no agro unicamente o seu lugar de residencia.

Na etapa rupturista, cando a maioría dos promotores das vivendas fluctúan entre o modo de vida rural e o urbano, a casa aparece como único valor seguro. Así pois o edificio debe deixar varias posibilidades de utilización para garantir o hipotético cambio de modo de vida. De aí a liberación da planta terrea, utilizable como comercio, como explotación agrícola ou como segunda vivenda, destinada ó fillo que casando na casa vai coidar dos pais na súa vellez.

Moi diferente é a actitude do emigrante dos anos noventa, quen vai ter no agro unicamente un lugar de residencia e de reunión familiar tras dunha dilatada vida na emigración.

Neste caso a vivenda tórnase en lugar comfortable, espacioso, dotado dos máis avanzados e sofisticados equipamentos do momento.

CONCLUSIÓNS

Os primeiros emigrantes retornados que construíron nas súas aldeas casas novas na década dos 60 e nos primeiros anos dos 70 utilizaron esquemas organizativos e funcionais moi próximos ós das arquitecturas vernáculas. Eran os seus promotores homes e mulleres que retornaban ó seu solar natal con algúns aforros tras dun breve pero intenso episodio migratorio que non lle brindara a ocasión de integrarse na sociedade receptora. Tralo seu retorno retomarían, en xeral, as actividades agrícolas anteriores ó traxecto migratorio.

Nun segundo momento, que abarca as décadas dos setenta e dos oitenta, a casa que levanta o emigrante é verdadeiramente novidosa. Non xa polo seu grande tamaño e exuberante decoración senón polo seu renovado esquema organizativo, do que desaparecen as dependencias de uso agrícola. Sendo máis dilatada a traxectoria migratoria que a dos emigrados do período precedente, estes individuos teñen maior capacidade económica e un meirande apego á cultura urbana, aspectos ambos que plasmará nas arquitecturas que constrúe.

O retornado tardío, chegado a Galicia na década dos noventa encontra na terra que abandona un estado de opinión moitas veces crítico diante das arquitecturas de aspecto estraño levantadas por aqueles que o precederon.

Ó tempo, a diversificación dos modelos construídos ofrécelle un meirande repertorio de referencias. Por outra parte o adestramento que xa teñen acadado os pequenos constructores locais fai posible aventurar solucións innovadoras. A impresión de desafogo que se desprende destas casas evidencia a bonanza dunhas xentes que acadaron xa unha alta estabilidade laboral na diáspora e, en moitos casos retornan trala xubilación.



A casa permanece pechada durante grande parte do traxecto migratorio. Veciños ou familiares non emigrados manteñen a propiedade a cambio de certos aproveitamentos. Neste caso en Pedrouzos, O Pino, o xardín da casa do expatriado alimenta unhas ovellas.

INTRODUCCIÓN

A análise do proceso proxectual da casa contemporánea débenos responder a dúas cuestións clave: a orixe das súas novidosas formas, tan distanciadas da arquitectura vernácula local e a identidade do proxectista.

Debemos advertir que a imaxinación popular e incluso a opinión profesional atribúen o exotismo formal da nova arquitectura residencial levantada no medio rural de Galicia ás contaminacións e préstamos que os seus promotores, maiormente individuos emigrados, tomarían nos lugares de emigración.

O certo é que esta opinión rebátese doadamente. A este respecto demostraremos que resultan mera anécdota os contados casos nos que se recoñece unha importación formal directa.

Por outra parte, interrogándonos sobre a identidade do proxectista descubrimos que esta misión recae as máis das veces no constructor ou no propietario da vivenda; individuos sen formación axeitada para este labor, ás veces mesmo sen formación dalgún tipo. No contexto desta Tese atráennos os mecanismos que estes axentes empregan para resolver o deseño da vivenda.

PROCEDENCIA DAS FONTES

Dous mundos en contacto

A orixe das formas da casa rural promovida por individuos emigrados na Galicia contemporánea non se encontra nos lugares de destino dos seus promotores. Manexamos para demostrar isto tres liñas argumentais:

- 1 Retornados da mesma orixe edifican en Galicia vivendas formalmente diferentes
- 2 Arquitecturas formalmente semellantes non necesariamente se corresponden con autores procedentes dun mesmo destino.
- 3 Individuos nunca emigrados constrúen edificios que en nada difiren dos promovidos por emigrados.

Certo é que algúns emigrantes se inspiran directamente en construcións estranxeiras para levantar os seus edificios e algúns deles incluso importan os proxectos arquitectónicos. Mais estas circunstancias son moi minoritarias como explicamos seguidamente.

Nesta orde de cousas o sorprendente é que incluso nos escasos exemplos de edificios nidiamente *forasteiros*



Edificio sito en Pedre, Cerdedo. realizado conforme a un proxecto redactado no Brasil por un arquitecto daquel país



Edificios que como este imitan os existentes noutros países -neste caso as casas da montaña suíza- son excepcionais. Na imaxe, vivenda en Dorneá, Boimorto.

nós localizados sempre descubrimos interferencias -ora formais, ora funcionais- de sabor local.

A este respecto coincidimos con Rocha-Trinidade¹ quen estudiou o fenómeno de construción de vivendas por emigrantes retornados no Portugal minhoto, afirmando que “os modelos traídos não são importados como tanta vez se diz, são interpretações das arquitecturas eruditas dos países de acolhimento já feitas através de modelos intermédios, de onde elegeram as formas como valor simbólico para eles.”

O único certo en todo esto é que a arquitectura da casa rural contemporánea representa a fractura co universo persoal anterior á emigración, unha quebra que, en palabras de Rocha-Trinidade² constitúe “a prova iniciática que é a imigração, símbolo da individualizade do emigrante e da separação irreversível da comunidade mãe.”

A escasa magnitude das contaminacións externas de orixe directa ten sido documentada tamén nas terras migratorias do norte de Portugal por Villanova³ quen categoricamente testemuña que “... l'influence de l'étranger dans chaque maison est différente. La maison de migrant est un produit national où les références étrangères sont parfois très isolées.”⁴

Verdadeiramente a vivenda rural contemporánea é un produto galego, pois de aquí é o seu deseñador, o seu usuario e o seu constructor. Tamén aquí son comprados -e ás veces producidos- os materiais cos que se levanta. Por tanto a única compoñente que parece vir directamente do estranxeiro é o capital necesario para o financiamento do edificio.

Procedencia das fontes

Pero ¿onde están as fontes de inspiración do proxectista?

Unha das máis recorrentes fontes de inspiración citadas polos nosos informantes é a imitación, total ou parcial, dun edificio existente.

¹ ROCHA-TRINIDADE, M.B. *A presença dos ausentes*, p. 9.

² ROCHA-TRINIDADE, M. B.; Op. Cit; p. 11.

³ VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 163.

⁴ ...a influencia do estranxeiro é diferente en cada casa. A casa do emigrante é un produto nacional onde as referencias estranxeiras ás veces son moi illadas.

Localizar este modelo antóllasenos crucial xa que os posibles puntos de contacto con outras realidades son moi diversos. Nesta orde de cousas o *edificio modelo* pode emprazarse no lugar de estancia no estranxeiro, nalgún punto do traxecto entre aquel e Galicia, nun lugar desta terra, veciño ou non daquel onde se construíra a casa ou incluso en lugares virtuais, como por exemplo calquera dos difundidos pola televisión ou por publicacións de ampla tirada. De calquera xeito e, sempre de acordo co manifestado polos nosos informantes, de tódalas posibles localizacións, as citas máis frecuentes proceden do entorno inmediato do lugar onde se localiza a vivenda tal e como se detalla no cadro que segue, no que expoñemos os resultados da enquisa desenvolta xunto co noso traballo de campo.

Comprobamos que non existe unha única fonte xa que as referencias poden ser parciais e polo tanto o emigrado incorpora ó seu proxecto edificatorio imaxes fragmentarias de moi diversas procedencias.



Casas promovidas na década dos noventa, por individuos emigrados en Suíza. Arriba unha en Liñaio, Negreira; abaixo outra en Goente, As Neves.

FONTES DE INSPIRACIÓN DO PROXECTISTA							
Número de viendas construídas							
Fonte: traballo de campo propio							
Tipo de fonte		Vivenda promovida por emigrados			Vivenda promovida por non emigrados		
Orixe	Alcance	Arcaizante	Rupturista	Involucionista	Arcaizante	Rupturista	Involucionista
Edificio foráneo	Copia total	0	0	0	0	0	0
	Copia parcial	0	2	1	0	0	0
Edificio do entorno	Copia total	2	2	1	3	2	0
	Copia parcial	2	12	5	2	2	0
Outras circunstancias	Fontes diversas: revistas, películas, TV.	0	2	1	0	1	1
	Proxecto redactado ou tomado no estranxeiro	0	2	2	0	0	0
Ningunha fonte de inspiración recoñecida		5	10	3	2	3	1

A CASA DO EMIGRANTE RETORNADO: UN NOVO VERNÁCULO

Non tendo sido tomada -como viamos- a casa rural contemporánea nin en forma nin en organización doutras comunidades nin de modelos existentes en Galicia, estamos en condicións de afirmar que esta arquitectura nace, nos máis dos casos, exclusivamente da invención dos seus promotores que toman, aquí e aló, os elementos que lle interesan.

Este peculiar proceso de xénese arquitectónica non nos sorprende, xa que emparenta cos modos de facer propios das arquitecturas vernáculas nos que as construcións non son froito dun proxecto senón dun proceso de elección.

Nesta orde de cousas, a aparición e consolidación de modelos arquitectónicos, como os tres anteriormente referidos, debe verse como a reacción coa que a comunidade e os axentes encargados de darlle forma á casa acoutan a dispersión¹ que podería resultar dun proceso en si mesmo individualista.

OS PROXECTISTAS

O autor do proxecto

O deseño da casa rural -que acabamos de identificar cun proceso de elección- é unha operación na que aparte do promotor involúcranse outros axentes. A casa que o emigrante retornado constrúe na Galicia rural nos últimos trinta anos é o resultado da complexa superposición dos gustos, desexos e modos de facer dun amplo grupo de actores² que interveñen, dunha ou outra forma no proceso de definición do edificio. Falamos do proxectista e do constructor pero tamén doutros individuos como o subministrador de materiais de construción ou dos familiares do promotor, encargados de continuar a execución da casa en ausencia do seu propietario.

Dos axentes citados, dous son os que acaparan, na meirande parte dos casos, a responsabilidade da conformación da casa: o *especialista* e o emigrante mesmo.

¹ Así pois compre lembrar que na arquitectura popular a ruptura cos modelos establecidos prospera unicamente cando o tipo entra en crise. Isto sucede tras, por exemplo, un cambio de cultivos.

² Con frecuencia referirémonos a eles, abreviadamente, como "o constructor da casa rural".

Quedan aínda por concretar dúas cuestións de certa transcendencia. A primeira refírese á cualificación do que demos en chamar *especialista* e a outra é a determinación da orde de intervención, é dicir cal dos axentes referidos o fai en primeiro lugar.

Dacordo co resultado da nosa pesquisa sobre o terreo, na meirande parte dos casos é o emigrante quen intervén de principio, acometendo en solitario a definición do programa da súa vivenda e incluso o deseño da mesma en tanto que o técnico se encarga de resolver aqueles aspectos burocráticos e tecnolóxicos necesarios para construír o edificio. Así pois, a misión deste consistirá esencialmente no cálculo estrutural e na adaptación do proxecto ás diversas normativas de obrigatorio cumprimento.

Respecto da cualificación do técnico, analizaremos a cuestión nas tres diferentes etapas nas que temos dividido a historia da casa rural contemporánea xa que detectamos diferentes situacións en cada unha delas tal e como indicamos agora.

OS PROXECTISTAS DA CASA CONTEMPORÁNEA

Número de viandas construídas

Fonte: traballo de campo propio

Axente		Vivenda promovida por emigrados			Vivenda promovida por non emigrados		
		Arcaizante	Rupturista	Involucionista	Arcaizante	Rupturista	Involucionista
Non profesional	constructor	4	5	0	1	3	0
	delineante, profesor, empregado de banca, funcionario...	1	0	0	1	0	0
	promotor	1	10	1	1	1	0
Arquitecto técnico	exercicio libre	1	6	7	1	1	0
	funcionario público	0	1	0	0	0	0
Outros de grao medio	topógrafo, perito agrícola...	1	1	0	2	0	1
Arquitecto superior	exercicio libre	1	6	5	1	3	1
	funcionario público	0	1	0	0	0	2

En termos xerais o especialista que aparece a miúdo como responsable do deseño da casa contemporánea no medio rural é o arquitecto técnico se ben constatamos a intervención doutros individuos, con capacitación profesional do máis diverso.

Na casa do período arcaico é no constructor sobre quen recae maioritariamente a responsabilidade da realización do proxecto para a construción da vivenda. No período seguinte -o rupturista- a intervención do constructor na materialización do proxecto do edificio pasa a un segundo plano en beneficio dun axente novo no mundo rural, o arquitecto técnico, quen comeza a ocuparse agora desta misión. Andando o tempo o arquitecto de grao medio farase maioritariamente con este tipo de encomendas se ben terá que compartilas cun novo axente -o arquitecto superior- quen na década dos noventa chegará a ser o segundo axente en número de encargos profesionais por parte de promotores retornados.

A este respecto debemos advertir idéntico proceder tanto entre promotores emigrados como entre aqueles non emigrados.

Nunha relación rigorosa debemos incluír a peritos e funcionarios de calquera rama, empregados en industrias relacionadas coa edificación (subministradores, ferrallistas, axentes da propiedade inmobiliaria, empregados da banca, etc) e tamén a delineantes e mesmo profesores de ensino medio.

Como denominador común estas persoas controlan ferramentas rudimentarias de deseño, baseadas no dimensionado de espazos e a súa elemental organización, contando para a completa realización do proxecto arquitectónico e a súa legalización administrativa coa colaboración de técnicos superiores legalmente capacitados.

A progresiva especialización no proceso de deseño é consecuencia da xeralización entre os concellos rurais do sofisticado aparato administrativo contemporáneo¹ e tamén da profesionalización do propio sector da construción naquel ámbito.

¹ Alguns deles son: concesión da licenza de obras, esixencia de proxecto técnico redactado por técnico capacitado previo á execución das obras, plan de seguridade no traballo, cédula de primeira ocupación, etc.

O TÉCNICO NO PROCESO DE PROXECTO

O proxectista, unha novidade na vivenda rural

O proceso de construción da casa, tradicionalmente foi unha operación reservada para o promotor da vivenda, quen se auxiliaba nesta misión polos seus parentes e veciños. Este modo de operar, que explicaremos con detalle noutro lugar desta Tese, acusará unha fonda transformación no derradeiro tercio do século XX. Agora a execución material da vivenda deixará de ser unha competencia exclusiva do grupo familiar para pasar a ser acometida por individuos especificamente dedicados a esta fin. A forte inercia que presentan os costumes tradicionais explicaría a interferencia que na Galicia rural actual se dá entrambos sistemas constructivos. Isto é que aínda intervindo un deseñador e máis un constructor profesional¹, o promotor resérvase para si as derradeiras decisión e mesmo o remate final da edificación.

Xustifícase así a resistencia do promotor da vivenda a abandonar o deseño do novo fogar en mans de terceiros aínda que estes sexan especialistas.

Na Galicia rural contemporánea asistimos á progresiva diferenciación das profesións dos axentes que interveñen na xénese e construción do edificio. Este fenómeno é común ás sociedades rurais en proceso de acelerada transformación e del dannos noticia Rapoport² e González Claverán³ suxeríndonos que a arquitectura así producida debe ser denominada vernácula preindustrial, no canto de popular. Estaríamos pois diante dun novo sistema cultural, produto da incorporación do mundo agrario tradicional a leis propias de estándares productivos nos que a poboación rural entra en dependencia dunha asesoría técnica externa.

¹ Unha empresa especializada realiza aquelas partes do edificio de maior dificultade ou especialización (cimentación, estrutura e cuberta) en tanto as restantes fases da construción seguen a ser acometidas, en moitos casos, en réxime de autoconstrución tal e como explicaremos no lugar oportuno.

² RAPOPORT, A. *Vivienda y cultura*, p. 143.

³ GONZÁLEZ CLAVERÁN. "Conceptualización de la vivenda rural y la calidad de vida en los asentamientos rurales en América". *Primer Seminario Iberoamericano de vivenda rural y calidad de vida en los asentamientos rurales*, p. 54.

A elección do proxectista

A elección do técnico -fannos saber os nosos informantes- con frecuencia aparece ligada á actividade que este desempeña na administración local¹.

A razón desto nace das propias circunstancias vitais do emigrante. Isto é, o veciño transterrado debido precisamente ó seu alonxamento descoñece a burocracia relacionada coa construción da vivenda sentíndose particularmente incapaz nese inextricable e sempre desfavorable mundo no que á lentitude dos trámites burocráticos únese a falla de persoal durante o período de vacacións que é cando o emigrante está presente na súa terra. Neste contexto o promotor ve no técnico máis que ó autor do proxecto a un mediador para a concesión dos permisos e a resolución das imposicións administrativas.

Outra vía para a elección do técnico autor do proxecto diríxese directamente cara ós responsables do trazado das casas, das persoas do entorno do promotor emigrado: veciños, amigos ou familia.

Sexa a que for a vía de asignación da encomenda profesional, resulta habitual que un reducido grupo de proxectistas acade en solitario a responsabilidade do deseño das edificacións dun determinado ámbito territorial do que se deduce que a actividade do deseñador require da confianza da comunidade.

As relacións emigrante - técnico

As relacións que o emigrante retornado establece con quen se encargará do deseño da súa vivenda están fortemente mediatizadas pola circunstancia migratoria daquel. A este respecto os nosos informantes refiren maioritariamente o mantemento de relacións -xa telefónicas, xa epistolares- cos seus arquitectos ou aparelladores dende os seus lugares de emigración para atender tanto ás distintas fases da realización do proxecto como ás de execución da obra.

A relación que se tece entre o proxectista e o propietario quedará condicionada polo estreito control que este pretende sobre o proceso de deseño, tal e como temos referido anteriormente.

¹ Neste contexto resultan correntes as estratexias de proveito tecidas por técnicos próximos ás institucións esquivando as limitacións que a lexislación pon no seu exercicio profesional.

O maior ou menor grao de intervención do promotor no proxecto permítenos identificar distintos tipos de promotores. A este respecto as tipoloxías do promotor da Galicia rural coinciden nidiamente coas descritas por Villanova¹ para o Portugal rural e incluso coas que Boyd² identifica na Australia profunda.

Así son descritos os distintos tipos de promotores da vivenda rural en Portugal

1. Ceux qui dépendent entièrement de l'intervention du technicien
2. Ceux qui cherchent des suggestions (autres que celles de leur entourage) et une connaissance des normes et des mécanismes bureaucratiques en vigueur
3. Ceux qui savent très bien ce qu'ils veulent mais qui ont besoin de techniciens uniquement pour convertir le projet idéalisé en projet viabilisé.

e así os australianos

...Firstly, we have those who knew what they wanted and were consulting an architect only because they believed scale plans were essential and knew no cheaper way to acquire them. Secondly, those who knew what they wanted, but believed the architect could add the "artistic touches", as they would say. Thirdly, those who came without prejudice, and enjoyed being bossed by a determined, experienced man. The type of client did not make much difference to the eventual character of the house if the architect was either inept or extremely selfwilled, but many architects were inclined to temper their approach to each problem with their impression of the sort of house the client expected³.

En termos xerais comprobamos que o coñecemento que o constructor da vivenda rural ten das competencias pro-fesionais é moi vago, fundándose pouco máis que en "vagues notions sur le coût de leur prestation. [...] considèrent en général que l'architecte demande beaucoup plus d'argent pour l'exécution du projet que l'ingénieur, le des-sinateur ou le *habildoso* local"⁴

¹ VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 84


1. Os que dependen enteiramente da intervención do técnico.
2. Os que buscan suxerencias (outras diferentes ás do seu entorno) e un coñecemento das normas e mecanismos burocráticos en vigor.
3. Os que saben moi ben o que queren pero que necesitan técnicos unicamente para converter o proxecto idealizado en viable.

² BOYD, R. *Australia's home : its origins, builders and ocupiers*, p. 133

³ ... En primeiro termo temos a aqueles que saben o que queren e están a consultar cun arquitecto unicamente porque cren que os planos a escala son necesarios e non coñecen outro camiño para adquirilos. En segundo lugar están aqueles que saben o que queren pero cren que o arquitecto poderá engadir "toques artísticos", tal e como soen dicir. En terceiro lugar, aqueles que chegan sen prexuízos e tiran proveito de ser mangoneados por un home resolto e experimentado. O tipo de cliente non determina o carácter final da casa se o arquitecto foi tanto un inepto ou extremadamente autosuficiente, aínda que moitos arquitectos inclínanse por temperar a súa aproximación a cada cuestión coa impresión do tipo de casa que o cliente espera.

⁴ VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 85

[...] vagas nocións sobre o coste da súa prestación. [Os retornados] consideran en xeral que o arquitecto pide moitos máis cartos para a execución dun proxecto que o enxeñeiro, o debuxante ou o *manitas* local.



Reproducción da misiva que un promotor dirixe a un técnico comentando a proposta de vivenda -nunha planta- que este diseñara. Cliente e técnico residen en en Barcelona e Monforte, respectivamente. A vivenda en cuestión localizárase na vila lucense, lugar de orixe tanto do técnico como do promotor.

A ausencia do arquitecto neste proceso

Unha das cuestións a concretar é a escasa presenza do arquitecto no mundo do deseño de vivendas no medio rural actual e, no seu caso, da irrelevancia da súa actuación.

A ausencia do arquitecto susténtase nunha suma de factores dos que o económico resulta de primeira orde, como así nolo refiren os nosos entrevistados, quen nos indican que os honorarios cobrados por delineantes e técnicos de grao medio están lonxe de toda competencia fronte ós requiridos polos arquitectos.

Mais a cuestión económica non explica por si soa a ausencia de arquitectos no mundo da vivenda rural. Así Villanova descobre no Portugal minhoto que

[...] la question économique n'épuise pas l'explication de l'absence d'architecte dans ce processus. Face à un spécialiste dont la compétence réelle est méconnue et auquel on attribue, vaguement, un goût étrange, le choix va droit au dessinateur. Or celui-ci est capable, pour l'essentiel, de produire le "croquis" de la maison. Rien ne pousse alors les migrants à chercher une autre solution que le technicien connu des circuits sociaux fréquentés par les réseaux familiaux et de voisinage. La relation potentielle client

migrant/architecte est inhibée par la distance sociale qui les sépare. En effet, les architectes concentrent l'essentiel de leur activité en milieu urbain. Leur profession est encore peu divulguée, ils sont absents de beaucoup de mairies dans les milieux ruraux...¹


O profesional da arquitectura pertenceu tradicionalmente, por adscripción social, ó mundo da burguesía urbana. Esta ausencia do técnico superior do mundo rural supérase na década dos noventa cando a escasez de saídas profesionais para os arquitectos no ámbito urbano xunto coa proletarización da profesión fan atractivo o rural para un importante grupo deles que acoden a el en pos do traballo profesional.

Sen embargo a chegada destes técnicos non se ten traducido aínda nun cambio significativo nos procedementos tradicionais de deseño dos edificios e de xestión das obras tal e como apuntan Brandão² e nós mesmos³ nunha investigación anterior a esta tese.

A resistencia da sociedade rural contemporánea diante do arquitecto queda moi acertadamente retratada nestas palabras de Brandão⁴:

O arquitecto recémradicado na província ou executando para lá o seu traballo, defronta não só a hostilidade dos agentes locais ligados à construção, capciosos do seu "saber" e poder (enriquecidos, construtores, comerciantes, desenhadores e técnicos, fiscais e autarcas) como a hostilidade da própria estrutura jurídica e institucional que o enquadra e ainda a dificuldade de imposição de uma linguagem mínima comum. Quem já experimentou, sabe que esta dificuldade vai até ao domínio da palavras, das mais elementares para o acto, como "projecto", "desenho", "planta", "moderno", "bonito", "forte", "bom".

Así pois a non integración do arquitecto no medio rural deviría do seu carácter de intrusión foránea. E non nos referimos a unha mera cuestión de presenza física xa que a inadaptación está presente incluso entre os arquitectos nativos. Trataríase dunha integración intelectual. Explicáanos esto o arquitecto luso José Carlos Por-



Concellos de Galicia onde radican gabinetes de arquitectura. O mapa superior reflicte a situación en 1970 e o inferior en 1995. Elaboración propia con datos do Colexio de Arquitectos de Galicia.

¹ VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 86

... a cuestión económica non agota a explicación da ausencia do arquitecto neste proceso. Fronte a un especialista do que se descoñece a súa competencia real e a quen se atribue, vagamente, un gosto estrano, a elección vai directamente ó debuxante. Posto que este é capaz no esencial, de facer o "croquis" da casa. Daquela nada empurra ós emigrantes a buscar outra solución senón o técnico coñecido nos circuitos sociais frecuentados polas redes familiares e veciñais. A relación potencial cliente emigrante/arquitecto inhíbese pola distancia social que os separa. En efecto, os arquitectos centran o esencial do seu traballo no medio urbano. A súa profesión aínda está pouco divulgada e están ausentes en moitos concellos de medios rurais ...

² BRANDÃO, P. O eclipse da arquitectura sem arquitectos. *Jornal dos Arquitectos*, n. 1/2, p. 7.

³ LIZANCOS MORA, P. Arquitectos novos, clientes novos, casas novas... *Obradoiro*, n. 25.

⁴ BRANDÃO, P. O eclipse da arquitectura sem arquitectos. *Jornal dos Arquitectos*, n. 1/2, p. 7.

tugal¹ residente en Tras os Montes, unha rexión portuguesa dominada pola emigración onde o arquitecto é visto polos seus paisanos como unha "intrusión forzosa". Dínolo así:

Trabalho na região de Tras os Montes..., sangría..., emigração..., falta de investimento público. Falta um modelo de referencia. Toda a legislação é imposta: planeamento, etc. Estas figuras estão impostas socialmente...
 O arquitecto é expresión desta vontade desconexa.
 O arquitecto é visto como sospeitoso...

PROXECTO ARQUITECTÓNICO E VALORES PLÁSTICOS DA EDIFICACIÓN

A opinión máis estendida ve na actuación do arquitecto no medio rural -por pasiva ou por activa- a responsabilidade da baixa calidade estética das arquitecturas residenciais que se levantaron neste último tercio de século nese ámbito. Non querendo ser nós quen axuicemos a actuación dos nosos compañeiros de profesión traemos aquí, unha vez máis, a autorizada opinión do arquitecto portugués Brandão quen ve a estes profesionais "...demasiado enfeudados às noções de quantidade, perdem o pé frente ao conceito de qualidade, que escapa à sua formação. Contentamse em tornar o projecto administrativamente viável."

Certamente na práctica cotiá a intervención do arquitecto -como temos comprobado- só en moi contadas ocasións tradúcese en arquitecturas de alta calidade. E unha vez máis non o dicimos nós. Neste caso falamos coa voz autorizada de Nuno Portas².

O urbanista portugués responsabiliza ós arquitectos do seu país da degradación urbanística que afecta ó medio rural daquela terra empregando no seu discurso argumentos que teñen clara e directa translación a Galicia

... la société bien pensante et les corporations professionnelles ont fait des "clandestins" comme des "Français" leur abcès de fixation de la mauvaise qualité architecturale, en laissant croire que les deux tiers restants de la construction réalisée partout dans le pays, auraient été parfaits sans ces taches de toitures noires, de fenêtres d'aluminium, de carreaux brillants qui abîment les villes et la campagne portugaises.

Ce jugement est subjectivement injuste et objectivement illusoire: l'offre immobilière et la construction légale, faite avec les professionnels et conforme aux règlements publics, ne constitue pas l'alternative de "bon sens" et de "bon goût" que l'on pourrait attendre.

[...]

...l'urbanisation dominante récente dans le pays est, en général, très banale et de mauvaise qualité; les exceptions dues à quelques auteurs dont le succès a été reconnu, glorifiées dans les revues d'architecture étrangères, n'arrivent jamais à être adoptées

¹ PORTUGAL, J. C. "O contexto social como condicionante da arquitectura". *I Encontro de Arquitectos Galegos e Portugueses*. 1º, 1995, Santiago de Compostela.

² PORTAS, N. Prefacio. En *Maisons de rêve au Portugal*, p. 9.

par les promoteurs publics ou privés¹.

Pechamos este capítulo con palabras australianas², que malia a súa lonxanía teñen tamén na nosa terra un axeitado lugar á hora de explicar a realidade do traballo profesional de moitos deseñadores titulados.

...Dozens of legally entitled architects in every state and every generation had no real training, interest or ability in creative design. In effect, they merely translated what was essentially the owner's own design into terms which the builder could comprehend. They also acted, often with honesty, as agents for the owners in dealings with the builders, and supervised construction. They had no influence on the course of popular fashion; they were instruments of it.³

O PROCESO DE PROXECTO DA VIVENDA RURAL

Explicamos a continuación o proceso proxectual da casa rural contemporánea.

A aproximación á vivenda iníciase a partir das plantas do edificio, debuxadas⁴ cun amoblamento estándar a escala 1:50.

Estes debuxos non van máis aló da mera versión gráfica dos requirimentos que o promotor lle ten feito chegar ó proxectista, ás veces mesmo de forma gráfica, tal e como veremos máis adiante. Sobre estas plantas o promotor e o proxectista axustan o programa ó orzamento dispoñible e ás prescricións indicadas polas distintas norma-

¹ "... A sociedade ben pensante e mailas corporacións profesionais fixeron das "clandestinas" e das "francesas" o seu absceso de fixación da mala calidade arquitectónica, deixando crer que os dous tercios restantes da construción realizada en todas partes do país serían perfectas sen esas cubertas negras, sen as fiestras de aluminio ou os azulexos brillantes que degradan as cidades e mailo campo portugués. Este xuízo é subxectivamente inxusto e obxectivamente ilusorio: a oferta inmobiliaria e a construción legal, feita por profesionais conforme ós regulamentos públicos, non constitue a alternativa de "sentido común" e de "bo gusto" que se podería esperar. [...] ...a urbanización recente, dominante no país é, en xeral, moi banal e de mala calidade; as excepcións debidas a algúns autores de recoñecido éxito, glorificados nas obras de arquitectura estranxeiras, non chegan xamais a ser adoptadas polos promotores públicos ou privados".

² BOYD, R. *Australia's home : it's origins, builders and occupiers*, p. 125

³ Ducias de arquitectos legalmente titulados, en tódolos estados e en tódalas xeracións non tiveron capacidade real, interese ou habilidade no deseño creativo. En efecto, eles simplemente traduciron o que era esencialmente o propio proxecto do propietario a termos que un constructor puidera comprender. Eles tamén actuaron, a miúdo con honestidade, como axentes dos propietarios nas súas operacións cos constructores e supervisaron a edificación. Eles non influíron no curso da moda popular; foron instrumentos dela.

⁴ A autoría e intencións destes primeiros debuxos merecen atención específica e unha detida descrición. Por esta razón dedícaselle un capítulo aparte. Presentado como anexo, desenvolve en paralelo esta interesante cuestión.

tivas, fundamentalmente a ordenanza urbanística local e o decreto que regula as condicións de habitabilidade da vivenda.

Unha vez aceptados os planos das plantas o cliente autoriza a redacción do proxecto. Na fase do traballo profesional que agora se abre a intervención do propietario é case sempre nula. Con frecuencia isto é debido a que o emigrante xa ten retornado ó seu lugar de residencia no estranxeiro.

No proceso proxectual descrito, a imaxe da nova edificación é unha cuestión secundaria que pouco interesa nin ó promotor nin ó proxectista. De feito resulta frecuente que os alzados do edificio, o plano de cuberta e mesmo a preceptiva sección se realicen cando a documentación técnica está moi avanzada. Pero ninguén se preocupa por esto xa que tódalas partes sábense coñecedoras dos principios básicos a aplicar: a forma axústase a unhas referencias comúns e ós medios dispoñibles, sen esforzos estéticos ou estilísticos xa que as edificacións deben executarse do xeito máis simple e directo dos posibles.

O procedemento descrito está baseado na confianza mútua que se dispensan as partes intervenientes na construción xa que, como nos advirte Rapoport¹ este modo de operar “sólo puede suceder en una sociedad ligada a la tradición, donde los cambios que tienen lugar ocurren dentro de una estructura de una herencia común dada y una jerarquía de valores reflejada en los tipos de edificios.”

Un posible efecto secundario deste modo de facer é a uniformación -espacial e funcional- do produto arquitectónico. A este respecto comprobamos que tal efecto non se dá na vivenda da Galicia rural actual. Todo o máis que encontramos é a repetición literal e puntual dalgúns exemplares baixo a petición do promotor da vivenda. Tal é o caso, por exemplo, de grupos de individuos que desexan levantar unha mesma vivenda para simplificar trámites, xestións, e mesmo para non competir formalmente entre eles.

Feita esta excepción queremos facer constar que a vivenda rural é, ante todo, un produto persoal por expreso desexo do seu promotor. Contrasta este afán coa realidade construída, na que se detecta o efecto da seriación, como consecuencia da repetitividade en respostas sen risco e de mínimo esforzo.



A repetitividade literal prodúcese cando entre os promotores veciños existe un forte vínculo. Soe buscar a optimización de esforzos económicos e a minimización do risco. De arriba a abaixo, vivendas en Cruces, Sobrado; Filgueiras, As Neves e Quintá de Lor, Quiroga.

¹ RAPOPORT, A. *Vivienda y cultura*; p. 15.

Tal e como nos di Brandão¹, trátase dun

... jogo de repetição que certamente não é absoluto (ninguém quer a casa igual à do vizinho) mas que reproduz sempre um modelo base. É o espaço dos catálogos que tem por suporte o registo visual comparativo, em que cada nova cópia está em condições de funcionar novamente como modelo. A serialidade nem se relaciona com uma racionalização do processo construtivo. É mero resultado de vácuo.

E chegados aquí debemos precisar o concepto de modelo, que no mundo rural -e nisto Galicia non é unha excepción- non ten presenza física xa que se trata dunha construción mental, dun conxunto de códigos que son utilizados para producir os espécimes individuais. Rapoport² bríndanos un magnífico exemplo para ilustrar esto que dicimos

... cuando un profesional construye una granja para un campesino, ambos conocen el tipo en cuestión, la forma o el modelo, y hasta los materiales. Queda por determinar lo específico -las exigencias de la familia, el tamaño (que depende de la riqueza) y la relación con el sitio y el microclima-. Como ambos están de acuerdo en lo que quieren, hay en efecto, un modelo que se ajusta y se adapta durante el proceso.

CONCLUSIÓNS

A análise do procedemento proxectual, das súas influencias, dos seus actores e das circunstancias que rodean as accións de concepción da casa tennos permitido identificar ós axentes e ás forzas que interveñen no proxecto. Aparelladores, delineantes, peritos, arquitectos e xentes de variada profesión aparecen nesta fase xunto co promotor, a súa familia e mesmo os seus veciños, involucrados nun proceso de deseño que na meirande parte dos casos non conclúe deica o remate da obra.

Descubrimos tamén algunhas das vías polas que as ideas arquitectónicas chegan ó mundo rural da Galicia contemporánea. Desta maneira imaxes da televisión ou de edificios de aquí e de alá, súmanse nun proceso complexo no que a ambigüidade e a dúbida, propias de xentes de vida sometida a unha alta incerteza tórnanse en forzas esenciais.

Diante da estendida opinión que ve nas arquitecturas levantadas polos emigrantes retornados en Galicia a reprodución de formas foráneas, importadas consciente ou inconscientemente, non temos encontrado ningún indicio sólido que nos avale tal afirmación. Moi ó contrario, resultan excepcionais os casos nos que os promotores manifestan ter importado o proxecto ou reproducido directamente arquitecturas estranxeiras.

¹ BRANDÃO, P. O eclipse da arquitectura sem arquitectos. *Jornal dos Arquitectos*, n. 1/2, p. 7.

² RAPOPORT, A. *Vivienda y cultura*; p. 14.

A operación de deseño da casa ten coñecido distintos actores. Nos primeiros tempos, aló pola década dos sesenta, esta responsabilidade correspondía ó constructor da casa. Posteriormente esta misión foi acaparada por axentes con preparación técnica, aparelladores e arquitectos, se ben os primeiros son os que acaparan a maior parte dos encargos profesionais.

Aínda así a intervención do promotor da vivenda no proceso de deseño é primordial en tódolos casos sendo este quen, as máis das veces, inicia e pecha o proceso.

Os requirimentos dos emigrantes verbo do técnico limitanse á resolución daqueles aspectos descoñecidos por eles, fundamentalmente dos ámbitos tecnolóxicos e administrativos do proxecto xa que os promotores considéranse capaces de aturar as eventuais dificultades derivadas da construción propiamente dita.

Longtemps je t'ai construite, ô maison!
A chaque souvenir je transportais des pierres
Du rivage au sommet de tes murs
Et je voyais, chaume couvé par les saisons
Ton toit changeant comme la mer
Danser sur le fond de nuages
Auxquels il mêlait ses fumées
Maison de vent demeure qu'un souffle effaçait¹

Louis Guillaume²
A casa do vento

capítulo 3

A EXECUCIÓN

¹ ¡Canto tempo levo construíndote, ou casa! / En cada lembranza transportaba pedras / Do pé ó cumo dos teus muros / E vía, palla curada polas estacións / O teu tellado cambiante como o mar / Danzando sobre o fondo de nubes / Ás que se mesturaba o fume / Casa de vento, morada que un sopro esvaía.

² Citado por Bachelard en *La poética del espacio*, p. 86.

INTRODUCCIÓN

As transformacións que no derradeiro tercio do século XX interesarán ó mundo rural galego tamén incidirán nos procedementos tradicionais de construción de vivendas de forma que ningunha das tres compoñentes desta industria -man de obra, materiais e tecnoloxía- quedarán indemnes diante do proceso de modernización.

Como queira que esta renovación é recente -de feito pode estimarse que está aínda activa- é frecuente a convivencia de prácticas tradicionais con outras nidiamente contemporáneas.

No contexto desta tese demostraremos en qué medida a vivenda rural contemporánea é consecuencia dun proceso de construción que participa tanto do mundo arcaico, de base agraria, como do contemporáneo, de raizame urbana.

A CONSTRUCCIÓN NO MUNDO RURAL TRADICIONAL

Unha tecnoloxía sofisticada

De entrada debemos avisar da sofisticación -en termos relativos- que acadou a construción civil no mundo rural. Enfrontándonos á opinión dominante, afeita a minusvalorar a capacidade tecnolóxica da cultura agraria recoñecemos unha industria -a construción civil- capaz de resolver tódalas necesidades edilicias da comunidade labrega cun abano de recursos limitado ós que a natureza puña a disposición do constructor na contorna da obra.

No mundo agrario tradicional os coñecementos necesarios para edificar e manter a vivenda propia formaban parte da bagaxe cultural individual de xeito que o conxunto do campesiñado era posuidor -por herdanza- de coñecementos básicos de construción. De entre estes campesiños algúns poucos dispuñan de coñecementos máis amplos e maiores habilidades. Estes *especialistas* encargáranse dos labores máis complexos da construción, actuando de forma máis ou menos profesional cando eran requiridos, reservándose a súa intervención para as escasas pezas destacadas: igrexas e outras arquitecturas relixiosas, pazos e casas grandes. Así pois, a profesionalización -que non a sofisticación- da construción era escasa.

Sendo pois a autoconstrución regra xeral no mundo rural tradicional, illado e autárquico, a perfección construtiva da arquitectura vernácula que aínda nos impresiona, debe ser vista como resultado dun proceso experimental de ensaio e transformación a longo, larguísimos prazos no que se depuraron formas e foron afinadas solucións constructivas.

Tamén merece a nosa atención a ritualidade que acompañaba á construción da casa rural. Neste orde de cousas a colocación do ramo e o albaroque eran celebracións que referendaban o carácter social do acto edificatorio. Debemos destacar que aínda sendo o alzado da casa unha cuestión de incumbencia familiar, a comunidade veciñal implicábase na edificación realizando algún tipo de contribución.

Esta práctica de auxilio social, que en Galicia recibe a denominación de *axuda*, era frecuente nas culturas rurais de base agrícola, como nos ten explicado Rapoport¹ quen ve aquí “no sólo una ayuda para solucionar labores complejas, sino también [un acto que] tiene implicaciones sociales”.

As *axudas* fannos referir, unha vez máis ó arraigado carácter autosuficiente das comunidades labregas, quen con esta ferramenta resoven necesidades individuais demandantes de grande esforzo tal por exemplo a semente e recollida de certas colleitas (patacas, millo, centeo, trigo e herba), a construción da casa ou do hórreo e asuntos semellantes².

A modo de ilustración complementaria traemos aquí -da man de Elsa López³- a descrición das *gallogas*, denominación que reciben as *axudas* no mundo rural canario

Al hablar de arquitectura rural de El Tablado se hace necesario hacer mención de uno de los rituales de construcción que la tradición de las gentes de este lugar conserva todavía vigente. Lo mismo cuando se pone la losa que cuando se construye una cubierta inclinada, "cubrir" la casa es el momento más importante de su edificación, restauración o modificación. El vecindario ayuda a realizar la obra y esta ayuda se hace con carácter de trueque, organizando una *galloga* (reunión de campesinos que se juntan para ayudarse recíprocamente). El dueño del trabajo obsequia a los reunidos dándoles comida y bebida gratuita ese día. Las prestaciones, que son de carácter gratuito, comprometen a los campesinos entre sí.

A crise do mundo agrario tradicional vai afectar ás institucións populares de auxilio social, tal e como explicaremos máis adiante.

¹ RAPOPORT, A. *Vivienda y cultura*, p. 143.

² A este respecto temos ampla información en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, n. 99; adicado monograficamente ó estudio das "axudas" e mais en Fernández de Rota y Monter, J. A. Identidad y recreación histórica en Galicia, en *Antropología de los pueblos del norte de España*, p. 66. quen describe así as *axudas*:

"...A maior parte delas tiña lugar cando se levaban a cabo os máis importantes labores agrícolas periódicos [...] a sembra das patacas, a cavada dos montes, a sega da herba seca, a sega do cereal de fouciña, a malla, o esquilmo das ovellas, a esfolia do mainzo, a matanza do porco, a tasca e fía do liño (ou da lá). Neste capítulo hai que engadir diversas obras domésticas ou comunais que esixen en determinados intres do esforzo cooperativo tales coma facer unha casa ou un alpendre, amañar os camiños, pías ou regos, muíños, pontes, etc."

³ LÓPEZ RODRÍGUEZ, E. "Arquitectura y espacio canario", *Arquitectura popular en España : actas das xornadas*, 1-5 decembro 1987, p. 100.

A RENOVACIÓN DA INDUSTRIA DA CONSTRUCCIÓN NA GALICIA RURAL

A crise do mundo agrario tradicional

Abriamos este capítulo traendo á memoria a fonda crise que sacudiu e sacode o mundo rural tradicional galego dende os inicios da década dos sesenta e poñiamola en relación coa liquidación de modos de facer seculares na industria da construción vernácula.

Aínda non sendo este o lugar axeitado para facer unha análise das transformacións de todo tipo que sacudiron ó mundo rural galaico nese tempo, nin moito menos das razóns que as provocaron, convén, a fin de situar o noso traballo no seu xusto medio, describir sucintamente o que esto foi. Para isto amparámonos no traballo realizado por Pedro de Llano¹ (1996, 189).

Quere este arquitecto ver no serodio e desordenado proceso de industrialización iniciado na década dos sesenta e “carente da máis mínima intención planificadora” a razón primeira da “evolución do medio rural e os seus arcaicos modos de produción”. Esto, dende o seu punto de vista “implicará unha importante reformulación dos sistemas de cultivo, transformación e comercialización, propios da sociedade agraria”.

O abandono dos materiais de construción vernáculos

O desmantelamento do mundo rural tradicional tense levado por diante, en canto á industria da construción autóctona, toda a estrutura productiva tradicional, o que inclúe os aparatos organizativo, tecnolóxico e incluso a loxística de aprovisionamento de materias primas e materiais elaborados.

O devalar do mundo rural tradicional, entendido este no máis amplo sentido, arrastrou consigo pautas de conducta, oficios tradicionais, cultivos, explotacións mineiras, aproveitamentos enerxéticos e mil compoñentes máis daquela cultura secular.

A modo de exemplo traemos aquí dous casos reais por nós coñecidos. En primeiro lugar expoñemos os efectos sobre a industria da construción derivados da desatención das fragas e montes. No segundo caso faremos esto mesmo a partir do abandono das barreiras e dos caleiros.



Na imaxe superior, carreto de madeira polas rúas de Ourense. Na inferior, transporte de area, extraída na praia de Barrañan, Arteixo, con destino á industria da construción. A primeira imaxe data de 1928 e a segunda de 1956 sendo autora da primeira Ruth M. Anderson e da segunda Ra-món Dimas.

¹ LLANO CABADO, P. de. *Arquitectura popular en Galicia : razón e construción*. p. 189.

CONSECUENCIAS NA INDUSTRIA DA CONSTRUCCIÓN DO ABANDONO DOS BOSQUES AUTÓCTONOS

- . Oficio tradicional afectado: Carpinteiro.
- . Materiais tradicionais afectados: Madeiras.
- . Actividades tradicionais afectadas: Corta, seca e curado da madeira. Mantenza dos bosques. Carpintería.
- . Efectos no medio: Os bosques de frondosas quedan ó abeiro do lume e das cortas abusivas; posterior reforestación con especies alóctonas de alto rendimento. Cambios no biótoto.
- . Efectos na edificación: Desaparición das madeiras tradicionais do mercado substituídas por outras importadas de África (xatoba, calabo, elondo, sapelly, ocumen...). Irrupción de materiais novidosos: aluminio ou PVC (xerado nun proceso industrial agresivo co medio).

CONSECUENCIAS NA INDUSTRIA DA CONSTRUCCIÓN DO ABANDONO DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS TRADICIONAIS (BARRO E CAL)

- . Oficio tradicional afectado: Albanel.
- . Materiais tradicionais afectados: Cal e barro.
- . Actividades tradicionais afectadas: Extracción de barro e cal, queimado do cal, produción de tellas e ladrillos.
- . Efectos no medio: Abandono dos xacementos de barro e cal. Deixa de cortarse leña, por tanto abandónase o bosque.
- . Efectos na edificación: Deixan de utilizarse morteiros bastardos no encintado de fábricas de pedra e a tella nas cubertas. Os primeiros son substituídos por morteiros de cemento non axeitados contra a humidade. As cubricións faranse cun material novo: o fibrocemento

A desaparición dos materiais de construción tradicionais será impulsada pola vertixinosa introducción dos de orixe industrial.


Implantados exitosamente, en a penas dúas xeracións acadarán tal rango de naturalidade que farán esquecer o uso e incluso a lóxica interna dos que foran utilizados durante séculos. Este proceso, pendente de estudio en Galicia, non podemos aquí máis que apuntalo limitándonos a avisar dun dos factores que contribuíron á expansión destas novidades no mundo rural. Isto é a ampliación da rede viaria¹.

Novos materiais, novas formas

A utilización de materiais novos, repentinamente chegados ó mundo rural, desencadeará tensións e incertezas non sempre ben resoltas. Falamos de dúas cuestións transcendentales: por unha banda os efectos espaciais e por



Telleiro. Foto de José Suárez, 192-



Grupo de emigrados galegos -orixinais de Muros e Carnota- traballando na construción (totalmente industrializada) dunha casa en Newark, New Jersey, EE. UU. Abril de 1996

¹ A este respecto recollimos durante a nosa andaina de campo numerosas anécdotas. Os nosos informantes referíronnos os esforzos e o tempo que tomaba apenas unha xeración atrás o traslado en carro de, por exemplo, unhas poucas planchas de fibrocemento ou as pezas dun cuarto de baño, polo intransitable carreiro que enlazaba a aldea (dá igual o seu nome xa que o exemplo valería para centos delas), coa estrada local máis próxima, onde un camión depositara aquela mercancía.

outra os meramente tecnolóxicos, derivados en ambos casos da inestable lóxica que a carencia de memoria na comunidade vaille dar ós materiais recén chegados.

No referente ós efectos formais secundarios á implantación de novos materiais de construción sabemos -xa que esta é unha lei arquitectónica universal- que as novidades renovan as formas e tamén que, utilizadas ó xeito ancestral, provocan caricaturas.

Dende o punto de vista tecnolóxico advertimos que os cambios na industria da construción collerán ós seus actores sen o adestramento axeitado, utilizando produtos e máquinas que precisarían dunha aprendizaxe e adestramento previo.

A confluencia dos motivos antes expostos derivará na produción de linguaxes primarias e simples, expresión do aforro de esforzo e da busca de solucións económicas e simples.

A mediocre calidade visual e constructiva que presentan estas edificacións será tamén consecuencia do que acabamos de dicir e que coincide con Pulín¹, quen ve na falta de tradición a razón desta degradación

...mientras las arquitecturas populares preindustriales, con una continuidad de materiales y funciones, tuvieron una depuración de siglos, las arquitecturas populares industriales carecen de tradición y de modelos. La urgencia económica no ha permitido una depuración estilística, y la facilidad del uso de los elementos ha propiciado la pérdida de los oficios. Oficios que, por otra parte, han ido pasando de la artesanía a la manipulación del material prehecho.

Para rematar coa descrición do cadro actual da industria da construción na Galicia rural cómprenos identificar ós materiais utilizados. Advertimos que os materiais da arquitectura popular contemporánea xa non son os de produción local senón os vendidos por subministradores locais. Esta circunstancia é nai de non poucas tensións e conflitos. Velaí os detectados por Pulín² na comarca salmantina de La Alberca

...la antigua Dirección General de Bellas Artes intentaba obligar a construir con los medios tradicionales, forrando las fachadas del hostigo con madera de castaño, solución tradicional pero de costo prohibitivo para los escasos medios de los habitantes de la zona, que, usando el sentido común, las cubrían con placas de fibrocemento, trabajables, baratas y adquiribles a pocos kilómetros...

O uso dos materiais que o mercado pon a pé de obra nunha sociedade dominada por unha cultura tecnolóxica elemental responde á lóxica consubstancial ás arquitecturas populares isto é, a utilización dos materiais máis próximos e alcanzables. Nisto estamos, outra volta máis, con Pulín cando manifesta



Os actores da construción executan as obras cos materiais que o mercado contemporáneo lle brinda pero coa tecnoloxía de sempre. Nas imaxes, detalles en edificacións do ámbito rural do concello de Ferreira de Pantón.



¹ PULÍN MORENO, F. "Arquitectura popular y revolución industrial". *Arquitectura popular en España : actas das xornadas*. 1-5 decembro 1987, p. 614

² PULÍN MORENO, F. Op. cit.; p. 614

...nada ha cambiado en el paso de la arquitectura preindustrial a la arquitectura industrial, y ello explica fenómenos de cambio de apariencia que, a veces, no se contemplan con la comprensión debida. Hay, sin duda, una presión económica constante que, en el vivir diario, está muy lejos de las pretensiones estéticas o de los principios de un pretendido purismo a espaldas de una realidad social.

En definitiva a transformación do mundo rural veu supoñer un cambio nas formas de acometer as cuestións relacionadas coa construción da casa. Se no mundo tradicional como deixou dito Rapoport¹ "no se puede utilizar lo que no está disponible", no mundo que o substitúe "las cosas se vuelven imposibles en lugar de inevitables".

Na década dos setenta o mercado pon a disposición de quen pretende construír a súa casa unha vastísima gama de materiais. Esta oferta contrasta coa exiguidade da que se valía o constructor vernáculo deica aquel intre, que se agora incitado ó consumo compulsivo de formas e cores.

Na imaxe: pavimentos no interior dunha casa en Adina, Sanxenxo, promovida en 1979 por un retornado de Francia.



¹ RAPOPORT, A. *Vivienda y cultura*, p. 145.

A AUTOCONSTRUCCIÓN

Explicar a autoconstrucción implica sintetizar todo o ámbito da construción de vivendas no mundo rural actual. A autoconstrucción resume, entre outras cuestións, os fluxos de capital e de man de obra e tamén o calendario vital do promotor da vivenda.

A práctica da autoconstrucción, nacida da máis fonda tradición rural continúa, con matices, viva na Galicia contemporánea xa que aquí a casa continúa a construírse coa axuda da familia, dos veciños e dos amigos contándose coa concorrencia dun contratista para asistencia nos labores máis sofisticados -cimentación, estrutura e cuberta- e dalgúns especialistas: fontaneiro, electricista, calefactor, escaiolista e carpinteiro.

Algúns autores queren ver na autoconstrucción a oportunidade final que o individuo ten para controlar e tomar decisións sobre a que vai ser a súa vivenda. Isto é o que ó respecto nos indica a profesora Souza¹

Dans bien des cas, l'émigrant est aidé par sa famille proche (femme et enfants) ou d'un autre parent ou voisin que l'on paie au noir. Ce type de pratique permet, bien sûr, de réduire considérablement les frais de main d'oeuvre et donc le coût de la construction, mais aussi par une réelle présence sur place d'obtenir exactement ce que l'on désire. N'oublions pas que l'émigrant a, parfois, accepté un projet qui ne le satisfaisait pas complètement².

Para a descrición do método de construción valémonos do documento que en 1978 publicou Manolo Gallego³.

Polo seu alto interese e plena vixencia permitímonos reproducilo aquí na súa integridade

O proceso construtivo soise realizar sen empresa especializada. Normalmente, o propietario e usuario, con axuda da familia e veciños en aportacións colectivas de man de obra, vai realizando a súa casa, nos seus tempos libres. El enténdese co pequeno taller de carpintaría de aluminio, existentes en grande profusión e espallados polo medio rural. A estrutura encarrégase directamente, sen cálculo para as dimensións de vigas e pilares, ao almacén que a dá despezada. Este proceso baséase na frecuencia con que un veciño, ou ben o propietario -éste é o caso mais normal-, traballa no sector da construción. Cando non acontece este caso, o traballo encarrégase a pequenas empresas familiares, que se van especializando xa nas técnicas usuais, a obra realizase coa dirección do propietario e, en moitas ocasións, coa súa axuda manual.

Este proceso esixe unha certa lentitude e periodicidade nos traballos, o que, unido ao irregular das aportacións económicas, leva a que a vivenda se comence a habitar antes do seu remate total. Deixando normalmente o exterior -as pinturas, cores, aplacados- a decisións posteriores.



Impulsado por un fondo sentido economicista o construtor popular nunca revestiu materiais que puideran ser utilizados espidos. Na arquitectura popular contemporánea mantense este criterio.

Arriba, unha casaupa en Chaguazoso, Vilaríño de Conso (Foto J. Rodríguez), mostra as súas fábricas desnudas. Abaixo un paramento dunha casa en Santa Uxia de Setados, As Neves amosa sen revestir un dos paramentos de fachada.

¹ SOUZA, C.: Habitat: Mode d'expression et Simbole Social des Emigrés Portugais. *Sociedade e Territorio*, n. 8, p. 58.

² En moitos casos o emigrante é auxiliado polos seus achegados (muller e fillos): parentes ou veciños ós que paga con diñeiro negro. Este tipo de práctica permite reducir considerablemente os gastos en man de obra e por tanto, o custe da edificación e tamén conseguir exactamente o que se desexa a pé de obra. Non esquezamos que o emigrante aceptou, ás veces, un proxecto que non lle satisfacía por completo.

³ GALLEGO JORRETO, J. M. O medio rural. *Obradoiro*, n. 1, p. 8-17.

A autoconstrucción é unha práctica tanto máis frecuente canto máis antiga é a casa.

A importancia da autoconstrucción, ausente das estatísticas oficiais, pode adiviñarse indirectamente na lectura das análises publicadas sobre a profesionalidade no sector da construción. As cifras, dadas a coñecer pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas¹ da Xunta de Galicia, son o resultado dunha mostraxe realizada en obras de grande magnitude (aquelas que empregan a máis de 50 obreiros) falan por si soas. En ausencia doutros datos referidos a obras menores podemos supoñer, sen temor a errar, que a súa realidade será manifestamente peor que a aquí descrita.

JOSE YAÑEZ MARTINEZ

D.N.I. 32181273-H

FERRETERIA · MATERIALES DE CONSTRUCCION
DEPOSITO DE URALITA · PIENSOS Y ABONOS

Teléfono 78 96 77
LA CASTELLANA (La Coruña)

CUALIFICACIÓN PROFESIONAL NO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN

Oficio	Porcentaxe de obras nas que hai déficit de persoal de calidade deste oficio	Porcentaxe de traballadores que non recibiron cursos de formación	Oficio	Porcentaxe de obras nas que hai déficit de persoal de calidade deste oficio	Porcentaxe de traballadores que non recibiron cursos de formación
Albanel	62,5	85,9	Xeseiro	25	68,4
Encofrador	55,6	72,2	Carpinteiro	59,9	72,7
Ferrallista	58,3	80,7	Electricista	50,3	47,7
Pintor	27,5	67	Solador	38,1	58,2
Peóns	53,3	87,6	Xefe de obra	29,6	32,4

Os axentes que actúan na construción da vienda rural poden compaxinar esta actividade con outras.

A EXECUCIÓN DA VIVENDA RURAL CONTEMPORÁNEA

Número de vivendas construídas

Fonte: traballo de campo propio

Constructor	Vivenda promovida por emigrados			Vivenda promovida por non emigrados		
	Arcaizante	Rupturista	Involucionista	Arcaizante	Rupturista	Involucionista
Autoconstrucción con algunha axuda	5	10	5	3	3	0
Construcción profesionalizada	1	6	4	0	1	0
Mixta: profesional con autoconst. intensa	2	7	2	3	1
	... autoconst. leve	1	7	2	2	1

¹ Estudio Sobre la Estructura del Sector de la Construcción en Galicia [1994].

AUTOCONSTRUCCIÓN VERSUS CONSTRUCCIÓN PROFESIONALIZADA

O derradeiro tercio do século XX coñecerá a profesionalización da actividade edificatoria no mundo rural. Agora o individuo que precisa unha vivenda, tendo a necesidade de residir no estranxeiro na procura dos recursos económicos necesarios para realizala vese obrigado a ceder en terceiros a outrora íntima e persoal misión do alzado da casa.

Aínda así o modo de facer peculiar do sistema tradicional, baseado na autoconstrucción co auxilio da intervención puntual do especialista, conservará como veremos, unha forte inercia. Isto estaría detrás das continuas idas e vindas que o emigrado realiza dende o lugar de estadía migratoria, que se xustifican na medida en que son ocasións aproveitadas para impulsar, xunto con achegados e veciños, a execución da casa.


Nesta orde de cousas comprobamos que a continuidade¹ na experiencia profesional dos emigrantes incide na conservación da tradición da autoconstrucción.

As transformacións acusadas polo mundo rural contemporáneo terán notable incidencia nas compoñentes socio-lóxicas da actividade edilicia. Os cambios rexistrados pola industria da construcción repercutirán con particular forza sobre o complexo e ricaz sistema das *axudas*, provocando a desaparición dalgunhas delas cando non a súa transformación e desnaturalización.

Nesta liña recolleamos abundantes referencias entre os nosos informantes e incluso na bibliografía específica. Tal é o que, por exemplo nos describe Xaquín Rodríguez Campos² referíndose ó *carreto*, unha *axuda* consistente no traslado de pedra e madeira dende o monte deica o pé da casa en construcción dun veciño "Hoxe xa non se fai, desde que as casas se fan con hormigón e ladrillo non serve o carro como medio de transporte perdendo esta *axuda* a súa función notablemente", manifesta Rodríguez.

¹ A construcción civil, segundo as estatísticas oficiais, deu emprego a unha boa parte do colectivo galaico emigrado en Europa. En 1985 estaban ocupados neste sub-sector un 27% dos emigrados españois en Suíza segundo datos publicados en: Panorama de la Emigración Española en Europa; un traballo de investigación social sobre os emigrantes españois realizado por DATA, SA e finalmente editado polo Ministerio de Trabajo y Seguridad Social en 1986.

² RODRÍGUEZ CAMPOS, X. As "axudas" como mecanismo adaptativo dunha sociedade campesiña en transformación. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, n. 99, p. 269



No vello sistema a abundancia de man de obra resultaba imprescindible para sacar adiante unha obra. Na imaxe da esquerda canteiros e peóns afánanse para levantar unha casa na década dos vinte. Na obra representada na imaxe da dereita, datada na década dos noventa, tres individuos e pequena maquinaria abundan para edificar unha casa. Ambas imaxes corresponden ó concello de Abadín.

A liquidación das *axudas* débese en parte a algo que xa se apunta na cita que acabamos de presentar. Isto é, unha vez máis, ó devalar da cultura campesiña, que todo o arrastra na súa transformación imparable.

Naturalmente outros factores agora característicos do mundo rural tamén teñen contribuído ó proceso de perda ou alteración dos costumes vernáculos tal como a involución demográfica que deixa sen brazos novos ó agro e tamén á capitalización do mundo rural que monetizará as relacións humanas.

A crise das *axudas* é ben expresiva do que acontece no mundo rural galego actual. Aquí van as atinadas verbas de José Antonio Durán¹ ó respecto

El alzado de la casa nueva, en efecto, es el símbolo ritual de aquella demolición. No sólo por quienes en ella intervienen, no sólo por la señalada ausencia de multitudes en movimiento, como antaño puestas a la construcción de aquella casa de piedra. Es que alzar la vieja casa era señal de vitalidad comunitaria, razón por la que aparece siempre cargada de derechos y de obligaciones recíprocas, cuya epifanía revelaba, precisamente, la ayuda y cooperación a su levantamiento (como la fiesta, plena de traca y alegría, de su remate). Hoy tanto el acto de construirla, como el posterior de habitarla, es una aventura personal, señal de éxito en lejanas tierras, ruptura con la creencia antigua, tan entrañada en las gentes campesinas de casi todo el mundo, de que la suntuosidad, como la riqueza, son cosa en cierto sentido del demonio, algo imposible de lograr por caminos normales.

¹ DURÁN, J.A. *Crónicas-4. Conflictos de hoy, historias románticas y diarios modernos.*

PRAZO DE EXECUCIÓN

Cuestión de tempo

De resulta das nosas pescudas temos comprobado que a construción da vivenda rural contemporánea é ás máis das veces un proceso que se dilata extraordinariamente no tempo. Isto sucede con independencia da modalidade do procedemento constructivo aplicado, autoconstrución, construción industrializada ou mixto.

Apúntase como razón primeira desta ralentización, por veces verdadeira discontinuidade, os efectos dun peculiar sistema de financiamento, baseado na achega, tamén discontinua, de recursos económicos. A este respecto o prazo que os nosos informantes empregaron maioritariamente para rematar as obras das súas casas é de cinco anos, se ben este refírese ó remate das obras maiores da casa xa que as menores, por exemplo a pintura, a metalistería e o completo amoblamento poden demorarse aínda máis. Nestas circunstancias a vivenda soe ocuparse e incluso habitarse aínda antes do seu remate final.

A maior ou menor dilación na execución das obras depende da intensidade do proceso autoconstrutor. De feito cando a duración dos traballos supera os dous anos case sempre é debido a que o emigrante participa activamente na construción. Pola contra, as casas levantadas en prazos moi breves xeralmente foron realizadas enteira-mente por contratistas.

PRAZO DE EXECUCIÓN DA VIVENDA RURAL CONTEMPORÁNEA [

Número de vivendas construídas

Fonte: traballo de campo propio

Prazo de execución	Vivenda promovida por emigrados			Vivenda promovida por non emigrados		
	Arcaizante	Rupturista	Involucionista	Arcaizante	Rupturista	Involucionista
Rápida: < 2 anos	1	2	2	0	1	1
Lenta: de 2 a 4 anos	3	8	2	2	2	0
Moi lenta: > 4 anos	5	18	6	4	4	1
Detida	0	2	1	1	1	0



A prolongación no tempo das obras da casa obriga en non poucas ocasións a habitar o edificio antes do seu remate final.

Arriba: salón dunha vivenda en As Pontes; abaixo: o exterior dunha casa -xa habitada- en Adelán, Alfoz.



Os efectos visuais do que acabamos de explicar maniféstanse con rotundidade no medio rural do noso país, abundante en edificios que presentando o aspecto de estar a medio construír non mostran indicios de actividade recente.

Esta circunstancia por ser un dos efectos máis visibles dos producidos por estas arquitecturas ten sido obxecto da atención de todos aqueles que se achegaron á nosa realidade actual. Traemos aquí como exemplo, o manifestado polo escritor Manuel Rivas quen no seu ensaio novelado *Toxos e flores*¹ pon en ollos dun recen chegado a Galicia o seguinte relato:

...unha das primeiras cousas que me sorprende despois da miña aterraxe en Galicia. Polas beiras das estradas, non en demasía coidadas como correspondería á natural beleza do país, topei con grande número de casas a medio facer. Non, non era o caso que os albaneis fixeran un alto circunstancial, senón que, segundo puiden comprobar máis tarde, moitas destas curiosas construcións semellantes a palafitos levaban así meses e ata anos, a medio facer, con cimentos, tellados, placas e columnas, estruturas baldeiras, con esqueleto pero sen corpo e alma. Contáronme que moitas desas casas inacabadas eran de emigrantes ou de xentes que soñaron e non puideron, ou doutras que paseniño, ladrillo a ladrillo, ían enfiando o seu fogar futuro. Sexa como for, aquelas espidas construcións acadaron para min, co paso do tempo o sentido dunha metáfora global.

Hai tamén outra razón que xustifica a prolongación dos traballos de execución da casa rural. Sabido é que no mundo agrario tradicional a casa labrega era reconstruída e readaptada continuamente. Sendo a vivenda rural galega un organismo acumulativo, a súa arquitectura nacía inconclusa, posto que dende o momento da súa concepción xa se pensaba no seu crecemento e transformación nun proceso sen límites temporais.

De acordo coas informacións que Fernández de Rota e Irimia Fernández² nos presentan no seu estudio sobre a evolución da casa labrega no leste da provincia da Coruña, o carácter acumulativo que tiña a nosa casa vernácula pervive deica hoxe como un dos moitos trazos arcaizantes.

Execución e financiamento

A condición de transterrado determinará unha singular forma de financiamento, baseada no irregular -en cantidade e prazo- das súas achegas, que se realizan co ritmo que impón a capacidade de aforro familiar. Nesta orde de cousas os nosos informantes fannos saber que raramente recorren a fontes externas para o financiamento das súas vivendas.



Estructuras de casas con procesos constructivos detidos. Margaride, Silleda.

¹ RIVAS, M. *Toxos e flores*, p. 71

² FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A. , IRIMIA FERNÁNDEZ, M. P. *Los protagonistas de la economía básica : la vanguardia ganadera y la casa en el este de la provincia de A Coruña*. p. 210

Comprobamos que este peculiar modo de financiamento resulta frecuente entre o común dos promotores de vivendas na Galicia rural contemporánea.

Podemos ver nisto a expresión da inestabilidade vital do emigrante que executa a obra que pode pagar. En consecuencia dende esta lóxica resulta comprensible o fraccionamento da execución da obra en unidades que se correspondan coa capacidade económica familiar.

Das numerosas voces que tentaron e tentan explicar esta peculiaridade traemos aquí a de quen fora arquitecto da Deputación de Ourense nos difíciles tempos da posguerra, Antonio Alex Reilen¹, responsable da reintroducción do movemento moderno naquelas terras e bo coñecedor do noso medio rural

...la psicología del paisano, muy paciente en otros aspectos, es poco en lo tocante a plazos de dinero, ya que por experiencia sabemos no se encuentra tranquilo hasta que no paga de una vez, prefiriendo vender alguna tierra o cualquier cosa para verse libre de la gota inexorable de los plazos o de los intereses, sin olvidar que no realizaría ninguna operación como no fuera contra cosas tangibles.

Máis recente, pero tamén coincidente coa que Reilen escribira cincuenta e cinco anos antes é a opinión de Román Rodríguez² que se explica así

En la interpretación de las circunstancias que originan esta orientación inversora, figuran varios motivos. El primero aparece relacionado al tradicional recelo que el emigrante siente por las entidades bancarias, optándose por una inversión directa en un sector como la construcción que implica poco riesgo, especialmente en este periodo histórico donde el proceso de desarrollo de las villas originaba una demanda de viviendas, siendo la construcción un subsector económico al alza. El segundo está relacionado con el interés del emigrante hacia la construcción o compra de una vivienda para su retorno y/o disfrute de los periodos vacacionales.

Nun contexto caracterizado pola precariedade económica e diante do rexeitamento das fontes de financiamento bancarias resulta frecuente en quen desexa levantar unha vivenda acudir ó auxilio familiar.

Comprobamos que nos máis dos casos esta colaboración limitase á cesión do terreo onde se vai edificar a vivenda ou na prestación de man de obra durante a execución do edificio, como xa dixemos, sendo escasas as contribucións pecuniarias.

Así as cousas, a notable presenza da banca no medio rural de Galicia explicariase en tanto que depositaria dos aforros dos emigrantes e xestora das pensións das clases pasivas.




Bancos e caixa de aforros fan un considerable esforzo para captar o aforro emigrante en divisas.

Na imaxe: inserción publicitaria dun banco español na revista *A Nosa Voz*, n. 19 (xaneiro 1991), voceiro do Centro Galego de Bruxelas, Bélxica. Anuncia a expansión da súa rede naquel país para beneficio do emigrado.

¹ ALEX REILEN, A. "Medios prácticos para la mejora de la vivienda rural". *Congreso Agrícola de Galicia* [1944].

² RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. *La urbanización del espacio rural en Galicia*, p. 175

Un expresivo cartel dirixese ós clientes potenciais dunha oficina bancaria en Melide



Queremos ver tamén no peculiar financiamento unha das razóns que estarían detrás da forte querencia que en xeral manifestan os emigrados pola casa que están construíndo, sentimento que en xeral parece estar máis a flor de pel que entre outro tipo de promotores. Baseámonos para afirmar isto na abundancia entre os nosos informantes de continuas referencias ó esforzo que custou esta ou aquloutra parte da casa e á facilidade con que as distintas fases da edificación son postas en relación con determinados episodios vitais do emigrante¹. Algúns autores van máis aló, querendo ver nesta vía de financiamento o desencadeante da resistencia que ofrecen estes promotores a calquera tipo de control. Nuno Portas² dío claramente "...estos constructores que movilizan todos sus esfuerzos e invierten sus ahorros (en ocasiones, dinero negro) aceptan malamente que los reglamentos les impongan modas y gustos."

¹ Un exemplo: J. A., de Marín, emigrado nunha plataforma petrolífera norueguesa contounos -no contexto dunha ampla conversa- "a vida na plataforma era moi dura pero gañar gañei moitos cuartos, amais non tiña gastos [...] botei alá dous anos e levoumos o casco da casa."

² PORTAS, N. Prefacio de *Maisons de Reve*, p. 1.

O FINANCIAMENTO DA CASA DO EMIGRADO

Número de vivendas construídas

Fonte: traballo de campo propio

Modalidade		Vivenda promovida por emigrados			Vivenda promovida por non emigrados		
		Arcaica	Rupturista	Involucionista	Arcaica	Rupturista	Involucionista
Sen axuda económica externa		6	22	9	7	7	1
Con axuda económica da familia		3	7	2	0	1	1
Con financiamento bancario	reducido (inferior ó 50% do presuposto)	0	0	1	0	0	0
	elevado (superior ó 51% do presuposto e inferior ó 80%)	0	1	1	0	0	0
	total (superior ó 81% do presuposto)	0	0	0	0	0	0

CONCLUSIÓN

A casa do retornado, un edificio que pretende distanciarse da vivenda vernácula preindustrial aínda executándose de acordo con procedementos constructivos contemporáneos, arrastra hábitos e procedementos propios da cultura preindustrial.

Tres síntomas evidencian isto que dicimos. O primeiro é a intervención do promotor no proceso de construción, o segundo, que sexan utilizados os materiais dispoñibles no entorno inmediato do edificio. A dilación no tempo da execución das obras é o derradeiro deles.

Noutra orde de cousas, a utilización de materiais, man de obra e accesorios demóstrase aleatoria xa que a súa escolla pode terse visto afectada por factores do máis diverso, algúns deles tan potentes como os de orde cultural (cambios nos gustos, irrupción de modas...) ou por factores económicos (variación repentina da capacidade económica do promotor, variacións na apreciación dun determinado material...).

A chegada ó mercado da construción da Galicia rural de materiais novidosos, aplicados sen o necesario coñecemento das súas características nin destreza no oficio determinan unha execución de baixa calidade.

A economía da obra, baseada en achegas irregulares en cantidade e periodicidade, agacha unha lóxica que a converte na único posible para xentes en situación de mobilidade vital e profesional. Nesta orde de cousas a fragmentación das fases da obra que se corresponde co método de financiamento que acabamos de expoñer, brinda a oportunidade para que o promotor, os seus familiares e amigos participen activamente na execución da obra, de acordo cos seus desexos por controlar a vivenda que están construíndo.



Primeira fase dun *soño* en Pereiras, Mos.

INTRODUCCIÓN

A mudanza do perfil sociolaboral do individuo é unha das máis coñecidas e estudadas secuelas das migracións sobre a personalidade das xentes. Ós efectos da conformación da casa vivenda, esta circunstancia antóllasenos como elemento determinante.

As estatísticas¹ oficiais dan conta desta realidade: a maioría dos galegos emigrados abandonan a súa actividade profesional de orixe -a agraria- instalándose noutros sectores productivos, principalmente no terciario (comercio, hostalería) ou no industrial (construcción, mecánica do automóbil e da maquinaria agrícola).

A vivenda rural tradicional ademais de soporte residencial, érao da empresa familiar agraria e todo nela parecía estar disposto para esta fin. A este respecto o programa da casa rural contemporánea acusará, como veremos, o abandono da actividade agraria tras da experiencia migratoria.

Será un dos obxectivos do noso traballo determinar o alcance real da referida transformación funcional da casa rural no derradeiro tercio do século XX, comprobando no seu caso, qué trazos sobreviven dos do vello mundo agrario e cómo interaccionan coas novas intrusionas.

¹ Non existen estatísticas oficiais que describan a situación profesional da nosa diáspora tralo retorno. Valémonos, para os nosos propósitos, de estatísticas indirectas, como as que a seguir achegamos:

EXTRACCIÓN PROFESIONAL MOMENTO DA SÚA SAÍDA (1964)	FICACIÓN DOS EMIGRANTES ESPAÑOIS NO		CUALIFICACIÓN PROFESIONAL DOS EMIGRANTES ESPAÑOIS EN FRANCIA (1970)	
	Continental	Transoceánica	Ocupados en empresas de máis de 10 empregados	
Xerentes e directivos	0,2	21,1	Peóns	26,4
Empregados sector servizos	4,7	28,5	Obreiros especializados	36,2
Obreiros industriais	64,3	29,9	Obreiros cualificados	35,4

ORGANIZACIÓN FUNCIONAL DA CASA TRADICIONAL

A vivenda rural tradicional organizábase en tres sectores funcionais diferenciados, correspondentes ós animais, á facenda e ás persoas. A organización destas áreas funcionais e o seu acomodo nos espazos que compuñan a casa -entendida aquí como unidade de produción agraria- realizábase de acordo con criterios de estricte racionalidade. A casa devíña así nunha sorte de *máquina de habitar / producir* na que tódalas funcións e usuarios estaban perfectamente coordinados e organizados.

Así pois o coñecemento das funcións fundamentais da casa labrega -estabulación do gando, dormitorio familiar e preparación dos alimentos (con utilidades derivadas de calefacción e conservación dos produtos alimenticios) non se pode considerar completo sen a detallada descrición das interconexións¹ entre unhas e outras funcións e a súa imbricación cos diferentes espazos domésticos.

Outro elemento que explica a funcionalidade da casa labrega tradicional é o lume que, sempre activo, mantiña viva a casa. O lume quecendo suave pero continuamente o grande pote possibilitaba a cocción dos comestibles para os moradores humanos e animais da casa en tanto os fumes e vapores da combustión espallándose libremente pola cociña e dependencias próximas favorecían o curado e conservación dos alimentos² almacenados. En torno ó fogar, único foco calorífico da vivenda, emprazábanse os asentos -escanos- nos que se desenvolvía o vivir diario da familia, a relación cos seus defuntos³ e tamén a convivencia con calquera veciño que se achegara, que sempre encontraba a porta aberta "deica a cociña".



Vista da lareira dunha casa vernácula. Os escanos dispóñense arredor do lume. Un pescante con cadea [o burro] facilita, nas lareiras de meirande dimensión, a colocación do pote.

Foto: Ksado.

¹ Non querendo ser exhaustivo na enumeración destas relacións traemos aquí, a modo de exemplo, algunhas das máis significativas: os animais situábanse próximos á cociña e á habitación humana de forma que se simplificaba a súa asistencia e vixilancia; os departamentos da facenda segmentábanse en edificacións adxectivas apropiadas para cada finalidade (humido na adega... seca no celeiro... frío na fresqueira... calor no forno...); as dependencias humanas, necesitadas de máxima privacidade e hixiene dipúñanse no primeiro nivel da casa, ... etc.

² Non existindo electrodomésticos que garantizaran a conservación dos alimentos estes eran colocados nos lugares da casa onde se optimizaban as súas capacidades naturais de conservación. Desta maneira cada familia de alimentos -os vexetais (castañas, mazorcas, froitas...), embutidos (xamóns, chourizos, unto...) e lácteos (queixo, manteiga...)- dispúñanse en cadanseu lugar. Os embutidos guindábanse na cambota, sometidos directamente á acción do fume; as castañas estrábanse no aireado e seco caínzo; as mazorcas de millo amoreábanse no ventilado hórreo a resguardo dos ratos; as froitas no seco faiado; o queixo na fresqueira...

³ Tradicionalmente críase que as ánimas dos membros falecidos da familia mantiñanse achegadas ó lume do fogar familiar, por tanto se este se apagara as ánimas abandonarían a vivenda.

Inmediatos á cociña situábanse os locais onde se estabulaba o gando vacún. Unha membrana de madeira, chamada barra, simplificaba através de ocos practicables a alimentación e atención ós animais.

Cabalos, porcos, ovellas, pitas, pombas e coellos ocupaban dependencias de variada nomenclatura (corte, porcariza, cortello, poleiro, pombal...) e de localización axeitada ás características do animal en cuestión.

A morada humana recollíase nun sector da casa que destacaba destacado pola súa limpeza¹ e illamento respecto do mundo exterior agropecuario. A este fin destinábase a primeira planta, denominada *sobrado*. Aquí tiñan lugar tódolos acontecementos simbólicos² da familia -a reprodución, o nacemento e a defunción- de aí que este espacio fora preservado de toda contaminación exterior vetándose o seu acceso a tódalas persoas alleas ó círculo familiar.

Nas contadas dependencias do sobrado dispúñase o escaso mobiliario da vivenda: unhas arcas para gardar a roupa, quizais unha mesa, algunhas cadeiras achegadas ás paredes e camas, en número sempre escaso, de forma que en cada unha delas debían durmir varios individuos.

Pechábase o programa da casa labrega con toda unha constelación de dependencias complementarias, localizadas en construcións adxectivas e especializadas cada unha delas nos amplos cometidos da explotación agrícola. Desta maneira nunca faltan na casa labrega que o precisa un lugar onde almacenar a colleita e os apeiros de labranza (celeiro, hórreo, adega, palleiro...) e tampouco os locais que soportan o desenvolvemento de tarefas complementarias da actividade agraria (alpendre, carpintería, alboio, lagar, forno, forxa...).

Así pois a vivenda vernácula era unha sofisticada máquina, que soportaba como temos dito, outras funcións aparte das meramente residenciais. Castelao³ preséntanola como sé

...dunha institución de dereito consuetudinario, chamada "compañía familiar galega [onde] a familia labrega traballa, para que o seu fogar sexa o centro dun pequeno mundo económico. O ideal labrego consiste en vivir con fartura e vender o que sobra. [...]

¹ Este é un concepto relativo. Debemos advertir que os estándares que indican a limpeza dun ámbito rural non poden compararse directamente cos propios do sistema cultural urbano.

² MANDIANES CASTRO, M. "Los espacios femeninos de la casa tradicional gallega". *Arquitectura Popular en España : actas das Xornadas, 1-5 decembro 1987*, p. 67.

"El sobrado es el comedor de los días de fiesta del pueblo, de bautizos, bodas y entierros y de los días en que la casa hace los trabajos en común; aquí tienen lugar los velatorios de todos los miembros de la casa. Se puede decir que en el sobrado nacen, se casan y mueren todos los de la casa. Los hombres, excepto para dormir, sólo entran al sobrado con la gente de fuera; sólo las mujeres entran a cualquier hora para limpiar y arreglar, sólo ellas conocen todos los rincones y saben dónde está cada cosa."

³ CASTELAO. *Sempre en Galiza*, p. 107.



A casa compúñase de diversas construcións.
Foto tomada de Llano: Razón e construción...

E se a necesidade nos bota polo mundo e chegamos a ricos, mandamos diñeiro para convertermos a chouza natal en pazo farchendoso.

Como resume do que levamos dito valémonos, novamente dunha cita de Castelao. Este no capítulo co que abre a súa novela *Os dous de sempre*¹ describe así a imaxinaria casa da "Tía Ádega":

Dentro está todo fregadiño de sábado, co chán estrado de area de mar, ben peneirada. No apouso de recibir loce o sofá de respecto con funda de lenzo crú marcado cunha gran letra bermella bordada a punto de cruz. Na cociña brila unha chocolateira de cobre, e pola bufarda do vertedeiro óllase sempre o longo pé dunha col que o vento abanea docemente.

O durmidoiro é o "sancta sanctorum" familiar, onde nasceron e morreron os antergos da casa. A vella é a gardadora deste apartamento de nascer e morrer vedado sempre ás olladas profanadoras dos alleos. Alí o mesmo aire ten que entrar a furto. A vella durme no leito en que veu ó mundo: unha cama de buxo retorneado, aburada de silenzos e saudades. A lampariña de aceite asolaga todo nun cheiro morno e misterioso...

A TRANSFORMACIÓN DO ESQUEMA FUNCIONAL DA CASA LABREGA TRADICIONAL

A transformación da casa rural corre paralela coa perda de efectivos no sector agrario. Entendemos que as mutacións habidas no esquema funcional da casa son consecuencia da terciarización que a sociedade rural rexistra nos tres ou catro decenios finais do século. A este respecto a intervención dos emigrantes retornados na concepción e deseño da vivenda aparece como porta para a entrada de forzas que distorsionarán os esquemas funcionais tradicionais xa que se pode establecer unha relación directa entre o abandono da actividade agraria por parte dos emigrados e as referidas mutacións nas súas vivendas.

Este proceso é de intensidade crecente no tempo, de maneira que as variacións con respecto dos modelos tradicionais son maiores canto máis nos aproximamos á actualidade.

Debemos advertir, chegados aquí, que ó proceso antes enunciado, exclusivo nun primeiro momento de individuos emigrados, incorporáranse progresivamente persoas afectadas por forzas transculturais desencadeadas na propia Galicia. A este respecto as mudanzas rexistradas na composición da estrutura laboral da poboación sosteñen esta hipótese.

A variación experimentada polas pautas de utilización do espacio baixocuberta ilustra claramente o proceso de perda das compoñentes agropecuarias do edificio. Este sector destinábase na casa tradicional a almacenar os froitos da colleita, cometido que segue a manterse na primeira das casas contemporáneas, aquela que demos



A utilización de bovedillas de poliestireno estrusionado -xeralizada na década dos 90- mellorará as condicións térmicas do baixocuberta tornándoo habitable.

¹ CASTELAO. *Os dous de sempre*, p. 11 e ss.

en chamar arcaica.

Este invariante distorsiónase bruscamente cando na década dos setenta se desenvolve a casa rupturista, un edificio no que a cuberta por quebrarse, inutiliza o espazo situado no seu interior.

As transformacións proseguen na derradeira das vivendas contemporáneas, isto é, na vivenda involucionista, onde reaparece novamente o espazo baixo cuberta aínda que agora destinado a vivenda humana¹.

A RENOVADA FUNCIONALIDADE DA CASA RURAL

A casa contemporánea de tipoloxía arcaica

O distanciamento dos atributos propios do mundo rural na casa vivenda iniciárase a principios da década dos sesenta. A novidade respecto a momentos históricos precedentes está agora na extensión do fenómeno ó conxunto da sociedade. Isto é, se as forzas socioculturais que desencadearon a principios do século XX o nacemento da quinta indiana interesaron a un reducidísimo e elitista grupo, as transformacións agora en curso estenderanse amplamente na sociedade rural o que sen dúbida é responsabilidade da imposición institucional tanto de ordenanzas hixienistas como de regulamentos de control da edificación.

Estamos, como dicíamos arriba, a inicios da década dos sesenta. Neste momento comezan a chegar á Galicia rural os primeiros retornados do ciclo migratorio contemporáneo. Son individuos que escollerán a aldea natal como lugar de residencia trala reversión da aventura migratoria xa que as cidades, carentes aínda do pulo industrial e comercial que se concretará trala creación dos *Polos de Desenvolvemento*² non atraerán aínda emigración de retorno. A casa contemporánea nace neste momento e faino cun aceno tímido: a interposición na planta terrea da vella vivenda vernácula dun espazo que a modo de esclusa separará a cociña das cortes. Do local que nace agora



Na casa contemporánea arcaica os animais son desprazados a edificacións anexas. Nun momento posterior, estes desaparecen como consecuencia dun cambio de actividade, dándose-lle novos usos a aquelas construcións, como por exemplo garaxe. Casa en Lires, Cee.

¹ Facemos notar que estas transformacións espaciais e funcionais están acompañadas de cambios tecnolóxicos. Así por exemplo só a mellora e o dominio das técnicas de illamento térmico pode facer habitable os faiados; de igual maneira que a utilización de planchas de fibrocemento fan posible solucións espaciais inviables coa tella ou coa lousa.

² Falamos dos *Polos* de Vigo, A Coruña e Vilagarcía, creados en 1964 e doutras figuras e entidades como a Gran Área de Expansión Industrial de Galicia (GAEIG) e a Sociedad para el Desarrollo Industrial de Galicia (SODIGA).

vai nacer a escaleira, xeralmente illada no seu propio recinto. Esta diríxese cara ó sobrado.

O alonxamento do gando do ámbito doméstico, consecuencia da confluencia de normativas hixienistas e das novas necesidades dos usuarios da vivenda campestre, sinala un momento de inflexión de primeira orde na historia da habitación humana en Galicia¹: a formación da casa contemporánea.

Desencadeada a modernización funcional da vivenda esta tardará en desprenderse do lastre da casa tradicional de xeito que nos primeiros momentos, cando a sociedade rural aínda mantiña unha forte vinculación coas actividades agrarias, a dependencia formal é moi alta.

Constatamos a manifestación neste momento de dúas primicias de transcendencia. Estas son, por unha banda a creación dunha habitación destinada específica e exclusivamente a estancia e por outra, a multiplicación dos dormitorios, que agora son asignados ós moradores da vivenda segundo o seu sexo.

Todo este conxunto de innovacións súxírenos a emerxencia de valores ata agora descoñecidos na vida rural. Tales son un incipiente interese polos aspectos representativos da casa e a incorporación da intimidade individual ó conxunto de forzas que van moldear a vivenda.

A casa rupturista

Nun segundo momento, que situamos a mediados da década dos setenta, prodúcese outra forte inflexión² no proceso de transformación da casa vivenda, concretándose na aparición da, por nós denominada, *casa rupturista*. Mais as novidades rexistradas agora son fundamentalmente de índole formal en tanto que o programa da vivenda vai acusar tan só pequenos axustes. Deles o máis notable é a decidida e definitiva expulsión do gando do ámbito doméstico.

A ausencia do gando deixará vacante na planta terrea da casa unha vasta superficie. Sobre esta área, con frecuencia aberta ó exterior, será onde se plasmen os maiores cambios de orde funcional na casa deste período.

¹ A este respecto poñémolo en pé de igualdade co momento rexistrado tres séculos antes cando a consecuencia dos efectos da implantación do millo indiano en Galicia a vivenda terrea devén na casa labrega.

² A transcendencia do acontecemento é comparable á acaecida tres séculos atrás, cando a entrada do gando no recinto doméstico.

Nun reducido pero significativo número de casos descubrimos que estes locais son destinados á domiciliación dunha industria ou dun comercio, sempre de escala familiar se ben, as máis das veces permanecen vacantes, en expectativa de uso. Nisto, unha vez máis, podemos ver a expresión da incerteza do proxecto vital do promotor da casa, que devalando entre os ámbitos rural, industrial e comercial, tardará en concretarse.

Doutra parte temos que facer notar que neste momento entra na casa rural a televisión. Este electrodoméstico amosarásenos moi axiña determinante na organización da vida doméstica.



A planta terrea, xa desvinculada do resto da vivenda, pode destinarse a calquera uso, estea relacionado coas capacidades productivas do medio -como na casa da imaxe da esquerda- ou non, como no outro exemplo.

A esquerda, casa en Lueiro, Negreira. Á dereita outra nunha aldea indeterminada de Boiro. Nesta foto, de Foto de Lalo R. Villar, publicada en *El País*, 10-7-1999, a policía decomisa un alixo de 5000 kg de cocaína.



A casa involucionista

Aínda asistiremos a un último momento de inflexión na traxectoria evolutiva das características funcionais da casa rural.

Esta vez -estamos xa na década dos noventa- o conxunto de forzas transformadoras da vivenda rural galega desencadearán a aparición da *casa involucionista*. Esta, como xa temos explicado, é ostentosa nos seus materiais, volumetricamente aparatosa e funcionalmente complexa.

Sen dúbida esta tardía tipoloxía é consecuencia da prolongación da estadía no estranxeiro do promotor da casa xa que -esto é evidente- aumentan os recursos económicos dos que o individuo dispón e maior é tamén a súa mutación cultural por efecto do dilatado contacto con realidades foráneas.

A máis notable novidade de orde funcional na casa involucionista é a expulsión das dependencias de uso non residencial do ámbito doméstico. Así pois, pasando a estar dedicada en exclusiva a habitación humana, esvaece definitivamente o tradicional concepto da *casa* como sé da empresa familiar.

Temos que dar noticia ademais da incorporación¹ dun novo actor -ás veces con papel protagonista- no espacio doméstico. Este é o automóbil, que agora se apropiará, estacionado, do espacio anteriormente ocupado polas dependencias productivas, o que non deixa de resultar fortemente simbólico.

A posta en valor da área estancial maniféstase na frecuencia con que é organizada en distintos ambientes e incluso na subdivisión en recintos de menor superficie, destinados nos máis dos casos á visualización da televisión e ó estudio.

Por outra banda, a reafirmación dos estándares de intimidade provocará a fragmentación da área de durmir en varias habitacións, agora individuais para cada membro da familia. Neste contexto non resulta infrecuente que incluso algúns destes dormitorios dispoñan de cuartos de baño privados.

NOVAS TECNOLOXÍAS DA CONSTRUCCIÓN E CAMBIOS DE USO NA CASA

A xeralización a partir da década dos setenta do uso dos armazóns estruturais a base de pórticos de formigón armado posibilitará unha liberdade distributiva irrealizable sobre a rixida estrutura a base de muros de carga da casa vernácula. Desvincular a distribución da casa respecto da estrutura que a soporta vai permitir algo ata agora insólito na casa rural: a combinación de habitacións de moi distintos tamaños, dimensionadas e proporcionadas de acordo coas necesidades específicas de cada local.


Desta maneira poden ser incorporados ó esquema distributivo da casa grandes dependencias, por exemplo garaxes ou amplos comedores, xunto a pezas moi reducidas, como despensas ou aseos. Non debemos esquecer ademais que este tipo de estrutura permite unha novidade no seu momento revolucionaria: a planta terrea diáfana.

Outra das posibilidades que abre a utilización deste tipo de estruturas é a de permitir a apertura de ocos para portas e ventás en calquera punto dos alzados, coas dimensións e formas que o promotor considera axeitadas a cada local.



A entrada do automóvil na casa rural provoca non poucas tensións. Na imaxe, curral dunha vivenda tradicional en Adá, Taboada.

¹ O vehículo particular empezouse a integrar na vivenda rural na década dos oitenta. Nos noventa esta intrusión pode darse por xeralizada.



Nesta ilustración preséntanse dúas vivendas unifamiliares estruturalmente diferentes. A superior é unha vivenda de tipoloxía arcaica, levantada dacordo cun modelo estrutural que basea a sustentación sobre muros de carga. A representada na parte inferior da folia, de tipoloxía rupturista, foi edificada segundo un sistema estrutural de pórticos de formigón armado. Na primeira vivenda advertimos a semellanza entrabalas súas dúas plantas en tanto no segundo a característica destacada é a súa disparidade.

Ambas vivendas están detalladamente representadas, respectivamente, na fichas 04 e 30 das do levantamento gráfico que se achega con esta Tese.




A estrutura porticada permite a apertura de ocos en fachada de moi diversa forma e dimensión e incluso a liberación da planta. Esta circunstancia é particularmente apreciada polo constructor da casa rupturista. Á esquerda, casa en Vilaríño, Camabados; á dereita arriba, outra en San Xusto, Coristanco e abaixo a outra en Foxados, Curtis. A casa de Coristanco reproducése na ficha 28 das do levantamento gráfico que se achega con esta tese.

PERMANENCIAS ARCAICAS NA CASA RURAL CONTEMPORÁNEA

O proceso evolutivo seguido pola casa rural no derradeiro tercio do século XX, que ten a súa plasmación na consecutiva aparición das tres tipoloxías aquí citadas, resúmese na progresiva redución das áreas de uso agrícola en beneficio doutras, destinadas a usos ata hai pouco inexistentes no mundo rural.

Compróbase que as casas dos dous primeiros períodos citados permanecen maioritariamente ligadas ás actividades socioeconómicas propias do mundo agrario, circunstancia que se mitiga ata a desaparición nas edificacións máis recentes. En todo caso sempre podemos ler e identificar o desencontro que se produce entre os dous sistemas culturais diferentes, o rural e o urbano, plasmándose en situacións ambiguas que propiciarán a aparición de duplicidades na casa, tal e como explicamos a continuación.



Os cambios no uso dos espazos da vivenda contemporánea aprécianse elocuentemente na sección da casa. Neste gráfico representáanse as seccións ideais da casa vernácula tradicional e as dos tres tipos de casa contemporánea por nós descritos.

Lenda do gráfico: A: espazos de uso agrícola; V: espazos vivideos; R: espazos de reserva; P: estacionamento e adegas

Duplicidades para dous mundos en contacto

Das ambigüidades que detectamos na vivenda rural contemporánea queremos destacar, por expresivas do referido desencontro entre os mundos rural e urbano, ás de orde funcional.

Falamos da presenza no mesmo edificio de espazos, pautas de comportamento, maquinaria e accesorios asociados ós referidos usos, pertencentes ós dous sistemas culturais que se xustapoñen na Galicia rural contemporánea.

Estas duplicidades recoñecémolas tanto nas formas de usar os espazos, como na multiplicación dos accesos á vivenda e incluso na organización das circulacións interiores do edificio.

Tratando de explicar o que levamos dito vémonos impulsados a empezar pola cociña xa que é o lugar da casa onde as duplicidades acadan a súa máxima expresión.

Nesta orde de cousas chama a atención o elevado número de casos nos que, nunha mesma vivenda detectamos dúas cociñas, emprazadas en cadanseu local propio.

Esta particularidade explícase na medida en que cada unha das referidas cociñas atende a pautas de uso [usuarios asistentes, cerimonial asociado, momento de uso, tipo de alimento consumido, etc] específico.

Comprobamos que, en xeral, ámbalas cociñas dispóñense en lugares distantes da casa. Unha delas sitúase na planta terrea, dispoñendo frecuentemente dun acceso directo ó exterior, en tanto a segunda localízase no piso primeiro da casa, nun punto inmediato á zona vivideira.

Diferentes son tamén os combustibles que queiman nos seus respectivos fogares xa que si o da planta terrea consume leña, o outro utiliza o gas¹ butano.

Pero máis alá da anécdota e da inmediata referencia á crecente sofisticación tecnolóxica da vivenda, o que acabamos de describir móstranos as diferentes formas de uso posibles na casa.

A da planta terrea é unha cociña con vocación estancial ó xeito da tradicional. Os bancos e o mesado continuo aquí omnipresentes fálannos da xuntanza distendida cos veciños quen, como sempre, seguen encontrando aquí o paso franco "deica a cociña". Diferente é o uso da súa homónima da planta superior. O amoblamento a base de cadeiras en torno a unha mesa describe un escenario destinado principalmente á inxesta de alimentos.



A emigración descubriralles ós nosos paisanos os electrodomésticos. Na imaxe, anuncio inserido na revista *Galicia Emigrante* do Centro Gallego de Bos Aires, en 1956.

¹ Incluso en casas que dispoñen dunha única dependencia destinada a cociña temos comprobado que, con moita frecuencia, dispóñense fogóns de diversos combustibles.

A este respecto debemos facer notar que en moitas ocasións a cociña vinculada á zona vivideira utilízase no día a día, estando destinada a preparar unha dieta centrada na fritura dos alimentos en tanto que a cociña da planta terrea resérvase para as coccións vaporosas e olorosas e maiormente vinculadas á comensalidade ritual.

Común a ambas é compaxinar, con máis ou menos intensidade, a función estancial coa da preparación e consumo dos alimentos. A naturalidade coa que a televisión -unha ferramenta de aproveitamento do ocio- aparece masivamente nas cociñas da casa contemporánea confirma o carácter estancial desta peza.



Amultiplicidadedecombustibles, autilización da cociña como estancia, o seu completo equipamento e a presenza da televisión quedan patentes nas imaxes que aquí se presentan.

De arriba a abaixo e de esquerda a dereita, cociñas de casas en Cambre, Cambre; A Peroxa, Coles; Seselle, Ares; Presqueiras, Forcarei; Vilamaior, Sárria e A Régoa, Cedeira. Correspóndense coas fichas 16, 26, 04, 31, 58 e 21 do levantamento gráfico que se inclúe nesta tese.



Oureado e lavado desenvólveronse tradicionalmente en instalacións colectivas, afastadas da vivenda. Nas fotos da esquerda e do centro reproducense escenas propias do vello mundo rural. Na da dereita, o seu equivalente contemporáneo, agora no ámbito da vivenda unifamiliar. Aquí conviven a pia tradicional, a lavadora eléctrica e o tendal exterior. Corresponde a unha casa en Cornazo, Vilagarcía de Arousa. A foto da dereita é de José Suárez; a central, anónima.

O coidado do enxoval doméstico e a almacenaxe e conservación de alimentos son outras das funcións da casa que con frecuencia mostran duplicidades como as referidas da cociña.

No primeiro caso lavadoras sofisticadas -ás veces traídas polos emigrados dende os seus países de destino conviven co vello pilón. Da mesma maneira a secadora electrónica non elimina o ourado solar e o tendido no arame. A conservación dos alimentos ten sido asignada na casa contemporánea ó arcón conxelador. Este electrodoméstico desprazou ós procedementos tradicionais de conservación alimentaria. Aínda así os embutidos e certos friames resgárdanse preferentemente dentro da cambota dunha lareira. Quero salientar que boa parte das lareiras por nos recoñecidas foron construídas para atender a esta única fin.

A análise das formas de resolución dos elementos de comunicación vertical na casa rural contemporánea tamén nos revela as tensións derivadas do encontro entre dous ámbitos culturais diferentes e as incertezas vitais dos usuarios da casa.

A multiplicación dos puntos de acceso á vivenda -cuestión polo demais sempre presente na vivenda rural contemporánea- entendémola derivada das xerarquías de uso propias da casa labrega tradicional. A este tenor o establecemento dunha separación entre actividades suxas e limpas era natural na casa vernácula tida conta que nela os animais ocupaban un lugar dentro dos muros do fogar.

Para a nosa sorpresa, temos comprobado que este concepto mantense na vivenda rural contemporánea malia non albergar animais. Tamén na casa rural do Portugal contemporáneo, segunda noticia de Villanova¹ verificase esta cuestión.

A entrada principal -non quere dicir isto que sexa a máis utilizada- ábrese a un pequeno recibidor que enlazando co corredor e no seu caso coas escaleiras, conduce ás diferentes habitacións da casa. Outra porta dispónse na cociña. Esta, a meirande parte das ocasións resulta ser a máis utilizada e ten a consideración de entrada lixosa. Outras entradas ábreanse nos locais de uso non residencial. Unha destas portas sempre é de grande dimensión, capaz de permitir o paso dun vehículo ou de maquinaria agrícola, incluso nas casas que carecen deles.

As comunicacións verticais

Non existe unha solución única para comunicar verticalmente os distintos niveis da casa contemporánea. As respostas por nós localizadas son:

- . Unha única escaleira, exterior.
- . Unha única escaleira, interior.
- . Dúas escaleiras, unha exterior e outra interior.
- . Ningunha escaleira (a topografía do terreo permite a comunicación sen escaleira).

Compróbase que a localización da escaleira na casa está directamente relacionada cos usos e a organización interna que para esta se prevén.

Así por exemplo a disposición da escaleira no exterior do edificio respondería ó desexo de liberar a planta baixa de todo obstáculo que impedira a libre utilización deste amplo espacio, aínda a costa das disfuncionalidades que isto pode provocar nos usuarios, cousa que estes téñennos referido con insistencia e que motivaría, en non poucos casos, a cubrición a posteriori ou incluso a abertura doutra escaleira interior.



A multiplicación do número de entradas é unha constante nas casas contemporáneas de calquera tipoloxía. Casa no Corbillón, Cambados.



O deseño e a posición da escaleira respecto do resto do edificio son obxecto da atención cuidadosa do usuario. Casa en Adina, Sanxenxo.

¹ VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 40.



De esquerda a dereita e de arriba a abaixo: a escaleira exterior pode acadar grande sofisticación e incluso multiplicarse. A necesidade de protexela provoca solucións moitas veces arriscadas. A singularidade da escaleira pode vir tamén da súa posición e dimensión. A escaleira interior -cando aparece- soe illarse do resto do edificio, o que provoca a aparición do portal, unha dependencia propia dos edificios plurifamiliares. Incluso a escaleira interior é obxecto da atención e o esforzo económico. Nas imaxes, casas en Sobrado de Trives, A Pobra de Trives; Bugallido, Ames; Vitriz, Melide; Cerceda, Taboada; Tremoedo, Vilagarcía; Sárria, Sárria; As Pontes, As Pontes e Amoeiro, Amoeiro. A segunda, sexta, sétima e oitava, reproducense nas fichas 01, 57, 48 e 02 respectivamente do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

As múltiples formas¹ que pode adoptar a escaleira dinnos ben claramente que os desexos e a imaxinación do usuario son as responsables do coidadoso deseño desta peza.

A este respecto non nos sorprende que a disposición da varanda da escaleira sexa, con frecuencia, a derradeira acción que o promotor realiza na súa vivenda, para a que reserva o impulso económico final.

Podemos afirmar que a escaleira exterior, xunto cos acabamentos das fachadas son a grande oportunidade que o promotor da vivenda ten para personalizala.

A disposición dunha escaleira no interior do edificio non reflicte necesariamente certeza respecto do uso final do edificio onde se sitúa a vivenda. De feito, en xeral, a escaleira interior será albergada dentro dun local propio -incluso pode ser pechada con portas en ámbolos extremos do seu percorrido- o que pode facilitar a doada segregación funcional da edificación.

Temos que indicar aquí que o ascensor é unha instalación altamente infrecuente na casa rural. Incluso nos edificios de varias plantas, con división horizontal da propiedade. Isto é comprensible na medida en que esta é unha instalación custosa, que esixe moi alta especialización, circunstancias ambas incompatibles coa vivenda rural.

Tan só verificamos a presenza dun elevador nunha vivenda na que un dos residentes era minusválido.



Os acabamentos exteriores e a metalistería respostan a decisións finais que o promotor se reserva para si.
Casa en Cumbras, Sobrado dos Monxes.

COMUNICACIÓNS VERTICAIS

Número de vivendas

Fonte: traballo de campo propio

Elemento	Vivenda promovida por emigrados			Vivenda promovida por non emigrados		
	Arcaica	Rupturista	Involucionista	Arcaica	Rupturista	Involucionista
Dúas escaleiras: exterior e interior	1	5	3	5	3	0
Escaleira interior exclusivamente	5	17	5	0	1	2
Sen escaleira (acceso a nivel terreo)	0	1	0	0	3	0
Escaleira exterior exclusivamente	3	7	5	2	1	0

¹ Temos rexistrado tódolos deseños posibles da escaleira exterior, dos que aquí facemos unha clasificación:

- . Posición respecto do edificio: na fachada principal, nun lateral, centrada, excéntrica, adosada, separada, incluídas no perímetro edificado.
- . Forma de acometer ó edificio: perpendiculares á fachada, paralelas, mixtas.
- . Traza: rectilíneas, curvas, mixtas, zanca única, zanca múltiple.

A casa como seguro de vida

Na vivenda tradicional a polifuncionalidade dos espazos facilitaba as transformacións de uso e no seu caso o crecemento ou decrecemento da casa adaptándose ás necesidades dos seus usuarios. A vivenda contemporánea -en calquera das súas tres tipoloxías- vai manter esta capacidade, que se demostra idónea para familias instaladas en sistemas de vida incertos.

Así pois a necesidade de contar cunha reserva¹ espacial xustificará a disposición na nova vivenda de espazos sen uso previamente definido. Este escenario é visto polo usuario como unha situación transitoria á espera da concreción das indefinidas necesidades familiares, case sempre dirixidas cara á resolución das necesidades residenciais dalgún dos membros da familia.

ORGANIZAR A VIDA DOMÉSTICA: O PROGRAMA DE NECESIDADES

Outra das innovacións deste período é que por vez primeira a vivenda estrutúrase en base a un programa definido antes da súa construción. A este tenor o contraste co modelo de facer tradicional é absoluto posto que a organización da casa vernácula era un asunto que nunca entraba en discusión, moi ó contrario do ocorrido na vivenda contemporánea, onde a concreción do programa de necesidades é obxecto de grande atención e mesmo de acendido debate previo ó inicio das obras.

No programa da vivenda rural contemporánea cada dependencia aparecerá asignada a un uso específico, pre-determinado e único, coa única salvedade da cociña, que segue conservando o seu carácter multifuncional de sempre e das dependencias que, por definición, vanse manter en expectativa de uso. A este respecto debemos recordar que os diferentes espazos que conformaban a vivenda vernácula admitían un uso polivalente² de acordo coas pautas de ocupación dos locais característica da arquitectura vernácula.

¹ A meirande parte dos nosos informantes referíronse a estes espazos como reservas espaciais para dispoñer o aloxamento dalgún membro do grupo familiar necesitado de vivenda. Habitualmente algun dos fillos establece aquí o seu fogar.

² A cociña, por exemplo, alberga a vida diurna, coa diversidade que isto implica (cociñar, comer, estar, atender ás visitas, desenvolver pequenos traballos domésticos) en tanto que á noite moi correntemente podería transformarse en dormitorio para algúns dos fillos.

A referida polivalencia das dependencias da casa tradicional é unha característica común en tódalas culturas de marcada adscrición rural. A este respecto traemos aquí, como exemplo do que dicimos, a descrición que das formas de utilización dos espazos da vivenda tradicional da Medina da cidade de Tunicia fan Santelli e Tournet¹

Les pièces de la maison en Medina étaient occupées de manière polyvalente, et aucune spécialisation en les différenciant entre elles; les chambres étaient à la fois chambre à coucher, salle à manger et séjour. Dans ce type d'habitat populaire spontané, l'évolution récente du mode de vie sous l'influence grandissante des modèles européens au Maghreb s'est manifestée par la spécialisation de certaines pièces².

A FALLA DE USO NA CASA DO EMIGRANTE RETORNADO

A utilización que da súa casa fai o emigrante móstrase como un dos sinais que a singularizan diante doutro tipo de vivendas e de promotores. De entrada debemos advertir que as circunstancias vitais do emigrado dificultaríanlle a plena utilización da vivenda que construíu na súa aldea nai.

Explicabamos anteriormente que o emigrante inicia a construción da casa en canto dispón dun pequeno capital aforrado, proseguindo a obra conforme vai repoñendo os aforros. Diciamos tamén que esta práctica dilata dunha maneira extraordinaria a obra. Así as cousas pode chegar a acontecer -e de feito así sucede- que unha vez concluída a obra os vínculos familiares e laborais que o promotor ten establecido no seu destino obríganlo a permanecer aló, variando o seu proxecto migratorio. Por esta razón unha elevada proporción das vivendas unifamiliares promovidas por emigrados nunca chegan a ser utilizadas de xeito permanente, todo o máis ocúpense durante os períodos non laborais, fundamentalmente as vacacións do verán e as do Nadal.

Este feito atenúase nas vivendas correspondentes ás tipoloxías máis antigas o que se explica na medida en que os seus moradores tiveron máis tempo para organizar o seu reasentamento definitivo en Galicia ou retornaron definitivamente ó acadar a idade do preceptivo retiro renunciando ós vínculos que puideran ter tecido no lugar de destino.



A falla de uso pode manifestarse en calquera fase da edificación. Nas imaxes, unha casa en Pena Folenche, Trives, con claros sinais de non ter sido ocupada en anos malia encontrarse totalmente rematada.

¹ SANTELLI, S. e TOURNET, B. Evolution et ambiguïté de la maison arabe contemporaine au Maghreb : étude de cas à Rabat et Tunis. *Les chiers de la Recherche Architecturale*, n. 20/21, p. 51.

² Os cuartos da casa en Medina ocupábanse de maneira polivalente e non había ningunha especialización que os diferenciase entre eles: eran ó mesmo tempo dormitorio, comedor e sala de estar. Neste tipo de hábitat espontáneo, a recente evolución do modo de vida baixo a cada vez maior influencia dos modelos europeos no Maghreb maniféstase na especialización dalgúns cuartos.

Malia a falla de uso, a casa pode chegar a estar completamente rematada e equipada. Mesmo amoblada e decorada tal e como se fora a ser usada de inmediato. Este aspecto ten sido observado e estudado anteriormente por sociólogos e antropólogos, quen ven aquí a manifestación do soño frustrado, da permanente expectativa por un retorno inmediato que nunca chega. A portuguesa Rocha-Trinidad¹ mostra a súa sorpresa diante dunhas casas que “parecem não ser usadas [mais onde] todos os objectos ocupam o seu lugar certo, impecavelmente limpos e por vezes mesmo cobertos con lençóis.”

OCUPACIÓN DA CASA RURAL CONTEMPORÁNEA						
Número de vivendas						
Fonte: traballo de campo propio						
GRAO DE OCUPACIÓN	Vivenda promovida por emigrados			Vivenda promovida por non emigrados		
	Arcaica	Rupturista	Involucionista	Arcaica	Rupturista	Involucionista
Residencia permanente	6	18	3	3	3	1
Residencia ocasional os fins de semana.	1	5	3	2	1	1
Residencia ocasional en períodos de vacacións.	2	2	6	1	2	0
Sen uso.	0	5	1	1	2	0

CONCLUSIÓNS

No derradeiro tercio de século prodúcese unha fonda transformación da sociedade rural que irá tornando a Galicia nun país cada vez menos vinculado á explotación do agro e máis relacionado con actividades propias doutros sectores, principalmente do terciario. Destacamos tamén o crecemento da acción social do Estado sobre as clases pasivas o que nas provincias de Lugo e Ourense conforma a primeira fonte de ingresos.

O proceso que desembocará na transformación da vivenda rural foi iniciado a principios dos sesenta por aqueles naturais de Galicia que desprazados noutros países mudaron a súa condición labrega por outra, adquirida no es-

¹ ROCHA-TRINIDADE, M. B.: A presenza dos ausentes. *Sociedade e Territorio*, n. 8, p. 52.

tranxeiro.

Estes individuos levantarán no medio rural vivendas conforme a esquemas funcionais renovados nos que as dependencias de uso agropecuario desaparecen.

Aínda así advertimos a pervivencia na vivenda contemporánea de certos usos e costumes tradicionais. Nalgúns casos esta dualidade faise tan evidente que na casa recén construída coexisten elementos propios do réxime de vida agrario cos seus equivalentes contemporáneos de raíz urbana.

En termos xerais estamos con Marie-Pascale Mallé¹ cando afirma que son os modos de habitar a casa os que permiten cualificala de tradicional máis que o seu aspecto ou as súas formas arquitectónicas².

¹ Marie-Pascale Mallé foi directora do *Inventaire général des monuments et des richesses artistiques de la France* na década dos oitenta. Mallé, M. P. Maisons du Nord des Hautes-Alpes. L'habitat rural entre histoire et tradition. *Terrain*, nº 9. 1987. p. 60-71

² Funda esta aseveración no estudo da casa da rexión francesa de Nord des HautesAlpes onde comproba que a única permanencia nesta tipoloxía dende o século XVIII deica mediados do XX son a distribución e o esquema circulatorio que enlaza os tres espazos principais da casa desta rexión: o cortello, o graneiro e a vivenda.

A casa e o seu contorno ben cercado,
no que a vida corría mansiño,
tiña a quentura tépeda dun niño
e as rixidas fronteiras dun estado.

A casa: matria, patria, fundamento
do desacougante drama de existir,
alegre ás veces e outras tristurento.

A casa era pra nacer e pra vivir.
E deixarlle en herdo o último alento
cando á forza, teñamos que partir.

Manuel María
Sonetos á casa de Hortas



Casa en Bastavales, Brión

INTRODUCCIÓN

A complexa natureza do obxecto *casa* a penas se adiviña na variada polisemia do termo¹ e na ricaz fraseoloxía² a el asociada.

A pervivencia deica hoxe destas acepcións pertencentes ó acervo do mundo agrario resulta ben expresiva nun contexto significado pola desaparición de grande parte do patrimonio inmaterial do vello mundo rural.

A nosa sorpresa aumenta ó comprobarmos que a variedade de significados da referida palabra seguiu ampliándose. Todo parece indicarnos pois, que a vivenda rural segue a conservar unha forte carga simbólica. Trátase logo de determinar de qué maneira as achegas foráneas chegadas a Galicia no derradeiro tercio do século XX incidiron na conformación da vivenda rural actual.

A CASA. O LUGAR DO HOME NO MUNDO

Antropólogos e sociólogos coinciden ó atribuírle á vivenda humana unha forte carga simbólica. Collomb e Guibal, Rapoport e Bachelard dedicaronlle vibrantes notas á explicación deste asunto. “La casa -dixo Bachelard³- es nues-tro rincón en el mundo. Es nuestro primer universo. Es realmente un cosmos. Un cosmos en toda la acepción del término.” Para os franceses Collomb e Guibal⁴ a casa é ademais o lugar “donde son expresadas la



A asimilación de símbolos no traxecto migratorio pode expresarse de mil e unha maneiras. Arriba, un calendario da Caja Rural de Lugo comparte, cunha fotografía de Lucerna, a parede da cocíña dunha casa de Adá, Taboada.

¹ Acepcións recollidas no Dicionario da Real Academia Galega.

[1] Construcción destinada a vivenda

[2] Edificio destinado a determinados usos, que non sexan vivir nel

[3] Empresa comercial

[4] Conxunto de membros dunha familia, especialmente se é fidalga, nobre ou real. Sin. *familia*.

[5] Espacio, normalmente cuadrangular, separado por liñas [en táboas, taboleiros, formularios, etc.]

Outras acepcións, non recollidas no dicionario pero vivas no galego coloquial moderno:

[6] Familia que inclúe ós membros vivos e mortos dun mesmo apelido

[7] Conxunto de propiedades, construcións e medios de produción pertencentes a un mesmo propietario

² Vaian a xeito de mostra, esta pequena escolma: *Casa forte*: a que é rica. *Casa petrucial*: a que corresponde ó petrucio ou patriarca da familia. *Bota-la casa pola ventá*: facer gastos excesivos. *Ser de boa casa*: pertencer a unha familia distinguida. *Desfacer unha casa*: arruinala. Etc.

³ BACHELARD, G. *La poética del espacio*, p. 34

⁴ COLLOMB, G. e GUIBAL, J. Représentations vernaculaires de la maison et reproduction des modèles en architecture rurale. *Ethnologie Française*, n. 13, p. 171.

riqueza o la pobreza, el poder o la dependencia, así como la adhesión a una comunidad o a un grupo territorial" concluyendo que "por guardar los tesoros de los días antiguos, la vivienda humana es el relato de nuestra historia." Rapoport¹ ve na casa un feito humano, vendo a súa diversidade non como consecuencia das "...más graves restricciones físicas y de la tecnología más limitada" senón da capacidade de elección, fundamentada nos valores culturais característicos. Esto é

Dentro de las restricciones económicas y geográficas, del todo biológico, físico y psicológico del hombre y de las leyes de los conocimientos físicos y estructurales, hay siempre numerosas elecciones disponibles, en particular porque el hombre tiene una gran "propensión a simbolizar todo lo que le ocurre y a reaccionar ante los símbolos como si fuesen los verdaderos estímulos ambientales". Por lo tanto, las fuerzas socioculturales tienen una gran importancia al relacionar el modo de vida del hombre con el ambiente.

Na análise das forzas inmateriais que modelan a vivenda humana, vémonos na conveniencia de seguir, unha vez máis a Rapoport². Este preséntanos a forma construída como reflexo de moi diversas forzas socio-culturais "las cuales comprenden las creencias religiosas, la estructura de la familia y del clan y las relaciones sociales entre los individuos". Deste xeito explicaríase por qué as solucións espaciais dadas a requirimentos biolóxicos, climáticos ou técnicos semellantes poden diferir dunha cultura a outra. Así pois as formas dos edificios vernáculos deben ser vistas xa non como o resultado dos desexos individuais senón como a concreción dos obxectivos e desexos dun grupo amplo.

Neste contexto, a actitude do arquitecto popular devalará entre a obediencia ós dictados do seu propio gusto e á submisión á orde socialmente establecida. Esto é o que manifesta ó respecto o estudioso da arquitectura popular, Carlos Flores³

El arquitecto popular en su deseo, tal vez inconsciente, de mantenerse dentro de una tradición y por su forma de producir su obra es ajeno a cualquier exhibicionismo, [o que] da lugar, sin proponérselo las más de las veces, a conjuntos armoniosos en los que cada edificio resulta integrado con la totalidad como parte de una unidad superior...
...[Ora ben] junto a este dato de la preocupación por integrarse en el conjunto habría que señalar su absoluta individualidad, la no repetición exacta y literal de modelos, diversidad que podría constituir una de las causas de su apariencia de cosa viva.

As palabras que Flores aplicou á arquitectura popular tradicional -chamémoslle vernácula- resultan en certa maneira acaídas para describir a arquitectura da vivenda rural contemporánea pois xustificarían que unha vez producida a ruptura cos modelos residenciais tradicionais, as novas arquitecturas seguirían a estar dominadas por ámbalas dúas contrapostas servidumes: a da dócil integración no conxunto e o respecto á individualidade.

¹ RAPOPORT, A. *Vivienda y cultura*, p. 67

² RAPOPORT, A. *Vivienda y cultura*, p. 66

³ FLORES, C. Tal como éramos : el carácter de la arquitectura popular. Revista *MOPU*, n. 334, p. 13.

MIGRACIÓN E ADSCRICIÓN DE SÍMBOLOS

De tódalas posibles consecuencias que das migracións se derivan sobre a vivenda humana agora interésannos as adherencias materiais, ben de entrada ou de saída, que poidan acompañar ós nosos paisanos nos seus desprazamentos migratorios. Sabemos que o emigrante arrastra consigo este tipo de *equipaxes* xa que así está descrito na literatura científica. Os Grimberg¹, que estudaron os aspectos psicolóxicos das migracións indícanos que

El arte y la artesanía, la música folclórica, las pinturas o pequeñas piezas de adorno familiares, de los que hemos hablado, tan caros al inmigrante, tienen por objeto afianzar los vínculos de su sentimiento de identidad; acentúan la diferenciación con los lugareños, evidencian la existencia de un pasado (en esa tierra donde el que emigró dejó su biografía) y hacen presente relaciones con personas ausentes que le ayudan a sobrellevar el sentir que en el sitio en que está no tiene raíces, no tiene historia, no tiene abuelos (abolengo), no tiene recuerdos propios.

Neste contexto cabería supoñer, como fai Rapoport² que

...algunos inmigrantes traen consigo su arquitectura e insisten en su uso, aunque, frecuentemente, no sea adecuada a la nueva área en que viven. Sin embargo, el carácter simbólico es muy importante para ellos; es un pedazo del hogar y es, por lo tanto, familiar en términos simbólicos.

A busca dos elementos da arquitectura local que son importados polos emigrados galegos dende os seus lugares de destino na diáspora ofrece unha clara resposta: ningún. Idéntica é a que se lle pode dar á cuestión inversa, é dicir, que partes ou compoñentes da arquitectura de Galicia son levadas consigo polos homes e mulleres desta terra e reutilizados nos seus lugares de destino.

E chegados aquí debemos explicar que moitos son os símbolos que o galego arrastra consigo nos seus desprazamentos a outros ámbitos culturais. É coñecido que os nosos homes e mulleres conseguen proverse das viandas propias de Galicia incluso en latitudes exóticas e distantes³. Tamén se sabe da querencia e apego do galego por outro tipo de símbolos sexan estes a conservación do idioma⁴ propio, a continuidade das actividades folclóri-



Un dos chistes e notas humorísticas publicados na prensa galega a raíz da inclusión no séquito oficial do presidente da Xunta dun container con viandas para agasallar ós emigrados. Gonzalo en: *A Nosa Terra*, 26-10-2000

¹ GRINBERG, L. e R. *Migración y exilio : estudio psicoanalítico*, p. 130.

² RAPOPORT, A.: *Vivienda y cultura*; p. 72.

³ A anécdota que expoñemos a continuación subliña o que acabamos de dicir. Nunha das periódicas viaxes que representantes da Xunta de Galicia destinan ó encontro coa emigración galega, concretamente da realizada polo seu presidente en outubro de 2000 a Bos Aires, os viaxeiros acompañáronse -segundo as declaracións oficiais- dun contedor ategado con 6.000 kg de carne, patacas e verduras da terra, produtos que destinarían á celebración dunha cea colectiva naquela cidade.

⁴ Segundo un traballo de investigación acerca da realidade da diáspora galega na Cuba de hoxe promovido pola Central Intersindical Galega, desenvolto en decembro de 1999, un 7,7% dos galegos residentes naquel país manifestaban falar galego habitualmente. Unha porcentaxe notable tendo en conta que este colectivo leva residindo na illa caribeña un promedio de 60 anos. Estes datos foron publicados en "Vellos que falan galego en Cuba", no semanario *A Nosa Terra*, en 23-11-2000

cas ou na exposición de imaxes da terra.


Debemos salientar que cando se realiza o retorno tamén se importan fitos simbólicos -souvenirs, imaxes, iconas, obxectos, etc- asimilados no lugar de destino migratorio.

Breve noticia gráfica sobre símbolos viaxeiros en Galicia



Emigrantes de hoxe e de onte incorporaron ós seus edificios e empresas símbolos probatorios da súa experiencia migratoria. De esquerda a dereita e de arriba a abaixo: bandeiras de Galicia, Venezuela e España, nun edificio en Oca, A Estrada; *Villa Caribe*, en Brués, Boborás; *Villa Sud América*, en Gondomar vila e finalmente, reprodución dun muíño holandés no xardín dunha casa na serra de Outes. *Villa Brasil*, en Gondomar.

Breve noticia gráfica sobre símbolos viaxeiros na diáspora



Os fillos de Galicia espallados polo mundo levaron consigo imaxes da súa terra. De esquerda a dereita: a vivenda dun coruñés recrea a Torre de Hércules en Higuerote, Venezuela [foto: Juan Méndez Eiras, publicada en *La Voz de Galicia*, 8-10-2000]. Inserción publicitaria do Banco de Galicia en Uruguai promocionando entre os seus clientes huchas con forma de hórreo: "GALLEGO: lleva un símbolo de tu tierra al hogar..."

ORNAMENTO

A necesidade de ornamento

Ben sabe o residente no medio rural que da imaxe da súa casa pódense tirar xuízos de valor sobre os seus ocupantes. A este respecto Martí e Sanmartín¹ dinnos que a casa

... sirve para que la familia que lo habita proyecte en él todos sus deseos frustrados o no, sus contradicciones, impotencias o prepotencias de cara a dar una imagen prefijada que permita la conveniente reafirmación o camuflaje social.

¹ MARTÍ ARIS, C. e SANMARTÍ VERDAGUER, J. El chalet como motivo de proyecto. *Cuadernos de Arquitecturay Urbanismo*, n. 102, p. 6

...lo que está en el fondo del problema es la existencia de unos hábitos sociales inamovibles por lo general, que en muchos casos conviene exhibir y aun potenciar.

Esta compoñente da arquitectura doméstica estaba certamente mitigada na igualitaria sociedade tradicional. Será precisamente o retorno masivo de emigrados un factor que desestabilizará a sociedade tradicional. Unha das forzas que se concretan agora é a desigualdade económica. E serán as tensións que desto deriven as que farán sentir a necesidade da decoración, unha intención tradicionalmente ausente na vivenda vernácula. Isto xustificaría o malgasto decorativo da casa do indiano, aquel individuo que a principios de século conseguira un espectacular enriquecemento nas américas e máis coitadamente, a dos emigrados contemporáneos.

A austeridade da vivenda vernácula contrasta coa confusa, desordenada e case sempre excesiva decoración que exhibe a casa contemporánea. O distanciamento respecto dos estándares tidos como refinados e propios do bo gusto nace, sen dúbida, da ausencia dun modelo intermedio. Neste particular, a experiencia migratoria parece ter xogado un papel determinante, poñendo en contacto -xeralmente con grande violencia- a paisanos de extracción rural cos cosmopolitas ambientes das grandes aglomeracións urbanas americanas e europeas.

O ornamento na vivenda vernácula e na contemporánea

A casa vernácula galega móstrase como dixemos, parca en recursos ornamentais. Estes, no mundo rural son exclusivo patrimonio das arquitecturas pacegas ou das casas poderosas. Aínda así cómpre advertir que o constructor popular esforzouse por impregnar o seu traballo de certa intención artística, tal como podemos ler en determinadas disposicións dos materiais de construción, por exemplo na meticulosa organización do aparello dalgunhas fábricas, na organización dos revestimentos ou na utilización da cor.

Coa vivenda contemporánea asistiremos á renovación do concepto de ornamento. A estes efectos se na vivenda vernácula o decorado tiña por obxectivo expresar o bo gusto de quen habitaba a casa, na vivenda contemporánea o ornamento buscará distinguir a cada usuario do seu veciño, o que as máis das veces levará -a medio da incorporación de obxectos suntuosos- a manifestar xa non o bo gusto do seu dono senón o nivel económico necesario para acceder á propiedade dos referidos obxectos.

Ter residido no estranxeiro brindaralle ó emigrante a oportunidade de inserir na vivenda que promove na aldea natal obxectos alleos ó mundo rural, o que acrecentará o valor simbólico da morada.



Na vivenda vernácula a compoñente visual da arquitectura confiábase á orde das partes. Arriba, medianil revestido de cunchas, ó xeito tradicional nas terras de Arousa.

O modo de facer enunciado québrase na casa contemporánea. Delas as de tipoloxía rupturista utilizan a cor, como por exemplo neste edificio no Cespón, Boiro.

A decoración da nova casa rural descansa sobre un soporte teórico moi elemental. Isto é, na adición de elementos que subministran mensaxes visuais directas, as veces ausentes da arquitectura de autor.



Tradicionalmente a casa revestíase de símbolos que comunicaban mensaxes indirectas. Este mecanismo mantense na casa contemporánea aínda que con formas renovadas. Á esquerda, iconos na porta dunha vella casa na Serra de Outes (Outes). No centro e á dereita, exemplos deste mesmo na súa versión actual. Son casas de Faramontaos, Xinzo da Limia e de As Regadas, Beade.

Temos verificado que a imaxe das arquitecturas domésticas do emigrante acusará peculiaridades específicas en cada unha das súas tipoloxías. En liñas xerais advertimos para o conxunto destas tipoloxías unha clara tendencia a afastarse progresivamente do aspecto xenuíno da vivenda vernácula. A este fin o constructor popular contemporáneo destinará tódolos recursos que poida ter ó seu dispor, fundamentalmente a cor, a forma e as texturas e os valores asociados ó *prestixio* dos materiais.

Neste contexto detemos a atención no estudo da carga semántica asociada á utilización da pedra como material de construción.

A pedra é o material co que se construíu a arquitectura vernácula. Esa arquitectura que o emigrante retornado,



Casa contemporánea construída enteiramente en pedra. Edificio en Dormeá, Boimorto.

xa transculturizado, rexeita.

E aquí iniciase o paradoxo: o material máis prestixiado, e por tanto o que o emigrado tomará para levantar a súa nova casa é a pedra. Falamos do mesmo material pero, eso si, non do mesmo formato xa que se na casa tradicional se utilizou a mampostería, o emigrado vai empregar a cantería ou, cando menos os chapeados que a imitan.

Que a cantería teña sido aplicada no mundo rural tradicional nas fábricas das casa fortes e poderosas xustifica este cambio. Isto é, utilízase o mesmo material se ben tras ter sido sometido a unha mellora do seu valor de prestixio, como nos explica Rapoport¹

Ciertos materiales pueden estar relacionados con los utilizados en un hábitat anterior a la migración y representar, así, reliquias arcaicas.

[...] hemos visto la tenacidad con que se aferran los emigrantes a las formas antiguas de la vivienda en áreas nuevas y esto se refiere también a los materiales. Un buen ejemplo lo encontramos en California, donde los españoles utilizaron adobe, los rusos usaron troncos y los americanos construyeron con armazones estructurales; a pesar de disponer de ella, utilizaron poca madera.

ESTRATEGIAS DO SIMBOLISMO

A dimensión da casa

Característica habitual na mairía das casas contemporáneas do medio rural, promovidas ou non por emigrados é o seu grande tamaño. Esta cuestión non é meramente dimensional, o que podería xustificarse en base a consideracións erradas da dimensión dos espazos. De feito o sobredimensionado detéctase incluso no programa funcional.

Tendo en conta que practicamente a totalidade das vivendas estudadas amosan un programa máis amplo do estrictamente necesario isto fainos pensar nunha actitude premeditada e incluso preconcebida. De feito constatamos esta práctica entre os emigrados retornados incluso en países tan distintos do noso como Australia ou Xa-



A casa contemporánea presenta sempre moito máis volume que a súa equivalente vernácula. No exemplo que se presenta nesta imaxe e dado que a vella casa non foi derrubada (como habitualmente ocorre cando se constrúe a nova) resulta posible comparar as escalas de ambas construcións. Edificio en Renda, Arzúa.

¹ RAPOPORT, A. *Vivienda y cultura*, p. 146.

pón e os seus exemplos traémolos aquí da man de Patterson² e Boyd³. O primeiro cóntanos que as casas construídas no Xapón "...by returning emigrants are large [...] Many show the raised tile chimneys that indicate they we-re built sometime during the Taisho Period, when such fine homes would have been an impossible dream for most Japanese farmers."³ Algo semellante é o que describe o australiano Boyd que aconteceu na illa continente a finais do XIX, neste caso como consecuencia de migracións internas: "...then came gold too suddenly for elegance to survive the avalanche of wealth. It became necessary only for a building to overpower its neighbours by sheer scale and weight of ornament."⁴

Mais as novas casas non son grandes unicamente en volume e superficie. A súa inconmensurabilidade ven, como din Gülsüm e Wong⁵ da súa escala e da durabilidade dos materiais cos que está construída

...through the metaphoric and metonymic inscriptions of the mother (land) onto the architecture of the house, the migrant house as a space of the abject becomes a precarious sort of "projection". The architectural projections of "big" houses are both sustained and maintained by the migrants while at the same time enclosing them. "Big" houses are territorial claims that are spatially excessive in various ways- in scale, in the duration of the materials (concrete, bricks), in security marked by the fence and doors, in ornament (lions and eagles), and in the extreme control of "nature"⁶

encontrando xustificación a esto na ambigua relación que se establecería

... between the migrant's body and the architecture of the house. The migrant's body, a body whose limits are marked by its non representation within the hegemonic culture, is marked by a lack that renders it a fatigued body, a sick body, body in need. The



As vías de expresión do emigrante son practicamente infinitas. Aquí un retornado de Venezuela manifesta a súa querenza por aquela terra na casa que constrúe en Lema, Arzúa, incorporando unha árbore tropical ó seu modo de xardín.

¹ PATTERSON, N. L. Landscape and meaning : structure and symbolism of the Swiss-German mennonite farmstead of Waterloo Region, Ontario. *Canadian Ethnic Studies*, n. 3, p. 122

² BOYD, R. *Australia's home : it's origins, builders and occupiers*, p. 179.

³ "...por emigrantes retornados son grandes [...] Algunhas mostran unhas altas chemineas de pizarra indicando que foron construídas nalgún momento do Período Taisho, cando tales exquisitas casas terían sido un soño imposible para a meirande parte dos labregos xaponeses."

⁴ "...entón chegou o ouro demasiado apresa para que a elegancia sobrevivira a avalancha de riqueza. Fíxose necesario para o edificio sobrepasar ós seus veciños coa pura escala e o peso do ornamento."

⁵ BAYDAR NALBANTOGLU, G. E CHONG THAI, W. *Postcolonial Space(s)*. p. 112.

⁶ Ó través das inscricións metafóricas e metonímicas da nai (terra) na arquitectura da casa, a casa do emigrante, como espacio do rastreiro devén unha precaria sorte de "proxección". As proxeccións arquitectónicas das casa "grandes" son ambas sostidas e mantidas polos emigrantes ó tempo que se pechan nelas. As "grandes" casa son reclamos espaciais, excesivos en diversos aspectos: en escala, na durabilidade dos materiais (formigón, ladrillo), na seguridade definida polo valado e as cancelas, no ornamento (leóns e águas) e no extremado control da natureza.

house is presented as the clean and proper body in which architectural order prevails: gateway, symmetry, front entry, facade. The house gets bigger. It is marked by various architectural excesses while its occupant's body diminishes¹.

Por outra parte a avultada proporción que representa a superficie destinada a circulacións na casa rural contemporánea en contraste coas solucións tradicionais testemuña unha baixa preocupación polo custo da casa.

Este factor ten sido detectado tamén por outros investigadores na nova arquitectura doméstica vernácula, concretamente en dous territorios nos que o fenómeno de construción de vivendas na aldea natal por emigrados retornados ten especial incidencia: Extremadura e Portugal. Reproducimos ó efecto o que di Ávila² da nova arquitectura da comarca de Las Villuercas (Cáceres):

Desde un punto de vista interno también se han llevado a cabo algunas transformaciones y al tipo de estancias tradicionales se añaden otras nuevas, que están en consonancia con los tiempos que corren, tales como los servicios. Pero lo auténticamente novedoso no está en la incorporación de una estancia más o menos, sino en la distribución que se hace de ellas, tomando como referencia la casa en su conjunto.

Los espacios que antes iban solapados unos a otros y que se articulaban a partir de una habitación central, que era el zaguán o la cocina (según la planta en la que nos encontrásemos), ahora se distribuyen en torno a un espacio especialmente creado para ello, de manera que todas las estancias se abren a él aunque entre ellas sigan existiendo pasos interiores. Con este nuevo elemento se "pierde" terreno útil..."

De Souza³ pola súa parte explícanos a situación en Portugal:

La distribution intérieure est totalement différente de celle de la maison rurale traditionnelle. [...]

De l'entrée naît le couloir -espace de circulation desservant les différentes pièces de la maison et assurant ou renforçant parfois la séparation espace diurne/espace nocturne. Cet espace de circulation occupe environ 16% de la surface du premier niveau, ce mode de desserte constituant donc une perte considérable; mais nous noterons que l'émigrant ne raisonne pas en termes de gain d'espace⁴.

Do que levamos dito tírase que a configuración volumétrica da casa contemporánea obedece máis a motivacións persoais inspiradas por modelos culturais que a requirimentos de orde funcional.

Emprazamento e simbolismo

¹ ...entre o corpo do emigrante e a arquitectura da casa. O corpo do emigrante, un corpo cuns límites definidos polo distanciamento da cultura hexemónica, está marcado por unha carencia que desgarrar o seu corpo fatigado, un corpo enfermo, un corpo necesitado. A casa preséntase como o limpo e axeitado corpo no que a orde arquitectónica prevalece: porta, simetría, portal, fachada. A casa tórnase grande. Queda definida por diversos excesos arquitectónicos mentres o corpo do emigrante se reduce.

² ÁVILA MACÍAS, M. A. Arquitectura rural doméstica de la Comarca de Las Villuercas, p. 233.

³ SOUZA, C. Habitat: mode d'expression et symbole social des émigrés portugais; p. 60. *Sociedade e Território*, n. 8, p. 60.

⁴ A distribución interior é totalmente diferente da casa rural tradicional. [...] Dende a entrada nace o corredor -espacio de circulación que comunica as diferentes habitacións da casa e que garantiza, ou ás veces reforza, a separación espacio diurno- espacio nocturno. O devandito espacio de circulación ocupa arrededor do 16% da superficie do primeiro nivel, esta especie de deserto constitúe pois unha perda considerable; sen embargo, decatámonos que o emigrante non razoa en termos de aproveitamento de espacio.



A organización dos espazos a medio do *pasillo* é unha solución espacial que des-traga superficie útil, algo impensable na vivenda vernácula. Casa en Adina, Sanxenxo.

Emprazamento e simbolismo

A forma de localizarse a casa contemporánea no territorio ten moito de simbólica. Isto é polo que non entrando dentro dos obxectivos desta Tese a súa descrición e estudo véxome obrigado -aínda só como aproximación- a facer unha breve reseña do que aquí recoñecemos.

A frecuencia coa que as máis novas casas do rural galaico son localizadas lonxe dos núcleos de poboación existentes está a indicarnos que o aldeán -primeiro emigrado e logo retornado- desconfía da súa reintegración na comunidade nai malia necesitar da súa proximidade para resolver a súa dislocada identidade.



Arriba: casa dun retornado de Portugal en Soutelo de Montes, Forcarei. Trátase dun edificio levantado nos anos vinte. Nas tres imaxes da fila inferior comprobamos outras tantas particularidades que caracterizan o emprazamento da casa contemporánea, xeralizables á práctica totalidade do parque inmobiliario rural. Á esquerda, unha casa en Bouzoa, Taboada, localízase nas proximidades da aldea, á distancia precisa para realizar un achegamento sin integración. No centro outra, en Cornazo, Vilagarcía, onde se moldea o terreo natural para simular unha posición dominante. Á dereita: incluso en edificios asentados sobre o terreo natural, como este de Camiño, Palas de Rei, preténdese simular unha elevación. Recórrese para isto ó uso da cor, dos materiais e ó auxilio dunha escaleira ficticia.

Por outra banda a non menor disposición no promotor emigrado a dispoñer a súa nova morada dun modo preeminente derivado xa da elección dun emprazamento sobresaínte por natureza ou da elevación artificial do terreo fainos pensar na existencia dalgún mito en torno a este feito. Buscando un paralelismo coa forma de implantarse a casa indiana -que pretendía a posición dominante na aldea- colíxese o interese do constructor da vivenda rural contemporánea por repetir aquelas pautas, o que por outro lado satisfai as súas arelas exhibicionistas. Nesta orde de cousas comprobamos que cando o emigrante non ten a posibilidade de edificar sobre unha lomba, levantará unha rampla artificial que a suxira ou cando menos, elevará a súa casa sobre un poderoso zócolo.

CONCLUSIÓNS

Advertimos certas diferencias entre as distintas tipoloxías de casas en canto á expresión dos seus aspectos simbólicos aínda que en termos xerais comprobamos que o emigrante utiliza recursos semánticos de doada lexibilidade para expresar o seu ideario.

O emigrante trasfega -cando sae e tamén cando retorna- obxectos familiares que lle resultan afectivamente significativos para sentirse acompañado e construír un contínuum co seu propio pasado. Deste trasfego quedan excluídos, inexplicablemente, os invariantes arquitectónicos.

A carga simbólica da casa promovida polo emigrante retornado exprésase a través dunha constelación de accesorios e referentes semánticos totalmente renovados respecto dos tradicionais. Outras estratexias do simbolismo -quizais menos explícitas- exprésanse a través do sobredimensionamento da casa e tamén do modo en que é implantada no seu medio, buscando en ambos casos a máxima exposición dos edificios, o que contravén o xeito de facer vernáculo.



A casa contemporánea renuncia ós elementos simbólicos tradicionais buscando outros referentes. Así as cousas o universo simbólico tradicional perde a súa vixencia.
Na imaxe, casa no adro de Zas de Rei, Melide.

anexo 1

O EMIGRANTE DEBUXA A SÚA CASA¹

¹ Boa parte do texto deste anexo presentámola como ponencia no *X Congreso de Expresión Gráfica Arquitectónica*, celebrado en Barcelona, na sé da Escola d'Arquitectura da Universitat Politècnica de Catalunya, en xuño de 2000 baixo o título *El dibujo de los que no dibujan*.

INTRODUCCIÓN

Tal e como xa temos explicado noutro lugar desta tese, o emigrante toma parte activa no proceso de ideación arquitectónica da súa casa.

Encontrabamos explicación a esto na medida en que o emigrado, nun risco de connotacións arcaicas e impulsado polas incertezas derivadas da súa condición de residente ausente precisa manter o control do proceso de deseño da súa vivenda, resistíndose ás prescricións legais que poñen esta misión en mans dos técnicos.

Por esta razón o emigrante verase obrigado a utilizar ferramentas gráficas -igual que calquera outro deseñador- para acompañar ós recursos mentais xurdidos durante o proceso de ideación arquitectónica e que non poden apoiarse só na linguaxe verbal.

Aqui vamos estudar o conxunto de estratexias gráficas que seguen ó proceso de invención de obxectos arquitectónicos por parte de individuos que non sendo profesionais da arquitectura entran en relación con esta disciplina no momento de construción da súa vivenda propia.

Estimamos que se ben os debuxos falan por si mesmos, unha comprensión a fondo nacida dunha análise rigorosa, pode revelar claves que nos faciliten o entendemento do proceso de proxectación das novas vivendas na fin do milenio.

Por outra parte, pretendemos chamar a atención sobre un campo do grafismo arquitectónico: o debuxo dos que non saben nin debuxar nin proxectar. Sorprendentemente esta parcela permanece aínda inexplorada malia a abundancia de traballos científicos que analizan o debuxo de ideación arquitectónica de moitos outros tipos de individuos como por exemplo os arquitectos ou os nenos¹.

Falaremos aquí das relacións entre debuxo e proxecto. Queremos fuxir -como fai Lapuerta²- das aproximacións dende a filosofía, a psicoloxía ou dende a poética; non porque non nos parezan camiños suxestivos, se non sim-

¹ A este respecto citamos aquí dous dos máis significativos traballos editados recentemente en castelán sobre o particular, Lapuerta e Muntañola.


LAPUERTA, J. M. *El croquis, proyecto y arquitectura*. Madrid :Celeste, 1997. MUNTAÑOLA, J. *La arquitectura como lugar*, Quaderns d'arquitectes. n. 13. Edicións UPC, Barcelona, 1996.

² LAPUERTA, J. M. op. cit., p. 38

plemente porque como arquitectos interézanos preferente a xénese do proxecto arquitectónico, deixando para outros especialistas diferentes aproximacións.

Resumindo, a cuestión que provocou este estudio é a de recoñecer se as arquitecturas domésticas promovidas polos emigrantes son como son por que a capacidade gráfica dos seus proxectistas é a que é ou, pola contra, se estes debuxos son como son porque as arquitecturas que representan non poden ser doutra maneira.

Apoiándonos na análise dos debuxos¹ realizados polos propios emigrantes tentaremos encontrar a resposta a este dobre interrogante.



Debuxos dunha casa. Ademais da distribución conteñen información sobre o amoblamento, instalacións, acabamentos e alzado, cunha detallada definición das ventás. Estes debuxos foron realizados por un panadeiro, emigrado na Coruña. Tiñan por obxectivo a realización do proxecto de execución dunha vivenda unifamiliar en Monforte.

¹ Para esto apoiámonos no afirmado por Lapuerta "...nada en las formas gráficas es neutral o transparente y por tanto la propia utilización de las convenciones gráficas y la elección, aplicación prioritaria o el orden de aparición de un determinado sistema de representación, afectarán a la naturaleza de la información que estamos generando". *El croquis, proyecto y arquitectura*, p. 38.

O DEBUXANTE

Vamos pois analizar aqueles debuxos, esbozos e ilustracións coas que os clientes dos arquitectos na Galicia rural acompañan os seus encargos de arquitecturas residenciais. Estes documentos reflectirán tódalas convencións sociais sobre o tema, falándonos do real pero tamén do ideal, nun sistema comunicativo que, como veremos, resulta extremadamente eficiente.

Iniciaremos a análise situando as cousas no seu sitio. Para esto temos necesariamente que definir a cualificación profesional destes debuxantes e certas características das arquitecturas que pretenden.

En primeiro lugar cómpre advertir que os debuxantes son xentes de extracción rural (aínda que sometidos a tensións de procedencia urbana) quen, como consecuencia dun proceso formativo xeralmente insuficiente manifestan fondas limitacións instrumentais para acometer con éxito a realización de debuxos arquitectónicos correctos. E aquí aparece outro dos parámetros que hai que definir -a corrección ou incorrección dun debuxo arquitectónico- xa que se ben dende un punto de vista estritamente disciplinar os debuxos non profesionais dos que aquí tratamos resultan impresentables, dende o punto de vista comunicacional son documentos perfectos. E afirmo esto convencido de que en poucas ocasións poderemos encontrar instrumentos gráficos máis expresivos e sofisticados que estes, nos que ademais de arquitecturas caligrafíanse emocións, ideais e soños.

Tamén resúltanos indiscutible a solvencia técnica destes documentos. De feito malia a súa aparente torpeza serven para establecer a comunicación entre o cliente e o profesional da arquitectura nada máis e nada menos que no acto de construción da vivenda propia (o meirande investimento que o común das xentes realiza na súa vida). Cómpre lembrar aquí, ó fio do que acabamos de afirmar, que a devandita comunicación non sempre se consegue en sentido inverso, é dicir do profesional cara ó non profesional, malia (ou quizais por isto) a utilización no trance comunicativo de debuxos de "calidade".

Insistimos na "idoneidade" destes documentos gráficos non profesionais. Eles son ferramentas esenciais e utilísimas de xeito que lle permiten ós seus realizadores a fixación dos seus proxectos vitais. E isto non é pouca cousa, considerando as presións e incertezas ás que están sometidas os executores destes debuxos tal e como describimos a continuación. Resulta imprescindible salientar que estes individuos están sometidos, na súa condición

de emigrantes a réximes de vida erráticos¹, véndose afectados por tensións multiculturais que provocan neles unha situación de mobilidade cultural, social e mesmo económica. De resultas desta inestabilidade nacen arquitecturas -como xa temos explicado- que tenden a reproducir formas e solucións constructivas xa coñecidas, de aí a súa predisposición a imitar edificios, ou partes deles, xa existentes.

Fronte a esta inseguridade o emigrante, moitas veces afastado fisicamente da obra, precisa mecanismos de control que non lle pode garantir o arquitecto, un profesional recién chegado ó mundo rural e do que non se coñecen as súas competencias reais.

Ante deste estado de cousas resulta razoable que persoas non adestradas no manexo de ferramentas gráficas acometan, como nos manifestou un grupo significativo dos nosos informantes, a ideación e fixación gráfica do proxecto da súa casa antes de acudir ó proxectista legalmente habilitado.

GRAFISMOS PARA ARQUITECTURAS ERRÁTICAS

As variables gráficas das que dispón -segundo Lapuerta²- un arquitecto para afrontar os seus debuxos de concepción arquitectónica son: a figura, a textura, a luz e a sombra e a cor. Sen temor a equivocarnos podemos afirmar que estas mesmas son as que pode utilizar calquera individuo que pretenda a realización deste tipo de debuxos.

Descríbimos agora as formas en que se manifestan as referidas variables gráficas entre os emigrados retornados na súa condición de debuxantes de arquitecturas.

Iniciamos a descrición dos aspectos técnicos destes debuxos advertindo que todo neles -formato, técnica, escala gráfica, etc- se xustifica en consideración a súa doada execución material.



A idea para unha vivenda unifamiliar plasmada nun papel pautado polo seu promotor.

¹ Poucos textos poden expresar mellor o réxime errático da vida dos emigrantes como o que aquí presentamos.

"[Eulalia] Allí en Sobreira [unha aldea da provincia de Pontevedra], pensaba a veces en su casa de Río de Janeiro. Proyectada y construida por Madruga, con la conciencia de una familia en crecimiento. Se jactaba éste de los dos baños del segundo piso, lujo que ninguna casa vecina poseía. Para Eulalia, sin embargo, aquella casa de Tijuca, o cualquier otra, le parecía transitoria. La misma Sobreira era para ella una estación intermedia, que amaba gracias a la presencia de don Miguel. Su estado natural era el de viajera. Dueña de un lugar invisible a simple vista, ignoraba en qué barrio se localizaba. Concentrada apenas en recoger los enigmas esenciales de la fe." Nélica Piñón. *La República de los Sueños*, p. 112.

² LAPUERTA, J. M. *El croquis, proyecto y arquitectura*, p. 38.

De acordo co referido criterio de simplificación extrema, o grafismo tende á evidencia na codificación. Como consecuencia desto a diversidade de significados que cabe esperar dunha liña -seccións e pavimentos, liñas auxiliares, ocultas e accesorias- resólvese nos máis dos casos recorrendo ó seu regrosamento. Isto non impide que, por veces os elementos seccionados podan aparecer raiados ou coloreados, en sinal de recoñecemento da súa distinta cualidade espacial. Dunha maneira tamén elemental, como é utilizando punteados, macizados e raiados nas súas diversas combinacións, ás veces reforzados coa cor, describíense os materiais cos que se construírá o edificio.

Como vemos, o debuxante sobreponse continuamente ás restriccións que na súa capacidade de expresión lle impoñen as limitacións instrumentais.

Así na busca espontánea da expresividade, cando os recursos gráficos escasean, o debuxo complementábase con notas alfanuméricas, amosando entón cotas, cadros de superficies, estimacións económicas, etc. A elevada frecuencia con que estes documentos conteñen descrições de materiais e advertencias a uns e outros -*estreitar aquí, aumentar a ventá, poñer tres enchufes...*- converten ó documento gráfico nunha ferramenta extraordinariamente rica e eficaz no proceso de definición do obxecto arquitectónico.

Non nos sorprende neste sentido descubrir a presenza, case sistemática, da malla estrutural. Unha traza grafada case sempre con rotundidade, quizais como recoñecemento da súa transcendencia na concreción do soño edificado.



O papel opaco, en formatos folio, DIN A4 ou DIN A5, con densidades de entre 80 e 90 gramos por metro cadrado é o preferido por estes debuxantes, o que non nos sorprende xa que se trata do soporte máis común de entre os existentes no mercado.

Desconcerta que o debuxante non se aproveite das vantaxes que lle brindaría a utilización dalgún tipo de papel transparente o que se debe entender, unha vez máis, como un síntoma de desconfianza diante do infrecuente, do inusual.

Para o trazo recórrese a instrumentos elementais, nada sofisticados, de nula preparación e doada adquisición. Desta maneira o bolígrafo e o rotulador de punta fina son as ferramentas máis estendidas. A este respecto queremos facer notar que o autor do debuxo desexa un trazo permanente, inmutable. Por esta razón o lapis non se utiliza ou cando se fai restrínxese ó trazado previo de liñas auxiliares.

Os códigos gráficos empregados reflicten a inmensa variedade do espontáneo e nunca regulado. Onde parece


haber máis concordancia é no referido ós mecanismos que aseguran a precisión do documento gráfico. Aquí a ferramenta habitual nos máis dos casos é o acoutado ou, no seu defecto, a construción do debuxo co auxilio dunha trama reticular, fin para o que o pautado do papel dos cadernos escolares ou o dos papeis milimetrados resulta idóneo e incluso útil á hora de realizar representacións a escala. A este respecto comprobamos que a definición métrica dos espazos constitúe para a maioría dos debuxantes non profesionais un obxectivo central.



A utilización polo proxectista afeccionado de papeis pautados non se segue necesariamente da racionalidade na composición do edificio. Nestas imaxes: debuxos para unha casa a construír en Escairón, O Saviñao, realizados polo propietario dunha tenda de material deportivo radicado en Xenevra.

ARQUITECTURAS PARA DEBUXANTES QUE NON SABEN DEBUXAR

A polémica profesional sobre se o propio debuxo serve para xerar imaxes arquitectónicas ou se realmente o proxecto é previamente ideado e logo simplemente se grafía, encóntrase tamén, coas salvedades oportunas, neste tipo de debuxantes e nas súas arquitecturas domésticas. De aí que tamén podamos facerlle extensiva a súa resposta. Isto é -de acordo coa teoría sostida e defendida por Lapuerta¹ (op. cit., 90)- que o debuxo, na meirande parte dos casos “es un instrumento útil para generar imágenes arquitectónicas” de forma que estas imaxes “no las crea el dibujo, sino que las provoca”.



Os grafismos máis sofisticados correspóndense con individuos de meirande nivel intelectual. Aquí se presentan dúas rudimentarias axonometrías, realizadas por debuxantes con formación universitaria de nivel medio. Ambos debuxos foron enviados por fax dende o extranxeiro ós arquitectos encargados de executar os respectivos proxectos. Correspóndense con casas construídas en Fisterra e Redondela, respectivamente. Comprobamos que o incremento do nivel cultural e o dominio de ferramentas gráficas avanzadas non necesariamente se sigue de arquitecturas sofisticadas ou orixinais.

Tal e como temos explicado noutro lugar desta tese, no proceso de deseño da casa do emigrante retornado participan o propio emigrante, un técnico e ás veces outros axentes.

O grao de intervención duns e doutros, e sobre todo, a orde na que interveñen provocarán diferentes procesos

¹ LAPUERTA, J. M. *El croquis, proyecto y arquitectura*, p. 90.

proxectuais. Aínda así o resultado final será único¹. Isto debe entenderse como consecuencia da singularidade do propio procedemento de deseño arquitectónico no mundo rural da Galicia contemporánea onde, de acordo cun modo de facer arcaico, as respostas arquitectónicas individuais prodúcense por adaptación dun tipo, admitido e recoñecido pola colectividade.

Neste singular proceso de deseño, os materiais, as solucións constructivas, o modelo estrutural e incluso os esquemas das instalacións, son coñecidos por todos, restando tan só por determinar o específico -as esixencias da familia, o tamaño do obxecto e certos pormenores derivados da implantación do edificio no terreo.

O debuxante da casa contemporánea -sexa este quen sexa- deberá adaptarse a este proceso de axuste ó modelo no que todos están previamente de acordo. Rapoport² explica e xustifica así:

Se empieza con el croquis más simple, los rasgos generales se añaden y se elaboran los detalles y se hacen los ajustes durante el proceso. Al principio, el croquis está en la imaginación y hasta la ejecución comprende el uso de principios aplicables a todos los edificios; también la forma se ajusta a unos problemas dados y a los medios disponibles sin esfuerzos estéticos *conscientes* o intereses estilísticos. Estos edificios se basan en la idea de que una tarea común debe ejecutarse del modo más simple, directo y menos molesto posible. Esto sólo puede suceder en una sociedad ligada a la tradición, donde los cambios que tienen lugar ocurren dentro de una estructura de una herencia común dada y una jerarquía de valores reflejada en los tipos de edificios.

Neste contexto a única contribución do arquitecto que a comunidade rural vai apreciar del é o seu dominio das ferramentas gráficas.

CONCLUSIÓN

Se tradicionalmente os debuxos de arquitectura se viñan clasificando en dúas categorías -profesionais e lúdicos- os que aquí presentamos sitúanse, con tódalas reservas das que vimos expoñendo, nunha posición limítrofe entre ambas categorías. De feito nestes documentos conviven o onírico co realista.

Así as cousas, a veciñanza nun mesmo documento de informacións pertencentes a ámbitos diferentes pode lerse por exemplo naqueles "planos" nos que as cores dos paramentos, as cortinas das ventás e as curvas dos balagustres torneados son representados e definidos co mesmo rigor co que se rexistran as cotas, a posición das viguetas do forxado ou a distribución dos enchufes dunha planta.


¹ Temos comprobado que non existen diferencias significativas entre as arquitecturas proxectadas polos distintos axentes proxectistas dos que aquí temos falado.

² RAPOPORT, A. *Vivienda y cultura*, p. 15.

Ningún prexuízo freea ó debuxante non profesional cando trata de expresar as ideas coas que moldea a súa casa soñada. Nos torpes trazos realizados con bolígrafo ou rotulador escolar sobre follas pautadas encontramos un mundo sen exhibicións gráficas superfluas, sen ruídos. Ponse en evidencia aquí certa actitude intelectual no debuxante quen aínda marxinado das vías comúns da expresión gráfica arquitectónica satisfai certamente as súas necesidades de comunicación neste campo.

En termos puramente instrumentais a calidade do debuxo arquitectónico realizado por individuos non profesionais antóllasen como un tema menor. Non pretendemos aquí avaliar a capacidade gráfica de xentes que non teñen por qué tela. O verdadeiramente interesante destes documentos é a carga emocional e afectiva que os impregna. A este respecto xa Bachelard¹ falando do debuxo que os moradores da casa fan da súa vivenda, advirtenos que ese debuxo “es un documento duro y estable que señala una biografía”. Posteriormente engade (Bachelard, 104) que “toda gran imagen simple es reveladora de un estado del alma. La casa es, más aún que el paisaje, un estado del alma. Incluso reproducida en su aspecto exterior, dice una intimidad.”

Así pois, e como resposta á dobre cuestión proposta por Lapuerta² [¿debúxase o que se sabe construír ou pola contra, constrúese o que se sabe debuxar?] coa que iniciabamos a presente reflexión, comprobamos que a conexión biunívoca que se establece entre o mundo das ideas e o do debuxo, cando un home ou unha muller grafían o proxecto da súa vivenda resgárdase no insondable silo da mente humana.



Os intereses do debuxante aficionado son moi diversos, encontrando sempre o documento axeitado onde plasmarlos. En xeral a planta vehiculiza o control dimensional e o alzado o coidado polos aspectos materiais do edificio.

O autor destes debuxos traballa como vendedor de coches nun concesionario en Madrid e pretende realizar esta vivenda na súa aldea natal no concello de Foz.

¹ BACHELARD, G.; *La poética del espacio*; p. 81

² LAPUERTA, J. M. *El croquis, proyecto y arquitectura*, p. 83.

anexo 2

**AS DEPENDENCIAS DA CASA RURAL CONTEMPORÁNEA
FUNCIÓNS E AMOBLAMENTO**

INTRODUCCIÓN

Acometemos aquí a análise do programa da casa rural contemporánea. Ó mesmo tempo estudiamos as relacións que vinculan o programa da vivenda coa súa organización espacial. Como recurso analítico complementario acudiremos con frecuencia á comparación das formas de utilización dos espazos da casa actual cos seus equivalentes -cando existan- na casa tradicional.

Para a realización deste estudo e ós efectos de simplificar o noso traballo fragmentamos o complexo programa da tipoloxía que nos ocupa de acordo coas distintas familias de funcións que acolle, tal e como se indica a seguir

Funcións que se acollen na na casa rural contemporánea		Dependencias da casa rural contemporánea onde se desenvolven
1	Relación	Recibo, salón, <i>salita</i> , galería, balcón
2	Preparación, consumo e almacenaxe dos alimentos	Comedor, cociña, despensa, adega
3	Descanso	Dormitorios
4	Hixiene e coidado do corpo	Cuarto de baño, lavadoiro, tendal
5	Actividades relacionadas coas capacidades productivas do medio	Almacéns: da colleita, dos apeiros de labranza e da maquinaria agrícola, a corte, o galiñeiro
6	Actividades productivas non agrarias	local comercial, local industrial
7	Outros usos non vivideiros	Garaxe, espazos para o ocio: sauna, barbacoa, forno, taller; espazos de reserva.

O noso estudio diríxese ó recoñecemento dos espazos, non entrando na valoración das xerarquías de uso. A este respecto debemos advertir que o espazo máis *importante* non necesariamente é o máis utilizado. Complexos factores psicolóxicos e sociolóxicos perturban¹ o esquema funcional de tal forma que a súa correcta comprensión esixe unha preparación disciplinar impropia dos arquitectos.

¹ Desta maneira espazos aparentemente moi importantes, por dimensión e posición -como por exemplo o salón de uso ceremonial- poden ser os menos utilizados da casa.

ESPACIOS PARA A RELACIÓN

O recibidor

O recibidor é unha dependencia que ten por finalidade asegurar a independencia da vivenda respecto do mundo exterior. Non ten un equivalente na casa vernácula tradicional.

Este espacio recibe moi diversas denominacións: *recibidor*, *recibo*, *hall* (pronunciado *jol*) e mesmo *portal*. A non fixación dun termo na lingua coloquial para denominar este espacio doméstico expresa ben ás claras o carácter novidoso e aínda ambiguo da peza. Dúas das designacións referidas resultan especialmente significativas: unha é a de *hall*, unha palabra importada non sabemos ben se do mundo inmobiliario urbano ou se procede directamente do estranxeiro. Outra igualmente significativa é a voz *portal*, empregada por moitos dos nosos informantes. A devandita voz confírelle unha inequívoca filiación urbana a este espacio.

O recibidor, como dixemos, non existía na vivenda labrega vernácula xa que no sistema cultural tradicional a esclusa entre os mundos da familia e o da colectividade non se establecía no punto de acceso á casa. Este punto estaba aberto incluso fisicamente a calquera veciño que podía acceder sen limitacións “ata a cociña”. A barreira da intimidade, que resultaba certamente infranqueable, establecíase na escaleira de acceso ó sobrado, nivel onde se situaban os dormitorios e a sala nobre.

O éxito¹ do *recibidor* entre os constructores de vivendas no derradeiro tercio do século expresa a intensidade que ten acadado no medio rural o proceso de transformación das pautas de comportamento social en canto á introversión da vivenda, tamén evidenciado na expulsión das actividades sociais que tradicionalmente eran acollidas no ámbito doméstico cara espacios afastados dela como o bar, o pub, a discoteca, o centro social e incluso o hospital, o asilo ou o tanatorio.

A influencia dos esquemas funcionais propios de edificios plurifamiliares emprazados en medios urbanos ten sido a razón desencadeante da disposición dun recibidor en boa parte dos casos que temos estudado. Tal parece desprenderse da elevada frecuencia coa que nos encontramos nos accesos ás vivendas unifamiliares, esclusas conformadas por unha caixa de escaleira illada, en recinto propio, a semellanza da solución que é propia dos portais dos edificios residenciais plurifamiliares.

¹ A inmensa maioría das vivendas dos nosos informantes, principalmente as correspondentes ás tipoloxías rupturista e involucionista dispoñen desta dependencia.



O illamento da escaleira nun local propio é unha solución amplamente estendida na casa rural contemporánea. Un efecto secundario é a aparición do portal. Nas fotos: portais e escaleiras interiores das vivendas en A Peroxa, Coles; As Pontes, vila e San Amaro, vila, das representadas nas fichas 26, 48 e 55, respectivamente, do levantamento gráfico que se achega con esta tese.

Salón

O salón é na casa rural contemporánea unha dependencia de grande dimensión, estando frecuentemente situado na fachada principal do edificio, onde se abre con grandes ventanais, evitando outras orientacións.

Amoblado con luxo e profusamente decorado en contraste coas restantes dependencias da vivenda, o seu réxime de uso resulta certamente singular por canto unicamente é utilizado para acoller ás visitas máis cerimoniais¹ ou albergar ás celebracións rituais da familia. A este respecto o salón da casa contemporánea mantén as características de representatividade e de uso que na casa tradicional tiña -cando existía- a sala.

Villanova² preguntándose sobre a orixe desta dependencia da casa contemporánea do Portugal rural "Serait-ce une reproduction miniaturé du salon de la maison de maître ou, mieux, une copie des salons des maisons urbai-

¹ Por exemplo, a petición de man dunha filla ou o velorio dun defunto.

² VILLANOVA, R. LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 144.

nes standard?"¹ deixa entrever a posibilidade dunha contaminación dende a vivenda urbana, que no caso galego intuimos improbable. As grandes diferencias que existen entre os salóns dun e doutro tipo de moradas confirman o que dicimos. Isto é, na casa urbana o salón constitúe en termos de uso o cerne da vida doméstica, en tanto que na emprazada no medio rural aquela é unha dependencia de escasa utilización limitándose a acoller as relacións co estraño ou a albergar a recibir unha visita especial, tal e como nos explica Mandianes Castro²:

Algunas casas [rurais] tienen sala. De sus paredes cuelgan las fotografías de los antepasados. En el centro hay una mesa con algún sillón alrededor y, en la pared del fondo, frente a la puerta de entrada, una especie de oratorio u hornacina, donde está un Cristo o la imagen de algún santo de devoción; a veces están los dos. Aquí no duerme nadie y casi nunca se entra, sólo se utiliza para los velatorios y para enseñar a las visitas...

A introducción dun salón no programa da casa rural contemporánea semella ter a súa verdadeira orixe na imitación da peza homónima das casas acomodadas localizadas tanto no mundo vilego como no propio entorno rural, tal por exemplo a rectoral ou a casa grande. Tras deste proceso arquitectónico estaríase ocultando o desexo do campesiño -ascendido no escalafón socioeconómico local trala migración- por dispor na súa vivenda dun salón como proba inequívoca do referido cambio social.

Así as cousas podemos entender que o salón comedor forme parte do programa residencial dende os primeiros momentos do proceso de aparición da nova casa rural galega alá polos comezos da década dos sesenta tal e como anunciaba, en 1966, Ferrín³ "...la sala de las antiguas viviendas hoy casi ha desaparecido, surgiendo el salón-comedor, el cual antes no existía por estar absorbido por la cocina."

A disposición do salón na fachada principal do edificio é unha decisión moi estendida, case universal. Na medida en que contraría outros factores -vistas, asoallamento, privacidade, organización da planta, etc- estamos en condicións de afirmar que a disposición do salón en tal lugar obedece a un premeditado desexo de exposición ó público.

¹ ¿Será unha reprodución en miniatura do salón da casa do señor ou, mellor, unha copia dos salóns das casas urbanas estándar?

² MANDIANES CASTRO, M. "Los espacios femeninos de la casa tradicional gallega". *Arquitectura popular en España : actas das xomadas*, 1 - 5 decembro 1987, p. 62.

³ FERRÍN MARTÍNEZ, R. La vivenda en las zonas rurales del litoral de la ría de Vigo. *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, n. 19/20, p. 124.



O salón recibe as máximas atencións do usuario da casa, expresada nun coidado amoblamento e nunha sofisticada decoración, inusual noutras dependencias domésticas. Nas imaxes, de esquerda a dereita: salóns de casas en Tamagos, Verín; O Barco, vila e Cambre, vila. A súa representación gráfica achégase nas fichas 62, 14 e 16 do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

Esta característica tamén ten sido detectada por Villanova¹ nas novas vivendas levantadas polos emigrados en Portugal. Estas investigacións conclúen que "... pour marquer son cachet urbain, l'orientation du séjour donne presque toujours sur la rue²".

O uso desta dependencia restrínxese, como dixemos, ás ocasións cerimoniais. Así as cousas, tal e como nos refiren os nosos informantes, tan só chega a ser utilizado en xornadas moi significativas que raramente son máis

¹ VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 144.

² "... para marcar o seu selo urbano, a sala de estar case sempre está orientada á rúa".

de media ducia de días por ano, permanecendo o resto do tempo cerrado e incluso por veces os seus mobles cubertos por sabas. Nestas apreciacións coincidimos con Villanova¹ en que o comedor é un espacio de prestixio, somentes utilizado os días de festa daí que como centro da vivenda burguesa sexa o lugar onde están expostos os obxectos máis caros da casa.

Salita

As características -dimensión, decoración e amoblamento- do salón varían dunha a outra tipoloxía de vivenda rural contemporánea.

A este respecto advertimos a grande complexidade que acada o espacio destinado a salón nas casas máis recentes, correspondentes á tipoloxía involucionista. Aquí esta dependencia pode chegar mesmo a fragmentarse en subespacios que acollen algunhas das variadas funcións do salón. Nacen así a *sala da televisión*, o *comedor*, o *estudio* ou a *sala dos nenos* como espazos diferenciados, moitas veces confundidos baixo a denominación común *salita*.

A chegada da televisión ó ámbito doméstico -e máis aínda a aparición de fórmulas de ocio asociadas o seu uso- ten provocado a disposición de locais destinados exclusivamente ó visionado deste electrodoméstico.

Nas imaxes, de esquerda a dereita, salitas de televisión en casas da Pastoriza, Arteixo e Tállara, Lousame. A súa representación gráfica achégase nas fichas 07 e 33 do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.



¹ VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 144.

A galería

Presente dende sempre na arquitectura vernácula, a galería é unha dependencia de dobre funcionalidade xa que por unha banda constitúe un excelente recurso para garantir o acondicionamento térmico do edificio e ó mesmo tempo forma unha singular estancia que, en virtude da transparencia da maior parte dos seus paramentos participa dos beneficios do entorno exterior da vivenda e do protexido ambiente doméstico.

A galería, cristalización de vellos costumes, persiste na nova casa rural se ben -ó igual que ocorre con outros invariantes- agora móstrase parcialmente transformada para evidenciar a aceptación da contemporaneidade polo usuario.

A transformación da que falamos deturpará a significación tradicional desta peza. A galería da casa contemporánea xa non é a dependencia abrigosa, colchón térmico na fachada máis quente do edificio. Agora a galería perde a súa funcionalidade transformándose en simple solución formal xa que detrás dela non se levanta o pesado muro que outrora se interpuña á radiación solar.

O balcón

O balcón móstrase como un dos sinais externos de identidade da nova casa rural galega.

A súa expansión ten lugar na segunda metade da década dos setenta o que debe ser visto como contribución dos emigrados retornados naquelas datas que, na súa maioría tiñan por orixe terras tropicais, basicamente Venezuela e Brasil. Lembramos aquí que nestes países o balcón está sistematicamente presente nas arquitecturas locais para protexer ás fachadas da forte insolación.

O uso que se lle dá na casa aldeá de Galicia a esta novidosa peza é escaso, recoñecen sistematicamente os nosos informantes, atribuíndolle esta circunstancia á climatoloxía galaica que, coas choivas e o frío fan do balcón un espacio sen proveito. A este respecto cómpre lembrar que na nosa arquitectura popular tal elemento estaba presente tan só nas arquitecturas das áreas costeiras e, en todo caso, o constructor popular raramente esquecía protexelo cunha cuberta e localizalo nas fachadas do edificio menos batidas pola intemperie.

Nesta orde de cousas comprobamos que na casa contemporánea -nun significativo número de casos- os balcóns son obxecto nun momento posterior á súa construción do cerramento dos seus paramentos. Desta maneira conséguese un sucedáneo de galería, que se ben polas súas dimensións non acada a condición estancial destínase a outros usos tal como tendal, secadoiro de froitos e, con moita frecuencia, vía de acceso ó fogar.



A galería como espacio de transición entre o interior e o exterior do edificio está practicamente ausente da vivenda rural contemporánea. A súa imaxe -coa denominación tradicional- emúlase con muros cortina. Na foto: vivenda para unha familia polinuclear; Córcomo, Vilamartín de Valdeorras. O seu levantamento gráfico achégase na ficha 67 das do conxunto de painos que acompañan a esta tese].



O balcón en moitos casos continúa a formar parte do sistema de acceso á vivenda o que é un claro invariante arcaico.

Casa en Meixide, Palas de Rei.



A disposición do balcón na casa rural contemporánea -particularmente na de tipoloxía rupturista- prescinde da relación desta peza co asoallamento, como sucede na casa da esquerda, ou da presenza de vistas, como ocorre no outro caso. Casas en Damil, Xinzo de Limia e Cela, Mos.

DEPENDENCIAS DESTINADAS Á PREPARACIÓN, CONSUMO E ALMACENAXE DOS ALIMENTOS

Comedor

Na casa rural contemporánea aparece unha dependencia, inexistente na casa tradicional, vinculada á comensalidade¹ ritual. A este respecto debemos lembrar que na casa vernácula os alimentos consumíanse no mesmo lugar onde se realizaba a súa preparación.

¹ A comensalidade ritual é un asunto característico da vida social no mundo rural de Galicia. As súas orixes remóntanse á noite dos tempos. Así nolo recorda Castelao, quen en *Sempre en Galiza*, p. 346, reproduce unha Orde dos Reis Católicos dirixida ó Reino de Galicia coa que se intentaban controlar os excesos propios da comensalidade excesiva. Polo seu interese reproducímola literalmente:

"... sepades que Nos somos informados que en ese dicho Reino los caballeros, escuderos e hidalgos e labradores e outras personas cuando habedes de casar vuestros hijos e hijas, hermanos e hermanas, criados e criadas, o cuando han de recibir bautismo vuestros hijos o cuando algún clérigo quiere cantar misa nueva o cuando haceis alguna cosa nueva, convidais para los tales autos e fiestas a muchos hombres e mujeres [...] en los cuales autos y fiestas diz que se hacen en esto mayores gastos de los que buenamente pueden sufrir e se hacen pobres o menesterosos... e porque todo esto redunde en deservicio de Dios e Nuestro e daño de los pueblos e de la república de ese dicho nuestro Reino [...] mandamos que no sean osados de llamar ni convidar para los tales autos e fiestas salvo los parientes e parientas e afines dentro del tercer grado".

O comedor é pois outra das novidades que acompañan á casa rural contemporánea. A máis rechamante desta nova dependencia é a súa grande dimensión. Estamos, en xeral ante un local moi amplo, capaz para albergar simultaneamente á totalidade dos moradores da casa, incluso ós habitualmente ausentes e a un crecido número de invitados, reunidos arredor dunha pantagruélica comida. A este respecto constatamos que a dimensión do comedor pode acadar proporcións asombrosamente notables xa que o seu dimensionado realízase en función da magnitude do grupo. A grande dimensión desta dependencia contrasta co escaso uso que se fai dela xa que como dicíamos, o comedor, cando existe, destínase exclusivamente ás referidas cerimoniais de comensalidade ritual.



Comedor ceremonial nunha casa en Vilamaior, Sárria. A súa representación gráfica achégase na ficha 58 do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

Resulta difícil encontrar argumentos que xustifiquen a presenza desta enorme dependencia na vivenda rural contemporánea. Comparando as oportunidades nas que a familia xunta ós seus nun grande xantar, co día a día resulta evidente que as primeiras son escasas. Chegados aquí deducimos que tan só unha alta estima polas celebracións festivas xustifica a importancia que se lle outorga á hora de organizar a distribución da casa.

A conformación desta dependencia é diferente en cada unha das distintas tipoloxías da casa contemporánea. Así as cousas, na primeira delas -a arcaica- o espazo destinado a comedor podía soportar varios usos, por exemplo o de garaxe, almacén ou trasteiro fóra das ocasións nas que a reunión familiar o precisaba. A situación cambia por enteiro andando o tempo de maneira que na máis recente das casas -a involucionista- o comedor conseguirá instalarse nun local de uso exclusivo.



O comedor, cando se encontra nun local independente do salón, recibe tanta atención e coidado como aquel. Na imaxe, comedor dunha casa en Tállara, Lousame. A súa representación gráfica achégase na ficha 58 do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

A cociña

A vivenda tradicional da Galicia rural respataba nidiamente ó seu destino como sé da empresa familiar agraria. De acordo con esta premisa os espazos da vivenda que non se destinaban a habitación eran lugares de traballo. De entre eles o máis utilizado era a cociña, que se configuraba como auténtico corazón non só da familia senón incluso da propia explotación agraria.

Os colombianos Fonseca e Saldarriaga¹ -estudiosos da vivenda rural naquel país- describen un cadro que é idéntico ó da casa vernácula galega:

La preparación de alimentos en el medio rural es una actividad esencial y es el apoyo indispensable de las labores agrícolas. La importancia de la cocina no es entonces gratuita sino, por el contrario, muy justificada. [...] el trabajo de las mujeres se relaciona con esta actividad y con todo el complemento de lavado de ropas, de cuidado de los hijos infantiles y, ocasionalmente, con labores de procesamiento de productos o de producción de objetos artesanales. El espacio de trabajo se extiende por los corredores y por los espacios exteriores de relación, sin que hasta ahora se hayan encontrado espacios exclusivamente dedicados a esas actividades, fuera de las cocinas.

Estes poderosos antecedentes provocarán que a cociña da casa contemporánea tarde en desprenderse da súa memoria histórica malia a magnitude dos cambios que sacoden ó mundo rural no derradeiro tercio do século XX.



Frijo, televisor e chinero: tres elementos incorporados á cociña da casa en distintos momentos da contemporaneidade.

Cociña dunha casa en Adá, Taboada. Os seus propietarios permaneceron emigrados en Lucerna, Suíza dende 1972 a 1989.

¹ FONSECA MARTÍNEZ, L. e SILDARRIAGA ROA, A. La arquitectura de la vivienda rural en Colombia. *Summarios*, n. 65/66, p. 47.

Nesta orde de cousas, a saída da muller¹ cara a un ámbito laboral situado extramuros da casa, a escolarización dos fillos, a irrupción de novas tecnoloxías na preparación e almacenaxe dos alimentos, as mudanzas na estrutura familiar e mesmo a transformación dos hábitos de alimentación non teñen máis que erosionado levemente a configuración tradicional da cociña da casa rural.

Se as pautas de uso da cociña contemporánea seguen a ser basicamente as da cociña tradicional, as grandes diferencias serán as de orde tecnolóxica. Desaparecida a lareira ou relegada a un papel testemuñal, a cocción asume sistematicamente o combustible gasoso se ben este comparte o espazo coa leña e incluso, nos casos máis recentes, coa electricidade. A simultaneidade dos tres combustibles fálanos unha vez máis da cambiante e desartellada realidade coa que se enfronta o emigrante retornado.

A configuración da cociña en cada unha das distintas tipoloxías da vivenda contemporánea a penas rexistra novidades máis alá das de orde tecnolóxica. Nesta orde de cousas o máximo grao de tecnificación correspóndelle á cociña da casa involucionista. Nela non falta ningún dos equipamentos habituais na cociña da vivenda urbana -frigorífico, fornos microondas e térmico, lavalouza, fritadeira e campá extractora- convivindo todo isto, como xa dixemos, co fogón de leña.

Na dotación da cociña nunca falta unha mesa, coa amplitude suficiente para albergar a tódolos membros da familia sendo tamén habitual a presenza estridente dun televisor. Estes dous artefactos -mesa e televisor- estannos a falar da utilización da cociña como estancia central na convivencia familiar.

A expresión máxima de pervivencia dos modelos tradicionais plásmase na dotación na casa dunha segunda cociña, equipada e usada ó xeito tradicional. Nesta segunda cociña reproducense as pautas de uso tradicionais: a muller consume aquí a meirande parte do día e o lume permanece aceso durante moito tempo concitando a xuntanza distendida de propios e estraños derredor del. A segunda cociña encontrámola maiormente na planta terrea, vinculándose ás veces coa zona de animais -cando existe- en tanto a cociña ideoloxicamente máis urbana emprázase inmediata á área vivideira da casa. Ocasionalmente a segunda cociña ocupa un local anexo, abríndose neste caso cara algún lugar da finca habilitado para a realización de comidas á intemperie.



A cociña da casa contemporánea conserva moitos dos invariants propios do seu equivalente na casa tradicional. Un deles é a pervivencia dos vellos combustibles empregados na cocción. Outro é a utilización da cociña como estancia, en contraposición con modelos urbanos de comportamento. Arriba, cociña de casa en Adá, Taboada; abaixo, cociña en As Pontes, vila.

¹ Na casa tradicional a muller está ferreamente vinculada coa cociña, resultando este un espazo vedado ós homes. Isto é o que nos explica Mandianes ("Los espacios femeninos de la casa tradicional gallega". Arquitectura popular en España..., p. 62)

"Casi siempre está en la cocina alguna mujer para limpiar, para mantener el fuego y hacer la comida, mientras que los hombres sólo suben a ella para *xantar* (comer al mediodía), cenar y pasar las veladas de invierno [...]"

En fin, la mujer pasa mucho más tiempo en casa que el hombre. Detrás de cada costumbre se esconde toda una visión del mundo que da sentido a cada uno de los detalles de la vida cotidiana y convierte la tradición en vida.

Non temos datos nen coñecemos estudos nos que se cuantifique a porción de mulleres que realizan actividades remuneradas fora da súa casa neste período nen a influencia que esta circunstancia ten na organización da vida doméstica. Baseamos a nosa opinión na entre- vista directa cos nosos informantes.

Breve historia da cociña moderna en Galicia

O desencadeante da transformación da cociña tradicional é a irrupción da cociña calefactora, popularmente chamada *cociña de ferro*, en virtude do material co que estaban construídas ou *cociña bilbaina*, denominación que recibía en razón da procedencia de tal artefacto. Sucede isto no primeiro tercio do século XX.

Este aparato presenta respecto da lareira tradicional a posibilidade do control do fume e un maior rendemento calorífico o que se traduce na diminución do tempo de cocción, no incremento da enerxía irradiada e na eliminación do fume que ennegrecía todo canto había na cociña. As vantaxes da cociña calefactora respecto da lareira axiña serán apreciadas polo labrego quen fará da *bilbaina* o centro da cociña, relegando a lareira a un uso secundario, como mero secadoiro de friame. Desta maneira a cociña calefactora tórnase no elemento en torno ó que se dispón a mesada e os bancos, lugar comfortable para comer e centro de reunión familiar. A introducción da cociña de ferro realízase simultaneamente co azulexado das paredes e o embaldosado do piso da cociña.

Nun segundo momento, datado na década dos sesenta, chega á casa labrega o fornello de gas butano. Este combustible gasoso incrementa a velocidade de cocción de alimentos, cuestión que nalgunhas familias empeza a ser necesaria xa que se desenvolven ocupacións laborais fora do ámbito doméstico. A única desvantaxe que lle ofrece ó usuario o devandito fornello é non ter capacidade calefactora. Na década dos noventa introdúcese no mundo rural a electricidade como enerxía para a cocción dos alimentos, presentando como vantaxe respecto dos sistemas de cocción precedentes a limpeza do proceso. O alto custo desta enerxía ten freado polo momento a súa xeralización.



Unha imaxe que resume todo o dito: a cociña dunha casa en Tállara, Lousame. Verificamos a presenza de varios tipos de fogóns e dun forno para coccións especiais. Por outra parte a presenza do televisor e do amplo mesado fálanos dun uso estancial. A representación gráfica deste espazo achégase na ficha 33 do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

Nota sobre a transformación dos hábitos alimentarios na Galicia rural contemporánea

A transformación espacial e funcional da cociña da casa rural corre paralela coa modificación dos hábitos dietéticos dos seus usuarios.

O estudo da transformación da dieta, dos hábitos alimentarios e incluso das formas da comensalidade na Galicia contemporánea por efecto da emigración están, como outras cuestións por nós referidas nesta tese, sen estudar. Chegados aquí debemos advertir que, diante da ausencia de investigacións científicas nas que baseámonos e non querendo facer o traballo que a outros lles corresponde debémosos deter.

Entre os contadísimos investigadores que fixeron destas cuestións o obxectivo das súas investigacións están os Buechler¹. Esta parella suíza achegouse ó estudio dos costumes culinarios dos galegos na diáspora helvética, indicándonos que os nosos paisanos

... in Switzerland stress their particular food habits. They look down upon the Italians for eating spaghetti and take every opportunity to cook for themselves. Swiss chain food stores even provide such Galician delicacies as octopus because of migrant demand. And yet when they come home, they are often quick to criticize Galician cooking. Such innovations as dried soups are certainly related to European migration. The migrants also delight in veal, which is bred but rarely eaten by Galician peasants³

En Portugal as investigacións neste campo están xa realizadas. Particularmente interesante é o traballo de Manuel Valagãd². Pola similitude do que o investigador portugués nos refire coa realidade por nos coñecida en Galicia, permitímonos reproducir esta extensa cita, onde se intercalan fragmentos de entrevistas a distintos usuarios.

A coexistencia destas três modalidades [leña, gas e electricidade] de preparación das refeicións indica que nenhuma delas é inteiramente satisfactoria. Reflecte, tamén, a justaposición de hábitos alimentares diferentes no interior do grupo doméstico. De facto se de un modo geral, é o "comer feito no pote" o que constitui o principal modo de cozinhar durante os días de semana (especialmente no inverno), os imperativos da "vida moderna" inerentes ás actividades dos fillos, em particular os horarios impostos pela escola ou "pelo oficio", obrigam à utilização regular do fogão a gás. Quer seja para o pequenos -almoços, para preparar cedo a refeição que o filho levará para o almoço, ou para qualquer refeição rápida, geramente para os mais novos, "umas batatas fritas com uma costel, ou uns ovos, quando não lhes vai cá o nosso comer" [declara unha muller entrevistada por Valagãd], a utilização do fogão de gás tornouse, para estes emigrantes -como para a generalidade das familias rurais daquela região-, indispensável.

Relativamente à "fornalha" [forno de leña], a súa presenza justíficase pela necessidade de preparar os pratos de domingo: "arroz de forno", "carne asada", "batatas de forno" ou "bacalhau assado". Durante a estadia em França era frequente a preparación destes pratos no forno do fogão de gás. Uma vez reinserida na região, a familia exmigrante retorna a utilização dos métodos de preparación tradicionais, não só por razões de hábito, "é assim que deve ser, se não trem o mesmo paladar", com também com a lógica da economia da exploração agrícola "se temos a lenha, já agora temos que a gastar e sempre se poupa o gás" [declara outra muller entrevistada]- ou ainda com factores climáticos, em que a utilização da lareira assume um significado duplo, pois dempenha funções de aquecimento, "se não fosse a lareira como é que se vencía os rigores do inverno?".

¹ BUECHLER, H. e J. M.: Los suizos: Galician migration to Switzerland. En *Migration and development implications for ethnic identity and political conflict*, p. 25

² VALAGÃO, M. Práticas alimentares dos emigrantes. Mudança ou continuidade?. *Sociedade e Território*, n. 8, p. 87-89

³ ... en Suíza tensionan os seus hábitos alimenticios. Miran para os italianos comendo espageti e á primeira de cambio cocíñanos para eles. As cadeas suizas de alimentación incluso se proveen de productos galegos como o polbo porque os galegos demándano. E aínda así, cando retornan á terra a miúdo citican a cociña galega. Certas innovacións, como sopas deshidratadas débense sen ningunha dúbida á emigración europea. Os emigrantes tamén gustan da vitela, que é criada pero raramente comida polos paisanos de Galicia.



Fala o americano na caricatura de Castelao: "Que falta de civilización! Ya ni los moros toman puerco y aquí se puja un jamón para las Ánimas... África empieza en los Apeninos según dijo Jehová."

A despensa

A análise dos espazos onde se gardan na casa os alimentos da unidade familiar reviste grande interese. Particularmente complexa era na casa típica esta función, da que dependía a manutención da familia. Por esta razón no mundo rural tradicional a área destinada a depósito alimentario podía chegar a acadar meirande volume que as dependencias vivideiras. De outra banda comprobamos que a bagaxe de coñecementos necesarios para optimizar a conservación dos alimentos era extraordinariamente sofisticada, facendo posible que alimentos perecedoiros puideran ser consumidos paulatinamente incluso durante meses.

Os modelos tradicionais de conservación dos alimentos québranse a inicios da década dos setenta coa chegada do frigorífico á casa rural, perfeccionándose dúas décadas máis tarde coa incorporación do arcón conxelador ó ámbito doméstico. A serodia chegada ó mundo rural dos electrodomésticos destinados á conservación da comida explícase por canto acadarán a casa só cando xa están cubertas outras necesidades -fogón a gas, radio, televisión, quentador instantáneo de auga e lavadora- o que nos indica a alta confianza que depositaba o campesiño nos artificios tradicionais.

Ademais dos electrodomésticos anteriormente citados, o sistema de mantemento dos comestibles da casa contemporánea complétase cun espacio denominado *despensa*- destinado especificamente a esta fin. Este local achégase á cociña e destínase á almacenaxe de alimentos e consumibles. A despensa é común a tódalas tipoloxías da casa contemporánea.

O arcón¹ conxelador distánciase da cociña, encontrando acomodo xeralmente en locais situados en sotos ou en plantas baixas non vivideiras. Facemos notar que se a vivenda non dispón de soto ou de plantas diáfanas, o arcón pode acomodarse noutros lugares, como por exemplo no portal ou no corredor. O distanciamento do artefacto conxelador respecto da cociña debe entenderse como unha consecuencia das grandes dimensións deste e máis do seu uso discontinuo.

A configuración do sistema de espazos destinados á almacenaxe e conservación dos alimentos varía dunha a



Na imaxe, o camión dun vendedor de alimentos conxelados visita unha aldea remota: Piornedo de Ancares, Cervantes [1996]

¹ O uso do arcón conxelador está moi xeralizado no mundo rural. De feito un significativo número das casas por nós estudadas tiñan ou pensaban adquirir un. Isto é ben expresivo do cambio nos hábitos alimenticios tradicionais, revelando a un tempo a dispoñibilidade regular e continua de produtos fóra de tempada, por exemplo os da matanza, e incluso de produtos improprios do medio rural como peixe, precociñados, postres, etc que agora chegan ó pé da casa por vía de vendedores ambulantes en vehículos frigorizados.

outra tipoloxía da casa contemporánea. Na casa arcaica a almacenaxe de graneis realizábase no faiado, un espazo que desaparece na casa rupturista o espazo baixocuberta desaparece e con el o seu uso. Esta condición mantense tamén na casa involucionista se ben neste caso o espazo baixo a cuberta alberga dependencias vivideiras.



De esquerda a dereita: arcón no portal dunha casa en Hío, Cangas e despensa vencellada á cociña nunha vivenda na vila do Barco de Valdeorras. A representación gráfica destes espazos achégase nas fichas 19 e 15 do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

A adega

O almacén destinado a albergar en óptimas condicións de conservación grande cantidade de botellas de viño, denominado adega, constrúese tamén na vivenda rural contemporánea.

Comprobamos que a presenza da adega na casa non garda relación coa capacidade enolóxica da zona onde se sitúa o edificio. Isto é, en áreas xeográficas vinícolas algunhas das casas por nós visitadas carecían desta instalación en tanto que en zonas non vinícolas algúns dos nosos informantes tiraban proveito de amplas adegas.

Unha vez máis encontrámonos diante dun dos parámetros que nos falan do alongamento da casa e dos seus habitantes respecto das actividades productivas do medio.

A adega dispónse por regra xeral nun local fresco, habitualmente próximo ó soto e non lonxe do gran comedor, xa que este é o principal punto de consumo de bebidas alcohólicas da casa.

ESPACIOS PARA O DESCANSO

Dormitorios

Na vivenda rural tradicional a función de habitación era quizais a menos significativa das da vivenda malia ser a razón mesma do edificio. Nela o dormitorio constituía a penas o lugar de reposición da forza de traballo e, cando procedía, da procreación. Moi diferente é a súa idea na vivenda urbana, onde a habitación vén ser o reducto individual no que o individuo edifica a súa identidade.

Na casa rural contemporánea assistiremos a unha dobre transformación dos espazos destinados ó descanso. Por unha banda aumenta o número de dormitorios, consecuencia do incremento nos estándares de privacidade entre os membros da familia, tal e como nos refiren Fernández de Rota e Irimia Fernández (1998, p. 207). De outra parte prodúcese a mutación do carácter do dormitorio en si mesmo, que agora se adapta para albergar funcións novidosas (estancia, estudio, xogo infantil ...), plasmándose no incremento constante da súa superficie.

En xeral ambas transformacións parecen obedecer ó obxectivo paulatinamente definido de asignarlle a cada membro da familia o dominio sobre un sector da casa.

Nesta orde de cousas xustifícase o progresivo enriquecemento do dormitorio con funcións alleas ó sono. Así mentres o dormitorio da casa vernácula acollía -como xa dixemos- o sono e a reprodución, o mesmo espazo na vivenda contemporánea ademais das referidas funcións alberga o lecer e o estudio do neno e do mozo. Por outra parte o adulto, que dispón agora no dormitorio dun receptor de televisión, aproveita neste espazo dalgunha das funcións que tempo atrás desenvolvía na área estancial da casa.

O incremento do número de dormitorios da casa contemporánea prodúcese paulatinamente no tempo a partir



Arriba: cuarto de durmir nunha casa vernácula. Foto: Ruth M. Anderson (1926). Abaixo: dormitorio individual nunha casa en Portonovo, Sanxenxo.

do modelo tradicional no que tan só os petrucios dispuñan dunha cámara¹ para si, privilexio que contrastaba coa situación dos restantes membros da familia, quen durmían amoreados².

A casa contemporánea de tipoloxía arcaica presenta as primeiras variantes respecto da vivenda tradicional. Esta é a concesión a cada unha das parellas establecidas no seo da familia dun cuarto de seu, segregado do resto do grupo.

A fragmentación da área de durmir da casa ten a súa máxima expresión na máis recente das súas tipoloxías, na que ademais das parellas formais, cada membro solteiro da familia ten un dormitorio de seu.

Igualmente significativa é a transformación que neste período rexistra a organización interna do dormitorio, unha dependencia que na vivenda contemporánea de tipoloxía arcaica dispuña da superficie estritamente necesaria para acoller un equipamento conformado por cama, mesiña e arcón roupeiro. A superficie do cuarto de durmir incrementárase paulatinamente de forma que nos dormitorios das casas máis recentes chegará a exceder superficie. Así é como no cuarto de durmir da vivenda rupturista resulta posible -como dixemos- a organización de actividades complementarias. Tal é o sucedido nas habitacións dos nenos, que agora son capaces de acoller ademais do mobiliario propio do dormitorio -cama, mesiña e armario- tamén o necesario para o estudo -escritorio e biblioteca- e ademais, superficie dabondo para o xogo. En certa maneira esta transformación resultou posible na medida en que medrou no ámbito doméstico rural a estima pola actividade de estudo en detrimento das actividades non intelectuais.

Especial atención merece a intrusión da televisión no ámbito do dormitorio. Chegada á casa rural na década dos setenta despraza ó lume da lareira como foco da atención familiar, isto é, de *fogar*. Axiña conquistará o salón e finalmente buscará o seu lugar no dormitorio, en moitos casos acompañada de videograbador. A este respecto debemos indicar que a disposición dun receptor de televisión nos dormitorios restaralle parte das súas funcións ás zonas de estancia colectiva da casa.

¹ As alcobas tiñan as dimensións mínimas que esixía a colocación da cama. Estes cuartos frecuentemente carecían de fiestras cara ó exterior polo que se abrían a outros locais da casa.

² De feito non resultaba infrecuente que a mesma cama puidera ser compartida por varios irmáns e incluso polos proxenitores e algúns dos seus cativos.



A individualidade aínda non é unha premisa na organización dos dormitorios da vivenda de tipoloxía rupturista. Na imaxe: dormitorio nunha casa de Adina, Sanxenxo, edificada en 1979. O seu propietario foi emigrante en Francia.

ESPACIOS PARA A HIXIENE

O cuarto de baño

A vivenda labrega tradicional carecía de calquera tipo de dependencia destinada á hixiene persoal. As necesidades evacuadoras dos residentes resolvíanse alén dos muros da casa. Cando a prása ou as condicións meteorolóxicas non o permitían, as referidas necesidades resolvíanse na corte, situada intramuros da vivenda.

Nalgúns casos a vivenda podía dispor dun retrete. Instalado nun local de reducida dimensión no sobrado, limitábase a un escano perforado, dotado dunha tapadeira. O vertido realizábase directamente cara ás cortes situadas na planta terrea.

Por outra parte, sabemos que o baño persoal era un hábito pouco estendido, estando reservado para os nenos e as persoas enfermas. Esta función executábase co auxilio dunha palangana grande de cinc, chamada *baño*, e da auga que quecía na lareira ou na cociña bilbaína carrexábase nunha senlla.

Volvendo a vista atrás na historia verificamos -como xa temos explicado noutro lugar desta tese- que a dotación de cuarto de baño foi a primeira manifestación no ámbito doméstico do diñeiro e dos renovados gustos chegados a Galicia como equipaxe dos nosos transterrados en América. Aínda así a universalización das instalacións de aseo na vivenda rural farase esperar. Ás dificultades meramente económicas sobreporanse outras de índole infra-estructural, non en van debemos lembrar aquí que a disposición de auga corrente nas casas -indispensable para a instalación de calquera aparato sanitario- era infrecuente aínda a inicios da década dos sesenta na Galicia rural tal e como nos reflicten as estatísticas oficiais que se achegan con esta tese. Tampouco podemos esquecer as dificultades derivadas da insuficiencia do sistema viario galego que aínda na década dos sesenta non permitía o acceso rodado a boa parte dos núcleos rurais do país, dificultando de feito o traslado dos aparatos sanitarios dende os almacéns dos vendedores ata os lugares de instalación. Nesta orde de cousas Fernández de Rota e Irimia¹ (1998, p. 164) recollen anécdotas -datadas a mediados dos sesenta- dando noticia do traslado a lomos de mulo de inodoros e lavabos por un carreiro calquera nas terras de Monfero para finalmente ser colocados en casas que carecían de instalación de auga encanada.

A xeralización na primeira metade da década dos setenta dos abastecementos de auga -colectivos ou individuais- garantido caudal e presión continuas posibilitará a instalación de cuartos de baño, aseos e incluso de quentadores



Baño nunha palangana.



A chegada da auga encañada e do saneamento á casa rural posibilitará a instalación de cuartos de baño. Casa en Seavia, Coristanco.

¹ FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A. e IRIMIA FERNÁNDEZ, M. P. *Los protagonistas de la economía básica : la vanguardia ganadera y la casa en el este de la provincia de A Coruña*, p. 164.

instantáneos de auga.

É agora cando o emigrante retornado incorpora de maneira inmediata o cuarto de baño á súa casa. A este respecto cómpre advertir certas particularidades segundo se trate dunha ou outra das tipoloxías da casa. Así é que na vivenda arcaica destínase á hixiene persoal un único habitáculo en tanto a vivenda rupturista enriquecese cun segundo local, chamado aseo. Realizarase esta dependencia con frecuencia na planta baixa do edificio para dar cobertura ós usuarios situados no exterior da casa, reservando o baño da planta vivideira para o ámbito residencial. Debemos facer notar que o cuarto de baño da casa rupturista, identificado cun elevado obxectivo, recibirá un tratamento exquisito, que se manifesta nunha coidada decoración.

Na vivenda do terceiro período -o por nós denominado involucionista- a distinción que recibe o cuarto de baño raia xa co luxo, expresado na aplicación de rechamantes alicatados, de billas ornamentadas e mesmo na disposición de aparatos sanitarios sofisticados, como por exemplo o lavabo de dobre seno ou a bañeira redonda¹.

Mais o verdadeiramente significativo é a multiplicación do número de cuartos de baño, que agora son dispostos en tódolos andares do edificio e incluso, tal e como temos comprobado nalgúns casos, poden localizarse servindo a áreas funcionais diferenciadas situadas no mesmo nivel. O número medio de locais destinados á hixiene persoal nesta tipoloxía é de catro.

A ruptura coa miseria do hábitat anterior, caracterizado polo seu baixo equipamento está representada nos cuartos de baño como en poucos puntos da vivenda. Isto é o que Villanova² cualifica como a "alegre experiencia da entrada da auga na casa". A atención prestada a estas dependencias -sempre limpas e amañadas- non só testemuña, e niso coincidimos con Villanova a variación dos hábitos hixiénicos. Tamén simboliza o ascenso socioeconómico dos seus propietarios quen ás máis das veces nunca antes de emigrar tiveran acceso a este tipo de equipamentos.

A representación do confort, incluso do luxo, varía dunha a outra tipoloxía. Se nun primeiro momento o luxo e a novidade expresábanse coa simple posesión do cuarto de baño, na casa rupturista da década dos setenta a distinción buscarase mediante a aplicación de acabamentos de estética abraiante. Recórrese para isto á utilización da cor. Esta aplícase indistintamente ós aparatos sanitarios e ós acabamentos de paredes e solados.



O cuarto de baño pode ser mostrado. As esixencias de intimidade son inferiores ás derivadas doutras valoracións. Así as cousas o aseo situado no fondo do corredor -centro xeométrico da casa- pode ser mostrado ás visitas sen reparo.

Na imaxe: aseo dunha casa en Mogor, Marín. A representación gráfica deste edificio achégase na ficha 35 das do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

¹ A posesión da bañeira redonda estímase a culminación do luxo e sofisticación do ambiente doméstico. A súa posta en obra recibe grande atención, sendo frecuente que se rodee dunha máis ou menos ampla mesada que nalgún caso mesmo pode chegar ó límite da elevación total da peza sobre unha sorte de plataforma, tal e como recoñecemos nalgunhas das casas dos nosos informantes.

² VILLANOVA, R., LEITE, C. E RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 71.



À esquerda: baño nunha casa de tipoloxía rupturista. Á dereita dúas imaxes do baño dunha casa involucionista. No primeiro caso a sofisticación desta dependencia búscase coa aplicación de cores vivas, en combinacións chamativas. No segundo exemplo aquí presentado prefírense materiais de cores craras e textura brillante en imitación de mármore. Tamén son frecuentes os dourados en billas e accesorios -incluso de plástico- en clara representación do ouro.

Na casa involucionista, o constructor semella reaccionar fronte ós rechamantes resultados do período anterior impoñendo agora a sofisticación. En consecuencia o usuario colocará no seu baño o equipamento máis moderno do momento -bañeiras de hidromasaxe, billas monomando, etc- e uns acabados que se achegarán ós estimados popularmente como propios dos baños das casas ricas, a base de baldosas de gres de texturas brillantes e cores claras, en imitación de mármore. Os cuarto de baño privativos dunha habitación son unha solución propia das vivendas máis recentes como xa temos explicado, onde a busca da intimidade persoal acada grande forza.

Os baños ábreanse en tódolos casos cara a fachadas secundarias, realizándose sempre o seu acceso dende un espacio non estancial -corredor ou recibo- excepción feita dos que abren a dormitorios. Isto é unha consecuencia directa das prescricións do regulamento de habitabilidade das vivendas.

Lavadoiro e tendal

A introducción da lavadora no medio rural veu distorsionar o modo tradicional de lavado e secado da roupa, afectando tamén a unha constelación de actividades complementarias. Estas actividades realizábanse nun lavadoiro -as máis das veces comunal- emprazado á beira dun regueiro ou ó pe dunha fonte en tanto nos prados próximos aireábase a roupa, botándosele auga, cando estaba xa moi quente, para forzar o seu branqueado.

Estas eran actividades exclusivamente femininas, que en boa medida tiñan carácter colectivo e acompañábanse de manifestacións máis ou menos folclóricas. A existencia dun ricaz patrimonio fraseolóxico sobre o lavadoiro e todo o que nel se facía testemuñan esto que dicimos.

A mecanización do lavado da roupa fará innecesario acudir ó lavadoiro, poñendo fin a estas construcións, á actividade nelas desenvolta e mesmo ó folclore asociado a ambas. En contrapartida a muller quedou liberada dunha obriga social que no sucesivo poderá ser asumida por outros membros da familia.

O lavado da roupa e o seu secado e asollado presentan na vivenda contemporánea grande inercia respecto das fórmulas tradicionais. Isto explica a alta frecuencia coa que na casa se presentan simultaneamente un pilón, para o lavado manual, e unha lavadora, para o lavado automático. En certa maneira as razóns que xustifican esta duplicidade son semellantes ás que explicaban a presenza de cociñas de combustible tradicional ó carón doutras

de combustibles actuais.

Tal e como expuxemos noutro lugar desta Tese o usuario, indeciso entre o que o lle ofrecen o vello mundo rural e o novidoso universo urbano amósase incapaz de decantarse por algunha das dúas alternativas, tomando finalmente o que lle convén dun e doutro modelos.

O secado da roupa realizábase tradicionalmente por exposición directa ó sol, resolvéndose tamén desta maneira o asollado das prendas. Na casa contemporánea a inercia deste modo de operar provoca que o tendido da roupa aínda naquelas vivendas que dispoñen dun local destinado exclusivamente a este fin, conquiste o emprazamento máis asoallado da finca. Non resulta infrecuente que neste punto se dispoña dun tendal exterior. Noutros casos o tendal pode sobrepoñerse á fachada do edificio, ocupando balcóns ou galerías.

Respecto do tendido da roupa cómpre indicar que os prexuízos estéticos derivados da presenza de prendas tendidas á vista son sistematicamente minusvalorados polo usuario en beneficio dun axeitado aireado da roupa.


O espacio destinado na vivenda contemporánea a albergar estas funcións ten evolucionado coa propia vivenda. Na casa dos primeiros momentos a lavadora -cando aparecía- ocupaba un lugar residual nun recanto de calquera local non vivideiro entre tanto o tendal dispúñase moitas veces na propia finca ou incluso no baixo cuberta. Na casa rupturista a intrusión da lavadora acada carta de naturalidade e como tal préstaselle acomodo nun local da área non vivideira da casa destinado exclusivamente a este fin.

O tendido da roupa realízase as máis das veces nas proximidades de onde se encontra a lavadora, destinándose a isto un local amplo que tamén pode soportar outros usos. Na sofisticada vivenda involucionista as dependencias destinadas a lavadoiro e tendal están perfectamente delimitadas, localizándose ambas no soto do edificio, afastadas por tanto da área vivideira da casa.

OS ESPACIOS PARA AS ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS CAPACIDADES PRODUCTIVAS DO MEDIO

Almacén da colleita. Almacén de apeiros e maquinaria agrícola. O lugar dos animais

Chegado o momento de analizar e describir os espacios onde se gardan na casa a colleita, os apeiros, a maquinaria agrícola e incluso os animais da facenda debemos advertir de entrada que todo o relacionado coa actividade agropecuaria verase afectado dunha ou outra maneira pola transformación funcional do agro que sacudiu a este sector no derradeiro tercio do século XX.



Os prexuízos estéticos e as disfuncionalidades consecuencia do tendido da roupa soen minusvalorarse.

Arriba, casa en Piñeiro, Marín; abaixo, outra en Amoeiro vila. A representación gráfica destes espacios achéganse nas fichas 36 e 03 do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

Ós efectos organizativos desa Tese diferenciaremos entre as actividades laborais que tradicionalmente se desenvolvían na casa -entendida como unidade de produción- e as que en tempos recentes chegan a ela. Comprobamos que as actividades tradicionais teñen que ver coas capacidades productivas do medio en tanto as recen chegadas ó ámbito doméstico son, as máis das veces, actividades pertencentes a outros sectores económicos.

Para a definición da maior ou menor *ruralidade* da vivenda contemporánea valémonos da análise de tres das características dos locais que albergan as actividades relacionadas coas capacidades productivas do medio: dimensión, situación dos seus accesos e relación coa área vivideira do edificio. A este respecto comprobamos que a primeira vivenda -a que nós denominamos arcaica- incorpora ó seu programa un amplo repertorio de dependencias destinadas a albergar ós animais domésticos, a ferramenta e a maquinaria agrícolas e os froitos e os abonos da terra. Esta casa é o resultado da agrupación de varios corpos, cada un deles destinado a un uso concreto. Os accesos destes locais abríranse uns cara á vía pública, outros cara ó predio e outros cara á zona vivideira da casa, en función dos seus usos específicos.

Os espacios situados dentro do límite físico da vivenda resérvanse sempre para resgardar aquilo merecente dunha especial atención ou vixilancia polo usuario, por exemplo a ferramenta e os apeiros de labranza. Este tamén é o lugar das instalacións sofisticadas, tal é o caso dos tanques de enfriamento do leite e das adegas industriais. Os animais, tanto os menores como os maiores -nas contadas ocasións nas que estes aparecen- son dispostos en locais distanciados da área doméstica.

Na vivenda rupturista -propia do período 1975/1985- as cousas sofren unha notable transformación. Agora a dedicación ás actividades agrícola ou gandeira tense reducido notablemente na maior parte das familias residentes no medio rural de xeito que o agro xa non é a súa principal fonte de recursos económicos. Aínda así constatamos que o residente no rural conserva neste período, en maior ou menor medida, certa actividade agraria. Plasmada nun horto ou nun pequeno curral, isto expresa, como tantas outras cousas do agro contemporáneo a inercia de modos de vida pretéritos.

A sofisticación das explotacións agrícolas e gandeiras -convertidas por obra e gracia do mercado en auténticas agroindustrias- xunto coa elevación dos estándares hixiénicos provocará o seu desprazamento a recintos espe-



As funcións agrícolas, cando existen, son relegadas á planta terrea. Todo aquí -accesos, organización e mesmo os materiais de construción utilizados- adecúanse a este fin. Nas fotografías: edificio en Vilariño, Cambados.

cializados¹ afastados do entorno doméstico. Todo esto terá unha repercusión espacial directa: a vivenda perde, por inútiles, a meirande parte das construcións adxectivas que antano complementaban á area doméstica. Neste contexto a liberación da planta baixa do edificio tras da expulsión das dependencias de uso agropecuario ha xerar un espacio que se adecuará ós novos requirimentos productivos da casa. Aquí acomodaranse as industrias que agora chegan tras despois das mutacións profesionais que os homes e mulleres do rural experimentan no proceso migratorio.

O esquema distributivo que máis habitualmente aplica neste espacio o usuario que aínda permanece vinculado á agricultura consiste na liberación da planta de calquera fragmentación agás as estrictamente necesarias para albergar un servizo sanitario ou un pequeno almacén. Por outra parte a busca da máxima diafanidade nesta planta provocará o alongamento cara ó exterior do perímetro do edificio da escaleira que lle dá acceso á vivenda situada na planta superior.

A necesidade de liberar a planta terrea parece ter xustificación, segundo extraemos do expresado polos nosos tantas veces citados informantes, na necesidade de admitir calquera tipo de uso e incluso a rotación deles o que parece lóxico entre usuarios en situación de mobilidade socioeconómica. De feito advertimos un número significativo de casos nos que este local era visto polo grupo familiar como unha reserva espacial capaz de acoller nun momento indeterminado a expansión da vivenda.

Na casa involucionista desaparecen todo tipo de dependencias relacionadas coas actividades agrícolas. Isto resulta obvio dado que para a meirande parte dos seus usuarios a relación co mundo agrario non vai máis alá da inclusión, dentro do axardinamento da finca na que se sitúa a casa dalgunha árbore froiteira.

Nesta casa as poucas dependencias non residenciais aínda presentes na casa -nos máis dos casos esta redúcese a un salón polivalente- soen ser desprazadas a unha edificación anexa, afastada do edificio destinado a vivenda.

¹ Facemos notar que a mecanización do mundo agrario, indispensable para acadar a súa competitividade económica altera a configuración da explotación tradicional. Agora un labrego, auxiliado dun corto número de empregados pode -e debe- atender unha explotación gandeira formada por un alto número de animais e unha amplísima extensión de terras.

ESPACIOS DESTINADOS A ACTIVIDADES PRODUCTIVAS NON AGRARIAS: LOCAL COMERCIAL E ESTABLECEMENTO INDUSTRIAL

Das tres tipoloxías de vivendas contemporáneas na única delas onde detectamos a inclusión dun espacio destinado ó establecemento dalgunha actividade comercial ou industrial é na casa rupturista.

Esta é a casa construída por individuos -en orixe labregos- que no seu destino migratorio teñen desenvolto a súa actividade no sector industrial ou no dos servicios, renunciando trala emigración a reintegrarse no sector profesional de partida.

Para resolver a súa nova situación profesional o retornado instalará un comercio ou unha pequena industria. Estes novos usos encontrarán doado acomodo nos espazos da casa antes destinados a actividades agrarias, é dicir na planta terrea. A este respecto a diafanidade coa que se resolve a distribución da referida planta absorbe axeitadamente calquera destino comercial ou industrial.



Establecementos hosteleiros ou industriais -sempre de escala familiar- comparten ocasionalmente o edificio da casa rural contemporánea. Á esquerda: unha panadería acomódase no baixo dunha edificación de tipoloxía rupturista en Quintá de Lor, Quiroga. Á dereita vemos un taller de reparación de maquinaria agrícola baixo unha vivenda en San Xusto, Coristanco. A representación gráfica deste edificio achéganse na ficha 27 das do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

A localización de usos comerciais ou industriais é infrecuente na vivenda arcaica. Isto resulta comprensible na medida en que a brevidade da estadia dos emigrados que naquel momento retornan á terra non tería abondado para producir unha fonda transculturación nin o abandono definitivo da actividade agraria inicial. Moi diferente é a situación dos emigrantes de períodos máis recentes, concretamente dos que levantan -xa na década dos noventa- a vivenda por nós denominada involucionista. Aquí encontramos dous tipos de individuos, que producen vivendas semellantes malia estar afectados por circunstancias vitais diferentes. Dunha banda está o grupo dos que retornan xubilados tras dun dilatado traxecto migratorio e doutro ós que permaneceron no estranxeiro moito menos tempo, retornando por tanto en plena vida laboral. Tanto os uns como os outros destinarán integramente o edificio que levantan na súa aldea natal a residencia. Os primeiros por estar xubilados e os segundos por que ante da incerteza que afecta neste tempo ó mundo rural optarán por reiniciar a aventura empresarial en foros máis seguros, fundamentalmente nas vilas das cabeceiras comarcais.

Os comercios que máis frecuentemente se presentan nas vivendas do medio rural son os relacionados coa hostalería -bar, mesón, en menor medida restaurante- e o comercio, principalmente no subsector alimentario, tal como a panadería ou o supermercado. Dentro do sector industrial, a inmensa maioría dos establecementos radicados nas vivenda rurais son talleres de automoción, de maquinaria agrícola ou almacéns de materiais de construción. A tipoloxía do establecemento repite esquema productivo minifundista propio do agro galego: atención familiar, dedicación intensiva, identificación da actividade laboral co modelo de vida...

A título anecdótico debemos referir aquí que con certa frecuencia estes establecementos reciben a denominación do país ou da cidade onde estivo emigrado o seu promotor.

OUTROS ESPACIOS NON VIVIDEIROS

Garaxe. Espacios para o ocio: sauna, barbacoa, forno, taller, etc.

A chegada dos vehículos ó mundo rural trouxo aparelladas algunhas novidades no deseño da casa vivenda. De feito pode considerarse como altamente transcendente a inclusión dun garaxe no programa da casa rural. Isto comprobámolo na casa involucionista, onde este recinto acada notable presenza.



Á dereita: parrillada *Die zwei deutch* (Os dous alemáns) sita en Leboeiro, Melide. Este último é un exemplo dos milleiros de establecementos de todo tipo que expresan nos seus rótulos o traxecto migratorio dos seus promotores.

Por outra parte a casa involucionista vai mostrar a súa riqueza espacial e o desapego ós modos tradicionais de vida coa inclusión de novidosas dependencias -sauna, barbacoa, forno, taller e incluso salas de xogo- que nos están falando duns hábitos vitais onde o lecer e o ocio empezan a ter grande protagonismo.



O coche forma parte dos obxectos -a casa é outro deles- a expoñer como símbolo do trunfo económico do emigrado. O seu acomodo na casa debe satisfacer estas arelas o que con frecuencia provoca disfuncións. Na imaxe da esquerda: garaxe e barbacoa nunha casa en Còrgomo, Vilamarín de Valdeorras. No centro: garaxe engadido a unha casa de tipoloxía arcaica en Celanova vila. Á dereita, interior do garaxe -aquí espacio polivalente- dunha casa en San Amaro. A representación gráfica destes dous últimos edificios achégase nas fichas 22 e 54 das do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

Espacios de reserva

Baixo esta denominación designamos a aquela porción do edificio que permanece sen uso, á expectativa do seu destino final. Esta circunstancia xa foi referida e explicada noutro lugar desta Tese polo que só nos resta aquí explicar as características funcionais dos locais que o promotor da casa rural contemporánea destina a este fin. A súa presenza é un atributo frecuente nas casas máis recentes, é dicir, nas de tipoloxía involucionista, resultando extrana nas outras. Isto explicariáse na medida en que aquelas son o resultado de economías moi axustadas.

A maioría dos nosos informantes xustifican a existencia de espacios de reserva nas súas casas como ámbitos con potencial residencial, destinado a satisfacer as necesidades de acomodo dalgún membro da familia esgazado do núcleo orixinal. Nisto, unha vez máis vamos encontrar un grande paralelismo co sucedido en Portugal, que

nos describe Villanova¹

Toujours grande, la maison peut accueillir les parents entrés dans la vieillesse comme elle peut, par l'aménagement du rez-de-chaussée, avec ses fonctions polyvalentes ou une construction au fond du jardin, offrir un appartement de "transit" aux enfants jeunes mariés. À la différence des usages anciens dus à l'extrême division de la propriété, aux conditions de métayage qui imposaient aux trois générations un espace commun, elle est conçue pour permettre à chaque couple d'avoir, cette fois, son espace de vie propre avec l'assurance d'une réserve, d'un surplus pour répondre aux événements familiaux².

O MOBILIARIO

Ningún estudio das transformación da casa rural pode quedar completo sen unha análise -tan sequera superficial, como a que aquí acometemos- de todo o relacionado co seu amoblamento.

O amoblamento expresa pautas de uso, formas de vida e incluso os desexos e soños do que a familia quere ser. Por outra parte constitúe un elemento de primeiro orde para determinar, por comparación coas pautas tradicionais de amoblamento, a intensidade do proceso de cambio cultural que poden ter afectado ó promotor emigrado.

Observamos con Villanova³ na casa rural contemporánea o recurso sistemático ó mobiliario estándar completo para cada peza tal e como o ofrece o mercado do moble.

Así as cousas, o esencial do mobiliario adquirese en establecementos comerciais emprazados na vilas cabeceira de comarca sendo contadísimos os casos de individuos que construíron os seus mobles por encarga. Sen dubida a razón desto haina que buscar na prolongada ausencia do emigrante que por esta razón debe apresurar o equipamento da súa morada.

A elección adopta os modelos dispoñibles no mercado. Na inmensa parte dos casos trátase de imitacións actuais de mobles de aspecto clásico.

O sentimento de nostalgia que se desprende do tipo de amoblamento empregado polo emigrado retornado contrasta coa actitude rupturista que este mantén noutras ordes da vida, por exemplo na moda que viste e na que-

¹ VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 50.

² Sempre grande, a casa pode acoller a familiares entrados xa na ancianidade, como pode pola disposición da planta baixa, ofrecer un apartamento de "tránsito" para os xoves fillos casados. A diferenza dos usos antigos debidos á división extrema da propiedade, ás condicións de aparcería que imponían un espazo común ás tres xeracións, está concebida para permitir a cada parella ter, esta vez, o seu espazo de vida propio coa seguridade dunha reserva, dun extra para responder ós eventos familiares.

³ VILLANOVA, R. *Op. Cit.*, p. 149.

**GANESE LA DIFERENCIA
COMPRANDO
DIRECTAMENTE
EN NUESTRA FABRICA**

Gran salida
en muebles:
VIENES -
TRIESTE -
VASCO -
LOS XVI y
AMERICANO

COMEDOR estilo francés en postal o
Cable, para 6 personas \$ 2.480.-
OTROS: \$ 3.200, \$ 4.200 y \$ 5.500

Manifiesto DORMITORIO - \$ 3.350.-
BIO estilo francés \$ 3.350.-
OTROS: \$ 3.900, \$ 4.500 y \$ 5.500

**FABRICA DE
MUEBLES
AMBA**

Fábrica
RINCON 456

EN LAS 2 ESQUINAS DE
BELGRANO Y RINCON

A emigración vai poñer en contacto a individuos de extracción rural con estándares de amoblamento nidiamente urbanos. Na imaxe: inserción publicitaria nun dos números do ano 1956 da revista *Galicia Emigrante* editada en Bos Aires.

rencia polos electrodomésticos¹ e mais polos automóbiles de último modelo. Non esquecemos aquí que o emigrado demole a vivenda natal e substitúea por outra nova, carente de referencia.

Neste contexto atribuírle á nostalxia ou á resistencia diante das innovacións a razón da utilización de mobiliario de aspecto antigo antóllasen un argumento insostible.

Rybczynski² enfróntase con esta mesma contradicción cando estudia a vivenda unifamiliar do norteamericano-tipo "los americanos pueden quedar fascinados por el futuro pero no quieren vivir en él" descubriendo que "la nostalgia por el pasado es un indicio de descontento con el presente" xa que o estilo actual pretendería modificar os hábitos sociais e incluso alterar o significado cultural subxacente do confort doméstico.

Finaliza a súa exposición afirmando que o movemento moderno, de tan fonda transcendencia noutros aspectos, non callou no referido ó mobiliario xa que

Su negación de las tradiciones burguesas le ha llevado a poner en tela de juicio y a rechazar no sólo el lujo, sino también la comodidad, no sólo el abigarramiento, sino también la intimidad.[...] su interés por los materiales y los objetos de aspecto industrial lo han desviado a la domesticidad. La austeridad ha sustituido al agrado. Lo que empezó como una tentativa de racionalizar y simplificar se ha convertido [...] en una tentativa de cambiar la forma en que vivimos. No es una ruptura porque termine con los estilos de época, ni porque elimine la ornamentación, ni porque haga hincapié en la tecnología, sino porque ataca la idea misma del confort. Por eso la gente se vuelve hacia el pasado.

A cantidade de mobles que se dispoñen na casa é notablemente superior á que existía na vivenda vernácula, non xa polo incremento do poder adquisitivo do morador da casa senón polo grande tamaño que soen presentar as dependencias desta. A modo de exemplo, comprobamos que o incremento superficial dos dormitorios repercutirá no seu amoblamento xa que se na casa contemporánea de tipoloxía arcaica este era capaz unicamente para unha cama, un armario e a mesiña de noite, na casa involucionista aparecen no mesmo espacio a coqueta, unha mesiña complementaria para o receptor de televisión, algunhas cadeiras, mesmo algún galán e as habitacións dos nenos acollen agora un andel aberto e un escritorio, moble este absolutamente novidoso no medio rural.

Mención especial merece o equipamento do salón ceremonial. Ese espacio ó que se confía a máxima representatividade da *casa* (entendida aquí como grupo familiar).

O constructor da nova vivenda rural amoblará e decorará esta peza con todo o luxo que pode imaxinar: alfom-



Un exemplo das influencias que recibe o transterrado do amoblamento dos países onde se instala. Ruperto Gallart, emigrado xubilado dos Estados Unidos, reproduciu o dormitorio de Abraham Lincoln exposto na Casa Blanca de Washington na súa casa natal en Ponte do Porco, Camariñas.

Foto de EFE, publicada en *El País*, 13-11-2000

¹ Temos comprobado a presenza no enxoval doméstico do emigrado de todo tipo de aparatos e utensilios como por exemplo fornos microondas, teléfonos portátiles, videogradoras, cadeas musicais, etc.

² Rybczynski, W. *La casa : historia de una idea*, p. 216.

bras, unha lámpada de cristal, unha cheminea¹ de cantería e incluso cadros nas paredes conforman un escenario no que tódalas súas compoñentes semellan estar dispostas co obxectivo de recrear o luxo existente na casa grande, ou no pazo local. Caso extremo de pretensiosidade é o chapeado das paredes en madeira ou a disposición dun artesoadado como falso teito.



Alfombras, chemineas de cantería, lámpadas de rebuscado deseño e revestimentos a base de materiais brillantes e cores variados forman parte do vocabulario básico do decorado da casa rural contemporánea.

De esquerda a dereita, interiores de casas en Adina, Portonovo; O Barco vila e Tállara, Lousame. A representación gráfica destes dous últimos edificios achégase nas fichas 14 e 33 das do levantamento gráfico que acompaña a esta tese.

CONCLUSIÓNS

A máis significativa das novidades de orde funcional debida á acción dos emigrados na construción das súas vivendas é a reorganización do programa doméstico. Como consecuencia da referida reorganización desaparecerán tódalas funcións relacionadas coa explotación do medio.

¹ A inmensa maioría dos nosos informantes manifestaron non ter encendido a cheminea nunca.

Advertimos que as novidades na casa contemporánea non sempre conseguen substituír ó seu equivalente tradicional, provocando esto a convivencia entre solucións formais correspondentes a mundos e tecnoloxías dispares.

A casa contemporánea acusará a progresiva sofisticación do seu programa, multiplicando a superficie e o número de dependencias destinadas a estancias e a dormitorios. Simultaneamente a casa vai perder todos aqueles espazos que na vella casa se destinaba á actividade agropecuaria. Estes nun primeiro momento albergarán as novas industrias nas que se vai ocupar o habitante do agro en tanto que nun segundo e derradeiro momento este espazo destínase a albergar a máis recente das intrusionas domésticas: o coche.

As transformacións descritas teñen soporte en cambios culturais, sociais e económicos de fondo calado. Falamos da terciarización da sociedade labrega, da reestruturación da familia, da monetarización da vida no rural, da incorporación da muller ó mercado laboral e da expulsión das clases pasivas fora do ámbito da casa.

Por outra parte facemos notar que a tecnoloxía da construción fixo posible os cambios funcionais antes descritos. Así a utilización de estruturas a base de pórticos de formigón armado posibilitará á hora de converter o esquema funcional en realidade física un grao de liberdade impensable coa rixida estrutura a base de muros de carga da casa vernácula.

Onde non houbo variacións notables respecto do modelo tradicional é na organización vertical da casa. Aquí as actividades públicas e colectivas permanecen na planta terrea en tanto as privadas sitúanse no nivel superior.

A multifuncionalidade caracteriza á casa rural contemporánea. A casa érguese sobre un compendio de experiencias que concernen ós desexos íntimos da familia e ós seus modelos vitais, que mesturan modos de vida rural e urbana, tendo isto a súa tradución no espazo. Numerosos exemplos reafirman isto que levamos dito. Por exemplo a disposición na cociña dun receptor de televisión e de aparatos que consumen na cocción tres combustibles diferentes; a colocación do arcón no recibidor e a múltiple utilización do balcón como estancia, tendal e a un tempo secadeiro de froitos.

O desencontro entre os dous modelos vitais e culturais -urbano versus rural e privado versus público- teñen a súa expresión máis intensa nestas arquitecturas na oposición cociña - salón.

A cociña é lugar onde a familia se relaciona cos demais. Aquí é onde a familia aparece tal como é. Doutra parte, a sala é puro simbolismo. Nela todo, incluso o mobiliario, parece disposto para acoller a máxima representatividade familiar.

anexo 3

**EQUIPAMENTOS E CARACTERÍSTICAS DAS VIVENDAS FAMILIARES
APROXIMACIÓN ESTATÍSTICA**

1 ADVERTENCIA

FONTES

As táboas que a seguir se presentan son produto da elaboración propia do autor desta tese. Compendian información obtida en multitude de documentos e fontes. Citamos aquí as máis empregadas:

Atlas estadístico de la vivienda en España. Ministerio de Fomento. España, 1998.

Situación Actual y perspectivas de desarrollo de Galicia. Confederación Española de Cajas de Ahorro. Madrid, 1974.

Censo de Edificios y Viviendas de 1950. Presidencia del Gobierno : INE.

Censo de Edificios de 1981. Presidencia del Gobierno : INE.

Anuario Galicia en cifras Instituto Galego de Estatística, Xunta de Galicia. Diversas datas.

Estatística de edificación e vivienda, Xunta de Galicia. Diversas datas.

WWW.ige.xunta.es

www.ine.es

DATAS

Os datos presentados nas táboas refírense sempre ás datas que figuran nos seus encabezados. Excepcionalmente, por indispoñibilidade, utilizamos un dato próximo. Nese caso faise constar de acordo co seguinte criterio.

DATOS DE 1950

DATOS DE 1960

DATOS DE 1991

DATOS DE 1999

ABREVIATURAS

Evitouse a utilización de abreviaturas. Deste xeito a única presente no texto é:

sd co significado: sen datos.

2 EQUIPAMIENTO DOMÉSTICO

CARACTERÍSTICAS	Categoría socioeconómica do usuario / Tripo de hábitat	PROVINCIAS												GALICIA			ESPAÑA		
		A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA			1968	1981	1999	1968	1981	1999
		1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981						
ELECTRODOMÉSTICOS																			
FOGARES CON RADIO TRANSISTOR	Rural	59	67	67,5	51	72,5	75,6	60	59,1	63	42	62,3	57,5	53	65,2	99,8	70	67	-
	Urbano	80	87,7		67	81,9		66	75,8		78	75,2		76					
FOGARES CON RECEPTOR DE TV EN BRANCO E NEGRO	Rural	4	44,9	82	1	26,4	63,7	5	29,5	63,5	2	42,1	76,9	4	74,4	-	13	72	-
	Urbano	33	80,6		20	73,5		15	75,6		30	76,3		28			47		
FOGARES CON RECEPTOR DE TV A COR	Global	-	-	13,3	-	-	8,3	-	-	6	-	-	16,8	-	12,2	97,6	-	26,5	-
FOGARES CON FRIGORÍFICO	Rural	-	13,1	70,8	-	3,6	53,2	-	8	61,2	-	17,2	79,1	-	68,6	97,7	-	91,1	-
	Urbano	-	59,6		-	51,8		-	59,3		-	67,3							
FOGARES CON LAVADORA AUTOMÁTICA	Rural	-	1,3	-	-	2,8	-	-	1,6	-	-	2,8	-	-	93,1	-	-	-	-
	Urbano	-	25		-	28,9		-	31,2		-	30,3							
FOGARES CON SECADORA	Rural	-	0	-	-	1,1	-	-	0	-	-	0	-	-	-	-	-	-	-
	Urbano	-	4,8		-	6,1		-	2,1		-	3,9							
FOGARES CON LAVALOUZA	Rural	-	0	4,3	-	0	1,5	-	0	2,3	-	0	5,3	-	3,8	16,2	-	6,3	-
	Urbano	-	3,6		-	2,2		-	4,2		-	2,2							
FOGARES CON ASPIRADOR	Rural	-	0,7	16,2	-	0	7,9	-	0,1	7,4	-	0	21,5	-	14,8	-	-	17,7	-
	Urbano	-	11,4		-	10		-	11,4		-	12,2							
FOGARES CON TOCADISCOS	Rural	-	1,9	14,6	-	0,8	7,7	-	3	7	-	3	14	-	12	46	-	20,1	-
	Urbano	-	13,4		-	14,9		-	12,5		-	17							

3 INSTALACIÓNS DOMÉSTICAS

CARACTERÍSTICAS Categoría socioeconómica do usuario / Tipo de hábitat		PROVINCIAS											GALICIA			ESPAÑA			
		A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA			1968	1976	1981	1968	1976	1981
		1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981						
INSTALACIÓN DE FONTANERÍA																			
FOGARES HABITADOS, SEN AUGA ENCANADA	Rural		36,3			32,2			55,1			47,5							
	Urbano	92	10,6	3,1	95	6,2	12,5	97	20,5	15,6	93	23,1	10,8	-	-	8,9	80	-	3,8
FOG. HABIT., CON INST. DE FONTANERÍA. SÓ AUGA FRÍA	Rural	26	51,1		29	51		7	37,9		9	32,7		8			38		
	Urbano	58	31,4		57	36,8		36	31,6		57	29,6		54			77		
FOG. HABIT., CON INSTALACIÓN DE FONTANERÍA. AUGA FRÍA E QUENTE	Rural		12,6			16,8			7			19,8		1					
	Urbano		58,8	62,8		57	46,8		47,9	40,4		47,3	60,3	18		55,6			71,4
FOG. HABIT., SEN CONEXIÓN A ALGÚN TIPO DE ALCANTARILLADO	Rural															34,4			
	Urbano	81			94			97				86				12,4	80		
CUARTO DE ASEO OU BAÑO																			
FOGARES HABITADOS, sen RETRETE	RURAL	84	61,6		91	78,1		84	74,4		49	59,5		77			67		
	URBANO	32	12,2	12,4	51	13,4	35,3	54	18,6	35	12	23,3	16,8	32		21,3	22		7,6
FOGARES HABITADOS, CON RETRETE UNICAMENTE	RURAL		6,6			4,3			7,5			5							
	URBANO	15	5,2		8	8,5		7	15,3		11	5,9					25		
FOGARES HABITADOS, CON RETRETE E DUCHA	RURAL	6	6		2	4,3		4	8,4		9	5,7		5			12	24,7	
	URBANO	43	8,6		12	17,5		76	13,8		43	5,8		39			48	63,6	
FOGARES HABITADOS, CON DOUS BAÑOS	RURAL		0,8			0,4			0,2			0,4							3,2
	URBANO		5,3			7,2			8,8			12		2					21
FOGARES HABITADOS, CON MÁIS DE DOUS BAÑOS	RURAL	0	0			0			0			0							
	URBANO	0	0,6			0			0,2			0,6							

CARACTERÍSTICAS Categoría socioeconómica do usuario / Tipo de hábitat		PROVINCIAS												GALICIA			ESPAÑA		
		A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA			1968	1976	1981	1968	1976	1981
		1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981						
INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E ELECTRICIDADE																			
FOGARES HABITADOS, sen INSTALACIÓN ELÉCTRICA (1960)	Rural	42	18	0,3	55	40	5,7	61	21	1,2	47	11	0,8	sd	20,8	1,5	27	17,3	0,9
	Urbano		11			32			18			8,6			15,5			8,9	
FOGARES HABITADOS, sen CALEFACCIÓN	Rural	95	92	84,5	97	98	89,5	97	91	84	92	93	81,1	95		84,3	92		61,7
	Urbano		54			61			37			57							
TIPO DE COCIÑA																			
UNICAMENTE LAREIRA	Rural													27					
	Urbano													1	sd	sd	sd	sd	sd
UNICAMENTE COCIÑA DE FERRO	Rural													35					
	Urbano													1	sd	sd	sd	sd	sd
UNICAMENTE COCIÑA DE GAS	Rural		30	sd	0	sd	sd	0	sd	sd	0	sd	sd	sd	17	sd	2	46	sd
	Urbano	1	79																
COMBUSTIBLE UTILIZADO NA COCIÑA																			
GAS	Rural		30	sd	sd	9,9	sd	sd	19	sd	sd	25	sd						
	Urbano	sd	79			58			61			73							
LEÑA E GAS	Rural												16	sd	sd	sd	sd	sd	
UNICAMENTE ELECTRICIDADE	Rural		0,3	sd	sd	0,2	sd	sd	0,1	sd	sd	0,6	sd						
	Urbano	sd	6,9			5,4			6,2			5,2							
UNICAMENTE CARBÓN	Rural		1,1	sd	sd	0,4	sd	sd	0	sd	sd	0							
	Urbano	sd	2,6			9,7			0,9			0,3							
UNICAMENTE LEÑA	Rural		68	sd	sd	90	sd	sd	81	sd	sd	75							
	Urbano	sd	11			26			31			21							

4 RÉXIME DA VIVENDA

CARACTERÍSTICAS Categoría socioeconómica do usuario / Tipo de hábitat		A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA			GALICIA			ESPAÑA			
		1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1981	1999	1968	1981	1999	
RÉXIME DE TENZA																				
HERDANZA OU DIVERSOS TIPOS DE CESIÓN	Rural	24	47,9	5,5	59	67,6	4,8	62	62,1	6,2	65	70,2	8,6	66	sd	6,3	23	sd	77,4	
	Urbano		9,5			18			22,7			25		30						
COMPRA	Rural	35	35,3	788	16	24,4	83,3	19	33,1	84,4	13	19,7	77,1	21	sd	79,6	30	sd	14,8	
	Urbano		35			36,9			39,5			33,5		25						
ARRENDAMENTO	Rural	36	14,5	15,5	19	7,7	12,5	15	1,5	9,3	11	3	14,1	8	sd	13,9	39	sd	7,6	
	Urbano		48,8			37,7			28,8			29,6		38						
FORMA DE ADQUISICIÓN																				
COMPRA A PRAZOS	Rural														2	sd	sd	12	sd	sd
	Urbano														5	sd	sd	17	sd	sd

5 CONDICIÓN DE HABITABILIDADE

CARACTERÍSTICAS Categoría socioeconómica do usuario / Tipo de hábitat		A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA			GALICIA			ESPAÑA		
		1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981	1968	1976	1981
OCUPACIÓN (PERSONAS POR HABITACIÓN)																			
MENOS DE 1 PERSOA	Rural	sd	40	sd	sd	45	sd	sd	71	sd	sd	56	sd	sd	sd	65,5	sd	sd	60,34
	Urbano		67			65			66			57							
DE 1 A 2 PERSOAS	Rural	sd	45	sd	sd	48	sd	sd	25	sd	sd	40	sd	sd	sd	32,1	sd	sd	37,67
	Urbano		30			32			32			39							
DE 2 A 3 PERSOAS	Rural	sd	12	sd	sd	6,4	sd	sd	4,5	sd	sd	4,2	sd	sd	sd	1,14	sd	sd	1,3
	Urbano		2,5			2,2			2,5			3,6							
VIVENDAS ATEIGADAS (con 3 ou máis persoas por habitación)	Rural	4	3,1	sd	16	1	sd	10	6	sd	9	0,3	sd	7	sd	0,13	7	sd	0,69
	Urbano		0,2			0,4			0,2			0,4							

AS MIGRACIONES, CAUSAS E EFECTOS

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA
AS MIGRACIÓNS, CAUSAS E EFECTOS

PLÁCIDO LIZANCOS MORA

unha tese de doutoramento
no Departamento de
Representación e Teoría Arquitectónicas
Escola Técnica Superior de Arquitectura
Universidade da Coruña

presentada para a obtención do grao de
doutor en arquitectura pola Universidade da Coruña

director
Pedro de Llano

A Coruña, 31 de decembro de 2000

Probablemente fueron las visitas veraniegas de los americanos el primer móvil que tuve para alimentar, ya adolescente, la idea de que un buen día emigraría yo a América. Pero más importante que esta relación hasta cierto punto personal con mi sueño dorado americano, era la exposición pública de otro estilo de vida cotidiana, que brindaba la fuerza de ocupación instalada en la localidad [unha aldea alemá], cuya moral, en general, era considerada por los nativos como indigna de una nación vencedora, tal como podía deducirse de los comentarios, ya fuera a sus espaldas o abiertamente. Abandonaban hasta la ruina las casas que habían requisado, no tenían flores en los balcones y en lugar de cortinas colocaban telas metálicas en las ventanas. Las hembras andaban vestidas con pantalones y arrojaban las colillas de los cigarrillos que fumaban, manchadas de lápiz de labios, simplemente en medio de la calle; los hombres ponían los pies sobre la mesa, los críos dejaban por la noche las bicicletas tiradas en el jardín, y lo que se podía pensar de los negros, eso sí que no lo sabía nadie. Precisamente esas observaciones despectivas son las que por aquel entonces reforzaron mi añoranza por el único país del extranjero sobre el cual tenía por lo menos una idea.

SEBALD, W. G.
Los Emigrados

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA
AS MIGRACIÓNS, CAUSAS E EFECTOS
ÍNDICE

1	Os movementos migratorios na Galicia contemporánea	1
	Introducción	
	Breve historia das migracións galegas	
	As migracións contemporáneas e a construción do país real	
	Os movementos pendulares	
2	Causas das migracións	10
	Introducción	
	Causas da emigración	
	Os protagonistas da emigración	
	Conclusións	
3	A necesidade de casa na decisión de emigrar	20
	Introducción	
	A casa, unha necesidade de sempre	
	Conclusións	
4	Efectos da emigración	25
	Introducción	
	As migracións do ciclo americano	
	Efectos das migracións do ciclo europeo	
	Mutacións culturais	
	Unha nova realidade	
5	Efectos das migracións na arquitectura	46
	Introducción	
	Cambio cultural e vivenda rural	
	A casa do emigrante ¿tipoloxía diferenciada?	
	As novas construcións no mundo rural. Amplitude e extensión do fenómeno	
	A casa do emigrado. Novas formas de construír e usar a vivenda rural	
	A casa do emigrado. Unha arquitectura polémica	

anexos	A1 Series estadísticas da migración española	63
	A2 Series estadísticas da migración galega	76
	A3 Censo de poboación e vivendas de Galicia	81

ADVERTENCIA XERAL

Non cabe aquí analizar o fenómeno migratorio galego. Non é este o foro adecuado nin nos consideramos preparados para tal responsabilidade. Mais considerando imprescindible situar o tema desta tese -AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA- no seu contexto vémonos necesariamente obrigados a recapacitar sobre os movementos migratorios acaecidos na historia de Galicia. Así pois vainos interesar valorar a súa intensidade, coñecer as causas que os desencadearon, os efectos que produciron e determinar qué xentes as protagonizaron. Todo no seu conxunto, posto en relación coa actividade arquitectónica en xeral e coa da vivenda rural en particular.

No volume desta tese subtítulo "PERCORRIDO HISTÓRICO" encadeábase a historia das migracións coa da arquitectura en Galicia e todo isto á súa vez con outros acontecementos sociais, políticos, culturais e tecnolóxicos sucedidos dentro e fóra das nosas fronteiras.

Agora limitarémonos a expoñer o que outros, autorizados na materia, descubriron ou opinaron. Debemos advertir pois que aquí non se pretenden achegas orixinais, ofrecendo en troques unha coidada labor de selección e de síntese da información existente.

Eu tamén tiven un tío en América. E agardo telo aínda, a regar rosanovas no Panteón Gallego co seu cubo de cinc.

Manuel Rivas

¿Que me queres, amor?

INTRODUCCIÓN

En distintos períodos da historia de Galicia formáronse fluxos migratorios, atinxindo por veces, volumes moi significativos e efectos demográficos, económicos e sociais relevantes.

A partir dos inicios da década de 1960, os movementos espaciais da poboación acadan un grande relevo provocando transformacións no país. Unha parte significativa da poboación rural transferírase para outros sectores de actividade económica deixando as súas terras natais cara a outras áreas de Galicia, do Estado ou mesmo do estranxeiro.

O caudal migratorio diríxese principalmente para Europa tomando unhas proporcións considerables ata a súa ralentización, iniciada en 1975 como consecuencia da crise económica mundial e que desencadea o movemento de retorno. Desda data a hoxe tan só as saídas cara a Suíza seguen a manter certa relevancia.

Así as cousas e segundo datos do padrón de poboación actualizados a xuño de 1999 teñen a consideración legal de galego 4.109.288 persoas, das que residen en Galicia 2.705.688, é dicir, un 65% do total. No resto do estado español estaban empadroados nesa data 625.000 persoas (esto é, un 16%), no resto de Europa 210.500 (un 5%); en América 554.100 (13%) en tanto noutros continentes residen a penas uns 5.000 individuos.

BREVE HISTORIA DAS MIGRACIÓNS EN GALICIA

A prehistoria será testemuña de movementos masivos de poboación que dende as frías terras centroeuropeas acadan o noroeste peninsular en busca de alimento e acougo.

Celtas, romanos, bárbaros, árabes e mozárabes visitarán, por distintos motivos estas terras, deixando aquí pegadas de diversa intensidade.

Os naturais do país inician as súas andainas exteriores coa Reconquista, repoboando terras gañadas ó mourisco.

Os descubrimentos ultramarinos abren os fluxos migratorios estables se ben, en principio febles¹.

No século XIX o fluxo de galegos cara ás Indias é xa unha ferverza, principalmente cara á Gran Antilla e ás terras do Plata. Desencadea a concreción desta corrente migratoria a crise do noso sistema económico galego, in-



A elevada incidencia da emigración percíbese tamén nos cemiterios galegos. O emigrante agarda cando menos un derradeiro retorno. Arriba, lápida no camposanto de Outeiro, A Serra de Outes

¹ A este respecto convén recordar que conquista de América foi un empeño andaluz, extremeño e castelán.

capaz de sumarse á revolución industrial. Debemos sinalar aquí que concorren circunstancias nese momento que favorecen esto: a construción nacional das recén independizadas colonias hispanas e a abolición xeneralizada da escravitude fan necesaria a afluencia masiva de man de obra e ó tempo a mellora das comunicacións transatlánticas -acaba de introducirse a navegación a vapor- anima os desprazamentos.

Iníciase así o período que os estudiosos fan corresponder coas migracións modernas. Caracterizaranse estas por seguir as vicisitudes dun sistema económico cada vez máis mundializado e condicionado por servidumes de orde política.

Así por exemplo tralos acontecementos de 1898 -que supoñen a liquidación do mundo colonial español- incrementaranse espectacularmente as saídas, como consecuencia da forte demanda de man en Cuba. Estes movementos interromperanse a causa da I Guerra Mundial, que detén os transvases internacionais de poboación e colapsa a economía europea. Ó seu remate producirase un novo incremento -a emigración galega acadará o seu máximo histórico en 1920, ano no que abandonan Galicia un 5% dos seus residentes- o que debe interpretarse como unha emigración aprazada.

A crise económica mundial de 1929 significa na práctica o fin do ciclo americano para os movementos migratorios orixinados en Galicia. A interrupción dilatarase a consecuencia da belicosidade do período -Guerra Civil Española e II Guerra Mundial- prolongándose ata ben entrada a década dos cincuenta por causa do bloqueo internacional do Estado.

Mediada a década dos cincuenta, as circunstancias económicas e demográficas¹ internas provocan o reinicio das emigracións. Principia así o período das migracións contemporáneas que se abre cun breve pero intenso episodio cara unha Venezuela en expansión petrolífera se ben este lonxincuo destino pronto será substituído por outros máis próximos.

España coñece agora unha etapa de bonanza económica que beneficia fundamentalmente a tres áreas do Estado -o País Vasco e as áreas metropolitanas de Madrid e Barcelona- e, en menor medida a outras áreas, entre elas ás cidades da Coruña e Vigo, onde se crean "polos de desarrollo". Cara a estas zonas dirixiranse desde entón centos de milleiros dos nosos paisanos nun fluxo aínda non detido, que despoboará o interior de Galicia.

Tamén os países de centroeuropa, en forte expansión económica, demandarán man de obra abundante para

¹ Neste momento a primeira xeración nacida tralo baleiro demográfico ocasionado pola Guerra Civil debe incorporarse ó mercado laboral.

soportar o seu forte crecemento. Débese suplir a carencia de brazos duns países que acusan no cabo da década dos cincuenta a ausencia de brazos xoves trala masacre¹ da II Guerra Mundial.

As dificultades idiomáticas e de integración serán minimizadas polos nosos paisanos, quen emigran por centos de miles, atraídos por uns salarios moito máis elevados que os ofertados pola industria nacional.

O ciclo migratorio europeo deterase coa crise económica de 1973. Nesa data Europa pecha as súas fronteiras á man de obra estranxeira comezando daquela o retorno para moitos ou a integración para outros. A eliminación das fronteiras políticas internas entre os países da Unión Europea en 1992 supón a desaparición do concepto de emigrante e o levantamento das chatas e dificultades impostas á integración das nosas xentes naquelas terras. Neste momento a consolidación dunha situación de alto nivel de vida en Europa como consecuencia da crecente fortaleza económica da Unión Europea atrae multitudes de emigrantes de terceiros países ás súas portas, chegando mesmo algúns deles a unha Galicia que na fin do milenio debe afanarse na axuda dos seus fillos envellecidos na diáspora americana sen ter podido retornar.

Entre tanto a volta dos galegos emigrados en Europa acollidos agora por un marco político favorable tense ralentizado. Deste xeito é posible que unha elevada porción dos douscentos² dez mil paisanos que aínda permanecen alá termine integrándose definitivamente nos países nos que residen.

AS MIGRACIÓNS CONTEMPORÁNEAS E A CONSTRUCCIÓN DO PAÍS REAL

Os fluxos emigratorios anteriormente referidos -e agora falamos só das migracións do último dos ciclos- atinxiron practicamente tódolos recantos de Galicia, se ben os seus efectos téñense manifestado de forma desigual sobre o territorio.

As migracións interiores e exteriores provocaron a redistribución física da poboación no territorio e tamén a súa redistribución nos sectores económicos.

Desta maneira vastas extensións do interior do país desangráronse nun grande éxodo poboacional en favor da

¹ Nos campos e cidades de Alemaña, Francia, Inglaterra e Holanda morreron directamente como consecuencia de accións de guerra dez millóns de persoas. Na súa maioría eran varóns, pertencentes ó grupo de idade dos adultos xoves.

² Lembramos aquí que esta poboación equivale a que no seu conxunto reside nas cidaes de Lugo, Pontevedra e Ferrol.

rexión litoral onde se recolocou maioritariamente a poboación tralo retorno, con especial relevancia para os dous grandes polos urbanos e industriais de Vigo e A Coruña e as súas respectivas áreas de influencia.

Analogamente, a distribución da poboación en sectores económicos acusou unha forte transformación. No derradeiro tercio de século o sector primario minguou, pasando de representar ó 71,83 % da poboación en 1950 a tan só o 15,9% en 1999¹. Esta variación ten as súas excepcións nas áreas rurais, onde máis envellecida está a poboación. Alí non se chegou a acusar tal variación simplemente pola ausencia de efectivos demográficos xuvenís que asumiran a mutación. Velaí o caso do concello de Vilardevós, na alta montaña ourensá limítrofe con Portugal. Naturalmente esta alteración repercute na estrutura do produción galega, reducíndose continuamente a participación das actividades agropecuarias na formación do Produto Interior Bruto do país.



Á esquerda, mapa coa representación dos límites políticos das comarcas de Galicia. As outras dúas imaxes reflicten o peso demográfico destas demarcacións en 1961 e 1991. Trátase de dous gráficos de elaboración propia a partir dos datos censuais oficiais. Representan a densidade de poboación dunha maneira orixinal -en termos inversos ós habituais- esto é, a superficie que corresponde a un determinado número de habitantes.

¹ Fonte: *Población activa por sectores económicos*. Encuesta de población activa. Instituto Nacional de Estadística. España 1999.

POBOACIÓN EN CADA SECTOR ECONÓMICO (1964) E (1981) NA UNIÓN EUROPEA						
Territorio	Sectores económicos					
	Primario		Secundario		Terciario	
	1964	1981	1964	1981	1964	1981
Alemaña	11,4	3,2	49,9	36,0	38,7	60,8
Austria	21,8	7,3	40,8	32,1	37,5	60,6
Bélxica	6,9	2,7	47,2	28,3	45,9	69,1
Dinamarca	15,0	4,4	37,4	27,1	47,7	68,5
ESPAÑA	50,4	9,3	23,4	30,2	26,0	60,5
Finlandia	31,1	7,8	32,4	27,6	36,5	64,6
Francia	18,6	4,9	39,4	27,0	42,0	68,1
Grecia	56,3	20,4	18,0	23,2	25,7	56,4
Holanda	9,4	3,8	40,8	23,4	49,8	72,8
Irlanda	33,3	12,0	27,1	27,8	39,7	60,2
Italia	25,6	7,5	41,3	32,1	33,1	60,4
Luxemburgo	14,0	3,9	45,5	25,3	40,5	70,9
Portugal	43,7	11,5	25,1	32,3	31,2	56,3
Reino Unido	3,6	2,1	47,9	27,4	48,5	70,5
Suecia	12,4	3,3	41,7	25,8	45,9	71,0
Galicia	71,8	34,2	13,6	21,7	14,5	25,1
Provincia de Ourense	81,0	39,1	7,5	17,8	11,5	23,0
Concello de Vilardevós	sen datos	94,9	sen datos	1,8	sen datos	3,2

FONTE: Elaboración propia a partir de múltiples fontes estatísticas de cada país, localizadas en webs oficiais.

ESTRUCTURA DA PRODUCCIÓN GALEGA (Porcentaxe do PIB)							
Data	Actividades	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1971	agropecuarias	18,4	30,5	18,6	22	21,2	12,3
	construcción	5,9	5,2	11,2	6,6	6,7	6,7
	industria	27,3	20	28,2	25,8	26	31,1
	servicios	48,4	44,3	42	45,6	46,1	49,9
1995	agropecuarias	4,6	22,3	11,2	11,6	12,4	6,5
	construcción	9	8	11,9	8,9	8,2	6,2
	industria	32,8	21,5	18,1	23,7	23,7	27,7
	servicios	53,5	48,2	58,9	55,8	55,7	59,6

OS MOVEMENTOS PENDULARES

Non se pode concluír o estudio dos movementos migratorios sen facer unha reflexión, se quer de pasada, dos desprazamentos pendulares da poboación no noso territorio. Trátase de migracións de ciclo corto -diario, semanal, estacional ou similar- que seguen os individuos en pos do desenvolvemento dunha actividade profesional, de lecer, de formación ou ben para a realización de compras ou recibir certos tipos de asistencia.

Estes movementos son propios da Galicia contemporánea, tornándose significativos na década dos noventa. Aparecen e desenvólvense conforme se incrementa o parque automobilístico e madura o sistema viario galego, que no derradeiro tercio do século coñece un fonda renovación.

O espectacular incremento do parque automobilístico de Galicia reflíctese no seguinte cadro, elaborado a partires de datos da Dirección General de Tráfico. Está por estudar a incidencia das migracións neste proceso se ben pódese presumir alta.



PARQUE MÓBIL DE GALICIA						
Vehículos	Datas					
	1903	1965	1975	1981	1984	1996
Turismos	12	28502	298696	453930	583696	988513
Camións e furgonetas	2	17410	36669	82405	89732	166255
Autobuses	0	1521	2098	3468	3821	4405

A progresiva madurez do sistema viario galego ten reflexo nos mapas que se achegan. Expresan o viario de alta capacidade en tres datas significativas: 1960, 1980 e 2000.


As meirandes intensidades rexístranse no eixo que ten por extremos Ferrol e Tui e no entorno das maiores cidades. Os desprazamentos vehiculízanse maioritariamente a través do tránsito de automóviles particulares e, en menor medida por ferrocarril e autobuses de liña. Na área metropolitana de Vigo tamén é notable o fluxo de viaxeiros entre a cidade central e os núcleos dormitorio da marxe norte da ría que utilizan servicios de transporte marítimo. En tempada de verán os movementos pendulares teñen como destino as principais praias e zonas de ocio.

Estes desprazamentos favorecen todo tipo de intercambios sendo tamén os principais responsables da concreción nas áreas rurais do eixo atlántico dun hábitat diseminado, que violenta en moitos casos o sistema territorial preexistente.

Estando por definir a intensidade e outras características destes movementos limitarémonos a expoñer aquí certos parámetros da rede viaria galega que confirman a existencia e intensidade destes movementos.



Autoestradas de Galicia. O mapa superior recolle as existentes en 1980 e o inferior as do 2000.



Nestes dous mapas representáanse os índices IMD -Intensidades Medias Diarias- de circulación de vehículos na rede de estradas do país en 1960 e 1991.

"...demanda cuidado especial el caso de la emigración aislada femenina, que sin las garantías debidas arrastra a nuestras jóvenes a una aventura llena de peligros, expuesta a explotaciones, estafas y atropellos en el interior de las grandes urbes, sin que sea fácil el que nuestras autoridades consulares y servicios que establecimos para atenderlas les puedan prestar la protección eficaz y el apoyo debido. Son tantos los casos que descubrimos, desgracias y atropellos sufridos por muchas de estas jóvenes, que yo aconsejo a las familias españolas que corten esta clase de emigración, innecesaria, por otra parte, ya que la situación de empleo y remuneración de nuestro servicio doméstico es suficientemente satisfactoria para no sujetar a nuestras jóvenes a estos tristes vejámenes."

Francisco Franco

Extracto do discurso institucional en Televisión Española co gallo do fin de ano (30-12-1965)

INTRODUCCIÓN

Non existe unha única causa que provoque os movementos migratorios. Sen temor a errar, podemos afirmar que hai tantos motivos para emigrar como historias vitais. A este respecto Espiago¹ deixa ben claras as cousas cando di que “Todo lo que afecta al hombre puede motivar un traslado de residencia, porque, en la medida en que se percibe una situación diferente entre dos lugares, o entre dos sociedades, existe la posibilidad de un cambio” ou, dito de outra maneira “las causas susceptibles de tenerse en cuenta a la hora de explicar la migración, son tan amplias como las que podrían barajarse a la hora de analizar la existencia sedentaria de los hombres sobre un territorio.”

Leib² e Mertins fan un minucioso percorrido polas diferentes causas da migración. Permitímonos reproducilos aquí na súa literalidade xa que, segundo advertiamos, os nosos obxectivos nesta materia limitaranse á mera exposición ordenada das ideas de terceiros. Así pois, os motivos das migracións, de acordo con estes dous recoñecidos estudiosos da materia son:

- a) En primer lugar está la necesidad de encontrar trabajo en general mediante una emigración temporal. Este motivo prevalece en gran manera respecto a todos los demás motivos.
- b) En segundo lugar se cita muy frecuentemente la posibilidad que se ofrece de conseguir un mejoramiento esencial de los ingresos mediante una estancia en el extranjero.
- c) En relación con este último motivo se expresan por regla general deseos muy concretos, (conseguir una vida independiente, construcción de una casa, compra de una vivienda, etc.), que deben ser realizados tras el regreso con los ahorros reunidos.
- d) Con especial frecuencia ven los jóvenes en una estancia en el extranjero -como hace ver claramente una encuesta del Instituto Nacional (español) de Opinión Pública- la única posibilidad de dar el “salto” y apartarse de la agricultura y la estrechez social del pueblo.
- e) La esperanza de conseguir una mejor cualificación, que juntamente con los ahorros debe garantizar un ascenso social tras el regreso al país de procedencia, es citada asimismo frecuentemente como motivo de emigración.

Estamos pois en que as necesidades que desencadean as migracións abarcan un espectro moi amplo (económicas, emocionais, de ascenso social, de formación intelectual e profesional, de expresión política, e incluso de salvagarda da liberdade e da propia vida).

O tipo de migración que afecta ó individuo determinará o proceso que se desenvolverá nas fases seguintes, a saber, no lugar de destino e no de retorno. Baseándose no grado de elección persoal, as antropólogas Olmo³ e



Vuele con VIASA a Venezuela leese aínda no penal desta casa dunha aldea do Carballiño. Son os vestixios dun pasado aínda próximo.

¹ ESPIAGO, J. *Migraciones Exteriores*, p. 6

² LEIB, J. e MERTINS, G. Repercusiones de la emigración y retorno de los trabajadores en la estructura de la población, espacial y económica de las regiones de origen y destino. *Norba*, 1981, V. 2, p. 535

³ OLMO, M. de e QUIJADA, M. Las migraciones, procesos de desorganización y reorganización cultural. *Antropología*, 1992, n. 2, p. 149

Quijada establecen diferencias cualitativas entre distintos tipos de migracións. Afirman estas autoras que "una migración económica o intelectual implica algún grado de elección voluntaria, mientras que en el exilio, por el contrario, queda poco margen para la libre decisión, aunque también existen diferencias entre unos casos y otros, derivadas siempre directamente de las circunstancias de expulsión".

O grao de elección determinará tamén o prazo e os mecanismos preparatorios do traslado. Obviamente un meirande grao de elección acompaña a un período de planificación máis dilatado, o que pode permitir ó emigrante prepararse para tomar decisións de cara a conseguir unhas condicións de desprazamento idóneas. Así por exemplo, tratándose dun exilio, as posibilidades de elección reduciríanse a mínimos polo que o tempo de preparación para adaptarse á sociedade receptora será mínimo.

CAUSAS DA EMIGRACIÓN

Económicas

A causa máis repetidamente citada como desencadéante de procesos migratorios é a da busca da subsistencia. No texto máis antigo que nos foi dado encontrar con referencias a este tema, concretamente o do libro¹ cos relatos da viaxe que por Galicia realizou en 1806 o francés Alexandre Laborde manifesta que

A causa da emigración non é a extrema pobreza do país, como algúns viaxeiros escribiron, nin a falta de aplicación dos seus habitantes á agricultura, constandingo que a penas se cultiva unha sexta parte do reino, senón porque como case todas as terras están en poucas mans, fican mergulladas na miseria e vivindo moitos deles de boroa e verzas. Por esa falta de propiedades moitos millares de galegos vense obrigados a sairen á sega nas dúas Castelas, e a exercer o oficio de ganapáns ou mozos de cordel, e toda clase de servidumes...

Contemporánea pero non moi diferente é a análise de Carré², quen en 1919, exprésase así

No predomina entre los naturales de esta comarca [refírese á terra de Trasparga, Lugo] el espíritu aventurero que predomina en los del N. Es sola y exclusivamente la miseria quien los empuja a la emigración y a dejar, acaso para siempre, estos riscos más amados cuanto más ingratos e improductivos.

¹ Aventureiros e Curiosos; recompilador: GARRIDO, G.; p. 244

² *Geografía General del Reino de Galicia*. t. IX, p. 855

A penas catro anos despois o crego Castro López¹ abunda na materia, cun discurso acedo do que extraemos a seguinte cita:

El aislamiento en que ha vivido Galicia de las demás regiones hermanas, la dificultad de comunicarse con el resto del mundo, la falta de instrucción aplicada a los diversos ramos de riqueza que su suelo encierra, la carencia de caminos vecinales y las injusticias del mil veces maldito caciquismo, fueron la causa de la lamentable postración en que por mucho tiempo estuvo sumida nuestra idolatrada pequeña patria; pero el vapor, la electricidad y la imprenta, es decir, el progreso, juntamente con el gran rumbo que desde hace algunos años vino tomando la emigración, fueron los encargados de ponerla al nivel de las demás regiones.

Dado o que o estado de cousas parecía non ter mudado sensiblemente, este tipo de opinións seguiu vixente ata tempos moi recentes. Vemos o que opina Vilas Nogueira² en 1975

Galiza é un país precapitalista, povoado por traballadores que viven dun mísero xornal, que eles mesmos sacan da terra ou do mar; sen industrias dabondo pra ausorber o escendente de poboación labrega a mariñeira; cun *paro forzoso* e cun *déficit* pecuniarío constante, que se resolve pacificamente por medio da emigración.

A miseria aparece referida polos investigadores como causa primeira de entre as provocaron os movementos migratorios contemporáneos. Tal é o que nos di Valadés³ "...[dende moi antigo] la presión demográfica sobre los recursos disponibles para la manutención del grupo ha sido solventada a menudo con la emigración de una parte de la comunidad o de individuos aislados."

Ase as cousas estamos con Beiras⁴ Torrado en que "Dende un punto de vista demográfico, a emigración galega ven substituir, no ciclo moderno, a función desempeñada no ciclo antigo pola mortalidade catastrófica -pestes, guerras e fames- frecuentemente ensarilladas."

Outras causas

Apuntabamos anteriormente que a emigración non se xustifica cunha única causa.

No amplo e aínda inconcluso debate tecido en torno ó mundo e ás circunstancias da chamada "epopea migratoria galega" téñense dito moitas outras cousas sobre as circunstancias xeradoras de migracións. Na nosa vocación

¹ CASTRO LÓPEZ, R. *La emigración en Galicia*, p. 4

² VILAS NOGUEIRA, X. R. A relación vila-aldea: conflito explícito.... En *A Galicia rural na encrucillada*, p. 176

³ VALADÉS SIERRA, J. M. Antropología de las migraciones. En *Revista de Dailectología y Tradiciones Populares*, v. 49, n. 2, p. 234

⁴ BEIRAS TORRADO, X. M. A emigración, o seu papel na dinámica...En *A Galicia rural na encrucillada*, p. 41

de seleccionar o máis representativo do dito tema abrimos materia coas seguintes verbas de Castelao¹

Nós creemos que a emigración galega non se axeita doadamente ás interpretacións materialistas, aínda que as necesidades económicas nos empurrasen decote a buscar terras de mellor vivir. Na vontade de certos emigrantes hai motores máis fortes que a pobreza, como na vontade dos homes sedentarios hai sentimentos que matan a fame.

...

Os emigrantes galegos son empurrados por causas imponderables, que ninguén soupo desentrañar...

...

...so pretexto de necesidades materiaes, emigraron para satisfaceren anceios metafísicos e cumpriren os destinos da nosa raza viaxeira, magoada de saudades e ao mesmo tempo enraizada no chan nativo.

Establece o rianxeiro criterios inmateriais para xustificar esta situación. Non foi o primeiro nin o único. Moitos, nomeadamente xentes do mundo das letras, sostiveron argumentos semellantes. Por exemplo, Correa-Calderon², quen aínda recoñecendo a paupérrima situación do agro naquelas datas -a década dos vinte- non dubida en afirmar

El que no posee nada en Galicia se va a otras tierras, pero más que en su pobreza hemos de creer en "el genio inconstante, altanero y amigo de tunar", que les lleva a los países más distantes, más organizados... [...]

Los segundones, aquellos que tenían el orgullo del primogénito, pero no su dote, fueron los que colonizaron América. Antes que el oficio o la clerecía, les ilusionaba más la aventura de lo desconocido. La ambición rondaba su frente como un gerifalte.

Insólitos son tamén os argumentos esgrimidos por Carré³ en 1919, cando ó falar das terras de Ribadeo menciona de pasada a actividade migratoria que daquela existía na zona aventurando algunha das súas causas

La emigración es importante. Acostumbradas las gentes del distrito, desde el nacer, a oír hablar a los indianos enriquecidos que de América volvieron; familiarizados con el mar que es casi para ellos un amigo y un compañero, al mar se lanzan en pos de otras tierras y en busca del codiciado y áureo vellocino. Claro que no es la suerte propicia para todos por igual; pero la vida es lucha, y nadie piensa en los que sucumben en ella, sino en los que de ella vuelven triunfadores, felices y envidiados.

se ben podemos entender mellor este argumento, expresado así por Valadés⁴

...cuando una comunidad pierde a un número considerable de sus miembros a causa del éxodo, la emigración llega a institucionalizarse, se convierte en una tradición y atrae a otros posibles migrantes, funcionando como una progresión geométrica.

Máis pragmáticos e, seguramente realistas, eran os que querían ver na fuxida ás obrigas militares unha poderosa razón para acometer a expatriación.

Unha vez máis Correa-Calderón⁵ daranos a idea do que na década dos vinte se pensaba sobre o tema e ademáis unha lección de despropósitos

¹ CASTELAO; *Sempre en Galiza*; p. 209

² CORREA-CALDERON, E. *Índice de utopías gallegas*; p. 33

³ *Geografía general del Reino de Galicia*. t. IX, p. 691

⁴ VALADÉS SIERRA, J. M.: Antropología de las migraciones. En *Revista de Dailectología y Tradiciones Populares*, v. 49, n. 2, p. 234

⁵ CORREA-CALDERON, E. *Índice de utopías gallegas*; p. 13

Es por desasosiego, nada más que por desasosiego; o quizá también por la topografía sugeridora. Nosotros tenemos dicho que era la curva del camino, la montaña, el mar, lo que invadía de ansias ambulatorias a los hombres de esta tierra. Era también, en la edad juvenil, por no servir al Rey. En estos espíritus sencillos de labriego, la patria es el paisaje de todos los días. Ni existe en ellos el concepto de región. Antiguamente, por no servir al Rey -que era para ellos dolor y guerra, unos años estériles- estos mozos se mutilaban las manos. Hoy, emigran.

Agricultura

Onde parece haber un acordo maioritario é en atribuírle ás industrias do agro a incapacidade para reter ás xentes na súa terra.

Interesante é o texto que presentamos do intelectual Vicente Risco¹ quen en 1917 entretece os diversos motivos polos que se emigraba

No son ya un par de jóvenes, hijos de familia, que de éste o del otro municipio, espoleados por el deseo de probar fortuna, se van al azar en pos del ignorado albur, los seis o siete aleccionados de cada comarca o aldea, que viendo el éxito de algún repatriado de fortuna, su vecino, sienten el estímulo de la envidia y parten a las *Cólquidas* americanas en busca del *Vellochino de Oro*. No; no son ya los aventureros que por acaso se van, sino los que, agobiados por el cúmulo de tributos que pesan sobre la tierra, la dejan por insuficiente para responder a la existencia de sus cultivadores; son, por decirlo en una palabra, los que avergonzándose de ser labradores en su país, de trabajar sus propias tierras y las del vecino, llevan sus brazos a enriquecer países extraños a los nuestros.

El oficio de labrador lleva un estigma deshonoroso, y se huye para ser esclavo de otras tierras y de otros hombres: allá se les queda la juventud, la sangre y hasta la vida a los que pasan el Océano.

Martinez-Risco² abunda no tema e exprésao con esta claridade

...o microfundio nas terras labrantías de encosta, val e ribeira, opera o fenómeno contrario: a necesidade de concentración dos eidos e a disgregación dos homes, pra facer posible a outención dun índice económico mínimo na súa explotación por un soio titular. E o fenómeno que, xunguido a outras cousas ambientais coincidentes na relaxación dos vencellos coa terra que o sostén (a dureza do traballo pola falla da súa mecanización, a atracción da cidade, os progresos na técnica e nas industrias estra-xeionais), produce o mal da emigranza.

Da mesma maneira meridiana expón en 1962 Paz Andrade³ “...La raíz del mal se capta a la vista. Se capta con sólo tomar en cuenta que los cinco sextos de la población siguen formando lo que llamaremos una sociedad inmovilizada en el trabajo de la tierra”.

Recollemos tamén a opinión de Gabino Castro, presidente do Centro Galego de Lisboa, por considerala coinci-

¹ *Geografía General del Reino de Galicia*, t. X, p. 107

² MARTINEZ-RISCO MACIAS, S. As Institucions xurídicas e a vida económica e social de Galicia. En *Introducción á economía galega de hoxe*, p. 109

³ PAZ ANDRADE, V.: Galicia Como Tarea. Ediciones Galicia; p. 18

dente co expresado por moitos dos nosos informantes durante o noso traballo de campo. Extractámola da entrevista que se publica no número de xuño de 1995 da revista *Galicia ó lonxe*, editada polo centro lisboeta.

P - Que motivos levaran os galegos emigrar para Lisboa e que é o que esperaban alcanzar neste país?

R - Os galegos emigran para Lisboa porque na Galiza as necesidades eran enormes. Aquele minifundio galego, com os senhores feudais (isso vem já detrás), colocavam o povo numa miséria enorme. O galego foi obrigado a emigrar, exactamente, por não ter condições na sua terra para sobreviver. [...]

P - Pensa, então, que foi un condicionalismo geográfico que levou os galegos emigrar?.

R - Sim, foi un condicionalismo geográfico e unha necesidade premente. As terras eran normalmente arrendadas, mal davan para um quanto mais para um agregado familiar numeroso....

P - Assim parece que as condições geográficas se aliou uma condicionante social, ou seja a própria estrutura e organização da sociedade contribui para a emigração galega?

R - Exactamente, o galego foi sempre enxovalhado pelo poder central. Essa circunstância, felizmente, já acabou.

OS PROTAGONISTAS DA EMIGRACIÓN

Para a identificación e a completa definición do protagonista da emigración valémonos das estatísticas oficiais que con meticulosidade burocrática realizou a Administración sobre os seus nacionais emigrados. Compre por tanto advertir de entrada que este tipo de documentos non computa os migrantes clandestinos que son, por exemplo a maior parte dos exiliados e tamén dos galegos emigrados dende Portugal, país no que buscaban refuxio rápido aqueles que pretendían eludir o servico de armas para posteriormente expatriarse a terceiros países. Da lectura dos datos que aquí se expoñen tírase que a emigración foi predominantemente unha misión de varóns, menores de vintecinco anos de idade, cun nivel formativo escaso estando ocupados antes da migración no sector secundario.

EMIGRACIÓN EXTERIOR ESPAÑOLA CLASIFICADA POR (GRUPOS DE IDADES 1946-63)				
Grupos de idade	Emigración transoceánica		Emigración a Europa	
	Nº emigr.	%	Nº emigr.	%
Menos de 15 anos	116.490	15,85	1.545	0,32
De 15 a 25 anos	153.188	20,86	122.136	25,52
De 25 a 55 anos	413.064	56,24	353.699	73,73
Máis de 55 anos	51.764	7,05	2.106	0,43
Total	734.506	100,00	479.666	100,00

EMIGRACIÓN EXTERIOR ESPAÑOLA, CLASIFICADA POR SEXOS (1943-63)				
Años	Emigración transoceánica		Emigración continental	
	Hombres	Mulleres	Hombres	Mulleres
1946	3.472	2.103	sen datos	sen datos
1947	7.491	6.041		
1948	10.697	8.459		
1949	24.433	17.477		
1950	31.792	23.522		
1951	33.193	23.714		
1952	33.507	23.141		
1953	26.893	17.679		
1954	31.436	20.982		
1955	33.097	25.140		
1956	29.449	23.633	2.412	296
1957	33.393	25.507	6.521	314
1958	25.567	21.612	12.801	654
1959	18.032	17.188	23.322	733
1960	18.980	15.348	38.047	2.791
1961	19.662	16.833	84.476	19.556
1962	18.415	17.766	131.488	18.428
1963	12.597	13.255	137.718	23.107
Total	413.106	301.721	436.785	65.879

EMIGRANTES POR SECTORES ECONÓMICOS (1946-63)						
Poboación	Ultramar		Europa		Total	
	Emigr.	%(*)	Emigr.	%	Emigr.	%(*)
Sector primario	129.803	35,72	295.550	61,82	425.353	50,55
Sector secundario	147.187	40,51	168.411	35,21	315.598	37,51
Sector terciario	86.358	23,77	14.177	2,97	100.535	11,94
Total poboación activa	363.348	49,47	478.138	86,73	841.486	68,96
Poboación inactiva	371.158	50,53	6.342	13,27	377.500	31,04
TOTAL CONXUNTO	734.506	100,00	486.580	100,00	1.218.986	100,00

Fontes: *Estadísticas de emigración exterior de España; Ministerio de Trabajo (España)*

CONCLUSIÓNS

Cando emprendiamos o estudo das causas da emigración galega buscabamos dúas cousas: recoñecer quen emigraba e identificar as causas das migracións.

As circunstancias ata aquí referidas fan reiterada referencia a situacións propias do mundo rural. Así pois todo parece indicar que a emigración é unha desafortunada característica inherente ós homes do agro.

A realidade confirmanos que así é. Os estudos¹ e as estatísticas reflicten que entre os emigrantes é maioritaria a participación da poboación rural, que traballa na industria agraria precapitalista e posúe niveis de renda baixos pero non mínimos.

Para concluír queremos manifestar a nosa identificación con Sixirei² no referido as migracións modernas en Ga-

¹ A este respecto v. p. ex.: CARDÍN TORÑO. Emigración. En *Gran Enciclopedia Gallega*, p. 30

² SIXIREI PAREDES, C. *Galeguidade e cultura no exterior*, p. 46-47

licia. Estas non serían o resultado

...dunha superpoboación desbordante, nen do afán de aventuras dunha colectividade nacional con telúricas vocacións de pobo errante. Esa retórica oca que tanto gostou para disfrazalo drama dun país historicamente derrotado. A emigración é o resultado e, ao mesmo tempo, o mais craro sintoma do fracaso sen paliativos, da política sistemáticamente aplicada polos sucesivos gobernos españois, foran liberais ou conservadores, republicanos ou monárquicos, dictatoriais ou democráticos, moderados ou progresistas, que se sucederon en Madrid dende a morte de Fernando VII ata a chegada da Segunda República.

Finalizamos este capítulo reproducindo aquí as conclusións de dous recentes traballos promovidos por institucións de solvencia, *Fundación Fondo para la Investigación Económica y Social* e a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. A primeira conclúe así de clara un estudio publicado en 1979 sobre o retorno na provincia de Ourense¹: "La causa primordial de la emigración es, con toda probabilidad, esencialmente económica" en tanto a COTOP pon fin ó seu *Estudio de reconocimiento territorial de Galicia. Identificación y explicación de problemas territoriales*² en estes termos

...en la actualidad el problema de la industrialización en la región está todavía sin resolver, su fracaso y su insuficiencia vienen probados por las altas tasas de emigración y de altos índices de poboación activa agraria...

O mellor dato que podemos utilizar para explicar a importancia da razón económica como desencadeante da emigración queda expresado na táboa³ que segue. Nela móstranse as principais partidas -ingresos por turismo, remesas de emigrantes e importacións- da balanza de pagamentos do sistema económico español entre os anos 1960 e 1976. Comprobamos claramente a trascendencia das aportacións realizadas por quen algúns dan en chamar os exiliados económicos.

PRINCIPALIS PARTIDAS DA BALANZA DE PAGAMENTOS ESPAÑOLA (en millóns de ptas)

Data	Importacións	Exportacións	Ingresos por turismo	REMESAS DE EMIGRANTES
1960	41.287	44.710	17.790	3.321
1965	165.347	61.147	66.294	18.043
1970	302.765	172.022	117.655	32.814
1975	862.293	448.224	199.853	55.764

¹ *La emigración en la provincia de Orense. El retorno y sus perspectivas*; p. 21

² *Estudio de reconocimiento territorial de Galicia. Identificación y explicación de problemas territoriales*, p. 44.

³ Fonte: Ministerio de Comercio, *Balanza de Pagos de España*.

El campesino y el burro visitaron a los parientes del campesino en la aldea, para pasar la noche con ellos. Esos parientes estaban construyendo precisamente una casa ilegal en el suburbio. A esas casas las llamaban [en turco] *gecekodu*, "llegadas de noche", es decir, tenían que ser construidas en una noche y, si se estaba dentro con unas camas, la policía no podría ya seguramente derribarlas.

El pariente preguntó al campesino qué viento lo había traído a Estambul. El campesino estaba muy cansado. El burro respondió:

-¿No lo has oído En *Alamania* llueven perlas. Una perla de esas llovió en el oído del tío del campesino, y el campesino va a *Alamania* a recoger perlas.

El burro y el campesino cayeron en la cama. Hacia el amanecer se despertaron... sin techo sobre sus cabezas, mientras llovía polvo sobre ellos. La policía había arrasado ya la mitad de la casa. El campesino y el burro tuvieron que ir rápidamente a la oficina alemana de colocación para el control médico. El pariente de la aldea comenzó a construir otra casa ilegal y dijo al campesino:

- Tráete una casa de *Alamania*.

Emine Sevgi Özdamar
La lengua de mi madre

INTRODUCCIÓN

Das moitas causas que na bibliografía dos estudos migratorios se presentan como desencadeantes dos procesos migratorios unha delas resúltanos especialmente próxima. Esta é a necesidade que de dotarse de casa de seu teñen os individuos.

No ámbito desta tese comprobamos que maioritariamente o proxecto persoal de emigración contén en si mesmo o da casa construída. Esta tendencia, detectada por moitos dos que se aproximaron ó estudio dos movementos migratorios confirmámola entre os nosos informantes durante o traballo de campo.

Villanova¹ quere ver aquí o aseguramento contra a precariedade nun contexto caracterizado ata tempos moi recentes pola inexistencia de políticas institucionais de auxilio social e de promoción da vivenda. Cardelús² e Ramón y Ballesteros³ ensarillan a cuestión da vivenda con outras forzas, que no seu conxunto serían as desencadeantes da emigración. Dinos o primeiro que “la exigencia de satisfacer un determinado grado de necesidades sociales (educación, asistencia sanitaria, vivienda, relación y comunicación personal, etc.)” provoca este fenómeno social”. Non moi distinta é a opinión do segundo, quen ve na expatriación a “evasión a dictados de la necesidad; la rebelión contra una vida que no ofrece mayores estímulos, y en una palabra: el incontenido deseo de una emancipación económica que dignifique al individuo y le haga ensanchar las perspectivas de unos horizontes que tantas veces no es capaz de encontrar en su país” para concluir que, no estranxeiro “a costa de muchos sacrificios [os emigrados], son capaces de conseguir, lo que jamás pudieron lograr en sus pagos. Por ejemplo: un sobrante en metálico que les ha permitido construir una casa, y el importe de unas pesetas para guardarse sus propias espaldas”.

A construción da vivenda propia aparece como factor que provoca a expulsión de poboación en tódalas sociedades rurais depauperadas. Recollemos aquí algúns exemplos tanto en terras próximas como en países afastados tal como Xapón ou Bangla Desh.

¹ VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*, p. 28.

² CARDELÚS, J. e PASCUAL, A. *Movimientos migratorios y organización social*; p. 36.

³ RAMÓN Y BALLESTEROS, F. de. *Los que ganaron la aldea: (Radiografía de un pueblo)*; p. 117

Reproducimos aquí as interesantes conclusións do estudio de Kobayashi¹ sobre o retorno dos xaponeses á súa terra nai na rexión de Kaideima, emigrados masivamente á cidade canadiana de Vancouver no primeiro tercio deste século.

First priority was given to housing. Those who had not previously owned their own homes bought land and built houses. [...]. Those who already owned houses improved them. Many also bought additional land and built houses for second and subsequent sons, those who in similar circumstances but without the advantage of emigrant wages would have moved to urban areas in Japan and never returned to Kaideima. For many, there were periods of up to twenty years and longer before a return to Japan could be accomplished and the houses occupied².

Non menos interesante é o referido por Gardner³ sobre as actuacións dos naturais de Talukpur (Bangla Desh) emigrados en Londres, unha vez retornados a súa terra.

The use of remittances [polos emigrantes] to build new houses has been reported all over the world. In Talukpur these are *pucca* (stone), and painted in bright colours, sometimes with designs of flowers along the outside trellises and the name of the owner and date of building embellished on the front. They have large, spacious rooms with wooden doors, and sometimes cement floors (not in Talukpur). Many have windows, and all have verandahs running along their fronts, so that women can sit and work in the fresh air, but need not be exposed to the eyes of strangers. One house in Talukpur has two storeys; in richer Londoni⁴ villages this is common place.

Many migrants still live in the bamboo-and-mud houses which are common to Bangladesh, and to much of the village. The poorest of these amount to no more than tiny, airless huts without a tube-well or latrine. But no Londoni lives in such a place (although some migrants to the Middle East do)⁵.

¹ KOBAYASHI, A. Emigration to Canada and development of the residential landscape in a japanese village... . *Canadian Ethnic Studies*; p. 122

² A primeira prioridade dábaselle á habitación. Aqueles que non posuían previamente vivenda de seu mercaron terra e construíron casa. Aqueles que xa tiñan unha casa en propiedade mellorárona. Moitos tamén compraron máis terras e construíron unha segunda casa para o segundo e os subseguintes fillos, aqueles que en circunstancias semellantes pero sen os beneficios dunha migración teríanse trasladado a unha das áreas urbanas do Xapón e nunca retornarían a Kaideima. Moitos, tomáronse prazos de ata vinte anos e máis antes de que o seu retorno a Xapón significase a ocupación da súa vivenda.

³ GARDNER, K. Global migrants, local lives: travel and transformation in rural Bangladesh, p. 133

⁴ *Londoni* é a denominación coloquial que reciben na súa terra os naturais de Bangladesh retornados de *London* (Londres).

⁵ O uso de remesas [polos emigrantes] para construír novas casas ten sido referido en todo o mundo. En Talukpur son de *pucca* (pedra), e pintadas en brillantes cores, algunhas veces con deseños de flores nos valados exteriores e o nome do propietario e a data de construción decorando na fachada. Teñen grandes, espaciaosas habitacións con portas de madeira, e as veces están pisadas en cemento (non en Talukpur). Moitas teñen ventás, e todas teñen galería en todo o seu frente, así que nelas poden sentar as mulleres e traballar ó fresco, sen estar expostas ós ollos dos estranos. Unha casa en Talukpur tiña dous pisos; nas casas dos *Londoni* ricos esto é un feito corrente. Moitos emigrados aínda viven nas casas de bambú e barro que son propias de Bangladesh e comúns nas aldeas. Os máis pobres non poseen máis que cativas e mal ventiladas cabanas sin auga encanada ou letrina. Pero ningún Londoni vive nestas condicións (se ben algún emigrantes do Medio Este si).

Máis próximas a nos son as descripcións que a continuación expoñemos, referidas ó Algarve, a Castela e a Andalucía. Así as cousas, no distrito no Algarve, concretamente no distrito da Guarda no sur de Portugal, segundo unha enquisa realizada por Alberto Martinho¹ en 1980, un 62% dos emigrados referíanse á construción da casa propia como esforzo prioritario en tanto que outros² investimentos acadaban posicións secundarias.

Kenny³ no seu estudio sobre os efectos da emigración en Ramosierra (Soria) describe o escaso impacto das achegas económicas dos retornados sobre os sectores productivos do sistema económico local, inclúe a construción⁴ da vivenda entre as accións prioritarias dos retornados. David Gregory⁵ descobre tamén este tema en Andalucía, onde para os emigrantes, de cara a "maximizar su seguridad en su comunidad lo primero y principal es establecer una vivienda separada o mejorar materialmente la situación de su casa".

A CASA, UNHA NECESIDADE DE SEMPRE

Na ampla bibliografía existente sobre o tema faise notar que a determinación da importancia real da consecución da casa sobre a decisión de emigrar formou parte xa en datas moi temperás do debate que en Galicia se deu encol da emigración, as súas causas, beneficios, prexuízos e, no seu caso, formas de evitala. Nesta polémica Carreiras y Candi⁶, en 1915, terciarán loando á emigración

En la forma que hacen hoy muchos su viaje a América, hay mucho de la emigración de las aves. Van únicamente a la zafra a Cuba, a la recolección a la Argentina y a otros países, como iban antes a la siega a Castilla, con la diferencia de un viaje más cómodo y con mayor resultado que les permite realizar en breve plazo un modesto capital que de otro modo no verían junto jamás. Con él aumentan su propiedad territorial, edifican su casa, libran sus fincas del foro y ellos se redimen y hacen hombres.

¹ MARTINHO, A. T. *Sondagem a emigrantes no distrito da Guarda*, Cadernos da Revista de Historia Económica e Social, p. 170

² Estes son: o depósito a prazo (31 %), a adquisición de terras (27 %), a compra de títulos en sociedades inmobiliarias e a compra de pequenos comercios (3,7%).

³ KENNY, M. e outros: Los vínculos de los expatriados españoles del siglo XX en su país natal. En *Los aspectos cambiantes de la España rural*, p. 181

⁴ Segundo Douglass as remesas "Pueden contribuir a pagar impuestos, o curar una enfermedad, o para poner techo nuevo en la casa de la familia, pero en todo caso no surten consecuencias espectaculares en la comunidad como tal."

⁵ GREGORY, P. P. Rural exodus and the perpetuation of Andalucía. En *Los aspectos cambiantes de la España rural*, p. 144

⁶ *Geografía general del Reino de Galicia*. t. I; p. 130

En termos parecidos maniféstase, uns anos despois, a Asociación de Propietarios de Lugo, no seu Informe *Sobre Cuestiones Forales a Cortes*¹

...También se achaca a la subdivisión del agro gallego, la corriente emigratoria y nada más lejos de la verdad. [...] En Galicia es muy corriente, constituye la característica especial de la corriente emigratoria, el hecho de que miembros de una familia se ausenten para América con el único objeto de ganar el dinero suficiente para mejorar una casa, para adquirir una finca confinante para aumentar su producción, y una vez obtenida la cantidad estrictamente necesaria para realizar sus proyectos, regresan a su hogar para invertir en él lo que con su trabajo han obtenido, sin perjuicio de repetir la excursión cuando nuevamente estimen conveniente realizar una mayor valorización de los terrenos que cultivan.

Esta opinión veu sendo sostida deica hoxe por practicamente tódolos investigadores da materia xa que o proceder aquí referido mantívose entre os que emprenderon a migración nas postremeiras do século XX.

Así Sandomíng² en 1995, analizando as circunstancias da emigración dos galegos cara a Europa di

... a diferencia de otros tiempos, la emigración de nuestros días parece centrar su ilusión en el logro o la determinación de una pensión de jubilación o, en su caso, de enfermedad y, previa la inversión de los recursos obtenidos y ahorrados en una vivienda en el núcleo más próximo, de los tradicionales o en expansión, vinculándose a él de por vida y creando así nuevo asiento familiar.

Os primeiros traballos sobre a emigración desenvoltos xa con metodoloxía científica tamén detectaron esta cuestión. Así é polo que no estudio³ "Migración y sociedad en la Galicia contemporánea" afirmase -agora con certa acritude- que

... la generación actual de Galicia, la de la guerra civil es una generación itinerante aún cuando sus actos traslativos, desde el campo a la ciudad, cuando no al extranjero, están dictados por acuciantes necesidades económicas, que en parte podrían cubrirse con la mejora de cultivos y ganadería, con el desarrollo de industrias derivadas y con el mejoramiento de las condiciones de vida del habitat rural.

Parecidas conclusións presenta o traballo desenvolto pola *Fundación Fondo para la Investigación Ecomómica y Social*⁴

En cuanto a la vivienda, hoy nadie duda de que uno de los factores condicionantes de la situación social que predispone y empuja fuera al emigrante es la inadecuación de la vivienda, expresión de unas pautas tradicionales, pero también de una inferioridad económica y de entorno que facilita la toma de conciencia y la convicción de que lejos de allí se puede vivir mejor.

¹ Informe que sobre cuestiones forales presentan a las Cortes Constituyentes la Asociación de Propietarios de la Provincia de Lugo, p. 17

² SANDOMINGO, T.: El Campo Gallego : la mutación de su paisaje. En *La Coruña, paraíso del turismo*, 1995.

³ *Migración y sociedad en la Galicia contemporánea*, p. 120

⁴ *La emigración en la provincia de Orense. El retorno y sus perspectivas*, p. 42

Cando avaliamos o impacto real das remesas dos emigrantes sobre a vivenda rural, unha vez máis debemos facer constar que nos estamos a mover nun terreo que nunca foi obxecto da investigación nin sequera da estatística.

Para o auxilio do noso traballo temos que recorrer entón a fontes indirectas como son a determinación dos momentos nos que se universalizan os equipamentos da vivenda ou se producen determinadas melloras que hoxe temos por imprescindibles no fogar.

Nesta orde de cousas, datos como a variación no número dos seus usuarios do edificio e a implantación de instalacións hixiénicas -que son ofrecidos polos censos¹- vannos permitir fundar as nosas hipóteses.

CONCLUSIÓNS

Confirmamos a primacía da demanda de construción, ampliación ou reforma da vivenda propia entre as causas desencadeantes da migración en tódolos tempos.

Facemos nosa, a autorizada opinión de Paz Andrade², quen afanado no estudio da transformación social da Galicia contemporánea, que "no una mera crisis económica" ve, tanto "en la creciente inhabitabilidad de la vivienda rural como en el espejismo de la sociedad de consumo las causas que imprimieron al proceso crónico de la desintegración rural un grado de aceleración prácticamente incontenible".

Os masivos movementos migratorios sucedidos en Galicia no último século e medio e, en particular no tercio final do século XX, son a expresión do referido proceso de desintegración do mundo rural.

¹ Presentamos aquí esta pequena táboa como adianto da expresiva remesa de datos que temos extraído dos censos de vivendas e que se exponen noutro lugar desta tese. A súa lectura fainos evidente a mellora das condicións de habitabilidade da vivenda -principalmente no ámbito rural- coincidindo co período de eclosión das migracións a Europa.

Data	Fogares con lavadora automática	Data	Fogares sen auga corrente	Data	Vivendas ateigadas (3 ou máis individuos por cuarto)
1976	1,3 % (no medio rural)	1968	92 %	1968	4 %
1999	93,1 % (media galega)	1981	8,9 %	1991	0,13 %

² PAZ ANDRADE, V. Los gallegos. En *La sociedad y la economía*, p. 92.

...nunca mejora su estado quien muda solamente de lugar y no de vida y costumbres.

Francisco de Quevedo y Villegas
Historia de la vida del Buscón llamado Don Pablos

INTRODUCCIÓN

O continxente humano que emigrou de Galicia durante o século XX aproxímase ó millón de individuos¹. A magnitude da cifra resulta aínda máis impresionante habida conta de que estamos a falar dun país pequeno, cunha poboación, que no período referido nunca acadou os tres millóns de habitantes.

Tan masivo fluxo de xentes non deixou nada indemne, repercutindo a nivel demográfico, económico, social, político e cultural tal e como nos di Sánchez López² "... la salida de los emigrantes obliga a una reestructuración profunda del *espacio social* de la comarca. Una *recolocación* de hombres, de cosas, de creencias, de costumbres, de instituciones y su transformación interna."

Dende a antropoloxía as migracións interprétanse como unha parte do proceso de modernización da comunidade humana. Neste caso o retorno dos emigrantes é un axente do cambio cultural que antecede á mudanza dos patróns tradicionais de vida da poboación. Este proceso -asi nolo refire Gregory³- ten interesado tanto ás máis antigas civilizacións, como ás sociedades tribais relativamente menos sofisticadas, xa que todas "... han dado igualmente prueba de no ser capaces de resistir el señuelo de la modernización, posibilitado por medio de la migración, con sus promesas de un mejor bienestar material."

Os analistas da nosa realidade deron conta sistematicamente do impacto que a emigración tivo e ten na caracterización deste país. Por eso non nos sorprende que un dos máis recurrentes temas na nosa historiografía contemporánea sexa o debate coñecido como "debate das remesas" é decir, aquel que se planteou entre os detractores e os instigadores da emigración. Este debate, tendo momentos de diferente intensidade, implicou a tódolos que se achegaron ó estudio das nosas cousas.

Como iniciador queremos citar aquí a Manuel Murguía quen aló por 1910 xa consideraba "fundamental" a aportación dos emigrantes para a prosperidade económica do país. Das opinións máis recentes traemos a de Manuel



WELCOME saúda o felpudo inglés no umbral dunha casa de Sabardes, Serra de Outes

¹ Estas cifras equivalen a un volume medio anual de 10.000 emigrantes. Considerando que a idade habitual na que se emprendía a emigración situábase entre os quince e os vintecinco anos, un individuo tipo antes de expatriarse tería visto emigrar, por diante súa, de 150.000 a 250.000 compatriotas (entre os que se incluírían veciños, amigos e familiares).

² SANCHEZ LÓPEZ, F. *Movimientos migratorios de Galicia*, p. 159.

³ GREGORY, D. D. Rural exodus and the perpetuation of Andalucía. En *Economic transformation & Steady-state values*, p. 137.

Rivas¹, contraposta -como vemos- á do home de Rosalía:

El gran drama de la emigración es que no transformó la economía gallega. Ayudó a muchas familias a sortear el umbral de la miseria pero no cambió la faz de la Tierra prometida, ocupada, eso sí, por un enjambre de oficinas bancarias atraídas por el flujo de divisas. Hay lugares en Galicia donde faltan los servicios más imprescindibles, pero no es difícil encontrar una sucursal bancaria, de la más diversa procedencia, con rótulo reluciente.

EFECTOS DAS MIGRACIÓNS DO CICLO AMERICANO

Non querendo terciar nun debate que consideramos alleo limitarémonos a expoñer as posicións duns e de outros.

Iniciamos a exposición reproducindo un artigo anónimo publicado en 1914 no xornal bisemanal vilalbés *El Ratón*²

No hay apenas casa en que no viva ningún habanero. Con raras excepciones todos viven independientes, sin tener que mendigar protección de ningún déspota perdonavidas. Y esa vida independiente, garantía de libertad, para ejercitar lo derechos del ciudadano, unida a la cultura y a las virtudes cívicas que aprendieron en tierras y países menos llenos de vicios políticos, son el gran medio de revolución social. [...]

De Cuba viene el dinero que se necesita para atajar el hambre de los años míseros; de Cuba viene el dinero para todas las obras benéficas que aquí hacemos; en Cuba se fundan sociedades de instrucción para levantar en las parroquias edificios escolares donde educar a la juventud que el municipio y el Estado abandonan; de Cuba tienen que venir, por consiguiente, los vientos de fronda que barren para siempre el obstáculo de todo progreso; el caciquismo imperante, enemigo de la instrucción, de la beneficencia y del bienestar del pueblo.

Tan apaixonada defensa da emigración só pode entenderse nunha sociedade tensionada por crónicas e múltiples carencias das que as necesidades sociopolíticas non estaban ausentes.

O historiador Núñez Seixas³ nos seus recentes traballos ve -con criterios estrictamente científicos- nos *indianos* personaxes que axudaron a acadar estes obxectivos, contribuíndo

...de maneira decisiva a forxar e engrosar no rural galego unha elite inqueda e activa [...] tanto uns coma outros pódese afirmar, desempeñaron unha función modernizadora no plano sociopolítico en Galicia, novos hábitos organizativos e, ata certo punto, novas maneiras de vivir a política.

O certo é que as contribucións económicas dos emigrados supuxeron para a Galicia de entreséculos o impulso da

¹ RIVAS, M. *Galicia, Bonsai Atlántico : descripción del antiguo reino del oeste*; p. 78

² *El Ratón*, n. 40- 41, (1914)

³ NÚÑEZ SEIXAS, X. M. ¿Americanos revolucionarios ou indianos reformistas?. Sobre os emigrantes e a política na Galicia da Restauración (1900-1923). *Anuario Brigantino*, n. 17, p. 228

súa agricultura. Isto era o que lle daba pé ó xornalista Luís Pita¹ en 1922 a manifestarse así "... llega el gran reflujo benéfico de la emigración: las transformaciones de cultivos en Galicia, el tránsito de nuestra economía de consumo a una economía industrial [...] ¿De dónde puede sacar el labrador el capital? De América."

Ningún dos estudos contemporáneos que se teñen feito sobre a migración do ciclo americano deixa de recoñecer esta realidade. Ase de claro é Villares²

El éxodo hacia América permitió liberar a la agricultura de la fuerte presión demográfica que sufría y proceder así a un incremento de la actividad y la producción (mediante mejoras técnicas y organizativas) y, en fin, la mayor mercantilización de la producción agraria gallega que se observa en el primer tercio del siglo veinte sería impensable sin el fenómeno migratorio...

vendo no

pago de contribuciones, el desempeño del "gando posto", la adquisición de tierras llevadas en arriendo, la eliminación de rentas forales y, finalmente, la compra de tierras e incluso lugares de importante extensión a viejos hidalgos, nobles o propietarios urbanos...

o destino concreto do aforro do emigrado.

Por outra parte sorprende que o capital canalizado cara a investimentos industriais fora moi escaso, limitándose a aventuras illadas de solitarios emprendedores³. A este respecto Xan Carmona⁴ nos explica que

El indiano gallego, el que hizo verdaderamente capital en América, después de redimir los foros de las tierras familiares, se instala en la ciudad o en la cabecera de su comarca y vive en muchos casos de las renta que le proporciona el capital acumulado. Cuando invierte, lo hace en más tierras, o -menos veces- en una pequeña tienda

[...]

Un tal comportamiento era extremadamente razonable; después de sudar para hacer fortuna en América, el indiano quería invertir sobre seguro, y en Galicia lo seguro era la tierra. Porque si el dinero repatriado que llegó a Cataluña en la década de 1820 tras la pérdida de las colonias continentales sirvió para dar impulso a la mecanización de la industria algodonera, fue porque ya existía toda una estructura industrial que permitía ofrecer a los posibles inversores unas razonables esperanzas de beneficios; situación esta muy distinta de la de la Galicia de la misma época.

Así pois podemos pensar que a influencia económica real da emigración limitouse a enriquecer a un reducido grupo

¹ PITA ROMERO, L. La civilización que crean los humides. *Casa América - Galicia*, p. 2.

² VILLARES PAZ, R. El indiano gallego: Mito y realidad de sus remesas de dinero. *Los Cuadernos del Norte*, p. 32

³ Presentabamos noutra parte desta tese algúns casos de experiencias industriais promovidas por retornados. Por exemplo a de Manuel Losada Carrara, enriquecido en Cuba. Retornado a Vigo funda na década dos dez deste século a Compañía General Gallega de Electricidad, a Compañía de Tranvías Eléctricos de Vigo e a Vidriería Gallega. Tamén é significativa a experiencia de Eloy Domínguez Veiga, nacido na Garda en 1885 e emigrado en 1920 a Manises (Valencia) onde traballa na afamada fábrica de cerámica da localidade. Retorna xubilado a Catoira e aquí levanta a fábrica de gres cerámico que aínda hoxe está operativa. Notable é tamén a actividade neste campo de García Barbón, quen establece entre outras industrias, o balneario de Cabreiroá e a liña de autobuses Verín - Vigo.

⁴ CARMONA BADÍA, X. Los indios y la cuestión industrial en la Galicia del XIX. *Los Cuadernos del Norte*, p. 45

de individuos -navieiros, bancarios, especuladores de terras, ganchos captadores de emigrantes e pouco máis- en tanto que para a meirande parte dos individuos que permaneceron en Galicia o esforzo dos seus familiares na diáspora traducíuse nun limitadísimo aporte, tal e como se deduce das investigacións realizadas por Villares¹ na comarca de Chantada

A pesar de que eran muy cuantiosos los giros anuales remitidos, también eran muy copiosos sus destinatarios. Por esa razón, el conocimiento detallado de estos recipiendarios de envíos de dinero desde América permite comprender los límites y la auténtica dimensión de estos flujos financieros tan elevados en términos absolutos. De los datos relativos a algunos destinatario de giros domiciliados por la casa de banca de Soto [radicada en Chantada] se desprenden algunos hechos significativos. La mitad de ellos no recibe más que un giro en toda su vida y el promedio general de las remesas se sitúa en una cantidad inferior a las setecientas pesetas.

concluindo que o capital dos emigrantes americanos

...con ser importantante y haber tapado muchos huecos que la economía interna gallega no sería capaz de cubrir, no se concentró en grandes inciativas industriales, comerciais o bancaria. Su destino fue más humilde y disperso, tal como correspondía a la categoría social de los dos polos de las remesas.



At the left is a mother and child as they stepped off a boat from Europe; at the right the same persons the next evening ready to meet the husband and father for the first time in 1-1/2 years.

As pautas de vestido acusan os efectos das migracións. A imaxe que aquí presentamos formaba parte dun estudio oficial -publicado na década dos vinte- sobre a adaptación dos inmigrados á cultura ianqui. Ilústrase a vestimenta dunha muller e dunha nena "before and after" asúa chegada ós EE. UU. Reprodúcese do libro de M. Shapiro, *Ellis Island* (1991), p. 159. Na foto inferior comprobamos esto mesmo na Galicia contemporánea. Obtida na porta de chegadas do aeroporto de Santiago, representa o encontro entre un home, retornado tras dunha prolongada ausencia e un familiar non emigrado. Foto: Xoán A. Soler, *La Voz de Galicia*, 31-10-1995, p. 24



¹ VILLARES PAZ, R. op. cit. p. 34

As influencias inmateriais das migracións foron, sen dúbida, as que meirande preocupación levantaron no seu momento entre as persoas con opinión e tamén as de meirande transcendencia real diante da modernización de Galicia. Entre estas espertaron grande preocupación as perturbacións no comportamento social dos retornados. O influínte Vicente Risco¹ retrata de maneira apocalíptica as transformacións que neste eido se producían na década dos vinte

No orde moral, América mandounos a irrelixión, o rompimento dos vencellos familiares, a falta de respecto e mesmo o trato cruel aos vellos, a frecuencia do adulterio, as prácticas anticoncepcionistas e o aborto provocado, os praceres contra natura, os narcóticos e os estupefacientes, a falta de pudor nas mulleres, a falta de escrúpulos nos negocios, o deprezo da vida agrícola, a despoación do campo, etc.

Todo elo fai que se requira unha profunda acción sanitaria e moral no campo galego para empecer a extensión de males que moitos deles están aínda nos comezos, e un severo control sobre a emigración para reducila e canalizala.

Sorprendente é tamén a relación que o galeguista quere establecer entre emigración e enfermidade²

...a emigración ten outros efectos, se cadra máis importantes, de orde vital e de orde moral. A raza galega, unha das máis robustas de Europa, decaí vitalmente por mor da emigración. En parte polo exceso de traballo a que se entregan en América, con defeito de mantenza e a veces a climas esgotadores, e polo exceso de traballo que carrega sobre os que fican; en parte polo aviciamento de costumes, polo consumo de café e de alcohois que se introduciu nas aldeas, por unha vida menos natural que hoxe se fai... O certo é que enfermidades que denantes non se coñecían fixeron a súa aparición no agro galego. Entre elas revisten unha extraordinaria gravidade, pola rapidísima extensión: a tuberculose, a avariose e o cancro, as que non hai dúbida que nos viñeron principalmente de América.

Tamén Álvarez Limeses³ vía na emigración americana a orixe da tuberculose

Una de las principales causas productoras de esta enfermedad en Galicia es la inmigración. América, que se lleva lo más florido de nuestra juventud, nos devuelve anualmente un gran contingente de tuberculosos, producidos por agotamiento en el trabajo y por contagio masivo.

Sendo así de conservadores os argumentos referidos á transformación dos costumes e da saúde pública ben podemos imaxinar o sentido das opinións verbo das transformacións de orde política provocadas polos emigrados retornados. Unha vez máis na obra enciclopédica de Carreras y Candi⁴ encontramos a opinión que nos interesa.

Agora referíndose ós canteiros de Cotobade advírtenos que estes homes

...trabajan en toda España; algunos van temporalmente a las minas de Asturias, no pocos a poblaciones como Madrid, Vigo y Orense, etc, de donde suelen regresar con ideas socialistas con el marchamo de agrarias, que se traducen en la constitución de asociaciones políticas.



Inscripción en lingua portuguesa nunha casa en Caritel, Pontecaldeas.

¹ RISCO, V. *O problema político da Galiza*; p. 63

² RISCO, V. op. cit., p. 63

³ *Geografía general del Reino de Galicia*. t. XII, p. 107

⁴ *Geografía general del Reino de Galicia*. t. XII, p. 322

En xeral en Galicia durante a fase migratoria americana predominan as testemuñas de observadores alarmados sobre o negativo influxo dos retornados nos costumes e comportamentos sociais. Opinión común era -e así nolo recorda Núñez¹- definir ós retornados como

...descreídos, irrelixiosos e potenciais revolucionarios, que perderan na América o respecto polas tradicións e, influídos polo movemento obreiro arxentino ou cubano, a masonería e mailas *malas lecturas*, converténdose á súa volta a Galicia en instigadores de ideoloxías *subversivas*.

O crego Ramón Castro López², estudioso das cuestións migratorias, laiarase en 1929 dende a súa parroquia nas terras de Lemos que no agro galego, "donde se respiran aires puros y costumbres puras, a donde no llegan las doctrinas de los sectarios de nuestros días", o influxo dos *americanos* insería o desprezo "a la fe cristiana y a las veneradas tradiciones de nuestros mayores". O mesmo Otero Pedrayo³, terciará -nunha data tan tardía como 1965- no tema, comparando as formas de conducirse dos nosos paisanos no agro coas dos habaneiros

... O labrego antigo movíase "canónicamente", traballando, camiñando, na casa, no baile. Todos os seus aitos -na lareira, comendo, falando ó domingo, deitando a súa xente e deitándose- obedecían a régula, e curtesía. E non "paseaba" nin polo campo da festa. Sabíanse enteirar en fatos, en grupos, no folgo, no peirao, cun senso xerárquico. Os "habaneros", ós mediados do século XIX, e moito despois algúns noivos, diron en paseare, entre a crítica e repuñaanza da aldea...

En resume, o retornado é visto como un axente perturbador tanto polos seus novos costumes -adquiridos nun medio urbano- como polas súas ideas progresistas e laicistas, enfrontadas contra o ordenamento político- social tradicional.

Moitos dos efectos inmateriais aquí referidos chegaron á Galicia rural a través dos numerosos centros educativos construídos ou equipados pola munificencia dos emigrados. Advertimos que nos máis destes centros impartíanse ensinanzas cun criterio laico e con metodoloxía renovadora. Desta maneira estas escolas aldeás devirán con frecuencia en niños de conflitos entre as forzas conservadoras e as progresistas da localidade. A súa clausura polas autoridades, xeneralizada tralo trunfo fascista na Guerra Civil resulta ben expresiva.

Vicente Peña⁴ profundo coñecedor da actividade dos emigrados no eido da educación tráenos novas dalgúns destes conflitos, como por exemplo o rexistrado en 1924, en Devesos, Ortigueira, cando o Gobernador Civil da Pro-

¹ NÚÑEZ SEIXAS, X. M. ¿Americanos revolucionarios ou indianos reformistas?. Sobre os emigrantes e a política na Galicia da Restauración (1900-1923). *Anuario Brigantino*, n. 17, p. 225

² CASTRO LÓPEZ, R. *Reseña histórico descriptiva de la parroquia de Villar de Ortelle y su comarca (...)*, p. 2

³ OTERO PEDRAYO, R. A aldea galega no seu decorrer histórico, en: *Grial*, nº 8, 1965; p. 136

⁴ PEÑA SAAVEDRA, V. A obra socioeducativa dos emigrantes orteganos, 1905-1936. *Encrucillada*, v. 7, p. 32

vincia da Coruña -previa unha inspección xudicial do material e a biblioteca escolar- ordenou a clausura da escola dos emigrados da aldea esgrimindo, entre outros argumentos, que no centro referido "se alimentan y difunden ideas disolventes, se ataca la religión del Estado y se siembran doctrinas perniciosas".

Entre as influencias inmateriais non podemos esquecer as lingüísticas. Como curiosidade traemos aquí a nova, datada en 1919, da presión que sobre o galego falado no lugar de Nespereira, Pontearreas, exercía a lingua portuguesa

La gente -dinos o nos informante¹- emigra desde hace muchos años a Portugal, de donde ha habido también inmigración a la parroquia, hasta tal punto de que ésta puede considerarse más como una aldea o aldeas portuguesas que gallegas, pues se habla el portugués preferentemente y no el gallego.

Moitos son os que ven nas migracións ás repúblicas sudamericanas a causa da expansión da lingua castelá na Galicia rural. Así se facía ver no artigo da sección "O que todo galego ten que saber" do semanario en lingua galega *A Nosa Terra* correspondente ó primeiro de decembro de 1926

Eíquí [en Galicia], os efectos etnográficos da emigración nótanse na *costrución arquiteitónica e no vestido* (nos que tenden a imitar o que viron naquelas terras); no *idioma* (adoución do castelán ou corrupción do galego); no crebamento da *orgaización familiar* galega; nalgunhas usanzas tradicionás, especialmente na *múseca* (sustitución da gaita pola charanga ou corrupción da gaita, con claves, clarinete ou requinto, caixa, etc) e na *danza* (introdución do agarrado, bailes eisóticos); no relaxamiento da *relixiosidade* (escolas laicas, etc); na introdución de *supersticiós* novas (espiritismo, teosofía, etc.).

Algunhas vegadas, tamén produz aborrecemento polo traballo da terra. Moitos americanos, á volta poñen na aldea e deixan a aixada.

Obviamente as transformacións que os retornados provocaron ou induciron na súa terra -das que nesta cita xornalística se enumeran algunhas- resultaron ser decisivas para a evolución e transformación de Galicia. Hoxe, con perspectiva histórica estamos en condicións de afirmar -con Peña²- que á marxe das aportacións materiais as remesas intanxibles,

...inmateriales, invisibles o casi ocultas que a través de una amplia gama de recursos simbólico-comunicativos incluso subliminales incidieron en las mentalidades de la gente del campo, precipitaron mutaciones perceptivas y valorativas que luego se manifestaron en actitudes y comportimientos concretos.

Sen dúbida entre as remesas intanxibles a máis importante é a da formación e capacitación profesional das nosas xentes. Desto deu conta Carreras y Candi³ quen, coa súa inconfundible linguaxe manifestará en 1917 "... la emigración devuelve hombres fuertes y conscientes los que no hubieran, tal vez pasado de la categoría de cosas de

¹ *Geografía general del Reino de Galicia*. t. XII, p. 762

² PEÑA SAAVEDRA, V. El retorno. Las remesas escolares, benéficas y sociales de los emigrados. En *Galicia e América : cinco séculos de historia*, p. 212

³ *Geografía general del Reino de Galicia*. t. I, p. 129



no haberse ausentado de la patria.

Os cambios culturais aniñan incluso na pia bautismal. José Luis e Delia teñen por fillos a José Luís -como o seu pai- e a Vanessa, chegada dalgún insólito lugar (físico ou mental). Nas imaxes da columna da dereita: a cancela da finca e a casa desta familia en Meixide, Palas de Rei.

Malia os graves prexuízos que a meirande parte dos estudiosos e individuos con opinión pública viron na emigración, nas máis das xentes deuse un manifesto agarimo a incluso admiración cara ó emigrado. Non en van a inmensa maioría das familias residentes no mundo rural estarían afectadas directamente por este fenómeno. Por esta razón os poetas da época cantaron ó emigrante en termos laudatorios. Non reproducimos aquí ningunha des-tas

odas. No seu lugar preferimos expoñer a opinión dun historiador¹ contemporáneo quen se expresa así verbo dos emigrados da súa vila natal

...por su carácter altruista, el americano era visto siempre con cariño por su compaisanos, pero también con respeto, que infundía no sólo con su casa, sus coches o su lengua castellana, sino también con su magnanimidad, experiencia y muchas veces con su simpatía, producto de la alegría del hombre que vuelve a casa con los frutos de su trabajo, la cual derrochaba y compartía con sus paisanos en sus venidas veraniegas.

EFFECTOS DAS MIGRACIÓNS DO CICLO EUROPEO

O debate das remesas non se cerrou co fin das migracións cara América, crecéndose diante da evidencia de que as remesas económicas dos emigrados galegos en Europa estaban a ser conducidas a destinos foráneos polas entidades bancarias nas que eran depositadas polas nosas xentes expatriadas en centroeuropa.

Moitos se preguntaron daquela en qué medida incidía en Galicia a emigración a Europa dende o punto de vista económico e social se ben algúns, cegados diante do caudal de divisas entrante non atinaron a ver máis aló do mostrador das oficinas bancarias. Por exemplo Ramón Canosa², quen retratou desta guisa a situación "...nuestros trabajadores emigrados refuerzan la economía regional, al tiempo que traen alegría a los familiares que se ven alejados de la penuria."

Se o diñeiro americano serviu para acceder á propiedade agraria fuxindo da aventura empresarial o capital europeo, tamén temerosos dlante dese risco, aplicárase na transformación da propiedade agraria. Destinos habituais serán tamén a construción de vivenda propia -desto falaremos en capítulo aparte- e a constitución dun pequeno comercio ou establecemento hostaleiro que asegure a sobrevivencia económica do individuo retornado. Conseguído todo isto, o diñeiro europeo dirixírase cara á satisfacción de necesidades secundarias, as veces suntuarias.

Os máis dos estudos coinciden en que o impacto económico da emigración no medio rural foi intranscendente por canto o caudal de divisas que chegou foi fraccionado e conducido xeralmente cara investimentos de escasa produtividade. A este respecto Rafael Baltar³ afirma que

¹ VILLA ÁLVAREZ, J. M. *La emigración guardesa a Puerto Rico*, p. 10

² CANOSA, R. *Nuevas estampas de un pueblo gallego*; p. 75.

³ BALTAR TOJO, R. *Arquitectura y preexistencias. Una referencia gallega*, p. 60

...al proceso de evolución rural no ha contribuido apenas el retorno del emigrante, conocedor de otras situaciones; tal proceso es obra preferente de quienes permanecieron en Galicia; los emigrantes retornados por propia voluntad, por paro en industrias exteriores o por jubilación, se limitan, en general, a la inversión de sus ahorros en la construcción de una nueva vivienda o mejora de la que ya poseían, promoviendo un cambio más aparente que real; su ahorro se encuentra más predispuesto a seguir iniciativas en zonas urbanas, periurbanas o del litoral, con particular preferencia, de todas formas, hacia la inversión en la vivienda propia.

Coinciden coa opinión do arquitecto galego os antropólogos alemáns Leib e Mertins¹, quen identifican os efectos económicos positivos da emigración

...si es que existen, en unas pocas ramas de la industria -la mayoría de la veces de la construcción- y en personas, la mayoría de las veces pertenecientes a la clase alta, a quienes pertenecen los solares, fábricas de ladrillo, etc.

Sexa como for o caso é que neste período a renda familiar dispoñible aumentou notablemente, mesmo máis aceleradamente que a do conxunto do Estado, tendo a emigración sen dúbida algunha, certa responsabilidade nisto. No cadro que a seguir se presenta, elaborado a partir de datos económicos oficiais publicados polo *Instituto Nacional de Estadística*, advírtese claramente esta situación. Facemos notar que os datos achegados representan valores medios. Pódese supoñer por tanto que no mundo rural o valor da renda dispoñible será inferior ós ratios aquí indicados.

RENDA INTERIOR DISPOÑIBLE (RENDA PER CÁPITA EN PESETAS DE 1970)			
Data	Valor	Galicia	España
1955	Valor absoluto	23474	33636
	Valor relativo	100	100
1960	Valor absoluto	26303	36664
	Valor relativo	112	109
1971	Valor absoluto	49773	68300
	Valor relativo	212	203
1981	Valor absoluto	68121	86206
	Valor relativo	290	256

¹ LEIB, J. e MERTINS, G. Repercusiones de la emigración y retorno de los trabajadores en la estructura de la población, espacial y económica de las regiones de origen y destino. *Norba*, v. 2, p. 138

A incidencia da emigración na modernización do sector agrario galego -e nisto hai coincidencia de opinións- foi extraordinaria. Este sector segundo múltiples estudos, ós inicios da década dos setenta presentaría un estado non moi distinto do que podería mostrar no medievo. Sixirei¹ descríbemos a “silandeira revolución” que se produciu nesa década para superar tan escandaloso estado de cousas

Esta revolución -dinos- traducíuse nunha importante inversión realizada polo campesiño en maquinaria, novas construcións e melloras da gandería. Tal investimento non sería posible se non fose polos xiros dos emigrantes.

Abonda un exemplo. No Concello de Trazo, ó norte de Santiago, o 70% da construción adicada a vivenda, estábulos ou pallotes foi anovada total ou parcialmente no período comprendido entre 1970 e 1985. A este dato cumpriría engadirle o de mecanización. Tomando como mostra unha parroquia deste concello, Xavestre, atopamos con que de 3 tractores existentes en 1963, pásase a 19 en 1972 e a 72 en 1981 (a cala foi feita en 10 aldeas das 21 de que consta a parroquia) ou de 7 muíños eléctricos en 1972 a 67, nove anos máis tarde.

Esta positiva incidencia estaba a acompañarse -sen que ninguén se percatara- de outra “silandeira revolución”: moitos dos labregos emigrados tralo seu retorno á aldea estaban a abandonar a actividade agrícola o que, paradoxicamente acelerará a solución dos problemas crónicos do mundo rural. No cadro que se achega verificamos, da man dos datos dos censos de poboación, a progresiva terciarización do sistema económico galego.

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN DE GALICIA POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Sector	Datos					
	1900	1920	1930	1964	1981	1999
Primario (agricultura e pesca)	86,0	82,8	65,4	71,8	34,2	15,9
Secundario (industria e construción)	5,9	7,3	14,6	13,6	21,7	27,1
Terciario (servicios)	8,1	9,9	20,0	14,5	25,1	48,7
De difícil clasificación	-	-	-	-	-	8,3

Boa mostra do que acabamos de dicir é o enorme crecemento amosado polo subsector comercial neste período. Aquí a influencia da emigración -unha vez máis é unha cuestión que ninguén estudiou aínda- antóllasenos moi directa por canto a montaxe dun pequeno comercio co que asegurar a subsistencia aparece repetidamente entre os nosos informantes como unha das actuacións acometidas tralo retorno definitivo.

¹ SIXIREI PAREDES, C. *San Cristobo de Xavestre : chequeo a unha comunidade rural*

NÚMERO DE LICENCIAS COMERCIAIS								
Tipo de comercio	Datos							
	1964		1975		1981		1984	
	val. absoluto	val. relativo	val. absoluto	val. relativo	val. absoluto	val. relativo	val. absoluto	val. relativo
Maioristas	2570	100	4875	190	7656	298	10439	406
Minoristas	26112	100	38941	149	44457	170	43778	168

A terciarización e o despoboamento do agro producíronse diante do coñecemento da Administración que durante a autarquía viu na emigración unha válvula de escape de tensións e conflitos sociais. Proba desto é o discurso lido polo Marqués de Santa Cruz, subsecretario de Asuntos Exteriores, o 14 de xullo de 1956 nas Cortes Españolas co gallo da presentación dun proxecto de lei para a creación do Instituto Español de Emigración

...la emigración frenó el paro, derivó conflictos económicos y sociales, y finalmente fue nuestro gran elemento de presencia en el mundo en esta época posterior al desastre de 1898.

[...]

..estudios recientes han demostrado que la emigración no ha influido de manera peligrosa para nuestra demografía, antes bien ha constituido un importante elemento de mantenimiento de equilibrio en ciertas zonas españolas, como las provincias del Noroeste, evitando paro agrícola en regiones ya saturadas por minifundio.

As distorsións na demografía e o abandono da actividade agraria, característicos das sociedades rurais en crise, son situacións ben coñecidas dos antropólogos. Así por exemplo Olmo e Quijada¹ entenden que

la salida de un fuerte contingente de población desde un determinado sector social o profesional puede producir un vacío en la sociedad emisora que implica una desorganización, porque es necesario suplir las funciones que este grupo desempeñaba, y esto no es siempre fácil.

En Galicia as xentes do Instituto Español de Antropología Aplicada² en 1970, aínda con prexuízos de rancio sabor, advertían que

...como más graves consecuencias planteadas por la migración, cabe destacar el abandono definitivo del campo por aquellos cap-tado por la misma; la pérdida de los valores tradicionales y olvido de las costumbres locales, con el consiguiente daño en el ethos local; el desvanecimiento de los prejuicios con respecto a los roles desempeñados desde antaño por las familias más linajudas e incluso la despreocupación creciente por los estatutos locales.

¹ OLMO, M. de e QUIJADA, M. Las migraciones, procesos de desorganización y reorganización cultural. *Antropología*, n. 2, p. 146

² *Migración y sociedad en la Galicia contemporánea*; p. 192.

Como consecuencias en cierto modo positivas, podrían anotarse primeramente las repercusiones educacionales que en los hijos de los emigrantes tiene el poderse costear estudios laborales y de segunda enseñanza, y más tarde enseñanzas universitarias o técnicas; el aumento del poder adquisitivo de muchas familias, puesto en evidencia no sólo en un mayor consumo de artículos de primera necesidad, sino también en la demanda y expedición de otros bienes económicos que hasta hace un par de años sus adquirentes no soñaron poseer (televisores, frigoríficos, cocinas y estufas de gas butano, etc.).

Réstanos indicar que na década dos setenta prodúcese a liquidación do mundo rural preindustrial. Agora, nun lapso moi breve van ser convulsionados o conxunto dos principios que conformaban o universo non urbano. Falamos de elementos como a estrutura da familia, os mecanismo de herdanza, a relixiosidade popular, a vitalidade da lingua vernácula, etc. Entre as perdas quizais a de meirande transcendencia e a fractura dos mecanismos que de transmisión interxeracional do caudal de coñecementos consustanciais á vida labrega.

Esta situación, aquí a penas apuntada foi enunciada por Cardelús e Pascual¹ quen fronte ós que vían na emigración unha oportunidade para posibilitar a calificación profesional dos labregos emigrados advertía, alarmado, dos negativos efectos que a transculturación dos individuos podía inducir no agro

La estancia en el extranjero en muy pocos casos conlleva este tipo de aprendizaje [estase a referir á cualificación profesional] y en su caso suele quedar restringido a especialidades muy concretas y parciales.

Peor aún. Como indican explícitamente algunos retornados, la emigración supone a veces una descualificación en el sentido de tener que prescindir de una serie de conocimientos y experiencias no valorados en el lugar de destino.

En las migraciones interiores ocurre algo parecido.

Pensemos, por ejemplo, en un agricultor que, a través de una experiencia acumulada y transmitida, conoce las calidades de la tierra, los abonos y las semillas, sabe cuándo y cómo hay que sembrar, regar, podar, cosechar los diferentes productos agrícolas, etc. Si este agricultor pasa a peón de la industria, es indudable que ha sufrido un proceso de descualificación, aunque su fuerza de trabajo se haya visto revalorizada desde el punto de vista monetario o mercantil.

A emigración favorecerá tamén a transformación da estrutura familiar tradicional. A este respecto Marcial Gondar² e Xavier San Martín estiman que o modelo familiar baseado na relación de dominio establecida polo cabeza de familia entra en crise cando “as novas alternativas de autoafirmación económica autónoma que a emigración ofrece ao fillo están a desbaratala situación que posibilitaba e enfortecía este control”.

En termos xerais, a sociedade vaise racionalizar por efecto das migracións. E esta racionalidade, segundo detecta o arxentino Nicolini³ no seu país, e nós estendemos ó noso, vai derivar nunha “desacralización de la sociedad, que

¹ CARDELÚS, J. e PASCUAL, À. *Movimientos migratorios y organización social*, p. 85.

² GONDAR PORTASANY, M. Bases para unha antropoloxía aplicada na Galicia rural. En *Revista Galega de Estudos Agrarios*, n. 2, p. 197

³ NICOLINI, A. La inmigración y sus consecuencia en la actividad arquitectónica (1869-1914). En *La inmigración en la Argentina*, p. 279

va a generar un auge inusitado del espíritu capitalista y, como consecuencia de éste, va a ampliar las bases de la movilidad social de toda la sociedad y significará también el comienzo de la crisis de la familia patriarcal." A transculturación é un fenómeno universal, que se desencadea entre sociedades en contacto producindo efectos positivos e negativos. Compre agora advertir aquí dos negativos, algún deles referido por Alonso¹ González, un estudioso do mundo rural das terras zamoranas da nosa veciñanza

El regreso temporal de los emigrantes a los lugares de origen [en Sanabria], ha supuesto la introducción de cambios muchas veces mal aplicados o mal entendidos por aquellos que permanecieron en los pueblos. En este sentido, también ha contribuido a ello el auge de los medios de comunicación que han facilitado el que, en pocos años, se comience a superar el estatismo existente en aquellos lugares que todavía conservan cierta identificación con su pasado cultural. Por todo ello, el deterioro es rápido y pro-gresivo, lo que en breve impedirá dejar constancia de aquello que ha tenido un significado especial como elemento constitutivo de la cultura tradicional.



Gaxate (Pontecaldelas). Á esquerda a casa dun peruano. Á dereita, a dun retornado de Portugal.

Para rematar queremos lembrar que malia a contundencia dos acontecementos sociais e culturais que se estaban a desenvolver na Galicia dos anos sesenta e setenta por efecto das migracións aínda había quen seguía establecendo outras prioridades. Vexamos dúas opinións. En primeiro lugar presentamos a do Instituto Español de Antropología Aplicada² que destaca como desfavorables

...la prolongación de los noviazgos, la aversión a las faenas rurales, el desconcierto que provocan en el obrero no formado las diversas formas de captación política a que es sometido en el exterior, cuando no confesional y, por fin, la difusión por parte de los retornados de prácticas anticonceptivas.

En segundo lugar aportamos a opinión de Durán³ sobre as remesas invisibles chegadas de Europa

...[os retornados] traen al regazo de la aldea ideas y hasta ideologías, como se dice, aprendidas en la brega de la gran ciudad lejana. El aldeano o el vilego de origen se ha trocado en algo harto diferente. En numerosos casos, para el común sentir, las tales ideas resultaban tan chocantes como disolventes. Se cernían, además, sobre aspectos entrañables de la cultura lugareña y del orden social existente. Contestaban la mística de las llamadas compañías familiares, evidenciaban la ilógica de la costumbre desigualitaria vigente en la casa patronal, cuestionaban sobre todo sus sistemas de transmisión y heredamiento. Así, a la personal contribución -positiva- de sus remesas, puestas al servicio de las casas y a la limpieza de la propiedad, se viene a añadir la consiguiente, igualitaria y -negativa- de su participación proporcional en ella, de su reparto, su transformación y su reforma.

MUTACIÓNS CULTURAI

Se ben as transformacións culturais activáronse así que o primeiro emigrado, contaminado por riscos culturais

¹ ALONSO GONZÁLEZ, J. M. *La casa popular sanabresa: formas y elementos decorativos*, p. 12

² *Migración y sociedad en la Galicia contemporánea*, p. 189.

³ DURÁN, J. A. La parroquia de acá y de acolá en la Galicia tradicional En *Los Cuadernos del Norte*, p. 65

aprehendidos noutras latitudes pisou terra galega as vías de entrada de elementos culturais foráneos foron diversas. O asturiano Alberto Cardín¹ fálanos das “cartas, envíos de revistas, y baúles por barco, desde Veracruz, La Guaira o La Habana, que extendieron la conciencia urbana y un cierto cosmopolitismo por Asturias” apuntando a importancia do labor de cosmopolitización desencadeado “...en las aldeas y villas de Asturias por los envíos de las revistas *Carteles* y *Bohemia* o las suscripciones a *Life* y a *Selecciones* -cuando no existía aún edición española- hechas desde Hispanoamérica, como no menos influyente fue el efecto de los envíos de enseres, ropa y objetos de recuerdo, facturados por barco hasta principios de los setenta.”

Tódolos investigadores parecen coincidir en atribuír ó paso por grandes núcleos urbanos a transformación cultural dos nosos paisanos. Neste sentido Chiucini² explícanos que

Fino ad ora abbiamo considerato le difficoltà dell'emigrante ad inserirsi nella nuova realtà urbana, ma non si creda che un'eventuale integrazione non comporti gravi cambiamenti della personalità. L'uomo urbano finisce inevitabilmente per differenziarsi da quello rurale o del piccolo centro.

L'eccesso di stimoli e la conseguente tensione lo portano ad una generale indifferenza a qualsiasi simbolo e messaggio. I suoi parametri di giudizio non sono più la qualità dei contenuti di un oggetto, ma la sua ampiezza, la sua quantità, il suo costo. In questa fase di completa abulia e di assopimento, trovare qualcosa di emozionante è sempre più difficile³.

Certamente a inmersión en ambientes cosmopolitas -os das aglomeracións urbanas americanas e europeas- favoreceu e favorece o contacto con outras culturas e con múltiples estímulos, os mais deles inexistentes no medio rural galego. Brandes⁴ xustifica esto

Among the most profound changes resulting from migration are alterations in the definition of correct or desirable behaviour, in knowledge of the outside world, and in the material aspects of life. Increasingly close contact with urbanites has provided peasants the opportunity for wide-spread emulation of city ways, with the consequent prestige and satisfaction that come from knowing that one is sophisticated and modern, rather than provincial and narrow. All of these changes signify a cultural revolution in the countryside, a revolution that has all but totally eliminated the distinctive, localised beliefs and customs found in peasant villages of the

¹ CARDÍN, A. La urbanización invertida. En *Los Cuadernos del Norte*, p. 136.

² CHIUCINI, G. Influenza delle nuove forme urbane sulla psicologia dell'emigrante, En *Studi Emigrazione = Études migrations*, n. 33, p. 141.

³ Ata hoxe tiñamos considerado a dificultade do emigrante para inserirse na nova realidade urbana, mais non se crea que unha eventual integración non comporta graves cambios da personalidade. O home urbano finaliza inevitablemente por diferenciarse daquel do rural ou da pequena aldea. O exceso de estímulos e a conseguinte tensión lévano a unha indiferencia xeral a case que tódolos símbolos e mensaxes. Os seus parámetros de xuízo non son máis a calidade do contido dun obxecto, si o son a súa dimensión, a súa cantidade, o seu coste. Nesta fase de completa abulia, topar calquera cousa emocionante é sempre moi difícil.

⁴ BRANDES, S. *Migration, kinship, and community*, p. 182.

o que lle posibilitará ó emigrado do agro o coñecemento e experimentación das sensacións de anomia e privacidade²

There are at work a variety of factors that both reflect and promote the destruction of community in Becedas. First is the increasingly overt and acceptable demand for the privacy and anonymity of city life, which many villagers have themselves tasted and with which they are all familiar³.

As novidades apreñadas polo emigrado importaranse como equipaxe inmaterial canda seu retorno, xa esporádico ou definitivo, á aldea. Desta maneira os fenómenos de aculturación e transculturación, derivados da intersección de diversas culturas fan aparición no medio rural galego ofrecéndose ó conxunto da comunidade, emigrada ou non. Outro aspecto a penas referido polos estudiosos das migracións é a interacción entre individuos con distintas experiencias migratorias. Temos sido testemuñas desta situación na aldea galega, onde os movementos de retorno poden poñer en contacto paisanos retornados de puntos moi distantes -no xeográfico, cultural, relixioso, etc- do planeta, cada un deles á súa vez con historias de vida radicalmente distantes.

Este é pois o mundo da emigración. Plural, complexo e contradictorio. Enriquecedor pero ó tempo empobrecedor. Dramático pero a un tempo feliz.

¹ Entre os máis fondos cambios resultantes das migracións están as alteracións na definición do correcto e desexable comportamento, no coñecemento do mundo exterior e nos aspectos materiais da vida. Incrementando o contacto próximo con xentes urbana os paisanos teñen experimentado os modos urbanos, co conseguinte prestixio e satisfacción que ven den saberse sofisticado e moderno no canto de provinciano e vetusto. Todas estas mudanzas significan unha revolución cultural no mundo rural, unha revolución que ten eliminado totalmente o distinguido, localizado comportamentos e modas nas aldeas labregas...


² BRANDES, S. *Migration, kinship, and community*; p. 189.

³ Aquí actúan unha variedade de factores que tanto reflexan e promoven a destrución da comunidade de Becedas. Primeiro é o considerable incremento da demanda de privacidade e anonimato da vida urbana que moitos aldeáns teñen experimentado en persoa e co que están familiarizados.

Gaxate (Pontecaldelas).

Singular monumento, de fetura piopular, realizado por retornados do Brasil.

Nel mestúrase o vernáculo -o cruceiro- co afro-brasileiro.



UNHA NOVA REALIDADE

Pequenos "factos culturais" vão reforçando por diferentes vías a idea de que à emigração corresponderá una categoría própia na cultura: Uma editora de "Literatua emigrante", uma "canção emigrante", uma Linda-de-Suza-escritora. Enquadrados por movementos "culturais" e políticos ciosos de captar simpatías entre os dedicados remetentes das divisas, vão anunciando a dinámica do emigrante, a sua gloriosa epopeia, o seu esclarecimento proveniente da absorção de diversas influências culturais simultâneas.

A esperanza da nação é depositada em novos heróis que, se não convém que voltem, convém que vão, facendo funcionar as eco-nomías e as influências locais.

O provocador texto de Brandão¹ invita a reflexionar sobre a incidencia real das migracións no modelado da realidade de Galicia.

Aínda recoñecendo a importancia que os movementos migratorios tiveron como vía de entrada de forzas e ten-sións renovadoras non se pode afirmar que esta fora a única vía pola que acadaron o mundo rural na Galicia contemporánea. A ningún observador escápalle o papel que nisto puideron xogar ferramentas da comunicación visual da potencia da televisión e do cinema ou circunstancias como a chegada masiva de turistas de orixe urbana ás nosas comunidades costeiras.

Galicia durante o século XX, particularmente durante o seu derradeiro tercio, ten sido afectada por un vasto proceso de transformación, comunmente denominado -nos non compartimos tal apelido- modernización.

Somos moitos os que temos reflexionado sobre este asunto, sempre de actualidade nunha comunidade que ve ameazados algúns dos seus riscos de identidade nos tempos da globalización. A este respecto publicabamos² en 1996

Os parámetros económicos, culturais, políticos, sociolóxicos e, en xeral todos aqueles que conforman o que poderíamos dar en chamar a "realidade galega" acusaron, nas dúas ou tres últimas décadas, unha radical transición cara ó que se denomina sociedade moderna. Compre lembrar aquí que esta desmembración da sociedade tradicional produciuse con menos dramatismo noutros países do noso entorno por terse realizado paseniñamente ó longo dun período moito máis longo (nalgúns casos incluso iniciado a finais do XVIII).

O que esto escribe non é experto en antropoloxía cultural nin en ningunha outra ciencia dedicada ó estudio dos cambios sociais. Por tanto limitareime unicamente a enumerar algúns dos aspectos que evidencian a transformación da "realidade" galega.

Sen análises de ningún tipo e tamén sen orde, enumeramos algúns destes cambiantes aspectos: emigración (por suposto), industrialización, incremento da poboación urbana e suburbana, electrificación, motorización, terciarización, democratización, castelanización, desertización demográfica de vastas áreas do interior, turistización, autogoberno, televisión propia, burocratización e politización do aparato administrativo, incremento da renda per cápita, creación dunha Escola de Arquitectura e de dúas Universidades, irrupción da muller no mercado laboral, universalización da atención médica, xeralización do ensino medio, crea-

¹ BRANDÃO, P. O eclipse da arquitectura sem arquitectos. En *Jornal dos Arquitectos*, n. 1/2, p. 4

² LIZANCOS MORA, P. Arquitectos novos, clientes novos, casas novas..., *Obradoiro*, n. 25, p. 7

estructura familiar, fulminante diminución da importancia económica do sector primario, aparición de novas formas de distribución comercial, un dos xornais do país acada os 500.000 lectores diarios, incremento dos hábitos de consumo, acción social do Estado sobre as clases pasivas... [Advertimos que por ter sido redactado este texto en 1995 non hai nel referencias ós efectos globalizadores derivados da accesibilidade a internet, rede telemática agora en imparable expansión en Galicia.]

Expoñemos a seguir un cadro no que se recollen a evolución dos máis significativos parámetros culturais. Estes datos, extraídos das enquisas sobre os usos culturais dos españois realizadas polo Instituto Nacional de Estadística, pola Sociedad General de Autores de España e máis da Enquisa de condicións de vida das familias - Módulo de características básicas dos fogares 1999, falan ben claramente da inxente mutación que neste campo se produciu en Galicia no derradeiro tercio do século.

USOS CULTURAIS	tipo de hábitat	GALICIA		ESPAÑA	
		1968	1999	1968	1999
PRODUCCIÓN EDITORIAL					
Títulos editados (unidades)	total	98	1.579	14.180	53.442
Exemplares producidos por 1.000 habitantes	total	58	961	2.715	5.487
BIBLIOTECAS					
Bibliotecas públicas (unidades)	total	115	480 (1996)	2.085	6.664
Volumes por 1.000 habitantes	total	202	1.827	445	2.406
Libros comprados ¹ nos últimos 15 días (unidades)	total	127		181	
LIBROS EN CASA					
Posúen máis de 10 libros*	rural	41	71,8	43	82,2
	urbano	74		77	
Len case tódolos días libros non profesionais*	total		18,8		19,9
Nunca leen libros*	total	63	51,0	67	51,8

¹ Por cada mil persoas maiores de 10 anos

USOS CULTURAIS	tipo de hábitat	GALICIA		ESPAÑA	
		1968	1999	1968	1999
PRENSA					
Exemplares por cada 1.000 habitantes (1964) ¹	total	42,6	272	71,3	342
Lectura diaria da prensa*	total	11	24,2	14	31,1
AUDIOVISUAIS					
Minutos diarios de visionado da TV	total		230		210
Asisten máis de 3 veces/mes ó cine por ano*	total		12,6		14,1

No amplo conxunto de circunstancias -das que na cita do noso artigo en Obradoiro enumerábanse unha pequena porción- o emigrante pode ser considerado como un factor máis de entre os desencadeantes das transformacións do mundo rural. Comprobamos que o seu papel resulta tanto máis transcendente canto máis mitigados son outros axentes. Desta maneira cómpre considerar que no primeiro tercio do século a emigración debeu ser unha vía de primeira orde na penetración de idearios de progreso no mundo rural en tanto que no derradeiro decenio a súa incidencia resulta mínima comparada coa vitalidade doutros medios transculturizadores, por exemplo a internet ou a televisión.

A este respecto Brandão² ve na renovada casa labrega a expoñente da destrución do mundo rural tradicional, atribuíndolle ó emigrante unha responsabilidade a penas parcial neste aceno de rebeldía

A nova casa *rural* é desligada do colectivo, periférica, dispersa, em todo individual, orgullosa. Pressupõe o transporte individual, o sistema de enerxía centralizado (electrificación e gas em botija). Pressupõe abundancia: de espazo, de capital, de material, de forma. Pressupõe un novo sistema de escolha e organización de obxectos, algúns portadores de mensaxes escritas, alfabetizadas.

A nova casa "rural" rompe e destrói a lóxica estrutural do aglomerado antigo, porque ela non é apenas nem principalmente o signo da entrada em cena de un novo produto agrícola, que no caso sería o emigrante. Ela pressupõe a destrución do sistema de vida rural tradicional -a agricultura de subsistencia e o predominio de un novo sistema de valores: massificado, moderno, urbano.

¹ Consumo de prensa (1964) noutros países: Inglaterra: 573, Suecia: 526; Xapón: 410; Alemaña: 326 e USA: 319.

* Porcentaxe da poboación que verifica os factores referidos

² BRANDÃO, P. O eclipse da arquitectura sem arquitectos. En *Jornal dos Arquitectos*, n. 1/2, p. 4

A nova casa "rural" rompe e destrói a lóxica estrutural do aglomerado antigo, porque ela não é apenas nem principalmente o signo da entrada em cena de um novo produto agrícola, que no caso sería o emigrante. Ela pressupõe a destruição do sistema de vida rural tradicional -a agricultura de subsistência e o predominio de um novo sistema de valores: massificado, moderno, urbano.

Certamente o acontecido en Galicia no período por nós referido é unha transformación radical da sociedade agraria, previa liquidación do mundo rural preindustrial, agora recluído nas vitrinas dos museos etnográficos.

A accesibilidade á información e a monetarización das relacións humanas son os fundamentos do novo sistema, aínda en formación.

Beiras¹ advertía hai trinta anos das transformacións que se achegaban a Galicia da man da sociedade posindustrial, anticipando, entre outros, dos efectos do consumismo

...os seudópodos da sociedade de consumo [...] chegados ao medio rural coma remesas dos emigrados [provocan que] os ouxetos e produtos, xa non ouxetivamente necesarios ou contribuintes a elevar o benestar material, senón tamén os perfectamente supérfluos comencan a se converter en necesidades "culturais" dun campesiñado que diste xeito entra no xogo da economía capitalista contemporánea coma consumidor denantes que coma produtor autótono.

Certamente a extensión das regras de xogo propias do sistema económico capitalista ó mundo rural ten sido a consecuencia final do proceso de *modernización* do mundo rural. A súa relación cos movementos migratorios explícaron Cardelús² e Pascual nos seguintes termos

...la relación entre condicións de vida e desplazamentos de poboación é recíproca. De la misma forma que la insatisfacción de una serie de necesidades y, en general, el modo de vida puede presionar en el sentido de la expulsión hacia otros puntos, el conjunto de desplazamientos, es decir, los movimientos migratorios, inciden a su vez en las condiciones generales de vida y en la organización global de la vida cotidiana, contribuyendo a su transformación. La movilización espacial de la población es un factor importante en la extensión de las relaciones sociales capitalistas a la vida cotidiana.

Es precisamente esta transformación en las condiciones generales de existencia, la adecuación global del modo de vida al desarrollo capitalista, la que cualifica los movimientos migratorios, determinando su forma y contenido.

Das consecuencias materiais derivadas do proceso de desmantelamento do mundo rural tradicional sen dúbida as máis transcendentales son a transformación da vivenda rural e a reorganización do modelo territorial do país.

A transformación da vivenda rural -obxecto desta tese de doutoramento- é a consecuencia da aplicación das forzas renovadoras sobre o modelo familiar, a tecnoloxía edificatoria dispoñible e as pautas conductuais e culturais, circunstancias que fan obsoletas as vivendas tradicionais.

A outra escala o modelo territorial renovado baséase na asociación da poboación en torno a dúas áreas costeiras: o arco Ribeira - Baiona, con ramificacións a Santiago e a Ourense e o eixo Carballo - Coruña - Ferrol. Aquí

¹ BEIRAS TORRADO, X. M. O atraso económico da Galiza, p. 204.

² CARDELÚS, J. e PASCUAL, À. *Movimientos migratorios y organización social*, p. 185.

concéntrase tamén o emprego nos sectores industrial e de servizos e os grandes equipamentos públicos e privados en tanto no interior tan só as cabeceiras comarcais son capaces de ofrecer certa resistencia a un proceso que ten levado a amplas zonas do interior do país ó borde do colapso¹ demográfico e ó baleiro económico. En tanto as áreas costeiras beneficiadas polo incremento poboacional -derivado do asentamento dos retornados e das migracións interiores- experimentarán un explosivo e desordenado crecemento.

No seu conxunto Galicia presenta os índices de envellecemento poboacional máis altos do mundo, triste récord que ven detentando dende a década dos sesenta e que se enriquece con taxas de crecemento natural da poboación que tamén son record mundial pola súa exigüidade. Fácil é comprobar que isto é consecuencia² diferida dos masivos movementos migratorios rexistrados nas décadas dos sesenta e setenta.

As consecuencias desta situación aínda que evidentes non se reflectirán neste traballo máis aló da reprodución dun par de citas do que outros teñen dito sobre a cuestión. En primeiro lugar presentamos a certa opinión de Manuel Diogo³

O espaço rural português está polvilhado de lugares e lugarejos seculares que no dealbar do século se encontram praticamente abandonados. Muitos são os que vão desaparecer, marcando o desajustamento e as assimetrias das relações campo/cidade e interior/litoral.

A maioria dos pequenos núcleos habitacionais, entraram numa lenta e progressiva transformação de consequências imprevisíveis, sobretudo porque a redistribuição da população, originada pelos processos de industrialização e do fluxo emigratório do país, operam na agricultura uma sangria da mão de obra, que dificultou a sua reestruturação.

Tamén nos parece interesante reproducir aquí a opinión de Teodoro Sandomingo⁴ por canto detrás da súa lingua-xe

¹ A análise da redistribución territorial da poboación, que na actualidade é tema candente, non é novidosa. En 1926 o xornalista Solá no semanario vigués *Vida Gallega* (nº 292), describía así o devalar demográfico dunha vila do interior de Galicia:

...en los siglos XVI y XVII, Monforte fué una de nuestras más populosas poblaciones. Hoy llamando población á lo que es que es capaz de merecer que lo llamen, es una de las menos. Obra irresistible de los tiempos. Estos hicieron florecer el jardín de la periferia. Y hacia donde cantó el mar las canciones de progreso y se abrieron las rutas de las indias, se fueron los hombres y se fueron los negocios. No se alzaron sobre las playas las torres del homenaje; pero las lonas de los navios y las chimeneas de las fábricas hablaron de otra vida, de otras ansias y de otra fortaleza. La ciudad de la montaña fué vencida por la ciudad marítima. Aquí y en todas partes. Monforte no pudo substraerse al imperio de la biología de la vida de los pueblos...

² O envellecemento da poboación reflexa as condicións nas que se desenvolven a natalidade e a mortalidade, tanto nas poboacións emisoras como nas receptoras. Nas áreas de emigración tende a aumentar a mortalidade ó configurar grupos humanos residuais envellecidos contrariamente ó que ocorre nas de inmigración onde se produce o anovamento e a diminución dos índices de mortalidade. Respecto ós nacementos teremos en conta que as idades de desprazamento dos migrantes coinciden coas da súa plena capacidade fecunda e que, en consecuencia, as taxas de natalidade das poboacións inmigradas resultan máis elevadas que as da poboación de destino.

³ DIOGO, M. "Conferencia inaugural". Congreso Internacional de Arquitectura Popular, 1º, Porto, 1998, p. 12

⁴ SANDOMINGO, T.: El campo gallego : La mutación de su paisaje. *La Coruña, paraíso del turismo*, 1995.

rebuscada describese con firmeza unha realidade sangrante

Y hasta el valor estético del país sufre las consecuencias de que la que era una parcelación animada y secular, de cultivo variado en razón de las necesidades del hombre y su familia, se convierta de suyo en abandono universal, barriendo los surcos y los colores de lo que antaño fue delicado y tembloroso tapiz natural de bellísimo corte y contenido.

Recientemente se han instalado en esta zona [unha área indeterminada dos Estados Unidos] varias familias de Galitzia [Polonia] y han construido unas casas de campo achaparradas, sin ventanas, cuyos muros revisten las mujeres con una mezcla de barro y paja. En el pasado, Cuyler habría imaginado, al contemplar tales viviendas, que en su interior no había más que miseria. Ahora sabe que no es así. Ahora ha tenido un atisbo del paraíso y lo ve por doquier.

Carol Shields
La memoria de las piedras

INTRODUCCIÓN

A sucesión de acontecementos que modelaron a identidade de Galicia, particularmente no seu vinteaño século correu, como temos dito, paralela ó continuo fluxo de homes e mulleres que traspasaban, nun ou noutro sentido, as nosas fronteiras.

Xunto con eles chegaron de América, de Europa e do resto do Estado un vasto e heteroxéneo conxunto de aportes que aquí foron xustapostos de mil modos diversos.

Querendo salientar a transcendencia das contribucións exteriores na conformación dos estilos arquitectónicos e o enriquecemento que para Galicia supuxo a convivencia con arquitecturas foráneas non encontramos na nosa terra mellor exemplo que o expresado no conxunto de edificios situados en torno á compostelá Praza do Obradoiro. Alí o Pazo de Raxoi, deseñado polo francés Lemaire, de acordo cun modelo palacego do seu país, convive cunha catedral que entre as súas múltiples compoñentes ten a Torre do Tesouro, realizada no XVI por Rodrigo Gil imitando a feitura das pirámides toténicas do México prehispano en tanto, non lonxe, o renacentista Pazo de Fonseca, levantado por arquitectos casteláns, amosa a súa flamante traza salmantina.

A influencia das migracións tamén se deixou sentir na arquitectura popular, singularmente na vivenda labrega. Esta tipoloxía como xa demostramos, foi arrastrada de sempre polas transformacións aparecidas nos sistemas de cultivo, nas formas de vida e nos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

En tempos recentes -o derradeiro tercio de século- teñen aparecido en Galicia un tipo de vivendas de estética insólita, moi afastada da propia da arquitectura vernácula local. Entre as características comúns deste xa amplo patrimonio edificado destaca a de ter sido promovido por individuos transterrados.

Así as cousas o imaxinario popular ten querido ver nestas casas a expresión de modelos arquitectónicos propios de outras latitudes, supostamente importados polos emigrados tralo seu retorno á terra. Mais a pouco que indagamos nestas arquitecturas comprobamos que na inmensa maioría dos casos nada teñen a ver coas arquitecturas nacionais dos países dos que proceden os seus promotores. Isto é, promotores chegados no mesmo momento da mesma orixe poden construír na súa aldea natal vivendas radicalmente diferentes. Tamén podemos confirmar a hipótese noutro sentido xa que arquitecturas formalmente semellantes non necesariamente son debidas a promotores retornados dos mesmos destinos migratorios.

Así pois cabe pensar que no deseño da vivenda rural contemporánea atribuída ó emigrante entran en xogo outras forzas que será preciso identificar e avaliar.

CAMBIO CULTURAL E VIVENDA RURAL

Partimos da base de que as mutacións na arquitectura popular, en particular as da casa vivenda, son o resultado da iteración de moi diversas forzas, algunhas delas provocadas ou traídas na súa equipaxe por individuos transculturizados alen das nosas fronteiras.

Demóstrase que a cada grupo de novidades corresponde un novo tipo de casa. Nisto estamos con Brandão¹ en que "uma moda ou uma nova correspondência com o trabalho agrícola, um novo produto cultivado ou um outro rendimento, provocam uma nova geração de casas."

A arquitectura "popular" tradicional nunca ofreceu tipoloxías únicas e inmutables. Tal e como describimos no tomo "Per corrido Histórico" desta tese, a casa vivenda da Galicia rural é a resultante de vintecinco séculos de transformacións.

Nunha apresurada síntese lembramos aquí a historia desta tipoloxía, que se inicia coa construción do primeiro refuxio humano. A chouza prehistórica levantada con materiais perecedoiros foi substituída pola cabana celta, de planta circular e muros de pedra. Roma traería novidades tecnolóxicas, das que o esquinal en ángulo recto e a cubrición a base de tella cerámica modificarán unha tipoloxía que permanecerá inmutable ata o século XVII. Nese momento a implantación do millo indiano no sistema agrario galego fará necesario que o gando deba ser resgardado no interior da vivenda provocándose entón unha dobre transformación espacial e funcional. Espacial xa que o edificio crece en volume e funcional posto que agora incorpora á función residencial tradicional a de ser sé dunha explotación agropecuaria. Cos emigrantes retornados das grandes capitais sudamericanas chegan a inicios do século XX hábitos hixiénicos que agora fan incompatible a presenza do gando dentro da vivenda.

Será este o primeiro da amplísima sucesión de acontecementos que durante un vertixinoso século XX e incidindo en tódolos eidos da vida -cultural, tecnolóxico, moral, económico, etc- provocarán unha notable transformación da vivenda labrega.

Non queremos deixar de mencionar á *quinta*² indiana. Un singular produto arquitectónico levantado no primeiro



O contacto dos nosos emigrados con outros ámbitos culturais produciuse en moitos casos no escenario de vastas cidades, o que sen dúbida suporía para eles un grande impacto.

Nestas imaxes: placa conmemorativa, colocada na Casa do Concello de Beade por emigrados desta vila ourensá en Bos Aires.

¹ BRANDÃO, P. O eclipse da arquitectura sem arquitectos, *Jornal dos Arquitectos*, n. 1/2, p. 4

² Para dar unha idea do que as *quintas* son nada mellor que unha breve cita do escritor e enxeñeiro Juan Benet en *Volverás a Región*. Aquí descríbese unha illada casa de orixe indiana existente en Región desta maneira

"...era una residencia rural de dos plantas, de ese gusto tan civil y tan solemne que el siglo XIX implantó por doquier sin hacer distinciones entre la casa ciudadana y la de campo, construida sesenta años atrás para un indiano que no pudo verla terminada..."

(p. 100)

tercio do século vinte -un momento de febril actividade entre os nosos emigrados- coa expresa intención de manifestar a mestizaxe cultural asumida polo seu promotor entre as realidades galega e americana¹.

Do que levamos dito tírase que os procesos transculturizadores e as súas consecuencias formais, estilísticas e funcionais sobre as arquitecturas vernáculas producíranse aló onde entren en contacto dúas culturas. Este fenómeno ten sido moi estudado no referido ás forzadas mestizaxes das arquitecturas levantadas polas potencias coloniais nos lugares onde estenderon os seus dominios. Advertindo ó lector das evidentes distancias que diferencian as consecuencias culturais dun movemento migratorio das dunha conquista militar traemos acó as reflexións de Anthony King² -estudioso da vivenda na India- sobre as transformacións na vivenda e na vida doméstica hindú como consecuencia da súa polución polos costumes británicos durante o período colonial.

When, where, how and for what reasons -and with what consequences- did members of a rising middle class abandon traditional life-styles and behaviour, stop sitting cross-legged on the floor, eating with their fingers, sleeping on roll-away mattresses, living on traditionally designed houses in the ancient cities and villages and move into Western-style "bungalows", adopting, in the process, the upright chairs, dining tables, cutlery, tableware, bedroom suites, sanitary fittings and "sofa Sets" with which the houses of contemporary middle and upper middle class Indians are filled?³

Os procesos transculturais -tamén os de incidencia arquitectónica- revisten grande complexidade, seguindo as veces inextricables e insospeitados camiños. Velaí o caso estudado pola arquitecta pontevedresa Teresa Táboas⁴ quen indagando na orixe das quintas indianas levantadas a principios do século XX no Baixo Miño (conce-



Nas imaxes pequenas: arquitecturas de Salvador de Baía, Brasil. Na outra, avenida da República Dominicana na vila pontevedresa da Garda.

¹ A mestizaxe sempre é bidireccional. Así as cousas, na América que acolleu ós nosos indianos tamén se produciu un impacto cultural. Explicánnos os historiadores contemporáneos que os homes e mulleres que partindo da vella e agotada Europa acometeron a conquista de América non quixeron reproducir alo o mundo que deixaban nin tampouco integrarse no que tomaban. Desta maneira América naceu como artificio humano, mistura de mil culturas, mestizaxe maior. O historiador norteamericano John H. Elliott (1992, 7) maniféstao así:

...a veces, los indígenas modificaban algunos elementos, dando lugar así a nuevas formas sincréticas. El proceso de transculturación no solo se dejó sentir entre los conquistados. Los conquistadores también creyeron que era necesario adaptar sus viejos estilos de vida a su nuevo espacio geográfico. Los ingleses que se instalaron en las Antillas aprendieron a modificar el diseño tradicional de sus casas cerradas para poder disfrutar de las brisas que se levantaban al anochecer... Este proceso de transculturación dio lugar a nuevas formas de civilización, ni del todo europeas ni del todo amerindias.

² KING, A.D. The westernisation of domestic architecture in India. *Art & Archaeology Research Papers*, n. 11, p. 32

³ Cando, onde, como, e por que razóns -e con que consecuencias- os membros da emerxente clase media [hindú] abandonaron os modos de vida e de comportamento tradicionais, deixaron de sentar no chan coas pernas cruzadas, de comer cos seus dedos, de durmir en camastros móbiles, de vivir en casas de feitura tradicional nas vellas cidades e vilas e mudáronse a bungalows de estilo occidental, adoptando no proceso as sillas de respaldo recto, as mesas de comer, a cubertería, a vaixela, o amoblamento dos dormitorios, a aparelaxe sanitaria e os xogos de sofás cos que as casas das clases contemporáneas media e alta hindúes están equipadas?

⁴ TÁBOAS VELEIRO, T. Emigración e arquitectura : os brasileiros. *Arte Ibérica*, 1987, n. 5, p. 28-31.

llos da Garda, Tomiño e O Rosal) por emigrados retornados do Brasil descubre que esas construcións gardan grande semellanza coa arquitectura vernácula das súas veciñas terras portuguesas. Mais esa non é certamente a sorpresa. O verdadeiramente espectacular deste asunto está en Salvador de Bahía (Brasil), nesa época destino migratorio dos miñotos galegos. Aló os nosos paisanos entraron en contacto con arquitecturas urbanas caracterizadas pola cor, a composición rixidamente xeométrica e sobre todo polo seu revestimento a base de azulexos policromados, atributos que nada tiñan que ver coa arquitectura vernácula brasileira pero si moito coa da metrópole portuguesa. Desta maneira, na outra beira do Atlántico os galegos do Baixo Miño foron impresionados polas arquitecturas das terras veciñas do Minho portugués. Así pois as arquitecturas indianas desta zona da provincia de Pontevedra inspíranse nas súas veciñas portuguesas, previa unha enriquecedora escala no trópico.

A CASA DO EMIGRANTE ¿TIPOLOXÍA DIFERENCIADA?

Todo o que temos dito leva a preguntármonos con Villanova¹ ¿Existe en Galicia un tipo de casa característico dos emigrados e do conxunto das súas prácticas culturais e espaciais?

Outros antes que nós intuiron que tal cousa podía ser certa e, aínda que non estudaron o tema, deron noticias da aparición de novidosas vivendas no mundo rural, advertindo que en moitos casos estas eran levantadas por individuos capitalizados na diáspora.

Velaí un mostrario dalgunhas destas referencias. As máis delas entresacadas da *Geografía general del Reino de Galicia* de Carreras y Candi, escrita na década dos dez do século XX. Presentámolas sen máis comentarios posto que se comentan soas.

Carré Aldao², describindo a comarca de Ribadeo da nota de que nesta terra

La emigración es importante, encaminándose a la Isla de Cuba en su mayor parte y también a la Argentina. El espectáculo de los *chalets* y casas de campo construídos por los *americanos* o con el dinero por éstos enviado, es un aliciente y un estímulo poderoso para los que sueñan en fortunas que aquí no podrían amasar nunca.

O mesmo autor³, falando de Pontedeume advírtenos que

¹ VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I. *Maisons de rêve au Portugal*; p. 61.

² *Geografía general del Reino de Galicia*; t. IX, p. 698.

³ *Geografía general del Reino de Galicia*, t. II, p. 823

..como todas las comarcas costeras, es más grande en ella la emigración que en las del interior. Diríjense sus habitantes especialmente a las Américas, empleándose en la del Norte en las faenas marítimas. Esto es fuente de riqueza para el país, y así se ven al lado de las antiguas y típicas casonas oscuras de los labradores las risueñas y modernas casitas hechas al *gusto de allá*.

Sobre o concello de Sada, terra especialmente densa en arquitecturas *americanas*, Carré¹ observa

...llegamos a Sada, que nos recibe pulcra, urbanizada y atrayente, habiendo dejado el borde de la carretera y salpicando todos los feraces y hermosísimos campos de las Mariñas, ya modernas casas de recreo, viejas casas aldeanas y las blancas y típicas levantadas a expensas de los que, en lejanas tierras, luchan y trabajan para labrarse un bienestar en los últimos años de su vida.

Interesantes son tamén as descrições de Álvarez Limeses. Vemos o que di de Gaxate², aldea do concello da Lama

Gajate [sic] es una parroquia rica por los cuantiosos capitales reunidos por muchos de sus hijos en sus emigraciones al Brasil y a Portugal, y tiene hermosos edificios por ellos contruídos a su regreso al solar nativo.

e tamén de Poio³

Todo este ayuntamiento, como otros muchos de la provincia de Pontevedra, tiene vistas deliciosas, lo mismo a la orilla del mar, en el que se forman pequeñas bahías y ensenadas y playas suaves, a cuyo pie se tienden las casas pescadoras que suben hacia la carretera y se explayan por el monte en pintoresca ascensión, que en esta parte de la montaña, donde alternan la casa aldeana antigua y a veces el pazo señorial, con la edificación moderna de gusto americano que el inmigrante viene a construir en la tierra abandonada en la mocedad.

Máis crítica é a visión que un escritor anónimo⁴ ofrece dende o semanario *A Nosa Terra* en 1926

O galego sole terse en pouco, desconfía dos demais e de sí mesmo, tende a considerarse *inferior*. D'eiquí que seña cobarde pra sostelos seus direitos, homilde, tímido, chegando ã disprecio do seu e desconsiderada estimanza do alleo. D'eiquí a xenofilia en totalas suas formas, dende a sua escesiva estimanza pr'os forasteiros, ãs que tende a elevar por riba dos seus, ata a adución do castelán e dos estilos d'América no vestido e na arquitectura das casas.

Tamén durante o ciclo migratorio contemporáneo⁵ as vivendas rurais de características innovadoras seguiron a ser atribuídas ós emigrantes.

De entre a marea de opinións vertidas e por nós coñecidas traemos aquí a penas unha selección delas. A primeira cita é do escritor de Vilardevós, emigrado en Caracas, Silvio Santiago⁶ quen xa retornado retrata así a súa vila

¹ *Geografía general del Reino de Galicia*, t. II, p. 911

² *Geografía general del Reino de Galicia*, t. XII, p. 337

³ *Geografía general del Reino de Galicia*, t. XII, p. 302

⁴ ANÓNIMO. O que todo galego ten que saber. Resume d'etnografía galega. *A Nosa Terra* (1-12-1926)

⁵ Lembramos aquí que durante este ciclo, iniciado a mediados da década dos cincuenta, os movementos migratorios encamiñáronse cara a Venezuela, Centrouropa e tamén ás áreas industriais do estado español.

⁶ SILVIO, S. Vilardevós, p. 59

natal a inicios dos setenta

Hoxe, á beira da carretera, hai seis ou oito casas de construción nova. Pola contra, pobo adiante, vense outras no chao. Sobre todo no alto do lugar. Casas abandonadas polos seus donos emigrados. Familias enteiras de Vilardebós andan polas Américas, maormente no Brasil e na Arxentina. Vense tamén outras casas pechadas, que só se abren no vrao, cando veñen habitálas os seus donos que viven fora de Vilardebós. As casas novas á beira da carretera, e outras remozadas polo meio do pobo, fan o resto do lugar máis lixoso e vello, con recantos e esquinas por todas partes.

En xeral as opinións sobre estas vivendas preséntanas como un produto vantaxoso respecto da vivenda tradicional que debeu ser superada. Isto é o que se colixe das verbas de Sandomingo¹ “[...] la residencia en el medio rural y sus condiciones, que hoy están en crisis en buena parte de nuestra tierra, al menos en la que me es familiar, sorprendida en su esencia por el efecto novado de las emigraciones...” e tamén das de Durán², quen fai súas as conclusións do Informe Sociolóxico sobre o Concello de Teo redactado en 1967 pola Escuela de Enseñanza Social de Galicia por encargo do Consejo Económico Sindical del Noroeste.

Las construcciones son tradicionales en su inmensa mayoría, pero la modernidad hizo acto de presencia: un 9 por 100 son posteriores a 1960; destacan mucho más los arreglos de fachada y de interiores. Estos gastos se costearon con la venta de pinos y, sobre todo, con ahorro emigrante. Gracias a las mejoras y a las ausencias de la población emigrada, el índice de hacinamiento tradicional se redujo de manera considerable, si bien los cambios son limitados todavía: no hay agua corriente, el retrete es elemental o llega a faltar en las casas más pobres. La lareira aún predomina en el lar, si bien se advierte la presencia de cocinas económicas (incluso se puede ver alguna que otra cocina de butano). Hay aparato de radio en la mayoría de las casas y televisor en las más pudientes.

Pechamos as referencias a opinións de terceiros coa do sociólogo Esteva³

Aparte de los envíos de dinero más o menos regulares que se reciben de los emigrados, éstos han contribuido al progreso urbano de sus comunidades de varias maneras. Una de ellas, arreglando sus casas o construyendo otras nuevas y equipándolas con mobiliario moderno. Otros, capitalizando para que sus familias invirtieran en bienes de capital...

Do que levamos visto podemos concluír que se verifica a existencia dun río de opinións describindo ou, cando menos notificando a existencia de vivendas de características singulares no noso medio, atribuídas á promoción de individuos emigrados.

¹ SANDOMINGO, T. El Campo Gallego: La Mutación de su Paisaje; en: "La Coruña. Paraíso del Turismo. Año 1995"

² DURÁN, J. A. El programa agrario de Galicia (Otro proceso de cambio por derribo); p. 162

³ ESTEVA FABREGAT, C. Para una teoría de la aculturación en el Alto Aragón; en: Ethnica. Revista de Antropología; Nº 2, 1971; p. 21

AS NOVAS CONSTRUCIÓNES NO MUNDO RURAL. AMPLITUDE E EXTENSIÓN DO FENÓMENO

Non existe ningún estudo que nos permita cuantificar o número de casas construídas en Galicia por xentes de condición emigrada nin no período americano nin no europeo. Das investigacións sobre o retorno por nós coñecidas ningunha dedica a súa atención á cuestión da vivenda promovida polo emigrado retornado. Xeralmente estes estudos, por exemplo o *Informe sobre el Retorno en los municipios de Galicia*¹, céntranse nos aspectos económicos e demográficos do retorno.

Nas series estatísticas do *Censo de Población y Vivienda* do Instituto Nacional de Estadística, o único dato que nos permite aproximarnos ó coñecemento da amplitude do fenómeno de construción de vivendas por residentes ausentes é a cantidade de moradas desocupadas² recoñecidas en tal documento. Por outra parte, na análise deste documento tamén comprobamos que o número de vivendas construídas no medio rural increméntase -con máis ou menos rapidez- continuamente, en tanto o de vivendas ocupadas medra con máis lentitude ou incluso decrece. Isto estanos a falar inequivocamente dun proceso no que a vivenda unifamiliar no medio rural é construída pero non ocupada. Tal é a actitude que caracteriza ó emigrado, que promove o seu fogar na aldea natal pero que non a ocupa, ben por non poder retornar ou ben porque cando o fai debe instalarse noutra localidade, nomeadamente nunha das grandes cidades ou na cabeceira comarcal correspondente.

Nun capítulo anexo a este texto presentamos as cifras -detalladas por concellos- da dimensión do parque residencial local con expresión do número de vivendas desocupadas en diversas datas do período por nós estudiado. A seguir presentamos un par de cadros que resumen a referida estatística. No primeiro deles poñemos en comparación a realidade en Galicia coa dos países do noso entorno. Neste cadro expoñemos tamén o estado das cousas nalgúns puntos singulares de Galicia como son a provincia de Ourense e, dentro desta, o concello de Vilardevós, escollidos estes como territorios representativos de ámbitos económica e demograficamente moi deprimidos.



Aquí e alá, asomándose tras dos valados, sobrepoñéndose ó caserío da vella aldea, a nova arquitectura residencial dos emigrados expresa os valores e ideais dun novo mundo.

Arriba, casa en Boente, Arzúa; abaixo, outra en Castrofeito, O Pino.



¹ Este estudo foi elaborado pola consultoría de comunicación RPG e coordinado por Ildelfonso de la Campa. Realizouse en 1997 por encomenda da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas. A súa metodoloxía de traballo, baseada nunha enquisa entre os alcaldes, conduciu a resultados nidiamente irrealistas. No referido traballo pretendíase concretar o lugar de residencia tralo retorno, a taxa de emigrados retornados sobre o total e o tipo de investimentos por eles realizados. Non hai unha soa mención á cuestión da vivenda do emigrado.

² De acordo coas instrucións do *Censo de Población y Viviendas* non se inclúen neste epígrafe nen ás vivendas secundarias nen ás abandonadas ou arruinadas.

VIVENDAS OCUPADAS EN DISTINTOS ÁMBITOS DA UNIÓN EUROPEA (1998)					
Territorio		Parque de vivendas (milleiros)	Vivendas baleiras (milleiros)	Porcentaxe de vivendas baleiras s/total	
Alemaña		27.134	1.356	4,99	
Austria		3.297	sen datos	sen datos	
Bélxica		3.748	149	3,97	
Dinamarca		2.375	142	5,97	
España		17.154	2.230	12,99	
Finlandia		sen datos	sen datos	sen datos	
Francia		26.237	2.229	8,49	
Grecia		4.690	sen datos	sen datos	
Holanda		5.965	137	2,29	
Irlanda		1.039	sen datos	sen datos	
Italia		23.232	sen datos	sen datos	
Luxemburgo		134	sen datos	sen datos	
Portugal		4.181	434	10,38	
Reino Unido		23.750	950	4,00	
Suecia		4.106	sen datos	sen datos	
Galicia	total		979	195	19,92
	provincia de Ourense	total	164	37	22,57
		concello de Vilardevós	2,104	1,085	48,43

Cadro elaborado a partir de datos tirados do *Anuario Estadístico del Mercado Inmobiliario Español* (1998) e do *Censo de Edificios y Viviendas do Instituto Nacional de Estadística* [España]. (1991). Os datos de Galicia, da provincia de Ourense e do concello de A Veiga son de 1991.

Nas cantidades que se presentan no cadro anterior comprobamos que o alto número de vivendas desocupadas do parque residencial galego lévanos a posición punteira en Europa.

Estas cifras resultan tanto meirandes canto máis elevadas son as taxas de poboación migrada no ámbito considerado. Velaí os datos do concello de Vilardevós, nas montañas lindes de Ourense con Portugal, onde corenta e nove de cada cen vivendas estaban desocupadas no censo de 1991.

OCUPACIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS EN GALICIA								
Ámbito	Vivendas existentes				Vivendas ocupadas			
	1970		1991		1970		1991	
	nº absoluto	nº relativo	nº absoluto	nº relativo	nº absoluto	nº relativo	nº absoluto	nº relativo
España	12.145.577	100	17.160.677	141	11.236.782	100	14.553.688	130
Galicia	748.157	100	1.125.100	131	661.919	100	785.030	119
Provincia de Ourense	136.356	100	185.976	136	117.502	100	115.091	98
Concello de vilardevós	1.663	100	2.104	126	1.654	100	1.085	66

A CASA DO EMIGRADO. NOVAS FORMAS DE CONSTRUIR E DE USAR A VIVENDA RURAL

Confirmada a existencia de arquitecturas domésticas propias de promotores afectados por procesos migratorios cómpre agora facer unha breve descrición das características aspectuais e funcionais destes edificios adiantándonos a uns temas que desenvolveremos en fondura noutro lugar desta tese de doutoramento.

Se na vivenda labrega tradicional os recursos estéticos eran escasos, quedando sempre unificados como consecuencia do emprego dunha reducida gama de materiais, a arquitectura residencial promovida polos emigrantes caracterízase no formal por tomar elementos prestados de diferentes repertorios, ás veces incluso encontrados entre si. Así as cousas nun mesmo edificio pode resultar posible localizar compoñentes de orixe claramente rural mesturados con outros de clara adscrición urbana. Do mesmo xeito son correntes outras combinación, por exemplo: artesán e industrial, tradicional e moderno, local e estranxeiro, culto e popular, etc.

Nesta amalgama a calidade estética das incorporacións tórnase secundaria semellando primar non a harmonía das partes senón a súa diversidade.

No referido ó organigrama funcional de ambos tipos de vivendas descubrimos grandes diferencias entre a tradicional e a promovida polo emigrado. Na casa tradicional en tanto que é sé da empresa agraria familiar a organización espacial parece estar destinada a optimizar o funcionamento de tal empresa. Esta característica vese notablemente diminuída na casa do emigrado xa que, como temos dito, o proceso migratorio soe acompañarse do abandono da actividade inicial da familia. Isto é, a vivenda reflicte a transformación nos modos de vida de individuos en situación de mobilidade cultural e social.

Non querendo afondar máis -por agora- nestas cuestións, limitarémonos a expoñer un par de textos nos que se describen as cambiantes circunstancias estéticas e sociais que rodean á promoción das vivendas polos emigrantes retornados en dous países tan distintos como Madagascar e Portugal.

A xeógrafa Lucile Rabearimanana¹ descríbenos así a situación na illa africana

Les nouvelles constructions fleurissent à Ambohibary Sambaina [na rexión de Antsirabe] dans les années 1950 et au lendemain de l'indépendance. Elles sont, en partie, le fruit des profits du commerce des migrants, et des revenus que touchent les fonctionnaires originaires de village, au bord de l'une des rues et constitue un objectif pur un bon nombre de migrants car c'est une marque de réussite sociale. Cependant l'aspect extérieur même de ces constructions permet de deviner l'origine socio-professionnelle de leurs propriétaires.

[...]

...elles se distinguent par leur architecture plus "moderne". La plupart n'ont pas d'étage et s'apparentent aux nouvelles maisons tananariviennes, qui font plutôt fausse note par rapport à l'ensemble de l'habitat du village elles nous intéressent pourtant dans la mesure où elles reflètent la mentalité de ces anciens villageois instruits, qui veulent être considérés comme supérieurs aux autres car bénéficiant de l'auréole de l'occidentalisation et de la fonctionnarisation. Les comportements ostentatoires se manifestent lors de leurs venues périodiques au village, lors des fêtes religieuses, Noël et Pâques, dans leur Peugeot 403 ou leur Simca Aronde. Ils véhiculent alors des modèles de consommation propres au monde urbain et qui manifestent une occidentalisation, plus de façade d'ailleurs que réelle².

¹ RABEARIMANANA, Lucile: Les habitants d'Ambohibary Sambaina entre villes et village d'origine. En: *Interdépendances villes-campagnes en Afrique*, p. 197

² As novas construcións agromaron en Ambohibary Sambaina dende os anos 1950 e ó abeiro da independencia. Son, en parte, o froito dos beneficios da actividade dos emigrantes e das remesas correspondentes ós funcionarios nativos da aldea; á beira das rúas aparecen como un obxectivo para un bon número de emigrantes na medida en que representan un símbolo de mellora social. En tódolos casos, o aspecto exterior destas construcións permite debuxar a orixe socioprofesional dos seus propietarios.

[...]

...distinguese pola súa arquitectura máis "moderna". A meirande parte son de planta baixa e aseméllanse ás novas casas tananarivianas o que provoca, sobre todo, unha nota discordante no conxunto do caseiro vilego; interésannos aínda así na medida en que reflicten a mentalidade dos cidadáns nativos instruídos e cultos, que queren ser considerados superiores ós demais como agraciados coa auroeola da occidentalización e do funcionariado. Os comportamentos ostentosos maniféstanse polas súas viaxes periódicas á capital, coincidindo coas festas relixiosas de Nadal e Pascua, no seu Peugeot 403 ou no Simca Aronda.

Deste xeito adoptan modelos de consumo propios do mundo urbano, expresando unha occidentalización máis aparente que real.

A realidade portuguesa relátanola Marinho Antunes¹,

A posición do emigrante tende a revestirse de sinais exteriores simbólicos que marcam e confirman de forma inequívoca e pública o seu novo *status* social. Esses sinais tornam possível una verdadeira presenza física do emigrante na sua terra, mesmo quando ele está ausente no estrangeiro. O sinal mais difundido e o mais desejado é a casa que o emigrante constrói de novo, ou reconstrói, na sua terra de origem, muitas veces num terreno comprado para esse efecto, com melhores acessos. As casas dos emigrantes têm quase sempre características próprias que as tornam perfectamente bem identificadas e diferentes de todas as outras casas tradicionais da comunidade. Elas diferenciamse não só pelo aspecto ou estilo exterior, pela dimensão, pela cor e pelos materiais de construção utilizados, em relação ao contexto habitacional original, como também pelo equipamento doméstico e pelo conforto interior de que dispõem [...]

Outro sinal, também bastante común, da nova posición do emigrante na súa terra de origem consiste em aumentar as súas propiedades através da compra de outras parcelas de terreno...

Um terceiro sinal é o automóvel. O facto de o emigrante, um día, poder voltar à sua terra deslocándose no seu próprio automóvel é uma manifestação altamente apreciada de que o seu comportamento está a atingir os padrões de êxito esperados [...]

Todos eles são factos novos em relação ao que sería de esperar se os emigrantes não tivessem saído das súas terras e continuassem a observar os padrões de comportamento que corresponderiam, normalmente, à sua origem social...

Resulta sorprendente a semellanza entre as situacións descritas nos dous textos arriba presentados malia as notables diferencias que se dan entrambos países. Tamén sorprende recoñecermos con claridade a realidade galega nos retratos sociolóxicos destas dúas comunidades.

A CASA DO EMIGRADO. UNHA ARQUITECTURA POLÉMICA

As casas construídas polos emigrados, coa súa estética renovadora non deixan indiferente a opinión das xentes. En xeral os xuízos e comentarios que sobre a casa do emigrado do ciclo americano encontramos na bibliografía refírense a ésta con cualificativos como “branca”, “limpa” ou “risoña”, sendo minoritarias as reaccións críticas como por exemplo as que queren ver nestas arquitecturas unha mostra de “xenofilia”.

Doutra parte as apreciacións sobre a casa do emigrado do ciclo europeo dirixíranse nun primeiro momento a poñer en valor as “modernas” condicións de habitabilidade dos novos edificios fronte ás precarias condicións dos antigos. Andando o tempo a crítica tense orientado cara outros aspectos da edificación de forma que agora xa son frecuentes os reproches diante do aspecto estético destes novos edificios. Desta maneira téñense tornado habituais as referencias á súa suposta baixa calidade estética, atribuíndoselles en moitos casos a responsabilidade da degradación ambiental que nos últimos tempos está espallándose na paisaxe galega.



As casas do emigrado, tanto a do primeiro tercio do século, como a do tercio final, esforzáronse por diferenciarse da vivenda vernácula.

Na imaxe, dúas casas en Reinante, San Cosme de Barreiros. A da esquerda resposta á tipoloxía de casa contemporánea involucionista e a da dereita, é unha casa de *americano*.



A casa do *americano* foi louvada, no seu momento, por limpa, branca e hixiénica. As críticas ó seu impacto foron minoritarias.

Casa en Celeiro, San Cosme de Barreiros.

¹ ANTUNES, M. Migrações, mobilidade social e identidade. *Análise Social*, v. 27, n. 1, p. 21

Sen dúbida o eco que actualmente acadan estes xuízos débese á proliferación das arquitecturas residenciais dos emigrados pola xeografía do país e á mellora xeneralizada que teñen experimentado as condicións de habitabilidade da globalidade do parque de vivendas de Galicia.

A xeración de formas arquitectónicas por parte de cidadáns en situación de transculturización ofrécesenos como un proceso desembaltrado, carente dun soporte teórico que recolla as mutacións nos gustos e as necesidades actuais dos promotores de vivendas. Desta forma a solución das cuestións estéticas e materiais resólvese sempre de modo individual. De aí a dispersión estilística que caracteriza a este tipo de arquitecturas.

Neste contexto individualista a necesidade sentida polos promotores da vivenda de distanciarse das preexistencias arquitectónicas, xunto coa escasa capacitación profesional dos seus constructores alíanse para dificultar os intentos de normalización e racionalización dos procesos de deseño e execución destas vivendas.

Particularmente numerosas e duras son as críticas vertidas contra a casa contemporánea a quen, como dicíamos, faise responsable da degradación paisaxística de Galicia.

A repulsa que en xeral levantan actualmente estas arquitecturas fai supoñer que existe un contrapunto. Isto é o que sostén Carolina Leite¹ "se a *casa do emigrante* está mal supóese que se sabe ou se coñece o que ela *devería ser*".

Nos máis dos casos suponse que a agresividade destas construcións -consecuencia da súa suposta estranxeiría- desaparecería de terse formalizado utilizando modelos arquitectónicos inspirados na casa vernácula.

Fronte á marea de críticos sobresaen poucas voces que dean mostras de coñecer realmente as circunstancias desta tipoloxía, nacida de individuos sometidos a múltiples tensións. Das poucas voces atinadas destacamos a de Villanova²

...[ós emigrantes das zonas rurais] on ne peut demander une appréciation purement esthétique des choses, des coutumes, des maisons, des arts et autres oeuvres, aussi belles et significatives qu'elles soient, de leur passé; car celles-là précisément leur rappellent de façon aiguë, les souffrances et les humiliations encore bien vivants. Ce que ceux-là veulent, c'est changer ce passé,

¹ LEITE, Carolina: Casa de emigrantes: gosto de alguns, desgosto de muitos; p. 68.

² VILLANOVA, R., LEITE, C. e RAPOSO, I.; *Maisons de rêve au Portugal*, p. 182.

"...[ós emigrantes das zonas rurais] non podemos pedir-lles unha apreciación puramente estética das cousas, dos costumes, das casas, das artes e doutras obras, tan belas e significativas como son as do seu pasado; pois precisamente lémbra-lles de forma aguda sufrimentos e humillacións aínda vivas. O que queren é cambiar este pasado, apagando os seus trazos. Facer unha casa nova é un exemplo disto: esta casa ten, entre outras funcións importantes, a de demostrar que rompeu cun signo secular de pobreza e que a vida cambiou. Por toda evidencia, non copia a arquitectura nin as formas tradicionais, copia as casas da rexión rica e prometedoras que lles procurou cartos e promoción".

éteignant par là même les traces du souvenir. Faire une maison neuve en est un exemple: cette maison a, entre autres fonctions importantes, celle de démontrer qu'elle a rompu avec un signe séculaire de pauvreté et que la vie a changé. De toute évidence, elle ne copie pas l'architecture ni les formes traditionnelles, elle copie les maisons de la région riche et prometteuse qu'a procuré l'argent et la promotion.



O impacto paisaxístico que presentan con frecuencia as casas contemporáneas edificadas no medio rural derivase da alteración das regras que tradicionalmente organizaron a implantación dos edificios no territorio. Na imaxe, casa en Salcedo, Pobra do Brollón.

Estamos en condicións de afirmar, unha vez máis, que os que esto pensan descoñecen a complexidade dos procesos -mentais e materiais- que conforman ese produto chamado casa. A este respecto queremos presentar aquí ó emigrado como un resistente. Porque esa é cualificación que se lle pode dar a quen malia ter sido expulso da súa aldea para ser exposto a condicións laborais e vitais extremas, lonxe da súa familia, decide retornar ó punto de partida e investir nel todo o produto do seu traballo (aínda sabendo que na súa aldea as súas expectativas persoais cara ó futuro son exiguas).

Máis propiamente as culpas deben buscarse noutros lugares. Nisto estamos con Nuno Portas¹

Le problème n'est pas tant celui d'un groupe spécifique qui rapporte de son expérience transnationale des modèles architecturaux considérés comme médiocres et exotiques, que le fait de l'incapacité des autorités et des techniciens, nationaux ou locaux, à trou-

¹ PORTAS, N. Prefacio. En *Maisons de rêve au Portugal*; p. 3

ver une stratégie territoriale et des formes urbaines adéquates [...]

...le paysage urbain des régions de plus forte émigration ne sera plus le même: la chance (théorique) de canaliser l'énorme investissement de tous ces émigrés constructeurs a été perdue. Pourtant, cet investissement aurait pu être orienté vers la réhabilitation des noyaux historiques, ou vers la création de zones d'expansion urbaine à partir de tracés garantissant un minimum d'ordre et de lisibilité¹.

Unha vez máis lembramos que non é primeira vez que na nosa terra se levantan vivendas extravagantes. A inicios de século foron as quintas e os chalés dos indianos as construcións que ferían a retina dos máis esclarecidos, que vían naquelas formas e nos seus xardíns exóticos unha agresión á identidade galaica. Hoxe ollamos para aquel conxunto de edificios -moitos deles ameazando ruína- coa veneración que se lle da ás cousas que de-sexamos conservar entre nós. Certo é que non se pode comparar o impacto daquelas edificacións co ofrecido polas que se construíron no derradeiro tercio de século xa que agora a intensidade, extensión e folgos do proceso son moi outros.

Os acontecementos descritos neste capítulo forman parte da serie de feitos -con incidencia arquitectónica- que se sucederon sen pausa durante os últimos vintecinco séculos da nosa historia. Hoxe, a resultas desto, dispomos no agro e na aldea dun patrimonio construído conformado por edificios residenciais de moi diversas tipoloxías. Articuladas polos mesmos materiais e dimensionadas baixo a mesma escala tecéronse entre as distintas construcións e entre estas e o seu entorno lazos imaxinarios que facían do noso territorio exemplo de harmonía. Os acontecementos arquitectónicos rexistrados durante o século XX, nomeadamente durante o seu derradeiro tercio, foron protagonizados no medio rural por individuos cultivados en realidades foráneas. Estas xentes quebraron, voluntariamente, a linealidade do proceso evolutivo conducindo cara un novo destino.

¹ O problema non é tanto o dun grupo específico que trae da súa experiencia transnacional uns modelos arquitectónicos considerados mediocres e exóticos, como o feito da incapacidade das autoridades e técnicos, nacionais ou locais, para dar cunha estratexia territorial e formas urbanas axeitadas [...]

...a paisaxe urbana das rexións de máis forte emigración xa non será a mesma: a posibilidade (teórica) de canlizar o enorme investimento de todos estes emigrantes constructores tense perdido. Non embargantes este investimento tería podido ser orientado cara a rehabilitación de núcleos históricos, ou cara a creación de zonas urbanas de expansión a partires dos trazados existentes garantindo un mínimo de orde e de lexibilidade.

1.1 MOVIMIENTO MIGRATORIO ESPAÑOL

MOVIMIENTO MIGRATORIO ESPAÑOL¹

ANOS	EUROPA	AMÉRICA	ÁFRICA	ASIA OCEANÍA	TOTAIS	
	saídas	saídas	saídas	saídas	SAÍDAS	RETORNOS
1885	123	18.680	15.483	1.230	35.876	30.507
1900	2.500	38.003	17.345	620	58.468	49.818
1910	3.299	153.796	25.632	8	183.065	87.380
1920	1.865	163.465	11.758	398	117.486	85.165
1930	1.739	56.353	18.054	123	76.269	68.648
1940	333	4.076	94	21	5.370	4.300
1950	3.183	55.314	9.866	38	38.401	16.159
1960	19.610	33.529	4.609	799	58.547	35.314
1970	98.655	6.921	4	886	105.538	72.837
1981	15.063	1.716	2.572	1.449	20.850	15.361
1991	8.368	572	169	40	9.149	25.326

Esta estatística recolle os datos sobre os movementos de pasaxeiros en buques saídos dos portos españois, Publicábasee nos anos rematados en cero e cinco. A partir da década dos sesenta incluíronse os movementos por outros medios de transporte, tomando como referencia o número de emigrantes asistidos polo Instituto Español de Emigración.

1.2 POBOACIÓN ESPAÑOLA NO MUNDO, ESPAÑOIS RETORNADOS DO ESTRANXEIRO INMIGRANTES RESIDENTES NO ESTADO ESPAÑOL

POBOACIÓN ESPAÑOLA NO MUNDO, RETORNADA E RESIDENTES ESTRANXEIROS NO ESTADO

Continente	Países	Poboación española no mundo			Espanoís retornados. Baixas consulares		Inmigrantes desta orixe
		1970	1980	1994	1980	1994	1994
Unión Europea	Alemaña	245.530	179.952	133.879	4.357	3.091	38.229
	Bélxica	63.146	58.255	16.562	1.034	721	8.278
	Dinamarca	1.500	745	558	31	18	4.539
	Francia	659.922	470.814	211.794	4.681	2.385	28.511
	Grecia	227	331	345	0	123	596
	Irlanda	238	140	446	0	27	2.557
	Italia	7.744	11.106	5.908	0	219	17.989
	Luxemburgo	3.153	2.053	909	82	40	144
	Países Baixos	39.000	23.500	16.800	559	302	12.118
	Portugal	8.748	7.124	3.965	0	51	34.943
	Reino Unido	39.014	40.041	38.729	1.034	980	62.317
Total UE	1.068.258	794.061	429.895	11.778	7.957	209.221	
Outros países de Europa	Andorra	15.670	15.671	12.435	0	0	0
	Austria	1.493	806	546	11	0	1.794
	Bulgaria	8	17	5353	0	0	863
	Checoslovaquia	90	75	77	0	0	0
	Chipre	0	0	10	0	0	0
	Finlandia	125	232	307	0	0	2.341
	Hungría	18	35	47	0	0	208

POBOACIÓN ESPAÑOLA NO MUNDO, RETORNADA E RESIDENTES ESTRANXEIROS NO ESTADO

Continente	Países	Poboación española no mundo			Espanois retornados. Baixas consulares		Inmigrantes desta orixe
		1970	1980	1994	1980	1994	1994
	Islandia	0	0	32	0	0	0
	Liechtenstein	163	121	118	0	0	0
	Malta	0	0	2	0	0	0
	Mónaco	0	0	1	0	0	0
	Noruega	647	2.147	597	7	0	2.634
	Polonia	0	0	105	0	0	3.320
	Romanía	26	139	23	0	0	1.028
	Rusia (e CEI)	0	0	152	0	0	411
	San Mariño	0	0	1	0	0	0
	Suecia	3.993	3.384	1.068	77	0	5.427
	Suíza	102.341	97.232	105.895	2.426	4.880	5.971
	Ucraina	0	0	6	0	0	0
	Turquía	527	454	179	0	0	0
	Iugoslavia	0	0	20	0	0	0
	Total outros países Europa	125101	120312	121556	14.299	13.537	23.997
América do Norte	Canadá	17.544	53.540	14.701	218	93	1.119
	Estados Unidos	23.260	37.561	44.107	457	2.054	14.493
	México	31.038	31.363	7.870	287	381	3.921
	Total América do Norte	71.842	122.464	66.678	962	2.528	19.533
América Central	Bahamas	0	0	1	0	0	0
	Costa rica	1.335	1.546	535	0	0	336

POBOACIÓN ESPAÑOLA NO MUNDO, RETORNADA E RESIDENTES ESTRANXEIROS NO ESTADO

Continente	Países	Poboación española no mundo			Espanois retornados. Baixas consulares		Inmigrantes desta orixe
		1970	1980	1994	1980	1994	1994
	Cuba	74.026	60.000	11.184	0	280	4.642
	Guatemala	1.700	1.405	444	0	25	359
	Haití	24	49	27	0	0	65
	Honduras	917	530	303	0	0	669
	Nicaragua	546	500	60	0	0	442
	Panamá	2.793	2.706	671	0	33	446
	Porto Rico	3.110	2.631	1.162	0	0	0
	República Dominicana	2.318	2.000	2.432	0	88	12.475
	Salvador, O	698	750	312	0	35	850
	Xamaica	0	0	9	0	0	0
	Total América Central	87.467	72.117	17.130	0	492	20.284
América do Sur	Arxentina	540.100	363.550	270.217	451	763	19.922
	Bolivia	1.200	1.394	704	0	32	844
	Brasil	115.893	98.515	81.737	211	269	4.817
	Colombia	3.000	3.000	2.790	0	0	6.614
	Chile	16.628	12.290	7.547	65	103	5.574
	Ecuador	2.000	2.591	1.101	0	98	1.655
	Paraguay	1.057	1.160	543	0	31	468
	Perú	5.446	4.723	2.017	16	44	12.782
	Uruguai	44.831	31.546	28.149	129	211	3.841
	Venezuela	149.747	141.760	127.525	1.375	228	6.786

POBOACIÓN ESPAÑOLA NO MUNDO, RETORNADA E RESIDENTES ESTRANXEIROS NO ESTADO

Continente	Países	Poboación española no mundo			Espanóis retornados. Baixas consulares		Inmigrantes desta orixe
		1970	1980	1994	1980	1994	1994
	Total América do Sur	879.902	660.529	522.330	2.247	1.779	63.303
África	Angola	-	-	37	-	0	409
	Arxelia	-	-	256	-	32	3.201
	Benin	-	-	49	-	0	0
	Burkina Faso	-	-	63	-	0	0
	Burundi	-	-	15	-	0	0
	Cabo Verde	-	-	5	-	0	1.940
	Camerún	-	-	110	-	0	0
	Congo	-	-	25	-	0	0
	Costa de Marfil	-	-	215	-	19	0
	Exipto	-	-	164	-	0	0
	Etiopía	-	-	15	-	0	0
	Gabón	-	-	74	-	10	0
	Gambia	-	-	5	-	0	3.441
	Ghana	-	-	32	-	11	0
	Guinea Ecuatorial	-	-	477	-	0	1.788
	Illa Mauricio	-	-	45	-	0	0
	Kenya	-	-	56	-	0	0
	Liberia	-	-	25	-	0	0
	Libia	-	-	30	-	0	0
Madagascar	-	-	57	-	0	0	

POBOACIÓN ESPAÑOLA NO MUNDO, RETORNADA E RESIDENTES ESTRANXEIROS NO ESTADO

Continente	Países	Poboación española no mundo			Espaníais retornados. Baixas consulares		Inmigrantes desta orixe
		1970	1980	1994	1980	1994	1994
	Malawi	-	-	32	-	0	0
	Mali	-	-	55	-	0	0
	Marrocos	-	-	3.932	-	281	63.939
	Mauritania	-	-	35	-	0	0
	Mozambique	-	-	180	-	0	0
	Namibia	-	-	13	-	0	0
	Nixer	-	-	9	-	0	0
	Nixeria	-	-	80	-	14	442
	Ruanda	-	-	81	-	0	0
	Senegal	-	-	94	-	0	3.389
	Seychelles	-	-	1	-	0	0
	Serra Leona	-	-	1	-	0	0
	Sudáfrica	-	-	467	-	19	0
	Sudán	-	-	5	-	0	0
	Tanzania	-	-	4	-	16	0
	Tchad	-	-	12	-	0	0
	Togo	-	-	62	-	0	0
	Tunicia	-	-	185	-	14	394
	Uganda	-	-	13	-	0	0
	Zaire	-	-	364	-	10	0
	Zambia	-	-	21	-	0	0
	Zimbawe	-	-	75	-	25	0

POBOACIÓN ESPAÑOLA NO MUNDO, RETORNADA E RESIDENTES ESTRANXEIROS NO ESTADO

Continente	Países	Poboación española no mundo			Espaníais retornados. Baixas consulares		Immigrantes desta orixe
		1970	1980	1994	1980	1994	1994
	Total África	-	-	7.511	-	634	82.607
Asia	Arabia Saudita	-	-	96	-	0	0
	Corea del Sur	-	-	70	-	0	1.578
	China	-	-	47	-	0	8.119
	Emiratos Árabes	-	-	66	-	8	0
	Filipinas	-	-	387	-	10	9.068
	Hong-Kong	-	-	127	-	0	0
	India	-	-	170	-	0	5.954
	Indonesia	-	-	31	-	0	0
	Irak	-	-	41	-	0	0
	Irán	-	-	32	-	0	1.613
	Israel	-	-	339	-	0	0
	Xapón	-	-	652	-	2	2.587
	Xordania	-	-	127	-	0	609
	Kuwait	-	-	23	-	0	0
	Líbano	-	-	72	-	0	0
	Macau	-	-	18	-	0	1.102
	Malaisia	-	-	49	-	0	0
	Nepal	-	-	4	-	0	0
	Pakistán	-	-	33	-	0	1.646
Qatar	-	-	7	-	0	0	

POBOACIÓN ESPAÑOLA NO MUNDO, RETORNADA E RESIDENTES ESTRANXEIROS NO ESTADO

Continente	Países	Poboación española no mundo			Espanois retornados. Baixas consulares		Inmigrantes desta orixe
		1970	1980	1994	1980	1994	1994
	Singapur	-	-	1	-	-	0
	Siria	-	-	154	-	-	918
	Sri Lanka	-	-	1	-	-	0
	Thailandia	-	-	61	-	-	0
	Taiwan	-	-	115	-	-	594
	Total Asia	-	-	2.723	-	136	35.743
Oceanía	Australia	-	-	16.269	146	398	720
	Nova Zelandia	-	-	123	-	-	133
	Total Oceanía	-	-	17.392	-	-	853
TOTAL MUNDIAL		2.232.570	1.769.483	1.167.461	18.780	19.504	461.364

1.3 POBOACIÓN E EMIGRACIÓN ESPAÑOLA

POBOACIÓN E EMIGRACIÓN ESPAÑOLA

Comunidade autónoma	Periodos					
	Poboación 1970	Emigración 1960-70	Poboación 1981	Emigración 1970-80	Poboación 1991	Emigración 1981-91
Andalucía	5.971,2	208,1	6.441,7	128,6	6.940,5	37,7
Aragón	1.152,7	10,4	1.213,0	3,4	1.188,8	1,0
Asturias	1.045,6	15,3	1.127,0	6,7	1.093,9	1,5
Balears, Illes	558,2	1,8	685,0	1,2	709,1	0,2
Canarias	1.170,2	42,3	1.444,6	12,1	1.493,8	3,5
Cantabria	467,1	8,8	510,8	2,6	527,3	0,6
Castilla - La Mancha	1.706,4	30,2	1.628,0	18,2	1.658,4	5,2
Castilla y León	2.623,1	78,9	2.577,1	47,2	2.545,9	7,7
Catalunya	5.122,5	31,1	5.958,2	11,0	6.059,5	9,4
Comunitat Valènciana	3.073,2	53,1	3.646,7	28,6	3.857,2	10,6
Extremadura	1.145,3	43,5	1.050,1	26,6	1.061,8	7,9
Galicia	2.583,6	196,4	2.753,8	155,0	2.731,7	84,1
Madrid	3.792,5	64,0	4.726,9	28,6	4.947,6	17,2
Murcia	832,3	28,8	957,9	13,5	1.045,6	6,1
Navarra	464,8	4,8	507,3	3,1	519,3	0,9
Euzcadi	1.878,6	10,7	2.134,9	5,0	2.104,0	2,3
Rioja, La	235,7	1,4	253,2	0,5	263,4	0,1
Ceuta e Melilla	127,6	3,7	117,5	0,1	124,2	0,0
TOTAL	33.823,9	834,1	37.616,9	493,0	38.872,2	196,0

1.4 POBOACIÓN E EMIGRACIÓN ESPAÑOLA. UNHA INTERPRETACIÓN

POBOACIÓN E EMIGRACIÓN ESPAÑOLA. UNHA INTERPRETACIÓN (Elaboración propia)

Comunidade autónoma	Valores absolutos		Valores relativos	
	Poboación media Período 1960-1991	Emigración total Período 1960-1991	Poboación media Período 1960-1991	Emigración total Período 1960-1991
Andalucía	6.451,13	374,40	17,54	24,58
Aragón	1.184,84	14,80	3,22	0,97
Asturias	1.088,83	23,50	2,96	1,54
Balears, Illes	650,76	3,20	1,77	0,21
Canarias	1.369,54	57,90	3,72	3,80
Cantabria	501,74	12,00	1,36	0,79
Castilla - La Mancha	1.664,27	53,60	4,53	3,52
Castilla y León	2.582,03	133,80	7,02	8,78
Catalunya	5.713,40	51,50	15,54	3,38
Comunitat Valènciana	3.525,70	92,30	9,59	6,06
Extremadura	1.085,74	78,00	2,95	5,12
Galicia	2.689,70	435,50	7,3	28,59
Madrid	4.489,00	109,80	12,21	7,21
Murcia	942,27	48,40	2,56	3,18
Navarra	497,14	8,80	1,35	0,58
Euzcadi	2.039,17	18,00	5,55	1,18
Rioja, La	250,76	2,00	0,68	0,13
Ceuta e Melilla	123,10	3,80	0,34	0,25
TOTAL	36.771,00	1.523,10	100	100

1.5 ORIGINE DOS EMIGRANTES ESPAÑOIS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

ORIGINE DOS EMIGRANTES ESPAÑOIS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Territorio	Periodos						Total
	1962-1965	1966-1970	1971-1975	1976 -1980	1981-1985	1986-1990	
Andalucía	91.583	116.559	114.195	14.455	23.353	14.334	374.479
Aragón	7.023	3.406	3.137	353	722	349	14.990
Asturias	9.819	5.533	5.666	1.126	971	581	23.696
Balears, Illes	1.193	640	761	492	149	94	3.329
Canarias	19.474	22.891	7.822	4.341	2.157	1.379	58.064
Cantabria	5.664	3.184	2.464	218	395	304	12.229
Castilla-La Mancha	16.069	14.203	17.007	1.214	2.896	2.348	53.737
Castilla y León	39.898	39.071	42.493	4.781	4.623	3.091	133.957
Catalunya	17.791	13.156	9.143	1.916	6.781	2.600	51.387
Comunitat Valènciana	23.077	30.090	26.739	1.943	7.795	2.881	92.525
Extremadura	24.498	19.067	23.230	3.412	4.490	3.466	78.163
Galicia	103.923	92.561	119.673	35.419	43.164	40.833	435.573
Madrid	40.576	23.424	21.253	7.355	12.643	4.176	109.427
Murcia	10.997	17.817	11.860	1.710	3.883	2.212	48.479
Navarra	2.426	2.446	2.904	212	603	328	8.919
Euzcadi	5.836	4.938	3.969	1.046	1.502	726	18.017
Rioja, La	1.024	475	408	108	71	33	2.119
Ceuta e Melilla	2.443	1.328	156	10	8	3	3.984
Total	423.314	410.789	412.945	80.111	116.206	79.738	1.523.103

1.6 INMIGRACIÓN. POBOACIÓN ESTRANXEIRA. DISTRIBUCIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

INMIGRACIÓN. POBOACIÓN ESTRANXEIRA. DISTRIBUCIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Comunidade autónoma	1970		1981		1991	
	Españois	Estranxeiros	Españois	Estranxeiros	Españois	Estranxeiros
Andalucía	5.971,2	21,5	6.441,7	23,1	6.940,5	35,8
Aragón	1.152,7	2,0	1.213,0	1,8	1.188,8	3,5
Asturias	1.046,6	4,4	1.127,0	3,8	1.093,9	4,6
Balears, Illes	558,2	5,9	685,0	12,9	709,1	14,6
Canarias	1.170,2	11,7	1.444,6	23,4	1.493,7	30,2
Cantabria	467,1	1,0	510,8	1,2	527,3	1,7
Castilla-La Mancha	1.706,2	0,5	1.628,0	0,6	1.658,4	2,3
Castilla e León	2.623,1	5,5	2.577,1	5,1	2.545,9	11,6
Catalunya	5.122,5	32,1	5.958,2	38,6	6.059,5	56,1
Comunitat Valènciana	3.073,2	9,6	3.646,7	19,1	3.857,2	29,7
Extremadura	1.145,3	2,2	1.050,1	1,5	1.061,8	2,4
Galicia	2.583,6	10,6	2.753,8	10,2	2.731,6	16,0
Madrid	3.792,5	29,4	4.726,9	30,5	4.947,5	56,0
Murcia	832,3	0,5	957,9	1,1	1.045,5	3,2
Navarra	464,8	2,3	507,3	1,3	519,2	2,6
Euzcadi	1.878,6	6,9	2.134,9	5,6	2.104,0	7,8
Rioja, La	235,70	0,3	253,2	0,3	263,4	0,7
Ceuta e Melilla	116,7	0,5	117,5	0,5	124,2	4,1
Total	33.823,9	147,7	37.616,9	181,5	38.872,3	283,2

2.1 MOVEMENTO MIGRATORIO GALEGO. SALDO DAS SAÍDAS

MOVEMENTO MIGRATORIO GALEGO. SALDO DAS SAÍDAS												
perº	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia		España	
	Europa	América	Europa	América	Europa	América	Europa	América	Europa	América	Europa	América
1911 1920	-	124.335	-	86.565	-	98.760	-	94.253	-	404.183	-	1.279.872
1921 1930	-	98.946	-	73.761	-	70.402	-	95.512	-	338.641	-	839.333
1931 1940	-	16.013	-	11.025	-	11.090	-	18.764	-	56.692	-	208.004
1941 1950	-	22.241	-	11.710	-	12.499	-	23.799	-	70.249	-	271.890
1951 1960	16.154	77.982	8.006	23.451	21.038	46.835	11.157	77.848	56.355	226.116	376.652	668.003
1961 1970	38.219	28.925	12.470	8.095	74.955	23.089	22.766	31.057	147.259	91.166	840.033	232.221
1971 1980	60.344	3.789	32.424	920	40.309	5.559	33.526	4.754	166.603	15.022	469.794	51.663
Total	114.708	372.231	52.900	215.527	136.302	268.234	67.449	345.987	370.383	1.202.069	1.686.479	3.550.986
Gran Total	486.940		268.427		404.536		413.436		1.572.452		5.237.465	

OBSERVACIÓN:

As cifras contidas neste cadro reflicten o número de individuos emigrados legalmente. Cabe pois supoñer que non recollen a realidade, que sería -como comunmente recoñecen tódolos investigadores- certamente máis cuantiosa que a aquí expresada.

2.2 MOVIMIENTO MIGRATORIO GALEGO. EMIGRACIÓN CONTINENTAL

EMIGRACIÓN CONTINENTAL. EFECTIVOS EXPATRIADOS						
Periodo	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1960	19	11	16	200	246	19.610
1961	1.654	906	2.654	896	6.112	42.831
1962	1.866	1.067	4.614	2.196	9.763	64.444
1963	4.281	1.559	7.974	3.508	16.295	83.206
1964	5.513	1.868	13.051	3.224	23.656	101.623
1965	4.470	1.321	8.758	1.784	16.333	74.187
1966	4.134	1.134	6.796	1.576	13.640	56.795
1967	2.094	669	3.735	535	7.033	25.911
1968	3.213	904	7.401	982	12.500	68.699
1969	4.637	1.500	10.635	3.225	19.997	100.840
1970	6.338	1.531	9.321	4.640	21.850	203.887
1971	10.221	12.041	10.279	6.516	29.057	113.702
1972	9.717	8.122	8.846	6.516	27.201	104.134
1973	10.949	8.074	8.269	6.747	28.039	96.088
1974	8.714	1.532	4.330	4.109	18.575	50.695
1975	3.583	717	1.950	1.751	8.001	20.618
1976	2.508	391	1.231	1.231	5.289	12.124
1977	2.725	311	1.233	1.271	5.540	11.336
1978	3.407	232	1.260	1.506	6.405	11.993
1979	4.076	358	1.470	1.898	7.802	13.019
1980	4.444	255	1.441	1.901	8.041	14.085
TOTAL	98.563	44.894	115.264	56.292	314.028	1.309.827

2.3 MOVIMIENTO MIGRATORIO GALEGO. DESTINOS DOS EMIGRANTES A EUROPA

PERÍODO	Alemaña	Bélxica	Francia	Holanda	Inglaterra	Suíza	Outros	Total
1960-1970	60.321	254	12.887	7.296	5.452	53.418	361	139.989
1971-1980	19.882	6	3.865	3.500	664	115.817	18	143.752
1981-1990	26	-	825	28	6	81.286	50	82.221
TOTAL	80.229	260	17.577	10.824	6.122	250.521	429	365.962

2.4 MOVIMIENTO MIGRATORIO GALEGO. DESTINOS DOS EMIGRANTES A AMÉRICA

PERÍODO	Canadá	EE. UU.	México	Centroam ^a	Arxentina	Brasil	Venezuela	Outros	Total
1965-1970	796	1.536	639	293	2.955	1.825	10.363	860	19.267
1971-1980	551	1.490	783	232	638	505	4.676	202	9.077
1981-1990	6	21	139	15	15	47	141	120	504
TOTAL	1.353	3.047	1.561	540	3.608	2.377	15.180	1.182	28.848

2.5 MOVIMIENTO MIGRATORIO GALEGO. MIGRACIONES INTERIORES NO ÁMBITO DO ESTADO

data	Comunidades autónomas de destino							
	Madrid	Canarias	Com. Valenc ^a	Balears	Murcia	Navarra	Aragón	La Rioja
1988	2.373	3.162	458	508	114	107	142	70
1989	2.158	3.044	492	687	193	117	132	93
1990	2.548	1.688	548	484	186	135	190	67
1991	1.254	884	239	248	151	78	100	29
1992	1.640	1.112	363	312	143	108	163	21
1993	1.608	1.142	426	220	206	103	129	41

2.6 IMPACTO DEMOGRÁFICO DA EMIGRACIÓN EN GALICIA

EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DE GALICIA E ESPAÑA. COMPARATIVA

Data	Poboación de Galicia		Poboación de España		Peso relativo Galicia / España
	Valor Absoluto	Valor relativo	Valor Absoluto	Valor relativo	
1787 (Reconto de Labrada)	1.340.192	100	10.409.879	100	12,9 %
1857 (1º censo moderno)	1.776.889	133	15.464.340	149	11,5 %
1900 (censo)	1.980.515	110	18.617.956	119	10,6 %
1950 (censo)	2.604.200	145	28.118.057	180	9,3 %
1986 (censo)	2.785.394	155	38.398.240	245	7,2 %

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
A CORUÑA									
ARZÚA									
ARZÚA	9.064	6.999	6.932	2.178	2.442	2.930	2.085	1.863	1.953
BOIMORTO	5.216	3.181	2.682	1.240	1.048	1.199	1.174	852	829
PINO, O	6.174	5.903	5.282	1.575	1.778	1.957	1.307	1.271	1.297
TOURO	6.420	5.539	5.029	1.518	1.765	2.001	1.271	1.337	1.307
total comarcal	26.874	21.622	19.925	6.511	7.033	8.087	5.837	5.323	5.386
BARBANZA									
BOIRO	13.867	16.752	16.164	3.673	5.349	6.465	3.371	4.190	4.373
POBRA DO CARAMIÑAL	8.165	9.813	8.668	2.213	3.468	3.734	2.099	2.606	2.525
RIANXO	10.944	11.352	11.733	3.102	3.695	4.223	2.657	2.893	3.181
RIBEIRA	21.716	23.081	23.255	6.078	7.547	9.423	5.270	6.345	6.450
total comarcal	54.692	60.998	59.820	15.066	20.059	23.845	13.397	16.034	16.529
BARCALA, A									
BAÑA, A	8.238	7.913	4.779	1.735	1.766	1.529	1.574	1.600	1.246
NEGREIRA	8.999	7.197	6.236	1.850	2.159	2.489	1.674	1.748	1.629
total comarcal	17.237	15.110	11.015	3.585	3.925	4.018	3.248	3.348	2.875
BERGANTIÑOS									
CABANA DE BERGANT.	6.850	6.652	5.593	1.377	1.654	1.965	1.353	1.486	1.480
CARBALLO	23.508	23.923	24.614	6.308	9.564	11.613	5.608	6.426	7.153
CORISTANCO	9.684	10.187	8.365	2.144	2.555	2.698	2.088	2.227	2.243
LARACHA	10.898	10.857	10.109	3.027	3.827	4.264	2.717	2.916	3.002
LAXE	3.535	3.482	3.484	887	1.328	1.643	858	895	895
MALPICA DE BERGANT.	8.108	7.911	7.421	2.285	2.596	3.425	2.050	2.082	2.192

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
PONTECESO	8.366	7.950	7.368	2.196	2.850	3.072	2.065	2.361	2.191
total comarcal	70.949	70.962	66.954	18.224	24.374	28.680	16.739	18.393	19.156
BETANZOS									
ARANGA	3.187	2.685	2.490	766	906	1.038	741	730	681
BETANZOS	10.101	11.385	11.846	3.573	4.305	5.088	2.918	3.515	3.627
CESURAS	5.164	3.702	2.948	1.971	1.296	1.430	1.106	1.078	897
COIRÓS	1.741	1.587	1.576	495	658	781	444	508	485
CURTIS	6.735	4.908	4.482	1.683	1.911	2.164	1.458	1.314	1.367
IRIXOA	2.406	2.111	1.903	598	750	854	584	644	543
MIÑO	4.964	5.407	5.030	1.552	2.201	2.488	1.281	1.918	1.335
OZA DOS RÍOS	5.223	3.736	3.338	1.128	1.429	1.687	1.094	1.176	973
PADERNE	4.299	3.473	2.887	1.122	1.275	1.211	983	992	858
VILARMAIOR	2.001	1.897	1.413	530	603	680	529	573	393
VILASANTAR	2.887	2.368	1.874	732	811	954	667	659	553
total comarcal	48.708	43.259	39.787	14.150	16.145	18.375	11.805	13.107	11.712
CORUÑA, A									
ABEGONDO	6.302	5.912	5.448	1.567	2.180	2.637	1.457	2.120	1.601
ARTEIXO	12.166	15.268	17.796	3.249	6.380	8.516	2.933	4.025	5.176
BERGONDO	5.225	5.424	5.402	1.861	2.422	2.956	1.574	2.184	1.605
CAMBRE	7.259	9.137	12.154	2.018	4.358	6.031	1.915	3.044	3.597
CARRAL	4.935	5.481	5.202	1.340	1.799	2.190	1.244	1.504	1.499
CORUÑA, A	189.654	232.356	251.342	62.807	86.409	98.459	51.815	71.425	78.494
CULLEREDO	9.962	13.129	14.549	3.790	4.984	6.795	2.697	3.783	4.356
OLEIROS	10.457	15.100	18.659	4.343	8.679	10.929	3.608	6.345	5.708
SADA	7.047	7.998	9.190	2.731	3.683	5.018	2.128	3.081	2.781

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
total comarcal	253.007	309.805	339.742	83.706	120.894	143.531	69.371	97.511	104.817
EUME									
CABANAS	5.001	3.500	3.074	1.557	1.713	1.803	1.546	1.372	899
CAPELA, A	3.967	3.212	1.714	935	993	571	878	760	431
MONFERO	4.360	3.586	2.975	1.042	1.113	1.031	936	858	783
PONTEDEUME	8.107	8.459	8.786	2.107	3.153	3.844	1.969	2.448	2.416
PONTES, AS	9.916	11.027	13.214	2.164	3.836	4.957	2.001	3.032	3.806
total comarcal	31.351	29.784	29.763	7.805	10.808	12.206	7.330	8.470	8.335
FERROL									
ARES	5.042	4.529	4.447	1.563	2.006	2.438	1.409	1.706	1.366
CEDEIRA	7.968	7.827	7.439	2.669	3.714	4.105	2.298	2.724	2.437
FENE	11.101	15.040	14.759	3.114	5.406	5.947	3.003	4.173	4.606
FERROL	87.736	91.764	84.491	24.090	31.904	35.119	21.746	27.491	26.403
MOECHE	2.434	2.036	1.745	864	881	812	741	720	608
MUGARDOS	6.793	7.046	6.478	2.246	2.618	2.738	2.003	2.327	2.037
NARÓN	21.491	28.984	31.172	6.652	11.072	12.443	6.062	8.537	9.647
NEDA	8.638	6.941	6.289	2.538	2.703	2.617	2.313	2.041	1.999
SAN SADURNIÑO	4.907	4.340	3.747	1.378	1.550	1.586	1.331	1.233	1.164
SOMOZAS	2.610	1.973	1.678	747	902	864	704	588	537
VALDOVIÑO	8.004	7.146	6.633	2.355	3.234	3.856	2.229	2.828	2.070
total comarcal	166.724	177.626	168.878	48.216	65.990	72.525	43.839	54.368	52.874
FISTERRA									
CEE	6.713	7.234	6.880	1.653	2.271	2.630	1.535	1.783	1.888
CORCUBIÓN	1.823	1.933	1.949	570	735	898	485	553	624
DUMBRÍA	4.543	4.408	3.967	1.066	1.268	1.189	938	948	1.018

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
FISTERRA	4.867	5.147	4.963	1.248	1.711	2.021	1.062	1.312	1.376
MUXÍA	6.725	6.797	6.618	1.808	2.250	2.709	1.605	1.879	1.813
total comarcal	24.671	25.519	24.377	6.345	8.235	9.447	5.625	6.475	6.719
MELIDE, TERRA DE									
MELIDE	7.491	7.797	8.210	2.086	2.785	3.810	1.895	2.194	2.418
SANTISO	3.322	2.803	2.469	866	983	946	735	797	691
SOBRADO	4.441	3.375	2.739	1.133	1.247	1.282	960	964	829
TOQUES	2.582	2.297	1.949	654	638	666	601	559	499
total comarcal	17.836	16.272	15.367	4.739	5.653	6.704	4.191	4.514	4.437
MUROS									
CARNOTA	6.681	6.504	5.978	1.872	2.215	2.677	1.701	1.710	1.745
MUROS	10.305	11.060	10.178	2.871	4.222	4.503	2.649	3.306	2.910
total comarcal	16.986	17.564	16.156	4.743	6.437	7.180	4.350	5.016	4.655
NOIA									
LOUSAME	5.361	4.661	4.275	1.341	1.420	1.358	1.329	1.106	1.101
NOIA	11.990	13.867	13.038	2.880	4.977	5.441	2.785	3.597	3.834
OUTES	9.968	9.815	8.247	2.490	3.053	3.293	2.435	2.271	2.318
PORTO DO SON	9.874	10.453	10.392	2.514	3.380	4.161	2.443	2.829	2.630
total comarcal	37.193	38.796	35.952	9.225	12.830	14.253	8.992	9.803	9.883
ORDES									
CERCEDA	7.502	7.003	5.335	1.791	2.193	2.335	1.721	1.793	1.770
FRADES	4.167	3.649	3.291	849	944	981	779	746	789
MESÍA	5.1967	4.278	3.623	1.112	1.274	1.326	1.023	1.029	977
ORDES	9.855	11.095	11.467	2.542	4.060	4.662	2.291	3.019	3.025
OROSO	3.810	3.612	3.761	774	1.062	1.369	727	796	917

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
TORDOIA	5.727	5.267	5.350	1.653	1.496	1.521	1.593	1.259	1.309
TRAZO	4.532	4.363	3.796	903	1.086	1.118	894	920	927
total comarcal	87.560	39.267	36.623	9.624	12.115	13.312	9.028	9.562	9.714
ORTEGAL									
CARIÑO	5.595	5.687	5.274	concello de nova creación		2.574	concello de nova creación		1.785
CERDIDO	3.019	2.046	1.867	852	841	892	760	608	599
MAÑÓN	3.198	2.666	2.103	1.124	1.161	1.125	1.021	823	741
ORTIGUEIRA	11.964	9.899	9.658	5.910	7.017	4.933	5.319	5.273	3.259
total comarcal	23776	20298	18902	7.886	9.019	9.524	7.100	6.704	6.384
SANTIAGO									
AMES	9.833	9.166	9.830	2.565	2.694	4.008	2.245	2.337	2.628
BOQUEIXÓN	5.154	4.978	4.187	967	1.150	1.277	950	988	1.003
BRIÓN	5.679	5.942	5.736	1.475	1.674	1.837	1.410	1.500	1.482
SANTIAGO DE COMPª.	70.893	93.695	95.527	18.218	31.525	38.941	15.527	23.742	25.343
TEO	11.179	10.986	13.003	2.263	2.870	4.315	2.225	2.490	3.244
VAL DO DUBRA	5.423	5.654	4.959	1.277	1.674	1.913	1.275	1.422	1.319
VEDRA	5.160	5.689	4.860	1.411	1.505	1.617	1.179	1.280	1.186
total comarcal	113.321	136.110	138.102	28.176	43.092	53.908	24.811	33.759	36.205
SAR, O									
DODRO	3.176	3.358	3.559	821	1.008	1.150	797	825	863
PADRÓN	8.102	9.796	10.147	2.081	3.058	3.708	1.964	2.350	2.413
ROIS	5.715	5.767	5.514	1.270	1.428	1.416	1.256	1.306	1.280
total comarcal	16.993	18.921	19.220	4.172	5.494	6.274	4.017	4.481	4.556
SONEIRA, TERRA DE									
CAMARIÑAS	7.865	6.818	6.930	1.740	2.528	3.090	1.643	1.844	2.033

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
VIMIANZO	10.170	9.365	8.430	2.293	3.022	3.362	2.204	3.192	2.354
ZAS	8.481	7.285	6.560	1.620	1.755	2.183	1.523	1.483	1.486
total comarcal	26.516	23.468	21.920	5.653	7.305	8.635	5.370	6.519	5.873
XALLAS									
MAZARICOS	7.102	6.655	6.387	1.409	1.330	1.627	1.380	1.283	1.404
SANTA COMBA	11.492	11.385	11.206	2.691	3.563	4.170	2.558	2.545	2.653
total comarcal	18.594	18.040	17.593	4.100	4.893	5.797	3.938	3.828	4.057
TOTAL PROVINCIAL	1.004.188	1.083.415	1.080.096	281.126	384.301	446.301	249.012	306.154	301.167
LUGO									
ANCARES									
BARALLA	4.968	4.463	3.761	1.330	1.417	1.617	1.193	1.163	1.093
BECERREÁ	5.762	5.034	3.935	1.499	1.790	2.122	1.409	1.348	1.260
CERVANTES	4.294	3.069	2.358	997	848	1.070	960	763	734
NAVIA DE SUARNA	4.995	3.745	2.136	999	1.022	1.067	979	884	731
NOGAIS, AS	2.518	2.283	1.867	613	748	780	595	645	557
PEDRAFITA DO CEBRº	2.861	2.500	2.103	625	687	577	573	610	495
total comarcal	25398	21094	16160	6.063	6.512	7.233	5.709	5.413	4.870
CHANTADA									
CARBALLEDO	5.450	4.518	4.145	1.425	1.566	1.683	1.333	1.223	1.192
CHANTADA	10.666	9.854	9.698	3.433	3.963	4.680	2.915	3.055	3.059
TABOADA	6.324	6.072	4.854	1.847	1.971	2.065	1.671	1.649	1.461
total comarcal	22.440	20.444	18.697	6.705	7.500	8.428	5.919	5.927	5.712
FONSAGRADA, A									

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
BALEIRA	3.304	2.610	2.023	908	828	849	773	678	635
FONSAGRADA, A	9.744	9.246	6.508	2.452	2.560	2.663	2.140	2.027	1.889
NEGUEIRA DE MUÑIZ	590	434	281	150	164	184	141	123	119
total comarcal	13.638	12.290	8.812	3.510	3.552	3.696	3.054	2.828	2.643
LEMOS, TERRA DE									
BÓVEDA	3.144	3.244	2.320	971	1.048	1.150	882	838	743
PANTÓN	6.954	5.823	3.935	2.000	2.256	2.021	1.991	1.847	1.461
MONFORTE DE LEMOS	19.528	19.382	20.510	6.250	7.525	9.270	5.529	5.967	6.583
POBRA DO BROLLÓN	3.995	3.338	3.244	1.237	1.239	1.455	1.097	1.019	1.022
SAVIÑAO, O	8.534	7.261	5.739	2.799	2.832	3.055	2.371	2.458	1.965
SOBER	6.818	4.786	3.665	1.939	2.144	2.319	1.752	1.592	1.387
total comarcal	48.973	43.834	39.413	15.196	17.044	19.270	13.622	13.721	13.161
LUGO									
CASTROVERDE	5.256	4.548	3.796	1.461	1.533	1.557	1.319	1.192	1.117
CORGO, O	5.454	5.001	12.945	1.621	1.735	1.852	1.431	1.354	1.347
GUNTÍN	4.914	4.351	3.824	1.196	1.334	1.341	1.118	1.075	1.070
LUGO	63.830	73.986	86.960	20.616	29.194	38.188	17.678	22.218	26.448
OUTEIRO DE REI	5.093	5.108	4.135	1.360	1.505	1.656	1.230	1.250	1.170
PORTOMARÍN	2.961	2.499	2.151	712	828	951	710	652	666
RÁBADE	1.814	1.858	1.692	599	784	930	536	593	562
total comarcal	89.322	97.351	115.503	27.565	36.913	46.475	24.022	28.334	32.380
MARIÑA CENTRAL, A									
ALFOZ	3.205	2.858	2.642	947	1.095	1.170	872	832	794
BURELA	2.822	4.783	7.743	concello de nova creación					
CERVO	3.471	4.819	5.386	1.845	4.112	5.157	1.694	2.676	3.598

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
FOZ	8.274	8.776	9.313	2.581	3.715	4.654	2.304	2.614	2.829
LOURENZÁ	3.487	3.266	3.092	1.227	1.275	1.303	1.052	1.039	967
MONDOÑEDO	6.989	6.988	5.327	2.354	2.874	2.271	2.026	1.977	1.668
VALADOURO, O	3.461	3.184	2.720	1.075	1.153	1.219	981	906	875
total comarcal	25.682	27.033	25.838	9.082	13.129	14.604	8.057	9.212	9.937
MARIÑA OCCIDENTAL, A									
OUROL	3.618	2.508	1.870	1.133	1.126	827	999	848	676
VICEDO, O	3.167	2.850	2.651	962	1.100	1.104	868	848	809
VIVEIRO	12.942	14.562	14.583	4.377	5.972	6.880	3.795	4.357	4.493
XOVE	3.755	3.618	3.447	860	1.374	1.366	815	872	929
total comarcal	23.482	23.538	22.551	7.332	9.572	10.177	6.477	6.925	6.907
MARIÑA ORIENTAL, A									
BARREIROS	4.165	4.083	3.752	1.320	1.633	2.129	1.222	1.347	1.124
PONTENOVA, A	4.841	4.298	3.647	1.305	1.404	1.640	1.242	1.275	1.186
RIBADEO	8.974	9.068	8.721	2.727	3.211	4.079	2.498	2.712	2.705
TRABADA	2.548	2.277	1.910	622	732	677	596	576	546
total comarcal	20.528	19.726	18.030	5.974	6.980	8.525	5558	5.910	5.561
MEIRA									
MEIRA	1.975	1.970	1.833	588	674	778	521	586	584
POL	3.457	2.851	2.431	943	1.027	1.106	871	830	740
RIBEIRA DE PIQUÍN	1.859	1.296	1.054	440	415	451	430	370	319
RIOTORTO	3.167	2.696	2.211	884	907	893	809	774	703
total comarcal	10.458	8.813	7.529	2.855	3.023	3.228	2.631	2.560	2.346
QUIROGA									
FOLGOSO DO CAUREL	3.609	2.191	1.850	980	852	774	853	767	585

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
QUIROGA	4.881	5.037	4.657	1.752	2.200	2.440	1.567	2.065	1.614
RIBAS DE SIL	2.089	1.611	1.550	732	1.108	945	663	763	567
total comarcal	10.579	8.839	8.057	3.464	4.160	4.159	3.083	3.595	2.766
SARRIA									
INCIO, O	4.512	4.003	2.902	1.136	1.160	1.319	1.072	1.026	907
LÁNCARA	4.284	4.209	3.530	1.164	1.185	1.269	1.029	1.043	960
PARADELA	3.511	3.311	3.141	883	908	962	840	796	781
PÁRAMO, O	2.546	2.422	2.074	624	674	730	580	662	541
SAMOS	3.970	3.145	2.311	1.118	1.009	928	894	787	670
SARRIA	12.052	12.000	12.437	3.699	4.349	5.728	3.227	3.500	3.804
TRIACASTELA	1.367	1.129	962	407	434	386	349	305	306
total comarcal	32.242	30.219	27.357	9.031	9.719	11.322	7.991	8.119	7.969
TERRA CHA									
ABADÍN	5.247	4.481	3.937	1.362	1.651	1.617	1.337	1.320	1.307
BEGONTE	5.151	4.630	4.493	1.445	1.563	1.758	1.277	1.259	1.371
CASTRO DE REI	6.920	6.447	5.704	1.877	2.180	2.091	1.667	1.649	1.602
COSPEITO	7.472	6.931	6.022	2.330	2.207	2.319	2.066	1.988	1.876
FRIOL	7.196	5.724	5.150	2.035	2.184	2.010	1.774	1.632	1.579
GUITIRIZ	8.961	7.496	6.786	2.364	2.720	2.872	2.157	2.275	2.016
MURAS	2.413	2.154	1.422	702	707	626	615	610	424
PASTORIZA, A	5.338	4.952	4.294	1.526	1.530	1.550	1.424	1.380	1.282
VILALBA	17.301	16.485	15.629	5.416	6.056	6.939	4.491	4.709	4.748
XERMADE	4.209	3.502	3.044	1.065	1.181	1.272	1.011	937	912
total comarcal	70.208	62.802	56.481	20.122	21.979	23.054	17.819	17.759	17.117
ULLOA, A									

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
ANTAS DE ULLA	4.572	4.146	3.122	1.154	1.366	1.486	1.066	1.017	960
MONTERROSO	4.938	4.692	4.742	1.538	1.688	2.152	1.402	1.327	1.386
PALAS DE REI	6.496	6.323	4.798	2.132	2.331	2.661	1.832	2.005	1.705
total comarcal	16006	15161	12662	4.824	5.385	6.299	4.300	4.349	4.051
TOTAL PROVINCIAL	415.052	399.185	377.270	122.580	146.576	146.576	166.470	113.822	115.520
OURENSE									
ALLARIZ - MACEDA									
ALLARIZ	7.950	5.009	5.218	2.741	2.643	3.449	2.368	2.283	1.809
BAÑOS DE MOLGAS	4.551	3.456	3.206	1.747	1.613	1.959	1.537	1.187	997
MACEDA	4.616	5.446	3.271	1.788	1.538	2.140	1.363	1.367	1.082
PADERNE DE ALLARIZ	2.574	2.166	1.787	1.093	1.045	1.372	900	824	679
TABOADELA	2.263	2.463	1.816	808	869	998	574	633	637
XUNQUEIRA DE AMBÍA	3.705	2.957	2.349	1.288	1.214	1.702	1.084	924	845
XUNQUEIRA DE ESPADº	1.376	1.285	1.152	516	528	556	892	476	389
total comarcal	27.035	22.782	18.799	9.981	9.450	12.176	8.718	7.694	6.438
BAIXA LIMIA									
BANDE	4.241	3.044	2.587	1.953	2.216	1.722	1.153	995	924
ENTRIMO	2.341	2.381	1.553	908	1.069	1.055	787	904	595
LOBEIRA	3.041	2.698	1.405	890	817	846	802	673	501
LOBIOS	5.009	4.631	3.189	1.690	1.552	1.555	1.444	1.288	1.085
MUIÑOS	3.190	4.152	2.235	1.105	1.398	1.505	1.024	1.057	844
RAIRIZ DE VEIGA	3.819	3.721	2.296	1.178	1.244	1.399	992	958	725
total comarcal	21.641	20.627	13.265	7.724	8.296	8.082	6.202	5.875	4.674

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
CALDELAS, TERRA DE									
CASTRO CALDELAS	4.085	3.316	1.951	1.247	1.216	1.574	982	934	751
MONTEDERRAMO	2.348	1.755	1.395	873	886	813	721	847	512
PARADA DO SIL	1.897	2.171	975	757	650	710	577	537	367
TEIXEIRA, A	1.985	1.961	639	631	609	638	495	605	292
total comarcal	10.315	9.203	4.960	3.508	3.361	3.735	2.775	2.923	1.922
CARBALLIÑO, O									
BEARIZ	1.699	1.346	1.826	648	742	782	588	510	598
BOBORÁS	4.842	4.456	3.764	1.713	2.456	1.763	1.608	1.573	1.307
CARBALLIÑO, O	9.962	10.942	10.886	3.328	5.320	6.484	2.925	4.349	3.582
IRIXO, O	4.105	4.073	2.522	1.509	1.642	1.457	1.448	1.141	866
MASIDE	4.448	4.551	3.573	1.574	1.736	1.929	1.402	1.461	1.177
PIÑOR	5.918	5.527	1.808	1.608	2.035	824	1.496	1.509	565
PUNXÍN	1.306	1.255	1.033	595	632	638	564	450	372
SAN AMARO	2.608	2.230	1.621	774	890	861	766	657	530
SAN CRISTOVO DE CEA	4.705	5.242	3.781	1.397	1.498	1.508	1.313	1.312	1.148
total comarcal	39.593	39.622	30.814	13.146	16.951	16.246	12.110	12.962	10.145
CELANOVA, TERRA DE									
BOLA, A	2.622	2.147	1.717	956	1.003	940	734	729	616
CARTELLE	7.335	5.198	3.961	1.928	2.152	2.209	1.830	1.667	1.416
CELANOVA	8.054	7.518	5.805	2.416	2.924	3.230	2.165	2.236	1.950
GOMESENDE	2.071	2.294	1.409	725	698	730	642	604	488
MERCA, A	4.690	5.011	2.723	1.335	1.407	1.451	1.116	1.334	939
PADRENDA	4.520	4.121	2.880	1.284	1.345	1.501	1.218	1.223	994
PONTEDEVA	1.107	829	819	370	324	479	351	288	272

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
QUINTELA DE LEIRADO	1.685	1.457	1.037	630	544	1.399	508	441	386
RAMIRÁS	4.752	4.850	2.116	1.454	1.556	1.394	1.415	1.206	845
VEREA	2.780	2.646	1.847	1.428	973	800	760	740	590
total comarcal	39.616	36.071	24.314	12.526	12.926	14.133	10.739	10.468	8.496
LIMIA, A									
BALTAR	3.622	3.956	1.790	926	935	1.067	859	895	607
BLANCOS, OS	2.394	2.236	1.260	900	768	829	900	734	458
CALVOS DE RANDÍN	2.417	1.833	2.028	894	1.408	1.130	856	946	689
PORQUEIRA, A	2.112	1.814	1.293	886	822	836	673	815	448
SANDIÁS	2.191	2.316	1.912	633	815	965	620	690	632
SARREAUS	4.153	4.057	2.683	1.062	1.103	1.490	1.057	1.003	802
TRASMIRÁS	3.522	3.828	2.280	858	1.123	1.178	806	1.090	807
VILAR DE BARRIO	3.889	3.195	2.572	1.066	1.236	1.323	995	889	837
VILAR DE SANTOS	1.669	1.863	1.393	450	549	1.151	450	448	430
XINZO DE LIMIA	10.640	10.177	8.731	3.077	3.386	5.027	2.834	2.785	2.837
total comarcal	36.609	35.275	25.942	10.752	12.145	14.996	10.050	10.295	8.547
OURENSE									
AMOEIRO	2.942	2.538	2.315	1.158	1.340	1.494	996	866	785
BARDABÁS	3.650	3.682	4.000	1.226	1.490	2.148	1.086	1.052	1.218
COLES	3.491	3.351	3.206	1.141	1.539	1.903	1.131	1.339	1.039
ESGOS	2.942	2.248	1.363	660	815	1.048	649	653	499
NOGUEIRA DE RAMUÍN	7.238	3.133	2.721	1.864	1.967	2.021	1.861	1.127	1.005
OURENSE	73.379	96.085	107.247	24.272	40.788	47.704	20.012	30.493	33.386
PEREIRO DE AGUIAR	5.427	5.998	4.684	1.696	1.746	2.660	1.466	1.625	1.587
PEROXA, A	4.058	4.080	2.856	1.290	1.297	1.343	1.155	1.083	926

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	3.230	3.248	3.205	1.139	1.557	1.654	989	989	991
TOÉN	3.249	3.612	2.727	1.166	1.200	1.347	1.126	1.078	883
VILAMARÍN	2.486	2.304	2.183	987	900	1.090	759	769	711
total comarcal	112.092	130.279	136.507	36.599	54.639	64.412	31.230	41.074	43.030
RIBEIRO, O									
ARNOIA	1.528	1.274	1.027	582	618	662	459	480	394
AVIÓN	3.178	3.991	3.419	1.323	1.586	sd	1.052	1.065	sd
BEADE	1.044	1.204	868	379	381	436	365	372	305
CARBALLEDA DE AVIA	2.517	2.820	1.879	1.011	1.093	1.196	772	846	670
CASTRELO DE MIÑO	5.383	5.027	3.562	1.563	1.247	1.439	1.348	1.103	1.041
CENLLE	2.340	2.274	1.830	1.802	1.252	1.045	804	774	705
CORTEGADA	2.882	1.989	1.566	785	945	998	727	742	552
LEIRO	2.800	2.483	2.235	1.182	1.409	1.373	1.021	963	809
MELÓN	2.485	2.124	1.834	782	890	1.030	777	748	631
RIBADAVIA	6.181	6.622	5.946	2.674	2.479	3.072	1.774	2.197	1.978
total comarcal	30.338	29.808	19.720	12.083	11.900	10.589	9.099	9.290	6.691
TRIVES, TERRA DE									
CHANDREXA DE QUEIXA	1.661	1.070	1.023	429	514	554	426	453	357
MANZANEDA	2.350	1.828	1.439	813	755	882	718	680	535
POBRA DE TRIVES	2.317	2.111	3.072	836	789	1.890	691	788	1.068
RÍO	2.877	2.683	1.351	843	897	876	733	671	539
total comarcal	9.205	7.692	6.885	2.921	2.955	4.202	2.568	2.592	2.499
VALDEORRAS									
BARCO DE VALDEORR.	7.769	9.179	10.349	2.468	3.402	5.445	2.271	2.727	3.353
BOLO, O	3.634	2.477	1.890	1.394	1.330	1.458	1.034	1.160	776

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
CARBALLEDA	3.425	3.266	2.575	1.119	1.140	1.246	1.039	1.041	895
LAROUCO	1.126	986	670	363	417	474	361	374	266
PETÍN	2.903	1.615	1.225	713	694	772	685	649	445
RÚA, A	5.242	5.712	4.909	1.446	2.110	2.545	11.326	1.819	1.602
RUBIÁ	3.919	2.731	2.154	1.216	1.203	1.161	1.199	909	814
VEIGA, A	4.332	2.927	1.593	1.447	1.481	1.567	1.148	905	688
VILAMARTÍN DE VALD.	3.252	2.917	2.344	902	1.149	1.151	858	951	744
total comarcal	35.602	31.810	27.709	11.068	12.926	15.819	19.921	10.535	9.583
VIANA									
GUDIÑA, A	2.108	2.051	2.017	839	990	952	665	664	628
MEZQUITA, A	2.201	1.845	1.798	637	908	941	621	553	603
VIANA DO BOLO	6.365	6.320	4.425	1.717	2.087	2.640	1.565	1.962	1.509
VILARIÑO DE CONSO	1.657	1.044	908	469	430	501	449	339	304
total comarcal	12.331	11.260	9.148	3.662	4.415	5.034	3.300	3.518	3.044
VERÍN									
CASTRELO DO VAL	2.897	2.066	1.460	1.020	700	757	774	612	557
CUALEDRO	5.722	5.628	2.528	1.314	1.447	1.992	1.14	1.173	1.015
LAZA	3.384	2.497	2.276	1.454	1.362	1.283	1.222	930	809
MONTERREI	5.028	4.877	3.577	1.519	2.790	2.592	1.510	1.555	1.296
OÍMBRA	2.634	2.109	2.082	1.039	1.015	1.013	1.039	779	694
RIÓS	4.669	4.056	2.477	1.313	1.467	1.337	1.210	1.166	838
VERÍN	8.870	9.983	10.810	3.064	4.181	5.474	2.567	3.029	3.328
VILARDEVÓS	6.152	5.694	3.238	1.663	1.597	2.104	1.654	1.475	1.085
total comarcal	39.356	36.910	28.448	12.386	14.559	16.552	10.090	10.719	9.722

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
TOTAL PROVINCIAL	413.733	411.339	346.211	136.356	164.516	185.976	117.502	127.945	115.091
PONTEVEDRA									
BAIXO MIÑO, O									
GUARDA, A	8.501	9.275	9.717	2.768	3.631	4.472	2.363	2.737	2.905
OIA	2.747	2.954	3.008	692	931	1.229	659	856	785
ROSAL, O	5.899	5.558	5.461	1.581	1.857	1.989	1.489	1.550	1.533
TOMIÑO	9.865	10.499	10.157	2.486	2.996	3.487	2.318	2.482	2.493
TUI	12.600	14.975	15.077	3.555	4.960	5.144	3.245	4.026	3.935
total comarcal	39.612	43.261	43.420	11.082	14.375	16.321	10.074	11.651	11.651
CALDAS									
CALDAS DE REIS	8.466	8.702	9.035	2.050	2.649	2.935	1.972	2.153	2.245
CATOIRA	3.337	3.583	3.542	789	930	1.105	708	808	838
CUNTIS	7.282	6.178	5.925	1.719	1.900	2.157	1.617	1.428	1.499
MORAÑA	4.578	4.698	4.733	1.053	1.170	1.360	1.002	1.084	1.111
PONTECESURES	2.560	2.611	2.912	683	845	957	608	649	691
PORTAS	3.599	3.386	3.251	897	1.003	1.022	839	844	837
VALGA	6.075	6.108	6.066	1.259	1.566	1.737	1.226	1.373	1.431
total comarcal	35.897	35.266	35.464	8.450	10.063	11.273	7.972	8.339	8.652
CONDADO, O									
MONDARIZ	6.641	6.443	6.260	1.779	2.085	2.227	1.725	1.890	1.719
MONDARIZ - BALNEARIO	646	650	662	211	226	253	183	218	176
NEVES, AS	6.224	6.026	4.939	2.105	1.951	2.350	1.741	1.760	1.516
PONTEAREAS	8.022	7.678	15.406	1.816	2.075	4.957	1.751	1.844	4.311

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
SALVATERRA DE MIÑO	8.093	8.675	8.016	2.404	3.235	3.497	2.344	3.002	2.390
total comarcal	29.626	29.472	35.283	8.315	9.572	9.284	7.744	8.714	10.112
DEZA									
AGOLADA	4.990	4.703	4.731	1.531	1.466	1.786	1.293	1.311	1.329
DOZÓN	2.827	2.492	2.565	646	502	544	643	482	482
LALÍN	19.405	17.666	19.777	4.735	6.158	7.168	4.362	4.925	5.211
RODEIRO	5.060	4.700	4.856	1.301	1.421	1.528	1.223	1.106	1.096
SILLEDA	10.493	9.980	9.383	3.038	3.239	3.324	2.636	2.543	2.628
VILA DE CRUCES	9.309	8.439	7.189	2.348	2.422	2.779	2.136	2.111	2.009
total comarcal	52.084	47.980	48.501	13.599	15.208	17.129	12.293	12.478	12.755
MORRAZO, O									
BUEU	11.006	11.961	11.499	3.216	3.953	5.024	2.769	3.359	3.264
CANGAS	19.026	20.798	21.464	4.916	6.995	8.941	4.671	6.142	6.137
MARÍN	19.816	22.647	23.195	5.233	7.368	8.830	4.648	5.895	6.367
MOAÑA	15.060	17.053	16.781	3.904	5.437	6.669	3.829	4.604	4.953
total comarcal	64.908	72.459	72.939	17.269	23.753	29.464	3.829	4.604	20.721
PARADANTA, A									
ARBO	5.476	4.975	4.874	1.752	1.766	1.905	1.732	1.483	1.300
CANIZA, A	7.477	7.810	7.387	2.306	2.606	2.780	2.203	2.252	2.245
COVELO	7.738	6.374	3.711	2.226	2.028	2.077	2.175	1.781	1.229
CRECENTE	5.927	4.432	3.859	1.535	1.461	1.604	1.467	1.244	1.150
total comarcal	26.618	23.591	19.831	7.819	7.861	8.366	7.577	6.760	5.924
PONTEVEDRA									
BARRO	3.821	3.845	3.539	860	990	1.075	804	921	852
CAMPO LAMEIRO	2.872	2.554	2.486	708	780	831	658	701	656

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
COTOBADÉ	6.165	6.031	5.451	1.677	1.855	2.057	1.630	1.665	1.437
LAMA, A	4.208	3.040	2.875	1.278	1.436	1.472	1.155	1.211	944
POIO	9.051	11.573	12.869	2.366	3.745	5.151	2.147	3.051	3.241
PONTECALDELAS	14.497	15.013	7.462	4.266	5.421	2.165	4.104	4.715	1.805
PONTEVEDRA	52.452	65.137	74.869	14.840	21.230	26.302	12.819	16.625	19.646
VILABOA	5.394	6.001	5.785	1.294	1.590	1.872	1.292	1.432	1.455
total comarcal	98.460	113.194	115.336	27.289	37.047	40.925	24.609	30.321	30.036
SALNÉS, O									
CAMBADOS	10.644	12.628	12.503	2.853	3.948	4.418	2.419	3.096	3.181
GROVE, O	8.537	9.917	10.352	2.559	3.592	5.559	2.251	2.985	2.967
MEAÑO	5.421	5.801	5.141	1.261	1.465	1.538	1.222	1.262	1.270
MEIS	4.761	5.213	5.005	1.284	1.429	1.491	1.184	1.214	1.234
RIBADUMIA	3.640	4.027	3.648	904	1.075	1.200	852	954	961
SANXENXO	11.804	13.899	14.557	3.792	6.300	8.986	3.077	5.984	3.726
VILAGARCÍA DE AROUSA	24.076	29.453	31.444	7.251	10.828	12.588	6.460	8.263	8.931
VILANOVA DE AROUSA	12.641	14.979	14.758	3.421	4.341	5.000	3.258	3.982	3.766
total comarcal	81.524	95.917	97.408	23.325	32.978	40.780	20.723	27.740	26.036
TABEIRÓS - TERRA DE MONTES									
CERDEDO	4.675	4.251	3.545	1.569	1.610	1.179	1.559	1.484	1.001
ESTRADA, A	27.550	25.719	21.989	6.893	8.143	8.721	6.286	6.433	6.092
FORCAREI	7.045	7.114	5.109	1.906	1.966	2.005	1.807	1.827	1.476
total comarcal	39.270	37.084	30.643	10.368	11.719	11.905	9.652	9.744	8.569
VIGO									
BAIONA	7.887	9.702	9.269	2.215	3.601	4.753	1.969	3.322	2.483
FORNELOS DE MONTES	2.340	2.377	2.188	839	863	794	672	744	618

CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO			VIVENDAS EXISTENTES			VIVENDAS OCUPADAS		
	1970	1981	1991	1970	1981	1991	1970	1981	1991
GONDOMAR	8.679	10.009	10.440	2.299	2.813	3.739	1.953	2.387	2.583
MOS	11.183	13.102	13.358	2.599	3.270	4.017	2.475	3.009	3.244
NIGRÁN	9.048	12.336	13.984	2.867	4.958	7.262	2.543	4.121	3.624
PAZOS DE BORBÉN	3.411	3.652	3.368	962	1.091	1.114	834	984	855
PORRIÑO, O	10.044	13.517	14.194	2.573	3.880	4.888	2.362	3.200	3.574
REDONDELA	22.128	27.202	27.166	5.793	8.617	9.433	5.307	7.069	7.237
SALCEDA DE CASELAS	5.063	5.618	5.673	1.615	1.834	2.147	1.265	1.427	1.528
SOUTOMAIOR	5.775	5.434	4.857	1.467	1.504	1.953	1.440	1.442	1.306
VIGO	197.144	258.724	276.573	57.350	89.252	100.806	48.910	71.756	78.744
total comarcal	282.702	361.673	381.070	80.579	121.683	140.906	69.730	99.461	105.796
TOTAL PROVINCIAL	750.701	859.897	879.895	208.095	284.261	326.353	186.291	235.199	240.252
TOTAL GALICIA	2.583.674	2.753.836	2.720.445	748.157	981.484	1.125.100	661.919	783.120	785.030
TOTAL ESPAÑA	33.956.376	37.746.260	39.395.153	12.145.577	14.726.134	17.160.677	11.236.782	13.329.929	14.453.668

FONTES

As táboas que a aquí se presentan son produto da elaboración propia do autor desta tese. Compendian información obtida en multitude de documentos e fontes. Citamos aquí as máis empregadas:

- Anuario de migraciones. Ministerio de Asuntos Sociales, Dirección general de migraciones. Diversas datas.
- Atlas estadístico de la vivienda en España. Ministerio de Fomento. España, 1998.
- Censo de Edificios de 1970. Presidencia del Gobierno : INE.
- Censo de Edificios de 1981. Presidencia del Gobierno : INE.
- Anuario Galicia en cifras Instituto Galego de Estatística, Xunta de Galicia. Diversas datas.
- A emigración galega. Manuel González Torres. Xunta de Galicia, 1992.
- www.ige.xunta.es
- www.ine.es

INTRODUCCIÓN, CONCLUSIONES E BIBLIOGRAFÍA

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA

INTRODUCCIÓN, CONCLUSIÓN E BIBLIOGRAFÍA

PLÁCIDO LIZANCOS MORA

unha tese de Doutoramento
no Departamento de
Representación e Teoría Arquitectónicas
Escola Técnica Superior de Arquitectura
Universidade da Coruña

presentada para a obtención do grao de
Doutor en arquitectura pola Universidade da Coruña

director
Pedro de Llano

A Coruña, 31 de decembro de 2000

¡Ánimo, compañeiros!
Toda a terra é dos homes.
Aquel que non veu nunca mais que a propia
a iñorancia o consome

Rosalía de Castro
Follas Novas

De nada sirve regresar a los orígenes porque, aunque los
paisajes permanezcan inmutables, una mirada jamás se repite

Julio Llamazares
El Río del Olvido

para Ana
por Xaquín

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA

INTRODUCCIÓN, CONCLUSIÓN E BIBLIOGRAFÍA

ÍNDICE

Galeato	i
Intencións	
Traxectoria profesional do doutorando	
Agradecementos	
Introducción	1
Sobre a Tese	
A casa do emigrante	
As migracións	
Conceptos e definicións	
Conclusións	32
As migracións na conformación da casa rural. Unha visión histórica.	
A casa rural contemporánea	
Resumé. Resúmen. Abstract	58
Bibliografía	62

INTENCIONS

A elección do tema da tese manifesta o interese do seu autor por unha determinada causa. Mais con independencia das simpatías persoais cumpre que o obxectivo dun traballo de investigación que se pretende elevado, supere o estreito mundo das inclinacións persoais do doutorando.

Esta consideración levounos a abordar un proxecto de tanta actualidade como é o estudio da vivenda contemporánea da Galicia rural, poñéndoo en relación cos amplos procesos migratorios que ten padecido este país.

Todo se inicia en febreiro de 1994, data na que por azar topo na biblioteca do Centro Beabourg de París o libro "Maisons de Rêve au Portugal", editado de había pouco. Neste libro a arquitecta Isabel Raposo e as sociólogas Roselyne de Villanova e Carolina Leite describían e analizaban dunha forma clarividente o proceso de formación das máis recentes vivendas rurais do Portugal minhoto. A súa lectura interesoume de tal maneira que fun impulsado inmediatamente a aplicar a súa metodoloxía na realización dun estudio similar en Galicia. Unha terra por outra banda tan semellante á dos nosos veciños sureños que incluso se iguala nas arquitecturas coas que os emigrantes dan forma a soños e necesidades residenciais.

Certo é que a semente caeu en terreo abonado pola arquitectura e as migracións.

Non en van eu, arquitecto de profesión, nacín fillo¹, neto e bisneto de emigrantes e de exiliados, en Caracas. Nesta cidade, mestiza como poucas, principia a miña vida. Ábrese entón un traxecto vital que pertencendo a dous mundos -o que en moitos casos resulta ben próximo a estar fora de ambos- culminará finalmente en Galicia onde construirei os meus referentes adultos. Ora ben estes iterarán, unha e outra vez, cara á emigración, expresada en última instancia a través das vivencias dos clientes do arquitecto: galegos afincados na diáspora europea.

En resumidas contas, a realización desta tese ven ser, en boa medida, consecuencia da reflexión introvertida sobre dúas das compoñentes -emigración e arquitectura- que conforman a historia de vida do seu propio autor.



O autor desta Tese, caracterizado de galego nunha festa escolar. Caracas, 1968

¹ Os fisterráns Francisco Lizancos Camós e Saturnino Santos Canosa emigraron, a principios de século, á Patagonia. Cos aforros acadados o primeiro deles mercou na vila onde remata Europa un pequeno pesqueiro, chamado *O Facó* en tanto o segundo fíxose cunha chalana que bautizaría *Santa Cruz*, como a cidade onde residira na Arxentina. Francisco Lizancos Trillo, que casou con Plácida Santos, emigrou en 1933 a Bos Aires, onde os seus restos agardan no cemiterio de La Chacarita un retorno nunca realizado. O seu fillo Plácido Lizancos Santos emigraría a Venezuela en 1958, voltando a Galicia en 1973.

Por outra banda, os andaluces Manuel Mora, Rosario Pérez e a filla de ambos, Azucena -nacida nas trincheiras do exército republicano na periferia de Barcelona- inician en 1939 un roteiro que os leva a Francia, á República Dominicana e a Panamá. Deste país trasladáranse a Venezuela, onde na década dos cincuenta remata a súa fuxida de guerras e dictadores.

En Venezuela nace, en 1962, Plácido Lizancos Mora, autor desta tese.

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO DOUTORANDO

Considerando á tese como o colofón dun dilatado proceso de investigación, que non pretendo ver concluído aquí, é necesario xustificar o camiño andado.

A miña actividade intelectual e profesional como estudioso da arquitectura centrase desde os seus primeiros momentos no ámbito das nosas construcións populares e nas edificacións promovidas por individuos en situación de mobilidade vital.

Inaugurei as miñas actividades investigadoras a mediados da década dos oitenta cando, sendo aínda estudante de arquitectura acometo, xunto co arquitecto Xosé Lois Martínez Suárez o inventariado das edificacións promovidas por colectivos de emigrantes na provincia da Coruña. Froito daquel traballo, realizado mercé a un convenio entre o Colexio de Arquitectos de Galicia e a Consellería de Cultura, localizamos un centenar de edificios¹ dos que máis alá das súas extravagantes linguaxes sorprendeunos a fondura das historias humanas que nos estaban a contar.

Tamén formei parte nos equipos redactores dos catálogos municipais de dous concellos -Pontedeume e Fene²- de significativa herdanza indiana, e no plano para a rehabilitación integrada de Piornedo, unha aldea que se beneficia da notable presenza da palloza, a máis antiga vivenda europea aínda viva. Nesta ambiciosa aventura³, encabezada por Pedro de Llano coordinei o levantamento gráfico.

Titulado en arquitectura en 1988 coa especialización de urbanismo organizo xa de forma autónoma os meus propios equipos para investigar e recoñecer as arquitecturas de Galicia. Desta maneira e xunto con algúns historiadores da arte acometemos en 1990 -en virtude dun convenio entre o Colexio de Arquitectos de Galicia e o Arzobispado de Santiago- a localización e inventario das casas rectorais dos bispados de Ferrol e Compostela. O recoñecemento sistemático dunha área duns 4000 quilómetros cadrados das provincias da Coruña e Lugo descubriremos un mundo que iniciaba o seu devalar.

Máis adiante, en 1992, volvemos repetir a experiencia do varrido territorial. Esta vez o obxectivo foron as arquitecturas populares decoradas con pinturas ó cal. Na procura deste tipo de manifestación artística efémera, moi fre-



¹ No bienio 1998-1999 completei este traballo, por iniciativa persoal, contando coa asistencia do estudante de arquitectura Martín Roca, quen realizando a prestación social substitutoria asistiríame na realización deste dilatado traballo de campo que permanece inédito.

² Dirixidos, respectivamente polos arquitectos Juan Luis Dalda e Xosé Lois Martínez Suárez

³ Tempo despois voltaríamos a esta aldea para retomar o traballo aquí apenas iniciado.



cuente daquela nas aldeas do sur da provincia de Lugo, varremos a totalidade do territorio de dezasete concellos da zona sur desta provincia e do noroeste da de Ourense.

Pouco despois acometín, por encargo da Dirección Xeral do Patrimonio, xunto coa arquitecta Ana Sogo o estudio do impacto ambiental sobre o patrimonio etnográfico¹ dos proxectos das autovías A-55 e A-6 nos tramos Porriño-Ourense e Arteixo-Nadela respectivamente. Estas obras, posteriormente executadas, interesaban a uns 200 quilómetros lineais do noso territorio.

En 1992 producírase o meu acceso á docencia universitaria. Nesta data ingreso, por concurso de méritos, no Departamento de Representación e Teoría Arquitectónicas da Universidade da Coruña, impartindo a docencia na disciplina Debuxo Arquitectónico, adscrita ó catedrático don Pedro de Llano. En 1996, como consecuencia da reorganización do plan de estudos das ensinanzas de arquitectura desaparece a referida materia, asignándoseme daquela a docencia en Debuxo 2, unha nova área docente subtitulada ben expresivamente como Análise Gráfica da Arquitectura que se imparte en segundo curso. A partir de 1998 completo a miña carga docente coa asistencia a tempo parcial en Debuxo 1, no primeiro curso da carreira.

Dende a universidade participei na realización de diversos estudos da arquitectura popular e histórica de Galicia. O primeiro deles desenvolveuse en 1993 e foi elaborado na compañía do arquitecto Pablo Tomé e financiado por medio dun convenio da Universidade da Coruña coa Dirección Xeral do Patrimonio- Tiña por obxectivo o recoñecemento dos Bens de Interese Cultural emprazados nas áreas rurais das provincias da Coruña e Lugo. Pouco tempo despois, agora na compañía do conxunto dos profesores do Departamento de Representación e Teoría Arquitectónicas, tomei parte nos traballos de levantamento gráfico dos Bens de Interese Cultural de Galicia, misión que se desenvolveu por convenio coa Consellería de Cultura e na que me foron asignados como obxectivos a catedral de Tui e os mosteiros de san Rosendo de Celanova e o de Lourenzá, sitios nas vilas do mesmo nome.

Pero de tódalas miñas experiencias profesionais a de meirande interese viría da participación nas actuacións promovidas por diversos axentes en Piomedo e Vilarello de Ancares para a rehabilitación integrada daquelas aldeas. En 1994 son retomados estes traballos -de novo por iniciativa de Pedro de Llano- que se pecharan seis anos antes sen acadar resultado algún. Formando equipo con Alfonso Salgado e cos paisanos empeñámonos en res-



¹ Extendíase este tanto ás construcións de todo tipo como ás entidades de poboación no seu conxunto e á paisaxe entendida como elemento patrimonial.

taurar pallozas, renovar vivendas, deseñar equipamentos e xerar ideas de desenvolvemento das que tan necesitadas está aquela depauperada área.

Paralelamente á actividade profesional nunca abandonei a miña relación co mundo das migracións, que tomaría forma nalgunhas publicacións e na asistencia a reunións e congresos nacionais e internacionais. De entre eles quero destacar aquí as miñas intervencións no congreso da Unión Internacional de Arquitectos (UIA) celebrado en Barcelona en 1996 dentro do workshop Arquitectura e identidade e no congreso Migrancy and architecture, promovido e soportado pola Universidade de Melbourne (Australia) en 1998.

AGRADECEMENTOS

Unha tese de doutoramento é, en certa maneira unha viaxe.

Aínda que a meirande parte do percorrido é aventura solitaria teño que agradecer as compañías sen as que esta non tería sido posible. En primeiro lugar débolle infinito agradecemento á miña compañeira Ana Sogo, quen tanto tempo e enerxía entregou a este proxecto que ben merecía constar como coautora. Igualmente teño que facer constar o meu amplo recoñecemento ó director desta Tese, Pedro de Llano, quen compaxinou dirección e a compañía amigable.

En débeda estou tamén co meu compañeiro na docencia universitaria, Xosé Manuel Rosales, quen editou a planimetría que previamente debuxara Manolo Muñoz, alumno da Escola de Arquitectura da Coruña. Sen a dedicación e o bo facer informático de ambos esta planimetría sería moi outra. Igualmente débolle gratitude a Juan Cano, docente e entusiasta da historia quen resolveu as miñas débedas cos mundos pasados e ó meu pai, Plácido Lizancos Santos, quen coidou da corrección deste texto.

Teño que agradecer tamén a Pastora Araújo, Patricia Tabares, Mari Luz F. Lemos, Marta F. Souto, Marcos Liñares, Ambrosio Bouzas, Rosa Oreja, Marisol Rojo, María Coya, Elia Estravíz, Víctor Otero, Eduardo Molina, Antonio Pérez Diz, Montserrat Ruíz, Gena Díaz, Cruz Vigo, Antonio Ferreiro, José Veiga, Manuel González, Sonia Furelos e Belén Rivas, alumnos -e algúns xa arquitectos- todos eles da Escola de Arquitectura da Coruña, a súa participación no intenso traballo de campo, que fixo posible o acceso ó longo e ancho de Galicia a un bo número de vivendas particulares e á intimidade -aquí resgardada polo anonimato- das persoas que nelas teñen o seu fogar. Con estas persoas, alleas por completo ó mundo da investigación arquitectónica, teño unha especial débeda, pos-



Nesta columna: páxinas do pasaporte do emigrado Plácido Lizancos

to que sen a súa asistencia, axuda e complicidade, esta tese tería sido absolutamente inviable. A débeda tórnase especial coas familias Ledo, de Taboada e Lamas de Lalín e tamén con Manolo Rodríguez, de Piornedo e con Antonio Fernández, "O Londinense", de Monforte, quen ademais de introducirme no mundo da emigración galega en Suíza, Venezuela, Barcelona e Londres respectivamente, agasalláronme coa súa amizade. Da mesma maneira agradézolle a Manolo Lago, membro da Casa de Galicia en Newark (New Jersey, EE. UU.) e a Miguel Palomo, expresidente do Centro Galego de Bruxelas (Bélxica), térenme introducido no micromundo dos galegos nestas cidades.

Importante foi o traballo de Alberte Mosquera e de Emma e Carlos Marqués. Eles buscáronme documentos en bibliotecas distantes, traducíronme textos de linguas alleas e picaron boa parte do orixinal deste documento da mesma maneira que Beatriz Sogo quen ademais na súa condición de bibliotecaria, puxo orde nas citas e na bibliografía desta Tese.

Posibilitaron tamén a execución deste traballo don Domingo, bibliotecario da Real Academia Galega, Karen Poulisi do ERCOMER, en Utrecht e Sara Wards documentalista do CIMAL en Santiago de Chile, abríndome as portas dos seus tesouros documentais, estas últimas por medio das novas formas de viaxar que son posibles coa WWW.

Non esquezo as impagables débedas que teño abertas con Alfonso Salgado e Juanjo Bande, compañeiros en distintas empresas arquitectónicas e cos meus colegas na docencia na ETSA da Coruña, Antonio Amado, Manel Franco, José Ventura, Javier Vizcaíno, Pedro de Llano, Xosé Manuel Rosales, Jesús Álvarez e Pablo Tomé pola paciencia que demostraron sorteándome -na miña prolongada condición de estudante- no medio das nosas actividades cotiás.

Agradezo tamén ó Colexio de Arquitectos de Galicia a concesión dunha bolsa que financiou en parte o meu traballo; ó Consello da Cultura Galega, quen me posibilitou a asistencia a centros de investigación no estranxeiro; á Escola de Arquitectura da Universidade da Coruña, por acoller o desenvolvemento deste traballo e ó Departamento de Representación e Teorías Arquitectónicas desta universidade polo apoio moral e material que me brindou.



Plácido Lizancos Mora



Fisterra, 1965. Plácido Lizancos nunha das fases do seu traxecto migratorio.

INTRODUCCIÓN

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA

INTRODUCCIÓN

ÍNDICE

1	Sobre a tese	3
	Ámbitos desta tese	
	Interese da cuestión que se investiga	
	Metodoloxía	
	Debuxar arquitecturas non debuxadas	
	A visión dun arquitecto nun asunto pluridisciplinar	
	A bibliografía	
	O traballo de campo	
	Advertencia lingüística	
2	A casa do emigrante	14
	Estudiar a vivenda humana	
	Un tema de actualidade	
	Interrogantes e hipóteses de traballo	
3	As migracións	18
	Fenómeno humano maior	
	As migracións das eras moderna e contemporánea	
	Migracións e cambio cultural	
anexos	Conceptos e definicións	23
	A xeito de xustificación	
	Algúns conceptos arquitectónicos	
	Diversos conceptos relacionados coas migracións	
	Diversos conceptos relacionados coas migracións en Galicia	
	Diversos conceptos relacionados coas iteracións entre culturas	

ÁMBITOS DESTA TESE

Nesta tese de doutoramento tratamos do estudio¹ da vivenda unifamiliar² que o emigrante levanta no derradeiro tercio de século XX na Galicia rural.

A frase que acabamos de enunciar define con exactitude os ámbitos arquitectónico, temporal, social e xeográfico, obxecto da nosa atención. Quedan fóra moitos outros espazos, por exemplo o das arquitecturas construídas na Galicia rural por individuos non emigrados, as levantadas por outros axentes da mesma maneira que outras tipoloxías, distintas da vivenda unifamiliar.

Sabemos que estamos facendo exclusións, por exemplo, a das vivendas que puideran ter sido levantadas por individuos non relacionados con experiencias migratorias ou as promovidas por outros promotores, tal que as inmobiliarias ou mesmo calquera das administracións públicas, máis proclives a levantar outro tipo de construc-

¹ Cando acordei realizar un traballo de investigación arquitectónica, non puideron menos que recordar o que dixo Vidaurre verbo desto: "La investigación arquitectónica se encuentra hoy en día en un estado embrionario y balbuzeante; debatiéndose entre unas estériles clasificaciones de las arquitecturas contemporáneas, abocadas a una vertiginosa caducidad, fomentadas desde diversos sectores interesados en su consumo, y unas interpretaciones de claro sello historicista, en las que valores tangenciales a la Arquitectura misma han asumido el papel de protagonistas traductores de lo arquitectónico, en un análisis enajenado, aislado de toda posibilidad de comunicación o participación con la razón de ser de la arquitectura."

Estas ideas, coas que coincidimos, conducíronnos á realización dunha investigación baseada na reflexión sobre un feito vivo tendo na lectura directa das arquitecturas construídas o fundamento para a súa comprensión. Non pretendiamos unha mera clasificación e descrición tipolóxica, tan ó uso da meirande parte dos traballos existentes sobre arquitecturas populares. Tentamos unir as solucións espaciais e formais a patróns de vida, a desexos e necesidades humanas. Así pois non nos temos limitado á clasificar e catalogar o material inventariado, tentando en cambio comprender a forma.

² O número de vivendas unifamiliares levantadas na Galicia rural contemporánea é tan amplo como difícil de cuantificar. Isto é consecuencia da inapropiada metodoloxía das estatísticas oficiais que, tomando como ámbito xeográfico inferior o termo municipal nada nos din sobre a cantidade de fogares que se localizan alén do núcleo cabeza do concello, isto é, das vivendas emprazadas no medio rural *strictu sensu*. Así pois vémonos obrigados a utilizar como recurso estatístico os datos referidos a concellos de menos de 10.000 habitantes. Este umbral era o utilizado no censo de vivenda de 1950 para distinguir entre rural e urbano. Malia o moi discutible deste criterio e dado que é o único dato do que dispomos, utilizámolo. Por outra parte calculamos o número de vivendas existentes en concellos deste tipo na data 1991, que obviamente non son os mesmos que os do ano 1950. Aínda así e feita esta advertencia poñemos en comparación o parque residencial dunha e doutra data, obtendo os sorprendentes e expresivos resultados que se indican na seguinte táboa. Isto é, nese ámbito e nos 41 anos de referencia levantáronse 216.190 vivendas.

NÚMERO DE EDIFICIOS DESTINADOS A VIVENDA EMPRAZADO EN CONCELLOS DE MENOS DE 10.000 HABITANTES		
ÁMBITO	1950	1991
Galicia	323.619	539.809

cións -edificios plurifamiliares, establecementos hostaleiros, industriais e comerciais- cara ós que se dirixe, con frecuencia, o capital dos emigrados.

A respecto da delimitación temporal do ámbito do noso traballo debemos advertir que pretendendo a investigación dun feito vivo, polémico e inédito, vímonos obrigados a prescindir dos sucesos do pasado, salvando a imprescindible aproximación, necesaria para entender a actualidade.

Por outra parte o axuste do ámbito xeográfico desta nosa Tese ás fronteiras xeográficas de Galicia obedeceu máis a razóns operativas que a outras cuestións. Aínda así e a fin de enriquecer e contrastar o panorama da pre-sente investigación temos realizado frecuentes referencias ó sucedido noutras latitudes.

Rematamos advertindo que non excluimos a posibilidade de estender o noso estudio nun segundo momento ós ámbitos anteriormente referidos.



No medio rural, xa no descampado, xa nas aldeas existentes, xurde no último tercio do século XX un novo tipo de vivenda. Na imaxe: caserío en Mato, Taboada.

INTERESE DA CUESTIÓN OBXECTO DE INVESTIGACIÓN

¿Por que estudar a casa producida por individuos en difícil situación vital, sometidos a situacións de cambio cultural, de inestabilidade económica e de incerteza profesional? Ou dito doutra maneira ¿Por que non estudar as sólidas arquitecturas de autor recoñecido, de cliente solvente e esixente?

Ante destas cuestión xorde rápida e doadamente a resposta.

En primeiro lugar, o estudio destas vivendas antóllasenos un tema moi fructífero para o investigador xa que pode expresar como ningún outro o cambio de valores, de símbolos e modos de vida experimentado pola sociedade. Rapoport¹ advírtenos do interese que para o investigador ten o estudio das arquitecturas populares fronte ás de autor

La tradición folk, por otra parte, es la traducción directa e inconsciente a formas físicas de una cultura, de sus necesidades y valores, así como de los deseos, sueños y pasiones de un pueblo. Es la pequeña biblia de las ideas del mundo, el ambiente "ideal" de un pueblo expresado en edificios y asentamientos sin diseñadores, artistas o arquitectos con intereses ocultos. La tradición folk está mucho más relacionada con la cultura de la mayoría y con la vida tal como se vive, que con la gran tradición del diseño, que representa la cultura de la élite.

Tanto é o interese de Rapoport por estas arquitecturas que non dubida en reiterar os argumentos² (op. cit., 168)

¹ RAPOPORT, A. *Vivienda y cultura*. P. 12

² RAPOPORT, A. *Vivenda y cultura*. P. 168.

La arquitectura "roadside" las casas anónimas. Estas edificaciones presentan ciertos valores que faltan en los edificios diseñados por arquitectos y nos dicen cosas sobre los modos de vida, explicando así su aceptación y su éxito comercial.

(...)

Esta diferencia entre la casa popular y la diseñada por el arquitecto puede ayudarnos a comprender las necesidades, los valores y los deseos de la gente. El hombre moderno puede que siga teniendo sus mitos, y las formas de las viviendas, aunque muy diferentes en sus detalles, pueden ser resultado de motivaciones no tan diferentes, de las del pasado y principalmente socioculturales en el sentido que he propuesto.

En segundo lugar xusto é considerar que a transcendencia do asunto vén dada por un parámetro meramente cuantitativo. Isto é, das moitas decenas de miles de vivendas que se levantaron en Galicia no derradeiro tercio de século só un grupo moi reducido delas -quizais non máis dunhas poucas ducias- manifestarían valores culturais salientables como produtos arquitectónicos.

Chegados a este punto consideramos pertinente deixar subliñado que non pretendemos facer apoloxía da vivenda dos emigrados como expresión do novo vernáculo. Simplemente, como ben dixo Clifford¹, entendemos que nun mundo caracterizado polos encontros "entre lo local y lo global, las coproducciones, las dominaciones y las resistencias, se hace necesario prestar tanta atención a las experiencias híbridas y cosmopolitas como a las arraigadas en la tradición nativa."

Para finalizar debemos indicar que outra das razóns que xustifican que teñamos medido e debuxado estas arquitecturas anónimas e falado cos seus constructores e usuarios das súas sinxelas vidas cotiás é que este traballo permanecía inexplicablemente inédito.

Que non se teña feito deica hoxe non indica que non teña interese. Tan só evidencia o precario estado no que se encontra a investigación social en Galicia.

METODOLOXÍA

O éxito dunha investigación radica en boa medida no acerto da metodoloxía coa que é suscitada.

Tratándose de analizar as vivendas construídas por emigrantes na Galicia rural actual, o recoñecemento *in situ* da realidade antóllasenos fundamental.

Basearemos este recoñecemento en dúas liñas de traballo: a exhaustiva representación gráfica e fotográfica dos edificios estudados e a entrevista con tódolos axentes implicados nestas arquitecturas: promotor, usuario,

¹ CLIFFORD, J. Las culturas del viaje. *Revista de Occidente*, n. 170/171. p. 54

proxectista e constructor. Será precisamente a entrevista a que nos permitirá coñecer, directamente da boca dos seus autores, toda a información posible sobre historias vitais, soños, conductas, formas....

Completamos o noso traballo coa investigación bibliográfica. A este fin e recoñecendo que a actualidade do tema non ten aínda xerado un caudal bibliográfico extenso, recorreremos con frecuencia a vías de transmisión de información máis áxiles, principalmente á prensa e a internet, onde encontramos a descrición vibrante e actual do día a día das xentes da Galicia rural e dos nosos paisanos espallados polo mundo adiante.

A REPRESENTACIÓN GRÁFICA DE ARQUITECTURAS NUNCA REPRESENTADAS

Tal e como acabamos de referir, a minuciosa representación gráfica destas arquitecturas vémosla como vía de primeira orde para o seu coñecemento profundo.

As arquitecturas obxecto desta tese carecen de documentación proxectual xa que non foron obxecto de proxecto previo. Isto, como veremos, vai resultar determinante na súa conformación.

Por toda documentación encontrámonos nos máis dos casos cun contrato de execución, inzado de vaguidades ó xeito: “la cubierta se hará como la de la casa de fulano...”

O levantamento e representación gráfica destas construcións foi un traballo lento e dilatado. Ó espallamento xeográfico, propio do noso país, houbo que engadir as dificultades derivadas do extremado celo co que os galegos resgardan as súas propiedades, circunstancia que na casa, especialmente nas áreas máis íntimas desta, tornáronse en serias barreiras para desenvolver o noso traballo en arquitecturas complexas. Pero todas estas dificultades foron superadas ante o noso convencemento da necesidade da grafiación. E para xustificar esto apoiámonos nas autorizadas palabras de Julio Caro Baroja¹

El dibujo me parece una herramienta de trabajo indispensable. Lo considero un elemento fundamental para comprender, nada de cosa auxiliar, complementaria o subsidiaria. No. Fundamental; y pienso que ahora cuando los artistas buscan abstracciones y cuando mucha gente torpe cree que la fotografía cumple todos los requisitos que se precisan para obtener buenos documentos gráficos, somos los profesionales de las distintas ciencias los que tenemos que combatir en defensa de lo que es el dibujo en general y los buenos dibujos en particular.

¹ CARO BAROJA, J. *Cuadernos de Campo*. p. 14.

E chegados aquí queremos explicar que a meirande parte dos investigadores que se achegaron ó estudio da arquitectura popular case sempre o fixeron dende disciplinas alleas á arquitectura o que tería como consecuencia o descoido dos seus aspectos visuais.

A este respecto debe entenderse que a contribución profesional dun arquitecto -máis aínda sendo o autor desta tese profesor de Expresión Gráfica Arquitectónica nunha escola de arquitectura- non debería acusar esta limitación. De aí o rigor empeñado na representación planimétrica.

Queda pendente a representación cartográfica das transformacións territoriais e do hábitat debidas ás migracións das que nos dan noticia Leib e Mertins¹


Aunque las transformaciones de la estructura espacial de regiones completas o de municipios aislados representan una marca fisionómica fácilmente perceptible de procesos de emigración en curso, casi no existen trabajos cartográficos detallados de tales transformaciones estructurales del espacio condicionadas por la emigración laboral. Transformaciones del estado de edificación (abandono o demolición de viviendas, cobertizos y de pueblos enteros que han perdido su función) o amplia actividad de nuevas construcción y trabajos de reforma en viejos edificios condicionada por las remesas de dinero) son mencionadas muy frecuentemente sólo cualitativamente, pero no son ni estudiadas ni analizadas cartográficamente desde el punto de vista de su extensión e intensidad. Ocasionalmente se encuentran notas aisladas sobre la pérdida de funciones de lugares centrales u otros tipos de funciones, infraestructurales. En general existe para todos los países emisores en relación a este problema un manifiesto vacío de investigación.

Pero precisamente este cierre total o parcial de viviendas, cobertizos, etc., que se lleva a cabo con la emigración, y su consiguiente derrumbamiento, o las inversiones para la construcción, posibles por el dinero enviado desde el extranjero, son fenómenos anexos a la emigración de trabajadores, posibles visualmente de recoger y cartografiar de una manera clara.

A modo de xustificación do que arriba apuntabamos temos que indicar que a análise deste aspecto tampouco é tratada nesta tese, xa que a consideramos cuestión ampla dabondo como para merecer unha investigación específica.

Non podemos concluir sen explicar qué utilidade ten aquí a fotografía como unha das linguaxes secundarias de representación da arquitectura.

Nesta orde de cousas a representación fotográfica resulta especialmente indicada para expresar aspectos nos que o debuxo enmudece. Falamos da cor, das texturas, da luz e de tantas circunstancias semellantes. Desta maneira e aínda recoñecendo que un arquitecto e profesor dun departamento de representación gráfica dunha universidade, debe por riba de todo grafiar, non podemos relegar a imaxe fotográfica a un lugar secundario.



A implantación da nova casa rural ten un claro impacto sobre a organización territorial tradicional. Na imaxe: vista dende o aire dunha agra preto do aeroporto de Lavacolla. O espazo agrícola, secularmente preservado da edificación, agora é invadido.

¹ LEIB, Juergen e GUENTER, M. Repercusiones de la emigración y retorno de los trabajadores en la estructura de la población, espacial y económica de las regiones de origen y destino. Norba, v. 2, p. 133.

A VISIÓN DUN ARQUITECTO NUN ASUNTO PLURIDISCIPLINAR

A lóxica aptitude do arquitecto para expresar por medio do debuxo os aspectos espaciais e formais da cultura material non compensan a súa incapacidade ante moitas outras ramas do saber humano.

Estas limitacións acadarán certa intensidade nunha Tese, un documento onde o investigador ten que desenvolver case en solitario non poucos papeis alleos ós seus coñecementos e habilidades.

Falamos entre outras disciplinas da socioloxía, da etnoloxía, da xeografía ou da historia pero tamén de coñecementos e destrezas operativas, necesarias para actuar con acerto nos sofisticados mundos da fotografía e da informática.

Estas chatas fan que se resinta o traballo, o que nos dá pé para afirmar que só un equipo pluridisciplinar, ben dotado de recursos e de tempo, debe proseguir co traballo por min iniciado.

Aínda así terei que axudarme dos encadres xeográficos, sociais, económicos, antropolóxicos, históricos, etc para explicar sectores da intrincada trama vital. Debo advertir que aínda recorrendo a conceptos socioeconómicos, xeográficos ou de outras ramas do saber vouno facer a xeito de referencia distante, e esto débese por unha banda ó meu respecto á profesionalidade destas disciplinas, alleas á miña, e por outra polo desexo de fidelidade ó campo específico no que son profesional.

Válenos todo o dito para xustificar que neste camiño de tan amplos horizontes sen dúbida son moitas as cousas que aínda despois da miña aproximación quedan por explorar xa que o meu modesto obxectivo non era outro que a penas introducir esta parte da produción arquitectónica de Galicia na racionalidade cultural.

SOBRE A BIBLIOGRAFÍA

Nos seis anos que botei traballando en torno ós procesos xeradores da nova vivenda rural galega tentei recoller tódalas informacións escritas que puideran permitir o meu achegamento ó tema, tanto dende obras xeralistas da xeografía humana, da economía ou da socioloxía como sobre monografías específicas, actas de congresos, artigos en revistas e incluso outro tipo de soportes documentais tal que vídeos, materiais inéditos e páxinas web.

Indirecta pero moi interesante fonte de información encontrei na novela, un xénero que me brindou non poucas e vividas referencias a este tema, como por exemplo as que me fixeron vivir Sevgi Özdamar en *La lengua de mi*

madre e Carol Shields con *La memoria de las piedras*.

En aras a recoller información da actualidade, fixemos o varrido sistemático dende o día de incio da Tese -aló por febreiro de 1994- dos xornais *La Voz de Galicia*, (Coruña) e *El País*, (Madrid) e do semanario *A Nosa Terra*, (Vigo). Seguimos, tamén disciplinadamente, as edicións dende os seus inicios de dous xornais dixitais dirixidos especificamente á comunidade galega de dentro e de fora das nosas fronteiras. Estes son *La Región Internacional* [www.laregión.net] e *Vieiros* [www.vieiros.com].

A carencia bibliográfica tanto sobre a casa como sobre os procesos transculturais en xeral demostráraseme axiña ben palpable xa que sendo copioso o escrito sobre a emigración comprobei que grande parte do editado eran materiais repetitivos, tratándose case sempre o fenómeno migratorio como mero asunto demográfico ou económico. Tamén abundaron os estudos co acento posto nos procesos de asimilación, integración e no seu caso, expulsión dos migrantes. Estes déficits non deixan de sorprender en Galicia, un país no que o fenómeno migratorio tivo tan alta incidencia.

A carencia documental encontrou resolución na veciña Portugal onde levan décadas estudiando os procesos de mudanza e modernización da sociedade rural. E dentro desto, a emigración recibe toda a atención dun axente motor. Neste contexto a casa resulta unha peza de especial consideración.

O fluxo de publicacións no país veciño iníciase en 1944 o seu aínda actual *O problema da casa portuguesa*. O caudal bibliográfico acadará grande amplitude mercé á actividade do Centro de Estudos das Migrações e das Relações Interculturais da Universidade Aberta de Lisboa ademais da continuada atención que o tema se lle prestou dende as tribunas das revistas *Sociedade e Território* e *Estudos Sociológicos*.

Fixemos o varrido completo das máis interesantes bibliotecas con fondos desta materia. Das da Coruña expurgamos a da Escola de Arquitectura, a da Real Academia Galega e a da delegación provincial do Instituto Nacional de Estadística; en Santiago fixémoslo coas do Colexio de Arquitectos de Galicia, coa Xeral da Universidade de Santiago, coa da Facultade de Xeografía e Historia e coa do Consello da Cultura Galega. En Madrid acudimos á Biblioteca Nacional e en París á do Centre d'Information et d'Etudes sur les Migrations Internationales (CIEMI). Por outra parte a través do préstamo interbibliotecario, xestionado -máis mal que ben pola Universidade da Coruña- accedemos ós fondos da Biblioteca Nacional de Lisboa, ós da British Library, de Londres e ós da Facultat de Geografia e Historia da Universitat de Barcelona. Ademais por medio de Internet puideron acceder a diversas bibliotecas e centros de investigación dos que tan só reseño aquí, polo importante volume e o grande interese dos seus

fondos a do Centro de Información sobre Migraciones en América Latina (CIMAL) [www.oim.web.cl] en Santiago de Chile, Chile e a do European Research Centre on Migration and Ethnic Relations (ERCOMER) [www.ercomer.org], en Utrecht, Holanda.

Cada unha destas bibliotecas aportoume distinto tipo de materiais. As da Escola de Arquitectura da Coruña e a do Colexio de Arquitectos de Galicia dispoñen de fondos xeralistas sobre a vivenda humana en particular e de arquitectura en xeral, tendo textos actuais a da Escola en tanto que a do colexio é rica nos da década dos setenta. Na Academia Galega podemos explorar coleccións, de tódolos tempos, das revistas e xornais das Sociedades e Centros Galegos na diáspora e un grande número de ensaios históricos sobre a emigración en Galicia. Na biblioteca da Facultade de Xeografía encontramos basicamente actas de congresos da materia e na do Consello da Cultura, publicacións oficiais de Galicia e España. Os ricos fondos en monografías arquivados na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago e na Nacional de España aportáronnos o groso da información en tanto nas restantes bibliotecas citadas localizamos as obras estranxeiras, non editadas na Península.

De entre estas bibliotecas resultoume especialmente rica a do CIEMI, onde ademáis de monografías inéditas en España encontrei compilada a lexislación sobre migracións do Estado Español. Moi útil resultoume tamén a do CIMAL, que inclúe nos seus fondos algúns traballos realizados por cidadáns galegos -ou os seus descendentes- radicados en centros de investigación de Sudamérica.

SOBRE O TRABAJO DE CAMPO

Sen dúbida a meirande dificultade que debín superar na realización desta Tese foi o traballo de campo¹. Este elemento antollábasenos imprescindible, máxime considerando as carencias bibliográficas referidas.

A dificultade de calquera traballo de campo en Galicia nace das propias características do país. Calquera que coñeza esta terra -aínda que sexa dunha maneira superficial- estará comigo en afirmar a notable densidade que a caracteriza. E non falamos do abstracto concepto que empregan os xeógrafos para expresar a maior ou menor intensidade dun determinado concepto sobre un ámbito territorial. Vou máis alá. Refírome ó carácter fondamente humanizado que presenta o territorio galego. Feito que se expresa de mil e unha maneiras, chamándolle espallamento da poboación, densidade da trama viaria, humanizada xeografía (aquí incluso as masas rochosas teñen

¹ Somos da opinión que toda investigación sobre o hábitat humano debe basearse no contacto coa realidade con independencia da maior ou menor cantidade de datos que investigadores precedentes poidan aportarnos.

topónimo propio) ou de calquera outra maneira. Todo esto fai necesariamente lenta calquera operación de recoñecemento¹ territorial.

O noso traballo de campo constou de dúas fases. A primeira, que ocupou os anos 1995 e 1996 desenvolveuse de acordo cun programa de traballo que se baseaba na visita a tódalas áreas do territorio galego resultantes da división deste baixo unha malla reticular formada por cadros de 25 quilómetros de lado.

Nesta fase detectamos as áreas de localización das novas construcións e dentro destas desbotamos aquelas nas que a emigración aparecía como forza secundaria na xeración de vivendas de nova planta fronte a outros factores². Tal foi o caso das zonas que se caracterizan por unha forte presión turística ou ben daquelas outras coaccionadas pola acción directa dunha grande cidade ou, xa por último, das localizadas en áreas industriais de boa accesibilidade, con forte crecemento urbanístico. Este sería o caso dos eixos Vigo-Ourense, Vigo-Santiago e Coruña-Carballo. Tamén foron detectadas nesta fase de aproximación inicial áreas cunha insignificante emigración de retorno: as altas terras da Gudiña e A Veiga, o macizo de Manzaneda, a bisbarra de Meira, a Serra do Caurel, as chairas de Xallas, a Terra de Tabeirós e mesmo a Baixa Limia.

Ó cabo desta primeira fase, con oito mil quilómetros ás nosas costas, un arquivo de 2.500 fotografías e innumerables fichas con datos, enquisas e historias de vida, estivemos en condicións de organizar unha segunda actuación, ésta xa de aproximación, cun traballo de campo puntual e intenso.

Neste momento, amparándonos no coñecemento previo do terreo seleccionamos -de acordo con criterios de máxima representatividade- setenta puntos da xeografía de Galicia. Dunha maneira sistemática -pero abertos ás sorpresas que fortuitamente o camiño nos ía deparando- dirixímonos a estes puntos nos que o traballo de campo acadaría a súa máxima intensidade.

Realizouse aquí o levantamento dos edificios significativos e a entrevista cos seus usuarios. Desta maneira o percorrido atento, interrompido moitas veces pola conversa amable a carón dun vaso de viño con usuarios, constructores e proxectistas, deveu en coñecemento.

¹ O retrato dunha área calquera do país -por reducida que ésta sexa- ofrécenos o seguinte conglomerado: varias entidades de poboación articuladas por un sistema viario no que conviven a autoestrada coa correioira; montes, cultivos e non poucas preexistencias inmateriais xa sexan estas lendas, servidumes e normativas do máis variado obxectivo.

² Sectores territoriais nos que a emigración é forza secundaria: Periferia das grandes cidades (Vigo, Coruña, Ourense, Santiago e Ferrol); eixos industriais (Vigo-Tui, Rivadavia-Ourense, Vigo-Santiago e Coruña-Carballo) e eixos turísticos (Vigo Baiona e rías de Arousa e Pontevedra).

LINGUA

Estando redactada a presente tese en lingua galega establecín o criterio de non acompañar das súas correspondentes traducións ás citas literais tomadas de linguas ou variantes lingüísticas que lle son próximas. Así pois tanto os textos orixinalmente escritos en castelán ou en portugués como os redactados en galego, ben baixo normas arcaicas ou en variantes dialectais non normativizadas non se acompañan da súa correspondente transcripción.

ESTUDIAR A VIVENDA HUMANA

Sendo a vivenda humana a máis íntima das arquitecturas, esta cualidade ha ter necesariamente a súa expresión nos obxectivos desta tese. Non se trata de analizar un obxecto arquitectónico revestido exclusivamente de valores estéticos. Estamos ante un organismo complexo, no que se mesturan valores humanos, técnicos, económicos e mesmo legais, todos eles para máis riqueza, pertencentes a dous mundos entrallados: o tradicional e o contemporáneo.

O estudio da casa contemporánea -en realidade un diagnóstico cultural indirecto- obríganos, como propuña Orjales Pita¹ a introducírmonos nos labirintos da crise do mundo agrario tradicional "a discernir os mecanismos a través dos cales a sociedade paisana está sendo violentada por forzas económicas externas; en definitiva, cómo o sistema de produción capitalista opera sobor da economía natural campesiña".

Así pois, e sempre segundo palabras de Orjales Pita² (op. cit.; p. 115)

... o tema non permite que nos cingamos escrusivamente ao análise estrutural da casa galega -o que por sí xa é complicado- senón que nos obriga a nos ter que adentrar no laberíntico mundo da súa crise, a discernir os mecanismos a traveso dos cales a sociedade paisana está sendo violentada por forzas económicas externas; en definitiva, cómo o sistema de produción capitalista opera sobor da economía natural campesiña. A coexistencia en Galicia de distintos modos de produción, e a presenza de formas capitalistas en distintos estadios de desenrolo, complican o modelo de tal xeito que dificilmente se poden tracexar as tendencias máis xerais do cámbio que se está a operar.

Pero as cuestións que temos que estudar da casa rural non rematan aquí. Agora precisamos explorar os procedementos relacionados co deseño, a execución e a posta en uso da casa. Para esto faise necesario identificar axentes, circuítos de influencias, plataformas de intercambio de información e pautas de comportamento.

Por outra parte, en recoñecemento da transcendencia dos movementos migratorios como plataformas de difusión de ideas e formas renovadas faise preciso a súa relación. Por esta razón achegarémonos ás migracións non dende un punto de vista estrictamente demográfico e economicista, cuantificando os fluxos humanos e pecuniarios ou identificando destinos. Como punto de partida interésanos a migración como proceso transculturizador con incidencia na vivenda humana.

¹ ORJALES PITA, M. Crise da casa como Sistema de Producción e máis de convivencia. En *A Galicia rural na encrucillada*, p. 115.

² ORJALES PITA, M. Op. Cit., p. 115.

UN TEMA DE ACTUALIDADE

Nas tres décadas coas que remata o século XX a Galicia rural coñece un novo tipo de vivenda unifamiliar que por decenas de miles se levantarán en practicamente tódolos recantos da nosa xeografía.

O realmente significativo deste proceso non é tanto a súa magnitude -agora construíronse máis casas que en tódolos periodos históricos precedentes- senón as características dos edificios levantados, moi afastadas das dos edificios tidos por vernáculos.

A este respecto cómpre advertir que o distanciamento das arquitecturas preexistentes non é unha mera cuestión estética que se reflicta no aspecto externo do edificio, moi diferente do da casa tradicional. As novas vivendas do medio rural diferéncianse das vernáculos no seu uso (agora a casa destinarase exclusivamente á función residencial), na forma de localizarse no territorio (diseminándose sen orde aparente), no modo de relacionarse coas edificacións veciñas (distanciándose dos núcleos existentes) e incluso no proceso de execución (profesionalizado e moi lento).

Das características comúns a este parque inmobiliario novo sen dúbida a máis significada é a de teren sido promovidas, na súa meirande parte, por homes e mulleres afectados por algún proceso migratorio.

Esta circunstancia é a clave para o entendemento da vivenda rural da Galicia contemporánea.

INTERROGANTES E HIPÓTESES DE TRABALLO

O proceso de construción de vivendas rurais por naturais de Galicia emigrados¹ alén das nosas fronteiras ábre-nos moitas interrogantes que convertemos en hipóteses de traballo.

Delas a primeira fai referencia a un rito, reiteradamente repetido entre os emigrados retornados, isto é, o abandono da casa tradicional. Desta maneira a cuestión -¿por que se desdénia a vivenda tradicional en beneficio dunha arquitectura novidosa, descoñecida que ademais violenta as preexistencias e a paisaxe?- aparece como interrogante inicial. Tras desta dúbida xorde unha ferverza de temas. O inmediato é o porqué do retorno do emigrado. Isto é, ¿por que individuos emigrados a comunidades de alto nivel de vida no canto de integrarse nelas teiman

¹ Baixo o calificativo xeralista "emigrantes" agrupamos unha pluralidade de situacións humanas. Adiantándonos á súa posterior concreción enumeramos aquí algunhas das situacións migratorias: emigrados retornados, emigrados non retornados, emigrados retornados a un lugar distinto do de orixe, emigrados retornados e novamente emigrados, etc.

en retornar as súas aldeas natis, onde os déficits atinxen incluso ó máis elemental?

Noutra orde de cousas, sendo comprensible a querencia do emigrante pola posesión dunha vivenda de seu -entendemos esto como unha aspiración humana- son varias as cuestións que especificamente se derivan dun modo de facer que entendemos como característico do emigrante.

Por exemplo ¿por que pretende a posesión dunha vivenda ampulosa, grande de máis, sendo o seu poder adquisitivo en case tódolos casos reducido?.

Seguindo coas interrogantes preguntámonos polas insólitas pautas de uso das moradas destes peculiares promotores que, en moitos casos son ocupadas durante prazos moi curtos, coincidentes cos períodos de vacacións dos traballadores asalariados.

Tamén os procesos de deseño e de execución están inzados de interrogantes que espertan a nosa atención. Unha delas é a causa pola que sendo a industria da construción no mundo rural un sector intensamente atomizado, as vivendas -construídas por dúcias de miles- presentan maioritariamente solucións técnicas semellantes. Outro tanto ocorre co proceso de deseño que, tamén atomizado, xera edificacións de características estéticas case uniformes.

A lista das cuestións non cesa aquí. De feito podémonos seguir preguntando cousas, por exemplo ¿por que o proceso de construción, empregado é tan dilatado que mesmo as vivendas son habitadas antes da súa conclusión? ou ¿por que estas vivendas son construídas lonxe dos núcleos existentes, preto das estradas e camiños, mesmo invadindo as terras de aproveitamento agrícola?

Finalizamos a enumeración de cuestións cunha interrogante que nos devolve ó punto de retorno, é dicir á determinación da orixe da casa que o emigrado se levanta na súa Galicia natal: ¿tomaron algo os nosos paisanos das arquitecturas, das cidades, dos modos de vida ou mesmo das culturas locais dos lugares onde residiron?

Das dúbidas que se len nas cuestións anteriormente enunciadas adiviñase que as novas arquitecturas residenciais dificilmente van deixar indiferente a quen se lles aproxime.

A este respecto debemos indicar aquí que a vivenda contemporánea é un produto polémico, que ten detractores pero tamén conta con admiradores. Os primeiros atribúenlle a esta tipoloxía arquitectónica a responsabilidade da degradación urbanística e paisaxística e mesmo a interrupción brusca da arquitectura vernácula do país en tanto que os segundos ven nas casa que os emigrados levantan no seu solar natal a expresión vital da imaxinación dos nosos paisanos e do seu esforzo a prol da elevación dos seus estándares de vida.

Nós non tomaremos posición algunha ante estas opinións.



A vella casa natal abandónase en beneficio de novos proxectos vitais. Na imaxe, unha casa de Castañeda, Arzúa, posta á venda por un filla da parroquia emigrado en Suíza.

FENÓMENO HUMANO MAIOR

Os desprazamentos de grupos humanos, con cambios temporais ou permanentes de residencia acompañan á humanidade dende a súa orixe. Debemos lembrar que o home nace nómade tornando sedentario como consecuencia da conquista da agricultura.

Non é posible explicar o poboamento da terra e incluso a formación das civilizacións sen os transvases demográficos en calquera das súas formas: nomadismos, peregrinacións, transhumancias, traslados forzados, éxodos de minorías, colonizacións, ...etc, etc. Non esquecemos ademais as migracións en tódalas súas posibles formas -xa temporal, permanente, colectiva ou persoal...- desenvoltas ó fío do tránsito comercial. Podemos dicir, sen risco de equivocación ou esaxeración, que as migracións forman parte do grupo de atributos humanos.

A amplitude histórica e xeográfica do asunto confirman esto que dicimos xa que este auténtico fenómeno social ten presenza en todo o planeta dende a Patagonia ata o Cabo Norte e dende Fisterra ás illas do Pacífico.

Igualmente constatamos a súa presenza en tódolos períodos da historia. Non en balde a nosa especie nunca acougou dende o momento en que un descoñecido individuo -máis homínido que home- deu o primeiro paso para afastarse do eidos da súa manada a hoxe, cando os desprazamentos acadan a condición virtual mercé á rede cibernética que cobre o planeta.

AS MIGRACIÓNS DAS ERAS MODERNA E CONTEMPORÁNEA

A historia da humanidade é, como adiantabamos, a do continuo entrecruzamento de individuos dunha sociedade noutra. De feito a historia da humanidade ben podería ser, como di Carrithers¹, a dos

modos en que grupos de pobos aparentemente aislados, aparentemente locais e inalterados quedaron, de feito, profundamente entrelazados en un crecente sistema mundial de comercio, colonización e exercicio do poder imperial. ...

(De xeito que cando) los antropólogos apareceron en escena (alá polo século XIX) se encontraron con un mundo que non era antigo ni intocado, ni primitivo o aislado, sino uno ya moldeado por el intercambio extensivo con las mismas sociedades de las que provenían los antropólogos.

O inicio das migracións que damos en chamar modernas coincide con dous fitos históricos de excepción: a configuración dos estados europeos e a independencia dos Estados Unidos de Norteamérica.

Neste momento, tal e como explicaremos noutro lugar desta tese, teñen lugar os primeiros desprazamentos de



Emigrantes galegos espállanse, con maior ou menor intensidade por todo o mundo. A súa presenza, formalizada en asociacións e grupos organizados para os máis diversos obxectivos destaca en corenta e dous países dos cinco continentes.

¹ CARRITHERS, M. *¿Por qué los humanos tenemos culturas?*; p. 46.

poboación por motivos estrictamente económicos. Estes, recordámolo aquí, terán unha dobre manifestación. Por unha banda realizaranse entre o agro e as cidades recén industrializadas e por outro cara ás novas nacións nadas nas Américas. Debemos facer notar que esta novidosa forma migratoria non exclúe os movementos estacionais (sega, vendima, pesca, transhumancia, gandería) e os exilios e expatriacións, daquela moi arraigados. A este respecto e no que atinxe a Galicia damos por iniciadas as migracións modernas en 1790 cando a constitución en Bos Aires da Congregación de Naturales y Originarios del Reino de Galicia, primeira asociación deste tipo de entre os varios centenares de comunidades nas que os galegos organizarán a súa convivencia lonxe da terra nai nos dous séculos seguintes.

Se a modernidade coñeceu as migracións derivadas da descolonización das Américas e da industrialización, a contemporaneidade abríase coa descolonización de África, Asia e Oceanía. Este proceso, de escala planetaria, xerará tensións migratorias dunha intensidade nunca antes coñecida.

Desprazamentos e deportacións masivas, ocupacións e forzadas convivencias culturais caracterizarán, xunto coas dúas guerras de alcance mundial, ó século XX. Polo tocante a Galicia debemos destacar que na centuria 1875-1975 os fluxos migratorios acadarán cifras de vertixe posto que sitúan fóra das nosas fronteiras a centos de milleiros dos nosos paisanos.

Mediado o século XX e xa conxurada a belicosidade, as migracións renóvanse nas súas formas. Aparecen agora os movementos de retorno, o turismo (grupos humanos desprazándose cos seus costumes e as súas divisas entre países) e xeneralízanse os movementos pendulares. Estes son os que seguen os individuos que residindo nun punto do territorio deben desprazarse regularmente a outro por motivos de traballo, de lecer ou comerciais.

No cabo do século XX dúas novidades van enriquecer o panorama descrito. Por unha banda inverteranse os tradicionais fluxos migratorio internacionais, que agora toman as direccións sur-norte e oeste-leste. Por outra banda o alto desenvolvemento tecnolóxico acadado polos sistemas de telecomunicacións -internet e os procesos de *roaming* da telefonía móbil- farán posible por vez primeira a comunicación global -voz e datos- a escala planetaria en tempo real. Estas viaxes, dadas en chamar virtuais posto que non implican desprazamentos físicos, supoñen o transvase de inxentes cantidades de información, de cartos e mesmo de mercancías. O futuro indicaranos cal será a incidencia real duns procesos que no cabo do ano 2000 a penas están abríndose.

MIGRACIÓNS E CAMBIO CULTURAL

Dos múltiples efectos das migracións aquí vannos interesar exclusivamente os de orde sociocultural.

Sen querer afondar moito nos mecanismos que desencadean estes efectos xusto é dicir -como veremos- que os máis dos efectos socioculturais que inciden na conformación da casa vivenda teñen a súa orixe no desarraigo dos medios¹ humano e físico experimentado polo individuo emigrado.

A emigración -dinos Sánchez López²- ocasionará o distanciamento, máis ou menos prolongado do individuo respecto do seu medio o que desencadeará a rotura dos patróns de conducta individual e producirá desaxustes de todo tipo.

O conxunto dos desaxustes referidos propiciarán un proceso transculturizador no que o individuo, exposto a dous sistemas culturais diferentes, experimenta, como nos describe Carrithers³, mecanismos que lle han permitir "...no sólo tratarnos recíprocamente, sino también adquirir el dominio de los conocimientos originarios de otra sociedad, no sólo del lenguaje, sino de la música, arte, ciencias y literatura, además de las formas complejas de política y comercio."

O sociólogo portugués Neto dá conta de mudanzas físicas, políticas, económicas e culturais⁴

Que mudanças podem acompanhar a aculturação? Em primeiro lugar podem ocorrer mudanças "físicas" (um novo lugar para viver, um novo alojamento, aumento de densidade populacional, urbanização, poluição, etc.); observamse igualmente mudanças "políticas" (perca de autonomía, etc.), "económicas" (podendose pasar de formas de emprego tradicionais para novas formas), "culturais" (a lingua, a religião, a educação de origem são muitas vezes alteradas ou até modificadas, etc.) e "sociais"! (novas rela-ções interindividuais e intergrupais, etc.). Enfim, podem ocorrer mudanças "psicológicas" ao nível individual.

Cómpre salientar que a adquisición e apropiación de certos aspectos dos modos de vida de comunidades foráneas non necesariamente se derivan sempre de desprazamentos reais.

No passado a grande maioría das persoas passava toda a súa vida num só sistema cultural nao tendo virtualmente contacto com outras culturas. Com os avanços da ciencia e da tecnologia, o espaço e o tempo reduziramse, tornandose mais frequentes as interações com varias culturas. O leque destas interações pode ir desde ser um espectador do contacto cultural (lendo, por exemplo, a "National Geographic")⁵...

¹ O contorno humano dun individuo, explicannos os sicólogos, está constituído polas xentes e grupos cos que convive pero tamén pola cultura, as formas de vida, usos e costumes que regulan os comportamentos da comunidade.

² SÁNCHEZ LÓPEZ, F. *Movimientos migratorios de Galicia*, p. 177.

³ CARRITHERS, M. *¿Por qué los humanos tenemos culturas?*, p. 25.

⁴ NETO, F. *Psicología da emigração portuguesa*, p. 52

⁵ NETO, F. *Psicología da emigração portuguesa*, p. 41.

A construción de sistemas culturais mixtos -quizais deberíamos chamarlles mestizos- é un interesantísimo fenómeno sociolóxico, con claros efectos sobre a vivenda humana. Esta, un produto cultural de primeira orde, acusa-rá as interferencias entre sistemas culturais diferentes, tomando a forma dun produto novidoso no que se entre-mezclan, con maior ou peor fortuna, invariantes orixinarias de ambos mundos.

Papá Noel está junto a un árbol y da a los trabajadores extranjeros, en platos de plástico, sopa de *gulasch*. ... Los turcos hablaban en su idioma, mezclado con palabras alemanas para las que en turco no había traducción, como: oficina de empleo, delegación de hacienda, impuesto sobre sueldos y salarios, formación profesional.

Emine Sevgi Özdamar
La Lengua de mi Madre

A XEITO DE XUSTIFICACIÓN

Resulta difícil profundar nun tema tan complexo como o que nos ocupa sen determinar previamente a definición e o alcance de certos conceptos e modismos que, de uso moi específico, poden escaparse ó lector alleo ós ámbitos culturais aquí representados.

Non quere ser eéta -nin de lonxe- unha relación exhaustiva. O noso criterio é o de incluír aquí exclusivamente aquelas palabras que representan conceptos ambiguos, xa por presentar múltiples significados en si mesmas xa por variar en función da carga ideolóxica que lle queira transmitir o redactor.

Por outra parte recolleamos aquí algúns termos patrimoniais da lingua galega, que tendo sido utilizados nesta tese poidan precisar explicación para o lector foráneo. E non falamos agora de organizar aquí algún tipo de dicionario senón de xustificar conceptos semánticos propios do sistema cultural galaico.

ALGÚNS CONCEPTOS ARQUITECTÓNICOS

Concepto central nesta tese é o de “casa” un termo que tras da aparente evidencia do seu significado agacha unha complexidade que a penas se manifesta na súa ricaz polisemia.

Pina Cabral¹ recompilou os múltiples significados da palabra “casa” na lingua portuguesa, advertíndonos que

- ... para além do seu significado primário como (1) *edifício*, e particularmente edificio de habitação, a expressão também significa
- (2) *a unidade social primária* e as suas extensões mais directas (p. ex., “casa” no sentido camponês minhoto, “fogo”, “família”, “linhagem”); e tem ainda uma larga utilização para referir, por um lado,
- (3) *separação regular* (p. ex., “a casa dos botões” ou as “casas” dum mapa ou tabela) e, por outro lado,
- (4) *unidade social*, tanto de um ponto de vista
- (4.1) *funcional* (p. ex., “casa dos mortos” para referir ossário, “casa dos milagres” num santuário, ou “casa de pasto”), como de um ponto de vista
- (4.2) *institucional*, especialmente para aquilo a que o Inglês chama *corporate groups* (p. ex., “casa civil ou militar” do presidente da República, ou “casa” no sentido de firma), mas sobretudo quando se trata de
- (4.3) organismos organizados segundo *princípios altruísticos*, que implicam aquilo a que Turner chama *communitas* (p. ex., a Santa Casa de Misericórdia, a Casa do Povo, a Casa dos Pescadores, a Casa do Minho).

Detémonos na amplitude semántica do concepto “casa”, que resulta clave para entender calquera estudio da Galicia rural. A estes efectos reunimos as opinións de tres autorizadas voces: Mario Orjales²

¹ CABRAL, J. de P. A casa do Noroeste : introdução e comentários a um encontro pluridisciplinar. *Análise Social*, v. 23, n. 1, p. 154.

² ORJALES PITA, M. Crise da casa como sistema de produción e máis de convivencia. En *A Galicia rural na encrucillada*, p. 116.

... o termo *casa* nunha das múltiples aceicións con que se emprega na Galicia rural: como marco de vida, como centro de residencia. Mais outros significados prestan ao nome tal cantidade de matices que, a miúdo, confúndese o accidental co esencial, a forma co contido: deica o punto de servir de termo comodín pra os estudosos das máis diversas ciencias sociais. Así ocorre que, ademáis de unidade residencial, a *casa* utilízase como sinónimo de patrimonio familiar, de célula de produción agrícola, de institución xurídica supraindividual, de estrutura familiar, de subsistema cultura, de unidade de consumo, etc... Con razón dí C. Lisón que "Casa (con maiúscula) desíña familia, linealidade na sucesión, bilateralidade *sui generis*, leiras, lugar de residencia, economía, ideoloxía a carán da mesma e espresividade simbólico-ritual do todo o anterior". A Casa, pois, é un universo socioeconómico, culturalmente normalizado, que mantén e reproduce unhas relacións de produción, unha superestrutura ideolóxica e unhas formas sociais marcadamente definidas.

Chao Rego¹

...trátase dunha unidade de traballo e tamén simbólica

e Fernández de Rota²

El término casa enmarca la unidad de explotación agropecuaria familiar, célula fundamental de la organización económica y social. La "casa" incluye el edificio vivienda, cortes de vacas y caballos, cortellos de becerros, ovejas y cabras, las diferentes dependencias accesoria ("alpendres"), uno o dos patios ("aira" o "era" y "curral") y los terrenos diseminados de la explotación.

Feita xa a aproximación ós significados da palabra *casa* queremos tamén concretar o concepto de *arquitectura popular*, moi empregado nesta tese.

Este termo composto non figura como tal nos dicionarios académicos que non van máis alá da estricta definición do substantivo "arquitectura" que, para o común dos léxicos é a *arte de proxectar e construír edificios*.

Esta definición antóllasenos insuficiente para aplicar ós edificios obxecto deste traballo toda vez que, como veremos, non foron *proxectados*.

Nos tratados de arquitectura veuse considerando obra digna de tal substantivo a aquelas realizadas por individuos formados nesta disciplina ou aquelas outras de monumentalidade indiscutible.

O conxunto de construcións levantadas por xentes sen formación académica, sen o auxilio de proxectos arquitectónicos e, en moitos casos, sen a intervención de constructores profesionais ten sido denominado polos seus estudiosos de moi diversas formas: arquitectura popular, vernácula, anónima, sen arquitectos, espontánea, indíxena, tradicional, etc. Rudofsky³ caricaturiza a situación manifestando que esta arquitectura "ni siquiera dispone de un nombre científico". En Galicia, Pedro de Llano⁴ resolve a cuestión dándolle ó libro resultante da súa investigación da arquitectura da Galicia rural o título *Arquitectura popular en Galicia*.

¹ CHAO REGO, X. *Para comprendermos Galicia*, p. 32.

² FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A. *Antropología de un viejo paisaje gallego*, p. 24.

³ RUDOFSKY, B. *Arquitectura sin arquitectos*, p. 52.

⁴ LLANO CABADO, P. de. *Arquitectura popular en Galicia*, p. 19.

ALGÚNS CONCEPTOS RELACIONADOS COAS MIGRACIÓNS

Existen notables diferencias entre os simples cambios de residencia e as migracións en sentido estricto.

Sánchez López¹ afirma que “la migración implica cierto desarraigo del contorno vital y la asimilación de trabajo, de cultura” en tanto que o cambio de residencia “puede darse dentro de una misma vecindad o cultura, y frecuentemente, no afecta a los habituales patrones de conducta y de relación social.”

De aí que no contexto desta tese reservemos o termo “migración” para aqueles movementos de poboación que implican un cambio de residencia a áreas culturais estrañas e teñan sempre como consecuencia un reaxuste sociocultural para o individuo.

Así pois debemos entender que o emigrante e o desprazado forzoso (exiliado ou refuxiado) son individuos diferentes xa que tamén o son as motivacións dos seus desprazamentos. Baixo o termo emigrado identificamos, de acordo coa definición dada na Orden do Ministerio de Trabajo de 6 de novembro de 1942 (BOE de 14-11-1942) a “todo aquel que haya marchado a Ultramar o traspuesto las fronteras nacionales para residir y trabajar en cualquier país extranjero” en tanto que refuxiado, de acordo coa definición do Instituto de Migraciones y Servicios Sociales (IMSERSO)² é aquel “que obtiene refugio o acogimiento en un país, por abandono del suyo a causa de persecución política. Se distingue por tanto de aquellas personas que cambian de residencia a otro país por motivos diferentes, tales como los económicos.”

No referente á definición das migracións propiamente ditas advertimos da existencia de dous tipos de emigrantes atendendo ás causas primeiras que desencadean a saída. Así pois debemos diferenciar entre as forzadas, en tódalas súas variantes -confinamento, deportación, exilio, expatriación, proscrición, desterro- e as voluntarias se ben os efectos finais de ambos movementos poboacionais poden chegar a ser coincidentes. A este respecto o desterramento, en palabras de Tello³, é

... una peripecia desquiciante ya que priva al individuo de los referentes culturales que hasta entonces han estructurado su vida personal y social. Sus hábitos, costumbres, credo, acento o deje en el habla y hasta sus rasgos o color de la piel se convierten en elementos exóticos expuestos a la mirada valorativa de la comunidad de acogida.

¹ SÁNCHEZ LÓPEZ, F. *Movimientos migratorios de Galicia*; p. 9

² IMSERSO. Web do IMSERSO [en liña]

³ TELLO, A. *Extraños en el paraíso : inmigrantes, desterrados y otras gentes de extraña condición*, p. 143.

Os efectos tralo desprazamento ben poden valer para o emigrante, non así os previos a el xa que, tal e como nos di Tello, consisten nun

... proceso de perda e fractura que comienza en la tierra natal del inmigrado, cuando debe desprenderse de sus bienes materiales, culturales y afectivos, para emprender el camino del destierro con la peregrina esperanza de rehacer su vida y organizarla en mejores condiciones

e que non necesariamente se dá no emigrante e si, con toda a súa crueza, no desprazado forzoso.

A migración é pois un movemento poboacional con implicacións que van máis alá das meramente físicas e demográficas. Isto queda ben claro nas palabras de Gülsüm Baydar Nalbantoglu e Wong Chong Thai¹: "Migration is a movement across geographical boundaries but it is also a movement from one symbolic order, one paternal language and law, to another."²

Comprobando que nos estudos sobre a materia son empregados indistintamente os conceptos *emigración* e *migración*, que nos dicionarios son presentados como equivalentes, buscamos claridade en Valadés³ quen matiza

En términos antropológicos, el significado de la expresión *emigración* ha sido conceptualizado como un movimiento que lleva a cruzar fronteras internacionales, ya sea permanentemente o no, mientras que se entiende por *migración* el cambio de residencia dentro de un mismo estado nacional, del mismo modo si se trata de una mudanza definitiva que si es temporal.

No contexto do nos documento utilizaremos estes termos coas equivalencias referidas se ben preferiremos a expresión "movementos migratorios" que o propio Valadés identifica "máis ben a migracións que afectan a amplios grupos humanos".

Feita xa a descrición do concepto "emigración" debemos precisar os de "inmigración" e "retorno". Estes dous termos poden nalgún momento chegar a confundirse, de feito nalgúns estudos relevantes utilízase a expresión "inmigración de retorno" para referirse ó movemento que realiza a poboación emigrada cando regresa ó seu lugar de orixe.

A este respecto debemos facer algunha precisión posto que para falar de retorno debemos definir os puntos de inicio e de conclusión do traxecto migratorio.

Ós efectos desta tese consideramos retornado únicamente a aquel individuo que volve ó lugar do que partiu. Desta maneira quen unha vez rematada a súa experiencia migratoria afínca nun lugar distinto do da súa orixe non ten para nós a consideración de retornado, senón de reemigrado posto que realizou unha segunda migración.

¹ GÜLSÜM BAYDAR NALBANTOGLU e WONG CHONG THAI: *Postcolonial Spaces*; p. 108

² A migración é un movemento ó través de fronteiras xeográficas pero tamén é un movemento dende unha orde simbólica, dunha liguaxe e lei paternal, a outra.

³ VALADÉS SIERRA, J. M. Antropología de las migraciones. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, v. 49, p. 223.

Ora ben, para non facer excesivamente confusa a redacción do texto permitímonos a licencia de utilizar o termo *retornado* en tódolos casos, deixando claro que nos distanciamos dos criterios empregados na literatura científica na década dos setenta para definir a este tipo de individuos, que aquí recreamos da man de Cardelús e Pascual¹

Se habla de retorno cuando la emigración ha supuesto paso de frontera y ésta se cruza de nuevo en sentido inverso, y que se suele considerar como zona de origen la delimitada por las fronteras del Estado, sin distinciones en su interior: es emigrante retorando el individuo que salió de un punto de España y regresa a él o a cualquier otro del mismo Estado, independeinte del lugar de nacimiento y residencia anterior.

A inmigración é un movemento migratorio moi distinto dos antes descritos. Aquí queremos facer nosa a definición dada polo IMSERSO²: “Acción y efecto de la llegada a un país para establecerse en él los naturales de cualquier otro”. Inmigración, emigración e retorno teñen en común a experiencia da viaxe, desprazamento do que non nos interesa a súa compoñente xeográfica senón a mental, extraordinariamente descrita Por Gülsüm Baydar Nalbantoglu e Wong³:

A line inscribed onto the global map connects the old country and the new country. The world is already mapped by and through the Cartesian net that constructs spatiality as a geometric veil. The line of the migrant's journey is a graphic superimposition onto this veil. [...] But the line is also a scar on the uniformity of the global net. It is sewn up, it is a trace of a split, a cut. [...] The migrant is a decentered subject; migration has triggered a break from the illusory unit of the self. The story of the other has already begun. Every story is a travel story, but the story of migration is a particular surfacing of the foreigner within ourselves. Such a migrational movement is specifically from an "elsewhere", somewhere not on the global map, to the city, to the ideal city, the city with a name⁴.

DIVERSOS CONCEPTOS RELACIONADOS COAS INTERFERENCIAS ENTRE CULTURAS

A contaminación polos diferentes ámbitos culturais cos que entra en contacto o emigrante é, como xa temos adiantado, un dos efectos dos procesos migratorios. Esta interferencia pode ter múltiples expresións, dende a

¹ CARDELÚS, J. e PASCUAL, À. *Movimientos migratorios y organización social*, p. 244-245

² IMSERSO. Web do IMSERSO [en liña]

³ GÜLSÜM BAYDAR NALBANTOGLU e WONG CHONG THAI: *Postcolonial Spaces*; p. 108

⁴ Unha liña inscrita no mapa global conecta o vello e o novo país. O mundo está case todo cartografado por e ó través unha rede Cartesiana que dá soporte á espacialidade como un velo xeométrico. A liña da viaxe do emigrante é unha superposición gráfica nesta trama. [...] Pero a liña é tamén unha fendedura na uniformidade da rede global. É un remendo, é o trazo dunha fendedura, un corte. [...] O migrante é un suxeito descentrado; a migración disparou unha ruptura dende a ilusionante unidade do ser. A historia do outro xa empezou. Cada historia é a historia dunha viaxe, pero a historia da migración é o enfrontamento individual do forasteiro connosco. Tal movemento migratorio prodúcese especificamente dende un "algunres", un sitio fóra do mapa global, cara á cidade, á cidade ideal, a cidade cun nome.

absorción total do individuo no medio que lle é novo á completa inadaptación, con multitude de estadios intermedios.

Con carácter xeral interesaranos os procesos de aculturación. Isto é, utilizando a terminoloxía do sociólogo portugués Neto¹, aquel “conjunto de mudançais culturais em resultado de contactos continuos e directos entre dois grupos culturais independentes.” Rowe² que estudou os intercambios entre as culturas hindú e a occidental na India, describe no ámbito dos seus traballos, a aculturación como “a one-way process of conversion and substitution of native cultures by European ones.”

En termos individuais entenderemos por individuo aculturizado a aquel que experimentou mudanzas como “resultado de estar em contacto com outras culturas e de participar no processo de aculturação por que passa o seu grupo cultural ou étnico,” tal e como é descrito por Neto³. Advertimos que o concepto de aculturación non debe ser confundido con outros como asimilación, integración ou absorción. A asimilación presupón -e valémonos outra vez de Neto⁴- que “a pessoa em aculturação perde inevitavelmente a sua cultura de origem e é absorvida na sociedade receptora.”

Integración, segundo da definición oficialista dada polo IMSERSO na súa web⁵ é a “acción y efecto de incorporarse o unirse a un grupo para formar parte de él”. Esta definición aseméllase á que de absorción nos dá Neto⁶ “estádio último da adaptação.”

Dos diversos estadios intermedios que se sitúan entre a asimilación e a inadapatación do individuo nun contexto cultural alleo, traemos aquí a voz mestizaxe, moi empregada neste texto. Esta palabra segundo concretan Rowe

¹ NETO, F. *Psicología da emigração portuguesa*, p. 87

² ROWE e SCHELLING; *Memory and modernity*; p. 18

³ NETO, op. Cit., p. 87

⁴ NETO, op. Cit., p. 87

⁵ IMSERSO; web cit.

⁶ NETO, F. *Psicología da emigração portuguesa*, p. 87

e Schelling¹ denota "racial mixture, that assumes a synthesis of cultures, where none is eradicated"².

A acollida que unha comunidade lle brinda ós forasteiros pode manifestarse en múltiples formas, tendo por extremos a filoxenia e a xenofobia. Para afinar estas definicións valémonos das palabras de Elorza³

La filoxenia es el amor al extraño...

No es de extrañar que el término "filoxenia" sea prácticamente desconocido [...] y que en cambio su antónimo, "xenofobia", sea moneda de uso corriente, incluso imprescindible para los tiempos que corren.

Lévy Strauss nos explicó hace tiempo que cada grupo humano tiende a considerarse a sí mismo como el receptáculo de todos los valores positivos y, por consiguiente, a mirar a los demás como algo inferior, por añadidura peligroso en la medida en que siempre se plantea una competencia por alcanzar recursos escasos.

[...]

En palabras se dice fácilmente. Acabar con la xenofobia requiere implantar, en la medida de lo posible, la filoxenia.

[...]

Vamos hacia unas sociedades europeas mestizas, pluriculturales, y en ellas la democracia sólo podrá ser real si se consigue un predominio efectivo de la filoxenia.

Finalizamos este brevísimo vocabulario explicando o máis común dos sentimentos entre os emigrados: a nostalgia. O nostáxico, segundo Antonio Tello⁴, é un individuo que vivindo obsesionado polo pasado

... no vive el presente o lo vive en estado permanente de transitoriedad; no hace de su vivienda un hogar, ni se abre al exterior dejándose polinizar por la vida que discurre fuera de él; no alcanza a comprender que, desde el instante en que fue extrañado, su historia personal se desgajó del tronco natal y que su continuidad, aunque vuelva a él, tendrá la evidencia de la herida.

DIVERSOS CONCEPTOS RELACIONADOS COAS MIGRACIÓNS EN GALICIA

Dous conceptos vinculados co mundo migratorio teñen en Galicia unha expresión xenuína, non compartida con outras linguas. Estes son "morriña" e "americano".

É a morriña un sentimento que moitos queren ver como exclusivo de Galicia e que frecuentemente se relaciona con vivencias acaecidas nalgún momento do traxecto migratorio.

¹ ROWE e SCHELLING, *Memory and modernity : popular culture in Latin America*, p. 18.

² "Mistura racial, que asume unha síntese de culturas, onde ningunha é erradicada."

³ ELORZA, A. Filoxenia. *El País*, (9-9-2000), p. 13.

⁴ TELLO, A. *Extraños en el paraíso*, p. 149

A morriña, cun significado xeral de melancolía ou tristura, designa como nos explica o pensador Ramón Piñeiro¹ “el estado anímico deprimido por el sentimiento de melancolía, que a veces, como ya hemos visto, se asocia también con el sentimiento nostálgico por la lejanía de la tierra nativa.”

Moi lonxe do que levamos dito, o calificativo *americano* identifica a aqueles individuos retornados no primeiro tercio do século XX daquel continente con fortuna máis ou menos crecida e coa personalidade transformada. *Cubano* e *habanero* son dous termos que se aplicarían, dunha maneira máis concisa, ós individuos procedentes deses destinos migratorios. As denominacións *suízo* ou *alemán*, aplicadas a aqueles expatriados en Europa, veñen sendo a actualización á contemporaneidade dos cualificativos ultramarinos antes referidos.

Sixirei² distingue ó americano do indiano, vendo no primeiro a un home rico e semianalfabeto, instalado na petulancia. Reproducimos aquí, por expresiva, a descrición que do “cubano” fai o escritor³ Silvio Santiago⁴

Casados e solteiros disfrazábanse de cubanos, de viaxantes, de inxineros, de recién casados, de médicos, de gitanos, e outras cousas.

Os “cubanos” ou “cubanitos” subían calle acima con chaqueta de alpaca, pantalón de raiadillo, pajilla á cabeza e maleta na mao. Saudaban a toda a xente que atopaban, falando en castelán; e daban noticias dos veciños que ficaban alá, en Matanzas, Yaguajai, Pinar del Río e noutros sitios. Queixábanse do atraso do pueblo, porque non había tranvías, nin teatros, nin cines nin cabarés, nin ascensores, nin mulatas, como na Habana. E si por un casual vían pasar ao cura, preguntaban qué era “aquele”, sorprendéndose de que aínda eisitiran “esas cousas”.

¹ PIÑEIRO, R. *Gran Enciclopedia Gallega*, voz “Morriña”.

² SIXIREI PAREDES, C. *Galeguidade e cultura no exterior*, p. 210.

³ Silvio Santiago, naceu en Vilardevós (Ourense) en 1903. Exiliouse a Venezuela en 1936.

⁴ SANTIAGO, S. *Villardevós*; 1963; p. 153

CONCLUSIONES

AS MIGRACIÓNS NA CONFORMACIÓN DA CASA LABREGA CONTEMPORÁNEA
CONCLUSIÓNS
ÍNDICE

1	Migracións e casa	34
	Galicia, país de emigrantes	
	Vivenda e migracións	
	Unha nova orde, unha vivenda renovada	
2	As migracións na conformación da casa rural. Unha visión histórica	38
	A casa labrega, vinteseite séculos de metamorfose	
	Historia da casa rural en Galicia	
	Interrogantes e hipóteses de traballo	
3	A casa rural contemporánea	43
	A nova vivenda no mundo rural contemporáneo	
	As tipoloxías da casa rural contemporánea	
	O proxecto e a execución da casa contemporánea	
	Valores simbólicos	
	Cousa que aínda quedan por estudar	
	Estudiar arquitecturas anónimas	
4	Epílogo	55
	RESUMO, RESÚMEN, ABSTRACT	58
	Resumo	
	Resumen	
	Abstract	

GALICIA, PAÍS DE EMIGRANTES

Os movementos migratorios nas súas múltiples variantes e direccións acompañarán a Galicia dende a noite dos tempos, acusando alta intensidade no período que vai de 1880 a 1980. A efectos de ilustrar o que decimos recordamos aquí que só no trienio 1911-13 viuse forzado a abandonar Galicia o sete por cento dos seus habitantes.

As razóns desta vaga humana, aínda non sendo a súa análise obxecto do presente traballo, encontrámonas na pobreza e na baixa calidade de vida imperantes en Galicia ata tempos recentes. Neste contexto a emigración actuou como válvula de escape e como vía para superar as dificultades da vida diaria.

De resultas deste proceso a paisaxe humana do país acadou forte singularidade. A xeito de exemplo expoñemos a seguir as cifras do censo de 1970: 2.750.000 persoas habitaban en Galicia en tanto que 300.000 galegos residían noutras áreas do Estado, outros 300.000 noutros países de Europa e aproximadamente 1.000.000, entre galegos e descendentes seus, espallábanse polas Américas.

A migración -tanto no seu traxecto de saída como no de retorno- modificando a estrutura productiva, alterando o equilibrio demográfico, insuflando recursos económicos e moi especialmente, dando soporte ó intercambio de ideas, debe ser vista como unha forza de primeiro orde no desenvolvemento e mutación do universo rural. A este respecto debemos sinalar que a transformación do agro interesou a tódolos ámbitos da sociedade labrega: economía, política, gastronomía, relixión, vivenda, moda, costumes, idioma, folclore, etc.

Por outra parte comprobamos que este fenómeno non é en absoluto novidoso xa que dende a prehistoria, as idas e vidas dos pobos, téñense inducido sempre algunha que outra alteración social ou cultural.

VIVENDA E MIGRACIÓNS

A casa vivenda da Galicia rural coñecerá no derradeiro tercio do século XX unha fonda mutación que alterará o seu aspecto e funcionamento. Detrás deses amplos cambios descubrimos forzas e tensións debidas, en moitos casos, a un proxecto migratorio. Pero chegados aquí debemos advertir que só excepcionalmente estes cambios poden ser atribuídos á copia ou á importación de modelos, estéticas ou tecnoloxías foráneas. En realidade se deben, sen ningunha dúbida, ás fondas alteracións socioeconómicas que afectan ó agro neste período, moitas

delas desencadeadas, impulsadas ou enriquecidas, eso si, polas adherencias chegadas nas equipaxes e nas contas bancarias dos centos de miles de emigrantes retornados neste período.

Por outra banda a construción das novas vivendas provocará dunha maneira xeneralizada o abandono, cando non o derribo, das vellas casas nas que residía a poboación antes de ter concretado o seu proxecto migratorio. As referidas edificacións, habitadas durante xeracións, serán vistas trala conclusión da migración como obxectos obsoletos e incluso vulgares. A este respecto comprobamos que a modificación das formas de apreciación das vellas arquitecturas vernáculas garda relación coa adquisición de novos hábitos vitais. Así pois o rexeitamento dun pasado inzado de connotacións negativas explica que o proceso de modernización da vivenda labrega teña sido acometido polos seus actores como ruptura e non como mellora.

UNHA NOVA ORDE, UNHA VIVENDA RENOVADA

Interrogándonos polas causas que xeraron a casa rural contemporánea non podemos encontrar unha única resposta.

Pensar nas forzas derivadas dos movementos migratorios como desencadeantes en exclusiva da transformación da vivenda emprazada na Galicia rural ofrecería -como antes decíamos- unha visión parcial dun panorama conformado por un complexo conxunto de forzas. Así é como a simple enumeración dalgúns dos procesos que ten acoillido a nosa ruralía no derradeiro tercio do século XX permítenos adiviñar a magnitude e amplitude deste asunto: industrialización, expansión da rede viaria, monetarización da economía, proletarización de amplos sectores da poboación, democratización da vida política local, profesionalización da administración pública, escolarización universal e obrigatoria deica os dezaseis anos, xeralización do ocio e da asistencia sanitaria, consolidación das cabeceiras comarcais como centros intermedios no sistema económico, intervención da acción social do estado sobre as clases pasivas, envellecemento da poboación, expansión da televisión e da telefonía, perda de competitividade da industria agrícola, etc.

Aínda así a repercusión da emigración no mundo rural, cando menos en certa zonas, do país é notable fronte ó conxunto das forzas que acabamos de enumerar. De feito a actividade migratoria está detrás está detrás -dunha ou outra maneira- dun alto número das construcións levantadas en Galicia no derradeiro tercio do século XX.

En termos cuantitativos a incidencia da emigración neste campo é difícil de valorar habida conta da inexistencia de estatísticas oficiais ou de estudos rigorosos que analicen, en ámbitos territoriais reducidos, a emigración e o retorno. Malia isto, podemos confirmar que non sempre en áreas de elevada migración esta é seguida dun incremento na construción de vivendas. Tal sucede alá onde o retorno é escaso, por exemplo na alta montaña lucense e na ourensá. Por outra parte en zonas de escasa emigración pero de forte retorno, este é o caso da periferia das grandes cidades, detectamos un notable número de vivendas promovidas por individuos retornados.

Na orde estética a achega da emigración na configuración da nova vivenda tamén é difícilmente valorable. De feito as pautas seguidas maioritariamente por estes promotores para darlle forma á súa casa raramente implican a importación de invariantes foráneas xa que estas se nos confirma que son tomadas no entorno inmediato da que vai ser a casa ou ben nas máis variadas e insólitas fontes. Por outra parte comprobamos que estas pautas non difiren no substancial das seguidas por promotores non emigrados.

A CASA LABREGA, VINTESETE SÉCULOS DE METAMORFOSE

Diciamos nas páxinas precedentes que a configuración da casa é consecuencia da interferencia de moi diversas forzas e que moitas delas acadaron a nosa terra da man de individuos chegados de alén das nosas fronteiras. Nesta orde de cousas a dilatada historia da casa rural galega -víamos que se remonta, segundo testemuña o carbono-14, a 26.750 anos- ímola resumir nuns poucos fitos e serán xustamente aqueles nos que a máxima acumulación de tensións desencadea mutacións na vivenda existente.

Comprobamos que estes *turning points* sempre coinciden coa acción de individuos, enerxías ou vectores de todo tipo, chegados do exterior. Chamémoslle soldado invasor, horda fuxitiva, emigrante retornado, utensilio, máquina ou incluso alimento importado. Así pois podemos afirmar que a casa rural contemporánea, nas tres tipoloxías que nós recoñecemos equivalen a tres tres eslabóns -e probablemente non os derradeiros- na longa cadea da historia da casa rural galega.

A continuación mostramos un denso cadro onde se resume isto que acabamos de dicir. Nel tamén poñemos en relación a sucesión de mutacións experimentadas pola casa cos principais feitos de orde tecnolóxica, social, cultural e política de cada momento. As múltiples lecturas posibles do referido cadro dan idea da complexidade e das lóxicas inherentes a unha sucesión de feitos que en moitos casos non poden ser entendidos illadamente. Mais por riba de todo o que aquí podemos ler é que a casa vivenda localizada no medio rural é unha tipoloxía arquitectónica en permanente adaptación ás sempre cambiantes demandas da vida rural.

O proceso de metamorfose da casa rural acelérase durante o século XX, particularmente durante o seu derradeiro tercio, que rexistra mutacións en número e intensidade nunca antes coñecida. Desta maneira, e coa perspectiva que nos brinda mirar os acontecementos dende o cabo do século debemos recoñecer que a casa labrega galega -cando menos na súa lectura tradicional- ten desaparecido. E non se trata só dunha transformación estética, con incidencia nos aspectos espaciais e formais do edificio, por outra banda sempre cambiantes. A máis significativa das mutacións é a do seu uso xa que agora a casa rural perde a súa condición de sé da empresa agraria familiar tornando exclusivamente en habitación humana.

Concluídas xa as migracións exteriores outras forzas aparecen no panorama da Galicia finisecular con capacidade para transformar a casa vivenda. Falamos das migracións internas, que teñen levado a amplas áreas do

rural ó límite do despoboamento e tamén da adopción por amplas capas da poboación de modos de vida baseados na contínua mobilidade entre a súa localidade de residencia e outras, onde traballo, desenvolve o seu ocio, compra ou estudia.

A emancipación da muller, a popularización do ocio no mundo rural e a crecente accesibilidade a fontes de información televisivas e cibernéticas aparecéennos como vectores que poden seguir transformando a casa da Galicia rural nun futuro próximo.

HISTORIA DA CASA RURAL EN GALICIA

<p>ACONTECEMENTOS</p> <p>A SOCIEDADE, O MEDIO, OUTRAS ARQUITECTURAS</p>	<p>A CASA RURAL</p>
<p>-24750 PALEOLÍTICO</p> <p>Tribos fuxidas dos fríos que afectan a centroeuropa acadan as terras do noroeste da península Ibérica. [Xacemento das Gándaras de Budiño (ano -24750)].</p> <p>Hábitat: Vivendas e poboados non permanentes.</p> <p>Outras arquitecturas no rural: Funeraria: antas e dolmens.</p> <p>Nivel de vida: Dominio do lume, útiles de caza.</p> <p>Comunicacións: Os movementos humanos realízanse andando ou da cabalo.</p>	<p>CHOUZAS</p> <p>Nova tipoloxía: Cabana, primeira construción.</p> <p>Mutación: Da caverna natural á chouza. A casa como refuxio.</p> <p>Solución técnica: Paramentos e cuberta vexetais.</p> <p>Novas dependencias: Un único espacio.</p> <p>Expulsión de dependencias:</p> <p>Novas instalacións:</p> <p>Entorno da casa: Ningunha actuación; a vivenda seguía a itinerancia da tribo</p> <p>Estética e composición: Planta circular</p>
<p>-753 CULTURA CASTREXA</p> <p>Hordas chegadas de Europa, instálanse no noroeste da península Ibérica. [Castro de Borneiro (ano -753)].</p> <p>Hábitat: Os incipientes intercambios con xentes chegadas por mar favorecen o establecemento de poboados permanentes.</p> <p>Outras arquitecturas no rural: Os poboados dótanse de construcións colectivas (alxibes, fortificacións, curros para o gando).</p> <p>Nivel de vida: Organización tribal.</p> <p>Comunicacións: Rudimentos da navegación.</p>	<p>VIVENDA PERMANENTE</p> <p>Nova tipoloxía: Vivenda castrexa.</p> <p>Mutación: Perda do carácter funxible da edificación.</p> <p>Solución técnica: Muros de sillería e cuberta cónica, de colmo.</p> <p>Novas dependencias:</p> <p>Expulsión de dependencias:</p> <p>Novas instalacións: Lar.</p> <p>Entorno da casa: Adaptación á topografía.</p> <p>Estética e composición: Planta circular</p>

<p>-19 INTEGRACIÓN NO IMPERIO ROMANO</p>	<p>VILLAE</p>
<p>Integración no Imperio Romano.</p> <p>Hábitat: Extensión da vide e da oliveira; agricultura organizada.</p> <p>Outras arquitecturas no rural: Templos, termas, faros, murallas, etc.</p> <p>Nivel de vida: Novo idioma; organización política, social e territorial como provincia do Imperio Romano.</p> <p>Comunicacións: Primeiras infraestruturas: calzadas, pontes, faros.</p>	<p>Nova tipoloxía: Villae.</p> <p>Mutación: Da cabana de planta circular cunha única dependencia, á casa de planta rectangular e varios habitáculos.</p> <p>Solución técnica: Muros de cantería/mampostería concertada; cuberta a dúas augas; tella.</p> <p>Novas dependencias:</p> <p>Expulsión de dependencias:</p> <p>Novas instalacións: Rudimentos da climatización; recollida de pluviais.</p> <p>Entorno da casa:</p> <p>Estética e composición: Planta rectangular.</p>
<p>1492 CONQUISTA DAS INDIAS</p>	<p>CASA - VIVENDA</p>
<p>O continuo tránsito de navegantes, militares, relixiosos e intelectuais entre Galicia e as terras de ultramar favorece a implantación de froitos ultramarinos: pataca, millo, tomate, chocolate, café, tabaco e especias que revolucionan a dieta e a horta.</p> <p>Hábitat: A fluencia diñeiraria favorece a construción de edificios relixiosos e burgueses suntuosos en cidades e vilas. A expansión da agricultura provoca a estabulación do gando en cortes pechadas dentro da casa-vivenda.</p> <p>Outras arquitecturas no rural: Igrexas e mosteiros.</p> <p>Nivel de vida: Os froitos indianos enriquecen a dieta.</p> <p>Comunicacións: Desenvolvemento da Carabela, embarcación capaz de longas singraduras.</p>	<p>Nova tipoloxía: Casa vivenda.</p> <p>Mutación: Da casa terrea á casa de dúas plantas. A casa como unidade de produción.</p> <p>Solución técnica: Muros carga en mampostería; estrutura horizontal en madeira</p> <p>Novas dependencias: As dedicadas a albergue dos animais e a almacenaxe dos produtos do agro</p> <p>Expulsión de dependencias:</p> <p>Novas instalacións: Lareira e cheminea.</p> <p>Entorno da casa: Horta e eira con construcións adxectivas para o pan (hórreo, forno, eira, muiño...).</p> <p>Estética e composición: Planta rectangular; ausencia de orde compositiva; cor natural dos materiais.</p>
<p>1898 FIN DO IMPERIO ESPAÑOL</p>	<p>CASA DO AMERICANO</p>
<p>A inestabilidade política, que se prolongará deica o remate da I Guerra Mundial, provoca o retorno masivo de indianos adifeirados.</p> <p>Hábitat: Introducción do eucalipto, as novas edificacións sitúanse fora das aldeas existentes, á beira das estradas.</p> <p>Outras arquitecturas no rural: Equipamentos -escolas, asilos, etc- promovidos por indianos ou por grupos de emigrados; vilas suntuosas.</p> <p>Nivel de vida: Nova vestimenta (traxe, calzado de rejilla...), novos costumes musicais (habaneiras, jazz...), ateísmo, chegada do castelán e dos primeiros automóviles.</p> <p>Comunicacións: Transatlánticos a vapor con casco de aceiro; enlaces ferroviarios co Estado e con Portugal; automóbil.</p>	<p>Nova tipoloxía: Casa do americano (ou Casa do Ché).</p> <p>Mutación: Ordenamento xeométrico dos alzados; aparición de novas dependencias; alonxamento dos animais.</p> <p>Solución técnica: Muros de carga; perfís de aceiro colado para formar grandes linteis.</p> <p>Novas dependencias: Baño; comedor segregado da cociña; cuartos individuais.</p> <p>Expulsión de dependencias: As cortes, cando existen, desprázanse a un edificio anexo.</p> <p>Novas instalacións: Auga encanada, pozo negro, luz eléctrica. Control e captación do fume.</p> <p>Entorno: Xardíns exóticos.</p> <p>Estética e composición: Orde, simetría, referencias cultistas, color.</p>

1959 FIN DA AUTARQUÍA (ESTABILIZACIÓN ECONÓMICA)	CASA CONTEMPORÁNEA ARCAICA
<p>O illamento internacional leva ó Estado á beira da quebra económica. O Plan de Estabilización Económica do ministro Ullastres abre o país ás importacións. Poténciase a emigración para captar divisas.</p> <p>Hábitat: Primeiras industrias de encrave, grandes encoros.</p> <p>Outras arquitecturas no rural: Agrupacións de vivendas de protección oficial.</p> <p>Nivel de vida: Supérase a crise derivada da Guerra Civil.</p> <p>Comunicacións: Iníciase a fabricación de automóviles no Estado. Plan REDIA, Red de Itinerarios Asfáticos.</p>	<p>Nova tipoloxía: Casa contemporánea, arcaica</p> <p>Mutación:</p> <p>Solución técnica: Muros de carga.</p> <p>Novas dependencias: Dormitorios organizados por sexos. Baño. Comedor cerimonial.</p> <p>Expulsión de dependencias:</p> <p>Novas instalacións: Auga encanada, cociña a gas e alumado eléctrico.</p> <p>Entorno: Horta para autoconsumo.</p> <p>Estética e composición: Volume rotundo, compacto. Ausencia de criterios compositivos.</p>
1973 CRISE ECONÓMICA MUNDIAL	CASA CONTEMPORÁNEA RUPTURISTA
<p>Retorno masivo dos emigrados de centroeuropa.</p> <p>Hábitat: Forte expansión das cidades e diseminación do poboamento no rural; mutación paisaxística: implantación de especies alóctonas e queima da biomasa autóctona.</p> <p>Outras arquitecturas no rural: Concentracións escolares; algúns equipamentos: prazas de abastos, consistorios. Remata a produción de arquitectura vernácula.</p> <p>Nivel de vida: Xeralización do acceso á vivenda; a TV é visionada en Teleclubs; o ocio acada o mundo rural. Electrificación universal. Ensino obrigatorio deica os 14 anos.</p> <p>Comunicacións: Plan de Accesos a Galicia: vías de calidade para conectar Galicia co Estado; xeralización do transporte aéreo e do automóbil privado. Automatización da telefonía. Universalización do acceso rodado ás aldeas.</p>	<p>Nova tipoloxía: Casa do Suízo.</p> <p>Mutación: aparición de novas dependencias e dun novo sistema constructivo; novos materiais de construción.</p> <p>Solución técnica: Estructura vertical a base de pórticos de formigón armado; estrutura horizontal pretensada. Cuberta de fibrocemento. Revestimentos cerámicos. Carpinterías de aluminio.</p> <p>Novas dependencias: Salón para celebracións rituais; dúas cociñas; garaxe; fallado e dependencia polivalente na planta terrea.</p> <p>Expulsión de dependencias: Desaparecen definitivamente as construcións para os animais.</p> <p>Novas instalacións: Auga quente; electrificación xeral; electrodomésticos para conservación dos alimentos</p> <p>Entorno: Xardín e pequena horta para autoconsumo.</p> <p>Estética e composición: Asimetría, escisión dos faldrons da cuberta, ausencia de referencias, múltiples cores e texturas.</p>
1985 UNIÓN EUROPEA	CASA CONTEMPORÁNEA INVOLUCIONISTA
<p>Detense a emigración a Europa: Os galegos en América xa son minoría, envellecida, afastada da Galicia real.</p> <p>Hábitat: A crise demográfica despoboa o interior; ocupación difusa nos eixes territoriais vitais; Coruña e Vigo expáñdense xerando áreas metropolitanas.</p> <p>Outras arquitecturas no rural: Cuantiosas axudas da CE posibilitan equipamentos e infraestruturas. Outras construcións: industrias, vivendas colectivas, edificios para a hostalería. Ruína ou transformación da arquitectura popular histórica.</p> <p>Nivel de vida: Xeralización do acceso á cultura e á sanidade; ampla difusión da prensa. Ensino obrigatorio deica os 16 anos.</p> <p>Comunicacións: Xeralización do automóbil; accesibilidade rodada a todo o territorio. Vías de alta capacidade organizan o país. Inicios da telefonía móbil e de internet.</p>	<p>Nova tipoloxía: Chalé: xeralización da "Casa do Suízo" entre os non emigrados.</p> <p>Mutación: Incremento de volume, aparición do soto e da bufarda. A casa como ben de cambio.</p> <p>Solución técnica: O adestramento e os medios auxiliares do construtor rural fan posible estruturas complexas.</p> <p>Novas instalacións: Televisión, telefonía e calefacción.</p> <p>Entorno: Xardín frontal con obxectos ornamentais de aspecto vernáculo e árbores froiteiros na traseira da casa.</p> <p>Estética e composición: Organicismo violento; asimetría; completa fragmentación dos faldrons da cuberta, busca de referencias no vernáculo, poucas cores e texturas.</p>

A NOVA VIVENDA NO MUNDO RURAL CONTEMPORÁNEO

Con certeza podemos ver na casa rural contemporánea a expresión dun asunto máis fondo. Así pois na vivenda se expresa a sociedade da Galicia rural do fin do milenio. Unha nova sociedade, nacida sobre os alicerces do vello mundo rural e na que se teñen producido numerosas novidades se ben ningunha tan trascendente como a descrita por Lipovetsky, para quen a grande innovación do mundo rural occidental, producida a partir de 1950 é o seu ingreso na era do consumo e da comunicación. Isto é, acabamos de asistir á transformación da sociedade agraria nunha cultura de masas, na que os hábitos e as prácticas culturais da maioría da poboación así como as formas de consumo e de produción tórnanse homoxéneas, masivas e universais.

O modelo residencial tradicional no que a casa, xunto coa terra, os animais e a ferramenta, conformaba unha empresa agroindustrial que satisfacía as necesidades alimentares dun grupo familiar extenso quedará obsoleto neste período. No seu lugar xorde unha nova vivenda que desaparecida a vinculación dos seus moradores coas capacidades productivas do medio será destinada en exclusiva á función residencial.

ORIXE E TIPOLOXÍAS DA CASA RURAL CONTEMPORÁNEA

Tendo por un dos seus obxectivos a presente tese explicar a vivenda unifamiliar levantada durante o derradeiro tercio do século XX no medio rural de Galicia a primeira cuestión que acometemos é identificar a orixe das súas renovadas formas, caracterizadas a primeira vista polo seu distanciamento respecto da casa tradicional.

A primeira impresión que ofrecen os referidos edificios é a de responder a condicionantes alleos ós consuetudinarios de Galicia. A este respecto o feito de que unha boa parte dos seus promotores teña protagonizado algún tipo de experiencia migratoria parece en principio dar forza a esta crenza. Mais durante o desenvolvemento desta tese vímonos obrigados a reconsiderar as nosas ideas xa na primeira aproximación por canto nin as novidosas arquitecturas domésticas levantadas no rural galaico tiñan algo que ver con arquitecturas foráneas nin tódolos seus promotores estiveran emigrados como apuntaban as nosas hipóteses de partida. Afondando nisto incluso descubriríamos que a pretendida casa do emigrante non existe como tipoloxía recoñecible.

Tres son -segundo o noso criterio- as tipoloxías de casa que se levantan na Galicia rural no derradeiro tercio do século XX: a casa arcaica, a rupturista e a involucionista. O feito de que en a penas catro décadas se teñan sucedido tres tipoloxías indica ben ás claras como de acelerados e fondos foron os acontecementos socioeconómicos que sacudiron ó país neste lapso.

A concreción das tipoloxías da vivenda contemporánea resposta á progresiva sofisticación do programa residencial, traducido na perda de dependencias de uso non vivideiro e no contínuo incremento superficial e volumétrico, consecuencia do crecente poder adquisitivo do home do rural, boa parte del atribuíble -sen dúbida- ós seus esforzos na diáspora.

A organización tipolóxica da casa rural da Galicia contemporánea estruturámola en períodos temporais correspondendo a cada un deles unha das tipoloxías antes enumeradas. Deste xeito a primeira destas tipoloxías corresponde a un primeiro período que arrancando en 1959 -posta en marcha do Plan Ullastres de Estabilización Económica- damos por finalizado en 1973, cando da crise económica mundial. Ábrese a continuación un segundo ciclo -da casa rupturista- que conclúe en 1985, data de adhesión do Estado Español á Comunidade Económica Europea, momento no que principia a terceira etapa -involucionista- que, no intre de redactar este texto (maio de 2001) non podemos dar aínda por concluída.

AS TRES TIPOLOXÍAS DA CASA RURAL CONTEMPORÁNEA

A casa arcaica [1959 - 1973]

Esta vivenda, como se deduce pola denominación que lle damos ó período, preséntase fortemente influenciada pola casa vernácula nos seus aspectos funcional e formal. Trátase dun edificio de volumetría simple e rotunda, de dúas plantas, con aproveitamento no baixocuberta. En xeral é parca en concesións decorativas.

Nestes edificios teñen grande presenza as dependencias vinculadas ó mundo agrario que, en moitos casos aínda permanecen dentro dos seus límites físicos. As habitacións vivideiras sitúanse na planta primeira sendo excepción a cociña que se mantén, xunto cos espazos non vivideiros, na planta terrea. Por outra parte o baixocuberta, que aínda se denomina fallo ou fallado conserva o seu uso non vivideiro -almacén das froitas e colleitas- dacordo cun esquema funcional claramente arcaico.

A casa rupturista [1973 - 1985]

No período rupturista a vivenda sofre unha auténtica convulsión formal e funcional, derivada da súa ansia por distanciarse con decisión das arquitecturas vernáculas.

Tódolos recursos formais e ornamentais parecen encamiñarse agora a este fin. O máis significativo destes recursos é a separación do edificio respecto do terreo. Deste modo o edificio, case sempre alzado sobre pilares illados, levita sobre a terra, transmitindo o desapego casa verbo do mundo agrícola. Este efecto vaise acompañar polo extrañamento dos animais en construcións adxectivas destinadas en exclusiva a este fin.

Estes cambios, liberando a planta terrea, posibilitarán a introducción de novos usos, non sendo infrecuente que aquí se asente algún tipo de industria ou establecemento comercial, sempre de escala familiar.

Por outra parte as dependencias vivideiras apértanse na planta alta do edificio á que se accede por unha escaleira exterior. Aquí aparece o salón de uso cerimonial e, en ocasións un cuarto destinado a comedor ritual. Entre tanto a vida diurna segue facéndose na cociña posto que malia a chegada do combustible gasoso aínda se conserva a vella cociña calefactora, único foco quente da casa.

Formalmente a casa do período rupturista pode acadar grande complexidade, efecto que moitas veces é subliñado mediante o uso da cor. Neste empeño destaca a cuberta, que se multiplica en numerosos faldróns, o que impide o aproveitamento do espazo situado baixo a mesma.

A casa involucionista [1985 -]

As edificacións deste período son o resultado da fonda revisión dos recursos lingüísticos empregados nas arquitecturas domésticas que as antecederon. O constructor da vivenda popular pretende agora un acercamento á estética da vivenda vernácula evidenciando unha actitude de rexeitamento das rechamantes propostas do período precedente. Isto plasmarase na contención formal e na utilización de materiais de construción que imitan ós vernáculos.

Por outra parte asistiremos agora á expansión volumétrica dos edificios, o que pode ser entendido como consecuencia da crecida capacidade económica duns individuos que levan xa moito tempo emigrados. O crecemento da casa diríxese cara dous ámbitos novos: o soto e o baixo cuberta.

A ampliación superficial da casa repercutirá no programa da vivenda que se torna complexo. Deste xeito na área vivideira da casa multiplícanse os recintos estanciais, que agora se especializan en atender ós distintos momentos da vida doméstica: o día e a noite, a festa e o cotián. A cociña -que perdeu xa o dispositivo calefactor- resístese aínda en moitos casos a perder a súa función estancial que se vincula cada vez máis á utilización dun novo accesorio doméstico: a televisión.

O PROXECTO DA CASA CONTEMPORÁNEA

A análise dos circuitos de influencia na fase de concepción da casa permitiunos identificar os soportes de difusión dos novos modelos residenciais e os axentes que interveñen na redacción do proxecto.

A identificación das fontes de inspiración do proxectista resulta ben difícil en tanto non existe unha orixe clara. Isto é, o proxectista recibe e mistura mensaxes de moi diversas procedencias, xa na veciñanza do lugar onde vai construír o seu edificio, xa a través da televisión ou incluso nos lugares onde reside durante a migración onde está a súa vez sometido -incluso de forma pasiva- á acción das imaxes directas que emite aquel medio e ás indirectas chegados a través das xentes das máis variadas procedencias -turcos, portugueses, xugoslavos...- que os acompañan na diáspora.

Nesta orde de cousas temos comprobado que a crenza popular que lle atribúe ós emigrantes a reprodución na súa terra de modelos arquitectónicos importados resulta incerta, sendo contadas as edificacións que responden a este modo de facer.

O único certo en todo isto é que a arquitectura da casa rural contemporánea representa a fractura co universo persoal anterior á emigración, concretando un proxecto vital individual. Así pois non tendo sido tomada nin a forma nin a organización da casa doutras comunidades nin tampouco de modelos existentes en Galicia, estamos en condicións de afirmar que esta arquitectura nace, nos máis dos casos, exclusivamente da invención dos seus promotores que toman, aquí e alá, os elementos que lle interesan.

Dous mundos en contacto

Noutra orde de cousas debemos salientar que todo na casa rural contemporánea responde a unha lóxica cultural codificada. Trátase dun sistema cultural novo, complexo aínda que desestructurado, inzado de contradicións o que sen dúbida é consecuencia da súa inmadurez. Non debemos esquecer que o mundo rural tradicional, moldeado durante séculos esfarelou en a penas dúas xeracións, o que é un prazo moi breve para o establecemento dun novo sistema cultural.

Neste contexto a arquitectura da vivenda rural actual débete entre as respostas a dous modelos diferentes: o arcaico, en claro declive e o contemporáneo, como dicímaos, desestructurado.

Os efectos do que enunciámos son produtos arquitectónicos inestables, inzados de contradicións, como as que se len na coexistencia nun mesmo edificio de elementos procedentes de ambos sistemas culturais. Isto é, a ausencia do arquitecto no proceso de deseño, o recurso á autoconstrucción e a utilización dos materiais e da tecnoloxía dos que se dispón no contorno inmediato da obra.

Incluso na organización funcional da casa en sí mesma os signos arcaizantes son tamén claros. Velaí á disposición dun salón cerimonial onde practicar a comensalidade ritual, a persistencia de usos estanciais en torno ó lume da cociña e as dualidades que se rexistran en todo o relacionado coa conservación dos alimentos, no coidado da roupa, na multiplicación dos accesos á vivenda e mesmo na coexistencia de combustibles naturais e industriais na cociña.

O PROXECTISTA DA CASA CONTEMPORÁNEA

O proxecto e o proxectista

O deseño da casa rural DA Galicia finisecular aparécesenos como unha operación na que aparte do promotor involúcranse outros axentes de xeito que estas arquitecturas son o resultado da complexa superposición dos gustos, desexos e modos de facer dun amplo grupo de actores do que forman parte o proxectista e o promotor pero tamén elementos como o constructor e o subministrador de materiais de construcción -os que pretenderán conducir o deseño do edificio ó ámbito do seu dominio- e tamén os familiares do promotor, encargados de continuar a execución da casa na ausencia deste e mesmo os veciños, que convivirán co novo edificio.

Dos axentes citados, dous son os que acaparan, na maioría dos casos, a responsabilidade da conformación da casa: o proxectista e o emigrante mesmo.

Dacordo co resultado da nosa investigación descubrimos que case sempre é o emigrante quen intervén de principio, acometendo en solitario a definición do programa da súa vivenda e incluso o "deseño" da mesma en tanto que o proxectista -xeralmente un profesional da arquitectura técnica- soe centrarse na resolución daqueles aspectos burocráticos e tecnolóxicos imprescindibles para levantar o edificio.

O proxectista, unha novidade na vivenda rural

Os procesos de concepción e construción da casa tradicionalmente foron operacións que ocupaban ó promotor da vivenda, quen se auxiliaba nesta misión polos seus parentes e veciños. Este modo de operar extínguese no derradeiro tercio do século XX pasando ambas actividades a ser acometidas agora por individuos especificamente dedicados a esta fin. A forte inercia que presentan os costumes tradicionais explicaría a resistencia que ofrece o promotor da vivenda diante da actuación do proxectista e do constructor da súa casa. Isto explicaría a extendida actitude pola que o promotor se reserva para si as derradeiras decisións e mesmo o remate final da edificación.

A misión do deseño da casa actual ten recaído sobre distintos actores. Nos primeiros tempos, alá pola década dos sesenta, esta responsabilidade correspondía ó constructor da casa. Posteriormente este labor foi conquistado por axentes con preparación técnica específica -aparelladores e arquitectos- se ben os primeiros son os que acaparan a maior parte dos encargos profesionais no medio rural.

A EXECUCIÓN

Novos materiais, novas formas

As transformacións que no derradeiro tercio do século XX interesarán ó mundo rural galego tamén incidirán nos procedementos tradicionais de construción de vivendas de forma que ningunha das tres compoñentes desta industria -man de obra, materiais e tecnoloxía- quedarán indemnes diante deste proceso.

Como queira que esta renovación é recente -de feito pode estimarse que está aínda activa- é frecuente a convivencia de prácticas tradicionais con outras nidiamente contemporáneas.

A utilización de materiais novos, repentinamente chegados ó mundo rural, desencadeará tensións e incertezas non sempre ben resoltas. Falamos de dúas cuestións transcendentales: por unha banda os efectos espaciais e por outra os meramente tecnolóxicos, derivados en ambos casos da inestable lóxica que a carencia de memoria na comunidade lle vai dar ós materiais novidosos.

No referente ós efectos formais dos materiais recén implantados sabemos -xa que esta é unha lei arquitectónica universal- que renovan as formas e tamén que, utilizados inconvenientemente, desencadean solucións caricaturescas.

Dende o punto de vista tecnolóxico advertimos que os acelerados cambios na industria da construción collerán ós seus actores sen o adestramento axeitado, utilizando produtos e máquinas que precisarían dunha aprendizaxe e adestramento previo.

A confluencia dos motivos arriba expostos derivará na produción de linguaxes primarias e simples, expresión do aforro de esforzo e da busca de solucións económicas e elementais.

A autoconstrución

A práctica da autoconstrución, nacida da máis fonda tradición rural, continúa con matices viva na Galicia actual xa que a casa segue construíndose coa axuda da familia, dos veciños e dos amigos, contándose coa concorrencia dun contratista para a asistencia nos labores máis sofisticados -cimentación, estrutura e cuberta- e con algúns especialistas -fontaneiro, electricista, calefactor, escaiolista e carpinteiro- para as misións máis sofisticadas.

O recurso á autoconstrución sostense por outra parte na lóxica da singular estrutura económica do promotor transterrado. Isto é, aqueles individuos en situación vital incerta eludirán o risco na execución da vivenda. Para eso recurrirán a súa fragmentación nas unidades que realmente poden financiar e fiscalizar na súa totalidade, sen contar coa axuda de terceiros.

Neste contexto a participación activa do promotor na execución da obra antóllasenos un recurso axeitado que o emigrado pode compaxinar coas estadias durante os períodos vacacionais na súa terra.

Prazo de execución

A construción da vivenda rural contemporánea é ás máis das veces un proceso que se dilata extraordinariamente no tempo.

Apúntase como razón primeira desta ralentización -por veces verdadeira descontinuidade- os efectos dos sistemas empregados para a execución e o financiamento da obra antes descritos, que se basearán na presenza activa do promotor, quen por estar desprazado, só poderá aplicar os seus esforzos nos curtos períodos non laborais.

Un efecto secundario da demorada execución da vivenda é que habitualmente se procede á ocupación da vivenda antes do seu remate final.

VALORES SIMBÓLICOS NA CASA CONTEMPORÁNEA

A necesidade de ornamento

A utilización de recursos ornamentais estaba certamente mitigada na arquitectura doméstica da igualitaria sociedade tradicional limitándose en termos xerais á coidada e harmónica disposición dos diferentes componentes da edificación. Será o retorno masivo de emigrados un factor de desestabilización que, introducindo a desigualdade económica na comunidade aldeá derivará en tensións que farán sentir a necesidade da decoración.

Por outra parte esta situación impulsará a renovación do concepto de ornamento en si mesmo. Isto é, se na vivenda vernácula o decorado tiña por obxectivo expresar o bo gusto de quen habitaba a casa, na vivenda contemporánea o ornamento buscará distinguir a cada usuario do seu veciño, o que as máis das veces levará -a medio da incorporación de obxectos suntuosos- a manifestar xa non as preferencias estéticas do seu propietario senón o nivel económico necesario para acceder á propiedade dos referidos obxectos. Neste contexto ter residido no estranxeiro brindaralle ó emigrante a oportunidade de inserir na súa nova vivenda obxectos alleos ó mundo rural, o que acrecentará o valor simbólico da morada.

Comprobamos así mesmo que a decoración da nova casa rural descansa sobre un soporte teórico moi elemental fundado nas mensaxes directas que proporciona a adición de certo tipo de elementos en tanto que a carga simbólica da casa maniféstase a través de mensaxes moito máis sutís pero igualmente potentes.

ESTRATEGIAS DO SIMBOLISMO: A DIMENSIÓN E A LOCALIZACIÓN DA CASA

Característica habitual na maioría das casas contemporáneas do medio rural é a súa grandeza e non se trata dunha cuestión meramente dimensional, o que podería xustificarse en base a consideracións erradas no dimensionado dos espazos. A inconmensurabilidade da nova casa rural vén dada tamén pola durabilidade dos materiais cos que está construída.

O xeito de implantación do edificio no seu medio resulta en moitos casos certamente alegórico. Nesta orde de cousas fixamos a nosa atención en como se relaciona a nova edificación coas súas veciñas e coas formas físicas do territorio. A frecuencia coa que as máis novas casas do rural galaico son localizadas lonxe dos núcleos de poboación prexistentes estános indicando que o aldeán -primeiro emigrado e logo retornado- desconfía da súa reintegración na comunidade nai malia necesitar da súa proximidade para resolver a súa dislocada identidade.

Por outra banda a predisposición do promotor emigrado a localizar a súa nova morada nun lugar preeminente como consecuencia xa da elección dun emprazamento sobresaínte por natureza ou da elevación artificiosa do terreo fainos pensar na existencia dalgún mito en torno a este feito. Buscando un paralelismo coa forma de implantarse a casa indiana -que pretendía a posición dominante na aldea- colíxese o interese do constructor da vivenda rural contemporánea por repetir aquelas pautas, o que por outro lado satisfai as súas arelas exhibicionistas.

Nesta orde de cousas comprobamos que cando o emigrante non ten a posibilidade de edificar sobre unha lomba, levantará unha rampla artificial que a suxira ou cando menos, elevará a súa casa sobre un poderoso zócolo.

USOS E FUNCIÓNS NA CASA RURAL CONTEMPORÁNEA

A mudanza do perfil sociolaboral do individuo é unha das máis coñecidas e estudadas secuelas das migracións sobre a personalidade das xentes. Ós efectos da conformación da casa vivenda, esta circunstancia antóllasenos elemento determinante.

As estatísticas oficiais dan conta desta realidade: a maioría dos galegos emigrados abandonan a súa actividade profesional de orixe -a agraria- instalándose noutros sectores productivos, principalmente no terciario (comercio, hostalería) ou no industrial (construcción, mecánica do automóbil e da maquinaria agrícola).

A vivenda rural tradicional ademais de soporte residencial, érao da empresa familiar agraria e todo nela parecía estar disposto para esta fin. O programa da casa rural contemporánea acusará, como veremos, o abandono da actividade agraria tras da experiencia migratoria daquel.

A transformación do esquema funcional da casa labrega tradicional

A transformación da casa rural corre paralela coa perda de efectivos no sector agrario. Entendemos que as mutacións habidas no esquema funcional da casa son consecuencia da terciarización que a sociedade rural rexistra nos tres ou catro decenios finais do século XX. A este respecto a intervención dos emigrantes retornados na concepción e deseño da vivenda aparece como porta para a entrada de forzas que distorsionarán os seus esquemas funcionais tradicionais.

A variación experimentada polas pautas de utilización do espazo baixocuberta ilustra claramente o proceso de perda das compoñentes agropecuarias do edificio. Este sector destinábase na casa tradicional a almacenar os froitos da colleita, cometido que segue a manterse na primeira das casas contemporáneas, aquela que demos en chamar arcaica. Este invariante distorsiónase bruscamente cando na década dos setenta se desenvolve a casa rupturista, un edificio no que a cuberta por quebrarse, inutiliza o espazo situado no seu interior.

As transformacións proseguen na derradeira das vivendas contemporáneas, isto é, na involucionista, onde reaparece novamente o espazo baixo cuberta aínda que agora destinado a morada humana.

A RENOVADA FUNCIONALIDADE DA CASA RURAL CONTEMPORÁNEA

A casa contemporánea de tipoloxía arcaica

A perda dos atributos propios do mundo rural na casa vivenda iniciárase a principios da década dos sesenta. Neste momento comezan a chegar á Galicia rural os primeiros retornados do ciclo migratorio contemporáneo. Son individuos que escollerán a aldea natal como lugar de residencia trala reversión da aventura migratoria xa que as cidades, carentes aínda do pulo industrial e comercial que se concretará trala creación dos *Polos de Desarrollo* non atraerán aínda emigración de retorno.

A casa contemporánea nace neste momento e faino cun aceno tímido: a interposición na planta terrea da vella vivenda vernácula dun espazo que a modo de esclusa separará a cociña das cortes. Deste local vai arrancar a escaleira, xeralmente illada no seu propio recinto.

